CENTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS
DE DOUTORAMENTO E AVANZADOS
DA USC (CIEDUS)

TESE DE DOUTORAMENTO

CREACIÓN E TRANSFORMACIÓNS DA CIDADE LITORAL: MOAÑA, 1950-1987. POLÍTICA, URBANISMO, VIVENDA E SOCIEDADE

Manuel Pérez Rúa

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2018

A Concepción Rúa Veiga (1932-2018)

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

[CREACIÓN E TRANSFORMACIÓNS DA CIDADE LITORAL: MOAÑA, 1950-1987. Política, urbanismo, vivenda e sociedade]

D. Manuel Pérez Rúa

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Moaña, ... de maio de 2018

Asdo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

[CREACIÓN E TRANSFORMACIÓNS DA CIDADE LITORAL: MOAÑA, 1950-1987. Política, urbanismo, vivenda e sociedade]

D. Ramón Villares Paz

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. Manuel Pérez Rúa baixo a miña dirección,e autorizo a súa presentación,considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En Santiago de Compostela, ... de maio de 2018

Asdo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

INTRODUCIÓN

A INVESTIGACIÓN: HIPÓTESE, OBXECTIVOS, ESTADO DA CUESTIÓN, FONTES E TRABALLO DE CAMPO

Hipóteses de partida

Transformación do vello complexo económico mariño e mariñeiro

Obxectivos

Estado da cuestión, fontes, metodoloxía e traballo de campo

TERRITORIO E HÁBITAT

Marco espacial

As parroquias e o concello: mapa político, preexistencias e comunicacións

Evolución demográfica

Núcleos de poboación

PARTE I: CAMBIO ECONÓMICO, LABORAL, RESIDENCIAL E SOCIAL, 1950-1979.

1. Do traballo social ao internacional

1.1 Economía, empresa e emprego

1.1.1 Proceso de desmariñeirización: billete para transatlántica, mercantes e conxeladores

1.1.2 Emprego masculino e feminino en terra: Ascon e Conservas La Guía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.1.3 Mapa empresarial local

1.1.4 Remudas e transformacións profesionais

2. A creación da cidade litoral

2.1 Escenario central: economía, residencia, núcleos e actores

2.2 Transformacións urbanísticas e de servizos a partir de 1950

2.3 A Xunqueira ou Areeiro

2.3.1 Concentración Escolar, 1: Colexio público Amador Montenegro Saavedra

2.3.2 Concentración Escolar, 2: Colexio público Seara.

2.3.3 Campo de fútbol

2.4 O Real: de paisaxe fidalga a "ensanche" urbano

2.5 Beiravías, sumidoiros, urbanización do "ramal ao peirao"

2.6 Beiravías e sumidoiros na estrada Cangas-Vilaboa

2.7 Traída municipal de augas

2.8 Alumeado público

2.9 Limpeza e recollida do lixo: política do "fermoseamento"

2.10 Correos e telégrafos

2.11 A Canexa, recheos litorais, primeiro xardín público, novo templo e parque infantil

2.11.1 Recheo do peirao

2.11.2 Recheo da Praza de Abastos, primeiro xardín municipal

2.11.3 Novo andar na Praza de Abastos

2.11.4 Novo templo

2.11.5 Parque infantil de Seara

3. Infraestruturas e desnuclearización rural

3.1 Estrada Cruz da Maceira-Meira

3.2 Electrificación das zonas altas da parroquia de Moaña, construción da estrada Seara-Verducedo

3.3 Estrada San Benito-Liñares

4. Política no franquismo

5. Planeamento urbanístico en ditadura

5.1 Plano de Poboación

5.2. Plan de Ordenación do Litoral das Rías Baixas

5.3 Plan de Ordenación Municipal, Plan de urbanización

5.4 Plan Xeral de Ordenación Urbana, plans parciais do Con e da Xunqueira

5.5 Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento

6. Soños urbanísticos sobre papel

6.1 Peirao e dique do Con

6.2 Peirao de refuxio

6.3 Edificación de vivendas para funcionarios na Casa Consistorial

6.4 A "Cidade lineal" ou "Ensanche": utopía sobre o mar

6.5 Pista Polideportiva, Plan Especial da Praia da Xunqueira

6.6 Nova travesía da Martinga, camiños de A Miranda e A Xeira

6.7 Club de Remo

7. Infraccións urbanísticas

7.1 Análise e tipoloxía das infraccións urbanísticas

8. Retratos da transformación social

8.1 Augas

8.2 Forestal

8.3 Incendios

8.4 Litoral e mar

8.5 O ciclo da auga doméstica

8.6 Refugallos sólidos

8.7 Cemiterios

8.8 Administración Pública

9. Consumo, comercio e centro urbano

10. Desenvolvemento residencial

10.1 Vivenda nova

10.1.1 Interiores e exteriores

10.2 Superficie de parcelas construídas: a pegada territorial

10.3 Reforma de edificación existente

10.4 Reformas "estilo país" da edificación existente

10.5 "Casa grande": fogares minguantes en amplas residencias

10.6 "Casas con capelas": relato do incremento de alturas "unifamiliar"

10.7 Construcións adxectivas: transicións, remuda e reconversión

10.8 Román Conde, Montenegro López: dúas décadas de arquitectura moañesa

PARTE II: CAMBIO POLÍTICO, 1979-1987

11. A semente do cambio: Entrismo e activismo

12. O nacionalismo no poder local

13. A loita simbólica

14.Participación social e asociacionismo

15. Xestión do persoal, finanzas e orzamento

16. Conquista e urbanización do mar

16.1 Autoestrada do Atlántico e recheos litorais

16.2 Ordenación do novo centro litoral, novos recheos

16.2.1 Centro de Saúde: Casa do Mar

16.2.2 Novo recheo en Domaio: Almacén-Laxe Bagaña

17. Planeamento urbanístico democrático

17.1 A "esquerda urbanística"

17.2 Normas Subsidiarias de Planeamento

17.2.1 Plan Parcial do Rosal

17.2.2 Plan Parcial do Fuxón

17.2.3 Plan Parcial do Monte do Con

17.2.4 Plan Parcial do Chan

18. Infraestruturas e servizos

18.1 O Real: vestir de servizos urbanos a urbanización

18.2 Novas dotacións: ensino e cultura

18.3 Recursos hídricos: a dificultade do cambio social

18.3.1 Cubrición do río do Inferno

18.3.2 Subministro de auga á poboación

18.3.3 Aproveitamento veciñal da auga do río da Fraga

18.4 Zonas non urbanas: campamentos minifundistas do automóbil-viario-residencial

PARTE III: SOCIOLOXÍA DOS PROTAGONISTAS

19. Relato de fogar

19.1 Esforzo edificatorio: xeracións cada vez máis novas

19.2 Estilo de vida: currículo e mobilidade laboral

19.3 Libro de familia e femocracia: matrimonio, ausencias e residencias

19.3.1 Esposa de mariñeiro, directora de obra

19.3.2 Urbanismo feminino

19.3.3 A empresa familiar: economía e salarios

19.3.4 A descendencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

BIBLIOGRAFÍA

ANEXO

SIGLAS EMPREGADAS

AA: Autoestrada do Atlántico.

AEI: Agrupación Electoral de Independentes.

ALEC: Agrupación Local de Empresarios da Construción de Moaña.

ALPCHM: Agrupación Local do Pequeno Comercio e Hostalería de Moaña.

AMCM: Arquivo Municipal do Concello de Moaña.

AMOM: Arquivo da Memoria Oral. Departamento de Cultura do Concello de Moaña.

AN-PG: Asemblea Nacional Popular Galega.

AP: Alianza Popular

API: Agrupación Popular Independente

A.VV.: Asociación de veciños.

BCL: Banco de Crédito Local / Banco de Crédito Local de España.

BOP: Boletín Oficial de la Provincia, Deputación de Pontevedra.

BN-PG, despois BNG: Bloque Nacional-Popular Galego, Bloque Nacionalista Galego.

CCCMP: Caixa Central do Crédito Marítimo e Pesqueiro, Instituto Social da Mariña.

CC. LL.: Comisións Labregas.

CdM: Casa do Mar, dotación sanitaria do Instituto Social da Mariña.

CIG: Converxebcua de Independentes de Galicia (partido político)

CIG: Confederación Intersindical Galega (sindicato)

CMP, CG: Libro de actas da Comisión Municipal Permanente –posteriormente Comisión de Goberno- do Concello de Moaña, 1950-1987.

CMU: Comisión Municipal de Urbanismo.

CP: Libro de actas do Cabido da Confraría de Pescadores de Moaña, 1948-1964.

CPAX: Libro de actas de Asembleas Xerais da Confraría de Pescadores de Moaña, 1948-1964.

CPU: Comisión Provincial de Urbanismo y Arquitectura, posteriormente Comisión Provincial de Urbanismo.

CTE: Compañía Transatlántica Española S.A.

EG: Esquerda Galega

EGB: Enseñanza General Básica.

ISM: Instituto Social de la Marina.

JAM: Junta de Ayuda a Municipios.

JOP/JOPRV: Junta de Obras del Puerto y Ría de Vigo.

LGE: Ley General de Educación.

MEC: Ministerio de Educación y Ciencia.

MOP: Ministerio de Obras Públicas.

MOPU: Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo.

NCSP: Normas Complementarias y Subsidiarias del Planeamiento.

NSP: Normas Subsidiarias de Planeamento.

OSH: Obra Sindical del Hogar.

OSM: Obra Social del Movimiento.

PGOU: Plan General de Ordenación Urbana.

PM: Libro de actas de Plenos municipais do Concello de Moaña, 1950-1987.

POLRB: Plan de Ordenación del Litoral de las Rías Bajas.

PSG-PSOE: Partido Socialista Galego-PSOE.

POG: Partido Obreiro Galego.

PP: Plan Parcial.

PERI: Plan Especial de Reforma Interior.

UCD: Unión de Centro Democrático.

UG: Unidade Galega.

XF: Xefatura de Portos

XX. MM.: Xuntas de Montes de Man Común.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

Derivado, entre outros factores, da dinámica socioeconómica propiciada polo Plan Nacional de Estabilización de 1959 de España, en Galicia van tomar un novo rumbo fenómenos importantes como a desagrarización, a industrialización de modelo proteccionista e fordista, a variación da tendencia migratoria (declive da vía americana e comezo da española/europea) ás que se unirá a explotación de novos caladoiros pesqueiros en Sudáfrica ou o proceso de urbanización que inviste a tendencia histórica maioritaria de residencia en hábitat rural pola hexemonía demográfica que representarán as cidades de Galicia.

O tardofranquismo é, pois, un tempo de singular aceleración en canto á cantidade e calidade dos cambios políticos, sociais, económicos e culturais. Dentro destas grandes metamorfoses, as mudanzas relativas a ordenación territorial e urbanismo deixaron tamén pegada física no territorio, tanto na edificación inmobiliaria ou de infraestruturas como no aspecto sociocultural.

Estes fenómenos teñen acentos propios en Galicia en canto a ordenación do territorio, urbanismo e cambio social, porque:

a) Configuran a man de obra para o gran transvase social dende aldeas e parroquias ás vilas cabeceiras comarcais e sobre todo ás cidades, proceso que se incrementa cos retornos migratorios -de América, pero sobre todo de Europa- posto que os emigrantes non volven ao seu lugar de partida senón aos novos ensanches urbanos –Vigo, Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo- ou a novas zonas residenciais rente as novas vías de comunicación rodada urbanizadas apresuradamente.

b) Son determinantes para a desarticulación e/ou desordenación territorial: unha economía de agricultura orgánica vai sendo substituída por relacións económicas, comerciais e sociais de mercado, cun proceso de salarización crecente, baleirado social intenso do territorio interior das provincias de Ourense e Lugo, acumulación demográfica na liña de costa entre Vigo e Ferrol, e despois no eixe de comunicacións da Autoestrada do Atlántico (AP-9) entre Vigo-Pontevedra-Santiago-A Coruña-Ferrol, vertebrador da maior parte da riqueza, o dinamismo socioeconómico e a poboación de Galicia a

partir dos anos 70 do pasado século.

c) Son claves para entender a destrución -por novos usos residenciais, dotacionais, fabrís, abandono de usos agrícolas e/ou pesqueiro/marisqueiro tradicionais- do medio ambiente natural, é dicir, do territorio non edificado: recheos litorais de praias para ensanches, paseos e urbanizacións, desaparición de grandes humedais (A Xunqueira, Pontevedra), peninsularización ou urbanización de illas (Toralla, Vigo), contaminación de regatos, ríos, rías, acondicionamento de solos para zonas loxísticas e empresariais, etc.

d) Axudan a explicar fenómenos como o crecemento desordenado dos centros urbanos, os barrios marxinais/informais, a infravivenda etc., pero tamén o incremento dos hábitats residenciais de tipoloxía unifamiliar[1], rurais, periurbanos ou urbanos, de nova construción ou rehabilitados.

Estes factores e/ou procesos de urbanización de Galicia no último terzo do século vinte moitas veces foron explicados con conceptos , ecos e antigas teorías ou doutrinas como a tradicionalista, católica, anarquista, marxista, modernizadora ou nacionalista, pola vía da condensación: simplificar o acontecido como un pretendido urbanismo onde a "man invisible" do mercado ou da Administración deixase como resultado aldeas, vilas e cidades con áreas residenciais de barrios ricos e pobres, a bondade do hábitar "tradicional" en residencia unifamiliar rural vs. o malditismo alleeiro da edificación urbana colectiva en altura, etc.

Este relato cultural, político e mediático segue unha liña nostálxica á penas reformulada na axenda política durante a Transición democrática española e con ecos que chegan aínda aos últimos anos da segunda década do séclo vinte e un.

A gran difusión deste imaxinario prendeu en parte da academia, intelectualidade, líderes de opinión, axencias e autores que axudaron a estereotipar -por toda explicación á complexidade do proceso urbanístico, económico e social que se deu en España e Galicia a partir da metade do século vinte- a omnipresencia conspirativa de axentes políticos, grandes empresas da construción, a promoción inmobiliaria e/ou as institucións de crédito, a especulación urbanística e outros "malestares difusos" como causa e "pozo de todos os males" territoriais e residenciais.

1 Seguiremos as definicións censais do INE para conceptos como edificación ou vivenda colectiva: "vivenda destinada a ser habitada por un colectivo (…), grupo de persoas sometidas a unha autoridade ou réxime común non baseados en lazos familiares nin de convivencia", e tamén para a definición de edificación ou vivenda familiar: "destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco". En www.ine.es Definiciones censales básicas, censo 2001. Consulta 10122017.

Estando acreditado documental, política e e xudicialmente o nivel de corrupción urbanística en determinados lugares de España, tense trasladado mecanicamente a Galicia, sen medida nin escala de damnificacións, estes fenómenos que se veñen de relatar, como se o desenvolvemento urbano e urbanístico do noso país fose homologable e comparable a outras realidades e aglomeracións moi distintas das galegas.

A situación de Galicia dende mediados do século pasado é a de transformación dun escenario en decadencia cando non en trance de desaparición: o tradicional e secular complexo dunha economía e unha sociedade de base cultura agrícola e labrega-campesiña que se vai transformando en sociedade industrial ou de servizos, cunha cultura e uns estilos de vida cada vez máis urbanos que teñen a súa estrutura e os seus ritmos propios. Pensamos que estando recollidos os fenómenos habitacionais, residenciais e urbanísticos de Galicia pola xeografía, a antropoloxía, a historia, a arte, a filoloxía, a literatura ou a economía, non están tan estudadas estas transformacións e grandes cambios para as vilas e cidades dunha Galicia costeira que –na mesma época- fixeron as mesmas ou semellantes transformacións socioeconómicas cara á industrialización, servizos e creación de cidades cada vez máis urbanas, pero partindo do complexo marítimo como fonte de recursos económicos e nicho principal do mercado laboral: a transformación da economía nas sociedades mariñas e mariñeiras de Galicia foi, cando menos, tratada na antropoloxía, a literatura ou o xornalismo pero non tanto pola historia, a economía, o urbanismo ou a socioloxía.

A INVESTIGACIÓN: HIPÓTESE, OBXECTIVOS, ESTADO DA CUESTIÓN, FONTES E TRABALLO DE CAMPO

Hipóteses de partida

O período 1950-1987 consolidou en Galicia un avance substancial da nova edificación, tanto de tipoloxía unifamiliar como colectiva, sobre os antigos campos de labor agrícola ou forestal, camiños e vías de comunicación preexistentes, etc., fundamentalmente pola existencia e combinación de

varios factores que fixeron posible este gran cambio na cultura residencial tradicional rexistrada ata ese momento:

a) A tolerancia política e social, baseada nun hábito histórico formado, cando menos, por tres factores[2]:

> *Importante grao de permisividade política, falta de vixilancia ou incapacidade da Administración Pública na regulación e control da iniciación de obra inmobiliaria realizada con ou sen licenza administrativa, transformando leiras ou parcelas de herdanzas patrimoniais privadas en soares á marxe da normativa de ordenamento urbanístico.
>
> *Anomia: crenza e percepción social, durante o proceso de edificación residencial, da prevalencia do interese persoal/familiar como dereito natural á iniciación, consolidación e mesmo á infracción urbanística.
>
> *Connivencia social: no caso de apertura de expediente administrativo por infracción urbanística con resultado de reposición da situación anterior por invasión de viario público, solos de protección agrícola, forestal, rústica, litoral, de interese natural ou paisaxístico, con orde de derribo do inmoble ilegal, tende a crearse un movemento reactivo de simpatía e solidariedade social-mediática co infractor, lexitimando o suposto dereito moral á prol do interese familiar/privado vs. a normativa ou o interese público.

b) Transversalidade cultural e política: boa parte das elites políticas, culturais e mediáticas, sen distinción de ideoloxía ou estatus, foron e son proclives a considerar que parte do "feito diferencial" ou idiosincrático de Galicia consiste en continuar a vivir nun hábitat histórico singularizado que ten unha das súas máximas expresións identitarias na edificación da residencia unifamiliar como culminación dun relato canónico tradicionalista, que traduce e ilustra, persoal e familiarmente, un imaxinario de éxito socioeconómico.

As dinámicas de dispersión residencial a base de casarío unifamiliar que forman a chamada cidade difusa[3], espallada no tramo máis urbano e costeiro de Galicia -o ámbito periurbano de Vigo, e tamén a península do

2 A idea de non existir nos concellos galegos unha cultura urbanística como tal ata a última década do século vinte nin por parte da Administración Pública nin da sociedade civil e o predominio dun "pacto social implícito" entre as dúas partes, en RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), pp. 88-89.

3 DALDA ESCUDERO, J. L. (2001), (2002), (2004), sobre a cidade difusa. Tamén PRECEDO LEDO, A. (2002), p. 475-493. Para unha comprensión global de fenómenos urbanos contemporáneos do hábitat como rururbanización, periurbanización, exurbanización, suburbanización, contraurbanización ou naturbanización, OTERO RODRÍGUEZ, R. (2017). Para o caso galego en perspectiva comparada con Irlanda, FERRÁS SEXTO, C. (1995).

Morrazo no continuo urbano litoral formado polos territorios de Cangas e Moaña, son representativos destas dinámicas- ocupando intersticios, zonas de transición rural-urbano, ampliacións de núcleos rurais, áreas industriais ou residenciais.

Tamén se ten investigado esta extensión do residencial unifamiliar como actividade social xeralizada[4] que carrexa grandes custes, actuais e aprazados, en indicadores como demografía, calidade de vida, enerxía, transporte ou medio ambiente, o que se chamou a pegada ecolóxica na creación e urbanización do espazo territorial, enmarcado na difícil aplicación dos cambios lexislativos que ilustran a dificultade de aplicación do planeamento e a disciplina urbanística en España e, singularmente, en Galicia[5]

Transformación do vello complexo económico mariño e mariñeiro

Propoñémonos abordar o concello de Moaña entre 1950-1987 como estudo de caso para poder dispoñer dunha análise sobre un territorio que escenifica, na súa escala, un proceso de grandes transformacións, remudas, modernizacións e cambios sociais a partir dunha economía secular e unha ocupación laboral maioritarias: o mar.

O gran recurso extractivo ou primario, gremio e sector laboral hexemónico da maior parte da poboación activa, vai entrar en decadencia, nuns sectores por transformación (nacemento do cultivo do mexillón en viveiros flotantes, nacemento dunha nova flota pesqueira especializada en capturas como nécora, camarón, polbo, etc.), ou industrialización (implantación de empresas de construción naval e conservas, entre outras), noutros por desaparición (da importante flota moañesa de pesca de baixura) e tamén por migracións (mariña mercante europea, flota pesqueira conxeladora galega de Gran Altura).

Esta decadencia e transformación do sector mariño moañés durante o período estudado permítenos facer unha aproximación multidisciplinar a un exemplo de concello que pode resumir e condensar características para analizar a escala de Galicia a pouco estudada transformación do tradicional complexo económico, social e laboral mariño e mariñeiro.

Utilizando como marco unha primeira e curta investigación sobre o mesmo lugar[6] onde se aportan reflexións sobre a decadencia do centro tradicional e a aceleración da creación do novo núcleo litoral a partir de 1950, a

4 Por exemplo, SOUTO GONZÁLEZ, X.M., (1995), para o caso do periurbano de Vigo; tamén en DALDA ESCUDERO (2001), na cidade difusa; Para as cidades e vilas medias de Galicia, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R., (1999), ou PEREIRO PÉREZ, X. (2005).

5 SÁNCHEZ GOYANES, E. (2000), p 21., ou LOIS GONZÁLEZ, R.C. *et ali* (2012).

6 PÉREZ RÚA, M. (2012).

política urbanística do Concello, o nacemento do primeiro barrio urbano en 1962 e aspectos do cambio social, agora afrontamos o estudo de dúas épocas ben diferentes:

a) A ditadura franquista 1950-1975 xunto coa transición política local entre 1976-1979. Este corte temporal responde ao intento de coutar a política, o urbanismo e a sociedade en tres etapas: a primeira ata o Plan de Estabilización de 1959, a segunda ata a morte do ditador e a última cos febles gobernos municipais ata a chegada da nova Corporación Municipal democrática.

b) A xestión democrática local entre 1979-1987: Moaña pasa a ser un concello gobernado dende a primeira hora da democracia local polo nacionalismo de esquerdas, situación minoritaria na Galicia daquela altura. Analizaremos política, urbanismo e sociedade nun tempo de mudanza ideolóxica, política, urbanística e social respecto da época histórica anterior.

c) Ambas épocas históricas e os cambios acontecidos serán analizadas a partir da documentación histórica, demográfica, residencial e urbanística pero tamén socioloxicamente e na percepción existencial dos protagonistas e as súas estratexias familiares[7] de adaptación aos cambios.

Obxectivos

As fontes primarias utilizadas apórtanos unha importante canteira de documentación a primeira vista, similar a un xacemento arqueolóxico aberto no que pretendemos –unha vez extraídos os distintos materiais- analizar e clasificar, medir e comparar nas súas principais magnitudes, as seguintes variables:

1) Política do Concello de Moaña: urbanismo e planeamento urbanístico, infraestruturas e servizos, situación política, orzamentos, relación entre Administración Local, Administración Provincial e Administración Central.

2) Desenvolvemento residencial: estruturas, lóxicas de implantación das edificacións unifamiliares e das edificacións colectivas.

3) O centro urbano contemporáneo de Moaña: creación, desenvolvemento, composición social e dimensión residencial dos barrios de A Seara, A Praia e O Real.

4) A sociedade moañesa entre 1950-1987.

7 Aínda en 2011, unha das características de Galicia é a porcentaxe de familias de residentes nacidos na propia aldea, parroquia ou concello. En España a porcentaxe de residentes municipais que naceron noutros concellos ou autonomías é do 15,1%, en Galicia, o 5,2%. LAMELA, C. (2015), p. 419.

Para maior claridade e comprensión no traballo, simplificaremos o mapa administrativo real de Moaña, reducíndoo, aos efectos da nosa análise e operacionalización, aos seguintes ámbitos:

a) Territorio non urbano: espazo que inclúe as parroquias completas de Domaio e Meira e na súa maior parte as de Moaña e Tirán.

b) Centro urbano ou zona urbana: zona que engloba o resto da parroquia de Moaña non incluída no apartado anterior: barrios litorais da parroquia de Moaña (A Seara e A Praia), incluíndo, a partir de 1962, O Real (parroquia de Tirán).

Realizaremos un estudo temporal (1950-1987) sobre estas variables na creación da Moaña urbana, periurbana, rururbana, etc., un concello litoral cunha poboación de 19.492 habitantes no ano 2015[8],situada na área funcional da ría de Vigo.

Analizaremos a orixe próxima do concello en canto á estrutura da propiedade[9], os importantes aumentos de poboación rexistrados en relación aos outros concellos de ámbitos de proximidade das rías de Vigo e Pontevedra, os movementos de crecemento residencial tanto en edificación unifamiliar illada como colectiva, as licenzas urbanísticas de edificacións aprobadas no período estudado, as vivendas creadas, as superficies de solo urbano e rural que levan consigo as citadas edificacións, as dinámicas medioambientais, os principais fitos da política urbanística local ou a aplicación do marco normativo urbanístico en Moaña.

Tamén formarán parte da nosa análise a estimación e casuística das infraccións urbanísticas, as características da sociedade moañesa en relación co urbanismo, os modelos de fogares[10] creados, a estrutura laboral, a estrutura do parcelario urbano e a singularidade política de ter sido un concello gobernado polo nacionalismo.

Trátase de estudar un concello de Galicia que parte dun modelo económico baseado na explotación da pesca e outros recursos mariños, asistidas co modelo agropecuario de complemento, para tratar de entender, extrapolar, comparar ou rexeitar pautas de desenvolvemento da Galicia urbana litoral, singularmente nos ámbitos territoriais de concellos litorais metropolitanos re-

8 Datos procedentes das cifras oficiais da revisión anual do Padrón municipal, INE 2015. Departamento de estatística, Concello de Moaña.

9 A estrutura da propiedade parcelaria e inmobiliaria considerámola, xunto coa estrutura familiar, dúas variables básicas para entender a sociedade moañesa en relación aos cambios que analizaremos.

10 Utilizaremos a definición do INE de fogar: grupo de persoas residentes na mesma vivenda familiar.

lacionados/dependentes de cidades como Vigo, Ferrol ou A Coruña.

Cremos que debemos achegarnos na investigación a factores que afectan ao urbanismo, á sociedade e á vivenda, como:

*A transformación da economía tradicional mariñeira e agropecuaria en relación ao urbanismo e a edificación residencial.

*Os diferentes ritmos de construción histórica do centro urbano e dos ámbitos non urbanos.

*A relación entre urbanismo, residencia, acción política e imaxinario social e/ou familiar: a formación e consolidación da dinámica residencial nas novas familias e fogares creados a partir dos anos 60, o discurso e o imaxinario social sobre marido, muller, infancia e a xuventude en relación coa vivenda.

*A distinción social e estilos de vida en distintas épocas históricas: a vivenda como cume da sociedade e a cultura do consumo de masas.

*A infracción urbanística como anomia e cultura social.

*As dificultades da aplicación do planeamento urbanístico na ditadura e na democracia.

Estado da cuestión, fontes, metodoloxía e traballo de campo

O marco temporal da investigación (máis da metade da ditadura franquista, menos dunha década de corporacións locais democráticas) é tempo académico e profesional dun urbanismo influenciado, en ditadura, pola aplicación da Lei do Solo de 1956 e modelos como os de cidade-xardín (Howard) ou a cidade lineal (Arturo Soria), e aínda na primeira fase da democracia, moi tributario de grandes relatos de longo alento e paradigma de fondo marxista[11] coas súas teorías, reflexións e críticas sobre as grandes escalas de transformacións urbanas europeas ou americanas e os seus conflitos sociais.

En Galicia, estes relatos e paradigmas conviven coas reflexións polo baleiramento acelerado do mundo agrícola e o hábitat rural, debedoras do pensamento da Xeración Nós: a chegada da democracia foi o tempo de difusión social e escolar das *Memorias dun neno labrego*[12] como arquetipo identitario e continuación dun canon tradicional galego neorruralista, romántico e sentimental.

Como aconteceu coa pervivencia temporal dun relato sobre o atraso

11 CASTELLS, M, (1991), [1972], *La cuestión urbana,* Siglo XXI, México, ou HARVEY, D. (1992), [1973], Siglo XXI, Madrid.

12 NEIRA VILAS, X. (1961), *Memorias dun neno labrego*, Ed. Follas Novas, Buenos Aires.

contra o que a academia tivo que convivir "resignadamente"[13], parece que a difusión de relatos como "especulación"[14] ou "caos urbanístico" son parte das inercias que acompañan a investigación histórica urbana e urbanística.

Case rematando a segunda década do século vinte e un, o nivel de coñecemento e difusión social sobre os factores e a complexidade do tema urbanístico e residencial en Galicia cremos que está sobrerrepresentado por discursos urbanísticos descontextualizados, que se autolexitiman mesturados con outros relatos con pouca achega ou análise de datos: na estela de grupos de difusión e impacto mundial, os principais colectivos ecoloxistas galegos denunciaron temas como incendios forestais, contaminación do medio ambiente natural, grandes operacións residenciais, construción de campos de golf, piscifactorías ou peiraos deportivos. O modelo de investigación-tipo seguido por este tipo de organizacións aseméllouse ao xornalismo de pouco contraste científico[15].

No campo demográfico, en Galicia tense avanzado no relativo a outros temas como o envellecemento, á pobreza e a feminización desta como corolario[16], e tamén sobre dispersión poboacional e desordenación territorial como ameazas de futuro e insostibilidade[17].

A historiografía agraria aportou novidades respecto á comprensión da decadencia do sistema agrario tradicional post 1959 e a súa transformación nun modelo urbano e de mercado, transformación especialmente difícil na Galicia interior máis desconectada dos centros urbanos, industriais o das vías de comunicación, a través de investigacións que dan conta da transformación de boa parte da antiga propiedade agrícola ou forestal en urbana, tanto de tipo industrial como residencial[18], tamén ten relevancia neste campo a análise do

13 "A sobredimensión do atraso condicionou e condiciona o presente e máis o pasado. Hoxe é unha lousa maioritaria e resignadamente aceptada", escribe FERNÁNDEZ PRIETO, L. (ed.), (2000), p. 47. Tamén CARDESÍN DÍAZ, J.M. e MIRÁS ARAÚJO, J., en LAMELA VIEIRA *et al* (2014), p. 31, acreditan que "tradicionalmente a historiografía suliña a idea do fracaso: da revolución liberal, da industrialización (…), a literatura recente permítenos revisar esas teses (…) e constatar un proceso de modernización máis sólido ca na fase anterior"

14 Unha aproximación xenérica, en MARTÍNEZ, M., (2007), pp. 37-47.

15 Exemplos deste discurso no ámbito litoral e no forestal poderían ser "Destrucción a toda costa: informe sobre el litoral español" (Greenpeace, 2006), que contén un apartado dedicado a Galicia. (http://xornalgalicia.es/descargas/ryr_docu3.pdf), ou http://www.greenpeace.org/raw/content/espana/reports/incendios-forestales-el-fin.pdf

16 Equipo de Investigación Sociológica, Las condiciones de vida de la población pobre de Galicia. Ed. Fundación Foessa, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cáritas, 1998.

17 Son representativos destes enfoques traballos como os de ESTÉVEZ, X. e FERNÁNDEZ CERVIÑO, M.X. (eds.) (2007); PRADA BLANCO, A. e ÁLVAREZ CORBACHO, X. (2006); RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (dir.) (2010), ou LIZANCOS MORA, P. (2005).

18 Publicacións colectivas como VV.AA. (1975), *A Galicia rural na encrucillada*,; VILLARES, R. (ed.) (1988) *Donos de seu*; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (ed.) (2000), *Terra e progreso*; GARCÍA PAZOS, F. (coord.) (2009), *A parroquia en Galicia*; ou LOIS, R.C. e PINO, D. (coords.) (2015), *A Galicia urbana*, son obras todas que poden ser lidas como a reflexión multidisciplinar da evolución

proceso de devolución dos montes comunais aos seus históricos propietarios[19] ou as dificultades da política agrícola e forestal en Galicia[20].

Produciuse debate e enriquecemento de perspectivas entre historia, antropoloxía, socioloxía, arquitectura e urbanismo, que profundaron en aspectos, como:

Os novos conceptos urbanos de centro, centro moderno ou periferia[21] a partir do período de "desenvolvementismo" franquista; o poder dos microlocalismos parroquiais derivados de antigas identidades tradicionais de base aldeá-parroquiana e a súa complexidade nas relacións entre cidade e áreas periurbanas[22]; a decadencia e práctica desaparición en boa parte do territorio galego, a efectos funcionais e simbólicos, do que foi a secularmente poderosa institución da parroquia galega e as súas transformacións e inserción final nos ámbitos urbanos[23].

Canto máis nos achegamos á fin do século vinte e comezo do vinte e un, a conformación dunha historia urbana[24] vaise facendo máis presente na produción investigadora, dende varias ópticas como a urbanización do territorio, os habitantes das cidades, o cambio social, a arquitectura, a paisaxe urbana, o planeamento urbanístico e estratéxico ou o mundo rural na Galicia urbanizada[25].

Tamén a conformación das grandes áreas de desconcentración ou contraurbanización metropolitanas: Oroso, Ames, Teo, etc., con Santiago; Nigrán, Ponteareas, etc., con Vigo; Culleredo, Oleiros, Cambre, etc., coa Coruña…, coas súas complexidades económicas, de transporte, residenciais, etc. [26]; o chamado "feismo" como problema cultural, estético e urbanístico de Galicia[27]; as áreas metropolitanas como ámbitos supralocais en Galicia[28];

socioeconómica e urbanística da cultura rural e urbana en Galicia: dende o proceso de propietarización, a transformación da aldea/parroquia ata a instalación definitiva nunha cultura urbana e a metropolitanización do territorio. Para o caso de Madrid, NAREDO, J.M.(2010), en GARRABOU, R., *Sombras del progreso: las huellas de la historia agraria*.

19 BALBOA LÓPEZ, X.L. (2002), en DE DIOS DE DIOS, S. (coord.). Do mesmo autor, tamén en VILLARES, R. (ed.) (1988); Tamén FERNÁNDEZ PRIETO, L. (ed.) (2000).

20 RICO BOQUETE, E. (2000).

21 PEREIRO PÉREZ, X. (2005).

22 SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1990); tamén DALDA ESCUDERO, J.L. (2009).

23 GARCÍA PAZOS, F. (coord..) (2009).

24 LOIS GONZÁLEZ, R.C. *et ali*, (2012). Un foco na cidade, as formas urbanas, o feito urbano e o seu planeamento urbanístico, dende unha visión pluridisciplinar de "xeografos, sociólogos, economistas, politólogos, antropólogos ou historiadores especializados no urbano": a cidade e a urbanización como obxecto de estudo das ciencias sociais.

25 LOIS, RUBÉN C., PINO, D. (coords.), (2015).

26 OTERO ENRÍQUEZ, R.S., GÓMEZ RODRÍGUEZ, S. (2007). Para unha análise internacional dos conceptos de desconcentración, contraurbanización, rururbanización, etc., OTERO ENRÍQUEZ, R. (2013).

27 VV.AA. (2006), *Feísmo?, destruír un país*, Difusora de letras, artes e ideas, 2006.

28 PRECEDO LEDO, A. (Dir.), (1989); Tamén PRECEDO LEDO, A.J. (1987).

a relación entre demografía e urbanismo na contorna rururbana, periurbana e urbana de cidades como Vigo, Ourense ou A Coruña[29]; a tipoloxía e influenza das novas residencias levantadas por emigrantes retornados a Galicia[30].

Tamén hai pegada académica e investigadora sobre o discurso psicolóxico e psiquiátrico ligado á ausencia migratoria en relación á identidade territorial[31]; a creación de grandes vectores ou discursos ideolóxicos sobre o territorio como factor de cultura, acción política e creación de imaxinarios colectivos[32]; a ordenación do territorio como pano de fondo do minifundismo administrativo e da fragmentación da planta da Administración Local en Galicia, a tensión entre segregación e fusión de concellos de Galicia en democracia, as dificultades de mantemento da actual planta das unidades administrativas locais en Galicia[33]; o denominado inframunicipalismo[34]; a dependencia municipal e institucional da Administración pública, os custos económicos e sociais ligados á dispersión territorial[35].

Na radiografía da realidade de territorios sociais supralocais –determinados por pares de desprazamentos persoais residencia-traballo[36], comercio, a administración pública, as dotacións, etc. – existen referencias que abordan a pertenza administrativa e os novos espazos sociais supralocais dos cidadáns, que conforman o máis actual mapa socioterritorial e residencial de Galicia.

A diagnóse e análise plasmada en informes técnicos e memorias como as das Directrices de Ordenación Territorial de Galicia e Plan de Ordenación do Litoral de Galicia[37], normas marco da acción política autonómica e local que teñen unha relación moi directa coas dinámicas de desarticulación, desordenación, cidade difusa, etc., que se desenvolveron en Galicia aportan marcos interpretativos, estatísticos, etc., dunha realidade cambiante.

A descentralización do poder político e a participación social no urbanismo: a substitución dos alcaldes de barrio da ditadura polo asociacionismo veciñal en democracia[38] ou a creación de elites locais e novos imaxinarios territoriais sobre a evolución das clases medias dende o franquismo á democracia dende o punto de vista dun filorruralismo e/ou neorromantismo territorial-residencial[39], son outros temas tratados polos investigadores con relación a Galicia.

29 GONZÁLEZ, J.M. e LÓPEZ, A., (2003); Tamén MIRALBES, R., MARTÍNEZ-CONDE, R. y VILLARIÑO, M., (2002).
30 LIZANCOS MORA, P., (2000).
31 LAMAS, S., (2004).
32 LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2008).
33 PRADA, A., (2006)
34 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (Dir.), (2004).
35 PRADA, A., (2007).
36 VENCE, X. (dir.), (2007).
37 Consello da Xunta de Galicia, febreiro de 2011.
38 VERGE, T., (2007).
39 LORENZO, M. (2007).

Por motivos de marco e semellanza xeográfica e histórica, boa parte do noso diálogo e crítica de fontes ten relación coas obras citadas e tamén con monografías similares desenvolvidas en Galicia para o mesmo período histórico en relación cos cambios experimentados no urbanismo local e analizados por autores como Souto González[40] na súa análise das dinámicas de relación entre a área periurbana de Vigo e a cidade urbana, con similitudes e marcos de análise aplicables á dinámica moañesa.

Tamén con pretensión comparativa, Rodríguez González[41] analiza pequenas vilas galegas con grandes transformacións urbanísticas -As Pontes de García Rodríguez, Monforte, O Carballiño, Verín, A Estrada, Sarria, Ordes, Lalín, etc.-, que conteñen variables e factores similares e tamén distintos aos que se dan en concellos como Moaña.

No traballo de Ferrás Sexto[42] sobre Fene encontramos claves contidas tamén nos traballos anteriormente citados, co engadido da relación metrópole-periferia entre Ferrol e Fene que poderían ser pertinentes, mutatis mutandis, para o caso Vigo-Moaña.

Dentro da bibliografía arquitectónica e urbanística local, o traballo de Docampo Boubeta[43] sobre a transformación morfolóxica de Moaña proporciona un material gráfico importante para seguir a evolución das estratexias de ocupación do territorio, apertura de viarios, consolidación do centro urbano, espallamento residencial unifamiliar no rural, etc.

A historiografía local consultada sobre Moaña é debedora de traballos clave como os de González Fernández[44], varios monográficos de Villaverde Román e tamén aspectos dos traballos de García Barreiro[45]. A análise sociolóxica da evolución sociocultural, educativa e comunitaria do concello leva a man de Bouzada Fernández[46].

En relación coa complexidade das transformacións territoriais, urbanas e urbanísticas cando levamos máis de catro décadas de democracia, acreditar que aínda que a produción investigadora é creciente, aínda temos que lamentar que parte "do corpo profesoral estea dirixido en dous sectores: aqueles que non teñen actividade profesional e coñecen a realidade a distancia e aqueles que, coñecéndoa, porque exercen, teñen pouco tempo para dedicalo á

40 SOUTO GONZÁLEZ, X.M., (1994).
41 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999).
42 FERRÁS SEXTO, C., (1992).
43 DOCAMPO BOUBETA, B., (2010).
44 GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., O litoral de Moaña: os homes e o mar, no tempo e no espazo, mecanoscrito inédito., e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., e VILLAVERDE ROMÁN, X.C., (1999).
45 GARCÍA BARREIRO, M. U. (2012).
46 BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988).

ensinanza"[47]

A base empírica fundamental a empregar neste traballo, en canto a fontes primarias, está composta, sobre todo, pola consulta, vaciado, transcrición e análise da seguinte documentación:

Do Arquivo Municipal do Concello de Moaña, en diante, AMCM:

1.Libro de actas de Plenos municipais (en diante PM), 1950-1987.

2.Libro de actas da Comisión Municipal Permanente ou Comisión de Goberno, (en diante CMP ou CG), 1950-1987.

3.Padrón completo de Expedientes municipais de licenzas para obra residencial nova, 1950-1987: 2.750 expedientes

4. Padrón completo de Expedientes municipais de licenzas de reformas residenciais maiores e menores, 1950-1987: 1.560 expedientes

5. Padrón completo de Expedientes municipais de licenzas para pozos e obras hidráulicas, 1950-1987: 998 expedientes.

6. Padrón completo de Expedientes municipais de licenzas de casetas, galpóns, garaxes, obras adxectivas á vivenda principal, 1950-1987: 1.687 expedientes.

7. Padrón completo de Expedientes municipais de licenzas de aperturas de comercios e industrias, 1950-1987: 791 expedientes.

8. Padrón completo de Expedientes municipais de construción de muros e cerramentos: 2.776 expedientes.

9. Padrón completo de obras varias (cortes, hórreos, etc.): 240 expedientes.

10. Padrón Municipal de Habitantes de Moaña, 1960.

11.Ordenanzas Municipais do Concello de Moaña.

12. Documentación do planeamento urbanístico do Concello de Moaña no franquismo e en democracia.

Do Arquivo da Confraría de Pescadores de Moaña (en diante, ACPM):

47 ESTÉVEZ, X., (2012).

13. Libro de actas do Cabido da Confraría, (en diante, CP), 1948-1964.

14. Libro de actas de Asembleas Xerais da Confraría de Pescadores de Moaña, (en diante, CPAX), 1948-1979.

De fontes varias:

15. Fotografías aéreas do termo municipal de Moaña (1945, 1956, 1966, 1971, 1977, 1985, 1992, 1997). Ministerio de Defensa, Goberno de España.

16. Prensa clandestina (revista O Cadro) editada entre 1974-1975 en Moaña.

17. Publicación "Problemas escolares en Moaña" (APA Reibón, APA Domaio, A.VV. Meira, A.VV. Domaio, A.VV Moaña, comisión de Tirán da A.VV. Moaña, agosto 1977), Revista informativa Unidade Galega Moaña (marzo 1980), Rúa, (revista informativa de Esquerda Galega, febreiro 1982), murgas e coplas do Entroido, etc.

18. Relación de buques, mariñeiros e atadeiras de Moaña, probablemente elaborado pola Confraría de Pescadores de Moaña para o Instituto Social da Mariña en 1950.

19. Base de datos territoriais da contribución rústica e urbana do Catastro, Ministerio de Facenda.

20. Bases de datos do Instituto Nacional de Estatística.

21. Arquivo da Memoria Oral, Departamento de Cultura do Concello de Moaña (en diante, AMOM): 52 entrevistas.

22. Arquivo propio: 39 entrevistas (5 traballadores de Compañía Transatlántica, 2 esposas de mariñeiros en Terranova, 4 persoas para localización de propietarios de parcelas no centro urbano litoral, 3 persoas para localización de propietarios de parcelas no barrio do Real, 5 técnicos relacionados co planeamento urbanístico e a edificación en democracia, 4 políticos e 1 sindicalista do Concello de Moaña, 11 persoas relacionadas coa actividade antifranquista en Moaña e Cangas, 2 persoas relacionadas coa localización de empresas en Domaio e 2 persoas para localización de novas edificacións en todas as parroquias).

En canto aos métodos cualitativos, realizáronse entrevistas a informantes clave no proceso social, político e urbanístico de Moaña para saber e/ou contextualizar aspectos descoñecidos documentalmente sobre a estrutura

socioeconómica da Moaña central –barrios da Praia e A Seara- e do barrio do Real, procurando un achegamento ás persoas ou familias que mercaron, investiron ou transformaron as parcelas en edificacións, a súa orixe económica e laboral, o seu rol na escala social, o papel e perfil das persoas que participaron na política local, etc.

Agás unha mínima parte, as informacións orais e a documentación material recibida destes informantes contan con permiso para a súa utilización nesta investigación respectando o anonimato dalgúns dos participantes que aportaron informacións legais, notariais, fiscais, financeiras ou crediticias.

Tamén se entrevistou ao alcalde con máis relevancia na época do "desenvolvementismo" franquista e ao alcalde democrático dos dous mandatos municipais analizados para este traballo, así como a persoas que participaron na actividade política clandestina antifranquista, ou tamén concelleiros e técnicos relevantes para os temas tratados na época democrática, para axudar a ter unha aproximación máis detallada e plural a uns procesos de longa duración e complexo desenvolvemento e tamén para matizar e/ou contrastar datos numéricos ou estatísticos cara a dotalos de coherencia e mellor explicación.

A redacción da tese está feita en idioma galego. A documentación oficial citada ou literalmente transcrita, procedente do Concello de Moaña, da Deputación Provincial, Goberno Civil, Administración estatal ou Confraría de Pescadores, etc., está escrita en idioma castelán e, polo tanto, traducida. Aínda que o goberno democrático do Concello de Moaña intenta dende a primeira sesión plenaria aprobar a escrita en idioma galego das actas de plenos, Comisión Permanente, etc., un feito que non se producirá ata o Pleno Municipal de 26 de novembro de 1983 e a Comisión Municipal Permanente de 29 de novembro de 1983, é dicir, no segundo mandato municipal democrático.

A toponimia utilizada para este traballo recolle as denominacións actualizadas do Nomenclátor Oficial de Galicia (DOG, 28/07/1998, Xunta de Galicia) e non os nomes das entidades de poboación recollidas na documentación oficial consultada.

TERRITORIO E HÁBITAT

Marco espacial

Plano 1



O concello de Moaña, cunha superficie de 35,1 km^2, con 30,5 km. de perímetro, dos cales 13 km. son de costa[48], está situado na parte meridional da península do Morrazo, ámbito que comprende o territorio entre as rías de Pontevedra e Vigo, formada polos concellos de Marín, Bueu, Cangas,Moaña e Vilaboa. Moaña linda ao norte co concello de Marín, co de Vilaboa ao leste, con Cangas e Bueu ao oeste e coa ría de Vigo ao sur.

Ten unha orografía formada por zonas montañosas, presidida polo monte máis alto da península do Morrazo, o Faro de Domaio, cunha altitude de 624 m., a só tres km. de distancia da costa. Os lugares altos do concello están compostos hoxe de grandes masas forestais, onde só un 20% do solo é apto para a actividade agrícola, espazo onde se asentaron os antigos poboamentos. A influencia do relevo sobre as actividades da sociedade moañesa *[Ver Plano 2]* vai facer que o desenvolvemento dos principais hábitats vaia descendendo cara aos vales e tamén que cando inicia o seu declive a agricultura orgánica, a fins da década dos 50 do século vinte, a economía e o hábitat de Moaña se vaian trasladando de forma intensiva á zona litoral.

Plano 2



As parroquias e o concello: mapa político, preexistencias e comunicacións

"O termo municipal compóñeno as catro parroquias do mesmo, que son: Moaña, Meira, Domaio e Tirán e áchase dividido nos trinta e un barrios seguintes: Seara, Praia, Quintela, Abelendo, Casal, Ameixoada, Cruceiro, Xalde, Piñeiro, Sabaceda, Marrúa, Paradela, Broullón, Fraga, Verducedo, Piñeiro e Redondo pertencentes a Moaña; Ribeira, Moureira, Reibón, Pombal e

48 Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Moaña. Avance de criterios, obxectivos e solucións xerais. Oficina de Planeamento, decembro 1980, p. 2.

Couso á de Meira; Palmás, Costa, Calvar, Verdeal, San Lourenzo e Carballido á de Domaio: Con, Igrexario e Vilela á de Tirán"[49]. *[Ver Plano 3]*

Plano 3



A división administrativa en catro parroquias, ao redor da actividade relixiosa e sociocultural das respectivas freguesías, estivo en vigor durante todo o século vinte, co engadido dunha nova freguesía a raíz da creación dunha igrexa no barrio da Seara, no litoral moañés, que subdivide en dúas a parroquia de Moaña, a efectos eclesiásticos, na década dos anos 60: San Martiño, a histórica, e O Carme, a nova. A efectos operativos da comprensión deste traballo de investigación, tomaremos só en consideración as catro parroquias históricas, posto que a creación da "quinta parroquia" eclesiástica non produciu efectos administrativos relevantes e podería contribuír a confusión na análise urbanística e política do territorio moañés.

A diferenza da maior parte dos concellos da na ría de Vigo ou Pontevedra -Vigo, Pontevedra, Baiona, Cangas, Redondela, Bueu, etc.-, e mesmo da Galicia litoral, Moaña non era, na súa orixe social e política como concello, un burgo co seu núcleo histórico asentado no litoral, senón que polo contrario o seu centro social, cultural, relixioso e económico estaba emprazado ao redor e nas proximidades da igrexa de san Martiño, na zona alta e agrícola do termo municipal, onde se celebraba con periodicidade ata os anos 70 do século vinte

49 Ordenanzas municipales 1913, capítulo 1, Del término municipal y su división, artigo 1. AMCM

a feira agropecuaria, unha actividade económica e comercial decisiva para un barrio matriz que foi quen de articularse territorialmente ao redor do adro da igrexa de San Martiño e dos camiños que comunicaban interna e externamente esta parroquia co resto do termo municipal de Moaña e tamén cos concellos de Cangas, Bueu e Marín.

Para ter unha idea da importancia das outras parroquias litorais como fontes de emprego e asentamento residencial, dende comezos do século vinte, as fontes impresas ilustran, no caso da parroquia de Domaio, que contaba con peirao dende 1932, un censo de catro estaleiros de ribeira, unha fábrica de conservas/salgadura, nove empresas de transporte marítimo, unha cordoería e un varadoiro, en 1943[50], o que nos proporciona unha primeira idea sobre a importancia da economía marítima tanto na construción de buques como no transporte de persoas e mercadorías.

A parroquia de Meira, nas mesmas datas, rexistra oito cordoerías, con preto dun millar de obreiros de ambos xéneros, e unha empresa de explotación de varias canteiras de granito, no litoral, que andando o tempo se transformarán en grandes empresas fabrís[51].

O citado cronista traza tamén unha panorámica sobre a estrutura comercial, empresarial e social asentada na parroquia de Moaña á altura de 1943, sobre todo no centro litoral ou proximidades, facendo inventario de vinte e catro comercios de comestibles e viños, tres avogados, tres estaleiros de ribeira, dúas corresponsalías de banca, dous bares, tres cafés, dúas carnicerías, seis carpinterías, unha cerraxería, un cine, tres empresas de construción, dúas empresas de electricidade, dúas empresas de fontanería, dous comercios de venda materiais de construción, unha moblería, seis panadarías, cinco comercios de paquetería e tecidos, sete perruquerías, unha churrería, un comercio de efectos navais, dúas fábricas de conservas, unha fábrica de gasosas, unha farmacia, dúas funerarias, un salón de baile, unha xastrería e dúas empresas de transporte marítimo.

Entender o territorio, a política, a sociedade e o urbanismo moañés do século vinte precisa de situar, antes de 1950, varios fitos en canto a infraestruturas e dotacións públicas con carácter tan decisivo como articulante para a configuración e o asentamento da maior parte da poboación no novo centro urbano litoral .

[Ver Plano 4]

50 BARREIRO, S., (s. d.) Moaña en 1943, p.15.
51 BARREIRO, S., op. cit, p.14.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A construción, en 1913, da estrada C-551, no seu tramo Cangas-Vilaboa, popularmente chamada "estrada de arriba", na ditadura avenida del Generalísimo Franco e, en democracia, Ramón Cabanillas, marcará un linde claro no futuro desenvolvemento da zona central de Moaña.

Tamén en 1913 se realiza a estrada litoral entre os barrios de Seara e Praia, a "estrada de abaixo", ou "ramal ao peirao", posteriormente beiramar e, finalmente, Concepción Arenal, que vai acoller boa parte do medre residencial da nova Moaña, ademais de dotacións públicas básicas, como veremos a continuación, significando o límite ou borde urbano litoral, con mínimas e pouco relevantes modificacións perimetrais, ata 1979.

Como queira que entre as dúas estradas compoñían, na súa orixe, un circuíto case paralelo, sen á penas conexión perpendicular ou transversal entre as dúas vías principais do centro, apróbase en 1917 a apertura de dúas pequenas travesías, a de Fontecán e a de Lemat, ambas no barrio de Seara, para permitir conectar as estradas de "arriba" e "abaixo".

En 1921 comeza a urbanización dun histórico camiño, A Canexa, que pasa a ser a principal travesía entre as citadas estradas Cangas-Vilaboa e o "ramal ao peirao", e tamén unha vía básica para permitir a conexión da zona litoral coa parte media e alta da parroquia de Moaña.

O inicio dunha nova estrada entre Marín e Moaña, en 1923, ao mesmo tempo que a conexión deste novo viario coa parroquia de Coiro-Cangas, é outro fito relevante que vai deixar ben conectadas, para o tráfico rodado e peonil, a parte alta, media e litoral da parroquia de Moaña e tamén unha nova conexión interior con Marín e Cangas.

Estas tres infraestruturas viarias pasarán a constituír, para o concello de Moaña, a máis importante rede de comunicación rodada durante o resto do século vinte, e o principal elemento estruturador e creador dunha nova dinámica urbanística, política, económica, social e residencial.

Na estrada litoral do "ramal ao peirao", iranse situando, sucesivamente, novas infraestruturas clave como o peirao de pedra, en 1932, que substituirá ao antigo de madeira, moi deteriorado polos temporais, permitindo a normalización e centralización dos importantes fluxos de transporte marítimo de ría entre Moaña e Vigo, sendo tamén o peirao de referencia -en canto a atraque, carga e descarga de redes, etc.- da importante actividade pesqueira local moañesa. A mediados da década de 1940, previo recheo da zona marítima, érguese tamén a carón desta estrada a Praza de Abastos de Moaña e tamén na mesma vía, en 1938, inaugúrase a Casa do Pescador[52].

En canto á estrada Cangas-Vilaboa, está acollerá, en 1936, a nova

52 GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M, . VILLAVERDE ROMÁN, X.C., (2012), pp.209-218.

Casa do Concello, no barrio da Praia, a e na década de 1950, no barrio de Seara, o Centro de Hixiene Rural e Casa do Médico. En 1942, na desembocadura do río da Fraga, sitúase a Casa Cuartel da Garda Civil, e na década de 1950, na zona da Xunqueira, o Matadoiro Municipal.

A apertura dun novo templo, a igrexa de Nosa Señora do Carme, en 1961[53], no barrio litoral da Seara, foi o gran cambio eclesiástico, social e simbólico por parte da Igrexa, que representaba a relegación da igrexa románica de San Martiño, erguida no s.XII, como centro da vida relixiosa e social ata ese momento e a aceptación da realidade que ofrecía a Moaña litoral: as principais vías de comunicación, a estrada Cangas-Vilaboa, a estrada da beiramar, o peirao pesqueiro e de pasaxeiros Moaña-Vigo, o Centro Rural de Hixiene e Casa do Médico, a Casa do Concello, a Confraría de Pescadores, a Praza de Abastos, os servizos públicos de correo e teléfono. *[Ver Plano 5]*

Plano 5



A entrada en funcionamento da estrada Cangas-Vilaboa permite completar o perímetro rodado entre Pontevedra-Cangas-Moaña-Vigo, pero aínda en 1973 o transporte público por esta estrada limitábase ás liñas de autobuses Vilaboa-Moaña-Cangas; Vilaboa-Moaña; Moaña-Coiro-Cangas; Domaio-Moaña-Cangas e Moaña-Marín. Polo tanto, para desprazarse de Moaña a Pontevedra, por exemplo, había que facer parada en Marín e, a continuación, transbordo a un trolebús Marín-Pontevedra pero non existía o transporte pú-

53 GARCÍA BARREIRO, M. U., (2013), p. 186

blico de viaxeiros Moaña-Vigo por estrada.

As isocronas[54] de desprazamentos da veciñanza moañesa a través do transporte público rodado, case entrando no último cuarto do século, eran as seguintes: De San Adrián a Domaio, 8 minutos; Domaio-Meira, 10 minutos; Meira-Moaña, 8 minutos; Moaña-Tirán, 6 minutos; Tirán-Cangas, 14 minutos. Para realizar unha viaxe en automóbil Moaña-Vigo por esta estrada litoral o tempo era dende un máximo de 90 minutos dende a parroquia de Tirán ata un mínimo de 65 minutos dende a parroquia de Domaio, á altura da actual ponte de Rande.

Unha das características máis salientables da localidade de Moaña, por mor de salvar os condicionantes xeográficos e comunicacionais terrestres, foi a creación dunha notable cultura das comunicacións marítimas en canto a comercio, mercadorías, subministros básicos e viaxeiros, existindo dende comezos de século unha importante relación entre Moaña, Vigo, Meira, Domaio, San Adrián (concello de Vilaboa), Santa Cristina (concello de Vilaboa), Chapela (concello de Redondela), etc., de tal forma que en 1973 o número de traballadores que usaban diariamente este medio de transporte marítimo entre Moaña e Vigo era de 450 persoas e o número de billetes totais despachados de 700 (estudantes, comercio, etc.), o que nos dá unha idea da interconexión social, laboral, educativa, comercial, etc., entre Vigo e Moaña, mentres o número de pasaxeiros entre Moaña-Meira-Domaio eran entre 200 e 300 persoas diarias.

En canto ás isocronas do transporte marítimo[55] que relatamos, a viaxe Vigo-Moaña facíase en 27 minutos; Vigo-Domaio, 26 minutos; Domaio-San Adrián, 18 minutos; Chapela-Domaio, 17 minutos.

Evolución demográfica

Segundo os censos oficiais do INE[56], o Concello de Moaña ten experimentado unha importante evolución demográfica durante o século vinte, como podemos ver nunha panorámica comparativa cos concellos de proximidade xeográfica, nos da área da ría de Vigo -Cangas, Baiona, Nigrán, Vigo, Redondela- ou na de Pontevedra: Bueu, Marín e Pontevedra.

54 CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J. (1974), p. 86.
55 CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J. (1974); op. cit., pp. 90-91.
56 Fondo documental do Instituto Nacional de Estadística (2016). http://www.ine.es/inebmenu/mnu_cifraspob.htm

CADRO Nº 1 : CENSO DOS CONCELLOS DAS RIAS DE VIGO E PONTEVEDRA SUR

(Poboación de feito), 1950-1981

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981
Vigo	23.259	41.213	53.100	65.012	85.272	137.873	144.914	197.144	258.724
Cangas	8.011	10.471	12.718	14.418	15.836	15.334	17.115	19.026	20.798
Moaña	6.091	7.812	8.020	9.634	11.305	11.106	12.736	15.060	17.053
Redondela	10.843	11.985	13.644	14.996	16.927	17.024	17.206	22.128	27.202
Nigrán	6.180	6.493	6.918	6.974	7.768	7.968	8.085	9.048	12.336
Baiona	4.423	4.828	5.318	5.596	6.075	6.420	6.585	7.887	9.702
Pontevedra	22.330	24.222	26.944	30.821	36.968	43.221	50.483	52.452	65.137
Bueu	7.233	7.650	8.411	9.150	10.023	10.177	10.317	11.006	11.961
Marín	9.228	9.211	11.296	13.194	16.294	17.592	18.515	19.816	22.647

Fonte: elaboración propia a partir de datos dos censos oficiais do INE.

Se dividimos o século vinte en dúas metades, vemos como Moaña ten o seu maior incremento de poboación -un 15,44%- do século no tránsito entre os anos 1960-1970, por detrás só de Vigo e moi parella a Pontevedra, o que nos vai permitir seguir algunhas das dinámicas de mobilidade social e laboral das cohortes[57] de 1930-40 (incremento do 14,8% sobre 1910-1920) que terán moita relación coa situación de crecemento xeneralizado experimentada a partir de 1950 e que comprobaremos nas grandes modificacións territoriais e residenciais desa época.

A continuación vén unha caída da poboación moañesa (entre 1940-1950) que non sabemos documentar agás coa hipótese da emigración ultramarina, o posible cambio residencial á cidade de Vigo de familias con emprego na cidade, mulleres xoves empregadas no servizo doméstico, etc.

Analizando a tendencia demográfica de conxunto, entre 1900-1950, vemos que foi de progresión xeométrica para o caso de Vigo[58]-multiplica case por seis a súa poboación entre 1900-1950- mentres, nun segundo e maioritario grupo, a media da maioría das poboacións -Cangas, Moaña, Redondela, Pontevedra[59] e Marín- no mesmo período histórico foi a duplicar, redondeando, os efectivos. Os avances demográficos de Bueu (x 1,4) e Nigrán (x 1,2) son os máis modestos do período.

57 Diferenciaremos entre cohorte (nacidos no ano natural/"quinta") e xeración (persoas que comparten a mesma experiencia social). DE MIGUEL, J. M. (1994), p. 225.

58 Hai que ter en conta que parte dos dous grandes incrementos demográficos de Vigo na primeira metade do século vinte son debidos á agregación de concellos limítrofes: entre 1900-1910, coa absorción do Concello de Bouzas, e entre 1940-1950, a mesma operación co Concello de Lavadores.

59 Paralelamente ao citado caso de Vigo, na primeira metade do século vinte, parte do incremento demográfico de Pontevedra, entre 1940-1950, débese á agregación dos Concellos de Xeve e Ponte Sampaio.

Na segunda parte do século, entre 1950-1981, Vigo continúa o seu intenso crecemento demográfico, multiplicando a cifra de 1950 por 1,8 en 1981, Moaña está nun segundo e cumprido grupo de concellos que multiplican a poboación por 1,5 -Pontevedra, Redondela, Nigrán, Baiona- e finalmente, a curta distancia, Cangas, Bueu e Marín rexistran un coeficiente multiplicador entre 1,2 e 1,3.

Analizando máis en detalle os incrementos demográficos na época que pretendemos estudar, vemos, que:

CADRO Nº 2 : INCREMENTOS POBOACIONAIS, CONCELLOS DAS RÍAS DE VIGO E PONTEVEDRA SUR (POBOACIÓN DE FEITO)

	1950-1960	1960-1970	1970-1981
Vigo	5%	26'5%	24%
Cangas	10,4%	10%	8'5%
Moaña	12'8%	15'5%	11'7%
Redondela	1%	22'3%	18'7%
Nigrán	1'5%	11%	27%
Baiona	2,5%	16'5%	19%
Pontevedra	14,4%	4%	19'5%
Bueu	1'4%	6'3%	8%
Marín	5%	6'6%	12'5%

Fonte: elaboración propia a partir de datos dos censos oficiais do INE.

No cadro pódense observar varias tendencias:

a) Os incrementos substanciais de poboación (>10%) comezan, para os concellos de Pontevedra, Moaña e Cangas, na década de 1950.

b) Esta tendencia continúa na década de 1960, acelerándose nos casos de Vigo (+26,5%), Redondela (+22,3%), Baiona (+16,5%) e Moaña (+15,5%). Lixeiramente por enriba do 10% encontramos Nigrán, no límite do 10% Cangas, e con menores taxas de crecemento están o resto dos concellos analizados, entre o 6,6% de Marín e o 4% de Pontevedra.

c) A década de 1970 tamén é extraordinariamente positiva -por enriba do 25%- para o caso de Nigrán e case nesa mesma porcentaxe para o de Vigo, Pontevedra, Baiona e Redondela. Nun segundo grupo estarían porcentaxes ao redor do 12% -Marín, Moaña- e finalmente, por debaixo do 10%, Bueu.

d) A evolución da poboación de Moaña é constante durante este período de trinta anos, cunha media dun 13,3% de incremento poboacional.

Nas seguintes representacións gráficas podemos ver a poboación estimada, número de nacementos e taxa de natalidade no concello de Moaña entre os anos 1930 e 1990[60].

GRÁFICA Nº 1: POBOACIÓN ESTIMADA, MOAÑA, 1930-1990



Elaboración: Iago Santos Castroviejo

GRÁFICA Nº 2: NÚMERO DE NACEMENTOS, MOAÑA, 1930-1990

60 Para unha vista completa da poboación, número de nacementos, taxa de natalidade e taxa de crecemento anual acumulativo, ver cadro nº 1 e gráfica nº1 do Anexo.

Os datos foron obtidos da seguinte maneira:

1.- Os datos da poboación corresponden aos recollidos do censo do INE, que se toman unha vez cada dez anos.

2.-O número de nacementos obtívose directamente das estatísticas do Xulgado de Paz de Moaña.

3.-A Taxa de Natalidade obtívose dividindo o número de nacementos entre poboación estimada e multiplicando por mil

Elaboración: Iago Santos Castroviejo

GRÁFICA Nº 3: TAXA DE NATALIDADE, 1930-1990

Elaboración: Iago Santos Castroviejo

Á vista das gráficas nº 1, 2 e 3 podemos concluir que Moaña tiña unhas taxas de natalidade que, se ben corren paralelas aos altos índices rexistrados en España durante a época 1960-1975, están por enriba das taxas españolas durante todo ese período coa particularidade de ter comezado esta tendencia a partir da década anterior. Se as taxas de natalidade en España, 1955-1970, están flutuando entre o 20-23 (0/00), Moaña xa rexistra na década de 1950 (gráfica nº3) taxas de natalidade por enriba do 25 (0/00). Non posuímos as taxas de mortandade pero vemos como a taxa de crecemento medio anual acumulativo da poboación moañesa[61] é importante, flutuando entre o 1,38% da década de 1950, o 1,69% da década de 1960 e aínda rexistra o 1,14% na década de 1970, cando comeza a declinar claramente a natalidade a partir de 1978.

O INE volve acreditar o dinamismo demográfico de Moaña a altura de 1960[62] proporcionándonos outro informe comparativo provincial en can-

61 Ver Anexo, gráfica nº1.

62 CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J. (1974); op. cit., p. 27, amosan como as pirámides de poboación de 1960 e 1970 son consecuentes con estes datos amosando un triángulo de ampla base debido á entrada destas cohortes infantís e xuvenís.

to á fecundidade que nos dá, por unha banda, unha foto fixa da estrutura da natalidade local: sobre o total de 3.116 mulleres casadas e viúvas moañesas, o 6,4% declaran ter tido 0 fillos; o 35,43%, entre 1-2 fillos; o 29,84%, entre 3-4 fillos; o 24,06%, entre 5-10 fillos; finalmente, o 3,9%, 10 ou máis fillos, acadando a localidade un promedio de 3,45 fillos por cada muller casada ou viúva, salientando o dato do 27,45% das mulleres que declaran ter un número de fillos maior ou igual a entre 5 e 11.

Esta cifra resalta, posta en relación con todas as da provincia de Pontevedra, para as que o INE rexistra os seguintes promedios: 2,25 fillos/muller para as zonas urbanas, 2,96 fillos/muller para as que denomina intermedias, e 2,90 fillos/muller para as rurais. Posta en escala de concellos da provincia, Sanxenxo é o que acada o maior promedio de fecundidade (3,56 f/m), a continuación figura Cangas (3,51 f/m), aparecendo Moaña en terceiro lugar, seguinda de Bueu e Tui (3,25 f/m), lonxe de cidades como Pontevedra (2,71 f/m) ou Vigo (2,39 f/m).

Considerando a formación educativa unha variable importante á hora de facer o retrato dunha poboación, os datos do INE de 1960 indican que o 55,79% da poboación moañesa posúe o nivel de instrucción elemental e tamén que se rexistra un 18,11% de analfabetismo, unha porcentaxe que, recorrindo de novo á escala comparativa provincial proporcionada pola mesma fonte, sitúa en primeiro lugar ao concello de Sanxenxo (19,32%), Moaña en segunda posición, Cangas a continuación (17,79%), Bueu (17,74%) ou Ponteareas (16,12%), todas elas moi lonxe do grupo de concellos que presentan as mellores cifras: Silleda (6,63%), Vigo (6,41%), A Estrada (6,38%) e, sobre todo, Lalín (4,64%).

A incidencia da Lei Xeral de Educación de 1970 é patente, por contraste ao datos anteriores, no nivel de instrución dos habitantes de Moaña en 1981, cando as porcentaxes de analfabetismo (7,1%), sen estudos (14,4%), estudos primarios (54,9%), estudos secundarios (28%) e estudos universitarios (2,4%) debuxan a liña da gran transformación educativa rexistrada.

Núcleos de poboación

A efectos operativos da nosa investigación, tomando como base a documentación do INE, establecemos os seguintes ámbitos ou demarcacións interiores: o territorio enteiro que abarca as delimitacións das parroquias de Domaio (D), Meira (M) e Tirán[63] (T) como espazos non urbanos. Para o caso da parroquia de Moaña (Ñ) estimamos a maior parte da súa extensión como non urbana e outra – os barrios de A Seara e A Praia- como novo centro urba-

63 En 1962 nacerá, nesta parroquia, o barrio urbano do Real.

no (C). A este primeiro centro urbano litoral sumámoslle, a partir de 1962 o barrio do Real (R), como continuo, extensión ou ensanche urbano.

Con estes marcos territoriais analizaremos a evolución dos núcleos do concello de Moaña en canto á súa poboación, edificios destinados a vivendas, número de vivendas en núcleos e vivendas dispersas, etc., dende 1900-1991.

Hai que ter en conta que a metodoloxía do INE cambiou de criterios en tan longo período de tempo, así como tamén mudou moito a dinámica residencial moañesa: varios núcleos de poboación ou antigas aldeas minguaron, outros reformularon o seu ámbito xeográfico con solapamentos residenciais por extensión doutros núcleos, como foi o caso do barrio do Con a partir do desenvolvemento do Real, un terceiro grupo de lugares ou núcleos medraron tanto demográfica como residencialmente e finalmente hai barrios que naceron de novo, caso do Real, ou outros que tiveron un gran desenvolvemento diferenciado a partir dunha pequena aldea inicial, como foron os lugares de Isamil, O Latón ou A Guía.

Tampouco se poden medir ou comparar algúns dos distintos apartados incluídos en cada cadro porque algúns nomenclátores ou censos de poboación e vivendas decenais do INE recollen o número de edificios de vivendas e outros non: por exemplo, dos censos correspondentes as décadas de 1900 e 1930 podemos deducir que número de edificios corresponde case exactamente a número de vivendas, porén no de 1940 aparece só o número de vivendas, que podemos interpretar como fillo do mesmo criterio seguido por esta institución para as tres primeiras décadas.

En 1950 aparecen os primeiros rexistros estatísticos da tendencia ao espallamento do hábitat residencial. Dispoñendo destes datos de poboación podemos situar a orixe da "desnuclearización" do parque residencial moañés na década 1940-1950 porque contamos co primeiro rexistro do INE de edificación, vivenda e poboación en diseminado. Estamos, pois, no principio dun cambio substancial na tendencia histórica da ordenación do territorio galego tal e como se viña entendendo como un hábitat tradicional agrupado segundo escala -casal, lugar, aldea, parroquia, etc.- seguindo as liñas do viario existente ou de nova creación: esta transformación será determinante para entender as dificultades de ordenación territorial e urbanística que analizaremos para o período 1950-1987.

Os cadros que presentamos a continuación pretenden ilustrar en extenso a evolución do hábitat moañés durante as catro décadas posteriores a 1950 e as principais tendencias e cambios experimentados en canto a poboación e vivendas segundo o INE.

CADRO Nº 3: NÚCLEOS, POBOACIÓN, EDIFICIOS, VIVENDAS E HABITANTES EN NÚCLEO E DISEMINADO, 1950

C: Centro urbano; Ñ: Parroquia de Moaña non urbana; M: Parroquia de Meira; T: Parroquia de Tirán; D: Parroquia de Domaio

ED VIV NUCL: Edificios de vivendas en núcleos

ED VIV DIS: Edificios de vivendas en hábitat disperso

HAB DIS: Número de habitantes en hábitat disperso

NÚCLEO	AMBITO	POBOACION	ED VIV NUCL	VIVENDAS	ED VIV DIS	HAB DIS
PRAIA	C	1136	164	214		
Abelendo	Ñ	705	144	148		
Ribeira	M	638	137	139		
Moureira	M	584	118	119		
Quintela	Ñ	572	149	150		
Con	T	537	120	120		
Vilela	T	534	138	138		
Seara	C	487	175	175		
Igrexario	T	452	84	84	22	150
Piñeiro	Ñ	402	82	82		
Casal	Ñ	371	82	83		
Ameixoada	Ñ	347	60	62	15	75
Paradela	Ñ	345		72	72	345
Palmas	D	325	91	91		
Calvar	D	316	77	77		
Verducedo	Ñ	310	56	58	11	50
Couso	M	308	62	62	22	88
Reibon	M	288	58	58	13	52
Verdeal	D	276	59	59	16	64
Redondo	Ñ	218		47	46	218
Broullon	Ñ	214	26	26	18	90
Xalde	Ñ	196	25	26	17	62
Sabaceda	Ñ	190	34	34	7	36
Marrua	Ñ	186		40	40	186
Pombal	M	175	40	40	15	60
Fraga	Ñ			29	28	127
TOTAL		11106	2127	9211	419	1895
%			83,54%	82,93%	16,45%	17,06%

O cadro nº 3 ofrécenos información da década de 1940 e amosa a complexidade das distintas morfoloxías que toman as agrupacións ou espallamentos residenciais das novas edificacións xa dende a citada década fan moi difícil a súa tipificación en definicións taxonómicas precisas. Utilizando o INE como criterio de autoridade, vemos que esta institución sitúa nesta etapa un 16,45% do total de edificios para vivendas en ámbito diseminado,

onde habita o 17,06% da poboación moañesa.

O espallamento residencial atinxe ao medre das novas edificacións en practicamente todo o ámbito non urbano: na primeira coroa concéntrica ao que está a configurarse como centro urbano litoral (barrios de A Seara e A Praia) medran lugares como O Redondo ou A Marrúa, ao tempo que tamén nas proximidades do núcleo fundacional tradicional de San Martiño crecen os barrios de A Paradela, A Ameixoada ou Broullón. En Tirán, O Igrexario. En Meira van comezando a espallarse barrios como Couso, O Pombal ou Reibón. En Domaio permanecen núcleos tradicionais como Palmás e Calvar, iniciándose o diseminado en Verdeal, preto da costa.

Segundo os datos do cadro do INE de 1960[64], poderiamos entender que na década de 1950:

a) Hai un novo reagrupamento do hábitat nuclear sobre os datos do INE da década de 1940

b) Os criterios de definición de nuclear e diseminado cambiaron: parte da dispersión que vimos no cadro nº 3, unha década despois pode ser entendida como núcleos, de escala maior, a base de unión de anteriores hábitats diseminados.

Pensamos que non hai razón para compartir a opción a) posto que a información real da que dispoñemos sobre o medre da construción residencial 1950-1960, xunto coa fotografía aérea da mesma época[65], acreditan que a tendencia centrífuga e espallada da edificación segue os mesmos parámetros da década anterior, acrecentados en canto a intensidade edificatoria, continuando a dispersión dos novos edificios para vivendas que se prolongan sobre as vías de comunicación existentes: a dispersión residencial xa é unha característica estrutural e non unha tendencia.

64 Ver Anexo, cadro nº 2.

65 Ver fotografía 1 (1956), en Anexo.

CADRO Nº 4: POBOACIÓN, EDIFICIOS E VIVENDAS EN NÚCLEO E DISEMINADO, ANO 1970

C: Centro urbano; R: O Real; Ñ: Parroquia de Moaña non urbana; M: Parroquia de Meira; T: Parroquia de Tirán; D: Parroquia de Domaio

ED VIV NUCL: Edificios para vivendas en núcleos

VIV NUCL: Número de vivendas en núcleos

ED VIV DIS: Edificios de vivendas en hábitat disperso

VIV DIS: Número de vivendas en hábitat disperso

1970	AMBITO	POBOACION	ED VIV NUCL	VIV NUCL	ED VIV DIS	VIV DIS
Seara	C	1263	87	125	183	214
Con	T-R	1185	278	294		
Ribeira	M	1179			261	315
PRAIA	C	1114	101	160	115	128
Moureira	M	940			194	220
Abelendo	Ñ	805			209	212
Quintela	Ñ	760	197	217		
Vilela	T	621			148	160
Reibon	M	603			139	146
Igrexario	T	596			152	157
Costa	D	513	116	119		
Palmas	D	477	102	104		
Redondo	Ñ	439			104	120
Verdeal	D	428			102	104
Ameixoada	Ñ	402			99	103
Piñeiro	Ñ	392			98	108
Paradela	Ñ	371			86	98
Cruceiro	Ñ	349			97	97
Casal	Ñ	338			91	100
Calvar	D	325			73	74
Couso	M	296			85	86
Total		15060	881	1019	2694	2885

Fonte: elaboración propia a partir de datos do censo de poboación e vivendas, INE, 1970.

Para a década 1960-1970, o INE utiliza como criterio o que podemos entender como o do máis restritivo núcleo tradicional residencial, non incluíndo nesta definición nin ao centro urbano litoral formado polos barrios de A Seara e A Praia. O importante desenvolvemento de arterias viarias como as novas estradas de Meira e de Verducedo, o desenvolvemento económico, laboral, fabril e migratorio conlevaron un aumento da nova edificación residencial a un ritmo descoñecido na historia local, unha media de máis de 105 novas edificacións residenciais anuais entre 1963-1979. Esta intensidade edificatoria desenvólvese principalmente sobre as mellores vías de comunicación existentes, nas súas proximidades ou tamén a carón das aperturas continuas de accesos viarios para novas edificacións.

O resultado desta aceleración é a máxima desordenación, desnuclearización e dispersión do mapa residencial moañés[66]: en 1970, segundo o INE, habitan en núcleos (O Real-O Con, Quintela, Costa e Palmás) unicamente o 26,47% da poboación local: 3.987 persoas sobre un total de 15.060 habitantes censados.

No retrato poboacional e residencial entre o tardofranquismo, o remate do franquismo e o comezos da democracia local[67] (INE, 1981), aínda que o estancamento na edificación residencial é palpable, a intensidade da obra pública de creación ou implantación de novos servizos de ancheamento de camiños, alumeado, saneamento, pavimentación, etc., que tivo lugar durante toda a década 1970-1980 continúa aínda na seguinte, facendo que a construción e mellora dos camiños existentes e/ou a apertura de novos camiños-estradas sexa intensa.

A consecuencia evidente é a ampliación das posibilidades de situar novas edificacións nas estradas e camiños-estradas novos ou mellorados, como se pode ver nas fotografías aéreas de 1985 e na documentación municipal que iremos aportando.

O criterio para definir o residencial nuclear e o diseminado -aínda sendo similar o mapa territorial-residencial de 1981 ao de 1971- volve sobre un criterio de núcleo disonante coa imaxe real do caso moañés: o INE fixa no 76,68% a poboación local que habita en núcleos –entendemos que identifica esta tipoloxía habitacional co universo residencial existente preto das vías de comunicación dispoñendo dun mínimo de servizos públicos- e que veñen a ser 13.077 persoas sobre unha poboación total de 17.053 habitantes, en claro contraste cos datos aportados pola mesma institución para a década 1960-1970.

66 Ver fotografías 2a (Meira-Domaio, 1966) e 2b (Tirán-Moaña, 1966), en Anexo.

67 Ver Anexo, cadro nº3.


A XUNQUEIRA
1956
A XUNQUEIRA
1966
A XUNQUEIRA
1985

CADRO Nº 5: POBOACIÓN E VIVENDAS, ANO 1991

C: Centro urbano; R: O Real; Ñ: Parroquia de Moaña non urbana; M: Parroquia de Meira; T: Parroquia de Tirán; D: Parroquia de Domaio

VIV NUCL: Vivendas en núcleos

VIV DISEM: Vivendas en hábitat disperso

1970	AMBITO	POBOACION	ED VIV NUCL	VIV NUCL	ED VIV DIS	VIV DIS
Seara	C	1263	87	125	183	214
Con	T-R	1185	278	294		
Ribeira	M	1179			261	315
PRAIA	C	1114	101	160	115	128
Moureira	M	940			194	220
Abelendo	Ñ	805			209	212
Quintela	Ñ	760	197	217		
Vilela	T	621			148	160
Reibon	M	603			139	146
Igrexario	T	596			152	157
Costa	D	513	116	119		
Palmas	D	477	102	104		
Redondo	Ñ	439			104	120
Verdeal	D	428			102	104
Ameixoada	Ñ	402			99	103
Piñeiro	Ñ	392			98	108
Paradela	Ñ	371			86	98
Cruceiro	Ñ	349			97	97
Casal	Ñ	338			91	100
Calvar	D	325			73	74
Couso	M	296			85	86
Total		15060	881	1019	2694	2885

Fonte: elaboración propia a partir de datos do censo de poboación e vivendas, INE, 1991.

Consolidada residencialmente unha Moaña central urbana formada polos barrios de A Seara e A Praia, coa extensión ao barrio do Real, a situación que nos describen os datos do INE para 1991 no cadro nº 5 volve rexistrar cambios substanciais sobre a década anterior, 1970-1980.

A realidade territorial amosa unha estrutura de núcleo central urbano e distintos ámbitos descontinuos de periurbano, rururbano, etc., espazos difusos e difíciles de tipificar que mesturan edificios residenciais e empresariais, etc. A intensa e continuada actividade de mellora nas vías de comunicación entre núcleos e tamén entre espazos difusos teceu unha malla con tramas ou manchas irregulares que ocupa a maior parte das zonas parroquiais articuladas a través de importantes estradas primarias, secundarias, camiños-estrada,

pistas forestais, etc. e significaba a continuidade en democracia da dispersión do hábitat que comezara na década de 1940.

Sobre estra estrutura complexa e densa asenta en 1991-sempre segundo o INE- un 44,99% da poboación (9.230 persoas) en ámbitos diseminados. O 55,01% restante, habitantes censados en núcleos de poboación, viven nos seguintes lugares:

CADRO Nº 6: POBOACIÓN E VIVENDA EN NÚCLEOS, 1991

D: Domaio; Ñ: Moaña non urbana; C: Centro urbano; T: Tirán

NUCLEOS	ÁMBITO	POBOACIÓN	VIVENDAS
Carballido	D	47	25
San Lourenzo	D	71	28
Quintela	Ñ	803	292
Abelendo	Ñ	697	262
Cruceiro	Ñ	264	103
Praia	C/Ñ	892	441
Redondo	Ñ	708	257
Seara	C/Ñ	1216	475
O Con / O Real	C/T	2853	1291
TOTAL		7551	3174

Fonte: elaboración propia a partir de datos do censo de poboación e vivendas, INE, 1991.

Os cadros anteriores tamén nos proporcionan un dato estatístico elemental como é o da diferenciación entre número de edificacións e número de vivendas e así podemos ver como a tipoloxía de vivenda unifamiliar dunha soa planta é hexemónica en todo o territorio analizado, así como podemos establecer unha relación da media de habitantes por cada vivenda que seguiría a seguinte evolución: 1900: 4,07 h/v; 1910: 3,67 h/v; 1920: 3,67 h/v; 1930: 3,83 h/v; 1940; 4,41 h/v; 1950: 5,08 h/v; 1960: 4,44 h/v; 1970: 4,05 h/v; 1981: 3,36 h/v; 1991: 2,46 h/v.

Os datos do INE informan, sobre todo, das tendencias e das consolidacións estruturais principais que tiveron lugar durante case un século e serven de introdución ao mundo da política local, o urbanismo e a análise detallada do desenvolvemento residencial en Moaña que analizaremos nos apartados correspondentes.

Concluíndo este apartado podemos resumir que o mapa residencial ou habitacional de Moaña durante o século vinte amosa os seguintes datos agrupados e características en canto ás divisións operacionais do territorio utilizadas neste estudo:

O que definimos como o ámbito non urbano da parroquia de Moaña[68] comeza o século cunha preponderancia dos lugares de poboación situados preto ou con mellores conexións con Abelendo, o núcleo onde está situada a igrexa románica de San Martiño, centro relixioso, cultural e comercial ao redor do que se estenden núcleos importantes para a conexión veciñal diaria coa economía da pesca como Quintela ou Seara.

A parroquia de Meira[69] está asentada residencialmente dende comezo do século en varios núcleos importantes: primeiro sobre o de Ribeira e a medida que avanza o primeiro terzo tamén sobre os de Moureira, Couso, Reibón ou Pombal, lugares onde están instaladas as principais industrias cordoeiras sendo tamén unha parroquia que vive do mar a través dunha flota dispersa de embarcacións de pequeno porte e tamén da actividade do marisqueo. As limitacións das comunicacións rodadas por terra fan que Meira dispoña tamén dunha empresa de transporte marítimo que comunica esta parroquia con Domaio, Moaña e Vigo. Dende mediados dos anos 1950 comeza a desenvolverse o barrio do Latón, ao redor das industrias alí establecidas -o INE recólleo, a partir de 1981- como Isamil, e de 1991 como A Guía, ambos incluídos anteriormente como Ribeira, barrio que experimenta un forte pulo censal entre 1960 e 1980.

A parroquia de Tirán[70] está articulada históricamente ao redor de dous polos, Vilela, lindeiro e dependente social, comercial e laboralmente de Cangas[71], cun crecemento demográfico estable no tempo, e o Igrexario que recolle os barrios preto da estrada Cangas-Vilaboa e a baixada dende esta ata o interior da parroquia e o barrio do Con. Este último núcleo, lindeiro co centro urbano litoral está incluído na estatística do INE, a partir do censo de 1960, xunto coa importante concentración residencial do barrio urbano do Real na que nos deteremos máis adiante en detalle.

Polas súas características xeográficas, **Domaio**[72] é unha parroquia que mantén durante décadas a estrutura territorial tradicional ao redor dos núcleos de Palmás, Costa, Calvar e Verdeal. Dende comezos de século, a importancia das industrias de carpintería de ribeira (familias Ferradás, Verdeal, etc.), a importante flota de barcos cargueiros (denominados galeóns ou balandros -"da pedra" ou "da area"- a vela, remos ou motor, segundo os lugares e as épocas) que traballan por toda a ría de Vigo subministrando area (extraída ilegal pero toleradamente nas illas Cíes, praias de Nerga, Barra, Samil, etc.) ou pedra

68 Ver cadro nº4: residentes por lugares, Moaña non urbana, 1900-1991, en Anexo.

69 Ver cadro nº 5: residentes por lugares, parroquia de Meira, 1900-1991, en Anexo.

70 Ver cadro nº 6: residentes por lugares, parroquia de Tirán, 1900-1991, en Anexo.

71 Segundo Enrique Parcero Chapela (1911): "nós, os de Vilela, iamos máis a Cangas que a Moaña". A Moaña desprazábanse a "pagar a contribución", ao Concello, etc. Entrevista de X.C. Villaverde Román, Villaverde Román, X.C.; Proxecto Mar Viva, Cangas, 2003; Transcrición depositada no Museo do Pobo Galego, p. 536.

72 Ver cadro nº 7: residentes por lugares, parroquia de Domaio, 1900-1991, en Anexo.

das canteiras de Domaio e Meira a empresas de construción da ría de Vigo, así como subministros comerciais (traen de Vigo a Moaña patacas, azucre,sal, xabrón, arroz, viño, aceite, etc., e levan madeira cortada, piñas para as calefaccións de Vigo, produtos agrícolas, gando, etc.).

Os principais núcleos desta parroquia teñen un crecemento sostido pero as comunicacións e a economía a partir da década de 1920 fan que sexan Palmás e Verdeal os núcleos de máis forte crecemento favorecidos, unha vez máis, pola súa proximidade á estrada Cangas-Vilaboa e ao litoral. As décadas de 1950 e 1960 foron importantes tamén para o desenvolvemento dos lugares de Costa e Calvar que se beneficiaron da actividade laboral de estaleiros de ribeira, necemento da explotación do mexillón en viveiros flotantes, inicio das fábricas de conserva e comercialización do bacallau, transportes marítimos, etc.

As zonas máis altas da parroquia, Carballido e San Lourenzo, fican estancadas e posteriormente en franco declive demográfico dende a metade da centuria, cando a economía prima o mar de proximidade ou de altura, a industria, etc.

O máis salientable do movemento residencial e poboacional do termo municipal de Moaña rexistrouse no que sería, andando as primeiras décadas do século vinte, o novo centro urbano litoral, formado por unha parte dos barrios de A Seara e A Praia, aos que se lle engadiría o barrio do Real, nacido na década de 1960. Estas foron as súas dinámicas de desenvolvemento demográfico e residencial:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 7: RESIDENTES, EDIFICIOS PARA VIVENDAS E VIVENDAS, A SEARA, 1900-1991

ED VIV NUCL: Edificacións para vivendas en núcleos

ED VIV DIS: Edificacións para vivendas en hábitat disperso

VIV NUCL: Vivendas en núcleos

VIV DISEM: Vivendas en hábitat diseminado

CENSO	POBOACIÓN	ED VIV NÚCL	ED VIV DIS	VIV NÚCL	VIV DISEM
1900	326	74			
1910	434	104			
1920	435	108			
1930	509	116			
1940	697	149			
1950	487	175		175	
1960	839			206	
1970	1263	87	183	125	214
1981	1347			412	
1991	1216			475	

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991.

O barrio de Seara, coa excepción dos datos pertencentes á década 1960-1970, sempre tivo a consideración de núcleo para o INE. Dende comezos de século foi un lugar tributario da súa proximidade ao litoral e á actividade pesqueira, sobre todo, pero contando cunha gran dificultade comunicacional viaria ou rodada: o borde litoral non permitía o normal desprazamento de persoas nin mercadorías coa marea alta entre os núcleos da Praia, O Real e O Con: coa marea baixa, había que ir pola area.

Unha vez abertas a estrada Cangas-Vilaboa e o "ramal ao peirao", a permeabilidade entre A Seara e A Praia foi intensa, sendo ambos os lugares preferidos polas demandas residenciais do gremio da pesca de baixura, de tal xeito que boa parte da parroquia non urbana de Moaña, a partir da primeira década coa apertura das citadas vías de comunicación, busca fixar a súa residencia nos barrios da Praia, sobre todo, e despois da Seara: non son casuais os saltos demográficos experimentado pola Seara dende os anos 20, con incrementos cuantitativos substanciais como os das décadas de 1950-1960 -de 487 habitantes/1950 a 839/1960- e 1970 cando pasa de 839 a 1263 habitantes.

O barrio da Praia, por situación xeográfica e orográfica, foi habitado dende o comezo de século por persoas ligadas hexemónicamente á actividade da pesca litoral (mariñeiros, armadores, patróns, atadeiras, mariscadoras, caseteiros, chaboleiros, carrexóns, etc.). Esta situación intensifícase coa creación da estrada da beiramar a mediados da primeira década do século –ata

aquel momento, na preamar e nos temporais, "o mar batía nas portas de casas e comercios"- e proporciona unha vía segura para a actividade pesqueira e a implantación de novas e sucesivas edificacións ao longo da citada vía que irán acollendo residencias, comercio e algunha industria.

Esta dinámica dará lugar co tempo ao solapamento dos barrios da Praia e a Seara como novo centro urbano litoral, á construción de novos edificios en zonas perimetrais da Praia como a estrada Cangas-Vilaboa e a colmatación da vía principal de conexión entre a parte alta/interior da parroquia de Moaña e a súa parte central litoral, a través da Canexa. Podemos ver os cambios experimentados a través do seguinte cadro e acreditar a consolidación do hábitat urbano con ciclos temporais similares aos do barrio de Seara: grandes incrementos poboacionais nas décadas de 1920-1930, 1940-1950 ou 1960-1970.

CADRO Nº 8: RESIDENTES, EDIFICIOS PARA VIVENDAS E VIVENDAS, A PRAIA, 1900-1991

ED VIV NUCL: Edificacións para vivendas en núcleos

ED VIV DIS: Edificacións para vivendas en hábitat disperso

VIV NUCL: Vivendas en núcleos

VIV DISEM: Vivendas en hábitat diseminado

CENSO	POBOACIÓN	ED VIV NÚCL	ED VIV DIS	VIV NÚCL	VIV DISEM
1900	167	44			
1910	365	79			
1920	269	102			
1930	607	122			
1940	821	128			
1950	1136	164		214	
1960	803			159	
1970	1114	101	115	160	128
1981	1054			362	
1991	892			441	

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991.

A documentación recollida polo INE para o barrio do Real, nacido en 1962 –censos de poboación e vivendas de 1970 e 1991- é confusa porque recolle a realidade compacta e de vivenda colectiva do Real como un agregado residencial e demográfico do barrio histórico do Con. A información do censo do INE 1981 aporta unha cifra de 402 vivendas e 890 habitantes o que nos dá unha idea da importancia residencial e demográfica do primeiro "ensanche

urbano" que se realiza no concello de Moaña.

Na entrada da democracia local, os datos das NSP[73] para 1980 establecen un reparto demográfico -sen datos da parroquia de Domaio- segundo criterios de zonificación urbanística, rexistrando para o núcleo urbano central (A Praia, A Seara, O Redondo), 3.400 habitantes; o segundo núcleo urbano consolidado (O Real, O Con), 1.800 habitantes; o ámbito rururbano da parroquia de Moaña (Abelendo, O Cruceiro, O Casal, A Ameixoada), 2.200 habitantes; o eixo ou rótula entre a parroquia de Moaña urbana e a rururbana (Quintela), 950 habitantes; o outro ámbito rururbano da parroquia de Moaña (O Piñeiro, Os Piñeiros, Verducedo, A Xalde, Sabaceda, A Paradela, A Marrúa, Broullón, A Fraga), 2.500 habitantes; a parroquia de Meira, 3.500 habitantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

73 Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 69.

PARTE I
CAMBIO ECONÓMICO, LABORAL, RESIDENCIAL E SOCIAL

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.DO TRABALLO LOCAL AO INTERNACIONAL

Moaña ten dende comezos de século un desenvolvemento económico dependente do sector pesqueiro de baixura ou do día, dividido en dous sectores, un máis modesto que poderiamos chamar persoal ou familiar formado por pescadores que traballan coas artes do boliche, a rapeta, etc., e outro constituído por embarcacións de maior porte que se van transformando, incorporando a motorización que substitúe á propulsión tradicional a base de remos ou de vela[74].

Os principais labores femininos retribuídos por conta allea eran o traballo nas cordoerías de Meira e Domaio, o traballo nas canteiras tamén de Domaio e Meira, o de persoal de servizo doméstico –"ir a asistir- en Vigo, como temporeiras na apertura de vías públicas -"traballar por metro"- desfacendo pedra, carrexando, levando ferramenta aos traballadores ou limpando, o labor de marisqueo[75] -en Meira, Moaña e Domaio pero tamén na illa de Toralla (Vigo), Aldán (Cangas), Portomaior (Bueu) ou Santa Cristina (Vilaboa). Son tamén labores femininos o atado e reparación das redes de pesca ou os traballos do cultivo do mexillón nos viveiros flotantes ou bateas por Domaio, Meira e Moaña, oficios partillados coas tarefas domésticas, tanto nas funcións da vivenda e a familia como na crianza dos fillos, coidados de persoas maiores e/ou dependentes, atención á agricultura, horticultura, etc.

Outro sector de importancia histórica en canto a emprego case hexemonicamente feminino, con oito empresas na parroquia de Meira e unha en Domaio en 1943, segundo Santiago Barreiro[76], é o de cordoerías de cánabo.

---

74 Sobre a importancia de Moaña como peirao pesqueiro e gremio mariñeiro ata 1936, PEREIRA, D. (1992), pp.145-155. Para unha descrición do ambiente socioeconómico e laboral de Cangas de Morrazo dende comezos do século vinte, SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005), pp. 11-35. Para o concello de Bueu, v. MUÑOZ ABELEDO, L. (2010).

75 María Pérez Parada (1913, mariscadora e atadeira), entrevista de Villaverde Román, X.C.; Proxecto Mar Viva, Cangas, 2003; Transcrición depositada no Museo do Pobo Galego, p. 256.

76 Segundo MEIRA, J.A. e CURRÁS DEL RÍO, R, (2016) a comezos dos anos 40, no arquivo de industriais do Concello de Moaña aparecen 11 industriais á fronte das cordoerías de Meira. Ver "Datos complementarios sobre as cordoerías de Meira", en GARCÍA BARREIRO, M.U., (2016), p.228-234. Aínda en 1958 se rexistran dúas solicitudes de licenza de apertura de cordoerías, unha de 300 m^2, outra

Moitas das embarcacións de pesca na ría, feitas de carballo, piñeiro branco, piñeiro tea ou piñeiro roxo, materiais requiridos segundo as distintas partes interiores ou exteriores da obra, foran realizados nos estaleiros de Domaio e Moaña[77] unha fonte de emprego moi importante[78] e especializada, de tal xeito que se podía afirmar[79] que no segundo cuarto do século vinte "en Domaio non hai un home que non sexa carpinteiro de ribeira..., e ademais bos carpinteiros".

A difusión das traíñas[80] sobre comezos de século, a progresiva introdución da maquinaria de vapor na década de 1920, a súa posterior evolución coa introdución dos motores de aceite pesado ou gas oil, foron paralelas á diversificación de caladoiros e oportunidades laborais que se ofrecían na pesca do sur de España e Levante, así como tamén en Pasajes de San Juan (Guipúzcoa, ponte e camiño de embarque aos caladoiros de Terranova), no Grand Sole, etc. e tamén ao gran incremento da flota pesqueira moañesa local que tivo un desenvolvemento importante e foi a maior e mellor fonte de emprego para a maior parte da poboación ata a década de 1960, aínda que entra en crises importantes na década de 1950.

Desde mediados da década de 1950 están en marcha as grandes vías de oportunidades laborais con mellores condicións económicas (salarización, estabilidade laboral a diferenza da estacionalización da pesca de baixura local, gran mobilidade laboral, etc.): o enrole na Compañía Transatlántica Española, a vía holandesa na mariña mercante, ás que se engadirán en 1961 o nacemento de grandes empresas para a escala laboral da ría de Vigo como Pescanova ou Ascon.

Esta internacionalización da actividade laboral da parte maioritaria da

de 183 m^2, en Meira, e unha última en 1976. Expedientes de licenzas de aperturas, AMCM.

77 No citado folleto de BARREIRO, S., Moaña en 1943, recolle catro estaleiros na parroquia de Domaio, con capacidade para realizar embarcacións de entre 200 Tm e 500 Tm., e tres na de Moaña. Tamén censa en 1943 nove empresas de transporte marítimo en Domaio, o que dá idea da importancia das comunicacións sociais e relacións comerciais a través da ría de Vigo, tratando de superar as dificultades orográficas e viarias que aínda existían con Moaña por terra. SANTOS CASTROVIEJO, I. (2005), recolle a importancia dos estaleiros de Domaio dende comezos do século vinte e SOUTO GONZÁLEZ (1990), p. 186, recolle entre 1941-1944, 4 estaleiros en Domaio, 4 en Meira e 2 en Moaña. A importancia das comunicacións dedúcese da actividade municipal cando en 30111955 faculta ao alcalde para realizar xestións ante o Concello de Redondela e a Delegación de Obras do Porto e Ría de Vigo, cara a realizar un peirao e rampla de acceso en Chapela para mellorar as comunicacións con Domaio (PM, AMCM). A parroquia de Domaio afronta o seu illamento e distancia co núcleo central de Moaña desenvolvendo na primeira metade do século vinte unha importante cultura industrial relacionada co mar: importantes estaleiros de ribeira, empresas de transporte marítimo e construción e explotación de bateas de mexillón.

78 DE JUAN GARCÍA-AGUADO, J.M., (2011), pp.141-149, recolle as principais características e persoas de referencia nas carpinterías de ribeira moañesas.

79 Enrique Parcero Chapela (1911, mariñeiro), entrevista de Villaverde Román , X.C.; op.cit., p. 349.

80 Para maior ampliación da evolución do sector da traíña "de singular importancia para o desenvolvemento do barrio da Praia (Moaña), VILLAVERDE ROMÁN (2012), p. 210-211.

poboación activa, mariñeira de baixura moañesa, significou un corte evidente sobre a situación anterior: podemos dicir que a maior parte da mariñeiría local vai abandonar a pesca –sobre todo da sardiña- unha actividade tradicional, estacional, económicamente flutuante, relacionada cun estilo de vida humilde e igualitario onde a aspiración das familias era acadar, cando menos, un nivel de vida que permitira a reprodución das condicións de existencia herdadas da xeración anterior (alimentación, renda, vivenda, etc.), que van mudar para unhas condicións de traballo competitivas, reto aceptado por unha poboación consciente de non deixar pasar a oportunidade do ascenso de nivel de renda persoal e familiar: era a entrada nun capitalismo cada vez máis maduro, de maior control da produción, a produtividade, os sistemas de traballo fordistas, a apertura a mercados internacionais, etc.

A nova divisa do estilo de vida mariñeiro de mediados do século vinte ben puido ser *"Todos fomos emigrantes: pasaporte ou libreta de navegación é o mesmo sistema"*[81]: a porta aberta a un traballo a miles de millas do seu fogar ofreceulles a posibilidade de deixar atrás un mundo cultural, doméstico, social e económico dominado polas carencias como forma de vida para as xeracións e/ou cohortes activas e protagonistas da maior parte destes cambios (as de 1927-1945, seguidas das de 1919-1926 e as de 1946-1955), as mesmas que encontraremos como promotoras e iniciadoras de novas edificacións residenciais en Moaña.

Aínda que as condicións de vida e traballo nas que saíron adiante estas persoas foron obxectivamente duras, a maior parte dos protagonistas valoran aquel seu tempo laboral activo en función da súa mobilidade social: sen deixar de definir a súa vida laboral con trazos como "escravitude", que prefiren "que non volva", aceptan o seu balance persoal e familiar en función do triunfo en niveis de renda, consumo, desenvolvemento familiar e residencial, percibindo as súas follas de ruta laborais, unha vez fóra do mercado e da actividade, como positivas: "era o que había que facer", unha especie de imperativo kantiano orientador das súas vidas.

Iremos comentando en sucesivos apartados algunhas das características xeracionais, laborais e sociolóxicas que acompañaron as grandes transformacións socioeconómicas, empresariais e laborais experimentadas.

1 Economía, empresa e emprego

A primeira referencia estatística sobre a poboación activa de Moaña en 1950, proporcionada polo INE, recolle os seguintes cadros de profesións e de sectores económicos que nos facilitan unha ollada sobre a estrutura laboral e socioeconómica da localidade:

81 Javier Abal Pena (1911, capitán de buque), entrevista, 2008, AMOM.

CADRO Nº 9: PROFESIÓNS POBOACIÓN MOAÑESA, 1950

PROFESIÓN	TOTAL	HOMES	MULLERES
PATRONOS, EMPRESARIOS	296	286	10
EMPREGADOS, ADMINISTRATIVOS OFICINAS	96	96	
AGRICULTORES, PESCADORES	3177	2986	191
ARTESÁNS, XORNALEIROS	212	202	10
SERVIZO DOMÉSTICO	92	21	71
MILITARES	11	11	
TOTAL	3884	3602	282

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos do INE

CADRO Nº 10: SECTORES ECONÓMICOS DE MOAÑA, 1950

SECTORES	TOTAL	HOMES	MULLERES
AGRICULTURA, PESCA	3198	3007	191
INDUSTRIAS FABRÍS	159	149	10
CONSTRUCIÓN	64	64	
COMERCIO	53	53	
SERVIZO PÚBLICO, SERVIZOS OFICIAIS, PÚBLICOS E PERSONAIS	145	64	81
TOTAL	3619	3337	282

Fonte: elaboración propia a partir de base de datos do INE

Os cadros nº 9 e 10, sen entrar no detalle sobre as súas categorías clasificatorias que non distinguen a importancia –en canto a ocupación laboral en función do tempo dedicado, a renda ou o salario- entre os sectores agrícola e pesqueiro, indican a hexemonía do sector primario da extracción mariña como clave de bóveda da estrutura económica sectorial e profesional do concello, posto que o número de habitantes censados como agricultores, na súa maior parte, son persoas que mesmo habitando en núcleos ou barrios afastados da Praia ou A Seara, zonas de asentamento da maior parte da flota litoral, traballan nos "oficios baixos" como profesión ou sector económico principal que lles aporta unha renda salarial e unha contribución en especie (sardiña, xurelo, etc.) para o seu salgado doméstico, unha achega que a familia consumía nos meses de inverno xunto coa outra mantenza fundamental anual representada pola matanza do porco.

A familia como institución e as estratexias familiares[82] como relato

82 "a familia moderna por amor é tan estratéxica como poida selo a familia tradicional por interese, pois para xulgar as súas estratexias non hai que tomar como dato as súas desinteresadas intencións,

social son dous dos principais enfoques da nosa investigación durante as case catro décadas entre 1950-1987: tanto os barcos grandes como as pequenas embarcacións que practicaban este tipo de artes eran unha fonte de emprego familiar[83], unha rede de colocación de familias dos armadores, dos armadores-patróns a tamén dos mariñeiros que trataban de empregar aos seus fillos.

Os barcos grandes contaban con dúas tripulacións: unha ía ao mar e outra ficaba en terra, relevándose. Cada embarcación grande podía ter 50 mariñeiros enrolados pero á bordo cada día de labor non ían máis de 25, o número dos que estaban asegurados. A inestabilidade salarial era unha característica xeralizada: "o ingreso dos traballadores era impredicible debido a que o pagamento era proporcional ao peixe capturado. Isto era común en comunidades pesqueiras de todo o mundo" como amosan as investigacións en comunidades pesqueiras de Terranova, Islandia, Suecia, India e España[84].

Paradoxalmente, "a maior parte dos homes que estaban enrolados na ceifa, polo regular a xente que viña ao mar, era máis a xente do campo que a xente de aquí da Praia, porque a xente de aquí da Praia, o que non ía ao mar, tiña unha rapeta[85], tiña un boliche[86], un bou[87] (...) entón ía a xente do campo a buscar un *changüí* [88] e algo de cartos para pagar as contribucións. A "contribución" [imposto derivado da propiedade catastral] íase buscar sempre ó mar: a buscalas no verán e a pagalas no inverno", por iso aparecen nos censos de tripulacións das principais embarcacións de pesca moañesas nos anos 1940-1950, veciños de Marín, Bueu, Cangas, pero tamén das parroquias máis afastadas da Moaña non urbana.

Cada barco tiña unha serea distinta para chamar pola súa tripulación tal como as fábricas de conserva ao seu persoal e tamén dispoñía, cando menos, de dous aparellos: cando aparecía unha rotura poñían en funcionamento

senón tan só os seus resultados efectivos: as preferencias reveladas polas consecuencias previstas e imprevistas das decisións adoptadas (sexan cales foran as razóns amorosas, altruistas e desinteresadas que aconsellaron elexir tales decisións), segundo GARRIDO MEDINA, L. e GIL CALVO, E. (eds.), (1993),p. 19.

83 O ámbito territorial da comunidade pesqueira que estudamos cremos que é extensible á Galicia litoral, que está presente, por exemplo, no reclutamento laboral: "os apelidos dos traballadores repetíanse por xeracións nas distintas factorías", escribe para Bueu MUÑOZ ABELEDO (2010), op. cit., pp. 156, 175, 209-210, 222, 230.

84 MUÑOZ (2010), p. 209

85 Arte mixta de arrastre ou cerco que se traballaba dende pequeñas embarcacións. Unha mellor explicación en SANTOS (2005), p.17-33.

86 Rede varredoira ou de tiro para practicar o arrastre e capturar, sobre todo, sardiña, que acadou gran difusión nas rías de Pontevedra ou Vigo. Era unha arte accesible económicamente para as pequenas embarcacións. FERNÁNDEZ CASANOVA, C., (coord..), (1998), p. 152-3

87 Arte de pesca que vai remolcada por unha pequena embarcación.

88 Denominación popular dunha remuneración en especie, que vén complementar os ingresos habituais. En Bueu era "unha cesta de sardiñas por cada 12 cestas vendidas", e a "bagada" unha remuneración monetaria que tiña o mariñeiro despois da venda en lonxa: "de 50 ptas. libres de lonxa terá o mariñeiro dereito a 0,50 cts." (MUÑOZ, 2010), p. 264.

o segundo mentres as atadeiras facían a reparación[89] . Era aquel un mundo gremial no que os buques levaban na ponte de mando cadros da Virxe do Carme, a quen se lle pedía protección e intercesión cando se intuía o perigo –"moitas veces", mesmo "ateos e sindicalistas"- de tal forma que unha parte do gañado por mariñeiros e armadores, durante un tempo, era a aportación á Igrexa para a devoción e cultos da Virxe do Carme.

O sistema de traballo da pesca de litoral foi factor decisivo para o desenvolvemento residencial da Moaña urbana, ao esixir unhas xornadas laborais tan fatigosas como de longa duración por parte das tripulacións de cada embarcación por mor do mantemento diario dos aparellos de pesca: "aquí había quen secaba tódolos días, había quen secaba de dous en dous días, e había quen secaba de tres en tres (...) dependía do gusto ou do tempo que tiveras (...), por exemplo tomabas moito peixe, chegabas tarde a [vender á lonxa de] Vigo, había que botar a unha fábrica [de salga ou conserva] a Toralla [Vigo], ou a Cangas ou a Guixar [Vigo], e cadrábache unha baixa mar e non chegabas aquí [Moaña] menos da unha, e ás tres ou ás catro había que ir ó mar outra vez, non daba tempo a tender o aparello. Agora que si, como viñeras a tempo, aínda que arriaras a pel na Xunqueira, había que ir a tender", un traballo que esixía o concurso da tripulación para desembarcar o aparello, cambialo para un carromato tirado por mariñeiros ata as praias de Moaña, singularmente A Xunqueira, agás algúns armadores que levaban estas redes en carros de bois[90].

Á altura de 1950, un tempo definido por Carreras[91] (para a década de 1940) como "a noite da industrialización", a estrutura produtiva do concello de Moaña que podemos coñecer por referencias documentais estaba representada por esta alta dependencia das actividades marítimas de litoral, segundo tamén ilustran fontes variadas como a Administración Local[92], cando solicita formalmente ante a Dirección Xeral de Portos a declaración de Moaña como porto de refuxio, argumentando que hai no concello aproximadamente 80 embarcacións a vapor e motor e cerca de 200 de vela e remo, empregando entre todas preto de 2.000 mariñeiros[93], o que nos pode dar unha idea sobre a

89 José Bernárdez Villaverde (1900, patrón e armador), entrevista de Villaverde Román, X.C., Proxecto Mar Viva, Cangas, 2003; Transcrición depositada no Museo do Pobo Galego, p. 86 a 166.

90 Enrique Parcero Chapela (1911, mariñeiro), entrevista de Villaverde Román , X.C.; op. cit. p. 297. Sobre a importancia do tendido de redes, SANTOS (2005), op. cit., p. 516-525, analiza a conflitividade deste labor nas ordenanzas das bases de traballo dos peiraos de Aldán, Cangas e Moaña, a partir de 1931

91 CARRERAS, A. (1977), pp. 35-60.

92 PM24101949, AMCM.

93 PÉREZ ÁLVAREZ, L., (2015), p. 81, escribe que entre 1934-1935 había 140 barcos e 3.200 pescadores en Moaña. BARREIRO, S., Moaña en 1943, recolle un censo de 68 barcos "de porte y tracción mecánica" e suma o "número de produtores" que traballan na pesca, incluídas embarcacións menores, en 4.000 persoas. GARCÍA BARREIRO, M. U., (2006), 2006, p.24, aporta a cifra de 111 barcos "de distintos tamaños", en 1949, que daban emprego a máis de 3.500 persoas. A fonte que nos semella máis fiable é unha listaxe cun reconto exhaustivo, elaborada para o ISM, pensamos que de mediados dos anos 40, a efectos de cumprimentar o censo para o seguro social, onde aparecen un total de 126 atadeiras e 1.680 mariñeiros, estes últimos enrolados en 70 embarcacións, o 51% delas con máis de 25

estrutura local de emprego en relación co mar, no sector extractivo da baixura ou do día, así como tamén a proporción de embarcacións (ao redor do 28,6%) que aportaban máis emprego colectivo (vapores, motores) e pesca máis intensiva e extensiva[94] , diferenciados dunha maioría de pequenas embarcacións (71,4%) de tipo individual e/ou familiar, radios de pesca máis curtos e produción máis cativa.

Paralelamente á demanda do Concello de Moaña, tamén a Confraría de Pescadores de Moaña aproba en 1950 a solicitude de "declarar a Moaña como porto de interese nacional e refuxio, contando con 90 barcos de motor e vapor e [ilexible] de vela e remo, cunha importantísima flota que tripulan, en números redondos, uns 2.200"[95]

Aínda en 1956, ante unha pequena obra de recheo litoral ao lado da Praza de Abastos, a levar a cabo pola Junta de Obras del Puerto, o Concello pretende darlle á parcela gañada un uso para tendal de redes e abeiro para as embarcacións porque "a industria local é a pesca"[96], e de novo se insiste no argumento deste sector como contribución á riqueza local cando, a propósito dun proxecto de creación dunha nova infraestrutura -aprobación por parte da Comisión Administrativa de Portos do proxecto de dique peirao do porto do Con, 1957- o Concello[97]acredita que a flota moañesa "excede de douscentos os barcos de vapor e motor, máis outras catrocentas embarcacións de vela e remo e as catro compañías de vapores que fan servizo a esta vila e a Meira. Proba tamén en importancia o volume de pesca anual que excede dos 20.000.000 ptas. como termo medio."

A mariñeiría dos distintos gremios de extracción ou transformación do sector pesqueiro adquire coñecementos laborais importantes e diversificados dende a utilización de materias primas como a madeira (construtores navais, carpinteiros especializados, etc.) ou o aceiro (ferreiros de ribeira, remachadores, soldadores, caldeireiros, pintores, técnicos de caldeiras, engraxadores, tubeiros, etc.) que lles permitirán unha importante rotación laboral nas oportunidades de emprego ofrecidas pola industria da ría de Vigo, a flota de pesca costeira española, etc.

tripulantes, o resto divididos entre as de mediano porte –de 5 a 10 tripulantes- e un número descoñecido de botes e chalanas máis pequenas, con menos de 5 mariñeiros por embarcación. Fotocopias cedidas por Villaverde Román, X.C., A.C. Nós. Non temos datos das persoas empregadas neste sector en terra.

94 En 1951 figuran como barcos con máis radio de acción dedicados á pesca da sardiña nas costas de Portugal, as seguintes embarcacións: Peregrina Riobó, Cruz del Sur, San José, Maruchi, María del Carmen, Marujuan [?], Dornier 16, Teresa Currás Boubeta, Ave sin Puerto. Podemos estimar un total de 225 mariñeiros necesarios como tripulación total destas nove embarcacións e outros 225 como segunda tripulación, xa que cada armador destes barcos de maior porte dispoñía dun cadro de persoal mariñeiro que viña a ser o dobre do necesario para unha marea de pesca. Acta de 31 novembro de 1951. CP

95 Acordo da Asemblea Xeral da Confraría de Moaña, 26 de marzo de 1950. AXPM

96 PM29021956, AMCM.

97 PM17071957, AMCM.

Tentando documentar a evolución económica de Moaña neste século en canto ás fontes de emprego da poboación, encontramos que tanto na ría de Vigo como noutros caladoiros de Galicia existiron antes de 1955 vías históricas de colocación laboral dos mariñeiros moañeses en distintos peiraos da ría de Vigo e outros caladoiros de Galicia e Portugal, pero tamén nos de Marrocos ou Canarias dende 1923, o Grand Sole irlandés dende 1927 ou en Terranova, Huelva ou Cádiz[98] dende a década de 1940.

A evolución do sector empresarial e laboral que dependía do mar é un factor clave na transformación económica, urbanística e residencial do concello de Moaña: partindo do citado nivel histórico e a estrutura de emprego local dependente do mar ata a década de 1970, a evolución e a reconversión do gremio dos mariñeiros da localidade da que se ten constancia documental ou memoria social amosa a súa importante reconversión, transformación e adaptabilidade laboral, ben sexa como mariñeiros sen cualificación que pasan a desenvolver o mesmo rol en embarcacións internacionais moito máis cumpridas ou, en segundo lugar, como persoal especializado, sexan estes patróns de pesca e costa, maquinistas, oficiais, contramestres, electricistas, cociñeiros, capitáns, etc.

A transformación experimentada en Moaña con este sector primario durante a segunda metade do século vinte incluíu varios procesos importantes:

1. Diminución progresiva no número de unidades da flota de baixura ou do día (1955-1971), sobre todo as embarcacións máis grandes, ata a súa práctica desaparición.

2. Mobilidade laboral e territorial, remuda e reconversión dos profesionais do mar de baixura que pasarán a traballar (a partir de 1955) nas flotas internacionais de transporte migratorio, mercadorías, flota conxeladora de Gran Altura, etc.

3. Transformación sectorial: despois de mediados de século (1953) nace o cultivo do mexillón en viveiros flotantes e, sobre todo (1961) rexístrase o gran desenvolvemento da construción naval en aceiro e a conserva hermética de peixe.

Esta transformación da estrutura produtiva mariña local é fundamental na configuración de Moaña como urbe e vila centralizada na primeira metade

98 BROULLÓN ACUÑA, E., (2008), p.40, 138-140. Tamén MUÑOZ (2010), p. 233, acredita que "os mariñeiros cambiaban a menudo de empresa e de ocupación segundo o tipo de pesca realizado, e, dende logo, a súa vida laboral implicaba unha enorme mobilidade xeográfica. Xeralmente comezaban entre os 8 e 15 anos en baixura con algún familiar; a partir dos 20 anos enrolábanse en altura, sendo peiraos comúns de embarque e desembarque Cádiz e Huelva, no Sul e Pasaxes no Norte"

do século vinte, sendo paralela e semellante á transformación, desaparición ou reconversión do secular complexo agrícola de Galicia: así como se recoñece o intenso proceso de desagrarización e unha progresiva diminución do que representaran o campesiñado e os agricultores na estrutura económica galega na mesma época, cremos que tamén se pode falar dun proceso de desmariñeirización paralelo para o caso da estrutura económica e laboral moañesa a partir de 1955, cando a "xente da patela" colle billete migratorio para longas estancias internacionais.

1.1.1 Proceso de desmariñeirización: billete para transatlán tica, mercantes e conxeladores

A través da influínte figura de José Pazó Rodríguez[99], Moaña tivo a oportunidade de ir enrolando -nos transatlánticos "Montserrat" [100] e "Begoña", sobre todo- e tamén noutros buques da Compañía Transatlántica Española[101] ou –en menor medida- da Campsa, a unha cantidade de traballadores,

99 José Pazó Rodríguez (Moaña, 1897-1960), inspector de Facenda, docente e financeiro, membro do Consello de Administración do Banco Exterior de España (1953), Motor Ibérica S.A. (Ford Motor), (1954), Manufacturas Metálicas Madrileñas S.A., (1959), Dugopa S.L., Banco Mercantil e Industrial (1960), foi incorporado por Claudio Güell y Churruca (Conde de Ruiseñada, Presidente-Xerente da CTE) como Conselleiro Delegado da Compañía Transatlántica Española S.A., en 1955.

100 RELACIÓN DE PERSOAL SUBALTERNO DE LA M/N MONTSERRAT, 1957, fotocopia cedida por Eugenio Costa Martínez: sobre un total de 115 empregados subalternos mariñeiros, camareiros, etc., na primeira viaxe do "Montserrat"-, "ao redor de corenta e tantos" son naturais do concello de Moaña, segundo Alfonso García Paz (1940), embarcado na primeira tripulación de 1957 como marmitón. Entrevista, 13062011, arquivo propio. Estímase que entre 100-200 persoas do concello de Moaña chegaron a traballar na Compañía Transatlántica, entre 1955 e mediados da década de 1970.

101 Segundo as memorias do Consello de Admistración da CTE de 1954 a 1961 (Museu Maritim de Barcelona), en 1955, a CTE, que dispón das motonaves "Guadalupe" e "Covadonga" con paradas nos peiraos do norte de España, Nova Iork, Cuba e México, o buque "Marqués de Comillas" entre o norte de España e Centroamérica, e as embarcacións "Virginia de Churruca", "Satrústegui" e "Habana" entre o Mediterráneo e Centroamérica, decide facer unha ampliación de capital de 200.000.000 ptas. subscrita, entre outros, polo Banco Exterior de España, que coloca a José Pazó no Consello de Administración como Conselleiro Delegado da CTE. En 1957 a CTE adquire as turbonaves "Castel Bianco" e "Castel Verde", rebautizadas como "Begoña" –para 940 pasaxeiros- e "Montserrat" -822 pasaxeiros- para tratar de ser "a avangarda do tráfico de emigración", sobre todo a Venezuela, "único tráfico de emigrantes que recolle a nosa compañía". Os dous buques onde traballarán os mariñeiros moañeses precisan un cadro de persoal de 351 persoas. A crise internacional do canal de Suez, os custes portuarios e os de combustible, a entrada en servizo en 1956-1957 de 11 grandes transatlánticos ingleses, noruegos, suecos e holandeses e a previsión de construcción doutros 20 grandes transatlánticos franceses, estadounidenses, holandeses e italianos, en paralelo ao desenvolvemento do transporte aéreo, fan que o Consello de Administración recolla en 1957 -ano da morte do Conde de Ruiseñada- a "tendencia de baixa de fletes" pero tamén que o "Begoña" e "Montserrat", absorberon 30.000 emigrantes dun total de 57.900 transportados, cando en 1956 a cifra fora de 15.000. A amortización do crédito bancario solicitado para a compra dos citados buques precisa "dedicar a totalidade da nosa produción de divisas", pero tamén se valora na memoria da CTE "unha baixa importantísima dos continxentes de emigración", ademais da "competencia vantaxosísima" realizada por buques estranxeiros, incluída "a actividade clandestina de certos indesexables intermediarios". En 1959, na procura de dólares para a amortización do crédito

practicamente na súa totalidade procedentes do mundo mariñeiro da pesca de baixura[102], recolocados en postos subalternos como mariñeiros, camareiros, axudantes de cociña, etc., que formaron parte do cadro de persoal durante o período 1957-1975, producíndose un fenómeno relevante en canto á incidencia local en Galicia das redes de emprego para tripulantes dos citados barcos: se a maioría das tripulacións da CTE procedían xeográfica e historicamente, sobre todo, de Cantabria e, en menor medida, do País Vasco, a partir dos cambios introducidos por Pazó en 1957, o persoal subalterno dos transatlánticos citados van ser tripulantes galegos, na súa maior parte pertencentes ao concello de Moaña. Na percepción dun dos protagonistas do cambio: *en Moaña había unha revolución, todo o mundo embarcaba*[103].

Como todas as migracións, esta primeira vía produce un efecto chamada e a rede de colocación moañesa de mariñeiros vaise estendendo desde un primeiro círculo de familiares e veciños de José Pazó procedentes sobre todo dos barrios de Quintela e A Canexa, ao resto de parroquias de Moaña, Meira e Tirán. A rede de colocación laboral[104] inclúe tamén persoas de clase acomodada e, a medida que o tempo vai pasando e a formación o permite, a introdución tamén de cadros na ponte de mando, administrativos, electricis-

citado, o "Montserrat" fai unha "longa e anormal" travesía a Australia, "complicada por incidencias xurdidas a conta da especial composición da pasaxe", do que resultou "unha parcial devolución do flete e un regreso de baleiro", incidencia que se producía ao mesmo tempo da "lenta e cruel consumación física" de José Pazó.

Os buques "Begoña" –construído en 1945 en Baltimore (USA)- e "Montserrat" –construído en 1945 en Los Ángeles (USA)- como parte do esforzo bélico da II Guerra Mundial, reconvertidos en 1957 pola CTE, necesitaron continuas reformas como a previsión de instalación de aire acondicionado para 1961, avarías cada vez máis serias e foron tamén afectados na competencia pola pasaxe mundial pola progresiva implantación da navegación aérea. Seguiron dando acubillo laboral a unha parte importante dos exmariñeiros de baixura moañeses ata ficar fóra de servizo: o "Montserrat" en 1970 e o "Begoña" en 1973. A CTE, fundada en 1881, foi nacionalizada baixo o paraugas do INI na década de 1980. Moi minguada en escala, foi adquirida en 1994 pola empresa Naviera del Odiel, constituíndo un exemplo máis das difíciles transmisións de empresas históricas e/ou familiares.

102 Segundo Benjamín Costa Fernández (1930), entrevista, 15022008, AMOM: "Pazó, xefe de bolsa e timbre en Madrid", embarcou moita "xente da patela" de Moaña. A partir daí "soldo e comida asegurada, progresaban".

103 José Calo Costa (1934) traballou na pesca de baixura local entre 1952-1956, cunha paréntese para realizar o Servizo Militar, despois dun breve paso como oficinista dunha empresa de construcción traballa na CTE entre 1958-1970. Despois do paso por unha empresa auxiliar do sector naval traballa dende 1971 ata a súa xubilación en Moaña na Caixa de Aforros de Vigo, Banco de Galicia e Banco Popular. Entrevista, 30052011, arquivo propio.

104 Alfonso García Paz (1940) con 13 anos tiña a Libreta de Inscrición Marítima –"se sabías asinar, dábancha aos 13 anos. Se non, aos 14"- e comezou como mariñeiro de baixura en
Moaña, ao xeito e ao boliche, en pequenas embarcacións, compatibilizándoo coa colla ou descarga do bacallau que chegaba de Terranova aos peiraos da empresa Copiva (Vigo), e tamén na construción en Vigo, entre 1954-1957. Forma parte da primeira tripulación de Moaña que embarca na viaxe inaugural do "Montserrat" en Barcelona, 1957, e traballará ininterrompidamente na CTE ata 1971: estima que durante a vida útil do "Montserrat" e o "Begoña", ata mediados da década de 1970, o cadro de persoal moañés podería chegar á cantidade de 60 traballadores en cada unha das naves, sobre un total de 170-180 tripulantes. Entrevista, 13062011, arquivo propio.

tas, mecánicos, etc.

José Pazó, con menos dun lustro de actividade profesional na dirección da CTE, foi a persoa que abriu a primeira porta de saída ao excedente profesional mariñeiro de baixura que se estaba a producir en Moaña na década de 1950. Coincide tamén esta numerosa recolocación laboral coa morte de vinte e seis mariñeiros no naufraxio da embarcación de baixura moañesa "Ave del Mar" [105] en 1956: varios familiares ou próximos ás familias damnificadas foron tamén traballadores na CTE. A rede de colocación laboral seguiu funcionando, despois da morte de Pazó, a través da súa viúva[106]

A presenza dun grupo importante de exmariñeiros da baixura moañesa nunha empresa como a CTE ten aspectos a resaltar como o feito de seren as primeiras xeracións cuantitativamente importantes en poder pensar en "facer unha casiña" compatibilizando varias estratexias cara a acadar un maior nivel de ingresos porque "a nómina, o soldo, era pequeno. Cando eu entrei na CTE [1968, como axudante de camareiro], eran 450 ptas. O resto eran pluses de navegación, horas extras..., e traías para a casa dúas mil e pico de pesetas"[107].

Por mor desta percepción das retribucións salariais como insuficientes, estas persoas aproveitan a oportunidade de acadar un complemento monetario importante: aínda que as tripulacións embarcadas estaban sometida ao Código Militar da Mariña de Guerra, unha importante proporción da mariñeiría moañesa traballadora nos transatlánticos recoñece como un feito decisivo para a súa progresión económica a súa participación na actividade do contrabando[108] minorista, unha actividade social comprendida e politicamente

105 Segundo Balbino Costas (1929) "cando foi o do Ave del Mar morréronlle varios amigos a Pazó, xente coñecida porque el foi criado aquí, entre nós, con todos os de Quintela e da Praia. Coñecíanse todos e fíxoo estremecer un pouco. Empregou a moitísima xente de Moaña a partir do do Ave del Mar". Entrevista, 21052011, arquivo propio.

106 Balbino Costas (1929) ten un percorrido laboral canónico nas xeracións masculinas moañesas: empezou na pesca de litoral en Moaña con 12 anos (1941-1947); entre 1947-1949 foi a Cádiz á pescada, nun barco da parella; entre 1949-1951 pasa o Servizo Militar e casa; entre 1951-1956 traballa na empresa Vieira no Grand Sole e en Terranova; entre 1956-1966 emigra a Venezuela; en 1967 traballou enrolado en barcos mercantes desde Holanda e en 1968 entrou a traballar no Montserrat, a través da "carta de recomendación" de Isabel Parada Rodríguez, irmanastra de Pazó, credencial levada en man por Balbino a Madrid para a entrevista coa viúva de Pazó. Entrevista, 21052011, arquivo propio.

107 "Aos camareiros descontábanos da nómina, por perdas e rupturas [pratos, vasos…], cando a CTE tiña un seguro para iso". Balbino Costas (1929), entrevista, 21052011, arquivo propio.

108 O testemuño de Manuel Rúa Veiga (1933), é outra ilustración e biografía laboral representativa da transformación dos pescadores de baixura, onde comezara con 15 anos, ata 1955 que vai ao Servizo Militar; en 1956 embarca como mariñeiro na naviera Joaquín Davila y Cía; en 1958 está enrolado na CTE, no "Montserrat" e no "Habana"; entre 1960-1964 traballa nun petroleiro alemán a través da "vía holandesa" (onde realiza tres campañas de 14 meses seguidos cada unha); entre 1965-1974 volve á CTE no "Covadonga", "Montserrat" e "Begoña"; finaliza a súa vida laboral en Ascon 1975-1984 afectado pola reconversión naval. "Chamábase estraperlo, contrabando..., sobre todo de tabaco rubio Winston, Chester, Marlboro..., o barco, a despensa do barco, o almacén do barco, comprábao en Curaçao [territorio autónomo do Reino dos Países Baixos, no mar do Caribe, preto de Venezuela] que era porto duty free, e vendíano, en cantidade, en Tenerife, e tamén á tripulación..., a Vigo chegaba algún. Ao vendelo

tolerada que foi desaparecendo progresivamente como actividade complementaria da mariñeiría a medida que a economía foi mellorando.

Dar o salto á vía transatlántica significou tamén a normalización da ausencia social de parte da man de obra masculina, sobre todo nas idades do desenvolvemento vital e laboral máis próximas ao matrimonio e á edificación ou compra da nova residencia propia, socializándose a divisa de Rosalía de Castro *–Ánimo, compañeiros, toda a terra é dos homes*- como profecía e/ou universal cultural migratorio, no tempo que a pirámide demográfica moañesa comezou a desequilibrar na súa parte masculina porque *"dos 60 aos 80, non quedou un home en Moaña"*[109].

Esta primeira vía de saída internacional dun importante número de mariñeiros moañeses, fundamentalmente como man de obra subalterna (ma-

aquí tiñas moito máis beneficio, pero tamén máis risco, en Canarias, nada..., en Inglaterra era arquiperigoso..., inspeccións, cacheos en porto..., había que escondelo porque na viaxe de nadal cando ías reparar a Perlío [Fene]..., vendíalo en terra e sacábaslle o triple de beneficio..., vendinlle ao dono dunha cafetería de Ferrol e fun cobrar, tabaco de contrabando, ao Banco Pastor, onde traballaba o dono da cafetería". De Nova Iork traías barras de labios e vendíalas na Pedra [zona comercial preto o peirao de Vigo]..., había quen traía de Colombia loros, guacamaios, vendíaos en Canarias..., tamén mercabas botellas de coñac, de whisky..., en terra, eran máis baratas ca no barco e ese beneficio quedaba para nós". Entrevista, 19052011, arquivo persoal. Na CTE "os da gambuza [despensa do buque], se un cartón de tabaco a eles lles saía en 100 ptas., vendíancho en 120, e destas 20 repartían entre capitán, oficiais..., e ti despois, en terra, sacábalo para fóra [chegada ao peirao] e tiñas que darlle algo ao carabineiro [policía fiscal] porque os carabineiros tamén vivían diso, que viñan aos barcos a comprar (...) e pedíanlle aos da gambuza, levaban un par de caixas para vender eles (...) [e] facían a vista gorda porque a maior parte dos navegantes era do que viviamos (...), o soldo era pequeno e cando estabas na casa ... ¡ías empeñado para o mar! Balbino Costas (1929), entrevista, 21052011, arquivo propio. Nabor Pena Meira (1928) mercaba garabatas no comercio da Pedra (Vigo) para vendelas en Venezuela. Información de Nabor Pena (fillo), 2017. "O primeiro radiotransistor que tiven foi traído por Pepe Rivas [ex-alcalde de Moaña, embarcado na CTE]", Amancio Caamaño Caamaño (1925), entrevista, 03042008, AMOM. Alfonso García Paz (1940), entrevista, 13062011, arquivo propio, asegura que na CTE "todo o mundo sabía o que había", "eu traía para casa azucre, latas de xamón iork, catro botellas, dez cartóns [de tabaco]..., cousas para os teus gastos e para o elemental, como se ías a Inglaterra e lle comprabas a un rapaz unha roupa ou un xoguete para non ires ao soldo, á nómina..., pero eu nunca fun home de negocios: houbo xente que gañou moitos cartos, houbo xente que non gañou...", "houbo quen levou galos de pelexa..., ou paxaros, que se cotizaban ben en Venezuela", no "Covadonga", de volta de USA, "traían televisións e declarábanas na aduana". A cultura do contrabando dos anos 50 en adiante foi herdeira da cultura do estraperlo que se desenvolvera desde a posguerra española con produtos de primeira necesidade: Eugenia Santomé Nogueira (1920) andou no mercado comercial informal ou submerxido, en 1941, época de racionamento, traendo pan, sulfato de cobre para as viñas, etc. nunha embarcación desde Redondela para vender en Domaio, Meira e Moaña e tamén foi á ribeira, como furtiva, para apañar ameixas en tempo de veda. Entrevista, 14012008, AMOM.

109 Vida Gayo Veiga (1935), Traballou como emigrante en Chile. De volta, ademais do labor doméstico, a crianza dos fillos e a agricultura complementaria, traballa na fábrica de Conservas La Guía entre 1971-1981. Entrevista, 09012008, AMOM. Segundo a análise de BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), p. 15, "segundo o censo do ano 1981, a relación é favorable ás mulleres existindo no caso da poboación 'de feito' 88 varóns por cada 100 mulleres", no mesmo estudo sociolóxico dá unha idea dos cambios na actividade laboral atendendo aos xéneros: "a taxa de actividade é do 73,38% no caso dos varóns e do 21,22% no das mulleres", unhas cifras non recollidas estatísticamente con anterioridade.

riñeiros, cociñeiros, camareiros, etc.) en transatlánticos incrementa a súa seguridade laboral (pasan a un desenvolver un traballo asalariado regulado por convenio laboral e condicións de estabilidade, con gran diferenza das flutuacións económico-salariais e a incertidume da pesca da sardiña), a información internacional (permítelles comparar as condicións laborais, económicas, políticas e vitais de moitos peiraos e países do mundo) e, en suma, incrementa substancialmente o nivel de renda e a mobilidade social, profesional e internacional da poboación activa moañesa, facilitando a chegada de novos capitais á localidade.

Case ao mesmo tempo que a vía transatlántica, vai aparecer a segunda rota marítima utilizada intensamente polos mariñeiros de baixura moañeses: a denominada "Holanda" ou, máis comunmente, "Roterdán" ou "Rotardán". É incerto ou difuso o camiño de apertura dun mercado de traballo tan afastado e descoñecido historicamente para os traballadores moañeses ou da comarca: non hai documentación que acredite tal relación laboral na historia contemporánea anterior pero, segundo as nosas fontes, dende mediados da década de 1950 e con toda a seguridade no final desa mesma década existe constancia do uso da cidade de Rotterdam e do seu peirao como ponte para o embarque dos exmariñeiros moañeses da baixura en distintos buques, fundamentalmente de carga, con destino a todos os continentes.

A orixe, segundo as fontes orais proporcionadas polos protagonistas deste éxodo laboral, estaría nos anuncios que o Goberno dos Países Baixos insire na prensa[110], nos mesmos anos, solicitando man de obra mariñeira para Holanda. Os primeiros embarques dos que temos certeza polos testemuños son de 1959. O relato de vida contado polos protagonistas inclúe primeiro a consecución do pasaporte, despois o transporte entre Moaña e Rotterdam a través de ferrocarril ou taxi:

> *"Collías o pasaporte e con tal que levaras diñeiro, non podías estar sen diñeiro porque te mandaban para España. O diñeiro pedíase aos bancos, pedíase á Caixa de Aforros, había quen o tiña ou, como non costaba tanto o billete, mil e pico de pesetas, uns ían nun tren, eu marchei de aquí nun taxi. Eramos cinco ou seis de aquí, de Moaña. Había aquí dous ou tres taxis que facían esas viaxes. Un deles é Fernando de Francisco. Parábase un pouco, para que o chofer durmira. Mirabas un bar deses nocturnos e dicíaslle: bueno, descansa unha hora mentres nós tomamos aquí unha copa. Nós creo que saiamos de aquí á mañá, andábamos todo o día e toda a noite e chegabamos no outro día á mañá alá. En Europa as estradas non eran tan malas*

110 Carlos Veiga Sampedro (1950), entrevista, 2017. Parte da poboación activa moañesa lé esas informacións no Faro de Vigo, o xornal máis difundido no sur de Galicia nesa época, e comeza a se informar para acadar o visado, planificar a loxística do desprazamento a Holanda, etc.

como aquí. De Francia para arriba xa estaban mellor e había taxistas de aquí que coñecían ben esas estradas porque levaban feito moitas viaxes a Holanda, a Alemaña, todo por aí…"[111]

Este foi o camiño percorrido por moitos traballadores de Moaña, a maioría para embarcar pola "vía holandesa", pero tamén para buscar emprego nas fábricas centroeuropeas, sobre todo en Alemaña.

Os mariñeiros que chegaban a Rotterdam encontrábanse cunha realidade territorial, urbana, idiomática, cultural, política e sindical descoñecida pero son recibidos cun apoio social e sindical importante a través da delegación española do Apostolado do Mar, institución social pertencente á Igrexa Católica, integrada na realidade política e sindical holandesa, que lles ofrece as primeiras posibilidades de aloxamento e, despois, de inserción laboral.

Van dispoñer, polo tanto, do apoio dunha rede de axuda social e colocación laboral nun punto neurálxico de embarque e desembarque do comercio mundial cara Europa, e viceversa, a través dos buques que entran e saen dos peiraos holandeses, alemáns e norteuropeos durante os anos posteriores á II Guerra Mundial. Desta forma, importantes cantidades de mariñeiros moañeses embarcan na flota mercante e son reconvertidos a distintas funcións subalternas en buques cargueiros, petroleiros, de carga e pasaxe, etc., cara a calquera país do mundo.

"O primeiro que se facía, ao chegar a Holanda, era anotarte na Unión, a Unión de traballadores. Era como un sindicato. Ías á Unión, quitabas unha tarxeta na Unión e pagabas. E cando había unha praza, a Unión chamábate. Ti dabas os datos: mariñeiro, camareiro, cociñeiro, maquinista, entón a Unión mandábache unha carta porque a Unión estaba moito en contacto co Stella Maris. A maioría dos traballadores que iamos de aquí, iamos ao Stella Maris, había alí un cura que empregaba a moitos. Entón, xa te chamaba a Unión. Non podías dicir que non porque se te negabas dúas veces [a embarcar no buque asignado]*, a Unión retirábache a tarxeta."*[112]

Pasan a ocupar postos de traballo necesarios para a gran demanda laboral e o gran crecemento económico que se está a desenvolver en Europa en aqueles momentos, porque:

111 Balbino Costas (1929). Entrevista, 21052011, arquivo propio.
112 Balbino Costas (1929). Entrevista, 21052011, arquivo propio.

> *"os holandeses, os alemáns, toda a xente do norte de Europa, non querían ir ao mar. Por iso necesitaban xente de España. A maioría dos barcos dalí andaban con xente española. Non sendo os de cargo, por exemplo, o capitán. E aínda así, andaban bastantes oficiais españois de ponte e de máquinas. Meu irmán andaba de oficial de máquinas e era un barco danés..."* [porque] *"despois da Segunda Guerra Mundial os europeos adiantáronse moito, en estudos e en todo, os alemáns ou holandeses que andaban eran de cargo, xente preparada: podía ser un contramaestre, mariñeiros moi poucos. Estaban mellor preparados ca nós (...) A nós, trinta anos de ditadura deunos un atraso grande"*[113]

A mundialización da economía e as migracións mariñas ou terrestres permitiron a centos de traballadores moañeses a comparación e/ou o contraste entre a súa percepción da realidade económica, social, política, sindical e cultural española e a dos distintos países nos que tiveron a posibilidade de arribar ou traballar. Este contraste proporcionoulles unha información e un coñecemento de primeira man sobre realidades democráticas como a venezolana ou a europea (onde comproban e comparan como se celebran eleccións políticas e sindicais, existe liberdade de reunión, asociación, expresión, etc.) e tamén a oportunidade de continuar coa súa mobilidade laboral preguntando ou recibindo información doutros compatriotas sobre as condicións económicas nunhas compañías navieiras, pesqueiras, petroleiras, etc. para tratar de capitalizar e optimizar ao máximo o seu ciclo biográfico e laboral.

Esta capitalización da información mundial podémola ver, unha vez máis, na última gran reconversión internacional importante experimentada polos exmariñeiros moañeses que, unha vez coñecido e controlado o mundo laboral que significou Rotterdam e a "vía holandesa"[114] poderán dar outro salto

113 Balbino Costas (1929). Entrevista, 21052011, arquivo propio. Froito do seu nomadismo ou rotación laboral (pesca de baixura moañesa, pesca en Cádiz, pesca no Grand Sole e Terranova, emigración a Venezuela, mariñeiro pola vía "holandesa", camareiro na CTE) e o coñecemento de distintas situacións políticas e sociais en Europa e América, Balbino, partindo da súa cosmovisión española ou galega, asume o cargo de enlace sindical, durante o franquismo, sendo despois delegado sindical en democracia, na CTE, derivado da observación e comparación das políticas en países democráticos en comparación coa falta de liberdades e a ditadura española, un proceso que se repite entre outros traballadores con experiencias similares no estranxeiro.

114 Además dos entrevistados que coñecemos por teren embarcado a través de Holanda (Balbino Costas, Manuel Rúa Veiga) entre outros tamén pasaron algunha parte do seu ciclo laboral embarcados vía Rotterdam os concelleiros da primeira Corporación Municipal democrática Serxio Regueira Gómez

laboral a un sector tan emerxente en aqueles momentos como decisivo para a economía mundial: a man de obra moañesa estará presente na fundación da empresa Heerema que comezará a producir plataformas petrolíferas para explotar as bolsas de hidrocarburos do Mar do Norte.

A medida que a primeira crise do petróleo vai facendo rendible a explotación de enxeños mariños como as plataformas petrolíferas, na década de 1970, a "vía holandesa" de saída laboral de Moaña permitirá, a través das informacións recibidas por algúns destes traballadores, sumar un novo e inédito nicho de mercado para continxentes de profesionais que ingresan nas "plataformas" petrolíferas do Mar do Norte, a través da empresa Heerema. O traballo de extracción do petróleo permite unha nova saída laboral -moi cobizada e valorada salarialmente naquela altura- tanto para mariñeiros sen cualificación como, sobre todo, para algunhas profesións que se formaran nos estaleiros da construción naval de aceiro a partir de 1960 como é o caso de soldadores, montadores ou caldeireiros.

Se a vía holandesa do enrolamento na mariña mercante fora tan importante como valorada na traxectoria económica e salarial da mariñeiría moañesa, a aparición das "perforadoras"[115] e a demanda de nova man de obra foi tamén moi interesante polo importante nivel de salarios acadado.

Da importancia de Heerema e outros enxeños petrolíferos de perforación, exploración, etc., dos fondos submarinos, fala o importante nivel

(1944) e Francisco Suárez Núñez (1938). Tamén participan desta aventura laboral Manuel González del Río (1926) que comezara a traballar con 16 anos nun estaleiro de ribeira e despois nunha fábrica de salga en Domaio; entre 1962-1977 traballa, dende Holanda, na mariña mercante. Entrevista, 23012008, AMOM. Benito Rosales Fernández (1929) comezara a traballar no varadoiro do Regueiriño (Domaio), despois en Pesaiba (secadoiro de bacallau, Domaio) e como encargado dunha batea de cultivo de mexillón; dá o salto a "Holanda" onde navega 12 anos baixo pavillón noruegués, holandés e alemán; finaliza a súa vida laboral de novo en Pesaiba. Entrevista, 28012008, AMOM. Manuel Sampedro Santomé (1920) comeza a traballar na pesca de baixura con 14 anos; traballa despois nas canteiras de Meira. Emigra a Montevideo (Uruguai) en 1951; en 1952 embarca nun petroleiro a través da información de parte da tripulación moañesa e traballa ata 1967, cando volve enrolarse na Campsa onde botaría 15 anos. Entrevista, 14012008, AMOM. Saturno Sánchez Martínez (1926) traballou de encargado nas canteiras do Cocho (Meira) ata o seu peche en 1966: "se fora pola canteira, non tería progresado": colleu o camiño holandés e traballou 20 anos embarcado en buques alemáns. Entrevista, 05022008, AMOM.

115 Javier Núñez Cruz (1942) chegou a Rotterdam e fixo os requisitos para ser obreiro ou mariñeiro holandés: Libreta de Inscrición Marítima, inspección médica e depósito de diñeiro na Policía para a posible viaxe de volta; na "Unión", organizacións gremial de traballadores, fai un exame e infórmanlle que ten opción de poder rexeitar ata un máximo de tres embarcacións: comezou nun buque de transporte de substancias químicas e posteriormente noutro de transporte de gando. En 1966 embarca nunha empresa USA e despois como soldador e montador en plataformas petrolíferas. "En 1970 fundamos Heerema" e comezou a traballar no Challenger, un petroleiro reformado, primeiro buque da empresa Heerema, referencia mundial neste tipo de explotacións. Aínda que é unha empresa holandesa, os contratos dos traballadores son "panameños". Entrevista, 17042008, AMOM.

de emprego acadado polos traballadores moañeses neste sector. As plataformas petrolíferas foron un mito laboral en Moaña, o último Eldorado da época de maior crecemento económico e social do século vinte e os informantes aseguran[116] que "case todos os traballadores das plataformas petrolíferas eran de Moaña", habendo épocas nas que traballaron máis de 500 persoas da localidade –soldadores, mariñeiros, cociñeiros, camareiros, contramaestres, etc.- chegando a sumaren 900 persoas no seu punto álxido.

A rede de colocación foi a habitual en todas as migracións: a transmisión oral a través de amigos, veciños, familiares, etc. e a valoración declarada polos que alí traballaron foi a de Holanda como un país acolledor cos operarios españois e galegos, traballadores que a medida que a crise económica[117] e a competencia mundial foi avanzando foron á súa vez substituídos por traballadores malasios, indonesios ou chineses, nunha lóxica capitalista implacable no abaratamento de custos.

A terceira vía importante de saída e/ou reconversión internacional da man de obra mariñeira moañesa pola ruta marítima internacional aconteceu despois dun cambio revolucionario en canto á evolución da pesca de altura galega que vai marcar a senda da nova política pesqueira galega, española e mundial cun cambio de paradigma: a aparición da industria e da cultura do peixe conxelado.

O grupo pesqueiro Mar (Motopesqueros de Altura Reunidos), popularmente Casa Mar, era o conglomerado industrial máis importante na ría de Vigo no sector da pesca de altura ata a década de 1960, reunía unha importante flota pesqueira de altura e gran altura desde 1941[118] que chegara

116 Manuel Freire Álvarez (1945) tamén chega a Rotterdam despois de ter traballado na pesca de baixura moañesa e embarca na Mariña Mercante a través da "Unión" e o "Stella Maris" rumbo a Nixeria, despois entre Holanda e Inglaterra. Traballaba 6 meses e pasaba outros 6 na casa. Comeza en Heerema de mariñeiro, ascende a contramaestre e despois superintendente. Traballou 30 anos na empresa no Golfo de México, Brasil explotando o petróleo, na costa de Noruega –sobre todo- e de Holanda extraendo gas natural. Entrevista,06052008, AMOM.

117 CAMINHA, S.: "Sen novas de Holanda", Revista "O Canastro", A. VV. de Verducedo e Piñeiro, Setembro 2016, p. 20. "No ano 88, eran uns trescentos os moañeses que traballaban na empresa Heerema, compañía que instalaba plataformas petrolíferas e que, naquel tempo, tiña buques fondeados en Rotterdam, mar do Norte e Golfo de México (…) estaba constituída en Venezuela, con sede social en Suíza e cos seus barcos navegando baixo bandeira panameña".

118 O nacemento do grupo Mar, que agrupaba a estaleiros como Barreras, conserveiros como Alfageme e, sobre todo, Massó, foi un acontecemento industrial de primeira orde porque nos seus respectivos sectores (Mar en pesca e transformación, Barreras en construcción naval, Massó na conserva) foran empresas líderes ata a chegada de Ascon e Pescanova no comezo da década dos 60, marcas estas últimas que colleron o relevo en canto a construcción de buques e de pesca conxelada. Moitos mariñeiros e oficiais moañeses traballaron en Casa Mar e, a medida que foi posible, foron cambiando cara Pescanova. "Casa Mar explotaba moito á xente. Chegaban do Grand Sole, dous días en terra, e volta". Francisco Malvido Soage (1932), entrevista, 19022008, AMOM. Tamén moitas mulleres de Moaña traballaron en Casa Mar, sobre todo na etapa previa ao seu matrimonio.

a ser a máis importante de Europa, unha gran factoría de transformación de peixe dende 1955, unha fábrica de cordoería ao seu carón, acordo coa empresa Massó que ademais de conserveira, dispoñía dunha importante flota de buques de pesca, etc.

O emprego en empresas de proximidade en Moaña experimentou un salto cualitativo a partir de 1961 coa transformación da factoría de construción naval Ascon no maior estaleiro de España na escala de medianas factorías, é dicir, as que estaban por detrás de grandes estaleiros como Bazán ou Astano. A fábrica de Ascon no barrio do Latón (Meira, Moaña) é o berce de nacemento dos dous primeiros buques conxeladores de Pescanova e dá lugar ao salto de escala dun grupo industrial (Ascon, Censa, Aycasa, Tecnaco, etc.) que se realimenta a base de ir botando ao mar toneladas e toneladas de embarcacións pesqueiras de aceiro destinadas á pesca conxelada, buques factoría que formarán as flotas pesqueiras máis avanzadas do mundo a aquela altura, chegando a facer de Vigo o peirao de referencia da pesca mundial[119] en algo máis dunha década.

A empresa Pescanova aportou varios cambios significativos sobre o que fora anteriormente a cultura da pesca e da alimentación: a introdución da técnica do conxelado industrial no interior de grandes buques de aceiro, a explotación desde Vigo de caladoiros de Gran Altura inexplorados para a pesca comercial galega[120] e a introdución dunha cultura do consumo alimentario de produtos pesqueiros conxelados.

Fundada por José Fernández López[121], Pescanova representará para Galicia e para a pesca de longa distancia española o seu símbolo máis acaído

119 O gran escaparate comercial da pesca internacional, a feira mundial da World Fishing Exhibition celébrase de forma ininterrompida en Vigo desde 1973, ano en que se asina o maior contrato de construcción de buques pesqueiros, de 112 m. de eslora e unha gran capacidade tecnolóxica de conxelación, para a flota nacional cubana (Cubapesca), realizados na súa maior parte na factoría de Ascon. Alfonso Paz Andrade (1940), entrevista, 04042008, AMOM.

120 A flota pesqueira galega extraía peixe dos mares de Marrocos, Canarias, Irlanda (Grand Sole, 400 millas, desde 1923) ou Terranova (1.000 millas, desde 1927) como caladoiros máis afastados. A "aventura austral" dos buques "Lemos" e "Andrade" en 1961 para Pescanova, estende a distancia a mares de Arxentina (6.000 millas) e Sudáfrica (5.000 millas).

121 CARMONA BADÍA, X., (2006) pp. 433-458, describe a traxectoria de Pescanova entre 1961-2006, así como o grupo industrial de José Fernández López. Sobre o nacemento da empresa e a situación empresarial en Vigo, afirma que José Fernández, que estivera asociado nos anos 30 cos irmáns Massó e nos 50 con Casa Mar, recibiu información sobre as innovacións tecnolóxicas que se estaban a producir nos peiraos europeos sobre pesca ou construción de buques e tentou que Javier Sensat (Mar) e Gaspar Massó (Massó Hermanos) modernizasen o proceso produtivo dada a súa experiencia nos seus respectivos sectores extractivos e industriais: "cando se fixo evidente que estes non ían facelo decidiu encargar el mesmo, ao seu nome, dous conxeladores a un estaleiro da ría [Ascon] para os destinar á pesca no hemisferio sur" (p.453). Foi unha decisión que revolucionou o panorama extractivo e industrial da pesca de altura e aportou un cambio de paradigma na explotación comercial do mar.

–a partir de 1961, traballar na pesca conxelada en buques conxeladores de aceiro con rampla por popa comezou a chamarse popularmente nos gremios relacionados co mar "andar na pescanova"[122]. O cambio de paradigma pesqueiro converteu ao estaleiro Ascon nun novo motor económico e laboral do concello de Moaña: Ascon produce os principais buques de aceiro para Pescanova e esta emprega boa parte da mariñeiría moañesa, incorporando pouco a pouco a persoal procedente doutras empresas pesqueiras (Casa Mar, sobre todo).

Pescanova foi a última recalada masiva de mariñeiros moañeses, unha marca que acelerou definitivamente a decadencia e despois a desaparición da flota pesqueira do día de Moaña[123], a porta de saída definitiva do proceso que denominamos desmariñeirización do litoral moañés. O fenómeno da ausencia masculina durante a primeira fase de desenvolvemento e consolidación de Pescanova[124] foi aínda se cabe máis acusada que para o caso da CTE ou a "vía holandesa" porque as primeiras campañas –de captura da pescada, sobre todo- en Sudáfrica, na década de 1960, esixía o desprazamento da embarcación entre Vigo e os caladoiros preto de Cape Town ou Balwis Bay ata completar a súa capacidade de carga –"vir selado"- e volver para efectuar a venda en Vigo. Co tempo a empresa utiliza buques nodriza –a partir de 1964- para transvasar e almacenar o peixe, o que axuda a racionalizar o sistema de traballo[125] permitindo campañas máis acaídas para as tripulacións e mellores

122 Gonzalo Riobó Costa (1937) traballou no Departamento Comercial de Pescanova entre 1970-1998 e recorda as dificultades de comercialización da pescada conxelada enteira nos mercados de abastos e a necesidade de creación dunha rede comercial nova, incluíndo a subministración de arcóns conxeladores rudimentarios, para -36ºC ás tendas, ultramarinos, etc., de toda Galicia e España. Entrevista, 13022008, AMOM. Antonio Cruz Germade (1943) testemuña que "ao comezo, traballar en Pescanova era imposible [sen influenzas ou recomendacións] "moitos titulados da mariña mercante, da mariña de guerra, moitos enchufados…, despois creceu moito e xa era máis accesible e comezaron a meter profesionais [da pesca]". Entrevista, 11032008, AMOM.

123 Segundo Gonzalo Riobó Costa (1937), entrevista, 13022008, AMOM, o declive da pesca de baixura prodúcese cando Pescanova comeza a enrolar mariñeiros de Moaña.

124 A dimensión económica e xeográfica de Pescanova, a súa implantación en Irlanda, Uruguai, Arxentina, Mozambique, Namibia, Mauritania, Australia, Sudáfrica, Guinea Ecuatorial, etc., en SOUTO (1990), op. cit., p. 245. Para unha idea da escala salarial, MUÑOZ (2010), op. cit., p. 271.

125 Antonio Cruz Germade (1943) participou nas primeiras campañas pasando nalgunha 10 meses en alta mar e define como campañas normais as que duran entre 5-6 meses. Traballou con Pescanova en Canarias durante 17 anos seguidos e destaca que "todos tiñan boa cotización á Seguridade Social, bo retiro, mellores condicións (colchonetas, sabas...) Entrevista, 11032008, AMOM. José Jalda Díaz (1942), fillo de mariñeiro, comeza a traballar na pesca de baixura de Moaña aos 14 anos: "os fillos maiores sempre ían ao mar co pai"; despois vai como mariñeiro ao Grand Sole, a Canarias e finalmente a Sudáfrica no "Mar de Vigo", mítico conxelador da Casa Mar que enrolaba 70 tripulantes e tiña capacidade de almacenamento de 2.000 Tm. de peixe en túneles frigoríficos. Recorda que as viaxe de ida e/ou volta ao caladoiro de Sudáfrica duraban 15/16 días e unha vez alí as campañas ou "marés" eran dúas veces ao ano, a razón de 5/6 meses cada unha. Aínda que había outros barcos nos que as ceifas eran de 9/10 meses, en ambos casos, as vacacións da tripulación era de un mes de descanso "e cando lle empezas a coller costume á casa, tes que marchar"; Entrevista 08122008. Javier Abal Jalda (1945) re-

rendementos de cada embarcación ao non teren que facer a viaxe de ida e volta para descargar a pesca en Vigo.

A pesca en buques conxeladores en mares de Gran Altura significa, sobre todo nos primeiros tempos da década de 1960, grandes dificultades de comunicación familiar posto que as campañas son extraordinariamente longas e os medios de comunicación limitados, sendo unha época de intensa comunicación epistolar: as cartas ían do mar a terra ou viceversa aproveitando o transbordo a algún barco que saía ou regresaba para o mesmo caladoiro, un tempo recordado, ás veces con ironía -"había quen estaba sempre co bolígrafo na man"[126]- entre os mariñeiros.

Esta distancia física e comunicacional dos matrimonios mariñeiros é unha das características máis salientables do estilo de vida forxado por esta profesión que pasa a maior parte da súa biografía laboral, os anos decisivos de cada unha das xeracións de mariñeiros, fóra do fogar durante etapas, segundo empresas e sectores, que van de seis meses a máis dun ano, recaendo sobre a esposa a responsabilidade de decisións e actuacións que non sempre se poden consultar no momento preciso:

> *"Tes que tomar decisións que despois lle fas chegar ao teu marido pero, claro, a responsabilidade é túa. E tes que asumir o papel de nai e de pai. Dándolle* [aos fillos] *mimos por un lado e autoridade pola outra. Sempre recordándolle que o pai estaba no mar, que nos quería moito, así que empezaban a facer as primeiras letras e os primeiros debuxos eu xuntáballos e*

corda Pescanova –onde traballou entre 1972/2003 como capitán- como unha empresa "segura" porque "gañabas menos pero tiñas a seguridade de que cotizaban [Seguridade Social] todo", "os contratos a Sudáfrica ao principio eran de 10 meses de duración", aínda que recorda estar durante 13 meses ininterrompidamente no mar porque "no mar, se non saes antes dos 30 anos, xa estás enganchado". Cando os buques conxeladores estaban seguido en alta mar, a tripulación, para embarcar, facía a viaxe en tren Vigo-Madrid para coller no aeroporto de Baraxas un avión cara Walvis Bay ou Cape Town. Entrevista, 13032008, AMOM. José Veiga Iglesias (1933) participa das biografías laborais dos exmariñeiros moañeses de baixura. Fillo dun xefe de máquinas de Casa Mar, entrou a traballar na mesma empresa pero na década de 1960 reparou en que "o futuro é o conxelado" e, como tantos outros mariñeiros cualificados abandona Casa Mar –"dez maiores de máquinas marchan de golpe"- e entra nunha Pescanova "que ofrece un salario fixo ao mes" e evoluciona dando participación ao empresariado e á man de obra local para o que crea en 1963 Sea Harvest, a primeira empresa mixta da historia de Galicia, en Sandanha (Sudáfrica) e recorda que Pescanova mercou terreos en Tirán (Moaña), na primeira época, para instalar aquí a súa factoría principal, operación suspendida ao mercar en 1964 en Redondela as instalacións da factoría Copiva. Entrevista, 03032008, AMOM.

126 José Jalda Díaz (1942). Entrevista, 08122008, AMOM. Segundo Francisco Malvido Soage (1932) había que recoller a correspondencia epistolar nas oficinas dos consignatarios do buque, aproveitando cando ían a terra a facer combustible ou mantemento: as esposas escribían ao barco e a correspondencia chegaba ao peirao máis próximo, unha correspondencia acumulada "ata que apareceu a telefonía, pero as chamadas eran caras". Entrevista, 19022008, AMOM.

> *mandáballos* [ao seu marido, embarcado á pesca do bacallau, en Terranova (Canadá)]. *El tamén escribía a todos, individualmente, para que houbera unha convivencia, para que cando chegara non fora un ser tan estraño"*[127]

A rotación laboral e profesional da mariñeiría moañesa que decide embarcar internacionalmente a partir da década de 1950 pódese acreditar documentalmente cunha simple consulta de cadansúa Libreta de Inscrición Marítima que é o seu salvoconduto, pasaporte e rexistro da vida laboral destes profesionais cunhas follas de rutas que configuran biografías laborais de grandes mobilidades territoriais e rotacións laborais no seu paso por distintos países e compañías.

Como resume, o que chamamos proceso de desmariñeirización do sector da pesca de baixura ou do día, dependente na súa maioría das grandes crises da pesca da sardiña, fixo que dun total estimado de 2.000 ou 1.700 mariñeiros tripulantes e atadeiras entre as décadas de 1940 ou 1950 censados nas distintas embarcacións de Moaña segundo distintas fontes, convertéranse, na última década do século vinte, en 93 armadores patróns profesionais, repartidos en 41 pequenas embarcacións de porte mediano, o 90% con base no peirao de Meira, traballando na pesca de baixura ou do día pero en sectores que reparten a estacionalidade e as vedas durante todo o ano, aportando seguridade na práctica das artes de pesca de especies con maior demanda na fin do século vinte como son o polbo, o camarón e a nécora[128].

1.1.2 Emprego masculino e feminino en terra: Ascon e Conservas La Guía

Non só se abriron oportunidades laborais no mar de altura ou na emigración. A coincidencia no tempo de dous fenómenos empresariais de escala internacional e de alto nivel de emprego como Pescanova e Ascon, fixo que

127 María de la Paz Villanueva Carballo (1946) recorda que "facía cada semana unha carta. Tivera oportunidade de enviala ou non, todas as semanas escribía e, cando tiña a oportunidade de envialas por un barco, tiña o paquete xa feito. Pero ao mellor, o que poñía na primeira carta, na última xa estaba resolto. Ao mellor a carta número 1 ía co problema e a número 5 coa solución.". Tamén Eugenia Calviño Blanco (1946), conta que "na pesca do bacallau, o teu home estaba alá nunha parella e dicíanche: sae unha parella para alá, e poñíaste a escribir cartas coma unha louca, numeradas, 1, 2, 3, 4, 5…, porque se lía a número 5 antes cá número 1, xa se chafaba todo canto escribiras antes. Para mandarlle 7, 8, 10 cartas xuntas. Non tiñamos teléfono, non tiñamos comunicación. O "Saint Pierre et Miquelon, América del Norte", sempre a mesma rutina..., cando viu o teléfono foi máis fácil", "era como quen lle marchaba un fillo para Arxentina. Durante tres meses non tiñas cartas, despois tiñas 7, 8 ou 10 xuntas". Ambos testemuños en Historia da pesca do bacallau no século XX: auxe e declive dunha pesquería, Universidade de Santiago de Compostela-Vicerreitoría de Cultura e Concello de Moaña. Mesa redonda "As mulleres do bacallau", Moaña, xullo 2009. Arquivo propio.

128 Datos de Carlos Veiga Sampedro, ex presidente da Asociación de Naseiros de Meira, entrevista, 2017.

o estaleiro fose aquel lugar, en terra, que cobizaba todo traballador da ría de Vigo[129]. Podemos diferenciar dúas etapas na vida deste estaleiro. A primeira (1961-1975) correspondería á propiedade de Román Davila, a aparición de Pescanova e a apertura dunha nova factoría do estaleiro en Teis, Vigo. A segunda fase (1976-1984) estaría marcada polo cambio de dirección, a ampliación do cadro de persoal, a crise económica e a liquidación da empresa.

A extraordinaria expansión da primeira fase está enmarcada en factores como as facilidades obtidas polos armadores para acadar o Crédito Naval[130], a entrada no estaleiro dun novo equipo xestor[131] e o ciclo expansivo[132]

129 No tempo de fuxida do traballo no mar de baixura, duro e inseguro, a entrada de traballadores no estaleiro producíuse por varios factores como o cambio de estatus: "Traballar no Laton [Ascon] era un signo de calidade: non ías ao mar". Lois Pena Viéitez (1949), entrevista, 29052008, AMOM; por buscar un maior nivel salarial: "os mellores traballos, en Vigo, eran Ascon e a banca". Julio Alonso Cebada (1949), entrevista, 27032008, AMOM; tamén por seguridade e proximidade á residencia habitual, as factorías de Ascon de Meira (Moaña) e Ríos (Vigo) foron no imaxinario popular unha especie de Eldorado, a partir de 1961 cando a percepción social era que non facía falta ir á CTE, a "Holanda" ou "á pescanova" porque "en Ascon, 'gañábase ben a peseta', e comezaron a mercarse motos, coches e a facer casas". José Díaz Calvar (1940) traballara xa na canteira previa ao estaleiro, despois no varadoiro, sendo encargado de montaxe en Ascon e estimando que antes de 1960 poderían traballar unhas 30 persoas no estaleiro. Ao longo da súa vida laboral foi vendo como gremios enteiros de Moaña, como os patróns e obreiros dos barcos de carga de transporte de Domaio –os "barcos da pedra"- foron entrando sucesivamente no estaleiro de Meira: "Joaquín de Rúa, Manolo de Concha, Varela, Antonio Regueira, Magallanes..., deixaron de andar co monico por enriba dos tablóns e, nunha semana, estaban todos a traballar de peóns", afirmando que "todo Meira e todo Domaio, aínda que foran de rapaces nas contratas, pasaron por Ascon". Entrevista, 30012008, AMOM. A insistencia nunha mellor organización que o resto das empresas fabrís da ría, fosen estaleiros, conserveiras, etc., é citada tamén por Miguel Costa Fernández (1937), mecánico, membro do Xurado de Empresa durante o franquismo e ao mesmo tempo do sindicato clandestino USO, posteriormente ingresa na CIG: "a máis eficaz organización do traballo estaba en Ascon. Os obreiros de Ascon, a mediados 1960, xa podían permitirse o luxo de comer no bar: non tiñan que levar fiambreira, nin que a muller ou a filla lles levase a comida, despois creouse o comedor", o horario eran sete horas continuas máis tres de horas extras -"a velada"- e a "acción concertada" do sindicalismo vertical permitíulles ter a disposición dos traballadores economato, comedor ou caixa de compensación para baixas laborais duradeiras. Entrevista, 25022008, AMOM.

130 GIRÁLDEZ RIVERO, J., (2005), p. 17. O importe do préstamo non podía exceder do 60% do valor total do buque construido ou modernizado, aínda que en determinadas condicións "de honorabilidade e confianza" podía chegar ao 80% e aportando garantías adicionais ao 100% do buque", os prazos de amortización flutuaban entre "vinte anos como máximo para os mercantes e pesqueiros de altura de nova construción; dez anos para os novos pesqueiros de casco metálico", a un tipo de interese mínimo.

131 Ata os anos 50 a gran empresa do naval vigués era Hijos de J. Barreras e a persoa clave José Barreras Massó. Nos anos 50 están traballando en Barreras o seu fillo, José Barreras Bolívar e o seu sobriño, Alejandro Barreras Barret que se converte no home de confianza, dende o punto de vista técnico, de José Barreras Massó. Alejandro Barreras, por dicilo así, é quen ten "o estaleiro na cabeza". É el quen trae a un enxeñeiro, que lle chamaban "o alemán", Guillermo Gefaell, que tamén entra a traballar en Barreras. Cando Alejandro Barreras decide marchar e leva con el a Guillermo Gefaell, a finais dos 50, Alejandro Barreras é un dos fundadores de Ascon e Ascon nace co saber facer de Barreras que era o gran estaleiro de Vigo. Xoán Carmona Badía, entrevista, 28052008, AMOM.

132 Tanto Ascon como Pescanova procuran ter o apoio do Goberno central. O almirante Nieto Antúnez ten unha posición de privilexio nas botaduras dos primeiros barcos de Ascon, porque era o mediador e o valedor de Pescanova ante o Estado. Na primeira época de Pescanova entran na ponte de mando das embarcacións moitas persoas tituladas, formadas e pertencentes á Mariña de guerra española. Xoán

da economía española. O medre económico e produtivo nesta fase é moi importante, de tal forma que ante o equipo directivo aparece un dilema: a acumulación de beneficios é tal que as alternativas que barallan son as de abrir unha nova factoría para dar saída ao volume de pedidos, ou "fundar unha entidade financeira", de tal forma que na mesma década de 1960 compran e transforman unha factoría existente en Teis para dedicala tamén a construción naval e, posteriormente, a reparacións a flote a través dun dique flotante, a única instalación deste tipo existente na ría de Vigo.

Este enorme desenvolvemento económico da factoría principal de Meira conlevaría unha demanda cada vez maior de forza de traballo, tanto para o cadro de persoal da propia Ascon como para un número cada vez maior de empresas auxiliares que case multiplican por tres o número de empregados nos estaleiros (1.800 obreiros na empresa principal –dos que 451 eran residentes en Moaña[133]- e 5.400 en empresas auxiliares chegaron a traballar no complexo naval) dando lugar a un microcosmos fabril organizado segundo as técnicas máis avanzadas da época en canto a loxística, producción, control dos tempos, seguridade no traballo, política social, etc.

Os mariñeiros moañeses que abandonan a pesca de baixura, os mozos e xoves operarios que se integran como aprendices ou peóns, as persoas excedentes do campo na área metropolitana de Vigo, os obreiros especializados que cambian de empresa, etc., entran nunhas factorías nas que se ensaia unha organización descoñecida[134]: eran os tempos do fordismo, dos sistemas de control Bedaux[135], etc. que acadan unha produtividade anteriormente inédita e serven para facer unha empresa de referencia no seu sector que o Estado premia co diploma de "empresa modelo".

Na percepción dos participantes neste proceso destacan algunhas características sociais distintas entre as dúas factorías e sobre a distinta procedencia dos traballadores: a factoría de Meira -a que conta coa súa maior parte

Carmona Badía, entrevista, 28052008, AMOM.

133 Documento aportado por Manuel Currás Meira, 2016.

134 Alejandro Barreras Barret e Guillermo Gefaell eran coñecedores da melloras tecnolóxicas, loxísticas e produtivas europeas, sobre todo o modelo de estaleiros visitados en Crimea e tamén en Sevilla, estaleiros con planta en U que inspiran o modelo a Ascon en 1960 e a difusión construción de buques arrastreiros con rampla na popa e ademais dunha organización administrativa e produtiva que algúns mandos intermedios e mesmo enxeñeiros moi cualificados dentro do organigrama da empresa entenden como de autoritarismo excesivo entre entre 1966-1971. Algúns dos enxeñeiros navais alemáns que traballaron, post 1945, por toda España, "trouxeron o espírito nazi: o autoritarismo que se vía noutros estamentos, víase tamén nas fábricas, en Ascon Meira en grao superlativo: "neste ombreiro chorou máis dun colega [enxeñeiro naval]. Hai que aguantar". Jorge Durán Castell (1938), enxeñeiro naval, director da factoría de Ascon Meira. Entrevista, 22052008, AMOM. "En 1974 a xente tiña verdadeiro temor a Guillermo Gefaell (cultura xermánica) e Alejandro Barreras". Alberto Ruíz Montero (1949), enxeñeiro naval, director da factoría de Ascon Ríos, entrevista, 26052008, AMOM.

135 Sobre a introdución deste sistema de control da producción en España dende 1958 e a súa implantación en empresas de referencia como Ascon, Vulcano, Barreras ou Pescanova, v. MUÑOZ (2010), op. cit., p. 166. Tamén BABIANO MORA, J (1995), ou CORIAT, B. (1991).

do persoal de Moaña- non participa nas folgas laborais nin nas mobilizacións derivadas dos conflitos das empresas Citroen e Barreras en 1972, a primeira conflitividade laboral e política de relevancia na ría de Vigo durante o franquismo, sen embargo a factoría de Ríos (Vigo) é unha das que se suma ás mobilizacións obreiras e políticas.

Os testemuños da época empregan conceptos –para o caso de Moaña- distintos para se referir á masa obreira do estaleiro como o de proletariado mixto, político-sindicalmente conservador ou indiferente, normativo e pouco conflitivo[136]; no caso da factoría de Vigo falan de proletariado urbano máis activo e concienciado sindicalmente, tamén con mestura de proletariado simbiótico rural[137]. Os produtores de Moaña responderían así a un modelo de traballador asalariado que utiliza parte do seu tempo noutros labores complementarios ou economicamente activos –coidado das leiras e viñas, pesca ou marisqueo durante as campañas anuais, o que incrementaría o nivel de absentismo na fábrica- e a masa obreira de Vigo, habitante dunha cidade e unha cultura cada vez máis urbanas, con residencia en edificacións colectivas e dedicación laboral plena á súa profesión fabril, xunto cunha minoría de persoas da periferia viguesa que terían características tamén de combinación

136 O persoal da principal factoría de Ascon, en Meira (Moaña), de cultura rural e simbiótica, tería un concepto de empresa como familia onde van entrando pais e fillos, asumindo a cultura xermánica, paternalista, autoritaria e vertical implantada por Guillermo Gefaell: os pais van procurando a reprodución e supervivencia dos intereses familiares de, cando menos, dúas xeracións. Na factoría de Vigo había unha composición máis xove, urbana e reivindicativa –sobre todo o sector dos aprendices- dentro dunha organización do traballo máis horizontal, segundo Alberto Ruíz Montero (1949), entrevista, 26052008, AMOM. Na percepción do sindicalismo, a procedencia rural ou da periferia urbana de parte dos operarios de Ascon Vigo "ao comezo viñan dous ou tres autobuses [con traballadores] da zona das Neves" era estigmatizada ou minusvalorada no resto do colectivo laboral cando nos anos 70, se dicía "ti ves aquí traballar pola Seguridade Social". Lázaro Fernández López (1958), sindicalista de CC.OO, traballador de Ascon Vigo, entrevista, 16052008, AMOM. Benito Santos González (1939), sacerdote, soldador en Ascon, sindicalista de USO e a CIG, despedido de Ascon en 1978, recorda que en 1971, había entre os obreiros quen prefería ir cambiando de empresas e "vivir a vida", a diferenza da xente do rural, partidaria do modelo de "aforrar para facer a casa". Opina que á hora da acción sindical "o sindicalismo utópico ou participativo dependía, entre outros factores, do carácter galego: as casas que tiñan fiestras a todas partes, o individualismo, o ruralismo que tanto nos cega os ollos. O verdor e o campo son elementos que fomentan o individualismo". Entrevista, 25042008, AMOM. Tamén Manuel Chapela Pena (1933), de formación e militancia católica, traballador de Conservas La Guía, entende que a proliferación de vivendas dos novos fogares a partir dos anos 60 potencian o illamento social, a diferenza do espírito de comunidade tradicional das aldeas e lugares anteriores. Entrevista, 06032008, AMOM.

137 LÓPEZ SUEVOS, R. (1975), p. 156, 164 e 167, entende que parte dos traballadores asalariados na Galicia dos anos 70 non responden ás características clásicas marxistas "sociolóxicas e sicolóxicas" de proletariado industrial senón que son campesiños-proletarios, de características mixtas: "a simbiose fai atípico o noso proletariado, pero tamén o noso campesinado. O labrego é un semiproletario que posúe os esquemas mentais correspondentes a esta figura sociolóxica". Tamén CARDESÍN, J., M. (1992), p. 218, encontra a existencia destas formas de traballo mixtas na Galicia interior, citando o caso dos operarios da mina de arsénico de Azúmara en 1941, que rexistran un ritmo de traballo estacional porque "moitos mineiros deixaran as galerías coincidindo coa época de maiores traballos agrícolas, desde abril –para 'cavar o monte'- ata agosto –para a mellora do cereal-".

dunha cultura agrícola (de horticultura, sobre todo) e residencia unifamiliar.

A factoría de Ascon, no barrio do Latón[138], parroquia de Meira, deu lugar ao desenvolvemento dun novo núcleo residencial: a partir dun pequeno núcleo de vivendas, medra un barrio de casarío unifamiliar principalmente obreiro, dinámica na que tamén tivo que ver a época dourada da factoría de Conservas La Guía, unha beizón que contribuíu á consolidación dun emprego feminino continuo e descontinuo, de proximidade que repercutiu no medre residencial, sobre todo, da parroquia de Meira. As parroquias máis afectadas polo cesamento da actividade no estaleiro foron as de Meira, principalmente e Domaio en segundo lugar.

Non se entenderían os grandes cambios en canto a incremento das rendas familiares que promoveron a gran transformación residencial e urbanística que analizaremos sen o concurso imprescindible do traballo feminino[139] asalariado. Sen deternos, por carecer de datos de emprego para a época que estudamos en sectores como as cordoerías, canteiras de granito, obras públicas de infraestruturas, marisqueo ou extracción do mexillón, analizaremos o paso da muller polas principais fábricas.

Na época decisiva en canto ao crecemento do nivel de emprego en factorías como Ascon tamén ten lugar no mesmo barrio a apertura da fábrica de Conservas La Guía, pertencente ao grupo industrial de Enrique Lorenzo Docampo e que terá unha vida útil como conserveira desde 1958 ata 1981 cando entra en crise ata a súa liquidación definitiva en 1984, é dicir, o mesmo tempo de duración da época máis brillante e a liquidación de Ascon.

A análise e a percepción da importancia desta factoría pasa por enten-

138 O Latón, un barrio humilde de traballadores, formado desde primeira hora sobre todo por emigrantes portugueses que traballaban nas canteiras de granito, "catro ou cinco casiñas pequenas e un sendeiro de cabras para subir á estrada [Cangas-Vilaboa]. María Santomé Gestido (1933), dona dunha casa de comidas próxima ao estaleiro Ascon, entrevista, 05032008, AMOM. Un barrio que tivo que adaptarse ás medras do estaleiro, porque Ascon propiciou tamén o trasvase laboral Ferrol-Vigo a través de persoal cualificado que abandonaba a factoría de Bazán ante a oportunidade económica do naval moañés, así como outras persoas que montaron a súa propia empresa auxiliar. Segundo Miguel Costa Fernández (1937), traballador en Massó e mecánico en Ascon, "a 'remesa' de persoal chegado de Ferrol a Ascon, 'estruturou' a empresa". Entrevista, 25022008, AMOM. Este transvase de "saber facer" e coñecemento foi decisivo para incrementar o cadro de persoal con soldadores a partir da chegada "dos irmáns Amado, de Ferrol, un para xefe de Aceiros e outro para xefe de Armamento". José Díaz Calvar (1940), entrevista, 30012008. AMOM.

Ao comezo da época de despegue do estaleiro (anos 60) houbo casas de pupilaxe que "alugaban cuartos aos obreiros chegados de Ferrol, Cariño, A Coruña" e posteriormente vai aparecendo unha rede de tendas, bares e comercio totalmente dependente da actividade fabril como "o bar de María das Cabañas, bar de María de Meira, bar de Marina, bar de Genucho Chivilí, bar de Pepe Chiné…" que desaparecen despois do peche de Ascon en 1984. José Díaz Calvar (1940), entrevista, 30012008, AMOM.

139 Infelizmente para esta investigación, non encontramos receptividade no sector primario mexilloeiro, importante no proceso de transformación e diversificación da economía mariña local, con incidencia no emprego feminino.

der a posibilidade que aportou, sobre todo ás familias de Meira, ao pasaren a dispoñer dun emprego asalariado feminino con estabilida calidade, ben remunerado –sempre en comparación coa situación anterior: cordoerías, marisqueo, segundo a percepción das protagonistas- e de calidade que propiciou un modelo familiar de rápida emancipación, traballo asalariado do marido e da muller e, polo tanto, a cada vez máis pronta edificación da nova residencia para dar cabida ao soño de cada familia.

Como no caso de Ascon, tamén esta factoría conserveira proporciona a oportunidade de axudar a erguer un novo barrio formado principalmente por obreiros e obreiras, que collerá a denominación popular de A Guía no ámbito dunha toponimia que historicamente se chamaba O Arroaz, significando simbólicamente a importancia decisiva dunha factoría na vida social durante dúas décadas en que non só se desenvolveu residencialmente senón que a principal vía de comunicación rodada entre a factoría e a estrada Cangas-Vilaboa foi realizada en gran parte pola propia Conservas La Guía dada a necesidade de entrada e saída dos seus produtos en camións.

As persoas que participaron da aventura laboral desta factoría destacan que –a diferenza da maior parte das factorías conserveiras- non só reclutou persoal xove senón que tamén deu entrada a mulleres de idades medianas e de difícil integración laboral. Resaltan tamén a alta produtividade da factoría –por enriba do que marcaban os controis de métodos e tempos Bedaux, medida científica da produción en aquel momento- así como a integración de parte do persoal da factoría, despois da súa liquidación, noutras fábricas de conserva de Vigo que aínda na década dos 80 non tiñan o nivel de organización e produtividade da factoría moañesa que exportaba conservas a Alemaña, Francia, Italia, Bélxica e "outros países, a través do peirao de El Pireo [Grecia]"[140].

Segundo distintas fontes orais, a factoría[141] puido empregar entre

140 Entrevista con Rafael Queimaño Barreiro (1927), 07012008, AMOM.

141 A escala laboral na fábrica tiña, de menor a maior, as seguintes categorías: pinche, auxiliar, fixa discontínua, fixa e mestra. Manuel Chapela Pena (1933), comezou a traballar na Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, en 1958 pasa a Conservas La Guía como oficinista ata a liquidación da marca. Opina que "Enrique Lorenzo sacou a 200 mulleres da miseria, todas se formaron alí". Entrevista, 06032008, AMOM. Manuel Currás Piñeiro (1926), con 10 anos comezou na pesca de baixura porque eran "sete irmáns, máis dous 'recoñecidos' do seu pai, viuvo"; pasou pola canteira do Latón en 1942, no varadoiro anterior a Ascon; estivo 9 anos no varadoiro do Regueiriño (Domaio), cando traballaban alí sobre 100 obreiros e estaba dirixido por Héctor Montenegro Feijoo; en 1962 entra en Conservas La Guía como mecánico. Recorda que puideron traballar 400 mulleres –entre elas a súa esposa, na quenda de noite- e 12 homes. A primeira produción da factoría foi xoubiña. Prioritariamente procesaban peixe, se non había, enlatábase mexillón pola proximidade das bateas á factoría. No 1963-4 "chegaban os barcos, de Leixoes, coa sardiña, a calquera hora do día, ao peirao da Guía". Cando se abría a veda do berberecho, 1 de outubro, enlatábase durante unha semana. O pelo do mexillón había que quitalo con pinzas, antes de enlatar; foi moi importante para a exportación a existencia da Zona Franca de Vigo, onde Conservas La Guía posuía unha nave de almacenaxe; a produción da fábrica podía ser dunhas 400 caixas diarias. Entrevista, 21122007, AMOM. Vida Gayo Veiga (1935) recorda que en 1971 a fábrica contaba con 110-120 mulleres fixas. Entrevista, 09012008, AMOM.

200 e 400 persoas –hai que ter en conta que o cadro de persoal feminino[142] fixo eran sobre 100 persoas pero o traballo temporal (traballadoras fixas descontínuas) podía representar de 100 a 300 persoas máis- o que significa unha rotación xeracional e biográfica que permitiu a varios centos de mulleres –sobre todo da parroquia de Meira- ir adaptando a súa biografía laboral ás circunstancias cambiantes do seu ciclo xeracional ou vital: a percepción social e familiar de ser o salario feminino primeiro unha aportación á familia –mentres non se acada a maioría de idade e, sobre todo, a saída da casa matriz por motivo de matrimonio- e despois un complemento salarial dun matrimonio en que a aportación principal é a masculina, fai que a muller, na maioría dos casos, moldee o seu interese propio ou se adapte á posición masculina: *"No tempo en que traballaron Conservas La Guía e Ascon, as parellas vivían co que gañaba a muller, aforraban o salario do home e facían casa co aforrado".*[143]

Para valorar a percepción positiva que en xeral teñen as mulleres que traballaron nestas factorías a partir da década dos 60 é mester entendela na comparación coa situación anterior da muller –cordoeira, marisqueira, "asistenta", peona de canteira ou construción civil, etc.- sen dereitos laborais, estabilidade, convenio colectivo, primas de produción, etc., melloras todas que existían no período de maior produción da fábrica. Un último razonamento pediría comprender que durante diferentes etapas[144] como a crianza dos fillos

142 Rafael Queimaño Barreiro (1927) comezou a traballar na construción da factoría, na que despois foi encargado. O persoal masculino (electricista, xefe almacén, caldeiras, persoal administrativo, encargados de fábrica, etc.) podían ser 15 persoas. Entrevista, 07012008, AMOM.

143 María Santomé Gestido (1933), filla de patrón-armador de Moaña, tivo 12 irmáns e 4 fillas; aos 11 anos aprende o oficio de atadeira; abriu un bar no Latón, 1958, que foi a maior "casa de comidas" dos barrios do Latón e A Guía. Entrevista, 05032008, AMOM.

144 Rosario Rúa Rúa (1943), recorda que había tanta demanda de forza de traballo, nos anos 60, que as mulleres ían á oficina a apuntarse, e aos 3 días, chamárona. Comezou a traballar en Conservas La Guía con 22 anos, na quenda de noite, de 18h. ás 2h. –"a 2, a 5, a 6…, dependendo"- da mañá, facendo a limpeza. Despois traballou como operaria da conserva. Abandonou La Guía cando a nai enfermou de Alzheimer –"non ía deixar o home o seu traballo"- e compatibilizou traballo na casa, na fábrica, na leira. Insiste na transmisión da cultura doméstica ás fillas porque cando se pecha a fábrica "a maior parte das mulleres que saíron da Guía foron traballar a Vigo, sobre todo coa axuda das fillas que ían sendo grandiñas e asumían labores de casa"; recoñece como básico a existencia do transporte marítimo de ría e despois da Ponte de Rande para o traballo da muller en Vigo. Entrevista, 06022008, AMOM. N.I.S.M (1937), recorda que o seu marido vai a "Holanda" e dille que ela deixe a fábrica da Guía "porque [el] ía gañar montes e moreas". A sorte foi "que tivo unha filla soa". "As contas non daban" e volveu outra vez á fábrica da Guía e aos 10 anos tivo outra filla: saíu definitivamente da Guía e "foi á ribeira" [marisqueo], despois á descarga do bacallau a Pesaiba (Domaio). A súa nai e a súa irmá axudáronlle coa filla máis vella, mentres ela traballaba. A importancia do marisqueo foille importante como economía de complemento, para gastos correntes e para o retiro. Entrevista, 20022008, AMOM. María del Carmen Ríos Prado (1941) entra con 11-12 anos a traballar na cordoería de Isabel de Castilla, en Meira, ata 1956; vai dous anos "a asistir"; traballa despois en Vigo, na conserveira de Justo López Valcárcel, na descarga e no secadoiro de bacallau da Copiva (Chapela, Redondela), na cordoería de José de Maya e de novo na descarga do bacallau en Redondela. Entrou en Conservas La Guía con 17 anos, onde traballou como "empacadora" e "revisora". Recorda que traballaron na fábrica moitas mulleres maiores que xa tiñan experiencia de traballar noutras conserveiras. Comenta o sabor das conservas de

ou o coidado das persoas maiores, moitas mulleres nesta época optan por abandonar a fábrica ou aproveitar os contratos "discontínuos" ou temporais.

En Domaio, a evolución desde comezos de século da explotación da canteira do Regueiriño dera lugar a sucesivos proxectos industriais[145] na década dos 50 (varadoiro, toma de auga para alxibes, etc.) e foi tomando peso o nivel de emprego a partir da creación da empresa Pesaiba como secadoiro de bacallau entre 1960-1980, transformada despois da crise económica de 1980 no grupo Molares para pesca e conxelado[146], así como tamén existiu, sobre a

bacallau á vizcaína e zamburiña en prebe de vieira que foran innovacións da fábrica no seu día. Entrevista,25012008, AMOM. Eugenia Santomé Nogueira (1920) andou "a asistir" en Vigo; na cordoería de Isabel de Castilla (Meira) traballou 14 anos, sen cotización á Seguridade Social, e axudaba á súa nai na canteira do Cocho a facer "morrullo". Entende que "cando viu o nylon, terminou a cordoería". Foi ao estraperlo e ao marisqueo furtivo. Despois de casar a súa filla e ir o seu fillo ao Servizo Militar, entra a traballar na Guía con 46 anos e gañou para a súa xubilación despois de cotizar 4 anos: "cantas vellas se xubilaron aí..." Entrevista, 14012008, AMOM. Vida Gayo Veiga (1935) emigrante en Chile, o seu marido traballou en "Holanda" e ela en Conservas La Guía dende 1971 ata o peche en 1981. Recorda que as obreiras despedidas traballaron despois nunha fábrica de Vilaboa e en Vigo. O salario dela e da súa nai eran para "ir vivindo" e o do seu marido para pagar o préstamo de construción da casa nova. Entrevista, 09012008, AMOM.

145 Daniel Verdeal Rial (1931) comeza a traballar en Domaio nos barcos de transporte –tamén chamados "da pedra" ou "da area", un "traballo de burros"- con 9 anos; en Ibamol (1955-1959); en Pesaiba desde 1959 ata a súa liquidación en 1981. Recorda que Pesaiba, que secaba o bacallau pescado en Canadá e Noruega "era a marca [de bacallau] máis cara do mercado" e a maior parte era vendido á empresa Pescafina (Valencia). Pesaiba a comezos da década dos 60, contaba cun cadro de persoal de de 6/7 mulleres fixas, entre 15/18 eventuais e 12 homes fixos. El traballou como "elevadorista"; foi tamén encargado nas bateas do mexillón e pasou o periplo "holandés": 12 anos embarcado baixo pavillón noruegués, 2 anos en buques holandeses e 4 anos baixo bandeira alemá; remata a súa vida laboral en Pesaiba, en 1981. Entrevista, 11012008, AMOM. Benito Rosales Fernández (1929) traballa dende os 14 anos no Regueiriño (propiedade de Víctor Montenegro Feijoo) con Santiago Montenegro, cando era unha base de alxibes para subministro de auga ás embarcacións nacionais e internacionais, varadoiro e tamén un estaleiro de construción de barcos de madeira. Foi carpinteiro, ferreiro e mecánico; na mesma factoría traballaron o seu irmán, o seu cuñado e o seu pai. No seu momento principal a empresa chegou a contar con máis de 70 traballadores e fixéronse varios dos maiores barcos de pesca para armadores de Moaña. Entrevista, 28012008, AMOM.

146 A evolución do complexo industrial con base na zona do Regueiriño e A Baliela (Domaio): varadoiros, construción naval en madeira e aceiro, subministro de auga para alxibes, secadoiro de bacallau, pesca, elaboración e conxelación de produtos do mar, etc., foi básica para o desenvolvemento contemporáneo da parroquia de Domaio. Fernando Doural Pardo (1949) entende que "José Molares, empezando dende abaixo, creou unha das empresas pesqueiras máis importantes de pesca, bacallau e conxelado, [Pesaiba] con factoría en Domaio". Cando chegaban os barcos a Domaio, necesitaban 80 ou 90 persoas para a descarga. A factoría tiñan 10-15 persoas como persoal fixo e o Grupo Molares evolucionou desde tres parellas de barcos de pesca iniciais a tres buques conxeladores na década de 1980. O bacallau era vendido, sobre todo, a Doroteo Sanjuán (Aranda, Burgos) e Pescafina (Alicante). Os peches do caladoiro noruego de Terranova e o sudafricano de Namibia están detrás da crise do grupo Molares. Entrevista, 01042008, AMOM. José Antonio Larrañaga Fontán (1963) traballou en 1988 en Domaio no grupo Molares que evoluciona e diversifica, despois da época de Pesaiba, incluíndo tamén o transporte de contedores e unha factoría de conxelado onde traballaron 150 mulleres en carga/descarga, á parte das fixas da empresa que acadaban unha media de 100/150 persoas a diario. En 1992, Molares suspende pagamentos despois dunha década de expansión en sentido contrario ao período de crise industrial e reconversión naval da época. No secadoiro de bacallau traballaban 7 mulleres fixas e un encargado. Re-

transformación dunha vella salga, a empresa Corona[147]. As estratexias femininas[148] en canto á súa vida laboral foron similares ás que vimos no caso da factoría de conservas de Meira.

Outro sector importante para o emprego local feminino é o mexilloeiro, unha nova reconversión e un relevo empresarial no sector mariño, que nace oficialmente en Domaio coas primeiras concesións de viveiros flotantes (bateas) en 1953 paralelamente á crise do sector pesqueiro de baixura. O traballo feminino tamén tivo moita presenza nos labores de marisqueo, de maneira informal, como axuda económica complementaria do salario masculino pero a partir do último cuarto de século as mulleres mariscadoras organizáronse como gremio dentro da Confraría de Pescadores para ir paseniñamente profesionalizándose en canto ao ordenamento do sector marisqueiro: formación profesional, sementado, rareo, vedas, vixilancia, vendas en lonxa, Seguridade Social, etc., chegando a formar un colectivo que chegou a organizar preto de duascentas mulleres na fin de século.

O sector da construción civil historicamente estaba formado por pequenas empresas dedicadas á explotación de pequenas canteiras de granito e á construción e reparación de vivenda[149], que teñen ciclos históricos paralelos

lata que botou de menos a empresa porque "era como unha familia, coñecíanse todos". Explica a crise do grupo por problemas da familia Molares e a súa posterior venda á empresa Fandicosta, que continúa en Domaio no sector de conxelación e elaboración de produtos do mar. Entrevista, 2008, AMOM.

147 A biografía laboral de Manuel González del Río (1926) recolle o seu paso por un estaleiro de ribeira, con 16 anos, e despois nunha fábrica de salga en Domaio; á volta da aventura "holandesa" 1962-1977 traballa na fábrica de Luís López-Corona Veiga (Domaio) –un empresario e "remitente" que posuía comercio de efectos navais e almacéns na ribeira de Vigo-, que fixo evoluír esta marca desde a elaboración de sardiña salgada e saín ata a conserva de filete de bacallau, ameixa, berberecho, mexillón, etc. Entrevista, 23012008, AMOM.

148 Nieves Isabel Silva Martínez (1937) traballou en Pesaiba, na descarga do bacallau para o seu posterior procesado en cámaras de secado, afirma que en Pesaiba chegaron traballar nas descargas 100 mulleres a destaxo. Entrevista, 20022008, AMOM. María Pequeño Regueira (1960) lamenta que "non puido estudar, os seus dous irmáns homes, si". Aos 14 anos foi a Pesaiba e traballou ata o ano 2000, en que coa liquidación do Grupo Molares -4.200.000 ptas.- non continuou a traballar en Fandicosta senón que merca unha parada e unha licenza de taxi en Moaña. Recorda a evolución de Pesaiba, o proceso de descarga do bacallau, lavado e colocación en túneles de secado por tamaños das pezas e clasificación: menudo, menudillo, barajilla, pequeno, mediano e grande; a evolución do traballo dende a manualidade á mecanización, a primeira etapa da empresa as mulleres e homes con contrato fixo levaban os ingredientes e unha persoa cociñaba os distintos menús. En 1978 pide unha excedencia e marcha tres anos a Suiza, cabo do seu marido, volvendo despois a Pesaiba. O persoal eventual que traballaba nas descargas do bacallau eran, sobre todo, mulleres casadas que compatibilizaban distintos traballos a tempo parcial: o labor doméstico do propio fogar, o coidado das hortas e os animais, o marisqueo, "ir a asistir", etc., e tamén mozas solteiras á procura dun primeiro xornal. Ao principio, además do xornal, dábanlle "a cada unha unha folla de bacallau". Entrevista, 21052008, AMOM. Carmen Magallanes Veiga (1948) traballou durante 16 anos (1962-1978) como encargada na empresa Corona, factoría primeiro conserveira e finalmente tamén almacén e elaboración de peixe conxelado, onde recorda que traballaban sobre 40 mulleres. Entrevista, 08112017. Arquivo propio.

149 BARREIRO, S., op. cit., p. 5-8, cita, en 1943, en Moaña, tres empresas de construción, seis carpinterías, e dous electricistas, dous fontaneiros, dúas empresas de materiais de construción e unha

aos da economía e o urbanismo locais, con gran despegue en número de empresas e número de empregados a partir de 1955 para entrar en crise a mediados da década de 1970, como veremos no apartado correspondente. Este mesmo ciclo económico rexistran outros sectores empresariais relacionados coa construción, singularmente os relacionados coa madeira: serradoiros, carpinterías, etc.

Como en tantos outros lugares, non se pode ocultar nin tampouco medir con certeza pero tivo importancia no desenvolvemento da economía local moañesa a economía informal ou somerxida: fora esta agrícola, pesqueira, marisqueira, comercial, mercado ambulante ao por menor en feiras, mercadiños ou fogares. Tivo importancia comercial o contrabando de tabaco, alimentando unha cadea económica que beneficiou, en primeira instancia, ás persoas que tiñan relación laboral coa emigración ou as tripulacións de mariñeiros enrolados en buques transatlánticos e tamén foi un factor de despegue económico dalgunhas familias de Moaña sobre todo relacionadas co comercio local, hostalería, pesca, mexillón, etc.

As grandes transformacións económicas, empresariais, fabrís, migratorias, etc, que se abren na década 1950-1960, dan como resultado un novo mapa da estrutura económica sectorial e de emprego, á altura de 1960, que nos proporciona o INE.

CADRO Nº 11: GRANDES GRUPOS PROFESIONAIS, 1960

1960			
GRANDES GRUPOS PROFESIONAIS	TOTAL	HOMES	MULLERES
PROFESIONAIS, TÉCNICOS E ASIMILADOS	88	80	8
ADMINISTRADORES XERAIS E DIRECTORES	64	60	4
EMPREGADOS OFICIAIS	40	40	
VENDEDORES	48	40	8
AGRICULTORES, MARIÑEIROS...	2466	2178	288
MINEIROS, CANTEIROS	8	8	
TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS	225	225	
ARTESÁNS, TRABALLADORES DE DIVERSA PRODUCIÓN	1233	712	521
SERVIZOS, DEPORTES E DIVERSIÓNS	295	185	110
SEN CLASIFICAR	135	48	87
FORZAS ARMADAS	12	12	
TOTAL	4614	3588	1026

Fonte: elaboración propia a partir de base de datos do INE

moblería

CADRO Nº 12: GRUPOS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA, 1960

1960			
GRUPOS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA	TOTAL	HOMES	MULLERES
AGRICULTURA, PESCA	2517	2217	300
MINAS, CANTEIRAS	4	4	
INDUSTRIAS FABRÍS	935	434	501
CONSTRUCIÓN	261	257	4
COMERCIO	56	48	8
SERVIZOS OFICIAIS PÚBLICOS E PERSONAIS	255	145	110
TOTAL	4028	3105	923

Fonte: elaboración propia a partir de base de datos do INE

Diante dos cadros nº 11 (profesións) e 12 (sectores económicos) podemos concluír e resumir, á vista da estrutura dos principais sectores económicos e do emprego na localidade, tanto na análise das bases de datos do INE de 1950 como a de 1960, que da poboación activa de Moaña na metade do século vinte -3.630 persoas en 1950 (3.348 homes/282 mulleres), 4.614 persoas en 1960 (3.588 h. / 1.026 m.)- case o 80%, en 1950 -3.198 persoas (3.007 h. / 191 m.), e o 54% en 1960 (2.217 h. / 300 m.)- está traballando directamente no sector primario mariño ou en relación con el. Estas porcentaxes de partida serán claves para entender a evolución económica dos principais sectores e as fontes de emprego da poboación moañesa que analizaremos neste traballo polo miúdo, máis adiante.

Pódese apreciar tamén no cadro nº 12 o peso que van collendo, en 1960, sectores como a industria fabril –ocupa ao 20% da poboación activa total, emprega un 53% de man de obra feminina asalariada-, a construción -5,6% da poboación activa- ou o sector de servizos -5,5% da poboación activa, 43% de man de obra feminina- que nos van dando unha idea de transicións, remudas e transformacións substanciais na economía, no emprego e nunha sociedade que dúas décadas despois (INE, 1981) ten a seguinte estruturación e peso porcentual dos grandes grupos económicos de emprego: en primeiro lugar continúa o pesqueiro cun 32,7%, a continuación o industrial co 24,4%, o sector servizos cun 31,1% e finalmente o da construción civil, cun 9,1%.

Moaña comeza a homologarse tomando corpo económico, como a maioría dos concellos da contorna, a partir do crecemento do nivel de renda e aforro das familias, experimentado no marco do proceso de "forte acumulación e máis que notable crecemento da economía española entre 1961 e

1973-4"[150], derivado, entre outros factores, do Plan de Estabilización e Liberalización de 1959 que inicia un proceso continuado cos sucesivos "Plans de Desenvolvemento Económico e Social" de 1964, 1968 e 1972, onde se acadan taxas de crecemento medio do PIB do 7%, excepcional na historia económica de España pola intensidade e duración deste período expansivo onde, por exemplo, o crecemento das oficinas bancarias na provincia de Pontevedra (31 en 1950, 38 en 1963, 98 en 1970, 112 en 1973) ilustra o movemento económico que fai que Moaña pase de ter dúas oficinas de caixas de aforros en 1963 a contar con catro marcas bancarias en 1973[151] ao se instalaren tamén na localidade o Banco Pastor e o Banco de Galicia, como veremos no apartado correspondente.

1.1.3 Mapa empresarial local

Con este marco estatístico, elaboramos un resume da documentación municipal que nos informa sobre a implantación xeográfica *[Ver Plano nº 6: zonas industriais]* e a evolución dos principais sectores empresariais no concello de Moaña, os que deron emprego á maior parte da poboación moañesa. Presentámolos ordenados por sectores (estaleiros e outras empresas de montaxe e reparación naval, conserveiras e cocedoiros de mexillón e marisco, elaboración de fíos e cordas de pesca, tratamento e conservación do bacallau, frigoríficos industriais para pesca, depuradoras de moluscos, etc.) e cronoloxicamente no seguinte cadro, para ver a evolución do emprego local a través das licenzas que as empresas solicitaron do Concello de Moaña.

Plano 6

150 NADAL, J. e outros, (1994), p. 177

151 BARRAL ANDRADE, R., (1975), pp. 61-65 e 198.

CADRO Nº 13: SOLICITUDES DE LICENZAS PARA INDUSTRIAS IMPORTANTES EN MAN DE OBRA, OCUPACIÓN DE SUPERFICIE, LOXÍSTICA, ETC., MOAÑA, 1950-198

DATA	EMPRESA	SOLICITANTE	SOLICITUDE	LUGAR
1951	CONSTRUCCIONES S.L.		Almacén de materiais de estaleiros e talleres mecánicos	O Latón, Meira
1960	ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES S.A.	Alejandro Barreras Barret	Naves para talleres de ferreiros de ribeira e sala de gálibos	O Latón, Meira
1982	ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES S.A.		Edificio de porteria e servizos médicos	O Latón, Meira
1966	Taller de reparación naval	Nemesio Corbacho	Almacén para útiles laborais	O Regueiriño, Domaio
1987	Talleres JUNQUERA	Manuel Parcero Fernández	Nave industrial construción e reparación naval	O Cocho, Meira
1987	Talleres ENRIQUE	Enrique Piñeiro Martínez	Nave industrial construción e reparación naval	O Cocho, Meira
1987	Montajes CANCELAS		Nave industrial para montaxe naval	O Latón, Meira
1954		Darío Martín Alfageme	Fábrica de conservas, escabeche e marisco	O Con, Tirán
1958		Enrique Lorenzo e Cía. (Vigo)	Fábrica de conservas	O Arroás, Meira
1960	Conservas LA GUÍA	Enrique Lorenzo Docampo	Naves almacén e comedor	O Arroás, Meira
1965		Luís López-Corona Veiga	Fábrica de conservas de peixe e marisco	O Almacén, Domaio
1966		José Sequeiros García	Cocedoiro de mexillón	Illa San Bartolomeu, Meira
1967		José Ríos Palmás	Cocedoiro de mexillón	Meira
1958		Eugenio Gayo Santomé	Fábrica de cordoería	Meira
1966	Conservas CRUZMAR	José Cruz Pérez e irmáns	Fábrica de conservas	Sisalde, Moaña
1958		Nabor Santiago Martínez	Fábrica de cordoería	Meira
1964		Virgilio Nogueira Santomé	Fábrica de cordoería	Meira
1968	HILOSMAR	José Nogueira	Taller trenzado	O Bocal,

		Martínez	cordoncillo con trenzadoras eléctricas para fíos e redes	Meira
1976		Ricardo Macey Rúa	Fábrica de cordoería	Meira
1960	PESAIBA	José Molares Alonso (Bouzas, Vigo)	naves para almacen en secadoiro de bacallau	Baliela, Domaio
1970	BACALADERA VIGUESA S.A.	Manuel Pastoriza Paz	Nave para secadoiro e embalaxe de bacallau	Baliela, Domaio
1982	PESAIBA		Nave para almacén	Baliela, Domaio
1984		María Ferradás Ferradás	2 cámaras frigoríficas para conservacion de peixe	Tirán
1985			Depuradora de mariscos	Meira

Fonte: elaboración propia, a partir das solicitudes de licenzas de apertura.

As principais industrias e/ou fábricas que se instalan en territorio moañés durante a época estudada teñen que ver coa consideración histórica da ría de Vigo como un ámbito industrial e laboral supramunicipal que dispón dun sistema e unha estrutura empresarial capitalista allea ao concello de Moaña.

Pódese constatar que pese as comunicacións rodadas entre Moaña e Vigo eran inexistentes ou moi deficientes ata mediados da primeira década do século vinte, as comunicacións de transportes comerciais e loxísticas a través do mar suplían esa carencia e por esa razón as principais industrias situadas no termo municipal foron creadas por persoas e capitais alleos á localidade, fundamentalmente empresarios con intereses en varios sectores (comerciais, industriais, pesqueiros do día e de altura, etc.) con base principal en Bouzas ou Vigo: Moaña foi unha das "aldeas satélite" que definira Antonio Palacios no seu proxecto de ría de Vigo e tamén -segundo Sebastián Juncal- un "brazo obreiro"[152] de Vigo

Se percorremos o litoral moañés que serviu de base para as principais

152 CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J., (1974), op. cit., 64-65. Segundo estes autores, en 1973 os concellos da comarca que máis man de obra subministran a Vigo son, por esta orde: Redondela, Moaña, Nigrán e Gondomar. Os residentes en Moaña e Cangas que traballan en Vigo fano en actividades industriais que requiren unha escasa especialización como as derivadas da pesca, os residentes de Vigo que traballan noutros concellos son, polo xeral, man de obra alta ou medianamente cualificada, salvo o caso de Redondela.

industrias e fábricas con importante nivel de emprego local, comezando a andaina no extremo Leste do concello de Moaña encontrariamos a factoría do Regueiriño, ao pé do estreito de Rande, explotada primeiro como canteira de granito[153], inicialmente propiedade de Víctor Montenegro Feijoo, con relación do grupo empresarial Freire (Vigo) e que realiza primeiro un varadoiro, despois un pequeno estaleiro de reparacións e aproveitando a concesión municipal de tres mananciais de auga pasa a xestionar tamén negocios de alxibes (barcos que cargan auga nos mananciais e a trasladan aos buques nacionais e internacionais que pasan polo peirao de Vigo) ata que vende a factoría á familia Molares.

A continuación, no lugar de Baliela (Domaio), lindeiro con Regueiriño, comezou a explotarse outra canteira de granito que se transforma sucesivamente en distintas empresas relacionadas coa pesca e comercialización do bacallau que teñen que ver cos proxectos e a evolución da familia de José Molares Alonso[154] propietaria dun dos maiores grupos empresariais pesqueiros que evoluciona dende Ibamol (Industrias del bacalao Molares), posteriormente Pesaiba (Pesquerías del Atlántico e Industrias del Bacalao S.A.) nos anos 60, pasa a ser o Grupo Navimol (Naviera Molares S.A.) nos 80 para ser vendida a mediados dos 90 en que reinicia a actividade como empresa de conxelación de produtos pesqueiros Fandicosta.

A terceira empresa no sector da transformación da pesca e conserva da parroquia de Domaio, tamén ten relación cos grupos industriais, comerciais e pesqueiros de Vigo, é a factoría da familia Corona para conservas de peixe e marisco, que tivo importancia nas décadas de 1960 e 1970 e tamén pertence a unha familia que ten en Vigo negocios de comercio de peixe, efectos navais, "remitentes", etc.

Xa na zona do borde litoral da parroquia de Meira, a importante factoría orixinada tamén a partir da explotación de pedreiras de granito, tamén pertencente ou relacionada con capitais alleos á localidade: en 1951, Cons-

153 CAMPO TÁBOAS, T. e VV.AA., (2017), pp. 40-67, recolle o labor das principais canteiras de extracción de granito de Moaña e o seu importante papel no cambio nas sucesivas transformacións do borde litoral vigués en infraestruturas como o Peirao Transversal (1904-1915), o Peirao-dique de Bouzas (1925-1929), o Peirao da Ribeira do Areal (1925-1932; 1939-1952), Peirao de Transatlánticos (1927-1937), reforma e ampliación da dársena de viaxeiros (1924-1927), ampliación da dársena do Berbés (1928-1936; 1952), Dársena de Guixar (1935-1951), Camiño de enlace entre as dársenas do Berbés e Bouzas (1941-1953) e outras obras menores. Tamén se utilizou a pedra destas canteiras nos peiraos de Domaio, Meira e O Con (Moaña), a rede de estradas destes lugares ou a ampliación do embarcadoiro d'O Con, efectuado pola empresa Sociedad General de Obras y Construcciones (Obrascon).

154 http://entre-ruinas.blogspot.com.es/2016/01/28-de-enero-de-1995.html para ver a evolución do grupo pesqueiro, conserveiro e industrial creado a partir da figura de José Molares Alonso (Vigo), una figura arquetípica dos chamados "capitáns de empresa", un empresario que evoluíu dende a extracción e comercialización da pesca de baixura dando o salto á salga de peixe, á pesca de altura, ao procesado do bacallau, etc.

trucciones SL solicita permiso municipal de actividade para construción de estaleiro e taller mecánico: Joaquín Davila, concesionario da canteira do Latón xunto con Santos Eraso, transforman este espazo -nun proceso similar ao do Regueiriño (familia Montenegro) e Baliela (familia Molares)- primeiro nun varadoiro e despois nun estaleiro (Davila posuía empresas navieiras) que da man de Román Fernández Davila e Alejandro Barreras Barret, solicita en 1960 licenza para construción de naves de Ferreiros de Ribeira e Sala de Gálibos, cambios cos que a empresa se transformará a comezo da década dos 60 no grupo Ascon de tanta importancia no emprego local e galego despois da creación de Pescanova, empresa onde algunha destas familias industriais forma parte do grupo inicial de fundadores.

Seguindo na parroquia de Meira, Enrique Lorenzo Docampo, emigrante en Arxentina e propietario do estaleiro Vulcano (Vigo), crea no lugar de Arroaz a factoría Conservas La Guía S.A. contribuíndo a modernizar este sector e ocupar moita man de obra feminina da parroquia de Meira, entre 1960-1984.

A maior parte das grandes ou medianas empresas que se implantan en Moaña durante a época que estudamos son fillas dunha cultura do coñecemento e do emprendemento do sector mariño que atravesan polas circunstancias históricas do esmorecemento e crise de explotación das canteiras litorais de granito, das transformacións da pesca de baixura, a aparición de novos materiais químicos para a elaboración de fíos e redes que antes se elaboraban con cánabo ou algodón, a aparición do cultivo organizado do mexillón en viveiros flotantes (bateas) sobre a ría, a grande transformación coa aparición da cultura do conxelado e da construción de buques de aceiro, a crise mundial da pesca a partir da implantación das 200 millas de soberanía de cada país costeiro sobre as súas augas, a reconversión industrial e naval que se fai patente ao mesmo tempo da entrada de España na Comunidade Económica Europea en 1985, etc. Esta enxurrada de cambios deixaron pegada, ás veces dramática e outras esperanzadora, nunha localidade con tanta presenza directa ou inducida do mar na economía e na sociedade.

Desaparecida a actividade fabril do sector naval en aceiro co peche de Ascon en 1984 por mor da reconversión industrial derivada da negociación para a entrada de España na CEE, vai aparecer en 1987, na mesma factoría, unha nova remuda na actividade naval de construción de embarcacións utilizando novos materiais como o poliéster reforzado con fibra de vidro, co nome de Rodman Polyships, liderado por Manuel Rodríguez[155]

155 Manuel Rodríguez (Vigo, 1942) traballara e despois montara unha empresa auxiliar da construción naval en aceiro nos anos 60, posteriormente funda unha fábrica de poliuretano. En 1973 funda Rodman e en 1986 crea Polyships, alugando as instalacións de Ascon (Ríos, Vigo) e en 1990 e 1991 acaba adquirindo as factorías de Ríos e Meira, que a comezos de 1990 facturaban 4.000.000 millóns de pesetas e ocupaban máis de 300 empregos. Case a metade deles, na factoría de Meira, procedentes de Ascon, despois do proceso de reconversión do sector naval. ROMERO RODRÍGUEZ, D., PÉREZ

Era un novo elo na carreira tecnolóxica da construción de embarcacións pero este cambio non impediu que a construción e reparación naval en aceiro non abrira novas empresas na localidade e así, na mesma zona das antigas canteiras do Cocho que foran explotadas pola empresa Obrascon ata 1966, preto da factoría que fora Conservas La Guía, abren na parroquia de Meira en 1987 dous novos estaleiros: o encabezado por Manuel Parcero, un salto dende un pequeno taller de mecánica naval (Talleres Junquera) a estaleiro de construción/reparación de embarcacións de aceiro, e o de Enrique Piñeiro, estaleiro de ribeira que evoluciona a empresa de construción/reparación de buques de aceiro.

Estas dúas últimas son pequenas empresas locais que cambian a escala e o sector da carpintería naval familiar cando ambos talleres son trasladados como consecuencia da aplicación das directrices das Normas Subsidiarias de Planeamento de 1984 que non permiten instalacións industriais en zonas urbanas, porque ambos estaban situados no litoral central de Meira onde se creou en 1980 un recheo sobre o mar incompatible coa existencia destas pequenas industrias situadas no borde marítimo.

Lindeiro con Rodman Polyships vai aparecer tamén en 1987 outra das transformacións do sector despois da reconversión industrial, a empresa Montajes Cancelas que se vai dedicar a construción, reparación, montaxe de bloques, etc., para continuar un longo camiño na cultura dos construtores de embarcacións navais.

No sector da reparación naval, José Chapela González solicita licenza para taller mecánico no Con (Tirán) en 1964; Nemesio Corbacho, directivo da empresa de reparación de buques situada no lugar de Regueiriño, parroquia de Domaio, solicita en 1966 a apertura dun pequeno almacén ou chabola para útiles de traballo. A construción e a reparación naval foron actividades que contaban con pequenas factorías de carpintería de ribeira e lugares como este de Domaio para atender a gran demanda de buques de pequeno porte que se rexistrou na ría de Vigo ata a entrada da década dos 70 do século pasado, aínda que algunhas pequena factorías como esta terían carga de traballo a comezos do novo século.

A industria da elaboración de cordas, continuando a tradición das históricas "carreiras", fábricas de cánabo que tiveran moita presenza histórica na parroquia de Meira, en 1958 solicitan permiso para abrir sendas cordoerías Eugenio Gayo Santomé e Nabor Santiago Martínez. Este sector entrou en decadencia e finalmente en crise, rexistrándose o peche xeralizado das antigas fábricas e ao mesmo tempo rexístrase unha modernización a partir dos talleres de elaboración de cordonciño con trenzadoras eléctricas para fíos e redes,

RÚA, M., (1995), pp. 17-57.

como a que solicita abrir en 1968 José Nogueira Martínez, da empresa Hilosmar -fillo e continuador da empresa familiar de cordoería de Virxilio Nogueira Santomé- ou Ricardo Macey Rúa en 1976, ambas situadas en distintos lugares da parroquia de Meira. Estas novas factorías cambian tamén a forma de produción tradicional substituíndo a man de obra intensiva feminina que caracterizara a produción industrial ata os anos 70 por maquinaria automática que neste sector minimiza extraordinariamente a necesidade de persoal.

É relevante para a economía e o emprego local moañés o sector das conserveiras e o das plantas elaboradoras de peixe e marisco. Enrique Lorenzo y Cía, propietario dun grupo industrial no que destaca o estaleiro Vulcano (Guixar, Vigo), solicita licenza en 1958 para fábrica de conservas no lugar do Arroás, parroquia de Meira, outra zona litoral próxima ás antigas explotacións das pedreiras e de novo solicita en 1960 permiso para erguer instalacións de almacén e comedor e iniciar así o labor de Conservas La Guía, o máis importante sector de emprego feminino da década dos 60 e mediados dos 80.

Para dar unha idea do auxe que experimenta o sector conserveiro en Moaña, unha nova licenza na parroquia de Domaio é solicitada por Luís López-Corona Veiga, da empresa Corona, para abrir factoría de conservas en 1965, no mesmo lugar onde xa existira a empresa de salga de José Reboreda Rodríguez. Preto desta conserveira, en Domaio rexístrase tamén a transformación da antiga carpintería de ribeira de Francisco Pastoriza (Canal), primeiro como secadoiro de bacallau e finalmente como factoría de conxelado de peixe (Bacaladera Viguesa S.A.) a nome de Manuel Pastoriza Paz.

Situada na extensión da zona urbana moañesa da Xunqueira ábrese outra factoría conserveira de envergadura, cunha continuidade temporal importante, empregando maioritariamente persoal feminino. Presidida por José Cruz Pérez e irmáns, que solicitan licenza de apertura da empresa Cruzmar en 1966 para elaboración de conservas de peixe e marisco, en Moaña. Trátase dun grupo familiar de Tirán cun concepto integral da industria: Posuidores de viveiros flotantes de mexillón, explotaran anteriormente un cocedoiro de mexillón como o que solicita abrir no mesmo ano 1966 en Meira, José Sequeiros García ou José Ríos Palmás en 1967 en Domaio.

A existencia dunha grande cultura de extracción, elaboración e conserva dos distintos produtos do mar tamén se pode ver na evolución da factoría Pesaiba, parroquia de Domaio, para a que José Molares Alonso solicita licenza en 1960 ao obxecto de erguer un novo almacén próximo á fábrica de secado de bacallau, en 1970 solicita permiso municipal para nave de secadoiro e embalaxe de bacallau e novamente, en 1982, demanda a apertura dunha nova dotación para almacén cando a familia propietaria inicia un cambio de

ciclo industrial.

Dentro do sector da pesca e o marisqueo, importantes na localidade e na ría de Vigo, en Domaio tamén se sitúa unha empresa depuradora de mariscos, con licenza municipal dende 1985 que se suma a outra existente na zona das canteiras xa descrita na parroquia de Meira, moi próxima á factoría de Conservas La Guía e ao estaleiro de Ascon.

A gran aposta tecnolóxica dos estaleiros e armadores dende comezos da década dos 60 deu lugar a un cambio de paradigma na cultura alimentar ao compatibilizar o consumo do peixe fresco coa novidade da súa conxelación.

A apertura de empresas para almacenar os grandes continxentes de pesca conxelada fai que tamén en Moaña, no lugar do Con, parroquia de Tirán, preto dunha antiga e abandonada fábrica de salga e conserva, se situaran, segundo a licenza solicitada en 1984 pola empresa Frigoríficos O Con, dúas cámaras frigoríficas para conservación do peixe e derivados.

O sector da construción civil, en Moaña, estivo caracterizado por unha serie de pequenas empresas familiares dedicadas á construción e reparación de vivendas, que inclúen as seguintes solicitudes de licenza para novas empresas, a partir de 1950: dous aserradoiros (Moaña, 1950, 1965), dous talleres de ferralla (A Moca, Moaña, 1974, 1981), un taller de elaboración de baldosa (A Moca, Moaña, 1974), unha fábrica de prefabricados de cemento (Sanchelán, Moaña, 1981), unha marmolería (1987), unha fábrica de pedra artificial (Moaña, 1962) e unha fábrica de chanzos de granalla (A Moca, Moaña, 1973), o que nos debuxa un par de lugares como situación preferente.

En primeiro lugar A Moca, un pequeno "polígono" que nace ao abeiro da permisividade e a falta de normativa urbanística, nunha das áreas do teórico "ensanche" urbano de Moaña, entre a zona das concentracións escolares e o ámbito da finca do Rosal. En segundo lugar, nun dos espazos intersticiais que se pretende pasen a ser co tempo ámbitos da Moaña urbana, no lugar de Sanchelán, preto do Cemiterio Municipal de Moaña, lindeiro tamén coas propiedades da familia Saavedra na finca do Rosal. Ambas zonas industriais, como aconteceu en todo o país, buscaron estes emprazamentos condicionados pola necesidade de evacuar os seus residuos a través da proximidade dos ríos da Fraga e de Rialdarca.

Queda configurada pois como zona das principais industrias en canto a superficie requirida, capacidade instalada e postos de traballo, no ámbito litoral dende a ponte de Rande, parroquia de Domaio, ata a canteira do Cocho, parroquia de Meira, como froito da evolución dunha zona litoral que avanza na súa actividade fabril dende as canteiras de granito de comezos do século vinte ata a diversidade de empresas que acabamos de ver no sector de construción naval, na conserva e transformación e depuración de peixes e mariscos,

etc. A continuación existen dous pequenos focos de "zonas industriais" de nacemento urbanístico informal, unha ao redor da Moca, en Moaña, en réxime de elaboración de produtos para a construción civil (ferralla, marmoraría, etc.) , e outra zona puntual, moito máis cativa, en Sanchelán.

Esta carencia de solo industrial ou terciario será unha das características que determinarán a futura evolución do emprego local, unha cuestión tratada durante a xestión do planeamento urbanístico, en democracia, ao non crear zonas de suficiente superficie como para interesar a novas empresas.

1.1.4 Remudas e transformacións profesionais

A evolución laboral da poboación activa do concello de Moaña, que vimos en apartados anteriores en forma de grandes agregados estatísticos e grandes polos de colocación laboral internacional, local e o seu mapa de situación no termo municipal, reflicte unha transformación que analizaremos[156] a continuación supeditándoa ou centrándoa ao redor do desenvolvemento da profesión de mariñeiro, variable independente e/ou oficio por antonomasia que se rexistra durante o tempo estudado, como podemos ver no seguinte cadro que pode ser representativo do seu evolucionar a través do tempo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

156 O cadro parte dunha mostra da profesión declarada nas solicitudes de licenzas municipais de obra de nova construción, sobre o total (universo) de nova edificación anual. Como esta primeira base de datos non sempre contén a profesión do solicitante (entre 1950-1963 dispoñemos de mostras anuais que van entre un máximo dun 93,54% sobre o total en 1957 e un mínimo dun 63,46% en 1963; entre 1964-1977 non existe información sobre profesións; a partir de 1978 a mostra vai dende un 22% en 1978 ata un 50% en 1983 e 1985) Para buscar unha maior representatividade consideramos que o Padrón Municipal de 1960 ofrece información complementaria e suficiente sobre as profesións declaradas pola práctica maioría das persoas obxecto da nosa investigación: a suma das profesións que figuran nas solicitudes de licenzas e máis as rexistradas no Padrón aportan a mostra que consideramos representativa e suficiente para analizar as tendencias e evolucións principais do emprego en Moaña. O nesgo é inevitable porque a declaración de profesión acredítase voluntaria pero non documentalmente. Tamén hai que ter en conta que a categoría "mariñeiro" pode aparecer mesturada con armador ou armador-patrón ata a década dos 50, así como tamén que declarar "mariñeiro" no Padrón pode ter relación coa preferencia de realizar o Servizo Militar obrigatorio pola Mariña; a mesma profesión declarada, a partir de mediados da década de 1950 pode referirse a unha persoa embarcada na mariña mercante ("Holanda") ou tamén na pesca de baixura da ría de Vigo, no Grand Sole, en Terranova, etc. , a partir da década dos 60 na flota conxeladora de Gran Altura, etc. Con todo, consideramos que o cadro elaborado é un indicador de tendencias fiable.

CADRO Nº 14: EVOLUCIÓN DA PROFESIÓN "MARIÑEIRO" (%), 1950-1987

ANO	%	ANO	%	ANO	%	ANO	%
1950	60	1960	56,14	1970	53,45	1980	52,94
1951	70	1961	66,04	1971	62,71	1981	59,26
1952	50	1962	59,74	1972	52,94	1982	23,53
1953	50	1963	64,58	1973	65,79	1983	38,89
1954	50	1964	71,43	1974	53,33	1984	43,75
1955	57,14	1965	62,37	1975	38,3	1985	42,11
1956	67,74	1966	61,43	1976	45,45	1986	31,25
1957	48,48	1967	61,82	1977	22,58	1987	27,78
1958	64,41	1968	63,1	1978	47,62		
1959	65,38	1969	51,72	1979	37,5		

Fonte: elaboración propia, a partir do censo total de licenzas de nova edificación e o Padrón Municipal de 1960.

Como podemos ver, aínda dentro da importante flutuación (entre 70% e o 25% do total profesional) que experimenta o peso porcentual da profesión "mariñeiro", é obvio que estamos ante a profesión da maior parte da poboación activa moañesa durante o tempo investigado. Podemos inferir tamén, analizando as bases de datos utilizadas, como a evolución desta profesión préstase a numerosos transvases e remudas en canto á mobilidade, relevo e/ou reconversión laboral, e así rexistramos datos de cambio de profesión de canteiro a mariñeiro, ou viceversa (1953, 1962); de agricultor a mariñeiro, ou vicerversa (1954, 1959, 1960); de mecánico a mariñeiro (1956); de "industrial" ou "propietario" a mariñeiro (1957, 1960, 1986).

Tamén hai remudas de mariñeiro a navegante ou de armador a mariñeiro (1959, 1960, 1961, 1962, 1967); supoñemos, para ambos casos, que se refire á importante saída da pesca de baixura e ingreso na de Altura e Gran Altura ou mariña mercante.

A mobilidade profesional continúa con cambios de mariñeiro a electricista (1962); de peón a mariñeiro (1961, 1963, 1982, 1984); de mariñeiro a xefe de cociña (1964) ou a cociñeiro de pesca de Altura (1975); de mariñeiro a propietario de bateas de mexillón (1965, 1977); de mariñeiro [en Moaña] a mariñeiro en Pasajes de San Pedro (1965); de mariñeiro a fontaneiro (1969); de mariñeiro a comercio (1975, 1978), ou de mariñeiro á industria (1976, 1978).

A edificación residencial –canteiro, albanel, carpinteiro, etc.- forma o segundo gran grupo de ocupación laboral moañés: os distintos gremios da construción, conxuntamente, teñen un peso medio na mostra das profesións

das persoas solicitantes de nova edificación, que vai dende un 7,6% entre 1952-1961, para dar un importante salto entre 1962-1987 onde se rexistra unha media do 16,66% sobre o total das profesións.

Despezando esta media do gremio construtor encontramos como profesións máis repetidas as de canteiro, carpinteiro e albanel ata 1961; entre 1963-4 as de albanel e canteiro; entre 1965-1972 vanse alternando a de albanel e carpinteiro como as de maior peso no gremio, pasando a de canteiro a terceiro lugar e introdúcese a de fontaneiro (1967); entre 1973-1978 a de albanel é hexemónica, representando entre un 7% ao 32% do total do gremio da construción; entre 1978-1987 volven alternar os profesionais da carpintería e a albanelería, rexistrándose como novidades a introdución dos construtores (1979, 1982, 1983, 1985, 1987: son os promotores da maior parte da edificación residencial colectiva no Real e o centro urbano litoral) e tamén os electricistas (1979), escaiolistas (1983) ou arquitectos técnicos (1972, 1987).

Merece tamén atención a mobilidade laboral en profesións subalternas ou tamén ás relacionadas cos gremios da construción civil, e así recollemos na documentación analizada cambios de xornaleiro a carpinteiro (1952, 1960); de peón ao sector industrial (1957, 1960, 1963); de peón a pintor (1963); de canteiro ao sector industrial (1960, 1974); de carpinteiro a albanel (1960, 1975); de albanel a técnico de escavadora e a promotor inmobiliario (1980); de albanel a condutor (1981); de agricultor a industrial (1962) ou de aparellador a industrial (1967).

As bases de datos primarios utilizadas conteñen categorías que se volven ambiguas co paso do tempo, por exemplo para o caso das profesións tipificadas como "industrial" ou "propietario" que a Administración Pública local utiliza indiscriminadamente para comerciantes, tendas de alimentación, panadarías, pequenas empresas de estaleiros de ribeira ou carpinterías, rentistas, etc., ata 1960, ou actividade empresarial relacionada co mexillón (1964, 1972, 1977, 1979), pero tamén para traballadores de plataformas petrolíferas (1979), empresarios e/ou promotores da construción civil (1980, 1982-1987), etc.

As profesións coas que se rexistran as mulleres que inician expediente de edificación de obras son as de "labores" ou "serventa" e o peso que chega a acadar a clasificación de labores, sobre o total das profesións, rexistra máximas do 22% (1952), 15,5% (1957), 16,13% (1977), 14,81% (1981), sendo a puntuación normal anual máis repetida ao redor do 4%-5%. A de serventa é unha profesión que representa, nunha mínima parte dos anos estudados, ao redor do 1% do total, ao igual que profesións femininas declaradas como agricultora, xornaleira, mexillón, operaria ou conserveira, todas cunha representación marxinal.

A oportunidade laboral facilitada por unha maior formación ou pro-

moción profesional está reflectida na importancia crecente de profesións versátiles en terra e mar como as de mecánico (1950, 1954, 1955, 1964, 1965, 1966, 1967, 1971, 1973, 1976, 1977, 1978, 1979, 1983, 1985) a máis representada na documentación deste sector, a continuación a de soldador (1958, 1959, 1961, 1963, 1964, 1970, 1979, 1982), maquinista naval (1956, 1957, 1958, 1960, 1979) seguidas de oficios como os de patrón de pesca, patrón de costa, xefe de cociña ou engraxador, a maior parte delas pertencentes ao sector pesqueiro, pero tamén se ve a importancia da industria (construción naval, plataformas petrolíferas, etc.) con profesións –ademais de soldador- como caldeireiro, montador, tubeiro, etc.

Lonxe dos grandes grupos profesionais, oficios como zapateiro (1957, 1961, 1967, 1968, 1969, 1970), condutor (1955, 1962, 1965, 1969, 1972, 1974), perruqueiro (1954, 1957, 1960, 1970, 1973), mestre (1958, 1973, 1980), 1983, 1985) figuran entre as máis declaradas, despois virían médicos, administrativos, músicos ou viaxantes, todos cun un peso específico cativo no total profesional, como tamén son marxinais as profesións declaradas de agricultor ou labrador, tendo unha representación porcentual similar a oficios como o de xornaleiro.

2. A CREACIÓN DA CIDADE LITORAL

2.1 Escenario central: economía, residencia, núcleos e actores

> *"A vila de Moaña é unha creación tardía, que comezará a tomar corpo durante a década dos anos 10. Xurde polo efecto combinado e simultáneo da centralización administrativa e mercantil, xunto coa estruturación urbanística promovida pola rede viaria, primeiro a estrada de Cangas, e logo o ramal do peirao"*[157].

O mapa de estradas español amosa aínda en 1909 unha vía litoral entre Pontevedra e Cangas pero ningunha comunicación rodada moderna entre

157 GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., (s.d.), p.16.

Cangas a Vigo pasando por Moaña ata 1913. Esta carencia de comunicacións viarias competentes, sumada á importancia de ter o centro cultural e social do concello de Moaña situado ao redor da igrexa de San Martiño, contando coas vías principais de acceso ao litoral a través da orografía complicada[158] dos camiños de Quintela de arriba, A Canexa, A Miranda ou A Xeira, son factores importantes para entender a dinámica socioeconómica moañesa.

Esta situación comeza a cambiar aceleradamente a partir da construción da estrada Cangas-Vilaboa e da estrada litoral entre esta nova estrada comarcal e o peirao de Moaña porque facilita, entre outras cousas, o gran tránsito diario da maior parte dos mariñeiros que viven en núcleos de poboación non litorais e teñen que desprazarse a pé polos camiños rurais en traxectos longos. A partir dese momento, a demanda social para habitar os barrios preto do litoral acelérase porque incrementa a calidade de vida das familias dos mariñeiros.

O desenvolvemento do centro urbano litoral que abrangue os barrios da Seara e A Praia, está historicamente dividido pola travesía da Canexa, *[v. Plano nº 5, pax.32]* o máis importante camiño pedestre -a pesar da súa complicada orografía, inzada de desniveis e escalas- de comunicación entre A Praia e San Martiño. Esta travesía entre a estrada da beiramar e a estrada de Cangas-Vilaboa, delimita unha parte do centro urbano, cara ao peirao, que xa é un núcleo residencial importante dende comezos do século vinte e que non fará máis ca medrar, sobre todo a partir da construción das citadas estradas, cara ao Real. A outra zona delimitada por esta travesía, en dirección a Seara, conta tamén con pequenos núcleos de poboación asentados, dende comezos de século, canto máis nos achegamos á Casa do Concello.

> *Durante este proceso republicano vaise consolidar definitivamente A Praia e A Seara como todo un núcleo urbano, que se transformará na capital do concello. Para chegar a este estatus déronse tres premisas fundamentais como foron: a concentración da frota de pesca e a consolidación da praza de abastos, representación do crecemento económico. A construción da Casa do Concello, centro que concentrará o futuro político do concello. E o levantamento da casa sindical como símbolo do poder social e tamén político. Na expansión da Praia e da Seara consolídanse outras estruturas de menor importancia, como foi o Pósito Marítimo, e os centros sociais de partidos, patronal e incluso o mesmo cuartel da Garda Civil*[159].

158 Hai que ter en conta que un tramo importante da Canexa está construido con escaleiras, a orografía dos camiños de Quintela – A Feira e A Xeira tamén dificulta a circulación de carros e carretas con cargas, quedando o camiño da Miranda, dentro da súa importante inclinación, como o máis acaído para este tipo de transportes en carros tirados por bois.

159 VILLAVERDE ROMÁN, X.C. (2012), p. 215.

Podemos considerar pois que o proceso de creación dun novo núcleo central de Moaña no que hoxe é o centro urbano litoral está estruturado polo desenvolvemento residencial do barrio da Praia, na zona que ten como centro e eixe articulador a travesía da Canexa, e as súas extensións: a máis importante, cara ao Oeste, o barrio do Vaticano que linda coa finca do Real, e a segunda cara ao Leste, no resto do barrio da Praia ata chegar ao barrio da Seara.

O barrio da Seara, mesmo na súa zona litoral, ten un desenvolvemento residencial algo máis serodio, posto que como se pode ver na fotografía aérea[160], en 1945 aínda está sen construír, mesmo sen dividir, a maior parte do seu parcelario, sobre todo canto máis nos despracemos cara ao Leste, ao límite da zona urbana que estudamos, no encontro das estradas Cangas-Vilaboa e a de beiramar.

Non están en pé aínda, nesa altura, dotacións claves para a urbanización central moañesa o triángulo formado polo Salón de baile Lestón, o cine Prado a a igrexa de Nosa Señora do Carme que se irían engadindo en á penas unha década e aportando unha nova imaxe sociocultural do centro urbano pero na primeira metade do século vinte os barrios da Praia e A Seara van desenvolvendo un proceso de nuclearización, de centralización residencial e dotacional que van conformando as condicións para a formación posterior dunha pequena cidade urbana litoral.

Ambos barrios, A Praia e a Seara, son lindeiros co mar nunha liña ininterrompida de areeiros e cons que se irán modificando a medida que avance o século vinte, cando se van transformando as súas infraestruturas urbanas para adaptalas a unha economía e un urbanismo que responden a unha batalla por gañar espazo marítimo e terrestre para asentar unha poboación dependente, sobre todo, da pesca de baixura.

Esta gran parte da poboación laboral moañesa, formada principalmente por mariñeiros e armadores, traballan no mar pero habitan lonxe ou moi lonxe do litoral, nas zonas non urbanas da parroquia de Moaña, en barrios lindeiros da parroquia de Tirán como Coiro (Cangas de Morrazo) e mesmo zonas altas dos concellos de Bueu e Marín e serán os protagonistas do cambio de hábitat cara á Moaña central que se está a desenvolver no litoral de forma importante dende a primeira década do século vinte, motivo polo que a mellora de infraestruturas –estradas, peirao, etc.- vai promovendo o crecemento da poboación do barrio da Praia e, despois, da Seara.

A que será a zona urbana litoral de Moaña -antes da construción do barrio do Real - en canto á súa estrutura da propiedade, no remate do século

160 Ver fotografía aérea de Moaña en 1945, ver plano pax. 150.

vinte[161] , está formada, aproximadamente, por 703 parcelas, das cales legalmente son soares –parcelas con servizos urbanos, susceptibles de seren edificadas- máis do 90% do total: as parcelas lindeiras coa estrada Cangas-Vilaboa –agás bolsas de terreos de difícil orografía e accesibilidade rodada, situadas nas partes interiores da zona entre os barrios do Vaticano e A Martinga- a ambas marxes e tamén as situadas na estrada de beiramar.

Estas zonas son as que veñen figurando -ata 1962, nacemento do barrio do Real- como límites do centro urbano nos distintos documentos de planeamento durante a época que estudamos.

Tomando unha mostra da propiedade histórica das 113 parcelas máis importantes do centro urbano, as que corresponden coa súa situación estratéxica nos bordes das estradas Cangas-Vilaboa e beiramar, para estudar as procedencias dos capitais económicos e as profesións ou sectores de traballo que deron lugar á inversión e edificación de vivenda na Moaña urbana, dende comezos do século vinte ata os cambios experimentados na década dos 60, aparece a seguinte estrutura de sectores e profesións laborais dos propietarios deste solo urbano:

CADRO Nº 15 : ESTRUTURA SECTORIAL E LABORAL DOS PROPIETARIOS DE PARCELAS E CONSTRUCIÓNS RESIDENCIAIS NA ZONA URBANA DE MOAÑA (BARRIOS DE A PRAIA E A SEARA), 1900-1960

PROFESIÓN OU SECTOR ECONÓMICO	PORCENTAXE
ARMADORES-PATRÓNS NA PESCA DE BAIXURA MOAÑESA	30%
COMERCIO, INDUSTRIA, HOSTALARÍA, ETC.	22,12%
MARIÑEIROS NA PESCA DE BAIXURA MOAÑESA	13,3%
LABRADORES, AGRICULTORES ACOMODADOS	10,6%
MARIÑEIROS NA FLOTA MUNDIAL DE PASAXE OU MERCANTE	6,2%
PERSOAL CUALIFICADO NA FLOTA PESQUEIRA DE ALTURA	5,3%
EMIGRACIÓN AMERICANA	4,5%
MARISCADORAS, ATADEIRAS, ETC.	4,5%
PROFESIÓNS LIBERAIS	3,5%
OUTROS	

Fonte: elaboración propia.

A historia económica e laboral das sociedades tamén ten a súa correspondencia, explicación e representación gráfica na historia residencial e

161 Datos extraídos da planimetría do Departamento de Urbanismo do Concello de Moaña, 2016. Deben tomarse con precaución porque se producen procesos históricos de agregación ou segregación de parcelas, sobre todo nas épocas de gran desenvolvemento económico e residencial como 1958-1979.

a imaxe urbana. Boa parte da transformación urbanística que se produciu na Moaña da primeira metade do século ten que ver coa gran dificultade residencial que experimenta unha importante cantidade da man de obra moañesa que ten a súa actividade laboral principal a carón do mar, nos barrios da Praia e A Seara, onde están situados os peiraos, as ramplas de acceso ao mar, as praias de varada e acubillo para as embarcacións, os estaleiros, as casetas para almacén, tintado[162] e reparación de aparellos por parte das atadeiras, algunha pequena fábrica de salga, etc., e as longas distancias diarias a percorrer entre a vivenda e este tipo de traballo dos mariñeiros de baixura que esixe unha xornada laboral moi ampla/fatigosa e deixa pouco tempo para o necesario descanso se temos en conta a dificultade das comunicacións peonís –as rodadas son inexistentes na maior parte dos núcleos e barrios periurbanos como Sabaceda ou Verducedo, agás para carros e carretas- entre as zonas onde habita a maior parte da mariñeiría e o litoral.

Os mariñeiros que habitaban nos barrios da Praia e A Seara tiñan varias actividades laborais relacionadas co mar: ou estaban enrolados como tripulación das importantes embarcacións do cerco ou eran propietarios, copropietarios ou parceiros de embarcacións familiares menores que practicaban artes como a rapeta, o boliche, o bou, etc. O cadro de persoal de cada unha das cumpridas embarcacións de cerco (25/30 homes) completábase con man de obra procedente da agricultura, que viña "ao mar" buscando unhas rendas económicas durante a tempada da ceifa para mellorar o seu nivel de vida e tamén dispoñer dunha reserva de alimento mariño salgado (sardiña, xurelo, etc.) para pasar a invernía[163] . O parque residencial e o parcelario do centro urbano moañés ata os anos 60 reflicte pois o peso dunha sociedade mariñeira (o 53% pertence a armadores, armadores-patróns, persoal cualificado na pesca de altura, mariscadoras, atadeiras, etc.) razón pola que a demanda de parcelas para construír no centro urbano é un factor decisivo para a proximidade entre a man de obra mariñeira e a actividade laboral: no cadro nº 15 vemos tamén como familias de procedencia agrícola (agricultores acomodados, labradores, etc.) se aprestan a cambiar de actividade económica e diversificar –para a pesca, hostalería, industria, comercio, etc.- mudando tamén a súa residencia para o novo centro urbano de Moaña, representando un 10,6 % da ocupación das parcelas e vivendas principais do centro, e tamén como parte dos capitais

162 O mantemento das redes precisaba de baixos, casetas ou alboios para a súa reparación e tintado regular para aportarlle cor castaño á materia prima formada por un algodón que, co seu uso, tornábase branco.

163 José Bernárdez Villaverde (1900), entrevista, op. cit. A práctica do "quiñón" (entregar unha parte do pescado aos mariñeiros) era habitual nos gremios da pesca. Por exemplo, en Terrranova eran as cocochas ou as cabezas do bacallau, "no Grand Sole, collíamos pescada [para a venda, pero tamén]…, viñan outros peixes e dábanllos á xente para salgar, para levar para casa, quen quería salar un saco de beretes, ou marucas ou así, iso dábanllo á xente". Balbino Costas (1941), entrevista, 21052001, arquivo propio.

económicos procedentes da emigración[164] da primeira metade do século a América do Norte, Brasil, Arxentina, Uruguai, etc., ata un 4% da mostra residencial, asentan no novo centro litoral para continuar o seu crecemento inmobiliario.

O desenvolvemento do sector da pesca de baixura en Moaña seguiu as mesmas ou semellantes pautas do camiño percorrido por este mesmo sector da pesca e derivados en peiraos como Bouzas ou Vigo, salvando a escala e as artes de pesca desenvolvidas a unha e outra banda da ría: o extraordinario desenvolvemento dos sectores da salga e a conserva da ría de Vigo e a súa necesidade de abastecemento da industria conserveira levou a un crecemento tanto na pesca de ría e proximidades como na de altura. Moaña especialízase, sobre todo, na pesca de sardiña do día, un monocultivo con importantes ciclos económicos de abundancia e outros de flutuacións ou crises de capturas.

A transformación do sector empresarial pesqueiro de Bouzas e Vigo está na evolución de mariñeiros que se fan patróns e posteriormente armadores[165], transformación que tamén se rexistra en Moaña onde a maior parte da flota importante entre os anos 1940-1960 pertence a esta evolución ou mobilidade social dos mariñeiros transformados en patróns armadores ou xuntando na mesma figura do patrón armador[166] a persoa que rexe/xerenta a empresa e dirixe o labor da embarcación cada día.

164 A través da revista editada en Bos Aires pola Sociedad Mutua y Recreativa Residentes del Municipio de Moaña, fundada en 1930, así como nos padróns municipais de comezos e mediados do século vinte, hai noticia da presenza de colonias moañesas en Arxentina, como tamén en Cuba ou, posteriormente, en Nova Iork. Algunhas poucas familias destas comunidades migratorias volven e/ou invisten parte da renda gañada en América na adquisición de parcelas e/ou no desenvolvemento residencial da Moaña urbana.

165 Xoán Carmona Badía., entrevista, 28052008, AMOM.

166 PEREIRA, D., (1992), p. 162, entende como unha eiva para o desenvolvemento para o sindicalismo mariñeiro de clase no primeiro cuarto do século vinte a realidade do "asociacionismo mixto", "único existente na maioría dos portos, ancorados na pesca tradicional. A identificación patróns-mariñeiros neste tipo de pesca (identificación non só ideolóxica, senón física, xa que menudeaban os armadores e mariñeiros a tempo parcial)" facía difícil establecer uns intereses diverxentes entre patróns-armadores-mariñeiros polo sistema retributivo "das partes" e tamén polo "enfrontamento sempre latente cos fabricantes de conservas (…) verdadeiros dominadores do mercado". Máis recentemente, PEREIRA, D. (2013), p. 124, afirma que "convivirán ata hoxe os dous modelos pesqueiros: o da pesca artesanal, vinculada ao espazo familiar, e o que poderiamos denominar de transición á pesca industrial ou ao capitalismo pesqueiro (…) Esta intersección de modelos daba lugar á frecuente fusión dos contornos clasistas dos pescadores, pois non era extraño encontrar tripulantes enrolados nas motoras sardiñeiras ou nos vapores de arrastre que, durante o inverno, cambiaban de actividade e andaban no interior das rías aos "oficios baixos" en pequenas embarcacións da súa propiedade; tamén era (e é) frecuente que un pescador asalariado da flota industrial acabase a súa vida laboral na pesca artesanal como pequeño armador. A persistencia das pescas artesanais ofrecía, ademáis, unha alternativa para os tripulantes da pesca industrial ou semi-industrial no caso de que as súas actividades se interromperan por calquera circunstancia. Toda esta realidade complexa, unida á non menos habitual condición de propietarios ou arrendatarios de pequenas parcelas no litoral, estará (…) moi presente nas estratexias dos mariñeiros en conflito".

Como puido acontecer o salto de estatus económico e laboral na maior parte dunha mariñeiría moañesa modesta en recursos económicos nun mundo e nun tempo de escasos recursos financeiros?

Para o caso de Vigo está estudada a financiación do cambio da actividade marítimo-pesqueira que estimulou a substitución de embarcacións a vela por pequenos vapores que esixían cantidades de capital afastadas das posibilidades dunha maioría de armadores ou patróns das embarcacións tradicionais: no grupo dos "debedores hipotecarios" do libro de buques do Rexistro Mercantil de Vigo hai unha presenza maioritaria de "armadores" e "mariñeiros tripulantes" pero tamén campesiños-propietarios e comerciantes –as clasificacións son ambiguas e complexas- que tiveron que recorrer sobre todo, dende 1900 ata a Guerra Civil, á constitución de hipoteca sobre vivenda ou parcelas rústicas para financiar a compra de embarcacións novas ou usadas[167].

En Moaña podemos inferir situacións financeiras similares pero recorrendo os mariñeiros e patróns locais a dúas principais axencias financiadoras: os "vendedores" ou "remitentes"[168] e tamén do Estado, representado polo ISM que concede créditos a través da Caixa Central do Crédito Marítimo e Pesqueiro (CCCMP)[169], entre os anos 1949 e 1964, durante un período no que a Confraría de Pescadores de Moaña rexistra nos seus documentos a crise da pesca da sardiña en 1949, 1950, 1952, 1953, 1955 e 1963[170].

167 GIRÁLDEZ RIVERO, J., (2005), op. cit., pp. 1-15.

168 Figura empresarial e comercial que se encarga de vender, na lonxa viguesa sobre todo, as capturas de peixe de cada armador e posteriormente "remitir", vía ferrocarril, a mercadoría a Madrid. Cada armador moañés tiña relación cunha destas persoas, consideradas "de confianza". "Os barcos de pesca [de Moaña] tiñan un vendedor en Vigo, unha casa que lle vendía o peixe, cobraba e despois dáballo ao armador. Todos os barcos da ardora tiñan un vendedor: Vieira, Puga, Touza...", Balbino Costas (1929), entrevista, 21052011, arquivo persoal.

169 A Lei de 22 de diciembre de 1949 sobre préstamos aos pescadores púxose en marcha pola "caída dos rendementos en augas do Gran Sol e o inicio da crise sardiñeira en Galicia que se prolongou durante os anos cincuenta". Os créditos respaldábanse coa garantía persoal, hipotecaria, pignoraticia ou mixta, a contía era ata o 65%, os intereses entre o 2,5-3,5%, cun prazo de amortización igual ou inferior a 5 anos. GIRÁLDEZ, (2005), p. 27. En Moaña, a partir de 1948, hai un recurso masivo a este tipo de crédito tanto por parte de grandes e pequenos armadores, mariñeiros, etc., para construción de nova embarcación, cambiar motor de gasolina por gasoil, mercar artes de pesca, etc. Entre 1948-1953, solicítanse 24 créditos cunha media total de 300.000 ptas. solicitadas cada ano pola Confraría. Entre 1954-1957 son 39 créditos os solicitados, cunha media total de 800.000 ptas. solicitadas por ano, neste quinquenio aparecen os primeiras solicitudes de crédito para embarcacións e explotación de viveiros flotantes de mexillón. Entre 1958-1961 son 31 créditos os solicitados, cunha media total de de 1.500.000 ptas. solicitadas por ano, entre elas, o primeiro para "aparato detector de pesca e outros adiantos". CP, 1948-1964. CPAX, 1948-1952. Para o caso de Cangas, SANTOS CASTROVIEJO, (2005), p. 382.

170 Como estudara Xoán Carmona Badía, entrevista, 28052008, AMOM, a crise provocada pola falta de sardiña levou encadeada a crise da industria conserveira e tamén á da flota pesqueira. En 1953 recóllese en acta o recoñecemento da crise pesqueira pola falta de sardiña como orixe da crise económica da Confraría de Moaña. En 1955 declaran que "a causa principal da gran crise que se sufre dende a falta da sardiña en Moaña é máis agudizada ca en ningún outro peirao por falta dunha flota pesqueira potente que permita pescar en paraxes afastadas" [a maior parte da flota moañesa naquela altura che-

Se tivésemos que falar dos pioneiros que se van asentando dende o principio de século nas parcelas do litoral, entre a propiedade familiar dos Méndez Núñez, barrio do Vaticano, travesía da Canexa e o barrio da Seara, sen dúbida, son os armadores-patróns, os donos –a maioría, ao mesmo tempo, traballadores- da flotas de pesca de baixura, os que comezaron a ir ao mar dende principio do século coas traíñas de remo e vela, ás que despois foron introducindo motores para posteriormente construíren barcos de pesca do cerco de mediano porte: da maior parte da propiedade parcelaria e residencial mellor situada –lindeira con ambas estradas- no centro de Moaña ata os grandes cambios da década de 1960, un 30% pertence a esta elite local, herdeira e última representante dos históricos gremios de mareantes que se estenderon polas costas de Galicia.

Viaxando ao interior da estrutura empresarial e a dimensión destas casas armadoras podemos acreditar como existe unha cativa elite que podemos considerar armadores no sentido clásico do termo e unha maioría que combinan a categoría de armador coa de patrón que tamén sae ao mar durante as épocas de pesca. Se analizamos a estrutura familiar, a composición dos fogares destas persoas propietarias das embarcacións, veremos que varias delas pertencen a familias cumpridas en canto ao número de fillos[171], entre un mínimo de catro e un máximo de doce descendentes por fogar, factor que fai que os rendementos da embarcación sexan destinados, como primeiro obxectivo, a dar crianza e emprego á numerosa prole da época, e a continuación á parentela familiar. O propio nome das embarcacións "13 hermanos", "10 hermanos", "6 hermanos", etc., indica un dos factores chave para que unha persoa de economía modesta –mariñeiro, patrón- dea o salto financeiro e se converta no xerente empresarial dunha embarcación –mercada, moitas veces, de segunda man e financiada con préstamos- destinada a ser unha pequena factoría familiar[172].

A patronal formada por estes armadores, xunto co maior sector de

gaba co seu radio de acción á ría de Pontevedra ou a Leixoes: "en agosto, a sardiña viaxa a Leixoes" era un dito popular"]. En 1963 hai unha declaración do Cabido da Confraría que nos fala da realidade económica e social moañesa ante unha nova crise que ten de fondo os novos tempos e os conseguintes cambios que van facer desaparecer a arte do cerco de xareta: "a prosperidade deste peirao mariñeiro non se debe á industria pesqueira senón aos emigrantes fillos de armadores e tripulantes que polos seus minguados ingresos vense obrigados a deixar a súa familia e fogares, emprendendo moitas veces unha aventura incerta".

171 Os datos do INE para a década 1950-1960 recollen que o 24,06% das mulleres moañesas declaran ter entre 5-10 fillos e un 3,9% delas dez ou máis fillos. Algunha destas familias de armadores patróns residentes no centro moañés como Ponciano Chapela, Jesús Santomé ou Maximino Boubeta son cabezas de familia de fogares con máis de dez fillos cada un. A estratexia familiar dos fogares mariñeiros con moita descendencia, ao igual que as familias do rural galego, é capitalizar a man de obra filial porque mentres a descendencia non se emancipa "traballa para a casa".

172 Entre as traxedias locais por sinistralidade no mar, a maior acontece en 1956 cando falecen as 26 persoas da tripulación do "Ave del Mar, entre eles o patrón, fillo do armador do buque. En 1964 son 17 as víctimas do afundimento do "Centoleira", entre elas dous irmáns.

ocupación laboral moañés durante a metade do século vinte, os mariñeiros -que ocupan o 13,3% do parcelario e do residencial do centro urbano- forman o cerne sociolaboral dos propietarios de parcelas e vivendas da Moaña urbana durante 60 anos: o xermolo da cidade que Moaña será cara ao último cuarto de século, no seu retrato da propiedade parcelaria e residencial urbana, está formado polo núcleo mariñeiro formado por estes dous gremios laborais que ilustran o cambio de paradigma económico –da agricultura á pesca-, espacial –das parroquias non urbanas ao centro urbano litoral- e social: o novo centro urbano vai sendo tamén, pouco a pouco, un territorio indicador do cambio de estatus, un signo do triunfo e a ascensión social do complexo económico do mar.

O 43,3% das edificacións e/ou parcelas do centro urbano litoral pertencen directamente ao sector e os gremios representantes da economía moañesa de baixura. Se lle engadimos os enrolados na pesca de altura, mariña mercante, as profesións femininas relacionadas co mar –atadoras, mexillón, marisqueo, etc.-, encontramos que ata un 59,3% do residencial e/ou parcelario pertencen á actividades directamente relacionadas coa economía do mar.

A Moaña central vaise desenvolvendo a través dun asentamento residencial –aínda por completar nos servizos urbanísticos básicos- configurado tamén a través da ocupación dos baixos de vivendas e edificios para o seu pequeno comercio ou servizos –redes, fíos, efectos navais, cinema, mercerías, tabernas, bares, pensións, ultramarinos ou fornos- e pequena industria como estaleiros de ribeira, talleres con serradoiros ou fábrica de salga, que se van situando nas rúas principais deste tramado urbano entre as dúas rúas principais e o borde litoral.

Esta Moaña litoral central, e tamén os barrios da súa inmediata periferia conteñen dúas metáforas reveladoras do seu cerne social e do seu urbanismo: a primeira é que cada embarcación de pesca (as pequenas e medianas son empresas personais ou familiares; as grandes en menor medida) é un microcosmos de representacións familiares: se observamos os apelidos dos tripulantes dos grandes barcos vemos sobrerrepresentacións nalgúns casos, e mesturas na maioría, da pegada e/ou a proximidade familiar: os Alonso, os Pérez, os Trigo, os Currás, os Soage, os Collazo, os Costa, os Chapela, os Coloret, os Pena, os Cancelas, os Boubeta, os Lemos, os Magdaleno, os Gallego, os Jalda, os Cruz, os Rodríguez, os Rivas, os Pazos, etc., son característicos de cada embarcación, levándonos á orixe das sagas familiares de armadores, patróns e mariñeiros, que se recoñecen popularmente polos citados apelidos pero tamén por sobrenomes como Os Abelardos, Deixá, Bufa, Fanico, Leta, Xaldeiro, Jesuíta, Chicho, Quisque, Lúa Chea, Vichi Viché...

A segunda metáfora, en terra, ilustra o feito de cada unha destas familias ou o seu sobrenome dan a primeira identidade, personalidade e deno-

minación local a cada unha das parcelas, vivendas ou grupos de vivendas dos barrios do primeiro centro urbano litoral e tamén nas casas do hábitat máis próximo ao centro urbano, tanto ou máis cá denominación oficial de rúas ou travesías. Aínda entrando no último cuarto do século vinte, a denominación de lugares caracterizados ou con personalidade dentro dos barrios da Seara e a Praia, son as propiedades residenciais dalgunha das familias relacionadas co mar dende a súa orixe nos primeiros asentamentos litorais do que hoxe é o centro urbano.

Poderiamos dicir pois que a orixe maioritaria da Moaña urbana e das súas proximidades xeográficas como asentamento poboacional importante é froito da pesca de baixura, unha actividade laboral que singulariza ou mestura familias en cada embarcación, da mesma forma que este mesmo fenómeno se rexistra nas propiedades catastrais e no parcelario urbano: Moaña é unha sociedade de familias cuxos "gañadores do pan" traballan embarcados en grandes, pequenas ou medianas embarcacións e tamén unha urbe que tende a habitar o litoral e as súas proximidades dende comezos de século formando unha aldea litoral de familias con propiedades parcelarias e/ou residenciais medianas ou cativas que van creando unha primeira escala e cultura urbanas: a estrutura do sector pesqueiro moañés ten a súa tradución no parcelario/ residencial urbano, ao igual que a estrutura e escala do sector agrícola foi determinando unha trama e unha escala no hábitat tradicional estratificado en casais, lugares, aldeas e parroquias.

Ao fin e ao cabo, tanto a Moaña non urbana como a urbana, durante todo o século son todas elas aldeas, núcleos, parroquias e centro urbano formado por un hábitat "de familias" da mesma localidade, non hai mestura migratoria ou allea relevante, como amosan unha vez máis os datos do INE para 1960: dun total de 12.736 habitantes, o 92,82% son nacidos no propio municipio de Moaña.

2.2 Transformacións urbanísticas e de servizos a partir de 1950

A política urbanística do Concello de Moaña, a partir de 1950, segue a traza das corporacións municipais anteriores, caracterizada polo aproveitamento da potencialidade económica e social que supuxo a creación das principais infraestruturas viarias por parte da Administración do Estado ou da Deputación Provincial. A cativa achega dos orzamentos municipais foi destinada, sobre todo, á creación, reforma ou ampliación do viario público rodado, fundamentalmente camiños e estradas non estatais ou provinciais, á continuidade da apertura de servizos hixiénicos básicos como a apertura de fontes e lavadoiros en toda a zona rural, unha actividade na que poñía especial interese e transferencias económicas a Administración Central, a través da Obra Social do Movemento.

Podemos diferenciar claramente dúas etapas, a de 1950-1964, e a de 1965-1979.

Entre 1950-1964 a situación económica e financeira do Concello era moi deficitaria, a pesar de ingresos extraordinarios, como o de 1.126.772 ptas. en 1955, derivado da poxa de madeiras, cando a política forestal permitía á Administración Pública Local xestionar o patrimonio forestal e os terreos dos históricos montes de man común. A partir de mediados da década dos 60, ao abeiro da política dos citados "Plans de Desenvolvemento", iníciase unha dinámica de inversións públicas e facilidades financeiras ás corporacións locais que cambiará a configuración económica, social, urbanística e residencial do concello de Moaña, marcando as liñas de desenvolvemento que chegarán ata a entrada da democracia local, en 1979.

Facendo un inventario espacial dos principais fitos para o desenvolvemento urbanístico e social de Moaña, encontramos que a partir de 1950 a actividade política municipal afecta sobre todo aos seguintes espazos, infraestruturas, servizos e dotacións:

2.3 A Xunqueira ou Areeiro

Constitúe a maior superficie de terreo público de propiedade municipal[173], (*Ver fotografías aéreas A Xunqueira, 1956, 1966,1985, páxina 44)* se exceptuamos a ámbito do monte comunal que ata a entrada da democracia está xestionado pola Administración Local. Este espazo público da Xunqueira resume un longo período de tempo e xestións que nos dan unha idea da burocracia entre as distintas administracións públicas -estatal, provincial e local- e tamén as dificultades da Administración Local moañesa por xestionar e ofrecer servizos e/ou dotacións públicas.

En 1950, a única dotación pública existente neste lugar é o Matadoiro Municipal, acabado e entregado ese mesmo ano. A primeira oferta rexistrada na documentación municipal sobre este importante predio recolle a cesión, en 1951, á Delegación Nacional de Sindicatos-Obra Sindical del Hogar (OSH), dunha parcela de 1.400 m^2, sobre un total de 6.145 m^2 de terreo da citada zona da Xunqueira, para a construción de seis vivendas protexidas[174].

173 "existindo na Xunqueira unha parcela de 23.600 m^2, dividida en dúas partes pola estrada de Cangas a Vilaboa" PM30071968, AMCM.

174 PM14111951, AMCM. As actas do Cabido da Confraría de Pescadores de Moaña recollen a demanda de construción de vivendas para os mariñeiros. En 1950 solicitan ao Consello Provincial Asistencial subvención para "adecentar no posible as vivendas de algúns pescadores que viven en casas insanas", en 1951 a Confraría solicita "retroceder aos primitivos propietarios" as fincas que cederon á Confraría en 1944 para edificar vivendas protexidas por non terse efectuado as concesións. En 1955 esta institución pretende comprometer, ao menos, a 50 pescadores, aportando 5.000 pts. cada un deles, durante 10 anos, para construír vivenda protexida. En 1956 devolven parcela cedida no seu día por Balbino Pena Santomé para vivenda protexida. Ante a proposta de instalación dun secadoiro de redes,

A Corporación Municipal declara en 1952 a nulidade dunha cesión anterior, doutra parcela de 8.694 m², dentro do mesmo espazo da Xunqueira ou Areeiro, ao Instituto Social de la Mariña (ISM), para a construción de oitenta vivendas protexidas con destino a pescadores da Confraría de Moaña –institución importante para entender Moaña ata 1970- dado que a Confraría non aportou, como era preceptivo, a achega económica do 10% do orzamento para poder levar a cabo a construción. O ISM, en 1955, resolve devolver os terreos para que a OSH poida levar a cabo a construción de tales vivendas por gozar ese organismo de beneficios que non ten o ISM.

Mentres, o terreo segue sen uso e a Corporación Municipal comunica en 1956 á Deputación Provincial, que o terreo da Xunqueira tamén é apto para a construción dun campo de deportes, do que nada se volverá a saber ata moitos anos despois.

En 1957, na zona marítima deste espazo, o goberno municipal ten que construír un muro de protección necesario para que as augas do mar non arrastren a terra. Continúan as expectativas sobre o terreo, no mesmo ano, agora por parte da Confraría, coa pretensión de acadar unha zona de tendais para as redes dos numerosos barcos de pesca, unha reivindicación de vello, que deu lugar a posturas enfrontadas entre ambas institucións, xa que a Corporación Municipal prefire non sacrificar o terreo da Xunqueira senón negociar con outras propiedades lindeiras.

Vólvese insistir na idea das vivendas protexidas en 1958 e o Concello acorda ceder esta parcela de balde á OSH, con destino á construción dun grupo de cincuenta vivendas, como mínimo, de renda limitada. A OSH comunica que se debe tomar o acordo de aboar á OSH, durante vinte e cinco anos, a cantidade mensual de 2.004,80 pts. mensuais para atender ao pagamento das obras de urbanización das cincuenta e oito vivendas proxectadas, que importarían un total de 601.421 ptas. A Corporación contesta que ten en vigor un crédito do Banco de Crédito Local, por 38 anos, e, polo tanto, dificultades porque prevé para 1958 un déficit financeiro de 200.000 ptas. para a nivelación do orzamento. Acórdase anular a doazón dos terreos á OSH e solicitar a reversión porque os terreos son necesarios para un campo municipal de deportes.

A política de vivenda da ditadura foi tratar de facilitar a edificación de vivendas para funcionarios, obreiros, agricultores, pescadores, etc., como así o acredita o importante parque de vivenda social –as chamadas "casas ba-

en 1960 solicitan que o Concello aclare a propiedade do terreo público da Xunqueira. En 1961 hai un novo intento de retrocesión de propiedades asinadas e cedidas en 1951 para vivenda protexida a Manuel Piñeiro Otero, Eugenio Cordeiro Román, Eugenio Rivas Vilariño, María Costas Martínez e Manuel Gil Rodríguez. En 1962 volven solicitar da Delegación Provincial de Sindicatos a construción de vivenda protexida e tamén designan unha Comisión para acordar a situación dos secadoiros de redes da Xunqueira "para non prexudicar os terreos reservados para vivendas protexidas para pescadores".

ratas"- construído na época. No Plan Provincial de Necesidades que elabora a Deputación de Pontevedra para as obras públicas e servizos a realizar nos concellos da provincia, a primeira partida de importancia, en canto a demanda dos concellos e subvención provincial- é a de abastecementos de auga potable, cun 23% do total, e a segunda, co 21,8%, é a de vivendas, que son solicitadas por trinta concellos da provincia.

O Concello de Moaña, en 1960, dirixíndose ás autoridades provinciais, primeiro quéixase de ser Moaña dos poucos concellos onde a OSH non construíu unha soa casa, para a continuación puntualizar que "non somos partidarios destas construcións, pola discriminación social que este tipo de construción establece, crendo que será más social o dar crédito, para que os promotores realicen a súa propia obra co que se crean máis riquezas e non forman estas zonas ou barrios de tipo obreiro, as Caixas de Aforros establecidas en Moaña, a Provincial e a Municipal de Vigo, poderán resolver o problema dunha forma perfectamente social"[175] , para rematar comunicando que se a xestión privada das vivendas a través do financiamento das caixas non fose posible, a OSH non pode esquecer a existencia do problema da vivenda en Moaña e que o Concello está disposto a dar as mesmas facilidades que o resto dos da provincia.

En 1960, a Dirección Xeral de Portos autoriza á Confraría de Pescadores de Moaña un secadoiro de redes neste terreo municipal da Xunqueira. A Corporación Municipal, contrariada, entendendo que os terreos son municipais e levan máis de cincuenta anos escriturados no Rexistro da Propiedade, diríxese á OSH, en 1962, para que "evite a intromisión que está levando a cabo a Xefatura de Portos nos terreos que foron cedidos por este Concello para a construción de vivendas", solicitando tamén se dea conta ao Gobernador Civil dos feitos. A OSH pide o acordo formal da Corporación moañesa sobre a amortización de cotas que poida importar un grupo de corenta e oito vivendas na Xunqueira e o Concello retruca coa demanda de continuación do expediente para a construción de 58 vivendas, asumindo a obriga de satisfacer o importe, en períodos mensuais, durante 25 anos.

Como continuara aberto o conflito por discrepancias entre Concello, OSH e Dirección Xeral de Portos, a Corporación solicita, en 1963, o deslinde[176] da zona marítimo terrestre afectada, pero asumindo a construción dos tendais para secadoiro de redes e solicitando a Portos o desvío da construción dos tendais para favorecer aos usuarios dos mesmos e reservar a parte contigua á estrada Cangas-Vilaboa que está cedida á OSH.

De novo se dirixe a Corporación en 1964 á OSH por entender transcorrido o prazo de cinco anos para a construción das vivendas, entendendo

175 "Necesidades urxentes do termo municipal de Moaña", 03061960. AMCM.

176 Ver plano en Anexo.

que por ese motivo os 8.694 m^2 deben reverter ao patrimonio municipal do Concello para, unha vez reintegrado, levar a cabo o deslinde e evitar toda interferencia no uso da zona. Neste tempo desestímase, por estas razóns, unha petición do equipo de fútbol do C.D. Meira para que se lle proporcione terreo para o seu uso como campo de deportes, pero en 1965, ante unha petición da Mutualidade de Accidentes do Mar e Traballo interesando terreos adecuados para a construción dunha residencia sanitaria para os seus mutualistas, con clínica e grupo de vivendas, o Concello solicítalles que precisen a extensión necesaria para estes servizos.

Non será aínda ata 1966, nos comezos do Plan de Estabilización, cando a Corporación dá un xiro ás posibles funcións ou dotacións da parcela acordando, dada a precaria situación das instalacións dedicadas ao ensino público[177], iniciar o proceso para a construción dunha Concentración Escolar[178] nos terreos cedidos á OSH, da que se urxe, unha vez máis, a nulidade do contrato, dado que é ineludible a achega do soar da Xunqueira como requisito previo a calquera negociación co Ministerio de Educación y Ciencia. No mesmo ano accédese tamén á solicitude do C.D. Meira de arrendamento dun campo de fútbol, a construír na marxe dereita da estrada Cangas-Vilaboa, nos terreos da Xunqueira ou Areeiro, quedando prevista a concentración escolar na marxe esquerda da citada estrada.

O destino da maior parte desta parcela municipal para a concentración escolar, quedando a outra parte da parcela para campo municipal de fútbol, como veremos a continuación, foi o principio dunha dinámica de iniciativa urbanística pública descoñecida na historia local, tanto cuantitativa como cualitativamente, porque a urbanización deste espazo público con dous grandes centros de educación infantil, o xermolo dun centro comarcal de Formación Profesional, un campo de fútbol e as correspondentes infraestruturas coa apertura de dúas novas estradas, as primeiras dotacións de servizos deportivos públicos –pista escolar de balonmán e baloncesto, instalacións para fútbol e atletismo- en condicións, nesta ampla superficie, vai crear un ensanche urbano para servizos educacionais, deportivos e de lecer, ao estaren situados todos na proximidade da praia da Xunqueira, a máis usada do concello.

Con esta operación urbanística que veremos nos seus detalles desaparece o Matadoiro Municipal, desécase e transfórmase unha superficie importante de xunqueira[179] e terreo pantanoso ou inundable, aínda que continuou

177 No concello de Moaña non existiu nin existe ningunha dotación de dimensión relevante para ensino privado. Para documentar a evolución do ensino en Moaña ata 1970, ver MÉNDEZ FRAGUAS, M. A., RODRÍGUEZ PARADA, X; CANCELAS FRANCO, X., (2012.)

178 A Concentración Escolar é a edificación tipo promovida pola Lei Xeral de Educación de 1970, cara á centralización e escolarización obrigatoria da poboación escolar ata os 16 anos.

179 A consideración social sobre estes espazos intermareais non era positiva posto que se percibían como lugares insanos e improdutivos. A ditadura empregou a política de desecamento e cambio de uso dos terreos de marismas e humedais, para recheos, urbanizacións, saneamentos, creación de pasteiros,

unha carencia salientable durante todo o desenvolvemento histórico do Concello de Moaña: a inexistencia de calquera tipo de edificación de xestión/promoción pública ou concertada para vivenda social.

2.3.1 Concentración Escolar, 1: Colexio público Amador Monte-negro Saavedra[180]

Unha vez recuperado o pleno dominio dos terreos da parcela municipal da Xunqueira ou Areeiro en 1968 e vista a aprobación do MEC, no mesmo ano, para realizar[181] unha Concentración Escolar con 60 aulas e 36 vivendas para os mestres, por un importe de 40.000.000 ptas., das que o Concello debería achegar 4.000.000 ptas., así como realizar o saneamento da parcela con vías de acceso, auga, electricidade, etc., o Concello pon a disposición do MEC os terreos para que proceda á ocupación que corresponda, na marxe esquerda da estrada Cangas-Vilaboa, e solicita a dispensa económica, comprometéndose a realizar a preparación do soar cos correspondentes servizos urbanísticos. En 1969 concédeselle á institución local a "dispensa económica" e infórmase que ademais do soar do patrimonio municipal é mester ocupar unha finca lindeira, de 6.300m^2, que o Concello acepta, declara de utilidade pública e inicia un expediente de xustiprezo.

Comeza o proceso de posta a disposición dos terreos precisos para unha dotación pública desproporcionada na súa escala para as condicións económicas dunha Administración como Moaña, obrigándose o Concello a confeccionar un orzamento extraordinario. Como veremos, a dinámica que imprimiron as obras incluídas nos Plans de Desenvolvemento significaron un gran requirimento por parte da inversión pública, o recurso ao financiamento extraordinario e a débeda, ás veces o incremento das taxas dos servizos públicos, ou ao establecemento de contribucións especiais e outras veces, como este caso das concentracións escolares, ás expropiacións, porque as obras dan lugar a modificacións do planeado inicialmente, continuo cambio dos proxectos e, finalmente, a orzamentos que se incrementan sobre a previsión inicial.

---

etc. Na provincia de Pontevedra, para 1959, estaban aprobados pola Deputación Provincial os saneamentos da Seca/A Xunqueira-Pontevedra, Torres do Oeste e Abreira-Catoira, pasteiros n'A Canosa-A Guarda e Pontesampaio, defensa do río Umia-Portas, saneamento nas marismas de Redondela e Sisán-Ribadumia, saneamento Vega da Mammua-Tomiño e recheo das marismas de Vilanova de Arousa. Quizais a actuación máis coñecida de saneamento e desecación en Galicia, entre 1958 e 1963, foi o da Lagoa de Antela, de 3.600 Ha., no sur occidental da provincia de Ourense.

180 Amador Montenegro Saavedra (Santiago de Compostela, 30041864, Lugo 22091932), foi escritor e xornalista. Fundou o xornal A Monteira (1889), ingresou na RAG en 1909, sendo o seu o primeiro discurso en galego nesta institución (GEG, 1972). Pertence á familia Saavedra, propietaria do Pazo do Rosal (Moaña), sendo o pai de Amador Montenegro López, aparellador municipal de Moaña.

181 PM29011969. AMCM.

No caso da Concentración Escolar da Xunqueira, ante a envergadura do planeado, decídese executar en dúas fases, a primeira será a de creación dun centro de 34 unidades[182] e 12 vivendas para o profesorado. O procedemento administrativo seguido nesa altura do franquismo era implacable cos prazos e eficiente coa tramitación: o centro debería -como así foi- estar rematado para o curso 1971, sendo adxudicado á empresa Ramón Behamonte por un importe de 19.492.758,48 ptas., a realizar en 18 meses. Segundo a documentación municipal, o Concello aboa á empresa construtora 843.840 ptas. polo acondicionamento do soar, ademais de 1.801.500 ptas., importe das expropiacións a once propietarios, con superficies de terreos entre 5,5 varas e 91 varas, a razón de 1.500 ptas./vara, e outro propietario, con 412,5 varas, ao que se acorda pagar a 2.500 ptas/vara.

O importe total das expropiacións está liquidado, segundo a documentación municipal, a mediados de 1973. O concello ten que facer fronte tamén á acometida de auga, instalación eléctrica e contratación dun conserxe-porteiro para o centro escolar, en 1972. En 1975 constrúe unha pista polideportiva, no terreo do novo colexio, cun custo de 799.191 ptas. Na relación de obras prioritarias enviada á Deputación Provincial para 1965, a estimación do importe a pagar polo Concello para a realización dun Grupo escolar en Meira[183], era de 2.000.000 ptas., incluídas 100.000 ptas. para o soar e a prestación persoal dos veciños.

2.3.2 Concentración Escolar, 2: Colexio público Seara

Comeza a segunda fase da concentración escolar para a construción dun segundo centro con 16 unidades, para o que o MEC pide unha superficie de 12.000 m^2, tamén na zona da Xunqueira, na marxe esquerda da estrada Cangas-Vilaboa, en 1972, un ano despois da posta en marcha da primeira Concentración Escolar. A diferenza da primeira fase, toda a superficie requirida é de propiedade privada que o Concello se compromete a expropiar, sanear, explanar e dotar de servizos de auga, enerxía eléctrica, pavimentado de calzadas, sumidoiros, etc.

Os propietarios afectados piden 2.000 ptas./m^2. Segundo informe técnico do aparellador municipal[184]

> *"os terreos afectados son de natureza rústica ou inculto..., pola súa produción sempre estiveron destinados a xunqueira, que se inunda polo mar nas mareas vivas e polo río circundante;*

182 PM31011973. AMCM.
183 PM24021965. AMCM.
184 PM06091972, AMCM.

e dende o punto de vista da edificación non poden considerarse soares sen o previo recheo, drenaxe e dotación de servizos urbanísticos"

A Corporación decide declarar de utilidade pública a construción do colexio, solicitar a declaración de ocupación urxente dos terreos afectados e expropiar. O MEC acepta e a construción do centro é incluída nas previsións do III Plan de Desenvolvemento, para 1973.

O ámbito afectado, segundo a documentación municipal[185], son 14.696,25 m^2 de parcelas con superficies entre 1.334,5 m^2 e 3.782,75m^2, de natureza rústica, a xunqueira, pertencentes a cinco propietarios. A primeira estimación da Corporación Municipal, en 1971, establecía un cálculo baseado na estimación de pagar a faixa de terreo con fronte á estrada Cangas-Vilaboa, nunha profundidade de 25m., a 350 ptas./m^2, e o resto dos terreos sen fronte á vía pública,a 250 ptas./m^2.

O informe do aparellador municipal, en 1975, indica que se debe cambiar o criterio con respecto á valoración dos terreos da primeira fase da Concentración Escolar, tendo en conta o incremento do custo da vida. Recórrese finalmente a informe pericial do enxeñeiro de camiños Pedro Sánchez Tamayo, quen, en función dos parámetros de situación dos terreos, definición catastral, definición urbanística actual, edificabilidade e valoración dende os puntos de vista agrícola e urbanístico, estima como valor xusto o de 2.500 ptas./vara para os situados nos 35 m. de fondo a partir da estrada, e 2.000 ptas./vara os restantes, é dicir, os mesmos prezos da expropiación para a primeira fase da Concentración para os situados rente a estrada e 500 ptas. máis -antes 2.000 ptas., agora 2.500 ptas.- para os terreos interiores[186].

Como non se chegara a acordo cos propietarios, o Xurado Provincial de Expropiacións fixa un xustiprezo, en 1977, que o Concello recorre por non estar de acordo e o proceso xudicial continúa, rematando en 1978 coa sentenza da Audiencia Territorial da Coruña, que ditamina a obriga do pagamento de 27.202.020 ptas. aos propietarios[187] por parte do Concello: a Corporación moañesa ten que recorrer a un Proxecto de Orzamento Ordinario de liquidación de débedas por ese mesmo importe, orixe da substancial débeda pública coa que o Concello de Moaña entrará na democracia, sendo un importante lastre para a xestión da primeira Corporación Local.

A ilusión da aparente facilidade de realización de grandes obras pú-

185 PM31011973, AMCM. Os datos transcritos na acta, non cadran. Estimamos que deben ser un total de 19.535 m2 a expropiar, e 5.258.750 ptas., a cantidade que a Corporación estima como importe total a pagar aos propietarios.

186 PM04111975, AMCM.

187 PM12021979, AMCM.

blicas que propiciaron as transferencias económicas e financeiras estatais dos anos do "desenvolvementismo", a necesidade de recorrer a procedementos como a expropiación para casos de necesidades evidentes como a mellora das dotacións do ensino público, volvéronse un pesadelo financeiro e político cando chegou, a partir da crise económica mundial de 1973, o remate do modelo de "estado de obras".

O colexio público de Seara, produto deste complexo proceso, foi recibido e comezou a funcionar en 1977. Era, despois do colexio Amador Montenegro Saavedra -popularmente denominado Reibón- a segunda gran dotación educativa pública nos terreos da Xunqueira. *[Ver Plano 7]*

O espazo da Xunqueira seguiría sendo modificado para outras dotacións, primeiro educativas, coa creación dun centro de Formación Profesional, que comezaría a funcionar en 1975, nunha instalación educativa de dúas aulas taller e tres aulas de clases, en casetas prefabricadas. A continuación continuaron instalándose as dotacións deportivas, coa construción dun campo municipal de fútbol, nunha superficie de 11.000 m^2 da vella propiedade municipal, á dereita da estrada Cangas-Vilaboa.

Plano 7



Para articular interior e exteriormente este amplo espazo de Concentración Escolar foi necesario urbanizar unha vía rodada perimetral aos

colexios, denominada "circunvalación da Concentración Escolar", e tamén unha conexión, a chamada "rúa de enlace" -hoxe rúa Rosalía de Castro- entre a estrada Cangas-Vilaboa e a estrada interior Seara-Verducedo. Proxectadas ambas vías en 1970, teñen un proceso similar ao da posta a disposición dos terreos para os centros de ensino e adíanse por mor de expropiacións e problemas orzamentarios. Adxudícanse ambas en 1976 a Marcelino Bértolo Losada, a "circunvalación" en 3.521.000 ptas., e por 3.715.000 ptas. a de "enlace".

Na "rúa de enlace" establécense contribucións especiais aos propietarios lindeiros das parcelas: 100% do custo das beirarrúas, 75% do custo dos sumidoiros e 80% do importe das demais partidas. En 1976 están rematadas as obras pero en 1977 compróbase que o tubo que se colocou nesta rúa para canalizar as augas do río da Fraga non ten capacidade para soportar o caudal do citado río cando hai enchente por mor das choivas, agravándose o problema coa preamar, o que dá lugar a varias inundacións na zona que obrigan a ter que sacar o tubo instalado, rompendo e inutilizando a nova vía, motivo polo que o Concello decide, en 1979, a rescisión de contrato ao adxudicatario das obras.

2.3.3 Campo de fútbol

A crise da pesca de litoral, xunto coas oportunidades laborais que se abren na década de 1960, fan que a flota pesqueira moañesa de maior envergadura vaia primeiro esmorecendo e despois desaparecendo. A evolución tecnolóxica trouxera a aparición de novos materiais para a elaboración das redes de pesca que evitaban procesos como a tintaxe e o secado das vellas redes de algodón, facendo que o amplo espazo que acollía, na praia da Xunqueira, os tendais para secado dos aparellos, esmoreza en pouco tempo pasando a ser un elemento característico e identitario da paisaxe e da postal moañesa pero sen utilidade funcional, algo similar ao acontecido co Matadoiro Municipal.

Estando ocupado coa Concentración Escolar o espazo norte do ámbito da Xunqueira, tamén a zona sur, anexa á praia, ten a súa historia en canto a demanda de novos usos, polo menos, dende 1956, cando o Concello ofrece os terreos á Deputación Provincial para un campo de deportes. A posterior montaxe dos tendais de redes ocupou este espazo ata que en 1965 o Club Deportivo Meira solicita unha superficie de 8.694 m^2 e consegue o arrendamento dunha parcela da Xunqueira en 1966.

En 1968, a Deputación Provincial oferta ao Concello unha pista polideportiva, proxecto de César Portela F. Jardón, para que "poida servir de modelo aos concellos pontevedreses que o requiran". A Corporación contesta que "tendo en conta que o deporte que máis se exercita neste termo é o fútbol, considera que o proxecto aludido resulta incompleto para os intereses

deste municipio" e acorda[188] ceder os terreos á Deputación para a instalación do campo polideportivo, "sen prexuízo da ampliación para incluír…fútbol", ofrecendo a cesión dos terreos necesarios da Xunqueira, unha vez deducida a parcela destinada a Concentración Escolar.

Non será ata 1975, xa realizados os dous centros educativos da citada concentración escolar, cando a Corporación decida -sen tomar ningún acordo formal dos órganos de goberno municipais nin comunicar nada ás institucións estatais e portuarias con competencias no ámbito marítimo-terrestre- comezar a realizar un recheo para acondicionamento da zona, procedendo a arrancar os postes dos tendais que ocupaban parte da antiga parcela de "Xunqueira ou Areeiro" que o Concello considerara municipal pero non o entende así a autoridade portuaria que realizara o deslinde marítimo-terrestre efectuado en 1971 ante as discrepancias entre administracións públicas por mor das sucesivas dotacións que se pretenderan colocar nese ámbito.

Este proceder do Concello de Moaña, que veremos repetido na xestión doutras zonas do territorio de dominio público marítimo-terrestre, e tamén en recheos directamente sobre o mar, é indicativo dunha das políticas públicas locais máis repetidas, tanto en Galicia como en toda España, para acadar novos espazos onde situar infraestruturas, dotacións ou servizos, novos espazos que, doutra forma, custarían longas xestións políticas cos propietarios dos terreos, así como grandes custes económicos, sociais e políticos nos procesos. Esta transformación e/ou creación de novos espazos é un factor de desenvolvemento urbanístico esencial e diferencial dos concellos que avanzan territorial e urbanísticamente a conta dos espazos situados nas ribeiras mariñas, vías fluviais, marismas, praias, etc.

En 1975 comeza a extracción dos 87 postes dos vellos tendais de aparellos de pesca para o acondicionamento de 11.000 m^2 de superficie destinada a campo de deportes e pista de atletismo circundante, sendo mester facer un recheo para elevar a rasante, para o que se estima preciso o movemento de 11.000 m^2 de terras, procedentes de desaterramentos, desescombros, etc., para posteriormente explanar e realizar un pechamento con postes e madeira para poder poñer en uso o campo de deporte. A diferenza dos recheos realizados ata ese momento no litoral central de Moaña, este da Xunqueira, paralelo á praia, é o de maior envergadura e acabará transformando o espazo da zona dereita da estrada Cangas-Vilaboa.

En 1976 adxudícase o cerramento definitivo do campo de fútbol e a construción dos vestiarios, en 1977 cédese sen custe o seu uso ao C.D. Moaña, en 1978 é preciso continuar o recheo para explanar, sanear e canalizar as augas do río da Xunqueira, rente ao campo de fútbol, e en 1979 o concello acorda recibir a obra de terminación do cerramento e incorporala ao patrimo-

188 PM26041968, AMCM.

nio municipal.

Co remate do campo de fútbol queda urbanizado un novo ámbito de servizos públicos educativos, deportivos e recreativos, formado por dous centros de Ensino Xeral Básico, un centro de Formación Profesional e un campo de fútbol, que cambiaron totalmente os usos anteriores dunha zona de xunqueira, marisma e area, entre o río da Fraga e a praia da Xunqueira.

[Ver fotografía 4: A Xunqueira, 1985. Páxina 44]

2.4 O Real: de paisaxe fidalga a "ensanche" urbano

Probablemente o feito de iniciarense, dende a Deputación Provincial de Pontevedra, entre 1958-1959, os "estudios previos para acadar unha ordenación urbanística de todo o litoral da provincia, que evitase a edificación anárquica, e deficiente moitas veces, que nacía salpicada por toda a zona"[189] -documento que en 1966 se lles obrigaría a aprobar a catorce concellos do litoral pontevedrés, entre eles o de Moaña- tivera algo que ver con que Rosalía Méndez-Núñez, Marquesa de Méndez Núñez, propietaria[190] de "Terreo a labradío, inculto con castaños, toxeira, canastro, alpendre, Capela, casa pequena para caseiro e outra máis grande, e tres vivendas de planta baixa, formando a finca O REAL *[VerPlano 8, O Real, 1956]*, de superficie de noventa e catro mil metros cadrados…", presentara no Concello de Moaña un escrito[191] , acompañado de "proxecto pericial de aliñacións e rasantes así como perfís e saneamento coa ordenanza reguladora para a zona residencial de Moaña, nos terreos coñecidos por 'El Real". Para os redactores do borrador do POLRB, en 1963 O Real era unha das zonas afectadas pola limitación ou suspensión da edificación prevista, pero exímeselle de ser incluída no Plan por ter aprobado o seu proxecto de urbanización pola CPU en 1962.

O Concello acepta a "cesión de terreos viarios" e expón ao público a documentación[192], onde figura a distancia de doce metros entre edificacións como ancho do viario, tanto para a rúa central ou principal –con dous metros de beirarrúas a cada lado- como as transversais, cun metro de beirarrúa ao peche para edificación unifamiliar, máis dous metros dende o peche á liña de edificación da vivenda. O proxecto de aliñacións suscita discrepancias entre o informe do aparellador municipal, Amador Montenegro, quen propón a distancia de doce metros entre edificacións como ancho de todas as rúas, de acordo co proxecto de aliñacións e rasantes presentado, e a Comisión Municipal de Obras, que entende que as rúas transversais deben ser de 9 metros,

189 ORTÍZ DE LA TORRE, M., ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR, G., Pontevedra, Plan de Ordenación del Litoral de las Rías Bajas, Deputación Provincial de Pontevedra, sen data (1966 ou 1967).

190 Rexistro da propiedade de Pontevedra. AMCM.

191 PM07091961. AMCM.

192 Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, BOE nº 135, 14051956, art. 113 e ss., páx. 312.

sen aliñar as fachadas, con 5,5 metros de calzada e 1,75 metros de beirarrúas a cada lado, e a rúa central de 10 metros, 6,5 de calzada e 1,75 metros para beirarrúas a cada lado.

Plano 8



Durante o proceso de exposición pública do proxecto de aliñacións e rasantes do Real en 1961 dáse conta ao Pleno dun escrito "como protesta e reclamación a ampliar a costa dos expoñentes en máis de oito metros as vías de acceso que la Excma. Sra. Marquesa de Méndez Núñez doou gratuitamente", subscrito por varios dos primeiros compradores de parcelas enclavadas na dita zona do Real, propietarios que demandan se autorice o fomento da edificación "favorecéndoa no posible". A Corporación acorda aprobar o proxecto cos documentos aludidos e a súa ordenanza e determinar a anchura dos viarios conforme aos criterios da Comisión Municipal de Obras, resultando o proxecto aprobado pola CPU do Ministerio da Vivenda en xaneiro de 1962.

O proxecto de urbanización residencial máis importante da época que estamos a estudar nace cunha ordenanza de aliñacións e rasantes que establecía o criterio de zona residencial para todo o ámbito, unha altura máxima para os edificios igual á anchura da rúa entre aliñacións de edificación, sen fixar parcela mínima máis ca co criterio de que esta fose "a precisa para edificar unha construción de 65 m^2 de planta", con superficie construída libre, edificación "alta e de cidade-xardín"[193], permitindo o uso da vivenda colectiva e unifamiliar, a apertura de almacéns ou establecementos relacionados coa alimentación, o mar, vestido, artesanía, bebidas e cafeterías, sociedades de

193 O modelo de "cidade xardín" de Howard, inscrito no movemento do socialismo utópico, tivo importancia e difusión como zona residencial integrada é, á vez, segregada da cidade, como no caso vigués (O Castro, Peniche). Para unha comprensión do modelo, LOIS GONZÁLEZ, R.C. *et ali* (2012), pp. 121-125.

recreo, salas de cinematografía e espectáculos, prohibindo a instalación de salgadoiros, cocedoiros de marisco, garaxes para máis de cinco coches e toda industria que non sexa familiar[194].

Anos antes de formalizarse o proxecto no Concello, a propiedade da finca do Real, que xa segregara e vendera -a partir dos anos 40 do século vinte- unha superficie importante entre a zona norte da finca e o litoral, nos lindeiros co lugar do Vaticano (A Praia), comeza, nos anos 60 –antes da aprobación do proxecto de rasantes e aliñacións- o proceso de parcelamento e venda da maior parte da superficie restante do predio, agás a zona que linda coa Casa Grande principal da familia Méndez Núñez, que se reserva para a propiedade familiar dos propietarios.

Actuando como mediadores, dúas persoas da confianza do Marquesado elaboraran un elemental mapa "parcelario" que serviu como base gráfica documental para efectuar as primeiras vendas a particulares interesados en residir nunha zona de gran atractivo xeográfico e boas comunicacións, un retallo de territorio que vén completar a imaxe urbana da Moaña contemporánea, aportando a maior urbanización e a maior concentración humana nunca antes rexistrada neste concello. A operación de posta a venda das parcelas do Real tivo gran aceptación social, como proba o feito de térense vendido, entre 1961-1964, a maior parte dos aproximadamente 170 soares[195] que contén o ámbito, 42 no lado leste da actual rúa Méndez Núñez, e 128 no seu lado oeste.

Como estratexia de xerarquización da importancia económica de cada parcela, os representantes da propiedade elaboran unha zonificación da finca, establecendo para as primeiras vendas, entre 1961 e 1965, o prezo/m^2 máis alto para a zona 1, a da primeira liña litoral, en 400 ptas./m^2, a continuación a zona 2 -actual rúa Méndez Núñez, marxe norte-, a 300 ptas./m^2, despois as zonas 3, 4 e 5 -rúa Méndez Núñez, marxe sur, e zonas interiores entre esta rúa e o linde oeste da finca-, todas a 200 ptas./m^2. A zona alta do predio é subdividida: a parte lindeira coas estradas Marín-O Con e Cangas-Vilaboa, ten un prezo de 250 ptas./m^2, e a zona norte interior, actualmente rúa Navas de Tolosa, a 125 ptas./m^2.

O proceso de venda da maior parte do parcelario do Real, efectuado nestes primeiros anos, é representativo da situación económica, financeira e social dun país e unha comunidade como a moañesa que, na altura de 1961, non utiliza máis ca o mínimo imprescindible as institucións financeiras existentes -caixas de aforros, sobre todo- para realizar este tipo de inversións inmobiliarias.

O procedemento de compravenda realízase, para o caso dos compra-

194 Ordenanza da zona residencial de Moaña antiga finca do "Real". AMCM.

195 Hai que ter en conta que sobre o parcelario inicial elaborado pola propiedade producíronse procesos de agregación, segregación e permuta de parcelas imposibles de identificar na súa totalidade.

dores de extracción social humilde, sobre a base da palabra dada/outorgada, a credibilidade moral e a solvencia económica que se recoñecen as dúas partes, estendendo un documento escrito, privado, por todo compromiso e garantía documental, onde se especifican os datos do comprador, a superficie aproximada[196] do soar mercado, os seus lindeiros, o importe monetario aportado como entrega inicial e as sucesivas cantidades que o comprador afirma que achegará nos prazos pactados.

Este proceso de compra sobre a base moral e persoal do aforro e as ganancias futuras como garante da solvencia da operación de compravenda, exemplo canónico do factor confianza como eixo do capital social acumulado nunha cultura do pacto comercial e social, entendido como trasacordo de honra, non ten formalización en notaría ou rexistro da propiedade ata que a situación o require por mor de permutas[197], revendas, inicio do expediente de construción de obra, etc. No momento de escrituralo, as superficies das parcelas reflectidas nas actas son estimativas e o prezo de venda rexistrado sempre aparece moi por debaixo do real[198].

O desenvolvemento inmobiliario do Real tivo dúas etapas entre 1962-1980. A primeira, entre 1962-1967, comeza coas primeiras edificacións, ata a apertura e urbanización da actual rúa Méndez Núñez, nos comezos denominada "avenida central" ou "travesía central". As primeiras construcións pertencen á época da aprobación municipal do proxecto, cando o ámbito da parcela do Real estaba sen transformar case na súa integridade. As primeiras vivendas son chalés, e comezan a situarse no camiño –despois rúa Méndez Núñez- que divide o ámbito entre a parte alta -Portal do Almacén- e a baixa da beiramar/peirao de pasaxeiros.

Estas primeiras edificacións que se erguen –xunto con outras construcións máis modestas- son residencias unifamiliares de calidade, algunhas de varios andares, que pertencen a familias acomodadas, residentes na localidade: os primeiros moradores do barrio son comerciantes locais, altos empregados de entidades financeiras, profesionais da medicina e farmacia, industriais do sector mexilloeiro e conserveiro, armadores da flota artesanal, comerciantes, persoal cualificado de empresas industriais ou da mariña mer-

196 A rudimentaria elaboración planimétrica da propiedade do Real posta en venda, o documento gráfico sobre o que se realiza a compravenda marcaba unhas dimensións irreais das parcelas, ao non ter en conta o efecto da importante realidade topográfica e costaneira da maior parte do ámbito vendido, cuestión que se corrixiu "sobre a marcha", a medida que se ían realizando desmontes de terra e cimentacións.

197 Conforme vai avanzando o proceso de construción residencial do Real, parte dos propietarios de parcelas capitalizan a súa propiedade adquirindo, a cambio, novas propiedades en forma de vivendas ou baixos comerciais, negociados co promotor ou construtor da edificación.

198 A comparación dos mesmos datos -por exemplo, superficies e prezos das propiedades- varía segundo a fonte sexa a parte vendedora, a parte compradora, a Administración Local (establecemento de xustiprezos, plusvalías, etc.), os rexistros de notarías e/ou da propiedade, o Catastro do Ministerio de Facenda, o Colexio de Arquitectos, etc.

cante, altos funcionarios públicos, etc., que responden, nos primeiros anos 60, á inclinación por un modelo de urbanización de tipoloxía predominantemente unifamiliar e de cidade-xardín. Nesta primeira fase, ata 1967, segundo os expedientes municipais de obra nova consultados, érguense 55 construcións, é dicir, está construída unha terceira parte do total do parcelario posto á venda no Real.

A ambigüidade da ordenanza sobre tipoloxía ou edificación -alta e cidade xardín, colectiva e unifamiliar-, sumado ás expectativas xeradas polas posibilidades urbanísticas e edificatorias en tal superficie de terreo destinada na súa práctica totalidade a zona residencial fixo que en principio se desenvolvera a edificación unifamiliar sobre as parcelas de máis interese en canto a comunicación viaria -litoral, rúa principal- e outros factores socialmente apreciados como as vistas panorámicas, a proximidade ao mar, ao centro urbano ou a un peirao de pasaxeiros clave, en aqueles momentos, para a comunicación coa cidade de Vigo e a actividade marítima e pesqueira.

As primeiras tipoloxías das residencias e terreo anexo que se instalaron nesta fase inicial de urbanización nas beiras dos viarios do ámbito do Real, son as de cidade-xardín (modelo unifamiliar con terreo anexo: non utiliza, polo tanto, toda a edificabilidade da parcela), en zona residencial minimamente ordenada, aínda que sen contar con servizos urbanísticos básicos como auga, saneamento ou beirarrúas, forman parte dunha estratexia de singularización ou distinción social para un segmento medio alto da poboación moañesa que comparte o espazo con outras familias procedentes de sectores sociais máis baixos que están experimentando, na década de 1960, o seu proceso de mobilidade económica e social ascendente.

En 1966, sen contar aínda cos servizos urbanísticos que sería mester para levar a cabo unha urbanización, sobre todo sen sistema ou rede pública de auga ou sumidoiros, -a "organización sanitaria" reclamada dende o 1962 polo Enxeñeiro Xefe de Portos- o medre da edificación no barrio é intenso, informando no Pleno sobre o estado de obras na "calle-travesía", o vieiro principal (actual rúa Méndez Núñez), onde "os propietarios non deixaron o espazo libre suficiente para a construción da rúa e beiravías [acordando o Concello] que retiren os cerramentos" , unha obra proxectada en 1965 por importe de 747.145,54 ptas., redactada por Eloy Fernández-Valdés Rodríguez[199], aportando o Concello 500.000 ptas. e aplicando contribucións especiais polo resto do importe aos beneficiados polo aumento do valor dos seus soares, ao que catro propietarios, membros da Xunta Administrativa de Contribuíntes da Travesía do Real, en nome do resto dos compradores, solicitan se lles va-

199 Eloy Fernández-Valdés Rodríguez (1917-1991), redactor de grandes e importantes proxectos de infraestruturas e servizos en Moaña, era enxeñeiro de camiños, canles e peiraos dende 1946, foi nomeado director de Vías e Obras da Deputación Provincial de Pontevedra dende o 25051947, institución para a que desenvolveu numerosísimos proxectos de reparacións de camiños e estradas provinciais ata 1985. Información subministrada polo Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, 31012017.

lore a "apropiación efectuada en terreos a eles pertencentes, de un metro de fachada…, ao obxecto de que diminúa a súa contribución especial" .

Aos tres anos do inicio do proceso de edificación nas parcelas do Real, a urbanización da principal vía de comunicación rodada do barrio, a actual rúa Méndez Núñez, en 1965, permítenos unha visión máis ampla sobre o nacemento deste primeiro ensanche urbano moañés dende o punto de vista do custe dos soares adquiridos e a súa revalorización, ademais do conflito entre propietarios e Concello por mor do recuamento dos cerres que impón o proxecto para o ancho da vía. Os propietarios entenden que a urbanización debe correr integramente a cargo da Administración Pública, amosando a súa oposición, sobre todo, ao importe das contribucións especiais que a institución local impón sobre a plusvalía xerada polo cambio de condición dos soares despois da urbanización da rúa, e que os propietarios entenden que está amortizada pola "doazón" de terreos feita pola marquesa de Méndez Núñez para o viario do ámbito do Real.

O Concello acepta negociar o importe das contribucións especiais cos propietarios lindeiros coa rúa Méndez Núñez - oito na marxe Leste e once na do Oeste-, e encarga un proxecto pericial de parcelamento en 1965, que inclúe plano das superficies de cada soar e cadro comparativo do importe económico de cada parcela, ademais do importe resultante despois de aplicada a plusvalía xerada pola urbanización e a taxa para contribucións especiais. Na comparación dos datos do cadro municipal, en superficies e importes dos soares, cos datos que encontramos en actas notariais e documentación dos vendedores, aparecen diferenzas sensibles: os metros cadrados de cada soar, no documento municipal, teñen unha diferenza cos datos notariais de entre un +45% e un +80%. En canto aos importes das parcelas, aparecen diferenzas entre os datos reflectidos pola propiedade e os da institución local de entre un +60% e un +65%, agás un soar que se deprecia nos datos municipais nun -62,5%.

Na negociación establecida as dúas partes aceptan finalmente que o importe das contribucións especiais, que o Concello pretendía que fosen do 69,36% do importe de cada soar coa plusvalía pos urbanización- co que se cubriría o 100% do importe das obras de urbanización- quede finalmente nun 46,12%.

Ao tempo da urbanización da rúa principal do barrio, comeza a segunda fase no desenvolvemento urbanístico do ámbito do Real, 1968-1980: por unha banda, continúa, con menos intensidade en canto a número de edificacións realizadas pero con máis alturas, a construción de edificios unifamiliares e tamén comezan a erguerse, con bastante regularidade, os edificios de grande envergadura en superficie e edificabilidade, que se irán incrementando canto máis avanza a centuria.

Bautizada como "Avenida del Almirante Méndez Núñez", en 1968

está rematada a construción e urbanización da rúa principal, ao tempo que se está a construír na parte media e alta do barrio, sobre todo edificación en altura e superficie, sen estar instalado o proxecto de "recollida, dilaceración e vertido ao mar de augas residuais de Moaña", de Eloy Fernández-Valdés Rodríguez, cun importe por contrata de 3.535.467 ptas., nin tampouco a instalación de alumeado público ou as obras de urbanización das principais rúas transversais, que contan con proxectos redactados por José María Sáenz Díez: Fragata A Branca, 668.766 ptas.; Fragata Vila de Madrid, 948.846 ptas.; Fragata Lealdade, 1.935.842 ptas.; Fragata Numancia, 1.751.033 ptas.; Batalla del Callao, 2.130.417 ptas.; Fragata Navas de Tolosa, 1.616.312 ptas.

En plena actividade de construción residencial, sen trazas de urbanización da maior parte do viario do ámbito, en 1973 o Concello dirime as discrepancias de criterio sobre alturas nas rúas de circunvalación do barrio do Real, aceptando como máxima cota das edificacións perimetrais do barrio a dimensión do ancho da estrada Marín-O Con desde o cruce do Portal do Almacén ata o Con: 22,5 metros, e tamén establece o mesmo criterio para as rúas da beiramar, de menor anchura. En ambas rúas perimetrais a altura máxima establecida será a de baixo e seis andares.

A actividade construtiva rexistra, segundo a documentación municipal, 80 licenzas de obra nova entre 1968-1980, un 40,58% sobre o total das parcelas do ámbito, que sumadas ás construcións realizadas dende 1962, ofrece un total de 135 edificacións en 1980, de tal xeito que cando chega a democracia local está edificado sobre o 80% do total do parcelario do Real.

Nesta segunda etapa do barrio, cambia a tipoloxía residencial e remata practicamente a edificación unifamiliar dos primeiros anos 60 que interesara a persoas representativas dos segmentos socioeconómicos da localidade -comercio, armadores, profesións liberais, empresarios e altos cadros da empresa e da administración pública, banca, etc.-, con estilo de vida residencial en vivenda de cidade-xardín, aparecendo cada vez máis un modelo de edificación colectiva, con propietarios de parcelas que proveñen do cambio económico rexistrado na década de 1960, investindo en soares do barrio do Real para construír, revender, converterse en promotores, etc., procurando e reutilizando as plusvalías xeradas nunha época de alta demanda residencial e inflación.

Analizando as listaxes de compradores de parcelas no Real encontramos, cando menos, varias estratexias de maximización dos intereses económicos e familiares: en primeiro lugar as persoas que mercan parcelas e edifican nestas dende primeira hora, a continuación un segundo grupo de persoas que mercan para facer revendas posteriores das parcelas; en terceiro lugar existe outro grupo de propietarios que mercan e/ou permutan a súa parcela por outro soar ou soares que encontran de máis interese. Finalmente están as persoas que mercan e posteriormente negocian cun construtor/promotor o

importe do soar a cambio de vivendas, baixos comerciais, etc., dentro da nova edificación.

Comparando as listaxes que nos foi posible consultar de compradores iniciais –sobre todo entre 1961/1964- de soares que non chegaron a edificar, encontramos, sobre o total das parcelas postas á venda no ámbito do Real, unha mostra de 64 persoas que mercan dende primeira hora pero non constrúen[200], que consideramos suficientemente ilustrativa e representativa das estratexias seguidas polos compradores, e que acredita que, na altura de 1964, vendidas xa a maior parte das parcelas, aparecen ata un 40% dos propietarios de documentos de compra que non chegaron a transformar a súa propiedade parcelaria en expedientes de construción de obra nova por algún dos motivos citados.

Non podemos saber o total dos propietarios que mercaron parcelas sen chegar a promover ou edificar pero podemos afirmar que nesta situación se encontraban máis da metade dos compradores iniciais de soares do Real, o que cremos que nos habilita para inferir –a partir de consultas a persoas representativas da parte das promotoras ou construtoras e das persoas compradoras e vendedoras do ámbito estudado- que a familia propietaria do predio do Real, sen dúbida, acadou o máis importante beneficio económico bruto, derivado da operación de primeira venda de soares, pero se analizamos os prezos iniciais de venda e os comparamos cos acadados por estratexias de revenda, permuta, troco por vivendas ou baixos comerciais, etc., este 50% ou máis de novos compradores, en anos de sucesivas revalorizacións dos prezos de soares, edificacións e vivendas –procesos de forte inflación e movemento de alza dos distintos factores do proceso inmobiliario entre 1960/1980-, acadaron -en conxunto e tamén en proporción ás superficies de terreo de cada novo propietario- unhas considerables plusvalías e, polo xeral, maiores taxas de ganancia/m^2 que as obtidas pola familia propietaria e vendedora das parcelas, en orixe, da finca do Real.

A investigación da micro socioloxía das plusvalías inmobiliarias dos novos propietarios do parcelario permítenos poñer en cuestión a especulación urbanística como un proceso simple de apropiación de rendas urbanas unicamente por parte dun sector ou elite económico-financeira, rendista, capitalista, etc: a socialización das plusvalías e rendas urbanas no proceso de compra e venda das parcelas neste barrio mellorou substancialmente as condicións económicas de partida de persoas procedentes dos estratos económicos máis baixos ou humildes como foi o caso dos mariñeiros sen cualificación ou cua-

200 A mostra foi realizada a partir de tres fontes distintas: un primeiro grupo de 20 compradores aparecen nos expedientes de obra nova do Concello de Moaña, AMCM; unha segunda listaxe mecanografada de 15 compradores (1961-1964), procede das copias de escrituras notariais doutros 12 compradores (1961-1964); a terceira información é unha relación mecanografada de 17 compradores rexistrados (>1961) nos planos parcelarios elaborados polos propietarios ou intermediarios. A segunda e terceira relación proceden do arquivo familiar das persoas intermediarias no proceso de venda.

lificados que utilizaron parte das súas ganancias salariais na flota mercante, conxeladora, etc. para a especulación inmobiliaria[201] no Real.

Quen foron os compradores das parcelas do barrio do Real?

Xa nos referimos ao perfil xenérico dos compradores e primeiros residentes na zona -os que seguiron o modelo da cidade xardín- pero para facer unha aproximación máis precisa á estrutura sociolaboral e á procedencia económica dos capitais investidos en parcelas, segundo as listaxes de persoas compradoras que edificaron por primeira vez no Real[202], entre 1962 e 1987, encontramos:

CADRO Nº 16 : ESTRUTURA LABORAL DOS COMPRADORES DE PARCELAS QUE EDIFICARON OU PROMOVERON NA FINCA DO REAL, 1962-1987

PROFESIÓN OU SECTOR ECONÓMICO	PORCENTAXE
MARIÑEIRO SEN CUALIFICACIÓN (PESCA DE ALTURA, MARIÑA MERCANTE)	21,90%
PERSOAL CUALIFICADO (PESCA DE ALTURA, MARIÑA MERCANTE)	15,78%
PROMOTOR INMOBILIARIO	14%
CONSTRUTOR/PROMOTOR INMOBILIARIO	7,89%
EMPRESARIO MEXILLOEIRO	4,38%
PEQUENO EMPRESARIO CONSTRUCIÓN	3,50%
PERSOAL CUALIFICADO EN EMPRESA INDUSTRIAL	3,50%
ARMADOR-PATRÓN FLOTA DE PESCA DE BAIXURA MOAÑESA	2,60%
ARMADOR DA FLOTA DE PESCA DE ALTURA	2,60%
PEQUENA EMPRESA ALIMENTACIÓN	2,60%

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais de obras e entrevistas.

Sobre unha mostra do 82% do total das licenzas de edificación no Real, o cadro nº 16 recolle as porcentaxes das profesións e/ou sectores económicos dos propietarios ou promotores que ergueron edificación, ben fose unifamiliar ou colectiva, proporcionándonos un gráfico residencial correspondente e acorde cos grandes cambios na sociedade e na economía dos citados anos.

A procedencia dos capitais investidos no Real mostra, en primeiro lugar, o nivel económico acadado, a reconversión, remuda e mobilidade social

201 As plusvalías inmobiliarias a pequenos propietarios de procedencia económica humilde tamén se rexistrou –a outra escala- en Vigo pola mesma época en operacións urbanísticas de zonas hoxe amplamente urbanizadas como como Balaídos, avenida do Fragoso, etc. V. BARREIRO RIVAS, X.L. e PÉREZ RÚA, M., (2003).

202 Entrevistas con familiares dos intermediarios na venda de parcelas e propietarios residenciais no Real, realizando, sobre o parcelario do ámbito: comprobación de persoas propietarias, procedencia dos seus capitais e ocupacións laborais. Reconto, comprobación e cotexo sobre o parcelario do ámbito da relación de licenzas municipais aprobadas polo Concello, así como das vendas de parcelas realizadas inicialmente.

ascendente do grupo dos mariñeiros sen cualificación, que chegan a mercar e/ou edificar case o 22%: máis da quinta parte do parcelario total do Real. As novas oportunidades abertas para os mariñeiros sen cualificación que abandonan a pesca de baixura moañesa camiño da CTE, a "vía holandesa" ou "a pescanova" do conxelado, ofrécenos o retrato parcelario e inmobiliario, sobre un espazo urbanizado ex novo, do éxito socioeconómico do proceso de desmariñeirización.

Tomando como modelo a escala, a creación deste barrio explica, complementa e matiza a comprensión, a diversidade e a complexidade dos procesos de desmantelamento do sector primario de Galicia na década de 1960: a man de obra -procedente, excedente e/ou emigrante- do sector agropecuario, no seu proceso de desagrarización, experimentou un importante nivel de mobilidade e ascenso social, pero pensamos que menor do que acada a man de obra sen cualificación que abandona o mar e encontra novas vías laborais nunha economía mundializada e unha flota naval diversificada á que estes mariñeiros se reconverten e adaptan con facilidade a través dunha importante rotación e/ou mobilidade de empresas na procura dun maior nivel de renda.

O proceso temporal da inversión e edificación inmobiliaria do barrio do Real deste sector laboral é case constante, dende 1962 ata 1976, a un ritmo de tres vivendas por ano, e parece que podemos relacionar a coincidencia da interrupción na construción de edificacións deste sector coa crise mundial de 1973, que obriga a novas reconversións laborais que significan, en moitos casos, a volta definitiva a Moaña, noutros o abandono da pesca de altura ou da mariña mercante por teren completada biográficamente unha etapa na estratexia familiar de ciclo económico de acumulación intensiva –para "facer a casa"- ao que lle segue un ciclo, de volta "en terra", de salarización en empresas da área metropolitana de Vigo, inversión en pequeno comercio, hostalería, etc., ata a saída do mercado laboral que xeralmente se produce, para este sector mariñeiro, á idade de 60 anos.

As diferenzas entre os procesos de desagrarización e o que chamamos de desmariñeirización estarían tamén –cuestión non menor nos imaxinarios tradicionais e familiares- no camiño de volta ao lugar de procedencia: a man de obra emigrante da agricultura que sae da Galicia interior (Chantada, Lalín, Ourense, etc.) despois do seu proceso migratorio, asenta o seu novo hábitat en cidades de Galicia (Ensanche de Santiago, novas rúas como a Travesía de Vigo ou Torrecedeira, en Vigo), porén as migracións ou navegacións que parten da Galicia litoral, no caso de Moaña, conservan o seu billete de volta ao mesmo lugar de procedencia.

O segundo sector con inversión no barrio do Real, cun 16% do total da compra do parcelario e a promoción/construción de inmobles, está representado pola parte cualificada das persoas que tamén traballaron no mar, tanto

na pesca de altura como nas distintas flotas da mariña mercante: a formación regrada, en distintas escolas profesionais, de patróns de pesca e de costa, capitáns, maquinistas, oficiais, contramestres, cociñeiros, etc., permítelles embarcar con credenciais, titulacións e/ou especialidades para acadar uns niveis de responsabilidades e tamén de renda máis importantes que a mariñeiría non especializada. Son o outro gran sector de inversión no barrio e, xunto co grupo dos mariñeiros sen cualificación, os novos propietarios residenciais do Real, cada un na súa escala, así como a imaxe da transformación laboral e internacional do sector mariñeiro moañés neses anos.

Este segmento social cualificado compra e constrúe no barrio entre 1962 e 1980 polo que se sumamos a participación na compra ou promoción dos dous grupos de mariñeiros, os cualificados e os non cualificados, encontramos que son case o 40% do total dos compradores-promotores do barrio do Real, os que lle dan un carácter tamén simbólico e metafórico do triunfo da reconversión do sector laboral da histórica pesca de baixura moañesa que volve da súa aventura europea e transoceánica para asentarse na zona residencial urbana que tamén connota o cambio de estatus, a modernidade de "vivir nun piso" e a distinción social que foi posible naquela época.

O terceiro gran grupo que merca parcelas son os promotores de obras de construción inmobiliaria, que comezan a actividade de compra e/ou construción nos soares do Real en 1971, cando está a punto de producirse o estancamento na promoción inmobiliaria por parte do sector dos mariñeiros sen cualificación. Os promotores inmobiliarios profesionais teñen unha actividade dilatada e constante no tempo que estudamos, ata 1987, sendo os que erguen a maioría das edificacións máis cumpridas –en canto a altura e volume construído- da zona e representan o 14% do total das parcelas e a edificación realizada no ámbito. Máis lonxe, en cuarto lugar, case cun 8% do comprado e construído, aparece o grupo dos pequenos contratistas e/ou pequenos empresarios da construción, que tamén deron o salto á promoción inmobiliaria e edifican no barrio entre 1973-1978.

Dentro da transformación e reconversión experimentada pola economía dependente do mar, en Moaña, o sector do cultivo do mexillón en bateas[203], que viña de 1953, vai collendo cada vez máis importancia na economía local onde os empresarios concesionarios de bateas van tomando o relevo na economía mariña -cando non substituíndo, paseniñamente, entre os anos 50 e 70- ao sector económico tradicional da patronal da flota de baixura artesanal, a vella elite dos armadores-patróns que constituían o núcleo fundamental do grupo económico e residencial do centro urbano moañés, instalados nos

203 Entre 1955 pero sobre todo entre 1957-1959 prodúcese un proceso de especulación coa compravenda de concesións para a explotación de viveiros flotantes de explotación do mexillón, un sector que aparecía cun espléndido futuro en aquel momento, interesando a persoas e familias acomodadas de Moaña que invisten neste sector, como se pode comprobar nas solicitudes de créditos á CCCMP que realizan a través da Confraría de Pescadores persoas alleas ao sector do mar. CP.

barrios da Praia e A Seara: podemos ver como dos inversores e/ou construtores de edificacións do Real, encontramos no quinto lugar a representantes do empresariado do sector mexilloeiro, un 4,38% do total, mentres a vella histórica elite dos armadores-patróns aparece en oitavo lugar, cunha presenza moi minguada ou marxinal do 2,60%, que mercaron e construíron nos primeiros anos do desenvolvemento do ámbito do Real cando o sector da flota artesanal de baixura ou do día entraba en decadencia.

A comparación entre os propietarios de parcelas e residencias na Moaña urbana, entre 1900-1960, nos barrios da Praia e A Seara (cadro nº 15), e no barrio do Real, 1962-1987 (cadro nº 16), ilustra os cambios socioeconómicos e laborais que produciran un relevo nas elites socioeconómicas de Moaña que tiña o seu escaparate nos grupos de mariñeiros cualificados e sen cualificar que chegaron a ser maioritarios no barrio máis novo e urbano que se solapaba co centro urbano existente.

O modelo de cidade-xardín (E. Howard, 1902), unha idea que fora collendo corpo a medida que avanzaba no século vinte a arquitectura e o planeamento, na versión do "Plan de extensión" de Vigo, 1932, de Antonio Palacios[204], viña a ser "a novísima forma do urbanismo na que as cidades penetran no campo ao propio tempo que o campo irrompe na cidade", metáfora acaída para o primeiro terzo do século vinte e tamén nos anos 1960 para a maior parte das urbes e vilas de Galicia. A presión establecida polos propietarios do Real en 1961 deu pé -sobre todo nas rúas transversais- a un criterio de viario ineficaz e limitador da calidade de vida urbana, xeneralizando despois o uso intensivo das parcelas, a edificabilidade máxima –legal ou ilegal- en volume e altura, a renuncia aos espazos públicos, etc., rematando co soño de urbanización verde, aberta ao mar e á paisaxe que pretendía compatibilizar edificación unifamiliar con edificación en altura.

Cando o medre do parque social de automóbiles vai en progresión xeométrica, a partir, sobre todo, da década de 1970, o espazo público viario e de estacionamento fica moi minguado cando non inexistente ou obsoleto porque o Plano de Rasantes e Aliñacións de 1962 e as presións dos propietarios en canto á limitación do ancho das rúas non prevera tales tráficos nin a masiva aglomeracións de vehículos. O barrio do Real, construído antes da chegada da democracia, é un conxunto de sucesivas edificacións produto de distintas normativas urbanísticas que se van aplicando dende 1962. A medida que vai avanzando o século, a presión edificatoria é cada vez maior e o barrio medra en alturas e superficies construídas: cada época histórica ten o seu correlato construtivo e as vivendas unifamiliares van dando paso aos edificios.

Tanto na primeira como na segunda fase de edificación, as estratexias individuais-familiares, xunto coas determinacións dunha administración pú-

204 PALACIOS RAMILO, A., (2002) [1932], p. 37.

blica tolerante e coautora do barrio, maximizando os intereses no curto e medio prazo, obviaron a xestión do espazo colectivo como interese común e indicador da calidade de vida, e foron da man dunha idea de "progreso" como mellora patrimonial e da riqueza individual-familiar producida a través do proceso de compravenda e edificación do barrio. Este antagonismo público-privado, presente nas zonas periurbanas ou rurais do noso país aparece tamén en culturas que poderiamos considerar de modelo máis colectivista[205]

As grandes potencialidades residenciais dun predio de 90.000 m^2-94.000 m^2 -segundo as escrituras consultadas[206]- deron como resultado, en á penas dúas décadas e media de desenvolvemento inmobiliario, a maior aglomeración demográfica de Moaña, un barrio na súa maior parte amortizado e representativo - a medida que pasaba o tempo sobre el- do malestar urbano, minguado de servizos de calidade -aparcadoiros privados e públicos, dimensión do viario, inexistencia de espazo para equipamentos articuladores ou zonas verdes, etc.- que axudou a facer e ensanchar o casco urbano de Moaña polo Oeste, solapando este espazo de alta densidade demográfica e residencial ao resto do triángulo urbano entre o Portal do Almacén, O Pontillón e o "ramal" da beiramar, deixando pendente para a fin do século vinte a urbanización dunha parte doutro latifundio de importancia, a finca do Rosal, propiedade da familia Montenegro, que completaría a trama urbana enlazando coa urbanización escolar e deportiva do ámbito da Xunqueira.

2.5 Beiravías, sumidoiros, urbanización do "ramal ao peirao"

Entre 1959 e 1979 vaise desenvolver a rede municipal de servizos públicos básicos -limpeza, beiravías, sumidoiros, alumeado, auga, etc.-para un número cada vez máis importante de poboación. Estes servizos, presentes de forma elemental nalgunhas zonas do centro urbano, experimentarán un forte pulo coa chegada dos "Plans de Desenvolvemento" que o réxime franquista comeza a desenvolver nos concellos a partir de 1963.

As primeiras informacións recollidas na documentación municipal para a actual estrada Concepción Arenal (a da beiramar do centro urbano, tamén denominada "ramal ao peirao), son parte dun memorial de continuo malestar municipal polos problemas de mantemento: en 1952 infórmase que está en "lamentable estado" e o Concello solicita o pavimentado con lastros

205 SZTOMPKA, P., (2004), p. 271, encontra semellanzas entre culturas políticas occidentais e orientais como a Polonia postcomunista en canto a comportamentos sociais de rexeitamento da propiedade estatal ou propiedade pública, en "aguda oposición co coidado e preocupación case excesivas pola propiedade privada"

206 No Plano de Rasantes e Aliñacións de 1962 aparece con 90.000 m^2, na solicitude dunha licenza para nova edificación de 1984 figuran 94.000 m^2.

sobre area, en 1954 continúan os problemas e a Administración Central comunica que a achega municipal para o proxecto de pavimentado debe ser o 20% sobre o importe total presupostado[207]. Como queira que o Concello non ten consignación orzamentaria nin sendo posible habilitar crédito necesario, acórdase establecer contribucións especiais de 100.000 ptas. para os interesados especialmente favorecidos, unha subvención municipal de 75.000 ptas. e un orzamento extraordinario para o empedrado. En 1955 apróbanse as condicións para o pagamento das contribucións especiais e en 1956 faise un requirimento aos propietarios de edificacións e soares lindeiros para que constrúan as beirarrúas de modo uniforme segundo orde do Gobernador Civil publicitada a través de bando da alcaldía.

En 1958, á penas un ano despois da construción do pavimentado con lastros, xa se demanda da JOP a reparación do empedrado, unha dinámica de construción-reparación que se repite nas principais estradas ou camiños importantes do Concello: o alcalde informa que se están a producir fochancas constantemente por mor dos temporais mariños que destrúen o muro de contención, e no propio peirao de Moaña onde tamén se están a producir afundimentos que ameazan a estabilidade, solicitando que unha comisión visite ao director de Obras do Porto e demandando que o alumeado na zona aludida pase a depender do citado organismo para que realice as melloras necesarias.

Como esta é a rúa principal da vila, a que bordea o mar e establece as comunicacións con Vigo, segundo Alcaldía, resulta demasiado estreita para o numeroso tráfico que por ela circula -"proba disto é que á entrada e saída de vapores á penas poden circular os coches no traxecto próximo ao peirao"- e por tal razón solicita se poña en coñecemento da JOP e se eleve petición a ese organismo para levar a cabo "un ensanche deste ramal que permita que sexan atendidas as necesidades de poboación e tráfico, coas dimensións que considere acaídas, tendo en conta o crecemento rápido da vila"[208].

Quedan así resumidos, entre 1952-1958, varios dos aspectos que van determinar os cambios nesta principal vía de comunicación urbana: as melloras en servizos básicos –pavimentado e alumeado- e a demanda de ampliación do ancho do vieiro, é dicir, o ancheamento do borde urbano de Moaña a costa da praia e o mar que lindan na maior parte do percorrido desta rúa litoral, unha constante que continuará demandándose durante o tardofranquismo e tamén coa chegada da democracia local.

Cando se redacta o Plan Provincial de Necesidades para 1959, dispoñen de rede de sumidoiros a parte urbana dos concellos de Baiona, A Es-

207 En carta ao Gobernador Civil, -sen data, pensamos que de 1960 ou 1961-, o alcalde sinala que en 1954, Moaña estaba incomunicada e o tránsito rodado suspendido na citada estrada ao peirao, motivo polo que tivo que facer fronte ao empedrado da estrada litoral, cun custo dunhas 900.000 ptas., desembolsadas entre Obras Públicas, o Concello e os particulares.

208 CMP02071958. AMCM.

trada, Forcarei, Marín, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía. Tamén na zona urbana, dispoñen soamente en parte deste servizo os concellos de Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Cuntis, O Grove, Moaña, Pontecaldelas, Pontecesures, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Gondomar, A Guarda, Mondariz, Porriño, Redondela, Silleda e Lalín. No resto dos concellos, segundo o Plan "por ter un marcado carácter rural e non dispoñer de núcleos urbanos, non constitúe verdadeira necesidade a implantación deste servizo"[209]

En 1959 o Concello recibe unha subvención de 49.586,82 ptas., do Ministerio da Gobernación, para a realización de sumidoiros e decide realizar xestións ante a JOP de Vigo, responsable do dominio público marítimo-terrestre onde se sitúa a principal vía urbanizada, o ramal ao peirao, para colaborar na construción do maior número posible de metros de sumidoiros no barrio da Praia, a zona máis ameazada[210]. A fraxilidade crónica desta rúa cada invernía debíase aos efectos da proximidade do mar actuando sobre os alicerces e os muros do caes litoral, producindo fochancas na calzada e perigo de derrubamento das pedras do dique, motivo polo que o Concello decide investir a subvención destinada a sumidoiros e dar prioridade á construción dun muro de contención e recheo litoral, pretendendo que a obra dos sumidoiros a realice a JOP, cambio que a Administración Central non acepta[211].

Estas discrepancias entre administracións públicas infórmanos, unha vez máis, das penurias do concello en materia de infraestruturas, servizos e orzamentos na altura da década de 1960. Como mostra das carencias hixiénicas básicas, o Concello , en 1962, esixe aos propietarios das vivendas nesta estrada litoral que efectúen a limpeza e a supresión de sumidoiros das viven-

209 Plan Provincial de Necesidades, Comisión Provincial de Servicios Técnicos, 1959, p. 21. Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra.

210 PM025061959. AMCM.

211 O centro de Moaña –barrios da Praia e A Seara- na década de 1950 e mediados dos 60, na memoria das persoas entrevistadas: "o que hoxe son coches aparcados na estrada, nos anos 50, eran carretas coas redes", os aparellos de pesca, ante a carencia de lugares acaídos, estiránbanse sobre a estrada da beiramar porque "daquela pasaba un coche pola mañá e outro pola tarde e as atadeiras estaban traballando nos aparellos sobre a estrada" (Javier Abal Jalda. Entrevista, 13032008, AMOM). "Moaña era unha aldea e Cangas xa era un núcleo, unha formación de pobo. En Cangas hai un paseo, en Moaña nunca houbo paseo", "A Cangas [anos 50] ías pasear, a Moaña ao cine e ao baile" (Antonio Cruz Germade. Entrevista, 11032008, AMOM). Daquela "Cangas tíñase por 'un pouco máis de cidade', Moaña tiña 'un espírito máis aforrativo', Cangas era o centro de comunicación de Bueu, Aldán, Hío, etc., para ir a Vigo: 'iso dá moito ambiente" (Benxamín Costa Fernández. Entrevista, 15022008, AMOM). Segundo Amancio Caamaño Caamaño e Manuel Blanco Varela (Entrevista, 22022008, AMOM) o centro de Moaña era "unha aldea de casas discontínuas, seguindo as estradas", lembrando que na estrada da beiramar "con temporal, a farmacia de Landeiro [barrio da Praia] tiña que pechar a porta" porque chegaba o mar saltando por enriba da estrada. María Pérez Parada (1913), recorda a súa casa matriz, na beiramar do barrio da Praia, entre 1910-1920, cando coas mareas vivas "batía o mar na porta". (Entrevista de X.C. Villaverde Román, op. cit., p. 255)

das que o realizan directamente ao mar, a través da praia que daquela daba nome ao barrio máis céntrico de Moaña e que percorría a maior parte da citada estrada da beiramar.

En 1962, o enxeñeiro xefe de Portos comunica ao Concello o interese da institución por realizar un estudo sobre a organización sanitaria da vila, sobre todo no referente á rede de sumidoiros pero o Concello decide en 1963 que a obra máis prioritaria é a de construción de beiravías en toda a rúa litoral, dende o cruce coa estrada Cangas-Vilaboa ata o peirao. Como queira que continúan os problemas orzamentarios, as obras públicas adíanse e o Concello prepara, en 1965, un proxecto de contribucións especiais para que os propietarios custeen o importe total da obra, cuestión que suscita conflitos, de tal xeito que son tamén convidados estes veciños, como opción, á realización voluntaria da parte da beiravía correspondente. A obra non se chega a realizar e entramos nun tempo en que a Administración Central insiste na importancia da "limpeza e ornato" das vilas e o seu desenvolvemento en canto a infraestruturas e servizos, motivo polo que no Plan de Obras da Deputación 1966-7, figura unha subvención de 200.000 ptas. para a obra das beiravías da citada estrada, sobre un orzamento total de 500.000 ptas.

Un ano clave será o de 1966, cando a Deputación encarga a Eloy Fernández-Valdés Rodríguez a elaboración do proxecto definitivo, xuntando beiravías e sumidoiros, cun orzamento total de 2.243.705 ptas., que o Concello aproba e decide aplicar en contribucións especiais por un importe total de 904.575,78 ptas. e un importe de 853,70 ptas./m. de fachada a cada propietario de parcela lindeira. As obras son adxudicadas á empresa Raymundo Vázquez en poxa de 1967 ao mesmo tempo que a JOP dá permiso para levar a cabo as obras e insiste en que se faga a encomenda ao enxeñeiro redactor do proxecto de instalar unha estación depuradora antes de enviar os vertidos ao mar.

Cunha subvención de 250.000 ptas. da Deputación Provincial sobre un importe total de 800.000 ptas. de orzamento, o seguinte proxecto que se aborda nesta rúa litoral é o de mellora e ampliación da obra en marcha –sumidoiros e beiravías- cunha urbanización e pavimentado, con cargo ao Plan 1968-69.

Nas obras de construción da rede de sumidoiros e beiravías, o Concello é requirido, unha vez máis, pola Administración Central, agora a través do Ministerio de Obras Públicas, que lle concede prazo ata decembro de 1968 para a presentación dun proxecto en relación coa instalación depuradora. O enxeñeiro xefe da obra, José María Pita Orduña[212], considera que os pozos-rexistros existentes son insuficientes e que deben colocarse cada 50 m. para evitar atascos e favorecer a limpeza. Tamén aparecen problemas con algúns

212 Enxeñeiro director do grupo de Portos de Pontevedra e membro da súa Comisión Administrativa.

propietarios da zona litoral do Real por negárense a un novo aliñamento das propiedades por mor da nova beiravía e rexístranse novos requirimentos do Concello á empresa concesionaria para que solucione as deficiencias causadas pola obra no tendido eléctrico -que pretende sexa soterrado, algo que non sucederá- ou para que remate a obra substituíndo o formigón por empedrado de lastro sobre area e, finalmente, para que inclúa a canalización das acometidas das augas pluviais dende os tellados das vivendas á tubaxe actual para non ter que abrir de novo as gabias nin romper beirarrúas e tubos.

En 1970 apróbase definitivamente[213] a recepción das obras de sumidoiros, beiravías e pavimentación da rúa da beiramar e aínda en 1972 a JOP interesa ao Concello de Moaña, unha vez máis, a remisión do proxecto de sumidoiros e depuración de augas antes do seu vertido ao mar, en cumprimento da O.M. de 28071967 pola que autorizara ao Concello a construír a obra de sumidoiros e beiravías, concluída, en uso e sen depuración, vertendo as augas residuais e do esgoto directamente ao mar. En Moaña, como en todo o litoral de Galicia, comezara unha época de gran contaminación das augas e das rías.

2.6 Beiravías e sumidoiros na estrada Cangas-Vilaboa

A estrada Cangas-Vilaboa, no seu paso polo centro urbano de Moaña, entre o cruce coa estrada Marín-O Con e o inicio da estrada ao peirao ou de beiramar e o límite norte da Moaña urbana, xa se encontraba en 1968, nos barrios de Seara e Praia, con áreas de importante densidade de edificacións así como outras de non edificación e un terceiro grupo de edificacións unifamiliares descontínuas. O Concello, aproveitando as facilidades de financiamento público que ofrecen os "Plans de Desenvolvemento", ao mesmo tempo que se están a facer as obras de beirarrúas e sumidoiros da estrada da beiramar, acorda en 1968 iniciar a creación dos mesmos servizos na zona da estrada Cangas-Vilaboa, no seu traxecto urbano (denominado oficialmente "avenida del Generalísimo" ou "Travesía de la Villa"), tamén con aplicación de contribucións especiais aos propietarios de parcelas ou edificacións lindeiras coa estrada.

Foi un proxecto confeccionado por José María Pita Orduña e aprobado polo Concello[214] en 1970, cun importe de 3.983.931 ptas., das que agarda recadar o 100% do custo por beirarrúas e o 75% do total empregado para os sumidoiros a través das contribucións especiais[215]. Celebrada a poxa, adxudícaselle a obra, en novembro de 1972, á empresa Raymundo Vázquez, en 3.859.500 ptas. Como acontecera na obra de colocación dos servizos de beirarrúas e sumidoiros na estrada da beiramar, en 1974, cando están a punto

213 CMP19081970. AMCM.
214 PM01041970. AMCM.
215 PM02081972. AMCM.

de rematar as obras, o Concello declara de urxencia que antes de pechar as beiravías se instalen as acometidas de auga da traída municipal, que tamén se están a colocar ao mesmo tempo, como veremos máis adiante. En 1975 o Concello aproba a última certificación das obras de urbanización desta importante vía, no seu ámbito urbano, unha obra que incrementou a dinámica de sucesivas edificacións a carón da rúa, transformando o panorama de consolidación residencial e comercial do centro urbano.

2.7 Traída municipal de augas

A Deputación de Pontevedra describe a situación municipal da provincia[216] en 1959 como carente de abastecemento de augas potables nos seguintes concellos: Arbo, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, A Golada, O Grove, Meaño, Meis, Moaña, Moraña, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Portas, Poio, Pontecaldelas, Pontecesures, Pontesampaio, Ribadumia, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño, Valga, Vilaboa e Vilanova de Arousa.

Estes corenta e dous concellos e outros núcleos ou parroquias con tan importante número de poboación como as propias capitalidades dos concellos -Forcarei, Panxón, Combarro, Portonovo, Bandeira, Arcade, Goián ou a Illa de Arousa- son declarados como de urxente necesidade para implantar un servizo municipal de augas nunha época en que, como veremos, o réxime prima como política social o acceso aos recursos hídricos coa creación de fontes, lavadoiros ou bebedoiros de animais domésticos na maior parte das parroquias de Galicia a través da OSM, dotacións de orzamento máis modesto que son as principais obras públicas, agás a apertura e/ou mantemento de camiños, entre 1950 e 1965, como veremos ao tratar a política de creación de servizos na Moaña non urbana.

A situación do concello de Moaña en canto a explotación dos recursos hídricos á entrada da década de 1960 é un mapa de propiedades inmobiliarias, pequenas edificacións unifamiliares concentradas nos lindes das estradas, dispersas o resto delas polo territorio, cada edificación con cadanseu pozo de auga potable ou situada nas proximidades dunha fonte. En 1961, por exemplo, nas inauguracións de obras que o réxime fai para conmemorar a simbólica data do 18 de xullo na provincia de Pontevedra, figuran como obras terminadas e outras en proceso de remate doce construcións de lavadoiros e dúas de fontes, situados todos en zonas non urbanas de Moaña, ás que efectuarán

216 Plan Provincial de Necesidades, Comisión Provincial de Servicios Técnicos, 1959, p. 17. Arquivo Provincial de Pontevedra.

visita as autoridades provinciais[217] para pasar revista e publicitalas.

Cando Alcaldía elabora, nesa altura, un Plan de necesidades urxentes, recolle que "a traída de augas é de gran importancia nesta zona, e núcleo urbano de Moaña, xa que a proximidade ao mar non permite a apertura de pozos por saír a súa auga impotable e solobre [sic]"[218], dando conta tamén que o medre social do centro urbano, cunha poboación en aquel momento de 2.135 habitantes –segundo a documentación municipal- fai indispensable a apertura dunha nova fonte preto do Mercado de Abastos e o saneamento das dúas fontes existentes, A Martinga - barrio da Praia, estrada Cangas/Vilaboa- e Fontecán, no barrio da Seara, estrada da beiramar, con cadanseu lavadoiro que dan servizo a todo o centro litoral.

En 1961 encontramos noticia dun "proxecto de abastecemento de augas da vila", pero non será ata 1966 cando a Corporación considera de necesidade imprescindible abordar o problema da traída de augas a Moaña, baseándose tamén no "extraordinario crecemento" experimentado nos últimos anos[219], e acorda elaborar un estudo previo e despois un proxecto, por parte do enxeñeiro da Deputación Provincial, Eloy Fernández-Valdés Rodríguez, proxecto que está redactado en 1968, ante o que a Corporación acorda aprobalo, na súa primeira fase, por un importe de 4.288.986,52 ptas., co que sae a poxa e é adxudicado a Construcciones Alea S.L.

A obra vai con retraso por mor da dificultade na xestión das propiedades privadas dos mananciais a mercar para conducir a auga ao depósito municipal e o Gobernador Civil amoesta ao Concello e á Alcaldía, en 1969, polo que entende un adiamento excesivo: a importancia que imprime o Réxime para o cumprimento deste tipo de obras de infraestruturas básicas pódese ver cando aínda non rematada a primeira fase da traída municipal e o Consello de Ministros xa aprobara, en 1968, o financiamento para rematar a segunda fase, por un importe de 2.408.691 ptas.

Como calquera obra que afecta propiedades particulares, a xestión municipal é complexa porque implicaba a merca e pagamento, a 120 ptas./ m^2, aos propietarios con afección de parcelas no ámbito onde se vai construír o embalse municipal para a traída de augas, ademais de non lles cobrar

217 Programa e itinerario para las visitas a realizar a los pueblos de la provincia con motivo de las inauguraciones de obras que se llevarán a cabo en el año 1960 para conmemorar la fecha del "18 de julio", Jefatura Provincial de F.E.T y de las J.O.N.S, xullo 1960. AMCM.

218 Carta de Alcaldía, 3 de setembro de 1960. AMCM. Boa parte das edificacións e vivendas dos barrios de Seara e A Praia non poden dispoñer de pozos de auga potable porque a auga nestas parcelas é salgada ou mestura de auga doce e salgada.

219 Alcaldía do Concello acredita, en certificación de 24081966, que o número total de habitantes do concello de Moaña é de 14.066, e o do núcleo de poboación (barrios de Seara, Praia e Con), de 3.750 habitantes. Sen embargo, no informe para a solicitude desta obra ante a Deputación Provincial, 25081966, apartado I.2, argumenta que "o núcleo de poboación ao que chega a Vila de Moaña, e que pode ser beneficiado polo Abastecemento de Augas, é duns 7.000 habitantes", probablemente por incluír os barrios e/ou núcleos habitados situados no ámbito periurbano do centro litoral. AMCM.

taxa algunha polo servizo público de auga nas súas vivendas. En 1971 está rematada a primeira fase da obra da traída municipal, cun importante aumento orzamentario nas partidas de condución de auga ao depósito municipal e condución do subministro dende este á arqueta, mentres continúan as xestións para mercar máis mananciais e conducilos ao depósito.

No Plan de Infraestruturas Sanitarias da provincia de Pontevedra aprobado polo Consello de Ministros o 26071973 inclúese a obra de abastecemento de augas a Moaña, proxecto complementario do existente, 8.500.000 ptas. de importe por contrata, financiado ao 25% por Presidencia do Goberno, 25% Confederación Hidráulica-MOP e 50% o Concello de Moaña, mediante operación de crédito a concertar co BCL, por importe de 4.250.000 ptas. O Concello aproba o proxecto[220]que inclúe -ademais da captación de mananciais e construción do depósito central- a pretensión de aproveitamento das augas do río da Fraga, a principal arteria fluvial do concello de Moaña, un proxecto estratéxico e de longo prazo que non chegou a ser realizado na etapa franquista nin tampouco na democrática, onde o acceso público aos recursos hídricos deu lugar a importantes conflitos sociais e políticos, como veremos.

Coincidindo coa execución en 1974 das obras de construción de beirarrúas e sumidoiros na zona urbana central da estrada Cangas-Vilaboa, onde só existe rede de distribución de augas na marxe esquerda desta rúa, acórdase que antes de pechar as gabias se efectúe a distribución de augas á zona dereita, aprobando un proxecto adicional de mellora e ampliación do proxecto, nunha lonxitude de 1.163 m., por un importe de 491.361 ptas. e a imposición de contribucións especiais polo 90% do importe das obras, e tamén se decide ampliar a rede de augas, por administración, á rúa Méndez Núñez, no Real, e avanzar no ramal do Peirao ata o barrio do Vaticano. O Concello ten que solicitar un préstamo ao BCL por importe de 4.100.000 ptas. para o financiamento das obras de abastecemento de augas a Moaña, a un 7,25% anual de interese e aprobar un orzamento extraordinario, en 1975, para as citadas obras, incluídas no Plan de Infraestrutura Sanitaria do Litoral Galego, por importe de 4.292.000 ptas.

Entre 1975-1976 a documentación administrativa rexistra unha importante cantidade de solicitudes de conexión coa rede municipal de augas, desestimadas moitas delas por non dispoñer de tubaxe de canalización xeral máis que no traxecto dende o embalse (Abelendo, zona non urbana da parroquia de Moaña), ata o centro urbano sen incluír aínda, por exemplo, a maior parte do barrio do Real, que contaba, nesa época, con case un cento de edificacións urbanas construídas.

O Concello continúa coa política de merca de mananciais privados que aporten máis volume de subministro ao depósito municipal porque a de-

220 PM30011974. AMCM.

manda de usuarios para o servizo municipal de augas supera a capacidade instalada no embalse. O Aparellador Municipal certifica que entre 1974-75 están instaladas 162 acometidas de auga en ambas marxes da rúa Cangas-Vilaboa ao seu paso pola zona urbana e 40 na rúa urbana da beiramar. A esta demanda crecente hai que sumarlle que, na Moaña non urbana, estanse a realizar numerosas obras de captación de mananciais nos montes do Concello, para canalizalos e transportar a auga para traídas comunitarias e particulares, outra demanda que se rexistra ao mesmo tempo que a de acometidas urbanas de auga municipal.

Por estas razóns de non correspondencia entre a oferta e a demanda do servizo, en 1974, a Comisión de Augas do Concello propón non conceder autorización para efectuar conexións aos propietarios de vivendas situadas fóra do casco urbano. Nun ano de importante seca como foi o caso de 1976, o Concello non concede máis permisos para aproveitamentos de auga dos mananciais de montes do Concello e comeza a regulación horaria dos cortes de auga no novo servizo municipal de augas que chegou ao seu límite de subministro.

Nesa altura aparecen tamén problemas nas captacións de mananciais e na presa de abastecemento municipal, que se encontra en malas condicións: perde moita auga e ameaza quedar sen servizo porque o caudal dos mananciais entrantes é escaso. No mesmo 1976 adxudícase o acondicionamento do depósito de augas á empresa Firpa S.L., en 1.360.000 ptas. e, entre 1976-78, trátase de arranxar con man de obra municipal o acondicionamento da presa e a reparación de arquetas así como se procede a denegar permisos para novas conexións á traída municipal mentres non se capten novos mananciais.

En 1975[221], o Concello acorda a recepción provisional das obras de rede de distribución de augas na avenida do Xeneralísimo -denominación da travesía urbana da estrada Cangas-Vilaboa en aquel momento- e como dato estimativo da dimensión do censo de vivendas acollido a este novo servizo a documentación municipal de 1977 recolle unha relación de 333 acometidas efectuadas na zona urbana.

2.8 Alumeado público

A única referencia de proxecto de electrificación na zona de Moaña para 1959, segundo o Plan Provincial de Necesidades da Deputación de Pontevedra, é que está en proxecto a electrificación do barrio de San Lourenzo, na parroquia de Domaio. As seguintes referencias que encontramos na documentación municipal dan conta de adxudicacións a Fenosa en 1963 das obras de "alumeado da vila" por importe de 50.000 ptas., a recepción das

221 PM23041975. AMCM

obras de mellora do alumeado público realizadas por Fenosa e a solicitude de autorización a esta empresa para establecer servidumes de paso, colocación de postes, tendido de cables e corta de árbores para a construción dunha liña de alta tensión aérea trifásica, a subvención da Deputación Provincial con 74.000 ptas. para que Fenosa redacte este proxecto, e a súa inclusión no Plan de Cooperación 1964-1965, é dicir, nos anos de maior axuda e financiamento da Administración Pública, tanto central como provincial, para creación das grandes infraestruturas e servizos públicos nos concellos.

Como vimos anteriormente coa creación dos servizos de sumidoiros e beirarrúas, o Concello de Moaña dá prioridade á electrificación das dúas principais rúas do centro urbano, e encarga ao Aparellador Municipal un proxecto para reforma e mellora do alumeado que inclúa o ramal da estrada ao peirao, e tamén na zona da estrada Cangas-Vilaboa, considerando que esta parte da Moaña urbana creou un núcleo de poboación de gran importancia.

Estes dous proxectos, con base a contribucións especiais, son aprobados pola Corporación en 1964, pero non será ata 1965 cando se redacte un novo proxecto de "alumeado da vila", redactado por Ricardo García de Longoria Antúnez nun importe de 230.000 ptas., impulsado polo carácter urxente que impón o Gobernador Civil, motivado á propaganda turística do Ano Santo Xacobeo: as obras son adxudicadas a Teodoro Grandín Limeses, en 236.082 ptas, recibidas polo Concello e inauguradas o 18 de xullo de 1965, aplicándolle contribucións especiais aos propietarios lindeiros, a base de 22 ptas./m.

Realizada a obra do alumeado no centro urbano, en 1966 o Concello recibe unha subvención da Deputación Provincial, con cargo ao Plan 1966-67, acordando facer o estudo previo dos núcleos de poboación máis densa e aproba o proxecto confeccionado tamén por Ricardo García de Longoria Antúnez para a instalación e ampliación de alumeado na Travesía do Real, Vilela, A Xunqueira, Meira e Domaio, é dicir, o percorrido da estrada Cangas-Vilaboa polos tramos non urbanos do termo municipal, por un total de 240.000 ptas., obra rematada e recibida en 1967.

En 1968 hai obras de mellora do alumeado público na zona do Con (Tirán) e na estrada de beiramar, unha actividade que terá continuidade, no resto da época franquista e nos comezos da democracia local, para estender o alumeado público pola maioría dos camiños do concello.

2.9 Limpeza e recollida do lixo: política do "fermoseamento"

Os servizos públicos de limpeza, recollida e depósito do lixo poden ser unha imaxe acaída da magnitude do cambio social que se vai experimentar coa chegada da década de 1960. Se reparamos nas obras públicas e servizos prioritarios para a Administración Pública e as directrices políticas do

desenvolvemento, aínda na entrada da década dos 60, acreditaremos en que a sociedade -mesmo na súa parte máis urbana- tiña un concepto elemental do consumo doméstico, unha cultura do aproveitamento, duración ou reciclaxe de moblaxe, roupa, alimentación, etc., que van cambiar ao pasar a un tipo de sociedade con maior nivel de renda e urbanización. Unha sociedade, por outra parte, máis viaxada por mor da emigración e a comparación cos niveis de hixiene pública e privada dos países do norte de Europa, sobre todo.

Este nivel elemental do consumo persoal e familiar, con carencias e necesidades, determina que o estilo de vida austero prime na maior parte dos fogares urbanos ou rurais, de tal forma que, se analizamos o discurso político de 1959 elaborado pola Administración Central e a Provincial para detectar as necesidades de servizos e equipamentos dos distintos concellos de Pontevedra, cos seus correspondentes plans provinciais detallados concello a concello e obra ou servizo para cada localidade, aparecen abastecementos de augas, sumidoiros, camiños locais, provinciais e rurais, casas consistoriais, cemiterios, centros de ensino, centros relixiosos, centros sanitarios, centros sociais e culturais, obras de colonización, electrificación, instalacións deportivas, matadoiros, mercados e feiras, pavimentacións, rede de distribución de augas, regadíos, repoboación forestal, teléfonos ou vivendas.

O servizo de limpeza e/ou recollida do lixo non aparece en todo o documento polo que concluímos que non era unha demanda nin unha necesidade política para ningunha das administracións públicas locais, provinciais ou estatais. Sen embargo, unha das claves dos Plans de Desenvolvemento incide nas potencialidades do turismo, aludindo ao "fermoseamento" e o coidado da imaxe das vilas e cidades como unha das políticas a promover.

O Concello de Moaña adxudica en 1961 mediante poxa o servizo de limpeza da Praza de Abastos e das rúas para os anos 1962-63, a José Rodríguez Pena, pero non será ata 1965 cando se trate de aplicar unha ordenanza sobre recollida de lixo que incluirá ademais a confección dun padrón de contribuíntes e un prego de condicións que se elaborarán en 1966, aínda que a poxa fica deserta. En 1967 apróbase un novo prego de condicións por un importe de 100.000 ptas. mensuais para arrendo do servizo de recollida do lixo e adxudícase, tamén mediante poxa, a Eugenio Rosales Sampedro, en 96.000 ptas./ano.

O primeiro censo de contribuíntes da recollida do lixo de Moaña, de 1967, consta de 441 persoas: a recollida pasa a ser unha prioridade e un gran problema na axenda municipal, sobre todo na Moaña urbana que rexistra queixas sobre o funcionamento deste servizo, en tanto que nas zonas non urbanas comezan a aparecer e proliferar vertedoiros ilegais de refugallos que nos dan a medida dun cambio de cultura e hábitos de consumo. Os problemas co servizo continúan en 1968, cando se rescinde o contrato ao arrendatario

e nomease provisionalmente a José Daniel Vidal García. Como o volume recollido se incrementa, en 1970 contrátase provisionalmente, ademais do concesionario, a unha pequena empresa local de construción para recoller o lixo máis voluminoso con escavadora e camión de transporte.

Ese mesmo ano decídese explorar a posibilidade de estender o servizo a outros barrios populosos como Quintela ou Abelendo, na parroquia de Moaña, e tamén ás parroquias de Meira e Tirán, mentres continúan os problemas e as queixas co servizo e o Concello tenta implantar a obriga de uso de bolsas de papel para a recollida do lixo, bolsas que lles subministrará a institución municipal, proposta que non chegará a ter recepción pública. Despois de varios intentos de afrontar este importante servizo público, en 1971 apróbase outra proposta de ampliación e modernización do servizo municipal de limpeza pública mediante a adquisición dun vehículo acaído, o estudo do custo para a contratación do persoal municipal para a súa posta en marcha e a revisión e ampliación do padrón de contribuíntes por taxa de limpeza pública.

En 1972 acórdase ampliar a zona de recollida de lixo, a modificación das tarifas da ordenanza fiscal e establecer un prego de condicións para adxudicación mediante poxa do arrendamento de recollida domiciliaria de lixo, que segue a realizarse con camións e maquinaria de obras de construción. Neste momento o Concello dispón dun terreo municipal, na zona forestal da parroquia de Moaña, na estrada Marín-O Con, onde deposita e queima os residuos: o problema do lixo xa representa un lugar moi importante na axenda municipal de tal forma que se elabora un novo prego de condicións para a recollida de lixo do centro urbano e demais lugares do Concello, cun orzamento estimado de 480.000 ptas. e unha previsión de ingresos da mesma cantidade, especificando que o adxudicatario empregará un camión de características axeitadas para a recollida, un condutor e dous mozos auxiliares de carga e horario de recollida para o centro urbano que debe estar rematado antes das 9 h. O contrato de arrendamento do servizo de recollida adxudícase a Manuel Losada Fernández, por 450.000 ptas. anuais e o de limpeza da Praza de Abastos e avenida de beiramar, xa se adxudicara, en 1972, por 120.000 ptas. anuais, a Manuel Santomé Lago.

O servizo de recollida do lixo, xunto co de mantemento e carencia de potencia eléctrica, así como o estado e/ou mantemento das estradas son as queixas recorrentes das que se fan eco as actas municipais: entre 1973-1974 hai informes da Policía Municipal sobre deficiencias na recollida do lixo, o concesionario do arrendamento denuncia o contrato e queda liquidado.

Unha vez máis, o Concello decide volver a sacar a poxa o arrendamento do servizo en 1974 por un importe de 750.000 ptas. anuais, á baixa. Queda deserta esta primeira poxa e outra segunda, en 1975, cando o Concello anuncia unha terceira, que non se fará efectiva ata 1977, con modificacións

sobre as de 1974 e 1975, por un importe anual de 1.665.000 ptas., pero tampouco vai avante, ata que que o servizo é adxudicado en 1978 a Francisco Guerra Díaz, única persoa presentada ao concurso, en 1.900.000 ptas. En 1977 tamén se contratara a Manuel Santomé Lago para a limpeza das rúas beiramar e travesía urbana da estrada Cangas-Vilaboa.

Agás sábados e domingos, o percorrido diario do camión da recollida, era, nunha primeira fase, dende o Con ata a concentración escolar da Xunqueira: é dicir, o triángulo do centro urbano coa extensión ao barrio da Pandiña, na parroquia de Tirán. En días alternos este servizo ampliaba a zona de recollida da parroquia de Meira –estrada da Fraga, zona industrial da fábrica de conservas- e tamén chegaba ata o linde da parroquia de Tirán co concello de Cangas e boa parte da estrada Moaña-Coiro.

O feito de terse urbanizado a ampla zona da Xunqueira cos colexios públicos, campo de deportes, etc., e estar próxima á praia da Xunqueira, foi un feito relevante para unha nova actividade dentro da cultura urbana que foi un dos grandes cambios sociais a partir da década de 1960: o culto ao corpo, a estética do bronceado da pel, os novos hábitos máis desinhibidos da mocidade, o baño no mar..., todos son feitos indicadores da relevancia social e política do novo espazo que constituía unha praia situada na primeira extensión do centro urbano cara á parroquia de Meira, esvaecendo vellos límites parroquiais ou urbano-rurais e mudándoos por unha cultura que se percibía como "moderna".

No Concello de Moaña hai constancia documentada e continua dende 1966 da contratación dun servizo de limpeza de praias formado por brigadas de mulleres que reciben xornais municipais por deixar os areeiros prestos para a chegada de turistas e veciños á praia, unha demanda inédita[222] na historia social, o novo estilo de lecer dos veráns. Máis adiante este servizo será complementado, tanto para a limpeza como para a recollida, pola contratación de pequenas empresas de construción, xa na década de 1970, con camións e palas escavadoras para recoller e transportar o lixo recollido nos areais.

Como puidemos ver, o servizo de recollida do lixo sólido pasou, entre 1960-1979, de ser irrelevante a constituír –sen entrar en consideracións medioambientais, de contaminación, etc.- un dos problemas máis importantes da xestión municipal nunha época en que as corporacións municipais post 1975 entran en decadencia por mor da crise económica, aparece o desemprego e a posibilidade do cambio político como problemas máis relevantes.

222 A anterior cultura do lecer relacionada coa praia ("ir aos baños") incluía bañarse –sobre todo, os cativos, xogando e refrescándose no mar- "recollerse, vestirse e para casa", pero non "tomar o sol tempo e tempo". Luís Gayo (1941), entrevista, 12052008, AMOM.

2.10 Correos e Telégrafos

Outro dos indicadores da situación do Concello de Moaña en canto aos principais servizos e infraestruturas é a inexistencia dun Servizo de Telégrafos en condicións e atendido por persoal do Estado. O Concello láiase, en 1950, que este servizo está situado na oficina do Depositario do Concello e solicita ao Centro Provincial de Telecomunicación o seu traslado ou ben construír no baixo da Casa do Concello un local exclusivamente destinado a ese servizo. O Servizo de Telégrafos está municipalizado dende 1937, e en 1956 rexístrase solicitude do Concello para obter estafeta e servizo mixto, comprometéndose a primeira autoridade local a proporcionar un local para oficinas e vivenda para funcionario. O Secretario Municipal, á volta dunha viaxe para xestións a Madrid comunica que a estafeta foi informada desfavorablemente. En 1957, o Pleno Municipal acorda, de novo, que o sr. alcalde "eleve atenta petición" insistindo na necesidade de implantar unha estafeta de correos e a Estación Telegráfica, "tendo desaparecido as circunstancias que en 1936 aconsellaron o peche da Estafeta e a conversión da estación telegráfica, non hai razón que impida a volta á normalidade. Que se poña de releve o incremento de poboación, do comercio e da industria e con elo o dos servizos inherentes" e tamén o agravio comparativo cos concellos limítrofes e "unha posición de corenta anos de atraso".

Este é o ton da porfía entre o Concello e o Estado, que se repetirá aínda en 1959 ou 1960, cando o Servizo de Telecomunicacións contesta que se pode crear o servizo se o Concello se encarga dos saldos resultantes, prover de fondos á Estación Telegráfica para o pagamento inmediato dos xiros recibidos, etc. A Corporación contesta na liña de que se abra o servizo aínda prescindindo do Xiro Telegráfico. En 1966 o alcalde informa que se vai pechar a Estación Telegráfica Municipal *"Sabido é -dixo- que antes da Guerra de Liberación, existían nesta vila, una Estafeta de Correos e unha Estación Telegráfica, a cargo do Estado; ambas suprimidas durante a guerra, por razóns económicas..."*[223] por renuncia da actual titular e acórdase elevar instancia ao Gobernador Civil para que traslade á Dirección Xeral de Correos e Telégrafos o acordo para a creación dunha estación de correos e unha estación telegráfica "na forma que existía antes do Glorioso Movemento", é dicir, non houbo novidades relevantes neste servizo entre 1950-1966, ata que unha comunicación do Delegado-xefe do Centro de Telecomunicación participa ao Concello ter sido informado favorablemente o proxecto de creación dunha oficina fusionada de Correos e Telégrafos, a cargo do Estado[224].

En 1967 o Concello acorda dirixirse ao Gobernador Civil ao obxecto de acadar que a Estafeta de Correos e a Estación Telegráfica, "separadas ou fusionadas, se instalen para evitar a bochornosa situación" e a sección de construcións

223 Declaración do alcalde. CMP13041966.AMCM.
224 CMP16111966.AMCM.

da Dirección Xeral de Correos acepta, acompañando plano de adaptación de obras requiridas, no baixo da Casa Consistorial, para a instalación da Oficina Fusionada de Correos e Telégrafos. Acórdase realizar as obras canto antes e en 1969 están acondicionados os espazos, dentro da Casa do Concello, para a instalación das oficinas de Correos, por un importe de 98.779 ptas., e Telégrafos por 41.793 ptas.

Durante a maior parte do século vinte foi normal que as administracións locais, ante a demanda de instalación de servizos públicos como este, no caso de Moaña tamén para o servizo do xulgado de paz, oficina de información e turismo[225] , etc., respondesen situando estes locais en dependencias municipais ou financiadas polo Concello, cubrindo a institución local os custos de creación, alugueiro, vivenda para o Delegado, teléfono, electricidade, etc.

2.11 A Canexa, recheos litorais, primeiro xardín público, novo templo e parque infantil

Situada no corazón da zona central da Moaña urbana, a travesía da Canexa, como xa vimos, foi vía de primeira orde tanto para a conexión entre a zona non urbanizada da parroquia de Moaña co novo centro urbano como para a propia mobilidade deste, permitindo o enlace entre as dúas principais estradas perimetrais do centro da Moaña urbana: a de Cangas-Vilaboa e a da beiramar.

Avalado polas conseguintes sinaturas de persoas referentes na vida social e política local -sacerdote, mestres, industriais, etc.- preséntase en 1955 un proxecto de nova aliñación, urbanización, pavimentación e sumidoiros para esta travesía e tamén para a súa conexión coa rúa beiramar, na zona da Praza de Abastos, na fronte da que se constrúe unha ampla beiravía que foi bautizada como Praza de José Antonio. Adxudicadas as obras a David Pazos Solla, e despois dos conseguintes retrasos e ampliacións do prazo de entrega, dáse por acabada e entrégase en 1957, financiada polo Concello con contribucións especiais para os propietarios lindeiros.

2.11.1 Recheo do peirao

Dende a construción do peirao de pasaxeiros a Vigo nos anos 30, entre a estrada da beiramar e a propiedade do Marquesado de Méndez Núñez, ao longo do muro de peche, en paralelo á estrada litoral, ficou unha zona baleira que se inundaba coas mareas e que en 1955 se pretende rechear, segundo noticia que achega ao Concello o enxeñeiro do Peirao de Vigo, Ángel García Arenal (propietario á súa vez dunha quinta lindeira coa familia Méndez

225 En 1966-1967, atendida por persoal adscrito ao Servizo Social da Xefatura Local de Falanxe, Sección Femenina.

Núñez, no Real), que informa de ter acadado en Madrid a aprobación dos orzamentos relacionados coa nova ampliación do peirao de Moaña e das obras de recheo[226].

O Director da Comisión Administrativa do Porto a cargo directo do Estado comunica que está aprobado o "Proxecto modificado de recheo da zona contigua ao camiño de acceso ao peirao de Moaña", pero, como acontece con tantos proxectos nesta época, todo fica na mesma situación que estaba, mentres o concello "eleva" nova petición á JOP, en 1959, para que se leven a cabo as obras do recheo na zona anexa ao peirao de Moaña, ao tempo que denega a petición de Fernando Pérez Rodríguez[227] para ocupación na zona contigua ao peirao de Moaña coa construción de chabolas para a colocación de redes, ocupación á que tamén se opoñen un grupo de veciños: recórdaselle que o proxecto municipal para esa zona é ensanchar a vía pública e realizar un pequeno xardín á entrada da vila, en ruta declarada turística, así como a importancia da contigüidade ao Pazo dos marqueses de Méndez Núñez.

As noticias que se reciben da Dirección Xeral de Portos e Sinais Marítimos tampouco son boas porque esta institución non accede a efectuar este recheo para "fermoseamento" e ensanche da vía pública. A Corporación laméntao porque o proxecto está aprobado dende o 8 de maio de 1956 e continúa sen se converter en realidade, ata que en 1960, previo recoñecemento

226 CMP04041956.AMCM. A participación na creación e/ou desenvolvemento de infraestruturas, servizos ou dotacións dos concellos por parte de "prohomes" ou persoas influíntes ante a Administración Central, deu lugar ao desbloqueo ou aprobación de importantes obras en Moaña, como fora no seu día a construción do edificio do Pósito de Pescadores: "a idea que me embargaba de construír un local amplo para o Pósito ía tomando corpo cada vez máis. Solicitei [en 1929] axuda do enxeñeiro don Fernando García Arenal (fillo), que tiña a súa residencia en Chamartín de La Rosa e a súa oficina na rúa de Alcalá, en Madrid. Visiteino infinidade de veces para que me asesorase sobre a forma de solicitar unha parcela na praia de Moaña (...), entreguei [o bosquexo] a Fernando García Arenal, quen con entusiasmo e grande vontade dispúxose a facer desinteresadamente a memoria, presuposto e plano da obra", relata COSTA ALONSO, J., *Memorias da miña vida societaria*, Xunta de Galicia, 2000, pp. 128-129, e volve recordar en p. 220 ao citado enxeñeiro como mediador, en 1948, para a aprobación das obras do peirao de Tirán. Tamén tiveron importancia na apertura da estrada Marín-O Con, na que participaran membros destas familias que tiñan quintas ou "casa solariega" no litoral moañés. Fernando García Arenal foi director da Escola de Artes y Oficios de Vigo e tamén enxeñeiro director da JOP. En GONZÁLEZ MARTÍN, (1991), pp. 37-38.

O Concello de Moaña concedeu honores e nomeamento de alcalde honorario e membro honorario da Corporación, en 1954, a José Pazó Rodríguez, polo seu papel ante a Administración Central, en Madrid, así como lamentou, en 1960, o seu pasamento, posto que "a el se recorría sempre en demanda de apoio para as distintas esferas da Administración no que afectaba ao ben xeral e que el atendía co máximo interese." Esta mesma persoa é nomeada en 1953 como socio de honra da Confraría por "acertadas xestións en pro dos intereses de Moaña". En 1961 a Confraría solicita do Concello "dedicar a rúa Canexa, dende a Caixa de Aforros Municipal de Vigo ata a capela que el fixo construír en Quintela", a José Pazó, xestión que nunca tivo lugar. En 1970 créase, ex profeso, a Medalla de Ouro de Moaña, para concederlla, así como nomear fillo adoptivo ao Gobernador Civil, Ramón Encinas Diéguez, descrito como valedor do Concello para o extraordinario nivel de realización de obras e servizos entre 1966-70.

227 Armador e comerciante, fillo de Ventura Pérez (armador e comerciante con gran protagonismo na comercialización da raba, utilizada como engado do peixe no labor pesqueiro do caldeo nos anos 20-30), irmán de José Pérez Rodríguez, tenente alcalde (xullo 1936) e alcalde de Moaña en decembro de 1940. V. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., e VILLAVERDE ROMÁN, X.C., (1999), pp. 167-169.

do creto de 62.461,32 ptas. para realizar a obra e a súa consignación no orzamento municipal de 1961 para o seu abono a JOP de Vigo, se desbloquea a obra segundo oficio do Enxeñeiro Director de Portos de Vigo que acompaña certificación de obra realizada no recheo pola empresa de construción de David Pazos Solla[228] pola cantidade a aportar polo Concello, un total do 25% da obra contratada, da que se recibe a última certificación en 1961.

Rematado este recheo, rexístrase no Concello un escrito de varios veciños do barrio da Praia, con José Casás Alonso[229] como primeiro asinante, para que se interese a construción dunha fonte pública nos terreos do novo recheo contiguo ao peirao de Moaña aproveitando que os marqueses de Méndez Núñez farán unha traída de augas ata as proximidades e permitirán o enlace. Era xa o ano 1962, estaba rematado o pequeno recheo, contiguo ao peirao e anexo ao muro da casa principal do Marquesado de Méndez Núñez, ao mesmo tempo que comezaba a construción das primeiras edificacións do Real, moi preto da zona que se acaba de inaugurar, un ámbito onde, en 1968, o alcalde de Moaña informa da necesidade de buscar un sitio adecuado para parada de taxis, e mesmo para estación de autobuses, tendo en conta que o recheo "non ten outro destino [que] amontoar lixo", e propón solicitar autorización para unha parada de taxis, estación de autobuses e parque infantil.

2.11.2 Recheo da Praza de abastos, primeiro xardín municipal

Dende o Plan Bienal da Deputación Provincial para 1956-57, existía unha subvención de 70.000 ptas., para o proxecto "Recheo da Praza e Mercado". Como se trata dunha obra en dominio público marítimo-terrestre, o Concello tería que pagar á JOP o 10% do importe deste primeiro recheo que se fai a partir de 1950. Considérase esta unha obra de gran importancia –unha vez máis- para tendal de redes e varadoiro de embarcacións, dúas das grandes reivindicacións históricas da Confraría e do Concello durante as primeiras décadas do século e que aínda chegarán á década de 1960. Pero a xefatura de JOP considera non admisible o acordo sobre o destino que terá que darse ao recheo que se efectúe, nin para tendal nin para varadoiro, porque pensa que existen lugares máis acaídos no litoral, como vimos no caso da Xunqueira, e a Corporación, en 1956, dá por non posta calquera condición contraria que poida retrasar as obras "e máis se se ten en conta que a industria local é a pesca e hoxe non contan os pescadores con espazo algún para tender as redes".

Non hai avances nesta obra, como tampouco noutros proxectos an-

228 En aqueles momentos non había empresas de construción civil en Moaña coa dimensión esixida para este tipo de obras, por ese motivo nos anos 50 e metade dos 60 son frecuentes as adxudicacións a contratistas ou empresas como as de David Pazos Solla, Raymundo Vázquez ou José Malvar.

229 Escribinte, secretario da Confraría de Pescadores de Moaña desde 1953, persoa de confianza do Marquesado de Méndez Núñez como intermediario na venda de parcelas do barrio do Real dende comezos de 1960.

teriores á década dos 60, ata que aparece unha argumentación considerable como é a dos estragos no muro de cementación da Praza de Abastos, por mor da degradación producida polo efecto da batida do mar e os temporais de inverno. Ante a ameaza de derrubo, o Concello acorda realizar en 1958 obras con urxencia nese muro litoral, afectado dos mesmos problemas que xa vimos para a estrada da beiramar: por unha banda recorre a pequenas reparacións a cargo de albaneis da localidade e, pola outra, solicita da empresa Obrascon, que está a explotar a canteira do Cocho (Meira) que subministre uns galeóns ou gabarras, sobre 60 m^3 de pedra, para formar unha escollera na cimentación da Praza de Abastos coa fin de evitar que as mareas prexudiquen o muro de contención.

As obras de mantemento dos muros de cementación continúan durante 1958 e para 1959 encoméndase ao aparellador municipal, a maiores, a redacción dun proxecto para a realización dun recheo na Praza do Mercado, coa fin de investir a subvención Do Plan de Cooperación da Deputación, declarándose de urxencia, en 1960, para excluílas do trámite de pública poxa, as obras para o recheo contiguo á Praza de Abastos, polo pouco tempo do que se dispón e ante o perigo de quedar outro inverno sen realizalas pois arguméntase que os temporais xa obrigaron a cortar a estrada nesa zona. En 1961 son adxudicadas á oferta de David Pazos Solla, sen prexuízo da liquidación definitiva con José Malvar, construtor do muro de contención e da rampla de acceso alí realizados.

Rematadas as obras do recheo contiguo á Praza de Abastos, acórdase a recepción definitiva no propio ano 1961. Para 1962 o aparellador municipal redacta un novo proxecto para investir 15.000 ptas. de subvención da JAM, de acordo aos planos aprobados pola OSM, aportando o Concello o 40% restante con cargo a prestación persoal e orzamento para a urbanización da contorna da Praza de Abastos. Comezan a moverse camións con terra e refugallos para o recheo, obra que inclúe a reparación do acceso ao espazo aterrado, os sumidoiros e o empedrado con lastro, movementos que se desenvolven entre 1963-1965, cando se dá por rematada a obra de urbanización anexa ao recheo da Praza de Abastos, denominada oficialmente como Acceso á Praia.

Despois de axardinar a zona, podar, plantar árbores e realizar un cerramento de arame como protección, remataba o segundo recheo litoral da época que estudamos e inaugurábase unha obra modesta pero simbólicamente relevante: a primeira alameda ou xardín que viña a materializar a preocupación do réxime pola estética, o que significaba a chegada dun novo estilo de política percibida como máis moderna, urbana, promotora da identidade local e do "fermoseamento", concepto fillo do pintoresquismo e o hixienismo que as vilas debían ofrecer cara á mellora da situación social e habitacional e tamén a un recurso que estaba a impulsarse na década dos 60: o turismo e o lecer.

Durante moito tempo, o único espazo urbanizado con características de xardín, era o Cemiterio Municipal preto da igrexa matriz de San Martiño.

2.11.3 Novo andar na Praza de Abastos

O cambio experimentado polo concello de Moaña no seu aspecto demográfico demanda a adición dun andar na Praza de Abastos, un proxecto de Juan Argenti Navajas, de 1965, cun orzamento de 953.810 ptas. para o que o Concello solicita un anticipo á Caixa de Crédito, por importe de 310.000 ptas., por entender que é unha necesidade urxente, así como demandar a súa inclusión no Plan de Cooperación de 1965, obrigándose así mesmo a consignar nos seus orzamentos ordinarios ata a extinción do anticipo, cantidade bastante para responder ao pagamento da cota anual de amortización e intereses correspondentes. As obras adxudícanse a Adolfo Quintela Abalde, desenvólvense a partir de 1966, acórdase solicitar da Deputación unha ampliación de seis meses no prazo de remate da obra, que no mesmo ano 1967 está acabada. Para poñela en servizo coa maior urxencia confecciónanse as bases e anunciase a construción ou arrendo dos postos: na planta baixa deben situarse os dedicados á venda de carnes e peixes e no primeiro andar toda clase de froitas, manteigaría, salchicharía, ovos, pan, churros, pastelerías, hortalizas e legumes en xeral, segundo especifica a nova ordenación dun Mercado Municipal que trata de adaptarse aos tempos.

2.11.4 Novo templo

Dentro dos grandes cambios experimentados na época, un dos maiores foi a decisión consensuada e impulsada polos tres grandes grupos directores da época franquista na localidade -Igrexa Católica, Corporación Municipal e Cabido da Confraría de Pescadores- de crear unha nova igrexa no centro urbano de Moaña.

> *Que estes tres barrios da Praia, Quintela e Seara, que contan cuns 3.500 habitantes, o que os forasteiros que nos visitan coñecen por Moaña, conten cun templo digno e fermoso, propio desta vila, sendo unha íntima satisfacción para a Confraría Pósito de Pescadores de Moaña ter loitado soa durante máis de catro anos para lograr crédito con que poder empezar as obras deste templo, desafiando aos que queiran demostrarme o contrario, ante a indiferencia, a incredulidade e mesmo a burla dalgúns que ostentaban altos cargos na localidade, aínda que logo, o día que se bendiciu e colocou a primeira pedra se lles desen as gracias aos que nunca deron un paso, nin en pintura, como soe dicirse, nin souberon nada de tan importante asunto,*

non mencionando en absoluto á Confraría que tanto loitou (...) aínda que pecadores, sexamos católicos (...) pecadores, si, pero non depravados, non impíos.[230]

Iniciadas as obras na década dos 50, aparecen problemas na súa continuación por mor das dificultades de estabilización dos terreos onde se asenta, no Prado das Barxas, motivo polo que en 1956 o Concello de Moaña solicita á Dirección Xeral de Asuntos Eclesiásticos apoio económico porque de continuar en tal estado terminaría por fundirse a obra que se leva realizada, solicitude que se repite en 1957 tamén ante a Deputación Provincial, que responde afirmativamente e comunica que hai posibilidades de subvención a favor da igrexa parroquial de Moaña.

A punto de celebrarse a primeira misa, aínda que o novo templo non estea totalmente rematado, en 1960 a correspondencia é en sentido inverso, recibindo o Concello a petición do Cardeal Arcebispo de Santiago interesando axuda económica para continuar coas obras da Igrexa parroquial de Moaña, ao que o Concello responde que se tomará en conta para o orzamento de 1961, cando a Corporación, "coñecedora de que a Igrexa parroquial de Moaña, actualmente en construción, está próxima a rematarse e levan investido máis de 1.700.000 ptas., procedentes de donativos e préstamos", entre eles 20.000 ptas. concedidas pola OSM, procede a dar por recibida a obra polo importe aludido á fin de acreditar ante o organismo provincial citado o expediente que para este único efecto tramita o Concello, que posteriormente, en 1964, acredita outra recepción por importe de 30.000 ptas. de obra subvencionada pola JAM e tramitada a través do Concello.

Donato Bernárdez Sotelo, o párroco da nova igrexa de Moaña, informa en 1969 ao Pleno Municipal que o 10 de agosto de 1964 foi creada unha nova parroquia, denominada Nosa Señora do Carmen, de Moaña. Que esta freguesía comprende "os lugares de Fraga, Verducedo, Piñeiro, Paradela, Redondo, Marrúa, Seara e Praia, co territorio e pobo que está ao Leste da estrada que vai de Marín ao Con", sendo a Patroa e Titular da parroquia a Santísima Virxe. Os límites, son: ao Norte, termo municipal de Marín; ao Leste, río de Fraga, ata a súa desembocadura pola ponte ao leste do Cuartel da Garda Civil; ao sur, a parroquia de Tirán; e, ao Oeste, estrada de Marín ao Con. Interesa o párroco que por parte do Concello se lles sinalen os límites da parroquia na estrada da beiramar e na estrada a Marín. Algún efecto debeu producir esta nova división territorial pero tanto os límites marcados para a xurisdición

230 COSTA ALONSO, J., (2000), p. 236, refírese aos importantes donativos acadados por el -Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Moaña- e entregados para a construción da igrexa de Nª Sª do Carme, no barrio da Praia. Nas actas da Confraría figuran solicitudes para continuar obras do "novo templo" á Dirección Xeral de Asuntos Eclesiásticos (1956), a varias institucións (1959), aos Ministerios de Traballo, do Movemento, de Comercio e de Mariña (1960). En 1962, a Confraría entrega 6.000 ptas. ao cura párroco para axudar aos gastos de construción da imaxe de N. Sª do Carme.

eclesiástica como a pretensión de que este ámbito fose de feito unha división administrativa, non tiveron á penas reflexo oficial posto que non consta documentalmente que Moaña movese oficialmente os seus lindeiros[231], nin interiores nin exteriores, durante o tempo que estamos a estudar aínda que nos distintos censos decenais do INE, por exemplo, aparezan algún destes núcleos e/ou lugares adscritos á nova parroquia.

No remate do ano 1972, o mesmo sacerdote da Igrexa Parroquial de Moaña, en carta lida no Pleno Municipal fai constar "que o 14 de decembro de 1946 fora comprado o soar para a nova igrexa de Nosa Señora do Carme e que a Corporación daquela acordou dar unha subvención de 25.000 ptas. para a construción do novo templo parroquial…, [como acontece que] tal subvención non se incluíu nos orzamentos municipais nin foi aboada, solicita incluíla nos novos presupostos de 1973, ano en que o mesmo párroco de Moaña solicita o peche do adro da igrexa, cede voluntariamente 1 m. de anchura na parte alta do adro e 0,40 cm. na parte baixa, para dar acceso á Casa do Médico e suplica, en compensación, se lle aboen as obras do peche ao longo da finca, cuestión que o Concello acepta, realizándose o cerramento do adro en 1973, quedando concluída unha dotación relixiosa que significa a supeditación definitiva e a aceleración do devalo –social, cultural e simbólico- da antiga parroquia de San Martiño polos novos cultos e usos do templo do barrio urbano da Seara que formará parte nuclear da centralización territorial, social e cultural de Moaña. Na opinión do alcalde máis importante do tardofranquismo *"foi moi oportuna a división parroquial para o desenvolvemento urbanístico de Moaña: San Martiño rural retrasaba o desenvolvemento que podía ter O Carme. No Carme foise formando o verdadeiro núcleo urbano de Moaña"*.[232]

2.11.5 Parque infantil da Seara

O desenvolvemento económico da década de 1960, o crecemento sostido das taxas de natalidade dende a década de 1930, o cambio social que se vén rexistrando nos hábitos de coidado dos cativos, unha cultura da emulación que se espalla cada vez máis a través de medios de comunicación -sobre todo, coa chegada paulatina da televisión a todos os fogares- teñen que ver con que en 1968, se rexistre e se aprobe unha moción para solicitar da JOP de Vigo a concesión dunha parcela de terreo no barrio da Seara, a continuación dos estaleiros de Pedro Riobó Casqueiro, "para convertela en xardín, para instalar alí un parque infantil e outros servizos"[233]. Aínda que sexan cativos

231 Na documentación do INE utilizada no noso traballo, nos censos de poboación e vivendas de 1981 en diante, aparece esta subdivisión da parroquia de Moaña, o que contribúe a confusión espacial do nomenclátor histórico en núcleos como Quintela ou Sabaceda que sen experimentar variacións obxectivas en canto á súa superficie territorial, aparecen cortados pola estrada Marín-O Con, en dúas partes.

232 Sebastián Juncal Currás. Entrevista, 28022008, AMOM.

233 PM27111968. AMCM.

en superficie os espazos que se urbanizan a través de recheos no mar naquela altura, os nomes de "alameda", a inaugurada preto da Praza de abastos e "xardín" con "parque infantil" teñen unha clara connotación urbana, de progreso, modernización e transformación do núcleo central de Moaña.

A aprobación desta moción dará lugar a unha instancia de Pedro Riobó Casqueiro, concesionario do estaleiro de ribeira contiguo, solicitando á JOP a ampliación da súa industria, nunha extensión litoral de 15 m. de fachada litoral por 10 de fondo entre a lámina de auga e a estrada da beiramar. A Corporación Municipal, dada a moción aprobada, desestima a petición, motivo e discrepancia de fondo polos que Pedro Riobó Costa, concelleiro da Corporación, comunica que, debido a múltiples ocupacións resúltalle imposible continuar desempeñando o cargo de membro da Comisión de Policía Urbana e Rural e solicita se lle releve na mesma, en 1969. Era o comezo da loita das sucesivas corporacións municipais moañesas por urbanizar a zona litoral leste do barrio da Seara, ocupado por pequenos estaleiros e vivendas, con novos servizos públicos para un concello que estaba a medrar e a crear novas demandas urbanas.

Elabórase en 1970, para este novo servizo, e tamén para atender as necesidades dun parque de automóbiles crecente, un proxecto do enxeñeiro Eloy Fernández-Valdés Rodríguez, para Parque Infantil e aparcamento de vehículos na Seara, por un importe de 933.104,66 ptas., a executar en varias fases, incluído e subvencionado con 300.000 ptas. no Plan Bienal da Deputación 1970-1971.

A primeira fase deste proxecto é o Parque Infantil da Seara, que consta de muro de contención, recheo, pavimentación e instalacións, ata a cantidade de 600.000 ptas., con prazo de execución de tres meses, adxudícase en poxa pública a Raimundo Vázquez por 600.000 ptas. Como se está a actuar, unha vez máis, en zona de dominio público marítimo-terrestre, e vistas as condicións remitidas pola Dirección de Portos para a ocupación dunha parcela en zona marítimo terrestre en Seara para uso do parque infantil, entre as cales consta o prazo de amortización de vinte anos, a Corporación, en 1971, acorda aceptalas. En 1972 apróbase a certificación das obras do parque infantil de Seara, subscrita polo aparellador municipal, e a recepción das obras da primeira fase do primeiro parque infantil de Moaña que significaron 1.437 m^3 dun novo e cativo recheo no litoral, 595 m^3 escavación de zanxas, 161,990 m^3 de terraplén e asento de fábrica de mampostería, por un importe total de 599.389,57 ptas. En 1973 procédese á colocación aparatos e xogos recreativos no parque infantil, nacendo unha zona urbanizada, destinada á ordenación e centralización do xogo infantil, un concepto lúdico en liña cos novos preceptos do xogo como elemento recreativo e educativo, acorde cos grandes cambios experimentados nesta década, imitando os estándares de desenvolvemento sociocultural do mundo occidental desenvolvido.

O espazo litoral moañés da primeira metade do século vinte vai evolucionando dende a formación residencial inicial: unha "ribeira de pescadores" (O Con, A Praia, A Seara), vai collendo cada vez máis importancia económica, institucional, comercial e tamén densidade residencial suficiente entre os anos 1930 e 1950 como para consolidar nunha nova centralidade (A Praia, A Seara) con funcións rexedoras que van deixando atrás o poder do núcleo histórico tradicional de San Martiño.

A partir da década de 1960 coa creación do barrio do Real, a instalación nos barrios da Praia e A Seara dos primeiros servizos urbanos (beiravías, rede de sumidoiros, traída de augas), a creación do novo templo, a inauguración das concentracións escolares e a aparición de pequenas pero simbólicas dotacións públicas como parque e parque infantil, consolidan o núcleo urbano central como nova cidade litoral.

A aldea de pescadores (ata os anos 30), a centralización da vila (1930-1960: transición dende o rural ao urbano) e a creación da cidade (1960-1990: servizos urbanos centrais, centralización residencial, social e comercial; recheos litorais) son tres pasos para a creación dunha cidade con cultura urbana propiamente dita.

A importancia das infraestruturas rodadas neste proceso é capital: a nova Moaña litoral, como outras tantas en Galicia, ten tamén orixe e carácter de "vila-estrada" que foi alumbrando, durante máis de tres cuartas partes do século vinte, a edificación necesaria para o residencial, o comercial e o institucional ao longo das actuais estradas Concepción Arenal e Ramón Cabanillas, deixando "decapitado"[234] e esquecido o núcleo tradicional de San Martiño, asentado sobre unha estrada Moaña-Coiro coutada no seu desenvolvemento pola atracción dos cambios no litoral moañés.

234 "A modificación da estrutura radial da parroquia, centralizada na igrexa, por unha estrutura lineal, tamén fora recollida por Otero Pedrayo (...), considerando que moi frecuentemente o antigo centro aparecía decapitado, e que ao longo das estradas se aliñaba nas casas novas, quedando o grupo antigo esquecido arredor da igrexa", escribe NÁRDIZ ORTIZ, C. (2009), pp. 239-241. Tamén analiza RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), op. cit., a idea das vilas ou cabeceiras comarcais seren pequenas cidades "cunha funcionalidade urbana, cunha arquiterctura ben diferenciada da rural, cuns ritmos dispares nes variables xeoeconómicas máis destacables, e cunhas dotacións e equipamentos públicos considerables", p. 13, confirmando tamén a importancia de estradas e vías de comunicación como conformadoras do mapa urbano de urbes como A Rúa, Melide, A Estrada ou Quiroga, pp. 54-66. Sobre a configuración ou produción do espazo, FERRÁS SEXTO (1993), op. cit., p. 145-147, analizando o caso de Fene, distingue entre 1. Núcleo urbano central, 2. Área suburbana, e 3. Área rururbana, caracterizados, como en Moaña ou Vigo, pola "mestura morfolóxica e a desorganización, rasgos propios das periferias das cidades".

ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1945


ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1956

ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1966

ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1971

ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1985


ZONA URBANA: A PRAIA - A SEARA
1992

3. INFRAESTRUTURAS E DESNUCLEARIZACIÓN RURAL

A Moaña non urbana vai recibindo as principais infraestruturas ou servizos de forma subsidiaria, dado que o esforzo principal das autoridades públicas é o centro urbano, como estamos vendo, sobre todo canto máis nos acheguemos aos anos do "desenvolvementismo". A dinámica de creación das infraestruturas viarias nas parroquias responde a unha demanda da veciñanza máis afastada do núcleo urbano central ou dos núcleos non urbanos máis habitados ou peor comunicados.

Normalmente o procedemento comeza a través da coordinación dun grupo de veciños interesados, que toma contacto coa Administración Local a través da figura do alcalde de barrio e outras por mediación de persoas influíntes ante o Concello. Recibida a demanda, os membros do Consello Local do Movemento –o núcleo político organizado en base á confianza e fidelidade aos principios do sistema franquista e ás súas institucións xerárquicas- aproban a obra ou servizo, a demanda parroquial pasa á institución local e esta, dependendo da súa escala e/ou importancia económica da inversión, decide asumila polos medios dispoñibles na Administración Local –pequenas reparacións dos viarios, sobre todo- ou, na maior parte das obras importantes como novas estradas, reparación de camiños, construción de fontes e lavadoiros ata a década dos 70, transmite esta demanda ao Goberno Civil e, se acada o prace desta institución, a obra ou servizo son incluídos nos plans provinciais de obras da Deputación, nas previsións da OSM, etc.

Se dividimos a nosa época de estudo por fases, a primeira metade da década de 1950 reflicte unha transición entre as condicións sociais, económicas e políticas da posguerra, con ausencia de grandes infraestruturas e/ou servizos básicos, en parte polas numerosas carencias en canto á situación financeira municipal, débedas contraídas co Banco de Crédito Local, poucas transferencias das administracións públicas provincial ou estatal, inestabilidade política con varios cambios de Alcaldía, etc. A situación mellora paseniñamente na segunda metade dos 50 coa intervención, fundamentalmente, da OSM -coa creación de fontes e lavadoiros como política social prioritaria- e a Deputación Provincial que constrúe algunhas das vías rodadas básicas para a articulación interior dos núcleos habitados non urbanos de Moaña.

Estas políticas de promoción da obra pública forman parte das direc-

trices do réxime, por canto se está a rexistrar un importante movemento de poboación entre o campo e as cidades, que estas últimas non poden absorber na súa totalidade por non haber aínda un desenvolvemento económico, empresarial ou industrial como o que se irá rexistrando xa entrada a década dos 60. Aínda en 1959, a primeira autoridade provincial entende que

> *"para remediar o paro existente na agricultura, consecuencia do desequilibrio entre a 'forza dispoñible', a nosa elevada densidade de poboación rural e a 'forza utilizable' da nosa escasa área de cultivo e que se canaliza a través das alarmantes correntes emigratorias, que despoboan o campo deixando a súa explotación confiada ás mulleres, deberá acometerse unha acción estatal, incluso coactiva, tendente a unha nova ordenación de cultivos e á execución dun vasto Plan de Industrialización das nosas zonas rurais, como medios de absorber toda esa 'forza dispoñible', que ao non encontrar no marco da aldea ocupación remuneratoria, vén engrosando o grave éxodo rural"*[235].

Era a constatación oficial da enorme transformación socioeconómica que comezara, aparecendo indicadores como o "paro agrícola" no rural e o "paro obreiro" nas vilas e cidades, problemas para os que o réxime deseña políticas, entre outras, de inversión en pequenas e grandes obras públicas que afectarán aos concellos.

As altas taxas de natalidade moañesas nas décadas de 1930 e 1940, sumadas á mobilidade laboral que significan as transformacións derivadas da crise e decadencia da economía pesqueira local e as saídas migratorias entre a década de 1950 e sobre todo a partir de 1959, comeza a se facer perceptible outro gran cambio na ordenación tradicional do hábitat sobre o territorio: os censos do INE, dende 1950, van dando conta de como se traducen estes cambios e aparece o fenómeno de dispersión e illamento das novas edificacións que deixará a nova paisaxe urbanística moi afastada da imaxe da nuclearización secular do hábitat de Galicia xerarquizado a partir de grupos residenciais de casais, lugares, aldeas e parroquias que van pasando a constituíren en hábitats "difusos", "espallados", "rururbanos", "isolados", "periurbanos", etc.

Das obras públicas que se realizan entre 1955-1960 no ámbito non urbano, varias delas son en núcleos que o INE defira oficialmente como "dispersos" dende a década de 1940: A Marrúa, A Paradela, A Casanova ou Saba-

235 Plan Provincial de Necesidades, Comisión Provincial de Servicios Técnicos, 1959, p. 8. Arquivo Provincial de Pontevedra.

ceda, en Moaña; O Igrexario, A Torre ou Quintáns, en Meira; O Igrexario, en Tirán ou Calvar e Costa, en Domaio, son exemplos de como o modo de habitar tradicional vai rompendo as costuras históricas de forma definitiva e irreversible. A creación das grandes estradas interiores (Cruz da Maceira-Meira; Seara-Verducedo; San Benito-Liñares), vai marcando a pauta e o debuxo sobre as liñas características desta gran transformación socioeconómica, xeográfica, residencial, paisaxística e urbanística: o amoreamento de sucesivas edificacións descontinuas nas novas estradas, un modelo de desenvolvemento urbanístico que tamén se produce na apertura de novas corredoiras, camiños, ramais, sendeiros, etc. Este fenómeno ou tendencia á dispersión tan característico do desenvolvemento urbanístico galego.

Se nos guiamos pola documentación municipal, as actas de plenos e comisións municipais permanentes recollen as pequenas obras públicas maioritarias na década dos 50 dunha forma que moitas veces non discrimina entre o simple acordo ou proposta de necesidades de obras como fontes, lavadoiros, camiños, etc., e a súa realización efectiva. Outras veces é difícil distinguir entre reforma ou reparación e obra nova.

Nun documento político que semella ser un texto para a súa lectura por parte do alcalde Benito Ferradás Piedras dirixido ao Gobernador Civil e tamén ás "dignísimas autoridades, camaradas, veciños e amigos", a primeira autoridade local fai balance de obras durante os seus cinco primeiros anos de mandato municipal, entre 1955-1960, que agrupamos nos seguintes cadros:

CADRO Nº 17: REPARACIÓN DE CAMIÑOS PÚBLICOS, 1955-1960

C: CENTRO URBANO, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	Ñ	M	T	D	C
	Farria, Marrúa (3)	Igrexario	Vilela, Tirán	Palmás	
	Paradela	Campodeira	Igrexario, Grupo Escolar	Grupo Escolar	
	Outeiro, Maceira	Torre	Vilela, Porto		
	Xeira	Quintáns	Albariños		
	Miranda	Caeiro	Con, Vilela		
	Casanova	Correo			
	Bouza	Baixada á praia			
	Luceiro	Barreiros			
	Redondo, Seara	Bocal			
	Piñeiro				
	Sabaceda				
	Cemiterio, Cruceiro				
Total	14	9	5	2	
%	46,6	30	16,66	6,66	

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 18: REPARACIÓN/RECONSTRUCIÓN DE LAVADOIROS PÚBLICOS, 1955-1960

C: CENTRO URBANO, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	Ñ	M	T	D	C
	Paradela	Isamil			Martinga
	Ameixoada				Fontecán
	Rialdarca				
	Miranda				
	Chindo				
	Abelendo				
	Redondo				
	Prado				
Total	8	1			2
%	72,72	9,09			18,18

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 19: REPARACIÓN/RECONSTRUCIÓN DE FONTES PÚBLICAS, 1955-1960

C: CENTRO URBANO, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	Ñ	M	T	D	C
	Piñeiro	Isamil			
	Pozonegro				
	Prado				
Total	3	1			
%	75	25			

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 20: CONSTRUCIÓN DE FONTES PÚBLICAS, 1955-1960

C: CENTRO URBANO, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	Ñ	M	T	D	C
		Isamil	Igrexario	Da mó	Martinga
		Buraco		Verdeal	
		Fontedama		Fontán	
				Calvar	
				Costa	
				Pasaxe (2)	
				San Lourenzo	
Total		3	1	8	1
%		23,07	7,7	61,53	7,7

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 21: CONSTRUCIÓN DE LAVADOIROS PÚBLICOS, 1955-1960

C: CENTRO URBANO, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	Ñ	M	T	D	C
	Fraga	Isamil (2)	Igrexario	Da mó	
	Marrúa		Fontes	Verdeal	
	Redondo		Vilela (2)	Fontán	
	Escobar			Calvar	
	Meixoeiro			Costa	
				Pasaxe	
				San Lourenzo	
Total	5	2	4	7	
%	27,77	11,11	22,22	38,88	

Fonte: elaboración propia

Na maior parte dos barrios da Moaña non urbana a partir de 1960 a construción deste tipo de infraestruturas minguou: en Meira e Tirán rematou oficialmente esta actividade en 1960 e ata 1963 último ano en que se erguen estes servizos para subministro de auga potable á poboación e para servizo de lavado de roupas, en Domaio constrúense unha fonte con lavadoiro e na Moaña non urbana sete fontes con lavadoiros ata 1963 cando continúan as obras de reparación dos camiños pero agora, co incremento do parque de automóbiles, as solicitudes parroquiais irán encamiñadas á mellora do firme e ao ancheamento das vías para dar mellor comunicación e prover de aparcadoiros ás parroquias na beira dos acondicionados camiños-estradas.

Ás obras hidráulicas públicas hai que lle engadir o importante esforzo feito pola poboación moañesa canto ao autoabastecemento de auga potable, coa construción de pozos, como se pode ver no seguinte cadro, que nos fala da importancia e abundancia dos recursos hídricos na localidade, factor que tamén axuda a explicar a facilidade de implantación do novo residencial, sobre todo no casarío unifamiliar diseminado:

CADRO Nº 22: CENSO DE LICENZAS DE POZOS DE AUGA POTABLE PRIVADOS, 1950-1987: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	C	Ñ	M	T	D	R
1950		2				
1951		1				
1952				1		
1953						
1954		2	1		1	
1955				3		
1956		1		2		
1957		3				
1958		7	1	3		
1959	2	3		7		
1960		14	2	8	1	
1961	1	7	1	7		
1962	1	6	4	14		2
1963	4	20	4	16	1	1
1964	2	10	8	19	2	2
1965	3	25	14	23	8	2
1966	3	11	7	11	7	2
1967	3	41	17	17	3	7
1968		25	11	9		1
1969	3	35	14	9	3	1
1970		10	11	10	3	1
1971	2	13	6	3	3	
1972	6	36	10	12	2	1
1973		15	1	7		
1974	1	18	3	12	2	1
1975		6	4	8		
1976	1	19	1	3	2	
1977		6		7		
1978	1	2	1	2		
1979	1	6		3		
1980		2		2		1
1981		6		4		
1982		4	6	2		1
1983	1		3		1	
1984		2		2		
1985		5			1	
1986		2	1			
1987		1				
total	35	366	131	226	40	23
%	4,26	44,57	15,59	27,52	4,87	2,8

Fonte: Elaboración propia, a partir dos libros de actas da Comisión Municipal Permanente.

Como podemos ver, a captación de augas para uso privado é un fenómeno xeral que non distingue ámbitos urbanos ou non urbanos ata a década de 1970 en que se crea a traída municipal de augas para o centro de Moaña e barrios periurbanos, deixando fóra deste servizo ao barrio do Real, que non disporá de servizo público de auga ata a chegada da democracia, servíndose a súa veciñanza tamén de pozos de auga potable particulares como se pode ver no cadro nº 22.

Hai que ter en conta que a partir de mediados da década dos 60, pero sobre todo entre 1970-1975, no tempo en que a zona central de Moaña está a levar a cabo a primeira fase do proxecto de traída municipal de augas, os barrios máis afastados do centro urbano ou das zonas por onde se vai implantando este servizo recorren moitas veces á captación de mananciais nas zonas medias e altas do concello para construíren depósitos ou embalses e conducir a través de tubaxe –unha por cada veciño beneficiado, na maior parte dos casos- que se vai estendendo por camiños, atravesando estradas, etc., ata chegar á vivenda, como podemos ver no seguinte cadro. A dinámica de realización destas obras comezaba, unha vez máis, coa solicitude de autorización por parte dunha comisión de veciños, por exemplo, en 1972, a comisión de veciños de Couso-Meira, para instalación dun abastecemento privado de auga aos barrios de Couso, Pombal e Reibón, a Comisión Municipal Permanente autoriza a instalar o abastecemento, con captación de augas do monte comunal, sen menoscabo do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiro, dando autorización en precario tanto na instalación do servizo co seu depósito regulador como na captación de augas no monte comunal de propiedade –en aquel momento- municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 23: LICENZAS DE EMBALSES, DEPÓSITOS, CANALIZACIÓNS, CONDUCCIÓNS DE AUGA POTABLE A TRAVÉS DE TUBERÍA DENDE MANANCIAIS ATA AS VIVENDAS PARTICULARES, 1971-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	C	Ñ	M	T	D	R
1971	1	12			2	
1972		8	2		2	
1973		1		2	2	
1974	1	6	2	1	1	
1975		7			1	
1976		1				
1977		1				
1978						
1979						
1980						
1981		2				
1982		1				
1983						
1984		1				
1985		1				
1986		1				
1987		1				
total		43	4	3	8	
%		74,13	6.9	5,2	13,8	

Fonte: Elaboración propia, a partir dos libros de actas da Comisión Municipal Permanente.

Esta dinámica de captación e traslado de augas que con menor intensidade aínda se rexistra ata 1987, afecta ás licenzas municipais -sobre todo antes de 1975- dos barrios altos da parroquia de Moaña non urbana. A partir da entrada da democracia local, as parroquias de Domaio, Meira e Moaña inician trámites para a recuperación dos seus históricos montes veciñais en man común e as traídas de augas foron, moitas veces, xestionadas pola propia comunidade ou por grupos de veciños con permiso da correspondente Xunta de Montes en Man Común.

Para ter unha aproximación cualitativa ás obras realizadas con licenza municipal entre 1971 a 1973, por exemplo, solicítanse permisos para realización de varios embalses e depósitos, e as correspondentes conducións de auga ata os barrios, en tubaxe plástica, atravesando camiños, ás veces estradas, declarando nas peticións unhas lonxitudes de canalizacións de 500m., 200m., 800m., 400m., 250m., 400m., en 1971, ou 400m., 150m., 200m., 800m, entre 1972-73, en 1975 solicitan permiso para un depósito e condución de augas para 36 vivendas, na Fraga, en 1977 para 11 vivendas, en Verducedo-Piñeiro.

3.1 Estrada Cruz da Maceira-Meira

Dentro da época que estudamos, trátase da primeira infraestrutura viaria importante tanto para a interconexión de núcleos de poboación non urbanos das zonas altas das parroquias de Meira e Moaña entre si, como tamén destes ámbitos rurais ou forestais, por un lado, coa estrada Marín-O Con e, no outro extremo, coa estrada Cangas-Vilaboa. As primeiras referencias na documentación dos órganos de goberno do Concello falan da cesión á Deputación Provincial de terreos para construción do camiño rural Maceira-Meira[236] e a continuación, no mesmo ano 1953 realízase a nova aliñación do camiño e rexístrase a solicitude da Deputación de remisión do acordo de cesión terreos a ocupar para o camiño rural Maceira-Meira. Xa en 1955 se está a traballar na adaptación do camiño e se fai solicitude á Deputación para incluír como necesidade urxente no Plan de Vías os seis quilómetros da estrada –utilizase indistintamente os termos camiño ou estrada- contando con que se inicie no verán de 1956 pero o anuncio de poxa non se produciría aínda ata o seu anuncio no BOP de 09071956.

Coa obra en marcha, aparecerán os problemas e conflitos que veremos presentes en calquera obra pública na zona non urbana, e aínda na urbana lindeira ou máis próxima ás grandes vías de comunicación ou ao centro urbano: as cesións, as expropiacións, o trazado sinuoso para esquivar ou afectar unhas e non outras propiedades, etc. Neste caso, Presidencia da Deputación dá conta dun barracón construído na zona afectada pola estrada Cruz da Maceira-Meira, que deberá ser demolido, e tamén en 1956 se informa desfavorablemente unha solicitude de licenza para taller de cordoería de 200m^2 de superficie, preto da estrada Cangas-Vilaboa, denegado ante o temor que tal obra sexa afectada pola estrada en construción que atravesará a parroquia de Meira.

O propietario desta cordoería volve solicitar licenza en 1957 e a Comisión de Obras informa que a obra solicitada xa está realizada, sen licenza, e ocupando terreos da estrada que está a construír a Deputación nese momento. Proponse o derrubo. A Corporación, tendo en conta que o soar queda afectado na maior parte pola estrada aludida, acorda comisionar a dous concelleiros para levar a cabo o derrubo e propoñer a indemnización polo terreo ocupado, podendo facerlle unha oferta ao propietario por tal terreo de 5.500 ptas., debendo deixar libre a parcela o máis rapidamente posible. O Pleno Municipal, en febreiro de 1957, acorda o derrubo da obra ilegal, unha actuación moi poucas veces levada a cabo pola Administración Pública Local, neste caso por tratarse dunha obra pública de envergadura realizada pola Deputación.

A medida que a obra vai avanzando, o Concello acorda pedir á Deputación que continúe a estrada de Cruz de Maceira a Meira ata o peirao de Meira, unha vez que chegue a enlazar coa estrada Cangas-Vilaboa. Trátase

236 PM05081953. AMCM.

dun ramal de 150 m. que o Concello segue a demandar e suplicar da autoridade provincial, aínda entre 1958-1959, pero non o consegue porque á parte dos problemas orzamentarios crónicos hai tamén dificultades cos propietarios dos terreos afectados polo citado novo camiño ao peirao cando algúns dos veciños afectados presentan recurso de reposición e argumentan contra a declaración de utilidade pública e de expropiación forzosa, entendendo que a obra é inútil por existiren catro camiños distintos que comunican a estrada Cangas-Vilaboa coa praia de Meira, que se poden ensanchar.

Nos mesmos anos aparecen de novo problemas de infraccións urbanísticas graves na zona marítimo-terrestre[237] e volve rexistrarse o solapamento de competencias entre administracións públicas: a Deputación Provincial que se está a encargar da construción da nova estrada e a Dirección Xeral de Portos de Vigo, comunicándolle esta última que non poden facer nese momento as obras do camiño de enlace entre o embarcadoiro de Meira e a estrada Cangas-Vilaboa.

Remata a última fase da estrada Cruz da Maceira-Meira sendo recepcionada pola Deputación Provincial en 1959[238], sen a proxectada continuidade cara ao peirao ou praia de Meira. Esta estrada pasa a ser o eixe clave para o desenvolvemento acelerado do residencial nas zonas media e alta da parroquia de Meira. Nacía así o primeiro viario de importancia, na época que estudamos, para a articulación e expansión dunha parroquia como Meira, sobre todo na súa parte Oeste, formando unha estrada clave onde se van ir localizando edificacións unifamiliares sucesivas, tanto no sentido lonxitudinal da nova vía como nas súas vías e parcelas privadas transversais. É o máis claro exemplo do tipo de urbanización característica das beiras das estradas onde medrarán e se pendurarán como acios as novas edificacións da década de 1960.

O uso intensivo da beira das estradas como contínuo residencial vai dando lugar a apertura ou mellora de camiños –novos ou existentes- comunicados a partir da entrada en funcionamento da estrada de Meira e que van consolidando a estrutura difusa, espallada ou diseminada tan característica da Galicia desta época.

Os problemas sociais detectados na apertura desta nova estrada apa-

237 Nunha visita de inspección do Enxeñeiro da JOP á praia de Barreiros, en Meira, con motivo de deslinde de terreos na zona marítimo-terrestre, este informa que "os [oito] propietarios de terreos e fincas colindeiros invadiron totalmente a zona de salvamento, facendo imposible o tránsito de toda clase, no momento das mareas, ao único peirao da localidade, na illa do San Bartolomeu". En novembro de 1949 aprobárase un proxecto de "camiño de enlace entre o embarcadoiro de Meira e a estrada de Cangas a Camposancos", por valor de 626.086,51 ptas., a condición de que os propietarios deixaran libre e expedita a vía de comunicación mencionada para que a veciñanza poida acudir ao peirao de Meira, que ten establecida, en aquel momento, una liña de vapores regular e directamente con Vigo. PM27081958. AMCM.

238 PM25061959. AMCM.

receron nas zonas máis preto do seu enlace coa estrada principal existente Cangas-Vilaboa. A imposible continuidade da estrada de Meira coa zona marítimo-terrestre da parroquia ten que ver con que nos aproximamos a zona habitada e/ou industrializada con algunha cordoería, cuestións ambas que suscitan conflito de intereses.

Esta nova vía, finalmente, vai establecer un novo perímetro de extensión residencial pola súa proximidade á zona da Xunqueira e todas as transformacións urbanísticas e dotacionais que esta última vai experimentar na década de 1970 a partir da urbanización deste espazo como Concentración Escolar, a proximidade da praia da Xunqueira e o campo de fútbol. Este ámbito entre A Xunqueira e a nova estrada de Meira producirá durante as décadas de 1960-1990 un solapamento e unha permeabilidade comunicacional cando non unha continuidade entre Meira e Moaña, tendo un gran desenvolvemento residencial como se pode observar nas sucesivas fotografías aéreas.

[Ver Plano 9: Fotografías aéreas Meira,pax. 163]

3.2 Electrificación das zonas altas da parroquia de Moaña, construción da estrada Seara-Verducedo

En 1954 o Concello encarga un proxecto ao aparellador municipal para alumeado de Verducedo, Fraga, Piñeiro, Paradela e Broullón, proxecto para o que posteriormente se solicita axuda da Deputación Provincial e o Instituto Nacional de Colonización, dado que entre as principais directrices políticas do réxime, dende 1946, figura a de facilitar subvencións para obras de mellora da situación socioeconómica no medio rural, entre elas as electrificacións.

A realización da obra, como a maioría das obras públicas da mesma época nas que figura o citado Instituto, esixe a creación dunha comisión veciñal[239], así como a formalización da correspondente demanda social a través de escrito con sinaturas para axudar a comprometer a axuda e/ou financiamento comunitario do presuposto da obra -material de cobre, postes, colocación dun transformador, etc.- que pasa por distintos avatares: dende a tardanza para retirar o cobre do almacén de Vigo, por falta de pagamento, ata a xestión en Madrid -1956, diante do Instituto Nacional de Colonización- do Secretario Municipal, denegada por esgotamento da partida a causa das axudas á zona de Levante por mor das xeadas.

239 Coa fin de solicitar axuda económica do Instituto Nacional de Colonización, é mester constituír unha Xunta Parroquial, composta de presidente (un concelleiro municipal), alcalde pedáneo, cura párroco, mestre ou outra persoa destacada. "En todos os casos, debe reunir a condición de adicta ao Movemento e de solvencia económica". Circular de Presidencia da Deputación Provincial, 15121955. AMCM.

Plano 9


CRUZ DA MACEIRA - MEIRA
1966
CRUZ DA MACEIRA - MEIRA
1971
CRUZ DA MACEIRA - MEIRA
1985
CRUZ DA MACEIRA - MEIRA
1992

As obras de electrificación seguen paradas en 1957 –en parte destruídas- sen financiamento, informando o Concello que se non se actúa coa rapidez necesaria córrese o perigo de perder parte da obra xa realizada e as instalacións efectuadas. En 1958 o propio Concello acorda aprobar o pagamento á Comisión de electrificación de Verducedo, Marrúa, etc, con cargo a un orzamento extraordinario.

Á altura da metade da década do ano 1950, o territorio do interior da parroquia de Moaña cara ao linde co río da Fraga e a parroquia de Meira, era un hábitat formado por varios lugares que xuntaban un número importante de habitantes -Verducedo, O Piñeiro, A Marrúa, O Redondo, A Paradela, A Fraga, etc- con antigos camiños entre as aldeas e lugares pero pouca e lenta comunicación cara ao exterior da parroquia, e aínda que na documentación municipal hai rexistrada, xa en 1951, unha solicitude á Dirección Xeral de Camiños Nacionais de construción dunha vía de acceso, de 850 m. de lonxitude, entre o barrio do Redondo e a estrada Cangas-Vilaboa, pasando pola nova Igrexa do centro de Moaña, non se volve falar desta vía de comunicación como entrada e saída importante para estes barrios de difícil comunicación no interior da parroquia de Moaña.

Para desbloquear esta situación e dar mellor cobertura viaria cara á estrada de Marín-O Con e, sobre todo, ao centro urbano de Moaña e á estrada Cangas-Vilaboa, o Concello solicitara formalmente en 1955 á Deputación Provincial, entre outras, unha axuda para crear un camiño entre o barrio central da Seara e o lugar de Verducedo. Alcaldía describe así a zona:

> *"Verducedo, barrio mariñeiro de moita poboación, máis de 430 veciños, carece de todo camiño, tendo que circular por malos sendeiros a altas horas da noite por regresar en inverno do mar, con noite pechada, o que dá lugar a grandes molestias e aínda accidentes graves por caídas. Non pode chegarse a este barrio en bicicleta e non poucas veces por esta circunstancia chegan tarde os auxilios da ciencia médica e, o que é máis grave, incluso os auxilios espirituais"*[240]

A dinámica para apurar o proceso de construción de calquera obra pública local pasaba por un acordo entre as autoridades locais e as provinciais, ao que se lle daba lexitimidade coas sinaturas dos veciños afectados que, nor-

240 "Necesidades urgentes del término municipal de Moaña": informe do Concello de Moaña para o Goberno Civil e a Junta de Servicios Técnicos, p. 2. 03091960. AMCM. Amancio Caamaño Caamaño, médico en Moaña, acredita a imposibilidade de acceso rodado a Verducedo na década dos 50 nin sequera en moto (Entrevista, 03042008, AMOM), en canto aos auxilios espirituais serán concretados, varias décadas despois, coa creación da última capela construída en Moaña no século vinte, Nosa Señora dos Milagres.

malmente, se comprometían a ceder os terreos afectados de balde, mesmo a aportar man de obra se fose mester, para a construción da estrada. Neste caso, ademais, o proxecto nace tamén co maior aval e interese da Igrexa posto que, na solicitude á Autoridade Provincial, demándase a necesidade do camiño porque o Concello pretende dar un mellor servizo escolar coa creación dun centro de ensino e unha nova igrexa, cuestión esta última que non acontecía na apertura da estrada de Meira posto que esta freguesía estaba servida por un recinto de igrexa, adro, Casa Reitoral e cemiterio parroquial.

A Alcaldía do Concello, consciente das limitacións orzamentarias, demanda a creación de equipamentos versátiles nos lugares das parroquias máis afastadas, elaborando un informe sobre as carencias máis urxentes das zonas non urbanas, onde afirma que "*existen barrios tan populares como Verducedo de 324 veciños* [especifica que son datos do nomenclátor de 1950, e que debeu experimentar un incremento dun 20% ata 1960] *e tan afastado como San Lourenzo* [Zona alta de Domaio] *7,00 Km e A Fraga* [zona alta de Moaña] *5,00 Km, que carecen de escola* [..., e] *a súa poboación está condenada ao analfabetismo* [...] *é mester ineludible a creación e construción destas tres escolas como mínimo, das que o Concello posúe un proxecto que ten a vantaxe de poder converterse en capela os domingos e días de festa, e levar a estes barrios a celebración dos divinos oficios coa dignidade que se merece e que hoxe o celo do párroco oficia en locais pouco adecuados co que cun só edificio resolveríanse dous grandes problemas*"[241].

O expediente oficial para a construción dunha estrada a Verducedo comeza en 1956 cun escrito con 65 sinaturas veciñais que solicitan a construción dunha estrada que partindo da de Marín a O Con, en Piñeiro, empalme coa de Seara-Moaña, "cruzando polos pobos de Verducedo, Fraga, Piñeiro, Paradela e Redondo, que ofrecen os terreos necesarios para levar a cabo a obra", é dicir, solicitan unha obra dende os barrios altos da parroquia non urbana de Moaña ata o centro urbano litoral, ao que o Concello contesta facultando ao alcalde para que solicite á Deputación Provincial tal viario. A institución provincial inclúe a obra no Plan de Obras para 1960, e non será ata 1961, cando o Gobernador Civil, ao tempo presidente da Comisión Provincial de Servizos Técnicos, interesa remisión urxente do proxecto para a realización de obras de construción da citada estrada de Seara a Verducedo.

Como apareceran máis dificultades das agardadas na conexión desta futura vía coa estrada Marín-O Con, decídese que se comece no linde do centro urbano moañés, no barrio da Seara, penetrando dende o litoral cara ao interior dos barrios altos citados. Dada a urxencia, o alcalde xa encargara a confección dun proxecto ao Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras da Deputación, Eloy Fernández-Valdés, que é designado como encargado de redactar o orza-

241 "Necesidades urxentes do termo municipal de Moaña", op. cit., páx. 5. Obsérvese que na páx. 2 do informe indica que Verducedo conta con 430 veciños. 03091960. AMCM.

mento e dirixir a construción da estrada ou camiño veciñal da Seara a Verducedo, por importe de 501.820,75 ptas., solicitando o Concello da Deputación Provincial ou da OSM as 151.820,75 ptas. que faltan para o importe total dunha obra que, segundo a Memoria, conclúe no lugar onde pensa construírse unha igrexa e un grupo escolar, un punto onde se poderían construír estas dotacións ata dar servizo a outros barrios e enlazar coa estrada de Marín-O con, dispoñendo dunha lonxitude de 2.669,19 m., desagregados en 1.875 m. de trazado recto e 811,29 m. en forma de curvas. *[Ver Plano 10: Estrada Seara-Verducedo]*

Como no caso da apertura da nova estrada de Meira era a constatación das dificultades de acceder ou atravesar lugares habitados, un intento de articular comunicacionalmente o hábitat rural preexistente co novo centro urbano moañés. Tanto para a estrada de Meira como para esta de Verducedo a súa realización foi posible porque a veciñanza estaba necesitada destas novas comunicacións rodadas que se realizaron, na súa maior parte, a conta de terreos e parcelas de uso agrícola, evitando a interferencia ou afección de edificacións unifamiliares.

Licitada a obra é declarado deserto o concurso. O gobernador civil informa ao alcalde que caso de non haber licitadores na segunda poxa, aceptarase a administración directa do Concello posto que, noutro caso, podería perderse a subvención. Ao non presentárense licitadores, o Concello, en 1962, comprométese a realizala por administración.

Os problemas económicos xorden de novo cando a primeira autoridade provincial dá conta ao Concello da aprobación do crédito para a segunda fase do camiño de Seara a Verducedo, por 101.820,75 ptas. -das que o Estado aporta 61.092,45 ptas.- para que o Concello consigne as restantes 40.728,30 ptas. O Concello comprométese a por a disposición os terreos afectados no momento de efectuarse a contratación e a aboar, sen data, a parte que lle corresponde porque, ao non estar consignada en ningún orzamento, cédese a subvención que o Organismo Provincial p uidera conceder para outro fin pois a consignación, de querer levala ao presuposto "podería ser afectada por outros organismos a causa de ter Recurso Nivelador no exercicio económico actual".

A estrada entra nunha dinámica coñecida noutras obras públicas maiores ou menores: poxas públicas que quedan desertas, adxudicación das distintas fases da obra ao Concello que este partilla cunha veciñanza que deberá aportar a súa parte ben en metálico ou a través de prestación persoal, procedendo á contratación da empresas construtora de Lino Rodríguez Piñeiro, de Vigo, para realizar as obras da segunda fase en seis meses.

Plano 10


SEARA - VERDUCEDO
1971


SEARA - VERDUCEDO
1985


VERDUCEDO
PRADO
PEROJA
POZA GRANDE
Eucaliptos
POZO NEGRO
Finca del Sobal
Transformador
Molino
Mar en calma
PLAYA

A obra vaise dilatando, o trazado inicial é modificado, o que significa novas afeccións e pequenos conflitos locais. Durante o tempo de construción e certificacións de obra das distintas fases hai un cambio na Alcaldía en 1963 e decídese que como o Concello segue a carecer de fondos, tendo en conta que beneficia a persoas determinadas e significa un aumento de valor nos terreos, disponse o cobro de contribucións especiais aos veciños do camiño de Seara a Verducedo por un importe de 150.000 ptas.

Durante o tempo de construción, o aparellador municipal, Amador Montenegro López, ofrece, en carta de 1963 ao alcalde, os terreos que poidan ser necesarios ao cruzar a súa finca do Rosal, o máis grande latifundio existente en Moaña, propiedade histórica da familia Saavedra, para levar a cabo o camiño veciñal ao Redondo, barrio próximo ao trazado da estrada Seara-Verducedo, pero tamén carente de boa comunicación rodada, ademais dun "donativo" para a mesma, recoller as terras que puideran sobrar ao facer a explanación e ceder o terreo necesario para a construción dunha escola de nenos e nenas no extremo da súa finca no barrio de Redondo, sostendo esta oferta por seis meses e que podería ser variada se a obra levara o nome do seu falecido pai Amador Montenegro Saavedra. A Corporación Municipal acorda aceptar a oferta, expresar o masivo agradecemento e facultar ao alcalde para xestionala.

A Comisión Provincial de Servizos Técnicos comunica en 1964 o acordo prestando conformidade ás liquidacións das fases primeira e segunda do camiño de Seara a Verducedo e a aprobación da variante do camiño, segundo o proxecto de Eloy Fernández-Valdés, polo linde do camiño e o río do Redondo, bordeando a propiedade de Amador Montenegro López, por entender que esta variante serve para mellorar a saída do tramo anterior e, ao mesmo tempo, para a continuación do solicitado camiño entre Seara e O Redondo, para o que se conta coa cesión dos terreos propiedade de Amador Montenegro pero tamén é mester iniciar un expediente de expropiación dos propietarios do outro lado do camiño. Neste mesmo ano de 1964 o Goberno Civil comunica ao Concello a aprobación das compensacións –por imprevistos- para as fases primeira e segunda do camiño e da achega do Estado. Tendo en conta que as obras están realizadas e o Concello fixo as entregas en terreos e man de obra, acórdase solicitar do Estado o pagamento das compensacións.

Para dar unha idea das dificultades que xorden nunha obra deste tipo, o Concello solicita da Comisión Provincial en 1965 unha prórroga para levar a cabo parte da segunda fase, a cargo do Concello, e da terceira fase, a cargo do contratista Lino Rodríguez Piñeiro, afirmando que xa que foron solucionadas as dificultades con algúns propietarios, considerando que os problemas coa man de obra tamén terán solución. Tamén nese ano se acorda proceder ao deslinde da parcela do Concello no Puntillón, barrio de Seara, para saber que terreos deberán ocuparse na dita parcela, lindeira coas obras que se están

levando a cabo para a variante da estrada de Seara a Verducedo, variante que se aproba para darlle unha máis ampla saída, en punto máis adecuado e fronte ao ramal da estrada ao peirao, co cal queda iniciada a estrada que no seu día terá que construírse ao barrio do Redondo.

As dúas variantes de embocadura deste novo vial de Verducedo coa estrada Cangas-Vilaboa no cruzamento co centro urbano de Moaña atravesan ou abeiran a propiedade e a residencia principal de Amador Montenegro López. A apertura desta estrada entre o centro urbano e Verducedo propicia unha accesibilidade ao latifundio do Rosal a través dunha vía de comunicación acaída e moderna que contribuirá a poñer en valor o interese na xestión inmobiliaria e urbanística e o desenvolvemento deste feudo nobiliar, cunha superficie moito maior que a do predio do Real. Andando o tempo confirmaríase que a apertura deste vial foi decisiva para a nova configuración urbana e urbanística de Moaña cando chegue a democracia local e se vaian situando nos terreos do Rosal dotacións como un centro de Formación Profesional, un centro de BUP, pavillón polideportivo, piscina municipal, Casa do Concello, etc.

Co habitual retraso acórdase notificar e citar aos afectados pola variante da estrada Seara-Verducedo, ao obxecto de proceder á liquidación que corresponda a cada un, efectuando así mesmo novas aliñacións, reparacións ou o traslado dun canastro, ata que despois de todos os traballos previstos e os extraordinarios, o Concello vai aceptando, entre 1966 e 1967, a recepción definitiva das distintas fases dunha obra[242] solicitada en 1956 pola veciñanza e comezada en 1962. Hai que ter en conta que a maior parte da poboación activa dos barrios citados traballaba na pesca de baixura, o que nos pode dar unha idea do esforzo investido na mobilidade diaria para un mariñeiro que vive nestes barrios altos e afastados e o seu posto de traballo no centro urbano de Moaña.

Rematadas as obras desta importante vía de comunicación, a máis problemática e a de máis longa duración desenvolvida en Moaña durante o período 1950-1979, o párroco de Moaña dirixe un escrito ao Goberno Civil en 1969 pedindo ao Concello que actúe como mediador para solicitar a ampliación do ramal de estrada Seara-Verducedo ata os barrios de Paradela e Marrúa, para unir esta vía coa estrada Marín-O Con, nunha extensión total de 2 km. A Corporación Municipal, tendo en conta que estes barrios *"de Paradela e Marrúa teñen unha poboación de máis de 500 habitantes e con difícil acceso para o servizo de transporte, demostrado de grande necesidade nos servizos fúnebres e agora de urxente aplicación para o transporte escolar"*, acorda que se remita o escrito ao organismo provincial, considerándoo de carácter preferente e interese xeral.

242 CMP06071966, CMP10081966, PM22021967, CMP24051967, CMP27121967. AMCM.

A Comisión Provincial de Servizos Técnicos acorda nese mesmo ano 1965 incluír a ampliación no próximo Plan, e non hai máis novidade nin máis movemento respecto da tal ampliación, nin sequera en 1975, en pleno ancheamento dos vellos camiños por mor do incremento do tránsito de vehículos particulares, cando o alcalde de barrio de Paradela e trinta veciños máis solicitan efectuar o ensanche do camiño de Seara por Paradela a Xesteira, no barrio de Marrúa, en réxime comunitario, tendo acadado achegas económicas e interesando a maquinaria para a explanación en 700 m. aproximadamente e o Concello solicita da Deputación a maquinaria para o ensanche do camiño de Seara a Paradela, sen máis noticia oficial.

3.3 Estrada San Benito-Liñares

A principal infraestrutura viaria da parroquia de Domaio, no tempo deste estudo, é o ensanche do camiño e a construción dun novo vieiro interior entre o cemiterio de Domaio e o adro da capela de San Benito. Como na maior parte das obras desta envergadura, a conxuntura política e económica marca tamén o seu desenvolvemento, posto que é unha das obras que aparecen como solicitadas á Deputación Provincial dende 1958 a 1961 cando Alcaldía demanda a construción dunha estrada "dende o cemiterio de Domaio á Borna, pasando por Verdeal, Calvar, Costa e Palmás", e outros viarios que comuniquen unha parroquia atravesada, como as outras tres do concello, pola estrada Cangas-Vilaboa, pero con moitas carencias en canto á articulación interior como vimos nos casos de Meira e Verducedo.

Esta solicitude para os plans bienais de cooperación da institución provincial, é reiterada polo Concello en 1967 e 1969, como "estrada de San Benito ao cemiterio de Domaio pasando por 'Ponte Pereiro' e 'Casanova". En 1970, "dado o crecemento da poboación", acórdase facer un proxecto para esta estrada de conexión interior -entre os principais barrios- e exterior –enlace coa estrada Cangas-Vilaboa- da parroquia de Domaio.

A dinámica de posta en marcha da obra é a mesma que no resto das parroquias e comeza, en 1972[243] cunha instancia da comisión de veciños da parroquia de Domaio, constituída para "ensanche e afirmación do camiño de san Benito, que enlaza cos barrios de Verdeal e Calvar, co cemiterio e a saída á C-550", da que o Concello remite copia da solicitude ao presidente da Deputación, informando favorablemente á petición para que lles sexa concedido o uso da pala escavadora.

O Concello autoriza á comisión de veciños de Domaio a realizar a mellora e ensanche do camiño de san Benito, informándolles que deben deixar unha anchura mínima de seis metros, un desiderátum de imposible cumpri-

243 CMP30081972. AMCM.

mento en varias zonas do traxecto. En 1973 a Comisión de Veciños informa ao Concello de teren efectuado o ensanche do camiño ata enlazar coa estrada de San Benito e que con motivo das obras derribaron algún peche de finca, un galpón e dúas cortes existentes, previa a nova construción no interior da finca dun novo galpón, quedando de acordo a Comisión, en presenza do alcalde, que a cantidade necesaria para a reposición sería aboada ao 50% polo Concello e a comisión veciñal.

Esta sería a primeira fase do ensanche e afirmado dun camiño que se vai desenvolvendo lentamente, cos problemas de todas as obras públicas viarias da época, sobre todo en relación ás aliñacións, porque hai propietarios lindeiros que ceden superficie para o ancheamento do vial e outros non, ou as reposicións de valados, pequenas obras domésticas, etc., sendo o resultado final o habitual trazado sinuoso e con distintas anchuras en cadanseu tramo.

O novo vial tería unha mellora, tamén de ensanche e afirmado, engadíndoselle despois a canalización de sumidoiros, ao mesmo tempo que se desenvolve a construción do novo colexio público en Domaio – que foi factor acelerante e decisivo das obras deste vial-, para o que se precisará, ademais de poñer a disposición os terreos, o acondicionamento do viario, actividade que se desenvolve entre 1977 e 1979 cando, mediante subvención do Estado destinada a atallar o "paro obreiro", e da Deputación Provincial, se desenvolven unhas obras que non quedan completadas máis ca na súa primeira fase, en 1978, e pénsase en aportar unha financiación a maiores a conta da posible tala de arborado, facultándose á Comisión de Veciños para que sinale os piñeiros e eucaliptos obxecto da futura tala. *[Ver Plano 11: Fotografías aéreas Domaio]*

Aínda en 1979 a documentación municipal recolle que a consecuencia das choivas e os pasados temporais o camiño San Benito-Liñares é de imposible tránsito para que os camións de transporte cheguen ao Colexio Nacional de EXB de Domaio, en construción, para o que é mester recorrer á encomenda a pequenas empresas da localidade os traballos "mediante máquina e morrullo".

Estas tres importantes estradas (Meira, Verducedo, Domaio) interiores e perpendiculares á estrada principal Cangas-Vilaboa, puideron ser realidade tamén porque era unha época en que sobre a estrutura do parcelario rural non existía un número importante de edificacións pero a medida que vai chegando o tardofranquismo e mesmo en democracia, non se abre ningún viario interior de dimensións relevantes en anchura porque o nivel de posible conflitividade social aconsellou aos políticos locais desistir e abandonar os proxectos.

Ademais das estradas citadas, consignaremos as máis importantes transformacións experimentadas, tanto de iniciativa pública como privada, que tiveron impacto no desenvolvemento económico, social e urbanístico nas

Plano 11

SAN BENITO - LIÑARES
1977

SAN BENITO - LIÑARES
1985

SAN BENITO - LIÑARES
1992

zonas e parroquias non urbanas do concello.

Na parroquia de Moaña, dende o tempo de inicio do noso estudo, estanse a desenvolver obras de construción e venda de nichos e panteóns no novo Cemiterio Municipal, continúase a construír ou reparar obra pública hidráulica en forma de fontes e lavadoiros ata 1963, dende 1969 está documentada a transformación dos vellos camiños, a través de novas aliñacións, ancheamento, afirmado e drenaxe de augas pluviais, para convertelos en camiños-estradas de ancho variable, nunca acordes co previsto inicialmente nos proxectos municipais.

Entre 1968-1972 a Compañía Telefónica solicita e finalmente acada licenza para edificación do seu local central. A partir de 1970 rexístranse novas demandas sociais para mellora dos camiños que se están adaptando ao tráfico rodado, para que dispoñan de servizo de alumeado público, normalmente financiado a través de contribucións especiais e unha pequena axuda municipal, e a partir de 1974 comezan a rexistrarse demandas de enganche ou acometida das vivendas coa rede pública de augas da traída municipal, desestimadas moitas delas por estar esta rede pensada, en primeiro lugar, para a Moaña urbana, ademais de padecer as limitacións derivadas da pouca cantidade de auga recollida e embalsada e a gran demanda social do servizo. Como vimos anteriormente, as traídas comunitarias privadas a partir de mananciais, depósitos e embalses, canalizadas e conducidas a través de camiños, formalizadas a través de licenza urbanística municipal, na parroquia de Moaña, significaron, entre 1971-1987, case tres de cada catro solicitudes de licenza rexistradas en todo o termo municipal.

Na parroquia de Meira rexístrase a mesma dinámica en canto a obras hidráulicas de fontes e lavadoiros, arranxo e melloras nos camiños públicos – realiñacións, ancheamento, afirmado, alumeado, canalización augas pluviais, etc. - e tamén en canto a captación de mananciais para traídas comunitarias, posto que a traída municipal beneficiaba só á zona urbana central de Moaña e ás vivendas lindeiras co trazado da tubaxe.

A diferenza fundamental da parroquia de Meira con calquera outra zona de Moaña é o feito do esmorecemento e a transformación dalgunhas das antigas pedreiras situadas entre A Borna, O Latón e o Cocho, na zona industrial máis importante do concello. En 1956 o Concello asina un concerto coa empresa Molíns, Valverde e Cía, de Vigo, para que aproveite a auga dun manancial na zona da Borna, un punto de referencia para os barcos alxibes que proporcionan auga potable ás embarcacións internacionais que teñen Vigo como peirao de paso, un servizo que tamén se presta por parte doutras empresas instaladas en antigas canteiras da zona de Domaio como a do Regueiriño.

Estes barrios de Meira onde están situadas as principais industrias da localidade, ilustran as dificultades para facer fronte para unha mínima aldea

mariñeira da década dos 50 transformada en barrio industrial nos 60, a unha expansión fabril que leva como corolario a instalación de comercio, vivendas, etc, supoñendo un gran incremento do tráfico rodado e unha necesidade moi importante de aparcadoiros, sobre todo no horario de entrada e saída das fábricas que colapsa a mobilidade dos lugares. Pois ben, o histórico camiño principal do barrio ten e segue a ter as características da maior parte dos camiños das parroquias non urbanas ou da Moaña interior: non cumpre os estándares de ancho para pasaren dous vehículos en distinta dirección ao mesmo tempo, non pode circular o transporte pesado, elabóranse proxectos de reforma, acádanse mesmo subvencións da Deputación, pero non se modifica substancialmente o trazado, nin lonxitudinal nin transversalmente en canto ás súas dimensións –sobre todo en anchura- por estaren as edificacións existentes ao pé do camiño e e as empresas teñen que solucionar os problemas loxísticos con transportes nas embarcacións de carga a través da ría de Vigo.

O Concello constrúe en 1953 un pequeno mercado de abastos en Meira que non ten moito éxito social nin económico, por iso tenta reconvertelo en local escola en 1956, aínda que segue a funcionar de forma precaria como mercado, con problemas de viabilidade para os arrendatarios do servizo, apertura de expediente por incumprimento do contrato establecido entre a Corporación e o veciño de Meira que ten un posto de venda de carne e peixe. A Corporación dá por cancelado o convenio deste establecemento en 1967 afirmando que procederá ao desafiuzamento. Aínda en 1969, ante a solicitude de adxudicación dun posto de carnes o Concello acorda -para tratar de volver a poñelo en marcha- que se anuncie poxa pública de postos do mercadiño de Meira pola metade do prezo asignado ás poxas dos postos da Praza de Abastos de Moaña.

A última grande obra do período 1950-1979 en Meira é a segregación, en 1977, dunha parcela de 3.200 m^2 do monte municipal da Fanequeira para a creación de dúas unidades para centro de preescolar, obra que é declarada de urxencia, aprobando o Concello a realización do acondicionamento da pista de acceso, que se executa en 1978.

Entre 1956-1959 ábrese unha importante vía de comunicación entre a parroquia central ou baixa de Domaio e os barrios altos de Carballido e San Lourenzo. Nesta mesma parroquia constrúese en 1963 segundo a documentación municipal, o último conxunto de fonte con lavadoiro, dando lugar á entrada dunha nova cultura social coa chegada ás vivendas da auga canalizada dende os mananciais, tanto a través de traídas comunitarias particulares, como de veciños individualmente.

En 1965 o Concello compra o local da vella casa sindical de Domaio (confiscada polo Estado en 1936 ás organizacións agrarias republicanas) e encóntrase, aos efectos de deslinde para pasala a patrimonio municipal, con

que algún lindeiro se apropiou de terreo, ata que se aclara a propiedade e é incorporada ao patrimonio municipal. Dende 1967 estanse a facer as reformas e adaptación dos camiños como vimos en todas as parroquias, e, ademais das que agrupamos nos cadros correspondentes, varias traídas comunitarias de augas en barrios importantes como Calvar-Verdeal en 1973 ou Viduído-Valdagua-Pico de Liño e Palmás en 1976.

O Gobernador Civil comunica ao Concello en 1962 que *"proxectándose pola Rede Oficial do Estado a instalación dun poste de repetición de televisión no alto de Domaio, e dado o interese público que dita instalación supón, xa que facilitaría a recepción televisada nese termo municipal e en gran parte desta provincia, prégolle proceda por esa Corporación a adoptar acordo en sesión plenaria para ceder gratuitamente 400 m² no cume do alto de Domaio [monte Faro] á Dirección Xeral de Radiodifusión…"*, demanda á que o Concello accede acordando ceder o terreo[244] sen alterar o permiso dado con anterioridade a "Montañeros Celtas", para establecer un local nas proximidades do lugar onde se pretende situar a máis importante infraestrutura para a recepción do medio de información e comunicación social que vai ser decisivo a partir da década de 1960, compartindo por un tempo coa radio as preferencias do público, pero chegando a ser a canle social preferente de comunicación de masas ata a fin do século vinte.

O "poste repetidor" que se colocará en Domaio non ten só unha incidencia local senón que será durante décadas o principal enlace para a recepción da televisión nas zonas da ría de Vigo e Baixo Miño. A Delegación Provincial de Información e Turismo informa en 1970 sobre a distribución de cotas aos municipios da provincia por este servizo, sendo a do Concello de Moaña de 150.000 ptas. A continuación, en 1972, o Concello cede ao citado Ministerio os terreos en monte Gagán, Fontenla, Basil e outros, nº 293-9 de utilidade pública, para a construción e instalacións da Estación de Televisión Española en monte Faro de Domaio, aprobando a execución das obras de acceso, realizadas pola empresa Raymundo Vázquez, que presenta certificación única e definitiva por 2.688.403 ptas., que a CMP aproba e recepciona en 1973 facendo constar que as obras foron executadas na súa totalidade na parte encomendada ao Concello, polo que procederá a aboar á empresa 2.009.523 ptas., debendo liquidar directamente a Delegación Provincial de Facenda o IGTE por ser financiada en parte ao presuposto do Estado[245].

A obra pública máis importante para servizo da parroquia de Domaio entre 1975 e 1979 foi a construción dun novo centro de EXB de 16 unidades ao que pouco despois se lle engadiron outras dúas unidades para un centro de preescolar, un complexo proceso de adquisición de terreos ao que o Concello intenta aplicar a mesma dinámica expropiatoria que vimos anteriormente para a construción dos novos centros de EXB da Concentración Escolar nos terreos

244 PM31101962.AMCM.

245 CMP26121973. AMCM.

da zona da Xunqueira ou Areeiro, proceso que se saldara, despois dun longo litixio no tribunal do Contencioso-Administrativo, cunha sentenza en favor dos propietarios expropiados por un importe que excedía a dispoñibilidade orzamentaria do Concello de Moaña.

O proceso da nova construción escolar comezara en 1975 cando o MEC interesa do Concello a disponibilidade dun terreo para construción dun centro de 16 unidades en Domaio, e a Corporación ofrece un soar de propiedade municipal en Calvar[246]. A morte do ditador nese mesmo ano, o comezo dunha dinámica política e social de cambios acelerados, o inicio dunha Transición e remuda entre dous modelos de réxime político, son todos factores que terán reflexo tamén nunha Corporación Municipal moañesa que acusará a vertixe de entrar na néboa dun campo político descoñecido, froito do que se producen varias dimisións, abandono de concelleiros, cambio de alcaldes, perda de lexitimidade social, etc., que analizaremos en detalle máis adiante, pero que teñen que ver coa xestión municipal por parte dunha cativa e fráxil Corporación que xa non poderá actuar co mandato imperativo e xerarquizado co que se producían os acordos municipais durante o período franquista.

Impelida pola necesidade de poñer os terreos a disposición do MEC, en 1977 a Alcaldía de Moaña propón a adquisición de terreos para o Grupo Escolar de Domaio iniciando o expediente de expropiación dunha parte do parcelario preciso, sobre todo as fincas pertencentes aos "cinco propietarios resistentes na negociación co Concello", para maior celeridade, e, por outra banda, proceder á adquisición definitiva por parte da Administración Pública Local doutra parte dos terreos necesarios a aqueles propietarios que están dispostos a vender "a un prezo razoable".

A Corporación Municipal divídese ao tratar este tema -cuestión inédita tanto nos acordos de Plenos como de comisións nas anteriores corporacións ata 1975- por mor das experiencias negativas para as arcas municipais e a memoria das xestións e o longo proceso de expropiación da primeira e segunda fases da Concentración Escolar da Xunqueira: unha parte dos edís opóñense ao expediente expropiatorio e solicitan a prosecución das xestións "ante os señores que non están dispostos a vender a un prezo razoable", acordándose subscribir contrato cos propietarios discrepantes e "esgotar a vía amigable ante os resistentes á venda como tramite previo á iniciación de expediente expropiatorio"[247]. Mellor un mal acordo que un pior pleito.

Acontecía que a xestión e a negociación entre a institución municipal e os veciños tiñan lugar, por primeira vez, despois dunha ditadura, cando comezaba a Transición democrática e existía xa a sombra e o xermolo organizado dunha oposición antifranquista que lexitimaba o conflito social e apoiaba aos veciños. Entre os concelleiros da última Corporación franquista, deslexitimados e incómodos ante a sociedade por primeira vez en case

246 PM27061975. AMCM
247 PM02051977.AMCM.

catro décadas, apareceran os primeiros cambios de postura ideolóxica cara actitudes máis dialogantes e democráticas, intuíndo o novo tempo histórico que se estaba a vivir e o que se abriría nos anos seguintes.

A propia burocracia da administración municipal apunta carencias na correcta xestión pública e a documentación municipal amosa a improvisación e os cabos soltos que vai deixando este proceso negociador: na escritura notarial entre Concello e veciños, onde se acredita que uns propietarios doaron o pleno dominio das súas fincas e os menos venderon os seus predios ao Concello, "consignáronse prezos inferiores aos reais, sendo aqueles a 100 ptas./vara, por erro. O Notario púxoo para evitar un gravame forte dos impostos fiscais ao Concello. O Secretario [Municipal] informa que podería solucionarse o problema se a diferenza de prezos se lles abonase aos vendedores, no posible, polo concepto de indemnización de plantacións, etc., de existir estas". A Corporación acorda se subscriba escritura complementaria notarial na que se consignen as cantidades reais comprometidas cos vendedores[248]. A intrahistoria dos trasacordos e a súa elevación a documento público axudan a comprender a complexidade das xestións privadas e públicas entre a sociedade e a Administración Pública Local.

Como continuación ao acordo de 1975 de ofrecemento formal ao MEC dun terreo apto para a construción dun Colexio Nacional, apróbase que o terreo afectado, parte doado pola veciñanza e outra parte adquirida polo Concello, plasmado todo nun plano topográfico con descrición de fincas, propietarios lindeiros, etc., tendo a parcela a cualificación urbanística adecuada, estándose tramitando o outorgamento das escrituras de doazón e venda para posterior inscrición a nome do Concello, o concelleiro de ensino, Manuel Blanco Varela (quen no ano seguinte ocuparía o cargo de alcalde accidental), informa en 1976 que algúns dos propietarios de terreos xa non estaban dispostos a doalos, pretendendo uns vendelos e outros permutalos. Así, con pasos adiante e atrás, evolucionan, adíanse ou péchanse as conversas entre as dúas partes en 1977: hai veciños que doaron, outros que doaron unha parte e pretenden se lles instrúa expediente de expropiación forzosa para outra finca, outros acordan acceder a permutar as súas parcelas de terreo na zona afectada por outras de igual valor e medida aproximada en terreo municipal do monte de Baliela, con situación precisa a fixar no seu dia, sempre que o terreo se destine á construción dun Colexio Nacional...

Parece que se afronta a última parte do proceso de posta a disposición dos terreos en 1977 coa valoración das fincas e –ante as dificultades de chegar a acordo con todos os propietarios- a aplicación do procedemento de urxencia do artigo 52 e ss. da Lei de Expropiación Forzosa ás parcelas de seis propietarios, con superficies entre 104 m^2 e 695 m^2., instando a que se proceda ao levantamento da acta previa á ocupación, formular follas de depósito previo a ocupación, pagar cantidades resultantes de xustiprezo e 5% do prezo de afección sinalados polo perito agrícola Justino Guerra Arroyo, e ocupación de fincas, así como tramitar expedientes de permuta da parcela a outro

248 PM30051977. AMCM.

propietario, e, de urxencia, subscribir contrato de compra de parcelas a outros oito propietarios cos que se tiña chegado a acordo, con superficies que van dende as catro ás corenta e dúas varas, "e calquera outra persoa propietaria do terreo afectado", ascendendo a cantidade de compra das persoas relacionadas a 137.000 ptas.[249].

Alcaldía dá conta que aínda é mester expropiar unha leira máis, tamén en 1977, por procedemento de urxencia, mentres continúan as permutas, ameazas dalgún veciño se se grava a súa finca en relación á necesidade de novos terreos para o tendido eléctrico necesario para a nova instalación educativa, ou outro veciño que cita a vía xudicial se a súa finca "resultase ocupada pola construción toda vez que non foi cedida, vendida nin doada ao Concello sen que haxa máis que vagas promesas por parte de este", citando que hai persoas que subscribiron escrituras de venda e aínda non recibiron o prezo, que están aparecendo propietarios que reclaman ter terreos no lugar Devesa do Casal onde se vai emprazar o colexio, é posible que haxa propietarios cuxos terreos deban quedar afectados pola construción do centro e polo mesmo considera indispensable que un técnico reconsidere estas superficies nun plano parcelario que comprenda todas as fincas necesarias para a construción do centro, sendo igualmente necesario –no parecer deste veciño- que o Concello se pronuncie con claridade sobre se ten no seu ánimo permutar ou non os terreos do reclamante e doutras persoas cara a resolver de inmediato para evitar posibles interditos que paralicen a construción a punto de iniciarse. O goberno local acorda encargar a Justino Guerra levantar un parcelario de todas as fincas precisas na zona Devesa do Casal[250].

A Secretaría Municipal informa en 1978 que xorden dificultades para a subscrición de determinados contratos entre Concello e particulares propietarios de terreos porque os títulos que se alegan non proban debidamente a titularidade das fincas, non coinciden superficies nin lindeiros ao trasladar este documento á realidade "corréndose o risco de pagar terreos non só en demasía sobre a superficie real senón tamén a persoas que non acreditan suficientemente a titularidade": faise preciso a eleboración do plano parcelario pero ante a falta de marcos suficientes é materialmente imposible realizalo e, para complicar máis a xestión, a Delegación Provincial do MEC comunica que urxe explanar e acondicionar o terreo -a parte final da estrada San Benito-Liñares- partindo do cemiterio de Domaio de forma que o camiño veciñal adquira o ancho suficiente "para tránsito de camións e vehículos pesados", demanda que é atendida polo Goberno Municipal procedendo a contratar a explanación e ensanche dos accesos ao Grupo Escolar de Domaio a José Costas Otero coas seguintes características: 3,5 m. de anchura, explanación de 2.200 m^2, prazo de 15 días, orzamento de 800.000 ptas.

A empresa José Costas Otero comprométese a realizar: explanación e rebaixe do terreo de Centro Escolar, 300.000 ptas., ensanche da pista de acceso dende o cemiterio ao centro escolar, 450.000 ptas., capa de xabre

249 CMP10081977. AMCM.

250 PM19121977. AMCM.

sobre calzada, 50.000ptas. Apróbase este despece orzamentario e os accesos e acondicionamento do centro están rematados en marzo de 1978 ao mesmo tempo que o MEC informa ao Concello que as obras de construción do novo colexio foron adxudicadas á empresa José Paser SA, de Madrid, en 31.038.485 ptas., cunha baixa do 5,59% do presuposto de contrata e un prazo de 12 meses para a execución da obra.

Comezaba a obra de construción do centro escolar mentres se estaban tratando de arranxar os erros nas escrituras das superficies de varios propietarios expropiados, aínda sería preciso adquirir algunha finca máis, atender reclamacións de propietarios que non contan con documentación sobre as fincas, realizar expropiacións de urxencia a outro propietario que rompeu toda negociación e denunciou no xulgado danos na súa finca por tala de árbores, xestionar con propietarios que non están de acordo co lugar que se lles asigna no expediente de permuta, protestas dun veciño entorpecendo e paralizando a pala escavadora, reclamacións doutro veciño acompañando escrito do alcalde anterior sobre terreo afectado, persoas que non aceptan o pagamento das expropiacións, problemas de adxudicación das novas fincas permutadas na zona de Baliela, nova expropiación a outro propietario durante a obra de construción, etc., como parte do diario da xestión municipal da obra de construción do centro en 1978, cando o Concello decide situar a carón do novo centro de EXB dúas unidades de preescolar que veñen completar unha dotación escolar que se vai adaptando aos novos requirimentos da educación, incluíndo a escolarización dos cativos antes da formación primaria.

A parroquia de Tirán é a que rexistra menor movemento de obra pública no tempo que estamos a estudar. A dinámica de creación de servizos relacionados coa auga e a hixiene doméstica, as fontes e lavadoiros chega ata 1960. A partir de 1975 rexístranse na documentación municipal varias solicitudes de obras de aliñacións, ancheamento, canalización de augas pluviais e, algo despois, iluminación, nos camiños públicos.

A máis importante obra pública nesta parroquia é a realización dun novo colexio público de EXB entre 1977-1979 ao que tamén se engadirán dúas unidades de preescolar, un proceso paralelo, no tempo, á creación dos mesmos servizos na parroquia de Domaio. A implantación da LGE de 1970 significou que no período 1971-1979 Moaña pasase a contar con catro novos centros de EXB, dous deles na Xunqueira, un en Domaio e outro en Tirán, adscribindo a cada unha destas concentracións escolares as seguintes unidades de preescolar: dúas na Fanequeira (Meira), dúas en Domaio e outras dúas en Tirán, dotacións que significaron un cambio histórico sobre as condicións materiais nas que se desenvolvía ata aquel momento a educación pública.

[Ver Plano 12: Principais estradas interiores 1950-1987]

Estrada
San Benito - Liñares
Estrada
Cruz da Maceira-Meira
Estrada
Seara-Verducedo

Plano 12

4. POLÍTICA NO FRANQUISMO

Para ilustrar e introducir as distintas alcaldías de Moaña antes da democracia local de 1979 elaboramos un gráfico onde se pode ver como a dirección política, a duración no cargo e a relevancia nos distintos mandatos municipais ten que ver coa mellora das condicións económicas e políticas xerais españolas que se comezan a percibir, en primeiro lugar, a partir de mediados da década de 1950, co rexedor Benito Ferradás Piedras (1954-1962) que recibe transferencias da Administración Pública para infraestruturas e servizos sobre todo en relación con fontes, lavadoiros, etc. polas parroquias e o comezo do Plan de rasantes e aliñacións do barrio do Real; a continuación (1962-1966) Ovidio Trigo Costa é o rexedor municipal que leva a cabo a consolidación da edificación do Real e tamén comeza a etapa das infraestruturas e servizos no centro urbano moañés, pasándolle o relevo a Sebastián Juncal Currás (1966-1977), a figura política local máis importante do franquismo, a quen lle corresponden obras como a dotación de infraestruturas e servizos básicos –auga, sumidoiros, etc.- ao centro urbano de Moaña ou a apertura da primeira Concentración Escolar na Xunqueira.

O resto das persoas que ostentaron a Alcaldía fixérono en circunstancias economicamente especiais (1951-1962), ou ben durante breves períodos (en funcións ou accidentalmente) como foi o caso dos que desempeñaron este cargo entre 1977-1979.

CADRO Nº 24: ALCALDES DE MOAÑA, 1950-1979

DATAS INICIO / CESAMENTO		NOME
13/03/1949	11/09/1951	Manuel Entenza Trigo
11/09/1951	04/08/1954	Manuel Piñeiro Otero
18/08/1954	13/10/1954	José Maya Estévez
14/10/1954	01/04/1962	Benito Ferradás Piedras
01/04/1962	29/09/1966	Ovidio Trigo Costa
29/09/1966	17/12/1977	Sebastián Juncal Currás
17/12/1977	03/02/1978	José Cruz Miranda
03/02/1978	10/07/1978	Mario Labraña Velázquez
30/08/1978	28/03/1979	Manuel Blanco Varela
28/03/1979	16/04/1979	José Cruz Miranda

Fonte: Xosé Carlos Villaverde Román

A Corporación Municipal de 1950 está formada por Manuel Entenza Trigo (alcalde), José Carballo Parcero, José García Núñez, Emilio Gramary Castilla, Manuel García Rúa, José Maya Estévez, Eugenio Juncal Iglesias, Julio Juncal Iglesias, José Costa Calvar, Benito Durán Costa e José Gayo Alonso.

O perfil ideolóxico dunha Corporación como a de 1950 responde ás directrices políticas e patróns ideolóxicos dos gobernos locais a partir da Guerra Civil de 1936 pero con incorporacións que nos van marcando o sentido dos tempos e os cambios políticos: canto máis preto estamos dos anos da posguerra as corporacións municipais son grupos de persoas comprometidas coa ideoloxía do bando nacional, coa Falanxe, coa lexitimidade de seren excombatentes na Guerra española, participantes ou cómplices na represión e morte de moitas persoas republicanas, socialistas, sindicalistas, etc., no período 1936-1939, persoas pertencentes ou próximas ás familias máis implicadas no réxime franquista, persoas achegadas e/ou "de confianza" que fosen quen de pasar polo filtro ideolóxico da Xefatura Local do Movemento.

As corporacións da metade do século en diante van tendo un perfil cada vez menos "guerracivilista". A primeira Corporación Municipal do tempo que estudamos ten menor énfase ideolóxico que as anteriores, aínda que sobre o papel, como queda acreditado na documentación municipal, defenda os mesmos valores do réxime saído da Guerra Civil, os tempos son outros, a ditadura está consolidada, a falta de liberdades e o illamento do réxime fai que non circule a información e exista un gran control sobre a sociedade, a educación ou os medios de comunicación social: é un tempo de autoritarismo, ausencia de liberdades, carencias e comezo dunha década de transformacións socioeconómicas en que a Administración Local tenta evitar calquera tipo de confrontación social.

O sistema de mantemento político da hexemonía social facíase a través do control do aparato político –Consello Local do Movemento- e da Administración Local, por medio da Alcaldía e concellarías respectivas. No proceso de designación do alcalde, o réxime promove a persoas designadas despois de consulta ás familias de maior fidelidade ideolóxica, ao sacerdote, á Garda Civil, ao xuíz de paz e a outras persoas "destacadas" do concello. Ser alcalde no franquismo tiña unha importancia extraordinaria porque reunía, na mesma persoa, ao primeiro representante político da localidade pero tamén un "conselleiro familiar, veciño, colaborador, amigo..., era o asesor xeral dos veciños do concello"[251].

251 Sebastián Juncal Currás, o alcalde máis importante do período franquista, afirma que aparece en moitos testamentos de persoas de Moaña como albacea contador partidor de moitas familias. A figura do alcalde, na cultura política e social autoritaria, paternalista e familista da época, explica parte da gran importancia que aínda moitas décadas despois a veciñanza atribúe, na xestión local, a institucións sociais arraizadas como a da "recomendación" ou tamén á entrevista directa coa Alcaldía como máis directo "conseguidor", desestimando mediacións formais a través de xestións administrativas, entrevis-

O círculo de poder ampliábase ou lexitimábase premiando fidelidades ou proximidades políticas a través da colocación laboral –Casa do Concello, xestión dos montes comunais expropiados, etc.- ou nas áreas controladas polo Concello, de favorecer a integración/ingreso de persoas próximas, achegadas ou convertidas –de forma sincera ou oportunista- ou políticamente neutras co réxime como é o caso de parte da poboación en situacións de ditadura.

O beneficio obtido pola proximidade ao poder pódese acreditar nos permisos ou concesións para a explotación de estancos, quioscos, arrendamentos de servizos de recadación executiva, cobro en feiras, concesións de explotación e creación de empresas relacionadas co mar (viveiros flotantes de mexillón, criadeiros de marisco en praias, embarcacións de pesca, etc.) que requirían a aprobación da Autoridade Militar-, ou tamén nas facilidades para dispoñer de cretos bonificados para actividade empresarial (reforma ou construción de barcos de pesca, cambio de motores, cambio de aparellos, construción de bateas, etc.), por parte do ISM a través da Confraría de Pescadores-, axudas para construción de vivendas en réxime de renda limitada, licenzas para concesións de taxis, contratación de obras públicas de construción e/ou reforma, etc.

A "recomendación", como figura e salvoconduto histórico para a mobilidade social ascendente tiña un valor engadido cando a persoa era seleccionada e benzoada polos círculos de poder locais do réxime: Concello-Igrexa-Confraría, apoiados na estrutura de poder que proporcionaban, sobre todo, as "boas familias" pero tamén os pequenos e medianos comerciantes e os empresarios ("industriais") moañeses, como podemos ver na representación dos concelleiros[252] máis activos ou influíntes na década dos 50 ata comezos dos 60 que ocupan, ás veces ao mesmo tempo, cargos relevantes na Corporación Municipal, no Cabido da Confraría de Pescadores e no pequeno aínda pero decisivo e influínte sector das finanzas, a través das caixas de aforros e bancos que comezan a establecer as súas corresponsalías ou delegacións na localidade.

A demanda da Delegación Provincial de Estatística para a confección do rueiro de Moaña, o Concello aproba en 1950 unha nova denominación das rúas que confirma a preponderancia do novo espazo urbano moañés, o centro

tas con outros concelleiros, etc. Entrevista, 28022008, AMOM

252 Sobre o Estado franquista e a desaparición do sistema de lexitimación anterior baseado na cooptación do voto escribe CARDESÍN, (1992), op. cit., pp. 220, 221, 297: "o novo estado franquista desenvolve un sistema administrativo con capacidade e vontade de intervir directamente nos asuntos locais a través do control das corporacións municipais, do aparato do partido, e o aumento de dotacións da Garda Civil. Paralelamente desmorónase a rede clientelar baseada no control do voto, que primara no primeiro terzo de século (...) Acceden aos cargos municipais agora unha serie de familias que basean a súa promoción no cargo que ocupan (...) e na expansión das competencias das corporacións municipais". "O control da vida política municipal é unha das vías de ascenso e consolidación desas familias denominadas 'ricos' polos seus veciños, 'propietarios' pola Administración", p. 280.

litoral, xunto co cambio simbólico e ideolóxico que informa do tempo histórico en que se realiza: avenida da Mariña, rúa do Rosal, rúa Calvo Sotelo, Praza de José Antonio Primo de Rivera, rúa Concepción Arenal, rúa Méndez Núñez, rúa Ángel Arenal, Avenida do Xeneral Franco, rúa Emilia Pardo Bazán, rúa Xeneral Sanjurjo, Avenida de España, Travesía de Prado, Travesía da Anguía, Travesía de Ernesto Carballo, Travesía do Palangre, Travesía do Concello, Travesía 18 de xullo, travesía Heroes de Ponte Sampaio, rúa Lagarteira, rúa Xeneral Primo de Rivera, Avenida do Carme, Travesía de Fernando García Arenal e Avenida de Pontevedra.

A rotulación do rueiro urbano connota certa pompa e desproporción entre a escala real dunha pequena vila aínda moi incipiente en canto a desenvolvemento urbanístico e a cultura urbana que presume a denominación dun rueiro que semella rotular oficialmente unha pequena cidade con dotacións, infraestruturas e servizos públicos dos que o centro de Moaña carecía e o nomenclátor municipal trataba de compensar simbolicamente.

Dentro do nivel de discrepancia asumido e tolerado por unha ditadura coas consabidas características de autoritarismo e xerarquización do poder, a Corporación rexistra pequenos incidentes como a desconformidade do aparellador municipal[253] co concelleiro de obras, cando o técnico municipal "aconsella e solicita" que lle sexan pasadas a informe todas as solicitudes de obra presentadas no Concello, dando lugar a unha escenificación de choque de intereses políticos e económicos: o concelleiro pretende ter autonomía total para decidir sobre as licenzas urbanísticas de novas edificacións residenciais, sobre todo, e o técnico municipal non quere quedar relegado do seu rol de supervisor da legalidade urbanística e de favorecedor de aprobación das licenzas de nova construción ou reforma posto que a maioría dos solicitantes destas licenzas son, ao mesmo tempo, clientes do seu despacho particular. Esta pequena discrepancia é solucionada recorrendo á creación de novas normas: o Pleno Municipal acorda redactar unha "Ordenanza de obras e construcións máis explícita da que na actualidade ten este Concello"[254].

Máis importancia deberon ter asuntos como a desaparición de 30.000 ptas. dos fondos locais, acompañada da "desaparición" física do Depositario Municipal en 1951, o mesmo ano en que o Gobernador Civil dispón o cesamento do alcalde Manuel Entenza e tamén ao concelleiro José Carballo Parcero por terse ausentado este último para América sen a autorización da Autoridade Provincial, quen designa novo alcalde a Manuel Piñeiro Otero.

Para dar unha idea cabal e unha escala de referencia para as diferen-

253 Ata a chegada da democracia local, o cargo de aparellador municipal era honorífico, sen retribución, e permitía a compatibilización do labor municipal coa dirección de obras particulares. O aparellador municipal é un persoeiro clave no desenvolvemento urbanístico público e, ao mesmo tempo, o principal asinante da dirección de obra da maioría das vivendas realizadas en Moaña.

254 PM25101950, PM08111950. AMCM.

tes cantidades investidas en servizos ou infraestruturas pola Administración Local e outras administracións púbicas, elaboramos un cadro que nos indica a evolución dos orzamentos municipais do Concello e as súas limitacións, unha eiva e unha queixa case permanente de todas as Corporacións -agás as de mediados da década de 1960- ante calquera obra ou servizo a emprender.

CADRO Nº 25: ORZAMENTOS MUNICIPAIS 1950-1979 (EN PESETAS CORRENTES)

ANO	INGRESOS	GASTOS	GASTOS PERSOAL	% GASTOS PERSOAL SOBRE ORZAMENTO
1950	366.864,65	361.547,67		
1951	419.999,10	419.999,10		
1952	497.375,34	497.375,34	164.769,80	33,12
1953	484.524,15	484.524,15	176.354,83	36,39
1954	658.216	658.216		
1955	696.475,59	696.475,59	240.695,52	34,55
1956	835.370,98	835.370,98	279.166,29	33,41
1957	1.005.036,64	1.005.036,64	285.488,20	28,4
1958	1.158.432,99	1.158.432,99	411.899	35,55
1959	1.448.609,90	1.448.609,90	797.041	55,02
1960	1.277.042,65	1.277.042,65	867.514	67,93
1961	1.357.637	1.357.637	907.072	66,81
1962	1.346.327,27	1.346.327,27	915.146	67,97
1963	1.441.043,25 1.485.036	1.441.043,25 1.485.036	1.104.733	74,39
1964	1.770.300	1.770.300	1.199.293	67,74
1965	1.800.000	1.800.000	1.222.740	67,93
1966	1.800.000			
1967	2.858.000	2.858.000	1.590.275	55,64
1968	2.858.000			
1969	4.600.000	4.600.000	2.374.120	51,61
1970	6.800.000	6.800.000	3.346.321	49,21
1971	7.100.000	7.100.000	3.572.152	50,31
1972	7.300.500	7.300.500	3.924.889	53,76
1973	12.000.000	12.000.000	4.474.709	37,28
1974	13.000.000	13.000.000	5.349.970	41,15
1975	16.400.000	16.400.000	7.049.747	42,98

1976	21.741.623	21.741.623	8.883.579	40,85
1977	25.111.083	25.111.083	12.239.099	48,73
1978	32.135.975	32.135.975	15.926.498	49,55
1979	32.135.975			

Fonte: elaboración propia coa colaboración e comprobación de Francisco Javier Casás Mariño (arquiveiro municipal de Moaña).

O orzamento de 1963 varía segundo as fontes documentais consultadas. Despois de aprobado e rectificado, foi devolto pola Delegación do Ministerio de Facenda.

Os orzamentos de 1966, 1968 e 1979 foron prorrogados dos anos 1965, 1967 e 1978.

O cadro nº 25 debe lerse con certas salvedades: o cadramento das contas, por imperativo legal, non é máis ca unha orientación estatística que non nos permite ir moito máis aló de facer un seguimento aproximado dos grandes números de ingresos e gastos e non informa, por exemplo, dos motivos reais das distintas rectificacións anuais do orzamento, das razóns do recurso continuo ás modificacións de creto, dos problemas crónicos de recadación e/ou tesouraría, etc., que nos permitisen calibrar e matizar os criterios de fondo que dan lugar ás cifras orzamentarias que se aproban anualmente.

Nun país cunhas corporacións locais sen –ou cunha mínima- cultura institucional da administración e a xestión pública e con certa ignorancia e desleixo na corresponsabilidade fiscal, os orzamentos locais elabóranse dunha forma elemental: sabendo os gastos máis importantes en función da axenda política de cada anualidade pero non así os ingresos reais -estimados de forma voluntarista, incrementando artificialmente as diferentes partidas de recadación- que son, no momento da elaboración do orzamento, infladas ata facelas cadrar cos gastos a realizar.

Esta é a cultura orzamentaria imperante en Moaña, trasladable á maior parte de Galicia e España, posto que o déficit de recadación e tesouraría aparece como un fenómeno crónico que atinxe á maior parte das corporacións da época estudada, tanto en ditadura como en democracia. Esta forma ritual de elaborar un instrumento político administrativo básico como é o orzamento municipal impide, por exemplo, saber a porcentaxe real de gasto anual que significa a partida de persoal: os datos do custo de persoal no cadro nº 25 son acreditables pero non así o peso porcentual desta partida sobre o total orzamentado, posto que os ingresos son sempre tan estimativos como irreais.

Supoñemos que algúns asuntos administrativos deberon ser considerados de gravidade pola autoridade provincial que, cando revisa a documentación municipal de 1950 e 1951 encontra que na contabilidade local non se leva o Libro de Valores Auxiliares e Independentes do Presuposto, existen irregularidades nos libramentos (sobre todo os relativos ás obras do novo Ma-

tadoiro Municipal), non se seguen as directrices políticas da "Superioridade" que critica ao Concello non ter realizado obras de novas fontes públicas en dous barrios que contaban con subvención da OSM, etc. Por estes motivos, o Goberno Civil decide incoar expediente ao secretario municipal, iniciándose un longo preito contencioso-administrativo que acabará gañando este funcionario en 1953, cando o Tribunal declara improcedente o seu cesamento e condea ao Concello á readmisión e abono dos haberes legais non percibidos.

En sesión extraordinaria[255] presidida por José Massó García[256], en representación do gobernador civil, noméase alcalde a Benito Ferradás Piedras, que continúa coas carencias financeiras do Concello pero, a medida que a situación económica do país vai mellorando, consegue que a Administración non estea sometida a tanta inestabilidade administrativa e política, xestionando algunha das obras públicas que vimos en apartados anteriores: urbanización da Canexa, electrificación dos barrios altos da parroquia de Moaña, remate da obra do Centro Rural de Higiene e Casa do Médico, construción da maioría das fontes e lavadoiros 1954-1963, comezo da construción das estradas Cruz da Maceira-Meira e Seara-Verducedo ou aprobación do Plan urbanístico do barrio do Real.

A proposta dun concelleiro municipal, en 1955 acórdase requirir ao aparellador municipal, Amador Montenegro, para que formule petición –solicite licenza- respecto a determinadas obras por el realizadas na súa propiedade, e a Corporación acorda abrir expediente sobre estas obras aínda que rexeita a petición de dimisión do citado aparellador nunha mostra máis do índice de cumprimento da normativa e do conflito de roles ou dilema entre un profesional que debe defender a legalidade pública ante a sociedade pero esquece ese mesmo labor cando se trata das súas propiedades, probablemente porque dea por entendido que -aínda que o seu cargo é nominalmente honorífico- ao elaborar continuamente proxectos encomendados polo Concello, este feito exímelle de tramitar as súas obras privadas, asunto que se resolve co acordo de remunerar os proxectos públicos realizados polo aparellador municipal.

Cando o número de licenzas municipais para edificación de obra residencial nova están a punto de rexistrar máximos históricos en 1962, o Concello diríxese de novo á OSH para solicitar a reanudación do expediente para a construción de vivendas sociais nos terreos da Xunqueira, unha operación tan repetida como voluntarista posto que dende 1950 non só non dispoñen dos recursos financeiros públicos para facer fronte a tal partida senón que a propia política municipal xoga a dúas bandas cando aínda en 1960 durante a

255 PM20101954. AMCM.

256 José Massó García (1899-1981), foi alcalde de Bueu (1932-1971), empresario, escritor, fotógrafo e político (Wikipedia, consulta 11112017), ten publicado parte do seu arquivo fotográfico (José Mº Massó, álbum) en Centro de Estudos Fotográficos, 2000.

elaboración do programa de necesidades urxentes de Moaña aseguraba que sendo incomprensible que Moaña non conte con ningunha construción deste tipo, tamén entendía que estas barriadas de "casas baratas" eran unha forma de estigma e discriminación social.

O extraordinario desenvolvemento residencial rexistrado en Moaña a partir de 1962, que chegaría ata a metade da década dos 70, e as directrices do Goberno Central para dar cumprimento ao Plan de Desenvolvemento Económico para os concellos entre 1963 a 1967, non volveu poñer na axenda municipal a necesidade de promover vivenda pública: entrábase na fase máis importante, no que levabamos do século vinte, para o desenvolvemento da economía e as infraestruturas e servizos locais.

A través dun telegrama do Goberno Civil, o Pleno Municipal recibe a indicación do cesamento do alcalde Benito Ferradás Piedras, quen desempeñou o cargo entre 1954 e 1963, e o nomeamento, no seu lugar, de Ovidio Trigo Costa que será o primeiro alcalde do período do "desenvolvementismo" propiamente dito, tomando posesión do cargo o 30 de abril de 1963 cando fai público un programa de inversións e proxectos a realizar, coa clara prioridade de urbanizar, dotando de infraestruturas e servizos o núcleo urbano central de Moaña: beiravías e sumidoiros na estrada ao peirao, renovación do alumeado no centro urbano, ampliación da Praza de Abastos, construción de escolas, posta en marcha da traída municipal de augas, ampliación e reforma da Casa Consistorial, terminación e reforma do Matadoiro Municipal, remate das obras de recheo e xardín, construción de beiravías no centro urbano ao longo da estrada Cangas-Vilaboa, etc.

As grandes facilidades para o financiamento estatal destas infraestruturas e servizos fai que o Concello, aínda inmerso dentro das limitacións orzamentarias e financeiras históricas, solicite continuos préstamos ao BCL para o desenvolvemento do importante volume de obras a afrontar, cuestión prioritaria para as corporacións posteriores a 1963, sen preocuparse demasiado da presión formal que reciben dende o Goberno Civil sobre a implantación dunha ordenación urbanística no territorio local, sobre todo no novo centro urbano, pero tamén de ámbitos parroquiais que están a medrar residencialmente sen atender ningún tipo de patrón, ordenamento ou planificación.

O goberno municipal intenta rexeitar -ata que se lle impón a súa aprobación, - o Plan de Ordenación do Litoral das Rías Baixas, en 1963, e tamén toda aplicación real de calquera forma de planificación urbanística restritiva ou coercitiva sobre a edificación no centro urbano nuclear e extenso que se está a desenvolver a partir da metade da década de 1960, cando a carencia de urbanismo –entre outros factores- fai que a vella forma de organización do hábitat de barrios, parroquias e centro urbano, rache as costuras dun sistema pensado para unha economía e un sistema de vida que están a mudar.

O mesmo goberno municipal, tan refractario a cambiar o uso consuetudinario do territorio e a edificación, recoñece en 1965 a necesidade de ditar unha norma a seguir en canto ás aliñacións de peches e construción de novas edificacións lindeiras coa zona pública, para tratar de superar a normativa de aplicación urbanística que se viña empregando dende 1914, unha ordenanza municipal que ficara inoperante ante a intensidade do crecemento económico desta década e a esixencia social de adaptar a anchura dos camiños, é dicir, a aliñación de edificacións e peches de vivendas, ao parque de vehículos privados que tamén está a medrar de forma considerable.

Dende o Concello seguen a producirse declaracións retóricas sobre a necesidade "indispensable" de levar a cabo un Plan de Ordenación do Municipio de Moaña, sobre todo na súa zona central e outras próximas ás estradas, recoñecendo e adiando o problema ao mesmo tempo.

As obras públicas e servizos que se instalan nesta década, a diferenza de calquera outra anterior, non son unicamente unha demanda do Concello cara a Administración Central, senón que se invisten os factores, sendo o propio Goberno Civil, obrigado a presentar e cumprir o balance dos plans de desenvolvemento, quen impele á Administración moañesa en 1965 a execución das obras aprobadas que, como era habitual, se executan con retraso, neste caso a edificación dun novo andar na Praza de Abastos, a nova instalación do alumeado público no centro urbano e o saneamento de obras contiguas ao recheo. Tamén son aceptadas, por esixencia da Administración Central, as demandas de necesidade de incrementar a recadación municipal, outro dos tabús de calquera Corporación, aprobando unha nova ordenanza relativa ao arbitrio sobre o incremento de valor dunhas parcelas que xa viñan sendo obxecto de plusvalor dende finais da década de 1950.

A tendencia ao "Estado de obras" continúa coa elaboración de varios proxectos –travesía do Real, sumidoiros e beiravías na estrada ao peirao, alumeado no Real e parroquias, traída de augas, etc.- en 1966, un ano clave para proxectar a solución case definitiva á carencia de prazas escolares públicas, posto que os tres grupos escolares existentes -Moaña, Tirán e Domaio- non dispoñen de capacidade suficiente para albergar unha poboación escolar en continuo crecemento, coa maioría dos cativos e profesorado acollidos en baixos de casas particulares, alugados polo Concello, con condicións moi elementais, carencias hixiénicas, etc.: por primeira vez se fala da necesidade urxente de levar a cabo unha Concentración Escolar, a filosofía dotacional que será recollida no PXE de 1970, coa construción do Colexio Nacional Amador Montenegro Saavedra nos terreos da Xunqueira.

Parece como se o tempo histórico se acelerase na metade da década de 1960 e todo tivese que ir moito máis á presa que en calquera época anterior, de tal forma que o Gobernador Civil asina un oficio, o 26 de setembro de

1966, comunicando o cesamento de Ovidio Trigo Costa como alcalde -que exercera dende o 30 de abril de 1963- e anunciando a designación de Sebastián Juncal Currás, o 29 de outubro de 1966, como substituto. Este relevo é un cambio xeracional pero tamén ideolóxico na sociedade local, pensado para acompañar un tempo de tecnocracia e "desenvolvementismo", cando acceden á elite política local persoas con fidelidade, militancia ou acatamento da legalidade franquista pero con máis baixo perfil ideolóxico, pragmáticos, buscando incorporar ao goberno municipal a persoas "preparadas": técnicos con formación comercial, empresarial, industrial, financeira, etc., regrada.

Trátase da chegada á política das cativas elites locais (A xeración do Ateneo de Moaña, a Masa Coral Moañesa, etc.) que puideron completar unha formación secundaria, profesional ou técnica, profesionais liberais, etc., que irán desprazando da primeira liña política a quen gobernaran o Concello dende un perfil máis católico, falanxista ou guerracivilista militante que se estaba esvaendo nun tempo de grandes mudanzas económicas e sociais que requirían outra imaxe e outras capacidades técnicas coas que contaban algúns concelleiros da nova Corporación, singularmente, a formación regrada, o imaxinario colectivo de estar ante un goberno con persoas "preparadas", que posúen un capital educativo do que non gozaran a maioría das corporacións anteriores.

Era a copia, a escala local, da dinámica de acceso ao poder da maior parte dos membros da chamada "tecnocracia" a postos de máxima responsabilidade na dirección do Estado na época dos Plans de Desenvolvemento.

A nova Corporación estréase con grandes cambios nas ordenanzas, aproveitando a modificación parcial da Lei de Réxime Local, executando así as recomendacións da "Superioridade" que outros gobernos adiaran: incremento no imposto sobre circulación de vehículos de tracción mecánica pola vía pública, actualización da ordenanza sobre a concesión de licenzas de construción, ordenanzas de plusvalías, novas tarifas da ordenanza de recollida do lixo, anulación das ordenanzas de tránsito de gando e carga e descarga de mercadorías, que dera lugar a longos litixios cos comerciantes e industriais de Moaña.

Argumentando "a carestía da vida nesta zona" a nova Corporación estréase co aumento dun 50% nos haberes dos funcionarios e a implantación da Lei de Descanso Dominical, de 1940, para a Praza de Abastos e comercio local: cambios e axustes fiscais destinados a actualizar actividades económicas de gran desenvolvemento neses anos –implantación do vehículo privado, grande actividade construtiva e comercial, revalorización dos terreos urbanizables ou edificables, decadencia da economía ligada á explotación do mar ou ao cultivo da terra, etc.- así como a regulación de horarios, creación de servizos de limpeza e asentamento profesional do funcionariado local.

A enxurrada de cambios producíase ao tempo dunha alta inflación, incremento do nivel de vida, aparición incipiente da sociedade de consumo de masas e incremento do tráfico rodado tanto polas vías principais que atravesan o Concello, como nas secundarias ou parroquiais e nos camiños históricos, o que leva ao Concello a crear, por primeira vez, unha comisión para xestionar os problemas do tráfico, que ten que atender a demanda de construción dunha Estación de Servizo de Carburantes, en distintos emprazamentos do centro urbano ou nas proximidades, que non se chegará a aprobar.

Os comezos desta nova Corporación para 1967 son optimistas en canto a declaracións de intencións planificadoras, todas elas aprobadas por unanimidade: encárganse plans parciais de urbanización para todas as travesías do centro urbano litoral, mesmo encoméndase a elaboración dun proxecto de nova travesía preto da Canexa, que "partindo da zona da 'Martinga' teña saída fronte á Confraría de Pescadores", así como tamén, unha vez confeccionados, se poida "ir poñendo en práctica a planificación da vila para (...) acoplalas ao plano total de poboación".

A efectos de levar a cabo a confección dun "plano de transporte urbano" no concello e incluír a maior parte dos núcleos de poboación, o Concello acorda, no mesmo 1967, que procede "facer a delimitación da zona comprendida como casco urbano" e solicita á Dirección Xeral de Transportes, do Ministerio de Obras Públicas, para que faga tal delimitación. En 1968, case no mesmo tempo en que está exposto ao público o anteproxecto para a construción da Autopista do Atlántico, no tramo Vigo-Pontevedra, que afecta a Moaña no estreito de Rande e será de gran importancia para o desenvolvemento urbanístico, laboral e social do concello, aprobarase a confección dun plano no que por primeira vez se delimita o que acabaría sendo o casco urbano de Moaña canto máis nos vaiamos aproximando ao último cuarto do século.

Pese a estas declaracións, a execución de obras públicas e servizos públicos, acompañadas polo gran incremento nas licenzas de edificación privadas en todas as zonas do Concello, sobre todo nas parroquias de Domaio, Meira e a zona non urbana de Moaña, é imposible de controlar e planificar para a institución municipal porque, como outras corporacións anteriores, o consenso a respecto do dereito "natural" de cada familia á edificación da correspondente vivenda, sumado ao nacemento do barrio do Real e a demanda social fan que a institución pública local mire cara outro lado e deixe facer: a tolerancia política e social cara a prioridade do interese privado na construción residencial sempre foi norma e prioridade política. Ordenar e regular significaba malestar e conflito social e a xestión municipal céntrase prioritariamente en realizar as grandes obras púbicas que marcarían esta época.

A consolidación do centro urbano, non só como realidade espacial,

inmobiliaria, de infraestruturas e novos servizos públicos, tiña que ir acompañada da creación política, con vocación de extensión social, dunha nova cultura do "efecto sede": o espazo relixioso, lúdico e simbólico da vella igrexa de San Martiño, na parte alta da parroquia de Moaña, lugar de ritos, festa patronal e centro histórico de Moaña, tiña unha tradición asentada na sociedade moañesa que se xuntaba nas festas patronais do 11 de novembro, ao redor da Igrexa e o adro, para celebrar a dobre funcionalidade relixiosa e lúdica.

Coa inauguración da nova igrexa do Carme e a consolidación do novo centro urbano litoral de Moaña vaise asumindo unha cultura simbólica neocéntrica ligada á nova igrexa pero tamén a identificar á festa do Carme, cada 16 de xullo, no barrio da Praia, como signo e referente lúdico da Moaña moderna e a súa confraternización simbólica co réxime franquista, motivo polo que a Corporación acorda "municipalizar as festas que se realizan os días 15, 16, 17 e 18 de xullo, requirindo á Confraría, Irmandade de Labradores e Gremio de Industria e Comercio, para que designen os membros que en unión dos que terá que designar este Concello, constitúan a comisión de festexos"[257].

Con toda a vontade política, esta declaración pretende tamén identificar esta celebración coa identidade nacional, española e católica, promovida pola ditadura coa celebración do 18 de xullo, aniversario do "Alzamento Nacional" de rebelión das tropas de Franco contra a o goberno da II República cando en Moaña, como no resto dos concellos do país, se procura inaugurar algunha obra pública relevante que sirva como escaparate do progreso experimentado. Na mesma filosofía de asignación de símbolos relacionados coa cultura nacional hexemónica do franquismo, prodúcese tamén a rotulación das novas rúas do barrio do Real, cada vez máis urbanizado e construído residencialmente, onde se denomina a travesía principal como avenida de Méndez Núñez en 1968, un tempo no que se van producindo as primeiras baixas na Corporación Municipal derivadas de conflitos de intereses e o Concello volve incrementar tarifas e establecer novas imposicións. Coa mesma idea de centralizar cada vez máis a vida social e cultural no núcleo urbano, aparece tamén a comunicación do párroco da Igrexa do Carme, en 1969, informando da creación dunha nova parroquia –só de xurisdición eclesiástica-, xogando coa ambigüidade e a confusión de chegar a solaparse e ser tamén unha parroquia administrativa, aínda que nunca foi recoñecida oficialmente como tal.

Este medre residencial podémolo ver tamén cando en 1969 respondendo á demanda da Delegación Provincial de Estatística, o Concello elabora un novo nomenclátor e, entre a relación de entidades, barrios e lugares que compoñen o ámbito territorial de Moaña aparecen os que xa coñecemos históricamente máis os novos barrios do Real -o primeiro barrio completamente urbano da Moaña contemporánea- e Isamil -barrio industrial con gran estalei-

257 PM29031967. AMCM.

ro e fábrica conserveira-, dous dos cambios principais da época que estudamos, un tempo tan acelerado dende o punto de vista da xestión e ordenación do territorio que, unha vez máis, o Concello volve rectificar, só catro anos despois da anterior modificación, a Ordenanza Municipal que establecera o retiro das edificacións lindeiras con camiños e estradas, construcións que agora deberán aliñarse a cinco metros do eixe do camiño e tamén os peches de predios e fincas, a tres metros, unha nova forma de tentar atallar normativamente o que social nin politicamente se fai, como se poderá ver na gran cantidade de infraccións urbanísticas –denunciadas, sancionadas ou non- que se están a producir neste tempo.

Así o recoñecen textos aprobados no Pleno Municipal, como a introdución xustificativa para aprobar o Plan Xeral de Ordenación Urbana, en 1971 e que resume ben as actuacións políticas dos distintos mandatos municipais: "case todas as corporacións, cando chegan ao Concello, se preocupan de xustificar a súa actuación en obras de execución rápida e de características cara ao exterior, habendo obras e proxectos como o que nos ocupa e que son de suma necesidade e que non revisten este carácter..."[258]

O comezo da década dos 70, tanto para a Administración Central como para a local, continúa sendo a Idade de Ouro do desenvolvemento de infraestruturas e servizos, ata tal punto que, xunto coas obras que se chegaron a facer realidade, foi tamén un tempo de soños e utopías, que veremos noutro apartado, de imaxinar dende a Alcaldía unha Moaña chea de novos servizos públicos, dotacións, paseos, urbanizacións, instalacións deportivas náuticas e terrestres, unha Subaxudantía de Mariña..., pantasmas imaxinarias que foron esvaendo a medida que chegaron os anos da crise mundial de 1973 e os seus efectos, e tamén coa incertidume sobre a continuidade do réxime franquista coa morte do ditador en 1975.

Para o bienio 1970-1971 anúnciase a continuación de parte dos grandes proxectos, como a rede de sumidoiros e beirarrúas na zona urbana central da estrada Cangas-Vilaboa, a continuación da traída municipal de augas, a apertura de diversas estradas interiores que acabaron sendo híbridos entre camiño e estrada con distintas anchuras ao longo do percorrido, a creación dun complexo polideportivo, a elaboración dun proxecto para club de remo, a ampliación e reforma da Casa Consistorial, a creación do primeiro parque infantil na Seara e, sobre todo, as obras para a Concentración Escolar na zona da Xunqueira ou Areeiro.

Cando os grandes proxectos de servizos e infraestruturas son obras para mellorar a calidade de vida dos veciños en zonas xa construídas e/ou minimamente urbanizadas -como os barrios centrais de Moaña ou O Real- con beiravías, sumidoiros, empedrados, traída de augas, etc., o nivel de conflitivi-

258 PM28071971. AMCM.

dade social é mínimo ou inexistente -problemas de aliñamentos, importe de taxas ou contribucións especiais, etc.- pero cando a partir de 1970 o Concello se ve obrigado a actuar como planificador, subsidiariamente e por obriga da autoridade provincial, establecendo as futuras zonas de crecemento urbano a efectos de regular a edificación de vivendas, aprobando figuras urbanísticas como proxectos de ordenación e extensión urbana, o que implica a suspensión temporal de licenzas así como a limitación e condicionamento das mesmas, a simple ameaza de conflitividade social nun barrio faise insoportable para a Corporación Municipal e dá lugar a outra crise de goberno, á desautorización da Alcaldía por parte de concelleiros que din defender os intereses dos veciños, etc., por mor da aprobación dun Plan Parcial no polígono do Con.

Esta tendencia á crítica e á discrepancia no interior da Corporación nunca se fixera tan explícita nin aparecera recollida na documentación municipal de forma tan clara como no período 1970-1975, anunciando que os tempos xa eran outros: aínda formalmente en plena ditadura, as dificultades de xestionar intereses disonantes entre membros da Corporación son agora emitidas e amplificadas como fendas e discrepancias profundas que irán incrementándose ata a morte do ditador e a continuación inerte do réxime administrativo local ata a chegada das primeiras eleccións democráticas.

A última Corporación do franquismo ten entre os seus plans de crecemento local un recurso historicamente utilizado nos concellos da beiramar: o avance do solo público a costa do medio mariño. Esta pulsión mariña (común a todos os concellos da Galicia ou España litoral ou fluvial) de medraren os territorios a base de recheos que van facendo modificacións na liña litoral garante un desenvolvemento urbanístico moi importante con mínima ou nula conflitividade social e pouca inversión pública para os beneficios acadados e os grandes réditos políticos.

Moaña realizara pequenas modificacións con recheos na liña litoral pero sen dimensión en comparación, por exemplo, coa idea dunha "cidade lineal" ou ensanche a costa de penetrar no interior da ría de Vigo facendo un gran recheo, coincidente coa zona centro do litoral, ao longo das praias que forman os dous barrios urbanos da Seara e a Praia, un proxecto ao que se decide sumar outro gran deseño urbano para a zona de A Xunqueira, continuando co descrito anteriormente, que deixaría o borde urbano de Moaña totalmente modificado sobre calquera perfil litoral do concello durante o século vinte: "un muro de contención e recheo na enseada de Moaña, dende A Xunqueira ata o peirao de pasaxeiros, comprendendo unha profundidade no mar duns 348 metros", proxecto que se encomenda[259] pero non se realiza por chegar a crise e rematar o gran proxecto keynesiano dos Plans de Desenvolvemento franquista, cando o Concello de Moaña solicita do BCL[260] un

259 PM01031972. AMCM.
260 PM20011972. AMCM.

préstamo de 9.000.000 ptas., pagadoiro en vinte anos, con anualidades de 822.426,61 ptas., terceiro crédito de envergadura para pagar a parte municipal dos proxectos de beiravías e sumidoiros, pagamento de terreos expropiados na primeira fase da Concentración Escolar e a adquisición dos necesarios para a execución da segunda fase, cando aínda a institución municipal conta con outros dous créditos "vivos", de 1944 e 1945, que veñen lastrando as contas ordinarias a e a situación financeira do Concello durante boa parte -1950 a 1963- do tempo que estudamos.

A este terceiro crédito aínda se terá que sumar a enorme carga de débeda derivada da sentenza relativa ás expropiacións dos terreos para a segunda fase da Concentración Escolar, deixando, como se indicou, a facenda municipal case ao nivel da indixencia a efectos de capacidade inversora en obras públicas e servizos, outra crise financeira que duraría ata ben entrados os dous primeiros mandatos municipais da democracia.

A situación económica obriga en 1973 a incrementar de novo as ordenanzas fiscais sobre dereitos ou taxas para todo tipo de licenzas de construción e funcións inherentes: aliñacións e rasantes, construcións de nova planta e ampliacións, edificacións para uso industrial ou de almacéns e reformas interiores e exteriores: estamos nunha época de grande crecemento do parque inmobiliario moañés -entre 1960 e 1975 rexístranse no Concello máis dun cento de novas edificacións cada ano, sen contar as que se erguen ilegalmente- e o goberno municipal ten que acudir ao incremento da presión tributaria, por estar inmerso en grandes necesidades de financiación de obra pública, e tamén ter que aplicar un ordenamento territorial e unha planificación urbanística para tentar atallar o medre desordenado da construción, sobre todo unifamiliar, que se espalla por todas as vías de comunicación rodada ou peonil das parroquias non urbanas, condicionando o presente e o futuro da grande arañeira dos camiños-estradas que comezan a crearse e/ou reformarse para mellorar o ancheamento, firme, sumidoiros, alumeado, etc.

En 1973, por exemplo, apróbanse a instalación de alumeados públicos en catorce camiños do concello, cando se está a rexistrar unha gran demanda veciñal de mellora do viario, ao mesmo tempo en que se suspenden as licenzas de construción e parcelamento dos polígonos do Con e A Xunqueira, ambos incluídos na zona urbana, mentres se aproban os respectivos plans parciais, porque as autoridades provinciais, que levan intentando aplicar as directivas derivadas da Lei do Solo de 1956, xa non permiten ao Concello de Moaña seguir co procedemento histórico de acudir á licenza directa de construción de nova edificación sexa cal sexa o seu ámbito territorial: o choque de intereses entre a propiedade privada persoal/familiar e a lexislación da administración pública central leva a que a Corporación de Moaña se divida ante as presións dos propietarios afectados polos novos vieiros para a comunicación interior dos citados polígonos en zona urbana.

A política urbanística tradicional do Concello entra en crise nas últimas corporacións do tardofranquismo ao teren que enfrontar as tensións derivadas, sobre todo, de:

a) A xestión dos grandes proxectos económicamente inviables –grandes recheos do litoral, xestión dos terreos para as concentracións escolares- para a escala municipal dun Concello cunha minguante facenda local.

b) A obriga de aplicación da planificación urbanística estatal como condición previa do desenvolvemento de grandes bolsas de solo urbano: a aprobación dos plans parciais da Xunqueira e, sobre todo, o Con[261], amosan a incapacidade dunha Corporación partidaria do consenso social histórico do urbanismo: o "sagrado dereito" á edificación familiar, independentemente de condicións urbanísticas colectivas. A obriga, en 1974, de asumir as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento[262], dá lugar a outra forte reacción do Concello en contra da Autoridade Provincial, chegando a recorrer en reposición contra esta normativa.

c) A implicación da Alcaldía en procesos de corrupción e prevaricación: a triple condición de Sebastián Juncal –alcalde, promotor inmobiliario e construtor- fai que se rexistren casos de infraccións urbanísticas en obras realizadas pola empresa familiar do alcalde, a adxudicación de obras públicas por procedemento de urxencia, obras executadas tamén pola mesma empresa, fai que algún concelleiro denuncie publicamente o proceder da Alcaldía.

d) A denuncia pública da prevaricación e corrupción da Alcaldía efectuada polas forzas políticas antifranquistas dende a clandestinidade en forma de boletíns que circulan de man en man acadando unha importante recepción política e social reduce a lexitimidade social da Alcaldía, divide á Corporación Municipal e obriga a algún dos seus membros a posicionarse en contra do alcalde, inaugurando un tempo de decadencia e finalmente colapso da vida política do franquismo.

A renovación da Corporación Municipal en 1974 reflicte esta dispersión de intereses dos membros e, sobre todo, a falta dun núcleo forte do réxi-

261 PM31071973. AMCM.
262 PM27121974. AMCM.

me para facer fronte ao impase político: aínda que había tamén corporativos da vella garda e falanxistas de primeira hora, a disciplina que fora o cemento das corporacións anteriores xa estaba comezando a cuartear e a discrepancia, o enfrontamento e a crítica aparecían recollidos con relativa frecuencia nos plenos municipais. Era o comezo da ruptura simbólica e o distanciamento co aparato franquista de persoas que ata aquel momento foran participantes, colaboradores ou simpatizantes co réxime ditatorial.

Sebastián Juncal solicita a súa dimisión ao gobernador civil en febreiro de 1975, un ano en que o concelleiro que posteriormente ostentará a Alcaldía, Manuel Blanco Varela, solicita licenza de obras para un edificio de baixo e seis plantas na fronte da rúa de beiramar e baixo e catro plantas na fronte da estrada Cangas-Vilaboa, no centro urbano, barrio da Praia, asunto tratado no Pleno Municipal coa presenza do interesado, decidíndose aprobalo, por ser "anterior ás Normas Subsidiarias", despois de que ter sido denegada a licenza para edificación desta obra pola Comisión Municipal de Urbanismo, en 1974 por considerar a edificación "desproporcionada para o lugar de emprazamento" e "infrinxir a Lei do Solo". Remata o período franquista propiamente dito e comezan a aparecer indicadores do cambio político que se vai experimentar durante a chamada Transición Política.

A actividade formal do Goberno Municipal continúa en canto a reunións dos órganos de goberno, non así na intensidade nin cantidade dos temas a tratar, comeza a rexistrarse un importante absentismo dos cargos públicos ás sesións municipais: trátanse temas importantes como a instalación eléctrica, a dotación de calefacción e pavimentado para as aulas do Centro de Formación Profesional, por vía de urxencia, ao igual que a delimitación da zona industrial de Meira para instalar industrias navais en 1976, pero tanto o tema escolar como o industrial non acadan o quorum e quedan aprazadas as decisións.

As principais xestións nese ano céntranse en sacar adiante as obras do peche do campo de fútbol, a realización dun proxecto de NCSP, continuar as obras de remate e urbanización da concentración escolar da Xunqueira, seguir coas distintas fases da traída municipal, ver se o gran recheo litoral dende o peirao á praia da Xunqueira terá cabida nas NCSP, ou constatar que a obra de construción dun Club de Remo non se pode concluír e ficará abandonada coa pilotaxe feita sobre o mar como imaxe e pegada do fracaso da xestión institucional.

O enterramento dun traballador da construción electrocutado nun edificio no centro urbano de Moaña -por mor dun contacto co cableado de Alta Tensión que atravesa a zona urbana da estrada Cangas-Vilaboa- significa o primeiro desafío de envergadura e a escenificación do conflito político entre o Goberno Municipal, singularmente a Alcaldía representada por Sebastián Juncal, e a forza hexemónica na esquerda antifranquista en Moaña: cando a

Unión do Pobo Galego consigue realizar unha manifestación[263] dende o cemiterio da parroquia de Meira ata a residencia do alcalde, no centro urbano de Moaña, onde se berran lemas e consignas pedindo a súa dimisión, estamos no momento de escenificación dunha dinámica de reto e confrontación política descoñecidas en Moaña dende 1936.

Esta actividade pública era a primeira proba de exhibición de forza de convocatoria e mobilización social que se realizaba en Moaña, meses despois da morte do ditador, a cargo dunha forza política clandestina. Existía, polo tanto, un núcleo opositor organizado, do novo nacionalismo galego nacido en 1964, que estaba a actuar en Moaña cultivando os primeiros gromos dun partido político a través de asociacións e colectivos que analizaremos.

A inestabilidade nos órganos de goberno municipal de Moaña continuou ata a chegada da nova Corporación democrática. Unha das crises é tan fonda que o alcalde propón a renovación da Comisión Municipal Permanente por votación secreta entre todos os concelleiros asistentes á sesión plenaria[264], ausentándose o propio alcalde para non votar nin condicionar a votación. Nese mesmo ano recíbense as NCSP, redactadas polo Equipo Urbanístico Monsa, de Santiago de Compostela, pídese informe ao aparellador municipal para que explique aos concelleiros o contido pero a sesión plenaria convocada, unha vez máis non ten lugar por inasistencia dos concelleiros, quedando adiado o tema: a da ordenación urbanística, como vimos, foi cuestión pouco grata aos últimos gobernos municipais da ditadura e xa non sería abordada ata a democracia.

A Direción Xeral de Obras Hidráulicas, ante as limitacións que presenta a captación de augas para o abastecemento á poboación de Moaña, redacta un novo e importante proxecto que inclúe o aproveitamento das augas do río da Fraga, o máis importante do termo municipal, cun orzamento de 8.500.000 ptas., das que estarían subvencionadas o 50%, a través de Presidencia do Goberno e Confederación Hidrográfica[265], un proxecto estratéxico que herdará a nova corporación democrática porque canto máis vai avanzando a democracia máis temas importantes van quedando sobre a mesa dunha Corporación que ten que recorrer de novo a imposición de taxas municipais por outorgamento de licenzas urbanísticas, comprobación de se as obras se fan con suxeición ao aprobado polas autoridades locais e provinciais, etc., así como axustar as tarifas municipais ao custo real e efectivo da obra, unha pretensión que non deixa de ser un desiderátum voluntarista, outra declaración voluntarista que se tenta implementar por necesidades fiscais e pola presión política interna e externa creada ante o gran número de infraccións urbanísti-

263 Na revista clandestina Terra e Tempo, voceiro oficial da UPG, nº 40, outono de 1976, p. 5, recóllese o artigo "Moaña: o poder galego e popular contra da Adeministración colonial", referido ao citado conflito e manifestación.

264 PM25101976. AMCM.

265 PM23021977. AMCM.

cas rexistrado.

O último goberno municipal do postfranquismo é un grupo desbordado que acode ao populismo aprobando vinte e un proxectos doutras tantas solicitudes veciñais para arranxo de camiños, por un importe total de 2.243.195 ptas.[266], que se aproban "con carácter orientativo e deben ser para materiais", acudindo a un crédito de ata 10.000.000 ptas., pendente dos estudos de Secretaría e Intervención. É un goberno municipal desconcertado ante os novos tempos e que, algo antes, xa se adherira por unanimidade ao acordo da Corporación Municipal de Vigo a prol do establecemento de cooficialidade para o idioma galego[267], unha língua negada, prohibida e relegada oficialmente como o resto das linguas que pasarían a ser cooficiais durante a democracia.

O informe dos aparelladores municipais sobre as NCSP incide en que o Concello debe propoñer modificacións "en aras dos intereses de Moaña" e presentalo a exposición pública, como é preceptivo. O Goberno saca adiante como pode as xestións para a nova construción de dous centros de ensino primario en Domaio e Tirán e tamén dúas unidades de preescolar en cada un deles. A baixa por enfermidade grave do alcalde Sebastián Juncal produce un relevo inesperado e acelera máis aínda a dinámica de degradación do réxime local, unha xestión económica que leva a mediados de 1977 a informar da situación económica para recoñecer cantidades pendentes de pagamento por un importe de 4.899.416 ptas. e unha débeda pendente de pagamento por 2.499.137,25 ptas., dos presupostos extraordinarios.

Volve constatarse o recoñecemento da non liquidez en caixa, en parte pola demora na rendición de contas de recadador e axente executivo, outra parte porque o principal dos valores ao cobro están pendentes de recadación e tamén porque dentro dos presupostos extraordinarios a recadación por contribucións especiais está retrasada. Con este panorama económico o Concello diríxese á Deputación Provincial solicitando un anticipo para facer fronte a obrigas inaprazables do Plan Único de Obras e Servizos 1976/1977, por importe de 2.000.000 ptas., demanda que a institución provincial atende cun anticipo de 1.500.000 ptas., reintegrable en seis anos para as obras de reforma da Casa Consistorial, aínda que o Concello intenta modificar o destino deste préstamo a atender necesidades máis urxentes como o desvío da liña eléctrica de alta tensión en Domaio pola instalación do novo centro de EXB, novas demandas do Grupo Escolar de Seara e peche do campo de fútbol da Xunqueira.

Tras a prolongada baixa médica, a incorporación ao seu cargo do alcalde Sebastián Juncal no Pleno Municipal de novembro de 1977 provoca que "un mozo[268] entre o público asistente comezou a dar lectura en voz alta dun escrito. O alcalde ordénalle suspenda a lectura para proseguir a sesión.

266 PM27031977, presidido por Manuel Blanco Varela, AMCM.

267 PM16021977, presidido por Sebastián Juncal Currás, AMCM.

268 Xulio Ríos Paredes.

O mozo prosigue a lectura do mesmo a pesar dos novos requirimentos que Presidencia lle dirixe (...) Como o alcalde non fose obedecido polo mozo lector, solicitou da Policía Municipal presente se sacara ao dito mozo da Casa Consistorial, o que non puido levarse a efecto porque ao dirixirse a Policía ao referido mozo, outros mozos interpuxéronse subrepticiamente, agrupándose en torno ao rapaz, o que impediu a acción pacífica da Policía Municipal. O alcalde ordenou a suspensión do Pleno": este tipo de conflito político foi cada vez máis frecuente entre un Goberno Municipal deslexitimado e unha oposición política ilegal pero cada vez máis forte e mobilizada que actuaba, de facto, non só como oposición senón como un pregoberno na sombra, situando a persoas relevantes políticamente en plataformas, asociacións e colectivos con gran carga política.

A prolongación da agonía tardofranquista no goberno local fai que se estenda máis o absentismo dos concelleiros aos plenos regulamentarios, as seguintes sesións rexistran unha asistencia de menos dun terzo dos compoñentes, unha delas é suspendida por non concorrer a maioría legal dos membros. O 19 de decembro de 1977 lese no Pleno Municipal a renuncia do alcalde Sebastián Juncal por razóns de saúde, recolléndose na acta que "*no momento actual xa non represento a ninguén. En principio facíao como representante dun Goberno que por circunstancias pretenderon desmantelar e desmantelárono; non creo representar ao pobo posto que este non interveu directamente no meu nomeamento*". Sebastián Juncal despídese oficialmente desexando a celebración das eleccións municipais canto antes. Na mesma sesión dimite outro concelleiro e, ante a nova crise de goberno, entre os concelleiros que continúan deciden que, dada a transformación acontecida no Concello, era preferible elixir unha nova Comisión Municipal Permanente e un novo alcalde, polo que acordan dirixirse ao Ministerio do Interior para que convoque nova elección de alcalde.

En xaneiro de 1978 lese no Pleno escrito de "Xulio Ríos Paredes e outros" solicitando que a Corporación Municipal "se sume ao clamor xeral en pro da legalización da Unión do Pobo Galego". A resposta da Corporación, despois de "longa deliberación e dado que este movemento ten acollida social nun sector da poboación, aproba que "é aconsellable rogar ás autoridades do Estado que entren en negociacións con estes movementos de carácter político e que indubidablemente teñen acollida na nosa zona". Un acordo que se toma por unanimidade da Corporación –os cinco únicos membros que asisten á sesión- para elevar ao Ministerio do Interior e Goberno Civil.

Para completar a imaxe da loita política en aquel momento, no mesmo plenario debátese outro escrito de "Uxío Chapela Figueroa e outros veciños", sobre a legalización da AN-PG, realizándose o mesmo debate e o mesmo acordo que no punto anterior, coa salvedade de que Alcaldía dá lectura ao escrito do Ministerio do Interior, remitido polo Goberno Civil, relativo ao

"carácter separatista" de AN-PG, e a Corporación decide "quedar enterada".

1978 continúa a ser un ano moi problemático en canto aos problemas de liquidez e fiscalidade local ao que se vén engadir a sentenza sobre as expropiacións realizadas, a comezos da década de 1970, para a realización da Concentración Escolar, ademais de un rexistrarse gran número de demandas de obras e servizos que están a realizar as distintas asociacións de veciños da localidade ou, por exemplo, outro escrito de Manuel Méndez Fraguas, secretario da Coordinadora de Asociacións de Pais de Alumnos e veciños de Moaña recabando información sobre a temática escolar, e outros escritos de Francisco Xabier Abalo Costa, da Asociación de Veciños de Moaña, sobre a crise do estaleiro Ascon, cun número importante de despidos e unha ameaza de regulación de emprego. Esta acción coordinada entre asociacións e partidos antifranquistas foi unha estratexia exitosa da oposición para presentarse con esa tarxeta de visita ás eleccións municipais democráticas: Xabier Abalo Costa, presidente da Asociación de Veciños de Moaña, foi o primeiro alcalde da democracia, Manuel Méndez Fraguas, secretario da Coordinadora de Asociacións de Pais, profesor no novo Colexio Público Amador Montenegro, ostentou a primeira Tenencia de Alcaldía na nova Corporación; Uxío Chapela Figueroa foi o primeiro concelleiro de urbanismo da democracia en Moaña e Xulio Ríos Paredes era un responsable local da UPG (partido que dirixía o complexo político e asociativo opositor), ao mesmo tempo que ostentaba a Secretaría Xeral de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA) en Galicia.

Entre as obras principais levadas a cabo polo último Goberno Local, sen mandato legal de Pleno ou Comisión Municipal Permanente, nin solicitude ao Estado ou á JOP, está o de iniciar de facto un recheo litoral, á altura do centro urbano moañés, preto da Confraría de Pescadores, aterramento que producirá un escrito de reacción[269]da Xefatura Rexional de Costas e Peiraos, requirindo a paralización das obras do recheo entre o Instituto Social da Mariña, situado no edificio da Confraría de Pescadores, e a rampla varadoiro preto do peirao de Moaña, un de tantos escritos institucionais que a Corporación ignora porque a vontade política e a lexitimidade social dos recheos así o posibilitan: a paralización destes recheos non figura entre as reivindicacións da acción política dos partidos antifranquistas que en pouco tempo pasarán a formar parte da Corporación.

Pouco antes da celebración das primeiras eleccións democráticas para as corporacións locais de 1979, o último goberno municipal franquista ten que aprobar un recoñecemento de créditos para elaborar un orzamento de liquidación de débedas, no que figuran as cantidades que se deben en relación co longo litixio contencioso-administrativo por mor da expropiación da segunda fase dos terreos para a Concentración Escolar: sumando honorarios de peritos agrícolas taxadores, aparelladores, axentes de propiedade, procurado-

269 Escrito de 24081978. PM30081978. AMCM.

res e avogados e, sobre todo, o importe adebedado aos propietarios de fincas da zona da Xunqueira, o importe total foron preto de 30.000.000 ptas.

Se recordamos que os últimos orzamentos municipais de 1978 e 1979 ascendían a 32.135.975 ptas. cada un deles, darémonos conta con máis facilidade da dimensión da débeda municipal por unha expropiación tan importante para o devir socioeducativo de Moaña como hipotecaria en canto a custes diferidos que as últimas corporacións do tardofranquismo traspasan aos representantes da nova democracia local de 1979, en forma de nova operación de crédito co BCL, o que esixe un novo proxecto de Orzamento Extraordinario de liquidación de débedas municipais, por importe de 27.202.020 ptas., o último recoñecemento de débedas derivadas da extraordinaria expansión das obras e servizos públicos municipais incluídos nos Plans de Desenvolvemento, para entrar a continuación nunha fase de crise económica e grandes incrementos da débeda pública.

5. PLANEAMENTO URBANÍSTICO EN DITADURA

Para introducirnos nos aspectos máis concretos das distintas actuacións dos gobernos municipais moañeses en termos de ordenación territorial, ordenanzas urbanísticas, plans de ordenación, plans parciais, plans xerais, normas subsidiarias, etc., como marcos normativos da transformación urbanística e residencial operada en Moaña na época estudada, procederemos a agrupar en varios apartados a política local sobre estas materias de forma temática e cronolóxica.

O intento de levar a cabo unha planificación urbanística, en España, foi unha acción política defendida polo Goberno Central, que comeza formalmente coa publicación da Lei de 12 de maio de 1956 sobre réxime do solo e ordenación urbana[270], coñecida como Lei do Solo, que intenta seguir as liñas máis avanzadas que se están a producir tanto no mundo occidental como tamén no bloque soviético, onde o sentido das propias palabras ordenación e planificación urbana tiñan connotacións claramente positivas, modernas e

270 BOE nº 135 de 14 de maio de 1956. Sobre a Lei do Solo de 1956 e sucesivas, a súa recepción e conflito nas administracións locais durante o franquismo, planeamento urbano, dereito urbanístico marco e as súas modificacións, dereito de propiedade, clasificación do solo, dereito de edificación, etc., LOIS GONZÁLEZ, R. (2012), pp. 299-318. Para a evolución histórica do planeamento aplicado en Galicia, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), p. 37, 91, 97-100, 124-131; tamén SOUTO GONZÁLEZ (1999), pp. 353, 361, 396.

avanzadas, para tentar ofrecer racionalidade aos procesos de crecemento urbano a partir de patróns pensados para sociedades aínda non urbanas, con problemas de hixiene e carencia de servizos públicos, cun modelo económico onde aínda é maioritario o sector primario, pero en acelerada transformación cara un modelo industrial e urbano.

As novas directrices estatais son o fío de fondo dun oficio que a Xefatura Provincial de Falanxe de Moaña, levada pola fidelidade política e a xerarquización da época, presenta no Pleno Municipal, nun escrito en que explica a necesidade de proceder á "redacción do Plan de Ordenación Urbana" mentres non se leva á práctica plenamente a Lei do Solo de 1956[271]. Un escrito retórico, como tantos outros pronunciamentos políticos aprobados, porque a dirección política da Falanxe moañesa descoñece, nos detalles, o que vai significar a aplicación de tal forma de planeamento. En relación a calquera cuestión relacionada con planificación urbanística, non se rexistra novidade ata algo máis tarde[272], cando se acorda encomendar os traballos de realización dun Plano de Poboación aos técnicos municipais, que non chegan a desenvolver.

5.1 Plano de poboación

Nas vésperas do planeamento urbanístico como o entendemos hoxe, a necesidade de ordenar os distintos barrios e parroquias, o medre do casarío espallado e os crecementos urbanos, así como a dificultade de recadación por mor da incapacidade local para elaborar un mapa residencial actualizado, leva a que en 1955 apareza na documentación municipal[273] a primeira referencia a instrumentos de posible interese ou valor planificatorio, cando o Concello solicita da Deputación Provincial, dentro do Plan bienal de cooperación 1956-1957, a elaboración dun "Plano de poboación da vila", cun orzamento de 17.500 ptas.

Non será ata a aprobación da ordenanza nº 38, que establece o arbitrio sobre soares sen edificar, para que sexa aplicada ao triángulo que se forma "*entre O Con, Portal do Almacén e o empalme del ramal da estrada ao peirao coa estrada de Cangas a Vilaboa ata o Con, co empalme da estrada de Marín ao Con*"[274], cando estamos ante a aparición do primeiro recoñecemento explícito do primeiro debuxo ou delimitación oficial sobre o primeiro núcleo urbano de Moaña *[Ver Plano 5: o triángulo urbano. Páxina 32]*.

271 PM24041957.AMCM.
272 PM30041958.AMCM.
273 PM05101955. AMCM.
274 PM27071961. AMCM.

A partir desta delimitación, todo o que se pode considerar como planificación urbanística formal ou regrada, por parte do Concello, recollerá este triángulo como núcleo urbano, aínda contando con descontinuidades edificatorias en amplas zonas do ámbito: en 1961 está a punto de nacer legalmente o barrio urbano do Real, a continuación entre este barrio e o Con aínda é un modelo de edificación unifamiliar que podemos considerar non urbana e os propios barrios máis urbanos de Seara e A Praia tamén teñen discontinuidades no parque de vivendas. *[Ver Comparativa centro urbano, pax. 150]*

Non volvemos atopar referencias de ordenación territorial ou urbanística ata 1967, cando se adxudica en poxa á empresa de José Carril Boullosa o Plano de Poboación, por un importe de 270.000 ptas., que estará formado, entre outros traballos, por un Plano Parcelario de Poboación, nunha extensión aproximada dunhas 70 Ha, que comprende "*dende O Con, ata A Xunqueira e a estrada de Marín ao Con, ata o lugar chamado 'Carballadasna' e pola estrada de Cangas ata 'A Pandiña', coa zona do 'Portal do Almacén', ata beiramar*"[275], o que nos fala dun concepto de centro urbano e tamén varias das súas distintas extensións ou primeiras coroas que poderiamos denominar periurbanas de proximidade a partir do espazo considerado como nuclear ou central.

O Concello solicita que, no seu día, "*se realice o Plano de Poboación dos núcleos dos barrios de Vilela, Meira e Domaio, polo crecemento que actualmente experimentan, unha vez efectuado o Plano de Moaña, poder realizar o destes núcleos*", o que nos está a indicar o tipo de estrutura residencial dispersa que se está a consolidar e medrar nunha espiral contínua que constatamos dende a década de 1940.

José Carril Boullosa presenta os traballos do Plano de Poboación para a súa aprobación, subscritos polo enxeñeiro de montes Cándido Esteban Justo e a Corporación moañesa acorda por unanimidade aprobar o plano parcelario e o plano de curvas de nivel aos efectos previstos na Lei de Réxime Local de 24061955, da Lei do Solo de 1956 e da de Expropiación Forzosa de 1957, a súa exposición pública e a declaración formal, a partir dun documento urbanístico, da zona do casco urbano, "*comprendida dende o punto de empalme do Ramal da estrada ao peirao, coa estrada de Cangas a Vilaboa, ata o "Portal do Almacén" e dende este punto ata o Con, seguindo o ramal aludido ata o punto inicial co empalme da estrada de Cangas a Vilaboa; toda esta zona limítrofe coas estradas de Cangas a Vilaboa e de Marín ao Con, abarcará una franxa de cincuenta metros polo lado Norte e Oeste das mesmas.*"[276] Esta declaración perimetral será a que prevaleza durante toda a etapa do tardofranquismo local.

275 PM28061967. AMCM.
276 PM30071968. AMCM.

A necesidade do planeamento faise patente na creación do barrio do Real, cando en 1962, coa fin de concretar normas no trámite de concesión de licenzas de obras, acórdase que se informen os expedientes polo técnico municipal, ademais da Comisión de Obras, porque hai tensións entre os propietarios das parcelas, que queren optimizar a súa rendibilidade a conta da mínima cesión no ancho das estradas do ámbito -unha repetición dos conflitos históricos para a creación dos camiños e vieiros rurais- así como considerar como necesaria, na estrada da beiramar deste barrio, unha beiravía de catro metros de ancho dende o borde da calzada ata a edificación, que non se chegará a realizar.

Este barrio, nacido en 1962 a partir dun elemental plano de rasantes e aliñacións, é o exemplo máis palpable, na época estudada en Moaña, de como se está a dar, dende as institucións públicas que actúan como subsidiarias/secundarias dos propietarios dos soares, unha solución caducada –os mínimos anchos de vía e de beiravía, a non cesión de espazo público para zona verde ou dotacións, a falta de aparcadoiros, etc.- que está a ilustrarnos sobre a creación dun espazo totalmente urbano aplicándolle unha normativa dunha sociedade e unha política non urbana ou, en todo caso, semiurbana ou seudourbana por contemplar elementos de edificación inmobiliaria unifamiliar e colectiva de forma mesturada, cando era tempo de tránsito cara ao mundo industrial e urbano, cos problemas que xa comentamos no apartado dedicado a este barrio.

5.2 Plan de Ordenación do Litoral das Rías Baixas

A normativa estatal de planeamento que representa a Lei do Solo, o importante avance do casarío unifamiliar, as "urbanizacións informais" a carón das estradas e camiños -tanto nas periferias do litoral/rural como nos "ensanches" de vilas e cidades, e a aposta política do Goberno Central na promoción do turismo, son factores decisivos que levan á Deputación Provincial de Pontevedra a iniciar, entre 1958-1959, uns "estudos previos para acadar unha ordenación urbanística de todo o litoral da provincia, que evitase a edificación anárquica, e deficiente moitas veces, que nacía salpicada por toda a zona"[277], unha pretensión de ordenación nacida co obxectivo de:

> *"1º.- Impedir que as estradas do litoral se convertesen en rúas.*
>
> *2º.- Que as novas vivendas formen núcleos organizados,*

277 ORTÍZ DE LA TORRE, M., Germán ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR, Pontevedra, Plan de Ordenación do litoral das Rías Baixas, Normas de Ordenación, Deputación Provincial de Pontevedra, sen data (estimamos 1966 ou 1967)

mellorando o nivel de vida e dotándoas de auga, sumidoiros, enerxía eléctrica, teléfono, etc.

3º.- Acadar encarreirar o crecemento dos pobos reservando zonas para a súa expansión.

4º.- Defender a paisaxe, dando unhas normas que impidan a construción con volumes excesivos en praias e zonas de interese."

Remitido o propósito da Deputación pontevedresa en 1960 ao Ministerio da Vivenda, a partir de 1963 está en marcha o procedemento administrativo e político para aprobación do Plan de Ordenación do Litoral das Rías Baixas (POLRB). A partir desa data son notificados os concellos de Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, O Grove, A Guarda, Marín, Moaña, Nigrán, Poio, Redondela, Sanxenxo, Vilaboa e Vilanova de Arousa e comeza o proceso de xestión en cada un deles.

CADRO Nº 26, PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DAS RÍAS BAIXAS, DATAS DE APROBACIÓN LOCAL E PROVINCIAL

CONCELLO	APROBACIÓN PLENOS	PUBLICACIÓN BOP
Bueu	10-12-1965	05-02-1966
Redondela	10-12-1965	05-02-1966
Cambados	21-01-1966	05-02-1966
Vilaboa	21-01-1966	21-01-1966
Marín	01-02-1966	18-02-1966
A Guarda	11-02-1966	18-02-1966
Nigrán	11-02-1966	18-02-1966
Poio	11-02-1966	18-02-1966
Moaña	31-03-1966	07-04-1966
O Grove	13-04-1966	21-04-1966
Vilanova de Arousa	21-05-1966	07-06-1966
Baiona	24-06-1966	04-07-1966
Cangas	24-06-1966	04-07-1966
Sanxenxo	24-06-1966	04-07-1966

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do POLRB, Normas de Ordenación

O cadro anterior deita luz sobre a acción política concertada e xerárquica que se rexistra dende as instancias estatal -Ministerio de Vivenda- e

provincial –Deputación- cara aos concellos, producindo unha extraordinaria axilidade de tramitación: no prazo de seis meses, inducindo á aprobación coordinada, mesmo nas datas dos plenos, en todos os concellos afectados cando a administración estatal-provincial ten interese, como era o caso, en cumprimentar liñas políticas estratéxicas, mesmo do nivel de complexidade urbanística, política, económica e social deste proxecto de ordenación litoral.

A xestión do POLRB contou con diversas etapas, sendo elaborado o último proxecto en 1965. En Moaña comeza en 1963 cando o alcalde Ovidio Trigo, dá conta[278] da documentación do estudo preliminar, no que afecta a Moaña, do "Plan de Ordenación da edificación suburbana e rural no litoral das Rías Baixas" como comezou denominándose o POLRB, solicitando informe do aparellador municipal. A aplicación do Plan na localidade, segundo a opinión do técnico municipal, presenta dificultades como "non poder edificar ata unha distancia de 24 m. da beira das estradas; o necesitar un espazo mínimo de 750 m^2 para a edificación [unifamiliar] e sinalar como zona afectada a finca do Real", motivos que o Concello asume e "eleva á Superioridade" o informe do aparellador municipal, que se detén tamén no grao de afección dunha pequena franxa de terreo na zona de Tirán-Vilela e outra que coincide exactamente coa finca do Marquesado de Méndez Núñez no Real.

O técnico municipal entende que o Plan non é aplicable á finca do Real por contar este ámbito cun Plano de urbanización parcial aprobado en 1962, emitindo tamén a súa opinión discrepante ante algunhas das premisas, criterios e/ou obxectivos do POLRB sobre a "dispersión da edificación nestas zonas de Galicia" [279]:

> *"como non hai efecto sen causa, é mester analizar cales sexan as causas que poidan evitar este efecto, quizais non tan prexudicial como se presenta.- Edificase disperso polas seguintes causas: a) Porque o terreo no casco urbano é máis custoso que no rural.- b) Porque nestes núcleos seudo-urbanos, ningunha vantaxe existe xa que se carece de traída de augas…, sumidoiros, o pavimentado non existe ou é rudimentario e o alumeado está tamén en embrión.*
>
> [Porén, no rural, entende o aparellador que existen as seguintes vantaxes]

278 PM14081963. AMCM.
279 PM30081963. AMCM.

1º.- Terreo máis económico.- 2º.- Fácil solución para subministro de auga por pozo sen perigo de contaminación.- 3º.- Fluído eléctrico no domicilio para alumeado e elevación de auga.- 4º.- Máis comodidade de vivenda e un asentamento agrícola non desprezable".

Este informe do aparellador, que amosa o retrato descritivo e interpretativo da situación do centro urbano moañés en 1963 e a súa comparación co ámbito rural, tamén leva unha parte propositiva para reverter este estado de cousas: para inducir a que se edifique preferentemente no centro hai que dotalo de servizos e infraestruturas, para que *"poida compensar a diferenza no prezo do terreo e a maior distancia aos terreos de cultivo"*. Amador Montenegro López precisa como o máis serio inconveniente do POLRB para a edificación illada, a determinación dunha parcela mínima de edificación, 750 m^2, unha superficie *"inexistente, no só neste Concello senón incluso na maioría dos de Galicia, especialmente no litoral…, que tería que solucionarse cunha previa concentración parcelaria e facela efectiva coa obrigatoriedade de que toda superficie destinada a edificación e todo documento de transmisión ao efecto, non sexa válido se non é Notarial"*. Tamén critica por excesivos os retiros de edificación que se fixan para estradas e camiños municipais, xa que *"dado o actual tamaño das parcelas existentes impediría totalmente a edificación nestas zonas con grave quebranto de débiles economías"*.

O conflito entre o poder político central-provincial e o local que suscitou o proceso de aprobación deste proxecto enténdese pola dinámica histórica de desenvolvemento residencial a partir de ordenanzas locais que comezan a dar síntomas de esgotamento ao mesmo tempo que o sistema da agricultura orgánica que mantiña os hábitats rurais en función dunha distribución económica do territorio que non producía, ou producía escasamente, o espallamento do casarío ou a súa edificación illada.

A exposición razoada do técnico municipal é unha emenda á totalidade do proxecto de POLRB porque defende un status territorial e habitacional estático, o que existía cando el realiza o informe, e non ve a posibilidade de cambialo porque a filosofía que defende o POLRB é antagónica. Nos propios termos do documento, que defende os intereses do Concello de Moaña e da maior parte da poboación moañesa que pretenda construír nova vivenda, a planificación –o que el denomina "concentración parcelaria"- é imposible, dada a cultura social sobre ordenamento territorial e /ou urbanístico de Galicia. A postura do Concello de Moaña é antitética coa filosofía de planificación preventiva que representa o POLRB.

Nos primeiros documentos de desenvolvemento do POLRB[280], o diag-

280 Plan de ordenación de la edificación sub-urbana y rural en el litoral pontevedrés de las Rías Bajas.

nóstico que trazan os seus autores sobre o que chaman "o aproveitamento da riqueza que se aveciña", en relación coas transformacións que representará o turismo e a incapacidade das localidades de ordenar a edificación illada e "parasitaria" que se produce -"especialmente nas faixas marxinais das estradas", ou a "proliferación de barriadas suburbanas, informes, á marxe de toda ordenación previsora", con "abondoso casarío de feo e deprimente aspecto", os problemas económicos da "mobilización de terreos ao transformárense de agrícolas en residenciais" e as plusvalías que van xerando, ou tamén a "existencia dunha masa de aforro popular moi considerable que busca, case exclusivamente, por arraigada tradición, a súa inversión en terras", a solución ante o dilema entre "terreo e terreo agrícola, é sempre preferido o que antes poida transformarse en soar para unha casa", a inexistencia dun "mercado de parcelas aptas para a edificación".

Tamén incide no seu diagnóstico sobre a importancia da superficie do parcelario do minifundio, sobre o fenómeno psicolóxico da percepción de ser ilimitado o aumento de valor dos terreos lindeiros coas estradas e o seu contaxio ao resto das parcelas afastadas como falso concepto do valor, sen deixar de se referir á comparación da dinámica urbanística especulativa de ritmo intenso e progresivo na Costa do Sol ou a Costa Brava entre 1946-1950 xulgando o aspecto de ordenación urbanística que ofrecen -"desordenado", "inarmónico" e "desagradable"- a comezos dos anos 60.

Tratando de reverter normativamente unha situación urbanística tradicional galega sen resposta aos novos desafíos, a memoria do POLRB adiántase case en tres décadas a outros estudos urbanísticos ou académicos que certifican este desenvolvemento inmobiliario e territorial como rururbano, cidade difusa, periurbano, feismo, etc., no remate do século vinte, cando a letra da memoria do POLRB aparece como a profecía que se autocumpre.

Estes son os puntos neurálxicos postos de relevo na memoria do Plan para a continuación deseñar unhas normas de ordenación de tipo restritivo, que colocaron aos concellos da provincia de Pontevedra afectados en 1963-1965 diante un problema grave de xestión política, pensando no posible conflito social que se podería desencadear coas restricións ao proceso de regulación dos soares e parcelas para edificación e ao procedemento administrativo de concesión de licenzas para a construción de novas edificacións.

O Concello de Moaña dá o visto e prace a este informe técnico tomando tomando o seguinte acordo[281] sobre o POLRB:

"1) Ver con agrado o interese que para esta zona

Diputación Provincial de Pontevedra. 1962.

281 PM27091963

supón o estudo efectuado da Ordenación das Rías Baixas.

2) Prestar aprobación á delimitación afectada por dita ordenación e acordar a suspensión da edificación na zona directamente afectada durante un ano, excluíndo O Real por ter aprobado o seu Plan de Ordenación Parcial pola Comisión Provincial de Arquitectura y Urbanismo.

3) Aprobar delimitacións do casco urbano e ensanche de Moaña así como os núcleos rurais de Meira, Domaio, Redondo, Igrexario, Con e Abelendo, así como a delimitación da Zona Industrial que afecta a Meira, Isamil, Latón e Calvar en Domaio."

Era a primeira vez que o Concello tiña que presentar e aprobar unha declaración plenaria en relación co plan de ordenación urbanística, aínda que se só se trate dunha zonificación, e tamén proceder á suspensión da edificación –unha decisión política incómoda e socialmente impopular- á espera do planeamento provincial do litoral.

Cando en 1965 o gobernador civil interesa o acordo plenario sobre a aprobación do POLRB, o aparellador municipal informa á Corporación que *"as carpetas dos fotoplanos enviadas ao Concello… non conteñen os gráficos que agora se citan nos cadernos de normas xerais e definitivas entregadas* [polo Gobernador Civil]... *polo que non é posible adoptar un acordo definitivo nun problema que se descoñece e cuxo estudo élle imposible sen estes gráficos…"*. É dicir, o Concello opta pola unha fórmula tan diplomática como dilatoria pero para amortecer o efecto de posible disonancia ante a autoridade provincial, tendo en conta o acordo de 1963 "cuxos fundamentos xerais se sosteñen", o Pleno adopta un novo acordo[282]:

"1º Ver con agrado o interese que supón o estudo efectuado do [POLRB]*, se ben o que corresponde a este municipio haberá ter carácter especialísimo polas circunstancias que concorren de tipo social e económico.*

2º Prestar aprobación á delimitación na zona lindeira co Concello de Cangas excluíndo os núcleos rurais de Vilela e Igrexario, así como tamén a zona de "El Real" por ter aprobado o Plan de Ordenación parcial…

3º Aprobar as delimitacións…

282 PM07081965. AMCM.

4º Para maior esclarecemento e estudo do problema haberán de demandarse da Superioridade os gráficos que se citan nas Normas de Ordenación do ano actual, e… recibidos os gráficos, remitir novamente á Corporación plena, para concretar dun xeito definitivo…"

A reacción das autoridades provinciais ante este acordo que pretende gañar tempo e limitar os seus efectos máis directos sobre a construción nas zonas de Tirán e O Real, é representativa do proceder da "democracia orgánica" do franquismo e a implacable verticalidade xerárquica: seis días despois do último acordo plenario municipal en relación ao POLRB, celébrase en Moaña unha sesión extraordinaria[283] da Corporación, convocada por orde telegráfica do Gobernador Civil, presidida por José María Davila Zurita -Delegado Provincial de Vivenda- en representación e como Delegado do Gobernador Civil, motivada polos "acordos adoptados na última sesión". Na acta recóllese, que:

"A Presidencia puxo de relevo os erros que contiña a acta anterior ao esixir uns gráficos que non son necesarios para adoptar tal acordo...

Que o Plan de Ordenación persegue un ben xeral e a aprobación que se pretende actualmente non diminúe as atribucións del Concello… [polo tanto, acórdase]

1º A aprobación inicial do POLRB neste termo municipal…

2º Que a zona afectada polo POLRB é a fixada nos fotoplanos presentados primeiramente e que foron remitidos a este Concello, na que non poderá edificarse ata a aprobación definitiva pola Comisión Provincial a excepción do Real…"

Este cuestionamento e intervención directa do Gobernador Civil para anular e cambiar a decisión dunha Corporación Municipal moañesa -obrigada de forma tan imperativa como pouco honorable a acatar unha norma superior de planeamento- ilustra unha vez máis un conflito repetido entre intereses políticos locais e provincial-estatais, pero non significou cambio de rumbo perceptible na cultura consuetudinaria nin o hábito histórico da edificación unifamiliar e a súa mínima regulación local a través de ordenanzas muni-

283 PM13081965. AMCM.

cipais, cambiantes dende os anos 60, pero que continuaron favorecendo o crecemento residencial desordenado que o POLRB diagnosticaba de forma acaída.

Aínda tería a Corporación moañesa en 1965 que atender aos afectados polo POLRB en Tirán, acordando estimar as súas peticións, e *"deixar en todo o barrio de Vilela unha faixa de cen metros, paralela a la estrada de Cangas a Vilaboa sen afectar polo Plan a causa da moita edificación alí existente…"* , cuestión que durante 1965 foi tratada e produciuse axuste entre as demandas locais e as directrices provinciais no sentido de modificar e considerar ao barrio de Vilela no apartado "aglomeracións rurais", co que foi aprobado o POLRB en 1966.

Era a primeira escenificación da batalla política entre a cartografía de ordenación urbanística como intento de *Deus ex machina* ante a realidade política e social maioritaria.

A pesar dos intereses políticos, económicos e sociais coincidentes na práctica entre a sociedade e a autoridade local, o POLRB introduciu na axenda política local a necesidade, pero tamén o medo ao planeamento urbanístico: diferenzas de criterio entre a teoría e a filosofía que inspiran as normativas de ordenación urbanística estatais e a realiade sociopolítica dunha cultura local galega a prol dos intereses dunha sociedade de propietarios das parcelas, que continuará durante todo o resto dos mandatos municipais ata a democracia.

Probablemente a aprobación do Plan tivese efectos na continuación íntegra das extensións superficiais dos importantes latifundios da parroquia de Tirán, como as propiedades das familias Carvajal ou Castroviejo, sen rexistrarse ningún tipo de segregación parcelaria ou construción residencial ata a chegada da democracia e intuímos que tamén puido ter efectos na perda de confianza do Goberno Civil no alcalde Ovidio Trigo, que será remudado no cargo meses despois da aprobación do POLRB.

5.3 Plan de Ordenación Municipal, Plan de Urbanización

A seguinte figura que o Concello tenta aplicar para ordenación territorial aparece cando o alcalde manifesta que era *"indispensable levar a cabo un Plan de Ordenación do Concello de Moaña, sobre todo no que afecta á vila, á zona de Vilela, a Meira e a Domaio, nas zonas próximas á estrada, a causa do volume de edificación, que se está levando a cabo, e para evitar que continúe a anarquía actual na construcción…, [acordando] solicitar dos Servizos Técnicos da Deputación Provincial, ao amparo do artigo 133 e 255, da Lei de Réxime Local, a redacción dun Plan de Urbanización de tales núcleos de*

poboación"[284].

Como vemos, o Concello prefire a vía da Lei de Réxime Local e non a Lei do Solo, que sempre procura esquivar con declaracións ambiguas que non teñen aplicación na práctica. Non pasaran dous anos desta declaración de intencións, cando o novo alcalde pon de relevo a *"necesidade urxente de levar a cabo o Plano de Urbanización da vila, así como zonas satélites de Domaio, Meira e Vilela, dado o incremento da edificación actual"*, e puntualiza que *"como este traballo é lento, propón que se realicen plans parciais ao obxecto de evitar males maiores o día de mañá, cando a edificación se levou a cabo"*.

Esta proposta suxería a xerarquización da prioridade das obras de mellora ou creación das seguintes vías transversais, todas elas para comunicar as dúas estradas que atravesan e delimitan o centro urbano: "1º, Proxecto da Travesía do Pombal, 2º, Proxecto da 'Canexa', 3º, Estudar unha travesía entre as dúas anteriores, 4º, Travesía do Concello, e 5º, Travesía da Seara e a contigua ao Cine Prado"[285]. Trataríase de conectar, dentro do núcleo do centro urbano, as dúas principais vías de comunicación rodada, favorecendo o paso entre a estrada Cangas-Vilaboa coa rúa Concepción Arenal, sobre todo no ámbito máis difícil tanto na superación da difícil orografía como na distancia existente entre ambas vías, conexión que propiciaría unha mellor articulación e desenvolvemento interior do ámbito situado entre A Canexa e O Real. Andando o tempo, nin a travesía do Pombal, nin a Canexa foi substancialmente modificada a non ser por algunha nova aliñación, non chegando a construírse tampouco a nova travesía entre a do Pombal e a da Canexa.

5.4 Plan Xeral de Ordenación Urbana, plans parciais do Con e da Xunqueira

Por terceira vez, nun prazo de cinco anos, Alcaldía volve poñer de relevo a necesidade de levar a cabo "dun modo inmediato" o Plan de Ordenación total do Concello de Moaña, dado o incremento de poboación existente nestes últimos anos, sobre todo en determinadas zonas, como "o barrio do Con, a partir da finca do Real", tomándose o acordo de facultar ao alcalde para designar persoal técnico idóneo para o *"proxecto de ordenación urbana e extensión do aludido barrio do Con, no que se comprenda a zona existente entre as estradas e o Ramal ao peirao a partir da finca do Real"*[286]. A novidade, a respecto dos dous intentos anteriores, é a pretensión de facer un planeamento xeral, no que se vaian incluíndo as distintas pezas do territorio de Moaña, e a segunda, aplicar a sempre adiada e temida Lei do Solo.

284 PM24111965.AMCM.
285 CMP04011967. AMCM.
286 PM13051970. AMCM.

Un ano despois, Alcaldía propón ao Pleno a formalización dun Plan Xeral de Ordenación Urbana por *"considerar este documento como a peza básica e fundamental para o planeamento e ordenación urbanística de Moaña",* tendo en conta a súa característica de concello "turístico" e proclamando a súa fe na "ordenación" como instrumento clave a medio prazo, chegando a declarar que *"case todas as corporacións ao chegaren ao Concello se preocupan de xustificar a súa actuación en obras de execución rápida e de características cara ao exterior, habendo outras obras e proxectos como o que nos ocupa que son de suma necesidade e que non revisten este carácter",* e acordando, por unanimidade, baseándose no disposto no artigo 9 da Lei do Solo, proceder a confeccionar o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Moaña[287], solicitar do Ministerio da Vivenda a máxima subvención posible para financiar os gastos do proxecto técnico e estudos, así como ver os recursos ordinarios e extraordinarios cos que conta o Concello para facer fronte a este gasto. Segundo Sebastián Juncal[288]:

> *"En Moaña, o urbanismo dependeu da economía. A CPU, cada vez que había unha oportunidade, indicábache que había que planificar, que había que ordenar, que había que facer Plan Xeral..., se non se podía, algún Plan Parcial..., pero é que nunca, nese momento, a situación económica permitiu abordar coa necesidade que se precisaba un tema tan importante como o planeamento. Dentro do posible, esforzámonos ao máximo en facer plans parciais..., aliñacións..., movementos urbanísticos..., o que puidemos. Non hai explicación de ningún tipo: facían falta os cartos".*

O que estaba a acontecer era que para poder levar a cabo a proxectada expansión, recheo ou ensanche de Moaña cara ao mar, con todos os grandes proxectos que incluía no seu interior, que excedían con moito as intervencións urbanísticas realizadas en calquera época histórica en Moaña, o Concello vese obrigado pola autoridade provincial a ter que ordenar e planificar o crecemento integral dos barrios máis céntricos (A Praia e A Seara, englobados nun novo Plan Parcial chamado da Xunqueira), que se decide xestionar, conxuntamente, co do Con: estase a preparar, polo tanto, a ordenación do espazo do centro urbano, dende A Xunqueira ata O Con, pola beiramar, subindo a través da estrada Marín-O Con, ata o cruce do Real, e continuando pola estrada Cangas-Vilaboa, ata pechar o circuíto urbano.

Era o intento de ordenar o trazado do centro urbano que xa coñeciamos –barrios de A Praia e A Seara- e tamén as grandes intervencións urbanís-

287 PM28041971. AMCM.
288 Entrevista, 02022017. Arquivo propio.

ticas levadas a cabo a partir de 1962, o novo barrio urbano do Real, e de 1971, coa creación do espazo escolar da Xunqueira, ao que se lle suma o barrio do Con ata o seu límite co barrio do Real .

Alcaldía pon de manifesto a "necesidade imperiosa e urxente" de proceder á urbanización da zona do Con, na que se encontran suspendidas as licenzas de ocupación; e a da Xunqueira *"pola anarquía que existe na construción e a deficiencia no trazado dos camiños municipais"*. O Pleno acorda confeccionar os proxectos técnicos necesarios para levar a cabo ditas urbanizacións, entre as que se delimitan *"a do Con, pola estrada de Marín ao Con pola parte dereita e a avenida de Concepción Arenal e o mar, cuxos límites se concretarán exactamente pola descrición que realice o aparellador municipal. A urbanización da zona da Xunqueira se delimita dende este punto ata a estrada sita aproximadamente no km 8,500* [estrada Cangas-Vilaboa] *e cunha profundidade aproximada de 500 m…"* [acordando tamén] *que se anuncie a concurso para a adxudicación do proxecto de estas urbanizacións mediante as bases que aprobará a CMP…"*[289].

Cunha celeridade pouco coñecida, os pregos de condicións do concurso para elaborar os proxectos de urbanización da Xunqueira e O Con saen uns poucos meses despois, definindo con precisión cada un dos ámbitos, o que nos facilita a imaxe urbana oficial da Moaña de 1971, un ámbito onde o balizamento das distintas zonas afectadas (pese a contar oficialmente cunha denominación nas súas rúas e travesías) márcase tamén co propio nome das propiedades, edificacións ou parcelario pertencente ás distintas familias, indicador da transformación acelerada que se está a producir nesta mestura descontinua de rural tradicional que se está a converter en rururbano, periurbano e urbano.

> *"Polígono da Xunqueira: parte do adro da Igrexa* [Nª. Sª do Carme] *e ascende polo camiño do Carrachal ata a casa de Julio Riobó Pena, atravesando en liña lixeiramente curva ata a casa de Manuel Martínez, e descende pola rúa en proxecto ata a rúa de circunvalación á Concentración Escolar; e, dende ese punto vai cincuenta metros por encima da casa de Lestón e pecha pola de José González Santomé, ao mar. De este punto, por enriba da estrada de Cangas 400 metros, e por debaixo ata o mar chegando ao punto quilométrico 8,200 da estrada comarcal Cangas-Vilaboa, ocupando 800 Ha de superficie"...*
>
> *O polígono do Con..., comeza no muro do Real que separa este da finca de* [familia García] *Arenal, continúa pola Avenida de Concepción Arenal ata o camiño de Vilela e polo sendeiro límite do plano topográfico da zona á estrada de Marín ao Con,*

289 PM28041971. AMCM.

> *subindo por esta ata o punto A, e dende este punto, en liña recta ata o punto B, na estrada Cangas-Vilaboa, pechando polo Leste ao Portal del Almacén. Deste punto, pola estrada de Marín en dirección ao Con ata o muro que separa a finca do Real da de Arenal, e por este muro ao punto de partida. Superficie aproximada de 160 Ha.*[290]

Na adxudicación do concurso de redacción dos proxectos de urbanización da Xunqueira e o Con, concursan Nilo Fernández Cabaleiro, enxeñeiro de Montes, e Maximino Domínguez Bustabad, acordándose adxudicar definitivamente ao segundo os dous proxectos, cun prazo de entrega de toda a documentación en trinta días, cun prezo de 100.000 ptas. para a redacción do polígono del Con, e de 250.000 ptas. para o da Xunqueira[291].

Durante a redacción do proxecto urbanización da Xunqueira, o enxeñeiro seleccionado para a redacción propón que se lle autorice para urbanizar un espazo anexo ao Polígono que se lle adxudicou, que describe así: *unha franxa que inicialmente parte do camiño que rodea a igrexa* [Nª Sª do Carme] *e se prolonga ao longo da estrada a unha distancia de 2.200 metros aproximadamente e unha anchura de 400 a 500 m.*

A Corporación acorda ampliar o polígono da Xunqueira para unha urbanización, na zona descrita, encargando a redacción do proxecto ao mesmo enxeñeiro Domínguez Bustabad, que se lle aboará con independencia do polígono contratado[292]. Apróbanse inicialmente e sométense a información pública o Plan Parcial do Polígono do Con e o Plan Parcial de Ordenación do Polígono da Xunqueira, ampliándose este último nunha superficie de 111,67 Ha., e aumentando os honorarios do enxeñeiro redactor para esta zona en 150.000 ptas.[293]

Tanto un como outro plans parciais, despois de seren sometidos a información pública sen reclamacións, reciben a Aprobación Provisional. Na remisión á Comisión Provincial de Urbanismo, para a preceptiva aprobación, o Concello argumenta, no caso da Xunqueira *"a imperiosa necesidade… da súa aprobación, ao obxecto de terminar coa anarquía da edificación en dita zona e poder establecer un sistema viario racional e en consecuencia a apertura de rúas e o ofrecemento de soares cuxa necesidade se sente en Moaña…", e para o do Con "a importancia do planeamento do sistema viario e zonificación e as ordenanzas adxuntas sobre o uso do solo e edificación*"[294].

Estando aprobados provisionalmente os plans parciais de ordenación da Xunqueira e O Con, Alcaldía informa que *"como non existen aprobadas*

290 CMP21071971. AMCM.
291 CMP02021972. AMCM.
292 PM05051972. AMCM.
293 PM02081972. AMCM.
294 PM09051973. AMCM.

Ordenanzas Municipais sobre o uso do solo e edificación [e] carécese das bases necesarias do planeamento nas zonas onde se concentra a poboación, tales como o casco da vila e o polígono comprendido entre a delimitación dos polígonos do Con e da Xunqueira, zona na que se necesita se adopten unhas normas xerais de ordenación", propón que *"se delimite o casco urbano da vila de Moaña e se redacte o Plan Parcial de Ordenación da mesma"*, demanda que se aproba por unanimidade, acordando "*concretar o casco urbano da vila de Moaña no perímetro que se delimita pola estrada de Cangas a Vilaboa, dende o cruce de Lestón ata o cruce de Portal do Almacén, baixando ao Con e de novo pola avenida de Beiramar ata o cruce de Lestón*", para o que se faculta ao alcalde na encomenda de redacción do Plan Parcial del polígono comprendido entre o Plan Parcial da Xunqueira e o do Con, delimitándose *"polo Leste, polo mar e polo Oeste coa estrada de Marín ao Con, ata unha profundidade de cincuenta metros na súa marxe dereita, ata a Porta do Cego, baixando ata a Xunqueira, concretamente ata a prazoleta prevista no Plano de Ordenación da Xunqueira, na zona de Redondo"*[295]. Acórdase tamén na mesma sesión, como é preceptivo, que durante o prazo dun ano, conforme ás previsións da Lei do Solo, se suspenda a concesión de licenzas no polígono descrito, entre o Plan Parcial da Xunqueira e o do Con.

Pese a que estamos no chamado período do tardofranquismo, cuns cambios apreciables en economía e urbanismo, non se atravesan dous períodos tan distintos como se fose o paso entre unha cultura dun urbanismo elemental –non urbana, con moitas carencias nos servizos básicos- a outra que comeza a ser urbana, con máis servizos públicos e un consumo incipiente, sen indicadores sociais da incomodidade ou malestar social con algúns dos cambios que se están a producir. Paradoxalmente, nunha Moaña que está a transformar e ampliar o centro urbano, o choque aparece no proceso de suspensión de licenzas mentres se elabora o Plan Parcial do Con, que podemos considerar como unha zona periurbana con núcleos edificados de vivendas unifamiliares sucesivas por estar situada preto de vías de comunicación rodada importantes.

Aparecen fortes discrepancias na Corporación, na intervención do concelleiro Currás Alonso, que manifesta a súa desconformidade coa aprobación parcial dos plans parciais do Con e da Xunqueira porque "prexudica en maior proporción aos dereitos das familias máis humildes de Moaña". O utro edil, Julio Fernández Currás, roga que Presidencia aclare "se o señor enxeñeiro [redactor do proxecto] tivo coñecemento das fincas ou parcelas que se afectan foran propiedade de persoas determinadas con menor fortuna ou medio de vida", e Presidencia retruca dicindo que "resulta incomprensible a postura de Currás Alonso porque asistiu á sesión anterior e votou a aprobación dos plans"[296].

295 PM09051973. AMCM.
296 PM12061973. AMCM.

A suspensión de licenzas de construción e parcelamento nos polígonos da Xunqueira e O Con proporciónanos o primeiro escenario documentado de fortes discrepancias das corporacións municipais franquistas polo intento de aplicación da normativa de ordenación urbanística estatal, cando os concelleiros reciben directamente a presión de grupos importantes de familias afectadas nas súas expectativas de desenvolvemento edificatorio e urbanístico sobre as súas propiedades parcelarias.

O debate que continúa, no seguinte Pleno[297], cando se repite a intervención de Currás Alonso, manifestando que "os plans parciais do Con e A Xunqueira poden prexudicar ou afectar en maior proporción aos máis humildes de Moaña (...), o Plan do Con, … afecta a unhas oito casas, e por iso a presenza no Salón de Sesións dunha numerosa representación de veciños do Con que desexan unha solución a ese problema…" [Presidencia explica que] "o feito de que un vieiro do Plan afecte varias casas, non foi unha cuestión caprichosa, senón unha verdadeira necesidade técnica debido ao agrupamento de casas no citado barrio, anárquicamente situadas, debido precisamente á falta dos plans…"

Era tamén a primeira vez durante o franquismo en que se recolle en acta a presenza dos veciños afectados nunha sesión dos órganos de goberno municipais para presionar a prol dos seus intereses, facendo uso da palabra, propoñendo a desviación do vieiro por outro lugar, obrigando a Alcaldía a prometer a visita do enxeñeiro redactor do proxecto á zona para dar as oportunas explicacións técnicas do trazado ou propoñer, se fose o caso, a desviación para afectar ao menor número posible de edificacións.

Os plans parciais da Xunqueira de do Con foron cuestionados polos veciños afectados, polos motivos xa citados, e tamén pola CPU que puxo diversos reparos tales como a falta de estudo ponderado de poboación, volume de edificación, plan de etapas, plan financeiro e carencia de Plan Xeral, rectificacións que se obrigou a efectuar ao técnico redactor, agás a redacción do Plan Xeral, que sería unha das obrigas permanentemente incumpridas por unha Alcaldía do Concello que tomou nota sobre o resultado do Plan Parcial do Con que a reafirmaba na firme crenza de seguir apostando pola construción de vivendas e a política de tolerancia coas infraccións, tal e como se viña facendo historicamente, que tentar acudir a unha forma de planificación susceptible de crear o malestar nos propietarios afectados e o conflito social aberto que ningunha outra Corporación anterior padecera.

5.5 Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento

Non cesou tampouco o enfrontamento cíclico entre a Administración

297 PM31071973. AMCM.

Local moañesa e a Autoridade Provincial por mor da planificación urbanística que as autoridades estatais pretenden se implante en Moaña e no resto dos concellos. Ao igual que acontecera no caso do POLRB, reprodúcese a discrepancia da Corporación moañesa cando se publican as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento para os concellos da provincia[298] , un cambio radical que obriga aos concellos a proverse como mínimo deste instrumento de ordenación e planificación urbanística, cuestión que desata unha forte reacción da Alcaldía de Moaña, cando informa do feito e a Corporación acorda por unanimidade:

> *"Recorrer en reposición en contra das expresadas normas, toda vez que irrogan graves prexuízos á edificación de vivenda unifamiliar en solo rústico, ao esixir unha parcela mínima de dimensións excesivas tendo en conta o minifundio existente neste municipio e como consecuencia o feito de que a maioría das parcelas non dan dimensións suficientes para a construción de dita vivenda (...)* [por outra banda, tamén] *paralizan a construción en solo urbano, causando prexuízos notorios para a industria da construción desta localidade, que supón un importante medio de vida na actualidade"*[299]

A postura oficial do Concello é a mesma que se vén rexistrando historicamente: a defensa dos intereses persoais e/ou familiares dos propietarios de parcelas e rexeitamento de calquera regulación ou ordenación do espazo que vaia en contra da posibilidade de construír a edificación unifamiliar sobre o parcelario herdado, todo baixo o paraugas da defensa do sector da construción civil pese a que cando se acordara a aplicación dos instrumentos de planeamento –Plans xerais, plans parciais- frecuentemente se invoca como argumentario o "caos" e a "anarquía" na nova edificación residencial, cun peso hexemónico por parte do casarío unifamiliar.

Con todo, o Concello acorda acatar a norma, buscando un redactor para elaborar *"o Plan Xeral ou directriz, conforme se establece nas expresadas NCSP, integrado por unha memoria, plano de zonificación e cadro de normas urbanísticas de cada zona, coa delimitación dos cascos urbanos de poboación deste municipio"*, preparándose tamén para *"legalizar toda obra que sexa posible"*, aproveitando que as NCSP "carecen de disposición transitoria que regule esta situación e a súa aplicación inmediata", acordando aprobar as solicitudes de licenza de obra *"que cumpran coas normas estable-*

298 BOP, 21 e 22 de xaneiro de 1974.
299 PM27021974. AMCM.

cidas ata o momento para a concesión de licenzas, sempre que cumpran os criterios establecidos ata a data e os informes da Fiscalía de Vivenda fosen favorables". No que respecta aos proxectos presentados despois da data de entrada en vigor das NCSP serán xulgados de acordo con estas.

Como as Normas Subsidiarias establecen que no prazo de tres meses os concellos afectados deben presentar a delimitación de cascos urbanos, solo de reserva urbana e cadro de normas municipais subsidiarias e complementarias para a súa aprobación, encárgaselle ao enxeñeiro de camiños Pedro Sánchez Tamayo, substituto de Maximino Domínguez Bustabad na redacción do Plan Parcial da Xunqueira (Plan que está nese momento, xunto co do Con, pendente de aprobación pola CPU, resultando negativo, posteriormente, o informe desta institución) que, conforme se dispón no capítulo III das NCSP, se encargue da redacción das Normas, asistido do arquitecto Antonio Román Conde –técnico que asina a gran maioría das obras particulares de edificacións en Moaña durante o período que estudamos- para que proceda á delimitación dos cascos urbanos de Moaña, Meira e Domaio, planos e memoria que presentan ambos técnicos á Corporación para o seu estudio e aprobación.

Acórdase aprobar o documento por maioría, agás o voto do concelleiro Labraña Velázquez, a quen non lle parece lóxico que o casco [urbano] de Meira "se prolongue a unha zona que está máis ben sen edificar", e entende que trasladando un pouco máis a zona do casco cara Moaña é "máis densa a edificación e de maior soleira". Pola mesma razón, e tamén por entender que o casco urbano de Domaio ten unhas dimensións moi reducidas e non chega ata o cemiterio, vota tamén en branco o concelleiro Manuel Blanco Varela.[300]

A confusión municipal ante a aplicación das NCSP que se solapan no tempo coa entrega dos plans parciais do Con e A Xunqueira, que deben ser modificados en función das recomendacións da CPU e tamén polas directrices das NCSP, levan ao Concello -que encargara a delimitación dos cascos urbanos do centro e as distintas parroquias- a presentar estes proxectos por separado, pensando en poder desenvolver tanto as NCSP como os citados plans parciais, recibindo a orientación, por parte da CPU, da conveniencia de elaborar a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Urbana para harmonizar todos os instrumentos de planeamento parciais e xerais. O Concello aproba a elaboración doutro PXOU[301] e encarga a redacción á empresa Monsa, por un importe de 1.945.780 ptas.

Alcaldía, ante a confusión de teren que aplicar tanta normativa, quéixase de que, tendo acordado en 1971 o PXOU, solicitando subvención do Ministerio de la Vivenda subvención, sen ter recibido resposta…, publicadas as NCSP da provincia, como consecuencia das mesmas e da entrada en vigor da Lei do Solo, feitas diversas consultas coa Delegación Provincial de Viven-

300 PM25101974. AMCM.

301 PM22011975. AMCM. O Concello xa aprobara a elaboración dun PXOU, PM28041971.

da, esta aconsella, como trámite máis sinxelo para resolver os problemas de planeamento urbanístico, deberan redactarse unhas NCSP municipais, proposta que se aproba[302], decidindo redactar o proxecto no menor tempo posible, para o que se decide aceptar e contratar a proposta do estudo urbanístico Monsa, por un importe total de 350.000 ptas., co seguinte despece: redacción do proxecto de delimitación de solo urbano, 200.000 ptas., redacción NCSP, 150.000 ptas.

Apróbase a contratación das NCSP, coas seguintes condicións: 1º, Axustarase á Lei do Solo de 05041975 e demais disposicións en vigor da Lei do Solo de 1956 e outras disposicións xerais de urbanismo, 2º, o equipo redactor obrígase a informar individualmente cada unha das reclamacións no período de exposición pública e realizar á súa costa as modificacións que o Ministerio da Vivenda esixa para a aprobación do proxecto, sen novos honorarios[303].

A Corporación moañesa, visto o nivel de conflitividade resultante da xestión do Plan Parcial do Con, non se atreve a afrontar o da Xunqueira e pretende rebaixar a conflitividade a mínimos, motivo polo que inclúe a cláusula 2ª, como un seguro ou salvagarda, para que sexa o equipo redactor quen se encargue das relacións e negociacións coas familias afectadas, un labor de xestión complexo posto que a presión social diríxese a uns responsables políticos que están atravesando distintas crises de goberno despois da desaparición da figura do ditador Francisco Franco en 1975.

Recibidas as NCSP, convócase sesión extraordinaria na que un dos aparelladores municipais, Pedro Valverde García, explica abreviadamente o contido[304], e, na seguinte sesión convocada para tratar o tema[305], Alcaldía opina que "a actual normativa legal frea o desenvolvemento urbanístico do concello, por unha parte, e pola outra, con frecuencia, as Normas Provinciais veñen sendo interpretadas de xeito moi discutible e constitúen frecuentes puntos de conflito entre os técnicos da Delegación Provincial de Vivenda e os do Concello". Fan uso da palabra tamén os aparelladores municipais, Amador Montenegro López e Pedro Valverde García, formulando observacións ao estudo de Monsa[306] *[Ver Plano 12: zona urbana proposta por Juan Rico Lenza, 1976, pax. 223]* e dan lectura a un escrito propoñendo modificacións "en aras dos intereses de Moaña".

A planimetría das NCSP representa, de novo, o intento de canalizar unha situación urbanística de reiterado desorde, como no caso do POLRB, a

302 PM13081975. AMCM.
303 PM03031976. AMCM.
304 PM6121976. AMCM.
305 PM02051977. AMCM.
306 Empresa dirixida por Juan Rico Lenza, enxeñeiro de camiños, urbanista e licenciado en Dereito e Ciencias Económicas.

través dunha solución plasmada nun documento técnico de aplicación imposible á realidade política, social e residencial moañesa.

O Concello asume o escrito dos aparelladores municipais e envíao á Delegación Provincial do Ministerio da Vivenda, sobre todo as discrepancias en relación coa ampliación do casco urbano de Moaña con motivo da urbanización da rúa de enlace [actual rúa Rosalía de Castro] entre a estrada Cangas-Vilaboa e a estrada Seara-Verducedo, onde entenden que se debe ampliar o casco urbano ás rúas de Enlace e Circunvalación [rúa perimetral á Concentración Escolar], nunha franxa de 20 m. de fondo a cada marxe das rúas, medidos dende a liña das beiravías[307] .

Estamos xa na época da decadencia do goberno municipal, cunha presenza cada vez maior da oposición antifranquista na clandestinidade, que está a realizar unha actividade moi importante a través do asociacionismo de nova creación: rexístranse escritos das asociacións de veciños de Moaña, Domaio e Meira, ademáis do propio aparellador municipal, Amador Montenegro, solicitando prórroga no prazo de exposición ao público das NCSP, o Pleno acorda prorrogar o prazo un mes máis[308] e as NCSP entran en vía morta[309] ata que chegue a primeira corporación local da democracia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

307 PM30051977. AMCM.

308 PM29061977. AMCM.

309 SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1990), op. cit., cambiando a xeografía e a escala, encontra as mesmas dificultades para xestionar o planeamento urbanístico nas zonas rurais ou periurbanas de Vigo en factores iguais aos que vemos en Moaña: a oportunidade de "rendas diferenciais" (plusvalías) na venda de terreos-soares para construción ou autoconstrución de vivendas (p. 376), o carácter induvidualista das estratexias familiares dos propietarios (p. 379-80), a autoconstrución no solo rústico de "palafitos en terreo seco" (p. 381), a promoción inmobiliaria 1960-80 "primordialmente a partir de iniciativas individuais de capitais patrimoniais, agás escasas operacións de conxunto realizadas por empresas inmobiliarias (p. 398), as dificultades de xestión do planeamento urbanístico: o Estado vs os concellos pola aplicación da Lei do Solo (p. 395), a lexitimación da autoconstrución do espazo rústico urbanizable (p.398) e densificado como "consecuencia dos veciños por autoconstruír e pola xenerosidade do Concello na interpretación do art. 69 da Lei de 1956, as ordenanzas de edificación pensadas para acadar unha maior edificabilidade diminuíndo zonas verdes e espazos libres (p. 403), a presión dos concelleiros "ruralistas" defensores da vivenda unifamiliar e agropecuaria (p. 405), a diminución das superficies de parcela mínima para edificar no periurbano (p. 406) ou a non computabilidade da "planta [baixa] sen dividir" para permitir un maior volume de edificabilidade no rural (p. 410). Toda esta casuística poderemola ver con detalle na situación residencial e urbanística moañesa.

Plano 12



6. SOÑOS URBANÍSTICOS SOBRE PAPEL

O desenvolvemento urbanístico de Moaña, ao igual que noutras vilas e cidades, é produto dunhas determinadas circunstancias históricas que deron configurado, dende o século XIX, unha sociedade cunhas fronteiras inmutables entre os concellos de Vilaboa e Cangas de Morrazo, na ría de Vigo, e con Bueu e Marín, na ría de Pontevedra, unha economía que extrae a súa riqueza primeiro da agricultura, tendo o mar como complemento, algo despois o mar é o medio de vida e de emprego principal ata a década de 1960, e máis tarde, dentro da época que estudamos, tanto da industrialización endóxena como da emigración española e europea, incluíndo o camiño seguido polos profesionais do mar, reconvertidos dende o litoral moañés ou vigués ata a gran altura de calquera dos caladoiros de pesca do mundo ou de calquera outra rota da mariña mercante.

Da tensión entre o concello existente, co seu medio ambiente e o seu hábitat, e o concello que as corporacións do período franquista quixeron que fose, xa vimos as mostras máis senlleiras en canto a obras e servizos feitos no período 1950-1979, pero só apuntamentos do que os gobernos municipais pretenderon que Moaña fose. A partir da documentación encontrada respecto a algúns dos principais proxectos que non se levaron a cabo pero ben puideran ter cambiado completamente a fisionomía do noso concello, veremos as dificultades das corporacións moañesas para tentar realizar grandes e pequenos proxectos que quedaron adiados por mor de distintas circunstancias.

6.1 Peirao e dique do Con

En 1957 debátese no Concello sobre un anteproxecto do porto do Con, na parroquia de Tirán, elaborado pola Comisión Administrativa de Portos, valorado en 16.564.739,21 ptas. de orzamento, aprobando así mesmo o proxecto do dique-peirao do porto do Con, do que o presuposto e contrata importan respectivamente 1.671.110,96 ptas. e 1.898.252,25 ptas., un total de obra por valor de 18.462.991 ptas.

O Concello debe aportar a cantidade de 4.615.747,86 ptas., resultante de aplicar o 25% do importe total destas grandes obras, ante o que a institución local confesa preferir que se realicen primeiro as obras relativas ao peirao de Moaña e demais obras do porto anexas ao mesmo, "antes que as

aprobadas para o peirao e porto do Con, pois se ben este é un barrio do Concello, alí de momento están cubertas as necesidades e os seus peiraos reúnen as condicións necesarias para atender os servizos" , e tamén que a situación financeira do Concello impide a dispoñibilidade dos 4.615.747,86 ptas., solicitando a declaración de Moaña como porto de refuxio "pois sendo aquí onde a numerosa flota pesqueira ten un acubillo, por ser o mellor da Ría de Vigo, é o que debe gozar das vantaxes".

Facúltase ao alcalde para que solicite a declaración anteriormente anotada, "en razón á situación xeográfica que ocupa este peirao, pechado entre as puntas de Arroás e peirao actual de Moaña, punto de concentración da vila moañesa, que excede de douscentos barcos de vapor e motor, máis outras catrocentas embarcacións de vela e remo e as catro compañías de vapores que fan o servizo a esta vila e a Meira. Proba tamén en importancia o volume de pesca anual que excede dos 20.000.000 ptas. como termo medio" [310].

O Concello está a expresar, por unha banda, os argumentos de reforzo da centralidade do barrio da Praia, onde está situado o peirao de pasaxeiros con Vigo, a escolla porque sexa nese lugar onde se sitúe o posible peirao de abrigo da Ría de Vigo, e, unha vez máis, as carencias financeiras que estamos a ver como un problema estrutural ou crónico da maior parte das corporacións dese tempo. Retruca a JOP, nunha nova carta ao Concello, advertindo que o 25% da obra do Con non se refire á totalidade das obras senón só ás do dique-peirao, 1.671.110,96 ptas. e 1.898.252,25 ptas., pero a Corporación tampouco pode asumir as 475.563 ptas. ás que estaría obrigado[311].

A comunicación epistolar continúa en 1959, cando a Dirección Xeneral de Portos e Sinais Marítimas envía ao Concello un proxecto modificado de Prolongación do Dique Muelle do Porto del Con, cun orzamento de 2.466.652,21 ptas., debendo o Concello afrontar o 25% do importe. O Concello contesta, igual que en 1957, que aínda que as obras non son de tan urxente necesidade como outras solicitadas que afectan ao peirao de Moaña, acorda contribuír co 25%, pero que mentres non exista a urxente reforma anunciada das disposicións que afectan ás facendas locais, non dispón de fondos, pero que para aquela data disporán de ingresos por cortas de piñeiros nos montes municipais. Mentres, a aportación municipal do 25% faríase por vinteavas partes, no prazo de vinte anos.

O tema adíase ata que en 1962 a Intervención do Ministerio de Facenda require ao Concello para que en quince días ingrese as anualidades dende 1956 a 1962 -cos seus correspondentes intereses do 25%- da obra "Ampliación do embarcadoiro do Con", cuxa liquidación total é de 1.249.208,85 ptas. A Corporación, ante a situación "agobiante" que está atravesando a Facenda

310 PM17071957. AMCM.
311 PM14081957. AMCM.

local acorda que o alcalde, concelleiros e secretario visiten a Delegación de Facenda e Goberno Civil para por de relevo a dificultade existente[312].

A xestión desta importante obra enquístase ante novos requirimentos da Facenda do Estado en 1963. O goberno municipal enrócase dicindo que é descoñecedor da débeda reclamada, alega estar imposibilitado de atender tal obriga polos graves problemas orzamentarios, non ter disposición orzamentaria e, aínda que a tivese, non podería librar a cantidade consignada, solicitando da Superioridade o fraccionamento do pagamento, en vinte ou trinta anualidades, a partir de 1964, co que se dá fin a este expediente que durme ata que en 1970, en plena actividade de realización das grandes obras públicas en Moaña, Presidencia do Pleno Municipal informa que tendo coñecemento que en 26061957 fora aprobado anteproxecto relativo ao peirao do Con, e que en 1.958 tamén se aprobara outro proxecto para a ampliación do existente pero que ningún deles se levou a cabo, facúltase ao alcalde "para que tales proxectos teñan plena efectividade"[313], o que non deixaba de ser un novo desideratum.

6.2 Peirao de refuxio

Outra das grandes obras polas que o Concello de Moaña estivo interesado porque significaría un salto en canto á escala e envergadura entre os portos da Ría de Vigo foi o chamado Porto de Refuxio: en 1958, despois das suxestións recibidas nunha visita ao Director de Obras do Porto, elévase instancia ao Ministro de Obras Públicas interesando os trámites oportunos para que Moaña sexa declarado porto de refuxio, "posto que senón o crecemento e mellora da vila sempre se verán limitadas e o concello non poderá aportar a porcentaxe de capital que tal obra require, por ser moi elevada" [314]. De ser declarada Moaña como de refuxio, o Estado correría co total da obra, pero a Dirección Xeral de Portos denega o recoñecemento de tal obra en 1959, "dado o momento de austeridade no gasto" e aínda que a Corporación porfíe enviando súplica porque cre reunir todas as características e tamén por entender que no porto de Moaña non se realizaron obras en trinta anos, non acada ningunha resposta positiva.

6.3 Edificación de vivendas para funcionarios na Casa Consistorial

En 1965 recíbese un escrito do Presidente do Padroado Provincial de Vivendas para Funcionarios, e acórdase tramitar o expediente de cesión ao Padroado dos soares de propiedade municipal contiguos á Casa do Concello

312 PM31101962.AMCM.
313 PM28011970.AMCM.
314 CMP20111958. AMCM.

para que edifique neles a cantidade de vivendas para funcionarios do Concello que sexan posibles e tamén solicitar os proxectos arquitectónicos de edificación neses soares de cinco plantas, das cales a primeira ou entresolo será destinada á ampliación das oficinas municipais. No baixo instalaranse as Oficinas de Correos, Telegrafos, Xulgado, Biblioteca, etc., e as catro plantas restantes, con unha ou dúas vivendas en cada planta, para funcionarios, "ata o número de dez como mínimo. Foi outro proxecto que non se chegou a construír, pero si a ampliación, neses soares, da Casa do Concello, habilitando na planta baixa do edificio oficinas para o Servizo de Correos.

6.4 A "Cidade lineal" ou "Ensanche": utopía sobre o mar

> *"Eu tiven un proxecto de recheo, para rechear catro veces máis do que se fixo. Íase facer unha cidade lineal, calculada e delimitadas as zonas de construción: con prazas porticadas..., unha marabilla. Porque houbo unha empresa americana que pretendeu comprar o monte Gagán, desde o monte ata as casas de Domaio, para promover turismo de inverno. Habíamos feito este proxecto para, con esa venda, financiar a cidade lineal. Pero a Corporación rexeitou aquilo. Creo que foi a única cousa de trascendencia que a Corporación me dixo que non".* [315]

[Ver Plano 13: Ensanche central sobre o mar. Eloy Fernandéz Valdés]

En plena actividade de construción de nova obra pública e servizos básicos á poboación que vimos, entre mediados da década de 1960 ata mediados dos 70, o Concello de Moaña quixo levar a cabo a transformación máis ambiciosa: a creación dunha nova zona urbana, no núcleo litoral central, penetrando na badía a través dun recheo onde se situaría un novo "polo de desenvolvemento urbano" formado por edificacións públicas e privadas, axardinamento, paseos, etc., que recibiu distintas denominacións, como Cidade Lineal, Ensanche, etc., conceptos que lembraban vagamente políticas urbanísticas levadas a cabo noutros lugares como Barcelona ou Madrid, tentando apropiarse dunha semántica de prestixio e calidade no planeamento urbanístico. Este proceso de penetración ou de ensanchamento urbano a través da conquista dos terreos do litoral foi unha constante de todas as corporacións municipais pero ningunha delas con esta envergadura.

315 Sebastián Juncal. Entrevista, 28022008. AMOM.

Plano 13


RIA DE VIGO
MOAÑA
ZONA RESIDENCIAL ALTA
ZONA INDUSTRIAL
ESCUELA
PLAZA
PORTICADA
COOPERATIVA
ZONA COMERCIAL
ZONA RESIDENCIAL BAJA
MERCADO

A primeira noticia que temos durante o tempo que estudamos neste traballo é unha petición de ensanche e mellora no litoral do centro urbano pola degradación ou destrución do muro de contención do litoral moañés, sobre todo por mor das galernas da invernía. O alcalde insiste, ademais, que como a de beiramar é a rúa principal da vila, que bordea o mar e establece as comunicacións con Vigo, resultando demasiado estreita para o numeroso tráfico que por ela circula, en 1958 solicita da JOP, levar a cabo un "ensanche deste Ramal que permita que sexan atendidas as necesidades de poboación e tráfico, coas dimensións que considere acaídas, tendo en conta o crecemento rápido da vila". É dicir, aproveitando o mal estado da estrada chamada Ramal ao peirao ou beiramar, non só reparar o muro de contención para solucionar o problema da filtración do mar que contribúe ao derrube da estrada coa creación de fochancas senón aproveitar tamén para ampliar o territorio urbano cara ao mar.

En 1965 volve aparecer a mesma demanda de reparación da citada vía litoral, argumentando de novo o crecemento do tráfico de vehículos e peóns, pero agora cunha idea que se pretende plasmar nun proxecto chamado Ensanche, que xa adianta e perfila, de forma máis explícita, as intencións como estratexia a medio prazo, xa que a Corporación considera de gran necesidade proceder ao "ensanche de tal vía de comunicación, a expensas da zona marítima", e por unanimidade acorda dirixirse aos Servizos Técnicos da Deputación solicitando a redacción dun proxecto, "para ensanche do ramal, da estrada ao peirao, dende a Seara á Praza, e dende a Confraría á rampla, recentemente construída, fronte á gasolinera… "[316], proxecto que se argumenta tamén como necesario "polo gran movemento turístico" que transita por Moaña nos anos 60.

O alcalde Sebastián Juncal volve recoller a idea e acorda encargar un proxecto para "Nova Casa Consistorial nas inmediacións da Praza de Abastos e o recheo, sobre piares, na mesma ría"[317]. En 1968 infórmase sobre unha solicitude municipal de recheo para este proxecto, que vai collendo corpo e extensión sobre a idea de "efectuar un recheo colindeiro coa vila de Moaña, na zona comprendida entre o peirao e o Cuartel da Garda Civil…, a obra suporía un ensanche da vila, para zona verde, para construcións oficiais, e o resto para a venda de soares, ao obxecto de financiar o custe do mesmo"[318], suxerindo que o enxeñeiro de camiños Enrique Bouza del Prado podería confeccionar o anteproxecto que servira para iniciar o trámite do expediente no Ministerio de Obras Públicas, por un importe de 200.000 ptas., a condición de que no seu día se lle encargase a el mesmo o proxecto definitivo. A Corporación, por unanimidade, acorda que "tan pronto como as condicións económicas o permitan" se lle encomende o anteproxecto.

316 PM24111965. AMCM.
317 PM28061967. AMCM.
318 PM26041968.AMCM.

En 1971, Alcaldía pon de manifesto "a conveniencia de obter unha concesión en zona marítimo-terrestre, na enseada de Moaña, ao obxecto de poder dispor no futuro dos terreos necesarios para la creación do parque infantil, emprazamento da Casa Consistorial e demais edificios públicos, e incluso de soares para a futura expansión de Moaña, mediante a construción dun muro de contención e recheo da expresada zona"[319]. A Corporación acorda por unanimidade designar a Eloy Fernández-Valdés Rodríguez a redacción do proxecto técnico do muro de contención e recheo da zona citada, que se estenderá dende a terminación da ordenación da praia da Xunqueira, proxecto que se redacta pola JOP, ata o peirao de viaxeiros.

Como podemos ver, o proxecto cada vez avanza máis, tanto na lonxitude ocupada de liña litoral –dende a praia da Xunqueira ata o peirao- como nos servizos públicos que se pensan instalar no recheo, "comprendendo unha profundidade no mar duns 348 metros a partir do actual muro de contención do soar da Praza de Abastos"[320], o que vai trazando un proxecto cada vez máis estratéxico que se quere converter no eixe do desenvolvemento urbanístico, administrativo, residencial, empresarial e social moañés producindo o quilómetro cero ou o imán da configuración do novo centro urbano.

Eloy Fernández-Valdés entrega o "Anteproxecto de urbanización da Seara, dende a praia da Xunqueira ata a rampla de Moaña", en decembro de 1972, cun importe total aproximado de 350.000.000 ptas. A memoria explica que "o problema máis urxente de Moaña no momento actual é o da falta de terreos urbanizables, o que impide a urbanización de dita cidade. Este problema estase a facer máis grave ante o anuncio da execución das obras da Ponte de Rande, o que provocou unha incontrolable vaga de especulación", que converterá Moaña nun barrio de Vigo, prevendo que o concello pase a ter na fin do século unha poboación de 50.000 habitantes.

O citado anteproxecto deseña unha zona de edificios públicos (praza porticada con Casa do Concello, Confraría de Pescadores, Escolas), zona comercial, catro mazás de zona residencial de edificación alta ("con fachadas en grandes galerías acristaladas tipo 'Coruña", para baixo e tres andares), zona residencial de edificación baixa (nove parcelas para edificación unifamiliar con xardín privado, preto da praia da Xunqueira) e unha zona industrial (con "planta baixa e arquitectura decorosa") nas nove mazás máis afastadas das zonas residenciais, todo comunicado a través de grandes avenidas con cumpridas zonas axardinadas.

A última referencia oficial a este macroproxecto é a lectura dun informe urbanístico por parte do enxeñeiro Alfonso Enríquez Moure sobre a necesidade de establecer "unha zona de expansión cara ao mar dende a rampla

319 PM04081971.AMCM.
320 PM01031972.AMCM.

varadoiro nas proximidades do peirao ata a praia da Xunqueira, ordenando esta zona de tipo residencial con paseo marítimo, zonas verdes, centros comerciais, emprazamento de edificios públicos como Casa Consistorial, Confraría, Correos e Telégrafos e outras análogas", que a Corporación acorda tomar en consideración e remitilo ao equipo urbanístico das NCSP, en 1976, e que significa a fin da idea de poder materializar en aquel momento unha pulsión histórica das vilas e cidades litorais: a creación do cerne ou núcleo urbano novo sobre o mar, delimitando zonas de dotacións públicas como unha nova Casa do Concello, escolas, xardíns, etc., con zona residencial privada, unha operación prevista para financiar parte desta expansión do borde mariño sobre o mar que ficou arquivado como o máis grande soño de proxecto de urbanización do século vinte.

A conquista urbanística do mar, un proxecto case veneciano, quedaba aprazada nas dimensións e contidos soñados polas corporacións municipais de Sebastián Juncal, que pilotaran grandes cambios no desenvolvemento urbanístico entre 1966 e 1975. Sobre estas utopías, Cardín[321] fala de "atrevemento" como definición deste proxecto estrela, nun estudo socioeconómico que define a Moaña de 1973 como "*municipio de grande vivacidade e de acelerado crecemento, está en plena época de realizacións e construcións, con interesantes proxectos urbanos. Debería acometer a redacción dun Plan Xeral ou cando menos dun Esquema Director que dera entidade e validez aos seus plans parciais: O Con, A Xunqueira e o atrevido proxecto de Seara (Plan de Ordenación do Casco Urbano)*"

6.5 Pista Polideportiva, Plan Especial da Praia da Xunqueira

Despois da inauguración da Concentración Escolar, o espazo da Xunqueira constituíuse como unha zona con oferta de servizos educativos, deportivos e lúdicos, apoiada no verán polo novo hábito social da cultura das praias como lugares de encontro e lecer. O Concello non deixou de pensar nese ámbito como un dos polos máis importantes a ordenar para completar unha oferta de servizos máis moderna e urbana, acorde co que se publicitaba nos anos 70.

O primeiro proxecto de certa envergadura, despois do cambio de usos da zona, centrada na dinámica xerada polo Colexio Nacional Amador Montenegro Saavedra, foi a pretensión de instalar na zona da Xunqueira unha pista polideportiva en 1972, acolléndose ás facilidades ofrecidas pola Deputación Provincial e a Delegación Nacional de Deportes, cun orzamento inicial de 1.200.000 ptas. e financiamento tripartito: 400.000 ptas. cada unha das tres institucións. O Concello aproba este novo proxecto, redactado polo arquitecto Antonio Román Conde por un importe de 799.917 ptas., para a execución por

321 CARDÍN TORANO , A., RAFOLS ESTEVE, J., (1974) , p.164

contrata, que se somete a información pública, se solicitan as subvencións das outras dúas institucións e acada un teórico compromiso para o remate da obra antes da fin de 1972, pero aínda se aproba definitivamente en 1974, anunciándose no BOE en pública poxa, sen presentarse licitador.

A seguinte idea municipal desta década para a zona da Xunqueira foi o chamado Proxecto de Plan Especial de Ordenación de usos, aproveitamentos e servizos da praia da Xunqueira, *[Ver Plano 14: A Xunqueira]* redactado por Joaquín Pérez Bellod, a requirimento da Xunta do Porto e Ría de Vigo, institución que o remite ao Concello de Moaña para a súa elevación ao MOP. O proxecto inclúe vieiros, estacionamentos, xardíns e zonas verdes, un centro deportivo municipal -piscina, campo de fútbol con pistas de atletismo circundantes, etc.-, auditorio para actividades ao aire libre, espazo de 2.000 m^2 para "toldos, sombrillas e hamacas" e lugares para establecementos comerciais de tipo hostaleiro.

A institución portuaria construiría o complexo e traspasaría a concesión da explotación ao Concello de Moaña, que tería que satisfacer a cambio unha taxa anual. A Corporación acorda "o informe favorable da parte do estudo minucioso e detallado da ordenación sanitaria e urbanística da praia da Xunqueira", porén, non está de acordo "co estudo económico financeiro que significaría un déficit de 3.640.000 ptas. de gastos anuais de explotación"[322], que serían por conta da institución municipal.

A CPU recibe o proxecto, 26091973, aprobado inicialmente polo Concello de Moaña, e informa que a Delegación do Ministerio de Información e Turismo estima que a instalación do Estadio, Auditorio, Piscina, etc., "non semella acertada ante o risco de perder un irreparable recurso turístico", pero a Corporación moañesa acorda rebater o informe[323], coa seguinte argumentación: *"a situación dos expresados edificios e servizos efectúase na zona da Xunqueira, existente entre a praia e a estrada de Cangas a Vilaboa, non afectando para nada á praia (...), quedando un paseo marítimo no borde da praia, mellorarase sensiblemente as perspectivas turísticas da zona"*, acordándose aprobar provisionalmente o Plan de Ordenación da praia, remitíndoo á CPU para a súa aprobación definitiva, que nunca se produciu.

322 PM31071973. AMCM.
323 PM03041974. AMCM.

Plano 14


Escala 1:1.000
VILLAROA
ZONA AJARDINADA DE AMILLAR
ZONA ESPARCIMIENTO
JARDINES
USO PUBLICO
ZONA AJARDINADA
TRANSFORMADOR

6.6 Nova travesía da Martinga, camiños de A Miranda e A Xeira

Un dos proxectos probablemente máis pertinentes en canto á escala e á propia xestión política e urbanística que sería mester para levalo adiante, é o derivado dunha moción dos concelleiros José Villaverde e José Currás, en 1971, para realizar e aprobar un proxecto de aliñamentos que dera lugar á creación dunha nova travesía no camiño entre a Martinga *[Ver Plano 15: Nova travesía A Martinga]* e a rúa Concepción Arenal. Estimaban estes edís que a aplicación dos retiros establecidos na Ordenanza correspondente, resultaban inadecuados tendo en conta a edificación existente á marxe da mesma.

Plano 15

A Presidencia do Pleno Municipal, Sebastián Juncal, por ser parte interesada, auséntase do Salón de Sesións, e a Corporación, por unanimidade, acorda declarar de urxencia a moción e encargar a redacción do proxecto que redacta o aparellador municipal Amador Montenegro. Unha vez aprobado por unanimidade, exponse ao público sen reclamacións e obtén o definitivo plácet despois do anuncio no BOP en 1972 cando se recibe escrito da CPU. O Pleno acorda ter en conta a nova aliñación para a concesión de licenzas e edificación.

Un dos promotores do proxecto, o concelleiro Villaverde, expón en

1974 que analizada a situación xeral relativa aos vieiros do casco urbano e considerando existe unha extensa lonxitude delimitada dende a Avenida de Méndez Núñez, no Real, ata o cruce de Fontecán, sen comunicación coas vías arteriais que lonxitudinalmente atravesan o casco urbano, e tendo en conta que en 1967 xa os concelleiros Vicente José Rodríguez García e José García Núñez propuxeran e acadaran aprobación para o trazado dunha nova travesía dende Martinga ata a fronte da Confraría, pedindo que tal obra se leve a cabo.

Mario Labraña Velázquez, primeiro tenente alcalde, considera que non hai motivo para a execución do proxecto cando está en estudo a aprobación do Plan de Ordenación do centro urbano de Moaña e os técnicos do mesmo no previron ningunha actuación. Os concelleiros José Verde e José Currás manifestan que non deben redactarse máis proxectos mentres non se dea execución a todos os aprobados e acordados. O tema queda sobre a mesa e a zona aludida continuará coa mesma dimensión para o mesmo camiño histórico, adecuado, como tantos outros nesta época, para un mínimo acceso do tráfico rodado de vehículos privados pero sen dimensión cumprida en canto ao seu ancheamento.

O mesmo rumbo do esquecemento seguiron as aliñacións aprobadas para acondicionar outros dous camiños históricos, os de A Miranda e A Xeira, de gran importancia para a comunicación entre o centro urbano litoral, o centro histórico de San Martiño e a estrada de Marín ao Con, moi anteriores mesmo á construción das dúas estradas principais que deron lugar ao centro urbano litoral de Moaña: o camiño da Miranda era unha vía moi transitada entre a parte alta e a baixa de Moaña, xa que o seu trazado permitía un desprazamento de carros e carretas con acceso imposible ou de moita dificultade por mor da orografía de camiños como A Canexa ou A Xeira.

Dentro dos grandes cambios realizados ou planificados no "desenvolvementismo", A Miranda e A Xeira contaban con cadanseu proxecto aprobado *[Ver Plano 16: aliñacións A Xeira-A Miranda]*, en 1970, cunha anchura de sete metros e as novas aliñacións fixadas no proxecto técnico, pero que non se chegaron tampouco a executar amosando, unha vez máis, as dificultades e os conflitos á hora de establecer aínda que fose unhas mínimas bases do viario que atravese núcleos habitados historicamente para adaptalos a un urbanismo moderno con novas características e necesidades socioeconómicas, demográficas, orográficas e residenciais.

Plano 16



6.7 Club de Remo

En 1968 o Goberno Civil comunicara[324] ao Concello a concesión dun Club de Remo e Campo de Fútbol, con "carácter de pista polideportiva", por valor de 3.800.000 ptas., esperando se ofrezan os terreos por parte da Corporación para estas dotacións. Case un ano despois, a Xefatura do Servizo Nacional de Educación Física comunica ao Concello a subvención de 600.000 ptas. para a realización dun Club de Remo que importa un presuposto total de 1.422.369 ptas., para que a municipalidade aboe a diferenza, "segundo o compromiso adquirido".

A Xunta Provincial de Educación Física y Deportes comunica en 1969 a subvención de 400.000 ptas. para construción dun club de remo: o Concello deberá aportar os terreos e 200.000 ptas para completar un orzamento total de 600.000 ptas. A Corporación ofrece os terreos da zona da Xunqueira e comprométese[325] ao pagamento da cantidade citada,

En 1970 rexístrase un cambio substancial de situación pasando o proxecto desta dotación deportiva a realizarse sobre a lámina do mar, ao abeiro do peirao de pasaxeiros: visto o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños José García Sáenz Díez para a construción do "Club de Remo Méndez Núñez", así como a nova situación da obra na rampla do peirao sobre o mar e "fronte ao portal de ferro da finca O Real e a carón da rampla existente", a Corporación acorda aprobar a situación e solicitar do MOP a concesión dunha parcela na zona marítimo-terrestre.

O proxecto de Sáenz Díez, cun orzamento de 1.307.011 ptas. e un importe de dirección de obra de 70.990,36 ptas., apróbase[326] co seguinte prego de condicións: 1.307.011 ptas. por contrata; honorarios de dirección: 44.368 ptas; honorarios de subdirección: 26.621 ptas., total: 1.378.001 ptas., cun prazo de execución total de seis meses a partir da adxudicación. Despois de poxa pública, a obra é adxudicada[327], á baixa, en 1.279.713 ptas., a Julio Soliño González, de Bueu, acordándose que o tempo de execución da primeira fase será de catro meses.

A última referencia a esta magna obra comezada coa pilotaxe, cementación e colocación de columnas sobre o mar, aparece na documentación municipal cando en agosto de 1971 o concelleiro José Villaverde prega á Presidencia lle informe as razón da paralización das obras do Club de Remo, demanda que Alcaldía responde afirmando descoñecer as razón pero asegurando dirixirse ao contratista recordándolle o prazo de execución dunha obra importante que non se chegou a realizar.

324 CMP29051968. AMCM.
325 PM20081969. AMCM.
326 PM29071970. AMCM.
327 PM21031971

7. INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS

Cando se promulga a "Lei de 12 de maio de 1956 sobre réxime do solo e ordenación urbana"[328], que marcaría un fito importante no planeamento e a forma de facer urbanismo en España, sobre todo nas cidades, tamén existían referencias e aspectos de regulación do urbanismo local na Lei de Réxime local de 1955.

Tanto unha como outra lei foron aplicadas en cuestións puntuais de calibre como expropiacións, suspensión de licenzas por desenvolvemento de plans parciais, etc., pero a gran maioría da actividade urbanística e/ou de nova construción residencial, reformas, etc., regulada pola Administración Local moañesa, tivo como marco normativo as Ordenanzas Municipais de 1913, que trataban, no capítulo XXV, aspectos como as obras de reforma das vivendas, no XXVI sobre edificios que ameacen ruína ou tamén, no capítulo XXVII, "Outras regras de policía", no artigo 223: "O Concello no poderá nunca sinalar liña para edificación nas marxes de camiño veciñais que no deixe, cando menos, unha anchura no camiño de 1,50 metros a contar desde o eixe do camiño e paralelo ao mesmo"[329], unha norma tan histórica como limitante para a configuración do urbanismo local e o devir do medre residencial rexistrado no período do noso estudo, sobre todo nas décadas de 1960 e 1970.

As ordenanzas moañesas de 1913 eran un catálogo normativo pretendidamente estrito, autoritario e hixienista, pensado para unha sociedade rural de economía agropecuaria e hábitat de casais, aldeas e parroquias, escrito máis dende aspectos da microhistoria cotiá e os seus posibles conflitos que para un ordenamento do territorio e a poboación como o que representaría o espírito da Lei do solo de 1956, instrumento legal pensado e aplicado con criterios aplicables para sociedades con demandas cada vez máis urbanas.

A negativa do Concello de Moaña a admitir de bo grao a aplicación de regulacións superiores para a ordenación do territorio, o urbanismo e a construción civil, levou a que o desenvolvemento residencial dos anos 60-70 comezase a pasar factura sobre unha trama de camiños rurais habilitados para as novas circunstancias do tráfico rodado, con falta de saneamento público, contaminación das augas, vertedoiros incontrolados, incremento da natalida-

328 BOE nº 135, de 14 de maio de 1956.

329 Ordenanzas municipales 1913. AMCM.

de que incide no extraordinario crecemento do parque de vivenda unifamiliar sobre as vías de comunicación rodadas colapsando a posibilidade de modificacións no seu trazado, aliñacións, ancheamentos, etc.

A primeira constatación da desregulación urbanística no tempo que estamos a estudar prodúcese cando a Corporación acredita na necesidade de ditar unha norma a seguir en canto ás aliñacións de peches e construcións de edificios e vivendas lindeiros coas vías públicas, posto que o establecemento, nas ordenanzas de 1913, da medida de 1,5 metros para a anchura dos camiños limita a funcionalidade dunhas vías de comunicación como os camiños estendidos pola maior parte da superficie habitada da Moaña non urbana e impedidos da funcionalidade que se require para unha transformación edificacións e vivendas, así como a necesidade do vehículo privado para acceso a elas, falta de estacionamentos, etc.

O Concello procura autorregularse sen recorrer a ningún tipo de planeamento superior que xerarquice e ordene, posto que existe o medo á reacción social, nun momento en que o Goberno Civil está a tratar de acelerar a aprobación do POLRB. A Corporación, condicionada polos factores que estamos a analizar, por unanimidade, despois de ampla deliberación, acorda:

> *"1º) Que toda edificación que se realice lindando con sendeiro público, que non teña a condición de camiño para vehículos, deberá ter un ancho, como mínimo, de tres metros; a cuxo efecto, tendo en conta o ancho mínimo dun metro, do sendeiro primitivo, a casa propietaria colindeira terá que retirar a edificación, calquera que sexa, outro metro. 2º) Que cando as edificacións linden con camiños públicos, terán que retirar, se son edificios, tres metros do eixo do camiño; e se son cerramentos, retirarán dous metros de eixo do camiño"*[330]

Prodúcese, polo tanto unha transición cara ao ancheamento das vías públicas para o caso das novas edificacións que vén significar, na práctica, que os camiños públicos pasen –na súa maior parte- a ter un ancho teórico de 3m. a 4 m. posto que a maior parte das vivendas unifamiliares da época edifícanse con cerramento sobre o camiño, deixando na fronte un pequeno patio pechado entre a vía pública e a vivenda construída.

En 1967, nun contexto de grandes cambios en ordenanzas municipais, mobilidade social ascendente, incremento xeral do nivel de renda da

330 PM31031965. AMCM.

poboación e déficit crónico nas finanzas municipais, o Concello aproba , entre outras, a actualización da ordenanza sobre concesión de licenzas de construción coa modificación das súas tarifas, aumentadas un 100%. A ordenanza de plusvalías, que xa tiña un acordo de 1965 para actualización relativa ao incremento do valor dos terreos, así como aos valores unitarios correspondentes, apróbanse de novo, coa súa nova táboa de valores, tamén para 1967.

Cando non pasaran dous anos, en 1969 Alcaldía pon de relevo a necesidade de introducir modificación no art. 222 da Ordenanza Municipal, actualmente en vigor…, modificada polo Pleno de 31031965, que establecera que as edificacións lindeiras con vías públicas terían que retirar a tres metros do eixo do camiño en caso de edificación, e a dous metros en caso de cerramento de fincas, *"considerando estas dimensións deficientes tendo en conta o movemento actual de vehículos e o aumento de tránsito por las vías públicas",* a Corporación por unanimidade acorda que *"en lugar de tres metros, os edificios se retiren para a súa construción, a cinco metros do eixe do camiño; e os cerramentos dos predios e fincas, a tres metros"*[331]. A presión social, agora a través dunha veciñanza que cada vez está a utilizar máis o automóbil incide sobre o Concello para que modifique as dimensións mínimas dos camiños, unha ordenanza que á penas estivera en vigor pouco máis de dous anos.

No medio das grandes obras de infraestruturas en 1973 –sobre todo no centro urbano- e en plena dinámica de novos proxectos municipais, o Concello comeza a sentir o efecto da súa cativa política fiscal, o que ralentiza a aportación financeira local para novas infraestruturas, e decide incrementar a ordenanza fiscal sobre dereitos ou taxas por licenzas de construción[332], acordando modificar as taxas, de:

> *a) aliñacións e rasantes: por fixación de liña e rasante no casco urbano, ata 10 m. de fachada, 200 ptas. Cada metro en exceso, 15 ptas. Por fixación de liña e rasante no resto do termo municipal ata 10 m. de fachada, 100 ptas. Por cada metro en exceso, 10 ptas.*
>
> *b) construcións de nova planta e ampliacións. Por m^2 de edificación ou fracción, no casco urbano, de baixos sen dividir, 50 pts., de pisos para uso de vivenda en todo el termo municipal, 40 ptas. m^2 ou fracción. Baixos sen dividir no resto do termo municipal, 40 ptas. m^2 ou fracción.*
>
> *c) edificacións para uso de industrias ou almacéns: por m^2 ou fracción, 40 ptas. en todo o termo municipal.*

331 PM02051969. AMCM.
332 PM07021973. AMCM.

d) reformas: obras de reforma sen modificar estruturas, tales como construción de galerías, ventás e portas, m² ou fracción, 200 ptas.

Cando se decide este incremento nas taxas das licenzas de construción xa pasou máis dunha década de incrementos sostidos no parque residencial moañés, con preto dun cento de licenzas de obra nova cada ano, tendencia que non continuaría despois de mediados dos anos 70. Por outra parte, existía unha porcentaxe apreciable de construcións novas sen legalizar e unhas importantes taxas de absentismo en canto a solicitude da obrigatoria licenza municipal de obra tanto para ampliacións como para reformas. É dicir: increméntase a presión fiscal cando a época do gran crecemento na edificación de vivenda está a descender, como veremos.

Outro problema que se crea a partir do control que pretenden facer as autoridades provinciais sobre o urbanismo moañés é o criterio da Corporación Municipal á hora de dar as licenzas de obra nova para vivenda unifamiliar en zona non urbana, posto que o Concello é históricamente tolerante, cando non "mira cara outro lado" -aínda que non se respecte a legalidade- con todo tipo de edificación unifamiliar.

A Corporación pretende interpretar con ambigüidade unha parte do artigo 69 da Lei do solo, entendendo que *"exceptúa das condicións de volume de edificación permisible en solo rústico a construción de vivenda familiar illada, cuxa circunstancia de illamento non se encontra precisado na Lei, no que respecta a unhas determinadas circunstancias de illamento ou de separación da edificación nos lindeiros das parcelas"* apoiándose tamén en que as NCSP provinciais tampouco concretan estas medidas, limitándose a establecer, para o resto do solo urbano a condición de que a edificación se retirará das medianeiras e testeiros unha distancia maior de 5 m.

En realidade, a Lei do Solo marca como criterio de edificabilidade na zona rústica a construción de 1 m^3 por cada 5 m^2 de terreo, criterio que choca coa realidade das pequenas parcelas características do minifundio e que a institución local tende a obviar: unha porcentaxe importante da veciñanza edifica sen solicitar licenza, sabendo que, co paso do tempo, toda obra é legalizable ou –por inercia consuetudinaria- "tende á súa legalización".

Para unificar o criterio a establecer con carácter xeral ao respecto, a CMP acorda dirixirse ao Delegado da Vivenda[333], interesando consulta e aclaración a respecto das NSCP no que respecta á construción deste tipo de edificacións para que en caso de existir lagoa legal ao respecto, manifeste o criterio establecido con carácter xeral. A realidade é que estamos a entrar na

333 CMP14081974.AMCM.

fin da ditadura e continúase co hábito histórico da tolerancia, aínda que formalmente comece, despois de 1975, un incremento das actas por infracción urbanística.

A Corporación Municipal de 1977, como vimos, rexistra debates, críticas e disensións entre os seus membros, mesmo cuestionamentos abertos sobre o proceder da Alcaldía e tamén amosa unha maior preocupación por temas que comezaran a aparecer na axenda política da oposición clandestina ao franquismo como a tolerancia cara ás infraccións urbanísticas de determinados promotores e contratistas. Por tales motivos, e como consecuencia da aprobación do Decreto 3250/76, é mester actualizar todas as ordenanzas fiscais, de tal forma que se acorda unha nova Ordenanza[334] para o proceso de outorgamento de licenzas urbanísticas onde se establece unha nova taxa por prestación de servizos, tanto técnicos como administrativos e realización de actividades necesarias para o outorgamento da preceptiva licenza urbanística para instalacións, construcións e obras de toda clase.

Esta Ordenanza está pensada tamén para exercer un maior control, tanto fiscal como administrativo sobre calquera tipo de obra nova para ver se *"se axustan aos plans de urbanización vixentes, que son conformes ao destino e uso previsto, que non atentan contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que está de acordo coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e que non existe ningunha prohibición de interese xeral"*. Preténdese que esta nova norma local sexa aplicada tanto aos solicitantes da licenza como a executantes e directores das obras cando estas se realizasen sen a perceptiva licenza.

Tamén responderían subsidiariamente os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen instalacións, construcións ou se executen as obras, sempre que unhas e outras se levaran a cabo coa súa conformidade expresa o tácita: a Administración Local pretende ter un maior control de todos os axentes que participan no proceso edificatorio de novas construcións ou de reforma de edificacións aos efectos de respectar a licenza e, de non ser así, determinar sobre quen recaerá a responsabilidade ou posible sanción.

Outra novidade é que para calcular a taxa xa non se establece o criterio vixente ata ese momento senón que a base do novo gravame "está constituída polo custe real e efectivo das obras. A este efecto os solicitantes terán que acompañar, ademais dos requisitos técnicos que esixe a obra, o orzamento da mesma". Comeza a aplicación dun tipo de taxa máis adecuada ao custe real do proceso construtivo: establécese unha cota mínima de 750 ptas., máis o 1,5% do importe da base do gravame, un pagamento en función dos servizos públicos prestados para obtención de licenza –establecemento de rasantes,

334 PM21031977.AMCM.

aliñacións, retiros, etc.-, e do valor estimado da obra a realizar, calculado polos baremos establecidos polo Colexio de Arquitectos.

O procedemeno a seguir nesta nova Ordenanza indica que as persoas interesadas na obtención de licenza presentarán no Concello solicitude con especificación detallada da natureza, extensión e alcance da obra ou instalación a realizar, lugar de situación e orzamento do custe real da obra, asinado por quen teña ao seu cargo os traballos ou facultativo competente. A solicitude poderá ser formulada polo interesado, o seu apoderado ou o contratista de obras pero neste caso deberá facerse constar o nome e enderezo do propietario do inmoble e do arrendatario do mesmo cando as obras se realicen por conta e interese deste.

As solicitudes para obras de nova planta, reforma esencial de construcións existentes e en xeral todas aquelas que así o establezan as Ordenanzas de edificación, deberán ir subscritas polo promotor das obras e polo técnico director das mesmas e acompañadas dos correspondentes planos, proxectos, memorias e orzamentos, visados polo Colexio Oficial ao que pertenzan. Deberá facerse constar, ademais, que o soar está completamente expedito e sen edificación que impida a construción; caso contrario, deberá solicitarse previa ou simultaneamente permiso para demolición das construcións. Nas obras maiores deberá colocarse un cartel en lugar ben visible no que figurará o nome do promotor, o director de las obras e a data de licenza municipal.

As liquidacións iniciais serán de carácter provisional e o seu importe de dereitos mínimos da licenza. Rematadas as obras a Administración Municipal comprobará o efectivamente realizado e o seu importe. A efectos de practicar a liquidación definitiva o titular do permiso e o director da obra quedan obrigados a remitir ao concello ao remate da obra e en todo caso antes de que transcorran catro anos, o importe da execución real da mesma, extremo que se xustificará, nas obras maiores coa certificación final de obra expedida na orixe, visada polo Colexio respectivo.

As licenzas caducarán, nas obras maiores, se non deran comezo en seis meses e finalizaran en catro anos. Nas obras menores, se non comezaran en dous meses e remataran nun ano.

As infraccións contra esta ordenanza poderán ser: a) simples, consistentes no defectuoso cumprimento dos preceptos da mesma cando non se cause prexuízo económico á Facenda Municipal; b) de omisión, cando o interesado tenda a ocultar parcialmente o feito impoñible ou a base do gravame, en especial cando non se dea conta do maior valor das obras realizadas ou das modificacións das mesmas, e c) cando o interesado cos seus actos tenda a eludir totalmente ou na súa maior parte o pagamento da taxa e en especial cando realice obras sen licenza municipal ou falsee calquera declaración en

extremos esenciais para la determinación da base de gravame ou cando sexa reincidente. A simple infracción castigarase con multa de ata 500 pts. por cada infracción, a de omisión con multa de ata o 50% do importe da débeda ocultada e a de defraudación con ata o duplo da débeda defraudada.

En xaneiro de 1977 comeza a aplicarse esta ordenanza que quere atender unha carencia histórica de regulamento real do procedemento de concesión de licenzas e control das obras e reformas e faino despois de que durante os case vinte anos anteriores se producira toda a casuística que se recolle no articulado da Ordenanza. Viña a constituír unha posible solución normativa, que se pretende radical, a un problema que forma parte da cultura social e familiar de Galicia: a primacía do dereito individual de cada familia ou propietario dun terreo sobre a ordenación e regulamento de calquera tipo de ordenación territorial, urbanística, inmobiliaria ou fiscal: pero os cambios non se produciron de forma tan radical senón a través dunha asunción progresiva dun tipo de cultura urbanística máis colectiva e urbana, que viña sendo un dos signos dos tempos, aínda que o lexislador, e tamén a Administración Local neste caso, puideran pensar de forma voluntarista que unha norma social históricamente arraigada se cambiaría á penas pola entrada en vigor dunha nova norma legal.

Esta nova e importante Ordenanza require aclaracións ao pouco tempo da entrada en vigor, dado que a súa posta en marcha dá lugar aos primeiros desencontros entre algúns dos axentes implicados no proceso de solicitude de licenzas de construción de obras. Alcaldía de Moaña ten que puntualizar que a liquidación das taxas municipais deben ser conforme ao prezo real das obras[335]. Durante este ano que leva a Ordenanza en vigor, o Concello viña tomando como base o importe do presuposto de obra que servía para a liquidación de honorarios dos técnicos. Sen embargo, os Colexios [de arquitectos] comezaron a omitir tales datos nas minutas de honorarios, polo que o Concello de Moaña, embarcado outra vez en grandes problemas de xestión fiscal e débedas, ordenou un estudo sobre prezos de custo da construción no municipio, aos aparelladores municipais. Unha vez lido o informe, acórdanse os seguintes prezos para licenzas:

m^2 de obra de nova planta: 12.000 ptas.

m^2 de obra de adición dun piso ou ampliación de planta: 15.000 ptas.

m^2 de placa: 1.500 ptas.

Estes prezos establécense como mínimos. No suposto que a Administración, ao liquidar as taxas, soubera de prezos superiores, xiraría a liquidación provisional sobre estes.

335 CMP06111978.AMCM.

A Corporación Municipal estaba nunha situación de debilidade política, a punto de rematar o réxime, cando atende formulacións como estas, de carácter voluntarista cando a representación política do Concello non ten nin a lexitimidade, nin a capacidade técnica, nin administrativa, nin fiscal, nin de inspección, para controlar o volume de infraccións urbanísticas e irregularidades que se están a producir no proceso de edificación ou reforma residencial.

Toda esta enxurrada de cambios normativos sobre o proceso de regulación da edificación residencial non fan máis ca ilustrar a limitada resposta dos gobernos locais ante o reto de estaren ante os maiores cambios en canto a desordenamento territorial por mor da gran actividade de edificación de vivendas no período que estamos a estudar, o maior cambio na dinámica urbanística de todo o século vinte, ao que se tenta facer fronte aceptando as leis estatais de mala gana porque o proceso de crecemento residencial vese, social e politicamente, como o gran progreso dunha vila como Moaña, un proceso común as vilas e cidades de Galicia e España.

7.1 Análise e tipoloxía das infraccións urbanísticas

Da recollida de datos nos plenos da Corporación moañesa ilustraremos aspectos da legalidade urbanística, a súa tipoloxía e complexidade, parándonos en aspectos singulares para entender este apartado da Administración Local entre 1956, primeiro ano en que se debaten aspectos das infraccións urbanísticas na documentación municipal, e 1979, cando chega a primeira corporación democrática ao goberno municipal. Distinguiremos tres fases do franquismo local, en canto á súa actuación sobre as infraccións urbanísticas: 1956-1966, 1967-1975 e 1976-1979.

Hai que recordar que non só existe a legalidade urbanística local senón que, de forma reiterada durante o período histórico que analizamos, existe unha autoridade provincial e estatal que intenta marcar o rumbo da normativa ante a permisividade política local, así vemos que xa en 1951, a Fiscalía Provincial da Vivenda recorda á Corporación que non se pode autorizar ningunha obra nova ou arranxo de interiores que cambien a estrutura da vivenda sen a aprobación da Fiscalía, "xa que se na súa visita de inspección se encontra algunha que non cumprise este requisito, será declarada clandestina, paralizándose as obras e nalgúns casos ordenándose o derribo das xa realizadas, aínda que estivesen en estado moi avanzado ou rematadas"[336].

Este mesmo organismo envía comunicacións sobre denuncias por existiren defectos hixiénicos nas vivendas pero, en xeral, a actuación do Concello non recolle ningunha novidade ou corrección destas incidencias.

336 PM14021951. AMCM.

En 1956 van ao Pleno catro asuntos de disciplina urbanística, a maior parte por denuncias veciñais:

1. Muro ocupando parte da vía pública.

2. Realización de obra sen licenza.

3. Apropiación de terreos do patrimonio municipal forestal por parte de veciños, flocos do conflito pola propiedade histórica dos montes de man común.

4.Construción de pozos de desaugadoiro de retretes que constitúen un foco de infección.

En 1957 recóllense en sesión plenaria catro temas de disciplina urbanística que nos van orientando do teor das infraccións por obras maiores como vivendas ou fábricas e o seu tratamento pola Administración:

1.ABJ pide licenza para construción dun edificio de 200 m. para cordoería. A Comisión informa que a obra xa está realizada, sen licenza e ocupando terreos da estrada Cruz da Maceira-Meira que está a facer a Deputación. Proponse o derribo, pero tendo en conta que o soar queda afectado na maior parte pola estrada aludida, estúdase indemnización polo terreo ocupado, facéndolle oferta ao propietario de 5.500 ptas., debendo deixar libre o terreo o máis rapidamente posible. Meses despois volve acordarse o derribo da obra.

2.Solicitude particular de obras. A Comisión informa que xa están realizadas. A Corporación acorda aprobar a edificación e legalizala a través dunha multa de 50 ptas. ao propietario.

3.VNS solicita arranxo dunha obra da súa propiedade. A Comisión informa que non é reparación senón "construción de obra nova e de importancia", afectada pola estrada proxectada ao desembarcadoiro de Meira, por conseguinte afectada tamén pola zona marítima a quen debe solicitar o interesado o derribo. Posteriormente VNS comprométese a ceder "sen indemnización algunha, dous metros de terreo ao largo da finca desde a estrada de Cangas a Vilaboa ata a praia para que no seu día se poida realizar a rampla de acceso". Como continúa a infracción de VNS, facúltase ao alcalde para derribo. VNS fai cun contrato co Concello para obras no camiño da praia, comprometéndose a ceder dous metros, procurando sempre a liña recta, e cobrar só un metro ao largo, "en lugar dos dous que cede". A Corporación acepta o donativo, valorado en 500 ptas.

4. Infracción urbanística. Ínstase a JCR, para que derribe a caseta.

En 1958 continúa a grave infracción pola cordoería e vivenda que invaden dominio marítimo e o resto das tipoloxías de anteriores anos repítense, chamando a atención a cantidade de infraccións tratadas no Pleno que chega

a triplicar as dos anos precedentes, pero descoñecemos se se levaron a cabo os derrubos acordados.

1.Infracción urbanística de VNS (v. punto 3, ano 1957) por ampliación de obras da cordoería cara á praia e ter construído unha casa vivenda sobre as obras sen licenza municipal. Impónselle unha sanción do duplo do arbitrio que devenga a obra por tratarse dun caso de defraudación e reiterar as denuncias cursadas á Comandancia de Mariña, Xefatura de Obras Públicas e de Obras do Porto, invasión da zona marítimo-terrestre, non ter presentado proxecto de obra, etc. A visita de inspección á praia do Enxeñeiro da JOP acredita que os propietarios (VNS) invadiron totalmente a zona de salvamento, facendo imposible o tránsito de toda clase, no momento das mareas, ao único peirao da localidade. En 1949 aprobárase o camiño litoral agora invadido, onde se especificaba que os propietarios (VNS entre eles) "deben deixar libre e expedita a vía de comunicación mencionada ".

2.Infracción en camiño público. Requírese a JPC para que restaure e deixe nas condicións en que estaba a vía pública, independentemente da multa.

3.Denuncia por construción dun retrete próximo á vivenda, sen autorización municipal.

4.Expediente a ML por edificación sen licenza municipal, desestimando o recurso de reposición por invadir a vía pública, non ter a dimensión de 3 m. do eixe do camiño, multa de 100 ptas., a máxima que autoriza a lei.

5.Expediente a IS por extracción de pedra en parcela municipal e deterioro de vía pública.

6.Instar a IAC a parar o cerramento de arame.

7.JTdR denuncia a JCA por construción dun retrete contiguo á casa do denunciante. O Pleno acorda a pertinencia do peche.

8.Denuncia de varios veciños contra outro por deterioro dun camiño e apropiación dun terreo veciñal na praia de Meira.

9.Denuncia a unha veciña por corta e venda de piñeiros procedentes dos montes de propiedade do Concello. Proceder á taxación dos piñeiros e demandar o ingreso nas arcas municipais.

10.Denuncia de veciño a conveciño por realizar un pozo negro a uns 4 m. das ventás e cuartos. Visto o informe médico, que se proceda ao peche.

11.Denuncia vs. PSP, lindeiro con camiño público contiguo á Casa Consistorial, por peche que invade a aliñación indicada polo Concello.

Agrupando unha serie de tipoloxías comúns, podemos realizar un reconto cualitativo que nos sirve para facer un retrato urbanístico de Moaña naquela altura, a partir dunha unha pequena mostra das infraccións máis importantes que chegan a tratarse por parte da Corporación Municipal, que podemos resumir do seguinte xeito:

1. Aliñacións: invadir parte das vías públicas, camiños, estradas, litoral, ribeiras dos ríos, etc., con muros e cerramentos, edificacións para vivendas, fábricas, talleres, alboios, casetas, etc.

2. Realizar obras sen a obrigatoria licenza municipal.

3. Realizar obras maiores (edificación de vivendas) solicitando licenza de obras menores: cambio de madeiras da armazón por placa de cemento armado, cambio de tella do país por tella plana, etc.

4. Hixiene, sanidade, contaminación: construción de pozos negros, wc, cortes para gando doméstico (porcos, ovellas, vacas, galiñas, etc.), acumulacións de lixo, problemas de malos olores, evacuación de augas sucias, etc.

5. Apropiación de terreos públicos por particulares e empresas: zona forestal, marítimo-terrestre, zona fluvial, etc.

6. Obra hidráulica: canalización de augas, cubrir ou tupir canles públicas de rego, etc.

7. Construír máis obra da solicitada na licenza: aumentos de superficie e/ou volumetría en m^2 ou m^3, engadir andares, engadir vivenda baixo cuberta, etc.

8. Obra industrial ou comercial: non solicitar licenza, non canalizar ou depurar refugallos, etc.

Con esta clasificación podemos elaborar un primeiro cadro ilustrativo das infraccións urbanísticas tratadas pola Corporación Municipal, entre 1956-1966.

CADRO Nº 27: INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS TRATADAS NOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL, 1956-1966

URB: centro urbano

NUR: zonas non urbanas

ALIÑ: aliñacións; SEN: sen licenza; MAI: obras maiores; HIX: hixiene; APRO: Apropiacións; HIDR: hidráulicas; VOL: Volume; IND: industria

	ALIÑ	SEN	MAI	HIX	APRO	HIDR	VOL	IND
1956URB								
1956NUR	1	1		1	1			
1957URB								
1957NUR	1	3	1					1
1958URB								
1958NUR	5	3		3	2			
1959URB								
1959NUR				1	1			
1960URB		1						
1960NUR	2							
1961URB		1						
1961NUR		1			2	1		
1962URB								
1962NUR		1					2	
1963URB							1	
1963NUR	2							
1964URB								
1964NUR	1							
1965URB								
1965NUR	1							
1966URB	1							
1966NUR	1				1			
TOTAL	15	11	1	5	7	1	3	1
%	34	25	2,27	11,36	16	2,27	6,8	2,27

Fonte: elaboración propia.

Aínda que non se pode establecer unha relación cuantitativa nin é

unha mostra estatisticamente representativa, cremos que reflicte as principais tendencias dunha época onde aínda encontramos unha cantidade importante de conflitos -16%- por apropiación de parcelas de monte municipal, de invasión da zona marítimo-terrestre, etc., por parte de particulares, e outros problemas en relación coas construcións e canalizacións de obras que informan do concepto rural ou tradicional do aseo persoal, obras para os animais domésticos –un 11,36%- e as súas canalizacións en pozos negros, directamente a camiños, regatos, etc., que nos están a falar da transición económica e urbanística entre unha economía con base nos sectores primarios, agropecuaria e mariñeira, que se está a transformar en novos servizos domésticos dunha cultura industrial, como se demostra tamén na gran cantidade de infraccións en relación coa invasión de camiños, rúas, estradas, etc., por parte de obras de construción de cerramentos, muros de contención, galpóns de uso mariñeiro e rural que van sendo substituídos por garaxes para automóbiles.

O problema do non cumprimento das aliñacións, a inmensa maioría en zonas non urbanas, é que constitúen unha pegada e un condicionamento indeleble ao viario afectado: estas infraccións son as responsables, na maior parte dos casos, da "anchura variable" dos camiños, por moito que as ordenanzas tenten impedilo, formando os característicos embudos ou estreitamentos dos camiños-estradas que se van conformando a partir da década de 1960.

É importante acreditar tamén o alto nivel de participación social no hábito de non solicitar licenza para realizar obras, un 25%, que tamén nos fala da dificultade de querer atallar un grave problema social a través da creación e aplicación dunha norma legal como única medida correctora e punitiva.

Na casuística de 1960 chama a atención a proximidade e visibilidade dunha infracción e o seu tratamento corporativo: "os señores concelleiros amosáronse todos estrañados de que contigua á Casa Consistorial se estea realizando unha obra polo veciño JCM consistente na construción dun edificio sen antes ter obtido a correspondente licenza…", ou unha denuncia por construción dun muro sen distancia suficiente á vía publica, sen axustarse á licenza e cubrición dun anaco de canle público de sumidoiro que recolle as augas dende a fonte e lavadoiro e as pluviais que discorren entre a casa do denunciante e do denunciado. A Corporación require a aliñación baixo ameaza de derribo e concede oito días para descubrir a canle, pero esta fórmula, que veremos repetida durante toda esta investigación, non constitúe máis que o estribillo que acompaña á cerimonia formal de apertura dun expediente de infracción urbanística que, na inmensa maioría dos casos, non chega a executarse.

Outra ilustración sobre como se trata un caso de obra sen licenza e en terreos municipais e a ductilidade para sancionar segundo quen sexan as persoas, independentemente de seren as mesmas ou semellantes infraccións,

rexístrase en 1961, cando se denuncia a infracción urbanística de CPA, por obra sen licenza, invadindo terreos de propiedade municipal, pero en 1962 acórdase conceder a licenza solicitada a CPA, e tendo en conta que "a obra está terminada e sen ter obtido a correspondente licenza, aplicaráselle sanción de 100 ptas. de multa, debendo satisfacer o duplo pola liquidación do arbitrio". Ante o recurso de reposición de CPA alegando que a sanción ascende a 5.014 ptas., a Corporación acorda rebaixala a 3.014 ptas., outra acción municipal que veremos repetida durante todos os mandatos das corporacións durante a ditadura.

A dinámica do procedemento de denuncia dunha infracción urbanística ás veces comeza nunha denuncia de veciños, por exemplo vs. MFV por peche en parcela de propiedade municipal, segundo caso que se rexistra no mesmo ano, e a reacción ritual do Concello acordando a paralización e nomeando unha comisión, pero non se paraliza nin revirte a patrimonio público a parcela. Esta displicencia e ineficacia prodúcese na maioría das infraccións, aínda que o resultado da apertura do expediente sexa unha clausura dun comercio, sancións por defraudación, derrubo por invasión, por construír sen licenza, por aumentar a volumetría en andares, etc.

1963 rexistra un cambio importante porque desde 1962 a CPU aprobara o primeiro Plan Parcial da historia do concello, dando nacemento á urbanización do novo barrio urbano do Real. As primeiras licenzas de obra tratadas no Pleno do Concello sobre este barrio continúan a acreditar na tendencia histórica por parte da autoridade municipal a respecto da anomia urbanística, cando son tratadas dúas solicitudes de licenza na finca do Real por parte de JRL e CCJ, "cuxos proxectos (...), non se suxeitaban estritamente á Ordenanza aprobada para aquela zona. A Corporación, non obstante, por considerar os prexuízos que puideran irrogarse aos solicitantes acordou que se lles expida a oportuna licenza e que se sometan…, [á] Ordenanza e Plan da zona do Real".

Recordemos que parte dos conflitos[337] entre a sociedade e a Administración Local, no ámbito forestal, viñan da expropiación dos montes en man común[338], tanto pola falta de lexitimidade municipal e de deslindes acaídos como tamén pola existencia de veciños interesados en apropiarse do dominio público ante a ambigüidade na acreditación das propiedades municipais[339].

Esta época de gran incremento na superficie e volume construídos, é

337 FREIRE CEDEIRA, A., (2011), pp. 86-90, ilustra conflitos entre paisanos e Administración Pública en Galicia durante 1950-1975. Para saber o percorrido histórico dos montes veciñais, vid. ARTIAGA REGO, A. e BALBOA LÓPEZ, X. L. (1992) , pp.107-113; Tamén BALBOA LÓPEZ, X.L.(2002.)

338 RICO BOQUETE, E., (2000) e (2005) sobre Política forestal e conflictividad social en Galicia durante o franquismo.

339 PÉREZ RÚA, M., (2011). En democracia, deslindados e devoltos os montes ás comunidades parroquiais propietarias históricas, estas puideron comprobar a continuación da tendencia á apropiación de terreos comunais por parte de particulares.

representativa tamén das dúbidas e contradicións na aplicación da Ordenanza modificada en 1965 en canto a aliñacións, que non discrimina entre zonas urbanas ou zonas rurais senón no criterio de "camiño público" -seis metros- ou "sendeiro público" -tres metros- cando a situación de desordenamento urbanístico é tan manifesta como imparable por parte da autoridade local. O conflito pola aplicación desta normativa podemos velo ante unha solicitude de aliñación de MVE para terreo lindeiro con vía pública, no centro urbano, cando un membro da Comisión de obras explica criterios e disfuncións da Ordenanza de aplicación: "ese problema vense ventilando diariamente ao sinalar as liñas de edificación lindeiras con vías públicas nas que dun modo xeral se sinala que son á distancia de tres metros do eixe da vía pública actual existente".

A Corporación acorda marcar a aliñación dos camiños a tres metros do eixo, considerando un criterio que podemos entender como "urbano" ou "moderno", para o vieiro rural, derivado do cambio de Ordenanza en 1965, aplicado neste caso nunha travesía do centro urbano. No recurso de reposición, o propietario afectado di que os criterios "que veñen rexendo" [Ordenanza de 1913] son "que os peches en xeral deben aliñarse a 1,5 m. do eixe dos camiños", forzando a votación do Pleno que por cinco concelleiros a favor e catro en contra decide ratificar o acordo tomado anteriormente e en 1967 permíteselle ao mesmo propietario construír en zona urbana cos mesmos criterios rurais de aliñación e retiro do eixe do viario público.

A segunda etapa que marcamos a respecto das infraccións urbanísticas, 1967-1975 corresponde ao mandato municipal, dende setembro de 1966, de Sebastián Juncal Currás, un período no que o rexistro de infraccións urbanísticas na documentación municipal é marxinal, como podemos ver no seguinte cadro:

CADRO Nº 28: CENSO DE INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS TRATADAS NOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL,1967-1975

URB: centro urbano; NUR: zonas non urbanas; ALIÑ: aliñacións; SEN: sen licenza; MAI: obras maiores; HIX: hixiene; APRO: Apropiacións; HIDR: hidráulicas; VOL: Volume; IND: industria

	ALIÑ	SEN	MAI	HIX	APRO	HIDR	VOL	IND
1967URB								
1967NUR								
1968URB								
1968NUR								
1969URB								
1996NUR								
1970URB							1	
1970NUR								
1971URB								
1971NUR								
1972URB								
1972NUR								
1973URB							2	
1973NUR								
1974URB								
1974NUR	1							
1975URB							1	
1975NUR								
TOTAL	1						4	
%								

Fonte: elaboración propia.

Como vimos anteriormente, en 1968 o centro de Moaña –barrios de A Seara e A Praia- comezaba a ser unha "obra aberta" -electrificación, sumidoiros, beiravías, etc.- e tamén no novo barrio urbano do Real se rexistraba gran actividade na edificación residencial. Para evitar "a realización de obras clandestinas", o Pleno acorda que os propietarios coloquen nas obras un taboleiro cos nomes de promotor, arquitecto, aparellador, contratista e data da licenza municipal.

A Corporación recoñece en 1969 o fracaso da Ordenanza Municipal en vigor, modificada en 1965, establecendo que as edificacións lindeiras con vías públicas retiraríanse a tres metros do eixo do camiño para edificacións e a dous en fincas, "considerando estas dimensións deficientes tendo en conta o movemento actual de vehículos e o aumento de tránsito polas vías públicas", e acordando[340] "que, en lugar de tres metros, os edificios se retiren para a súa construción, a cinco metros do eixe do camiño; e, os cerres dos predios e fincas, a tres metros." Era o segundo intento, no prazo de catro anos, de domear unha situación territorial e urbanisticamente desordenada por mor do medre residencial, cambiando a norma reguladora das aliñacións, tanto no ámbito urbano como no rural, por toda medida para paliar unha situación construtiva que está a ter un desenvolvemento irreversible.

340 PM02051969. AMCM.

Con outros protagonistas políticos á fronte da Comisión de Obras pero co mesmo técnico municipal, repítese en 1969 o conflito de intereses e competencias que xa vimos en 1950 e 1955, neste caso por mor das aliñacións de edificacións lindeiras coa vía pública, que veñen concedéndose co informe da Comisión de Obras, mais "como para algunha delas se solicita o informe do Aparellador Municipal, interesa que, idependentemente do informe do Técnico, se siga tendo en conta, tamén, o informe de dita Comisión", solicita un dos concelleiros da citada Comisión.

En 1970 avánzase no que vai sendo, nas últimas corporacións do franquismo, unha cultura da sospeita ante certas operacións da Alcaldía, acusada tanto por utilizar a súa capacidade de veto na aprobación de obras como pola súa implicación persoal e familiar en empresas de construción que traballan para o Concello de Moaña.

Das tres obras motivo de posible infracción urbanística de 1970 que chegan ao Pleno, na primeira, de JMJS por construción dunha casa, acórdase a paralización por infracción das normas da licenza, non suxeitarse ao proxecto presentado, etc. Na segunda, de BRP, denunciada por GMR "en escrito insultante e irrespetuoso contra o Concello [que] deu lugar á imposición dunha sanción a GMR", acórdase desestimar a petición de GMR e conceder a licenza.

A terceira posible infracción urbanística implica a un corporativo, por mor dunha obra de AC e JRdR [Concelleiro da Corporación], acordando o Concello designar unha comisión informativa. O Pleno de 16111970, dá lectura á carta do concelleiro JRdR informando da queixa deste edil ante o Goberno Civil sobre a súa licenza de obras, concedida en 1967, aínda en trámite de instrución, pendente do ditame da Comisión. Sobre o contido da carta "O Pleno desexa facer constar que se descoñece a existencia de tales persoas xurídicas [implicadas na] contratación de obras na vila, da que se di forma parte o sr. alcalde e que (…) nos expedientes sobre concesión de licenzas (…) existe una Comisión de Licenzas (…) con enteira independencia do sr. alcalde, que non ten intervención nesa materia".

En 1973 rexístrase outro feito transcendente no ámbito urbanístico e da edificación cando o Concello[341] ten que decidir sobre "dous proxectos de edificación de vivendas colectivas, un de baixo e catro plantas, e outro de baixo e seis plantas, en dúas parcelas lindeiras coa estrada Marín-Con, ...na urbanización do Real, que foron desestimadas pola Comisión Permanente por estimar excesiva a súa altura, en relación ás demais edificacións da urbanización…".

O informe do Aparellador Municipal, segundo as ordenanzas do Plan Parcial do Real, establece que a altura das edificacións será como máximo

341 PM11091973. AMCM.

o ancho da rúa pola estrada de Marín ao Con…, o de 22,50 m. Segundo os retiros que se fixan polo MOP a ambas marxes de dita estrada, resulta que os edificios proxectados en ditos soares compren coa referida condición" suscitándose o mesmo problema en canto á rúa que circunda a urbanización [do barrio do Real] pola beiramar [actual rúa José Costa Alonso]…, que ten menor ancho... [a Corporación acorda que] "dende o cruce do Portal do Almacén [cruzamento das estradas de Marín-Con e Cangas-Vilaboa] ata o final do Polígono de Ordenación de dito plan, a edificación poderá ter a altura do ancho da rúa. Esta mesma norma seguirase para as edificacións de… beiramar ata o final do dito Polígono", un acordo que contaría co voto favorable de toda a Corporación, agás o do concelleiro Mario Labraña, que vota en contra porque "O Plan Parcial do Con, que afecta á marxe dereita da estrada citada, onde a edificación é aberta e cun máximo de cinco plantas, e que a edificación da marxe esquerda debería atemperarse no posible ou seguir igual ordenación que a marxe dereita".

Era o momento das primeiras licenzas para edificacións de máis de cinto alturas, na zona do Real, que se producía ao mesmo tempo da conflitiva redacción e xestión, como vimos, dos PP do Con e A Xunqueira. Esta decisión plenaria foi decisiva para establecer o criterio de alturas nas estradas perimetrais do barrio do Real e tamén no resto dos bordes da zona urbana para as solicitudes de licenza de edificación colectiva.

Labraña Velázquez, o mesmo concelleiro discrepante coa decisión de fixar as alturas de edificación, manifestou tamén a conveniencia de aplicación da lei con relación á nova edificación "vixiándose o comezo das edificacións, a fixación dos respectivos carteis, expresivos da promoción e data da licenza municipal, tomándose as oportunas medidas para que non se inicie ningunha construción sen haber obtido previamente a oportuna licenza de edificación, e coidando de que estas sexan tramitadas sen demora e dentro dos dous meses de prazo que sinala a Lei".

Nos últimos anos do franquismo a Comisión de obras presenta en 1974 unha moción por mor do expediente incoado a JMJS, por "construción dunha casa na marxe da estrada de Cangas a Vilaboa, en que a parte posterior se sitúa á marxe de dito camiño, e tendo en conta…, os edificios colindeiros…, se acordase redactar o proxecto de aliñación do aludido camiño…". O alcalde manifesta que "pode accederse á redacción do proxecto de aliñación…", engadindo que "se ben a solución do derribo sería a ideal, tratándose de familias de economía modesta, o derribo constituirá o maior mal, e antes de recorrer a el presentaría a súa dimisión".

Aínda dentro do non tratamento ou sanción das infraccións urbanísticas neste período intermedio do tardofranquismo, houbo algunha obra imposible de legalizar, e que pode ilustrar o espírito da sociedade e a política da

época. En Pleno Municipal de 26021957 trátase a instancia de Manuel Blanco Varela, concelleiro da Corporación en aquel momento e alcalde entre 1978-1979, solicitando licenza de obra denegada na CPU, organismo provincial de supervisión da legalidade urbanística que elabora un informe preceptivo e vinculante, considerando esta obra "desproporcionada para o lugar do emprazamento [porque] infrinxe o art. 60 da Lei do Solo[342]".

A Corporación moañesa acorda a aprobación da licenza tomando en consideración que o edificio, "destinado a vivendas e baixos comerciais integrado por baixo e seis plantas para a rúa de beiramar e de baixo e catro plantas con fronte á estrada de Cangas a Vilaboa", era anterior ás NCSP, un argumento que se volverá a utilizar por parte do Concello para a legalización, no mesmo período, doutras edificacións moi importantes en canto a volumes e altura e tamén denegadas no seu día pola máxima autoridade urbanística provincial.

Case no remate de 1975, durante a sesión plenaria[343] en que se garda un minuto de silencio, invocando oracións polo restablecemento do Xefe do Estado da súa grave enfermidade, o concelleiro Mario Labraña Velázquez -que sería, algo máis adiante, alcalde accidental en substitución de Sebastián Juncal Currás- fai unha declaración inédita nas actas municipais, relacionando as controversias e diverxencias que xa acreditamos en sesións plenarias nesta época de tardofranquismo, e acusando ao alcalde de colocar á Corporación "ante feitos consumados":

> "*sempre ante a execución de traballos realizados ben directamente pola Empresa Constructora á que extraoficialmente, a todos nos consta, que está ligado, ben por mediación de xente paniaguada súa, que soamente figura como cabeza de turco encubrindo á verdadeira persoa interesada economicamente na cuestión, así poderíamos mencionar: a Casa do Médico, a ampliación do Grupo Escolar de Domaio, fonte e parque infantil do Vaticano, muro e ampliación da Casa Consistorial, arranxos de casas con motivo das beiravías na Travesía da Vila* [estrada Cangas-Vilaboa], *recollida do lixo, amén de decenas de obras menores e subministros variados, con pagamento autorizado*

342 "Las construcciones de toda clase en terrenos urbanos y rústicos habrán de adaptarse en lo básico, al ambiente estético de la localidad o sector para que no desentonen del conjunto medio en que estuvieran situadas, y a tal efecto: a) las construcciones en lugares inmediatos o que formaren parte de un grupo de edificios de carácter artístico, histórico, arqueológico, típico o tradicional, habrán de armonizar con el mismo, b) Igual limitación se observará cuando, sin existir conjunto de edificios, hubiere varios o alguno de gran importancia o calidad, c) en las carreteras y caminos de trayecto pintoresco no se permitirá que la situación, masa o altura de los edificios o de sus muros y cierres limiten excesivamente el campo visual para contemplar las bellezas naturales o rompan la armonía del paisaje"

343 PM 04111975. AMCM.

pola [Comisión Municipal] *Permanente, fraccionando facturas ou utilizando os métodos máis peregrinos, pero sempre realizados con ánimo de burlar a lei. Cada vez que unha destas escabrosas cuestións saía á luz, as deliberacións da Corporación se agreaban (...) Nesta ocasión, señores, permitídeme que diga: ¡Xa está ben!*"[344].

Consideramos que esta declaración, recollida en acta municipal, fotografía e certifica a crise política e a defunción moral do período franquista en Moaña. Non foron excepcionais estes comportamentos ou similares: o Plan Xeral de Vigo, iniciado en 1961 e denegado polo Ministerio da Vivenda en 1969 obrigando a unha nova redacción, levou durante a súa tramitación ao procesamento de concelleiros, un feito repetido –entre moitos outros lugares- en Málaga, Alacante ou Xixón[345].

O alcalde acusado deféndese, moitos anos despois, coa metáfora de ter procurado xestionar a Administración Local como unha prolongación da vida familiar e social da época. Consciente da explosión da construción civil nos anos citados, asume que os particulares encontraron gran facilidade[346] no Concello para a tramitación dos seus expedientes:

"eu preocupeime moitísimo de facilitarlle o labor, pero moitísimo, na tramitación e a concesión de licenzas. Probable-

344 A prensa clandestina local de Moaña denunciaba parte deste argumentario sobre os intereses do alcalde: O Cadro, voceiro das xuntas de veciños de Moaña, nº 1, setembro 1974 e nº 2, nadal 1974.

345 PEREIRO ALONSO, J.L, (1981), pp.168-9.

346 A anomia (Durkheim, 1893) ten sido citada como factor sociocultural explicativo deste tipo de situacións, outras teorías como as do capital social entenden a cultura cívica dunha comunidade (familia, barrio, parroquia, asociación, etc.) como determinante para o progreso conxunto: PUTNAM, R.D. (2001), p. 93, apunta que as comunidades libres en Florencia, Bolonia e Xénova no s. XI non se transformaron en repúblicas libres e cívicas porque eran ricas, senón que se enriqueceron porque eran cívicas. Autores como LEVI, M. (2001), pp. 108-118, entenden romantizado o concepto de confianza como factor de cohesión das comunidades/grupos/asociacións, etc., entendendo que as redes sociais densas sosteñen o localismo que con frecuencia é resistente ao cambio, entendendo os barrios [e outras redes cívicas] á vez como fonte de confianza [en aqueles aos que se coñece] e desconfianza nos non veciños, de fóra, etc., bloqueando a innovación e reforzando o tradicionalismo en forma de economías pechadas, un tecido comunitario tradicional ou premoderno que tende a clausurarse sobre si mesmo con barreiras etnocéntricas e endogámicas, chegando ao caso extremo do localismo provinciano sometido ao caciquismo clientelar do chamado familismo amoral italiano -a mafia como modelo extremo- apoiado no capital social das redes de parentesco local. Finalmente, Gil Calvo (2006) pp .42-43, defende que só se pode falar de capital social se hai confianza pública: hai relacións asociativas ou de confianza horizontais que producen capital social civil (afín ao concepto de sociedade civil) e hai capital social vertical ou cívico cando hai relación de confianza entre a sociedade civil e a autoridade: en Galicia, na época estudada, teriamos capital social civil ou horizontal en canto a relacións para defensa de intereses máis endogámicos, privados ou familiares pero pouco capital vertical ou cívico para as relacións coa administración ou a defensa do interese público.

mente alguén poida censurar que deberamos ter sido máis ordenados, ir por diante facendo unhas Normas Subsidiarias. Independentemente de que non houberamos feito unhas NS previas foi unha colaboración para que todo o mundo puidera ter facilidade para acubillar a súa familia"[347].

A terceira parte en que dividimos a actividade municipal respecto das infraccións urbanísticas corresponde a 1976-1979, cando a Corporación comeza a rexistrar as disensións publicadas nas actas municipais, o alcalde Sebastián Juncal Currás ten, en 1977, un período de baixa prolongada, con breve incorporación e finalmente dimisión con substitución por Mario Labraña Velázquez, remudado á súa vez en 1978 por Manuel Blanco Varela.

O cadro das infraccións tratadas nesa época tan curta nos órganos de goberno municipais reflicte un cambio radical, como se se agravasen todos os indicadores da anomia social nun pequeno período de tempo ou as corporacións post Sebastián Juncal, presionadas polos partidos antifranquistas na semiclandestinidade, se aplicaran como tarefa urxente en canto ao urbanismo e a edificación o focaultiano lema de "vixiar e castigar".

CADRO Nº 29: CENSO DE INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS TRATADAS NOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL, 1976-1979

URB: centro urbano; NUR: zonas non urbanas; ALIÑ: aliñacións; SEN: sen licenza; MAI: obras maiores; HIX: hixiene; APRO: Apropiacións; HIDR: hidráulicas; VOL: Volume; IND: industria; DEN: denuncias

	ALIÑ	SEN	MAI	HIX	APRO	HIDR	VOL	IND	DEN
1976URB				3				3	
1976NURB	9	1		2	1		2		2
1977URB		1					2	1	
1977NURB	7	1	2				2		1
1978URB	1	1					4	1	
1978NURB	10	5	2		2	2	11		3
1979URB							5		
1979NURB	14	1				1	8		
TOTAL	40	10	4	5	3	3	34	5	6
%	**36,36**	**9,09**	3,63	4,55	2,72	2,72	**30,09**	4,55	5,45

Fonte: elaboración propia.

347 Sebastián Juncal Currás. Entrevista, 28022008. AMOM.

Sempre dentro da non representatividade cuantitativa da mostra, nos distintos apartados do cadro nº 29 poden lerse, por exemplo, como as tendencias e o diagnóstico, a respecto dos anos 50 e primeira parte da década dos 60, amosan unha diminución clara das infraccións máis relacionadas coa economía de agricultura orgánica e estilo de vida tradicional, baixando as infraccións relacionadas con cuestións hixiénicas, de sanidade ou contaminación -por construción de cortes para o gando ou retretes sen canalización, por exemplo- e tamén as que tiñan que ver con apropiacións particulares de terreos públicos nos ámbitos forestal ou marítimo-terrestre. O que non muda, amosando o carácter estrutural da tipoloxía das infraccións- son os problemas derivados do non respecto polas aliñacións en vieiros, camiños e estradas públicas, un 36,36% do total, os incrementos ilegais de volume sobre o solicitado inicialmente na licenza de obra, sexan estes en m^2 ou en andares, un 30,09%, ou o persistente hábito de non solicitar licenza urbanística para edificar obra nova, cun 9,09%.

Tamén aparecen no cadro as infraccións urbanísticas relacionadas coa industria existente en Moaña. A maior parte delas teñen que ver con inexistencia de licenza para a iniciación de actividade, e a continuación coa esixencia de instalación de servizos necesarios para evitar a saída de refugallos de fabricación, outras veces instando a colocar fosas sépticas de saneamento, por problemas de contaminación e olores, en terra, e por desaugadoiros de varias das fábricas instaladas na contorna do río da Fraga, que vai desembocar directamente a un importante banco marisqueiro entre a Moaña urbana e a parroquia de Meira.

É importante reparar no incremento por mor de volumes ilegais, a maioría correspondentes ao engadido de terceiros e cuartos andares ou á construción de edificacións baixo cuberta, correspondentes –na súa maior parte- ao desenvolvemento residencial do barrio do Real e, a continuación, no centro urbano dos barrios de Seara e Praia.

Esta tipoloxía de infraccións constitúe a parte máis polémica e foi obxecto de debates e controversias políticas e sociais por seren os aspectos máis visibles e aparentes do fenómeno das infraccións urbanísticas para as axendas políticas da época, sobre todo no caso da oposición antifranquista, que fixo bandeira da legalidade urbanística e a denuncia da Alcaldía de Sebastián Juncal como o factor determinante da produción de infraccións urbanísticas en cumpridos edificios das principais zonas urbanas de Moaña que viñan a ser o escaparate focalizado das infraccións urbanísticas por antonomasia: Sebastián Juncal e as infraccións urbanísticas eran a principal ecuación de relación causa-efecto dos problemas do urbanismo local para a oposición clandestina.

A orixe do discurso urbanístico do nacionalismo de esquerda en Moa-

ña vén de 1972, cando *"elaboramos panfletos da UPG sobre Sebastián Juncal Currás e Amador Montenegro López: se lle comprabas material e lle dabas a obra a Sebastián e lle encargabas o proxecto a Amador, a aliñación era máis favorable ao propietario, ou non se gardaba aliñación"* [348].

A oposición política antifranquista, instalada na sombra da actividade política permitida dos anos 1977-1979, fixo da infracción urbanística a perfecta transposición dun argumentario elemental da acción política das organizacións de credo marxista da época: certas infraccións urbanísticas foron elevadas á categoría de "loita de clases" no ámbito político municipal e residencial como conceptos antagónicos e excluíntes: a unha banda estarían colocados os representantes da "especulación urbanística" (grandes empresas de construción e promoción inmobiliaria). No campo contrario do escenario político, a clase obreira e a sociedade local ("obreiros", "mariñeiros", "labregos", "veciños" ou "veciñanza") como suxeitos políticos colectivos e virtuosos padecentes das plusvalías derivadas da construción urbana, sobre todo en edificación colectiva, favorecidos polos alcaldes, técnicos e corporacións franquistas.

Unha infracción pouco valorada social e politicamente pero decisiva para o ordenamento viario de calquera tipo de hábitat urbano é a persistencia social á infrinxir as aliñacións públicas á hora de erguer calquera tipo de edificación, sexan estas vivendas, galpóns, garaxes, muros ou cerramentos, provocando a descontinuidade no trazado lonxitudinal e transversal de calquera tipo de viario, sobre todo nas vías importantes que houberan facilitado a permeabilización do territorio non urbano: os rueiros e camiños que se van transformando a partir da década de 1950 son camiños-estradas que ficarán por moitas décadas mancados nas posibilidades de fluidez rodada, servizo de beiravías para aos peóns, servizo de aparcadoiros de vehículos, acceso de servizos básicos como os sanitarios, recollida do lixo, autobús, etc., delimitando un viario de segunda clase, parroquial, aldeán e lugareño, fundamentalmente para acceso e saída de vehículos particulares a edificacións unifamiliares.

Outra infracción que case non aparece na documentación dos órganos de goberno pero que se deduce da actividade construtiva é a de solicitar permiso de obras menores como cambios de tella ou cambios de madeiras de armazón para, en realidade, construír ou engadir volumes non contabilizados no permiso, cando non andares enteiros, voadizos, etc., ou realizar unha nova e completa distribución interior da vivenda, prácticas que analizaremos detidamente máis adiante.

O importe das infraccións urbanísticas, que chegou ser moi relevante, polos datos recollidos entre 1975-1979 puido ter contribuído como unha importante fonte de financiamento municipal, necesidade imperiosa durante

348 Xabier Abalo Costa. Entrevista, 30052008, AMOM.

gran parte do período estudado, pero non o foi por falta de decisión política e/ou porque a burocracia municipal resultara demasiado lenta e cativa para asegurar o pagamento dos infractores, nin en período voluntario, nin con sucesivos aprazamentos, nin enviando directamente os recibos non pagados á Axencia Executiva: a falta de lexitimidade dos últimos gobernos locais da ditadura coa consabida ralentización da vida administrativa, non foi moi eficaz, e a chegada da nova corporación democrática cunha predisposición a facer do novo período unha folla en branco en canto á maioría dos expedientes de infracción urbanística abertos durante a etapa franquista, fixo que o tempo pasase e se consolidaran a maior parte das infraccións denunciadas e que contaban con expediente municipal aberto[349].

As infraccións urbanísticas son un indicador da anomia social que se traspasa aos representantes políticos como unha lenda que forma parte dun enfoque populista ou paternalista que tende a desculpar as infraccións con orixe pretendidamente "popular", unha demolatría[350] de "clase" ou proximidade á que lle aplican características cívicas e virtuosas en disonancia cos datos dos que dispoñemos.

Esta forma de actuar, que deixa pegadas indelebles no territorio e que se van transmitindo ás seguintes xeracións, atinxe a todos os estamentos sociais e institucionais: se reparamos no rexistro das infraccións máis importantes durante 1950/1979 podemos constatar como aparecen con frecuencia representantes públicos de institucións como a Igrexa -coa construción da Casa Reitoral da nova igrexa de Nª Sª do Carme, no centro urbano de Moaña, a Casa Reitoral de Domaio ou a ampliación do cemiterio da parroquia de Meira- e vemos tamén como entre os construtores e/ou promotores de obras privadas con importantes infraccións figuran dous alcaldes, varios concelleiros significados do Grupo de Goberno municipal, destacados representantes da Confraría de Pescadores, mestres e directores dos colexios de ensino primario ou relevantes líderes da oposición clandestina, nos últimos anos do franquismo, que na democracia pasarían a seren membros dos grupos de goberno local.

Unha das representacións máis xenuínas da tendencia á infracción

349 RODRIGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), p. 226, escribe que o equipo redactor das Normas Subsidiarias de Allariz considera que só un 30% das edificacións construídas na década de 1980 contan coa preceptiva licenza municipal e aporta o testemuño de Álvarez Corbacho, analista económico e primeiro alcalde democrático do Grove, quen denuncia as infraccións como "cultura lexitimadora da fraude fiscal" e afirma que "durante o período que ocupou a Alcaldía non foi quen de consolidar un proxecto que elevase a conciencia política e a cultura democrática dos cidadáns", pp.121-122. Sobre as menores cifras de recadación fiscal dos concellos galegos menores de 50.000 habitantes (o 95% do total), CADAVAL SAMPEDRO, M. e CARAMÉS, L., (2007), p. 103, afirman que "os municipios galegos prsentan orzamentos raquíticos porque os gobernantes se instalan na 'irresponsabilidade fiscal'. O 'efecto contaxio' de convivir con administracións territoriais cuxo deseño propicia estes comportamentos fai da inhibición tributaria unha fórmula rendible para moitos gobernantes locais".

350 BARREIRO RIVAS, X.L. (2011), p. 3.

urbanística é a deslealdade institucional e política que se produce cando un goberno municipal como o do período franquista decide actuar modificando o territorio e o medio ambiente natural en zonas sensibles como a marítimo-terrestre sen reparar no impacto ou pegada medioambiental, levado por un afán de gañar superficies de terreos para novas obras públicas ou servizos que, doutra forma, custarían impopularidade e conflitos entre a sociedade, ao ter que xestionalos a base de afeccións ou expropiacións nas parcelas de propiedade privada.

Así aconteceu no período que estudamos cos recheos tan ilegais como irreversibles e legalizados co tempo, que se realizan na zona marítimo-terrestre do campo de fútbol da Xunqueira e na zona marítima preto da Confraría de Pescadores e da Praza de Abastos, este último recheo terá continuación en democracia e modificará, de forma substancial , a maior parte do perfil litoral do centro urbano litoral da Praia e A Seara, a través dun procedemento igual que o practicado polos veciños infractores ante a institución local moañesa: a "acción directa" da institución pública local ten un aire de anarquismo político que actúa a través dos feitos consumados, sen solicitar licenza, aliñación, estudo de impacto ambiental, estudo de custos económicos, etc., o que nos ilustra sobre o hábito cultural, social e político da infracción urbanística como actividade humana banalizada.

8. RETRATOS DA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

O retrato social dunha sociedade como a moañesa cremos que é extensible a boa parte da sociedade galega litoral que está a experimentar unha transformación semellante en termos económicos, industriais, de consumo, de estilo de vida, etc., nas décadas de 1960-1970, por iso recolleremos, neste apartado, outra serie de indicadores da distancia entre a sociedade e a concepción social que esta ten dunha Administración Pública, representada polas institucións pero que se percibe moitas veces, a efectos prácticos de persoas e familias, para instrumentalizar intereses privados.

Pensamos que estas ilustracións da separación sociedade-institucións nos poden axudar a contextualizar e entender mellor unha parte do tránsito de grandes cambios nun período curto de tempo: os cambios, denominados progreso , adaptación ou modernización social, na época estudada, non se produ-

ciron sen transicións ou flutuacións entre un modelo económico e sociocultural que entra en declive e decadencia e un novo modelo que se vai asimilando sen que desaparezan de inmediato as características culturais profundas que tiña unha sociedade que se en 1958 multaba e decomisaba a comerciantes por carrexo de barrís de viño, en 1962 esixía vixianza e sancións pola multitude de queixas sobre o deficiente estado do leite que se subministraba en Moaña, en 1971 aproba unha proposta do Consello Local do Movemento sobre traslado de féretros ao cemiterio para que "se despida o dó a unha distancia prudencial non superior a 200 m. por estrada e os que teñan que conducirse por camiños rurais se despidan ao chegar á estrada con obxecto de resolver os problemas de tráfico…", cuestión que suscita debate por significar un cambio radical sobre a cerimonia tradicional de acompañamento popular nos enterros.

Cando un concelleiro pide en 1972 que se adopten as medidas para "impedir a venda de produtos do campo como verduras, legumes e patacas en postos ambulantes nas inmediacións do mercado e en diversos lugares da localidade, cuestión que perturba a venda legal na Praza", incidindo nos reiterados problemas de legalidade e fiscalidade que se infrinxen con frecuencia como podemos comprobar tamén en 1978, cando un construtor solicita que o Concello, nos expedientes de obra, esixa duplicado da declaración de alta na Delegación de Facenda dos construtores para liquidarlle a cota da licenza do imposto industrial, coa finalidade de evitar o intrusismo profesional, demanda que o Concello atende durante un curto período de tempo.

Estamos ante unha sociedade e unha Administración Pública nas que conviven, tolerándose, formas de legalidade con outras de baixa cultura institucional, alegalidade, ilegalidade, economía somerxida, etc., de feito, como estudamos na procedencia dos capitais investidos para a compra de parcelas nos barrios do centro urbano de Moaña, o contrabando, singularmente de tabaco, foi unha aportación económica importante para o desenvolvemento familiar e urbanístico de Moaña.

Recolleremos neste apartado algúns dos aspectos relevantes de confrontación ou conflito[351] entre a norma reguladora da actividade e a actividade real desenvolvida por distintos sectores, propietarios ou familias da sociedade moañesa entre 1950-1979.

8.1 Augas

A abundancia de recursos hídricos no territorio moañés tivo a súa importancia tamén para a proliferación de novas edificacións unifamiliares

351 FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000), pp. 129, analiza a parte da conflitividade e a resistencia social ao pagamento de foros, expropiacións forzosas, usurpación de comunais, construción de represas, tendidos eléctricos de alta tensión, autoestradas ou lumes forestais.

dispersas ou illadas. Durante todo o período franquista existiu un tipo de infracción urbanística persistente no medio e no longo prazo, que por non ter visibilidade non acadou a importancia das que vimos de citar, por ser relativamente fácil de esconder a calquera control público: a proximidade de pozos negros privados con mananciais públicos e privados de auga potable foise acrecentando a medida que avanzaba o tempo en que estudamos o concello de Moaña. Cando analicemos a cantidade de obra residencial realizada en Moaña durante esta época, veremos que por cada edificación unifamiliar ou colectiva construída, ata a chegada da traída municipal a mediados da década dos 70, construíase un pozo de auga potable e tamén -aínda que a normativa esixía unha distancia considerable- un pozo negro para recoller as augas sucias procedentes de cada vivenda, o que nos dá un total de 2.275 pozos negros construídos, entre 1950-1979, se nos referimos só nas obras de vivenda nova con licenza municipal.

A proximidade e filtracións procedentes das foxas sépticas ou "pozos negros" -sobre todo nos ámbitos non urbanos- acabou por contaminar parte de augas de mananciais, fontes e pozos de auga potable, constituíndo unha seria ameaza que as autoridades provinciais e locais acreditan pero non foron quen de limitar nin solucionar acaídamente.

8.2 Forestal

Outro grave problema da época foi o forestal[352], sobre todo o monte comunal ou monte de propiedade municipal en aqueles momentos. Sobre as dificultades da xestión municipal do monte danos unha idea, por unha banda, as infraccións e denuncias por apropiación de terreos do Patrimonio Municipal por parte de veciños, sobre todo nas parroquias de Domaio, onde dende 1956 existen denuncias por aproveitamento indebido, cando Alcaldía informa que os 17 piñeiros que puxera en venda, clandestinamente, a veciña JBI, acadando unha valoración de 7.000 ptas., cantidade que se ingresou na Tesouraría Municipal por seren de propiedade municipal.

O Concello emprende accións xudiciais contra veciños polo que entende como roubo de árbores de propiedade municipal ou por inscrición, no Rexistro da Propiedade, de fincas que o Concello pretende estaren enclavadas no monte comunal[353], como pasou en Meira (1957, 1959 e 1972) ou Moaña

352 A política forestal española dende comezos do século vinte sobre a repoboación forestal e os importantes usos industriais e domésticos da madeira, o comezo do Plan de Repoboación Forestal en 1926, sendo a zona I da provincia de Pontevedra a formada por Bueu-Cangas-Marín-Moaña-Vilaboa-Pontevedra (51 montes, 1.500 Ha. a repoboar), o comezo dos incendios forestais entre 1926-29 devastando o 25% das prantacións da zona I, os conflitos entre propietarios e Administración pública, as críticas á desaparición do arborado por parte de Amador Montenegro Saavedra, dono do latifundio moañés do Rosal, en RICO BOQUETE (2000), pp. 418-433.

353 O monte comunal de Meira, de propiedade municipal en aqueles momentos, ten unha superficie

(1959), nunha denuncia vs. BEJ por apropiación do terreo comunal no punto denominado "Teoura", acreditando que a propiedade é municipal e acordando levar a cabo o deslinde da zona.

A petición de deslindes, tanto na zona forestal como na marítimo-terrestre, informa das dificultades técnicas do labor de xestión e administración dun territorio difícil de rexistrar en documentos de planimetría perfectamente coutados, cuestión que dilata os procesos e produce, nunha boa parte dos casos, a consolidación da infracción ou apropiación por parte de particulares, como acontece tamén cando o Concello recupera para patrimonio municipal a antiga Casa Sindical de Domaio, en 1965, "procedendo á reivindicación das usurpacións anotadas".

Esta situación continúa ata o remate do franquismo, cando as respectivas parroquias e os seus representantes veciñais están a reivindicar a devolución dos montes municipais aos seus históricos propietarios. En 1977 rexistrase un escrito da Asociación de Veciños de Domaio sobre outras usurpacións de terreo comunal nos lugares de Fontenla, Buraquiños ou Montealegre, neste último por unha propiedade que un particular inscribe no Rexistro, ou tamén un caso similar na mesma parroquia, por ter rexistrado outro particular unha finca comunal no monte, na zona de Baliela, cuestións que suscitarán debates nas últimas corporacións municipais do franquismo pero que tamén terán que ver coa xestión e os conflitos abertos nos montes comunais.

As apropiacións e infraccións no monte comunal non foron só por mor da propiedade de parcelas ou árbores senón tamén de mananciais e canteiras, como acreditan as actas municipais destes conflitos entre particulares e Administración Pública, por exemplo, a apertura de expediente a IS, de Meira, por extracción de pedra en parcela municipal e deterioro de vía pública, en 1958, porque o hábito social de extraer pedra dos montes públicos para a construción de vivendas privadas era un feito social estendido e tolerado.

A xestión municipal do monte achegou á Administración Local importantes ingresos puntuais, derivados da corta e poxa de árbores, nunha época de carencias fiscais e financeiras de todo tipo, por exemplo en 1955, cando a Deputación ingresa na Tesouraría Municipal a cantidade de 1.126.772,60 ptas. –lembremos que o total do Orzamento Municipal para ese ano eran 696.475,59 ptas.- importe correspondente a unha tala de piñeiros[354].

Cando a Dirección Xeral de Portos presenta en 1959 o proxecto modificado de Prolongación do Dique Peirao do con, por un importe total de

de 472 Ha, 28 a e 32 ca, declarado de Utilidade Pública, incluído no Catálogo de Montes nº 293-11, inscrito no Rexistro da Propiedade, a nome do extinguido Concello de Meira, folio 152, finca 163, inscrición 1º, de 22 de marzo de 1866, do libro correspondente ao Distrito de Meira e "facúltase ao alcalde para nomear procurador e letrado e interpor a expresada oposición". CMP29111972. AMCM.

354 PM05101955. AMCM.

2.466.652,21 ptas, obra para a que o Concello debería aportar o 25% do importe, este responde que non dispón de fondos pero que na data da obra disporá de ingresos por corta de piñeiros nos montes municipais[355].

Algo máis adiante, en 1974, ENCE, propietaria da fábrica de celulosa en Lourizán, Pontevedra, transfírelle ao Concello de Moaña 621.847 ptas. por "aproveitamentos madeirables nos montes consorciados", uns montes dos que o Concello realizara, en 1954, a cesión gratuita de 178 m^2, ao Club Montañeiros Celtas, de Vigo, para a construción dun local, e tamén cedería gratuitamente, en 1962, no cume do Monte Faro, de Domaio, 400 m^2, ante a solicitude da Dirección Xeral de Radiodifusión, para a colocación dun Poste de Repetición do sinal de televisión, ao que o propio Concello tivo que realizar o acceso rodado, no mesmo monte, entre 1973-4.

Polo feito da súa situación lindeira con outros concellos da península do Morrazo, o monte comunal é o interese dunha reunión dos alcaldes de Pontevedra, Marín, Vilaboa e Moaña, en 1960, convocados polo presidente da Deputación, para facer un plano de obras con cargo ao fondo retido dos aproveitamentos forestais -repoboación de rodais, cortados a matarrasa, reposicións, cortalumes, rozas, coidados do voo, etc.- así como a conservación das obras existentes: reparación e rego asfáltico dos 18 km. da rede forestal principal, creación dun cámping e lugares para facer lumes, construción de dúas estradas forestais: unha dende o monte Faro de Domaio á estrada Cangas-Vilaboa e outra dende Castiñeiras á de Marín-Figueirido, construción de tres atalaias-miradoiros e unha capela, unha partida para caza e pesca, sinalización, colocación de bancos, mesas, etc. Era un proxecto de ordenamento e urbanización dunha zona forestal supralocal, con envergadura comarcal, de interese social e turístico que se foi realizando nas zonas citadas durante os anos 60 configurando un ámbito de lecer social, turístico e de caza, financiado a cargo do 8% dos fondos retidos a cada concello por aproveitamento forestal e polos rendementos das cortas de madeira que se deberían realizar ata o ano 1965 [356].

8.3 Incendios

O problema máis importante da xestión do monte municipal, cuantitativa e cualitativamente, foron os incendios forestais, un aspecto que se agravaría conforme foi avanzando o tempo e que nos dá tamén a medida do que serían este tipo de incidentes graves durante os veráns, accións que poñen en escena aos actores da xestión forestal, os distintos intereses de propietarios lindeiros co monte ou con propiedades forestais privadas e as institucións públicas, que non contan con experiencia nin capacidade para facer fronte a

355 PM25061959. AMCM.
356 PM28011960. AMCM.

estas situacións que tensionan a vida parroquial e municipal.

No concello de Moaña, en 1957, ante as dificultades para a extinción dun sinistro nos montes das parroquias de Moaña e Meira, rexístrase unha importante crise municipal e acórdase destituír aos alcaldes de barrio da Fraga, Piñeiro e Verducedo, impoñéndolle aos dous primeiros unha multa de 100 pts. a cada un "pola falta de colaboración nos recentes incendios". Ese mesmo verán arderán tamén os montes parroquiais de Domaio, nas zonas de Regueiriño e Baliela, lugares ambos que están no centro do conflito que vimos por mor da apropiación por particulares de zonas de monte municipal. Algúns concelleiros poñen de manifesto "o perigo sobre a repoboación forestal coa provocación de incendios e a pouca colaboración da veciñanza para extinguilos", unha situación que se cronifica no tempo porque a maior parte da sociedade non contempla o monte como seu nin a colaboración como acción positiva para a comunidade senón, ao contrario, existe unha clara cesura entre a percepción social allea a colaborar nas accións para extinción dos incendios e a obriga municipal e estatal de extinguilos.

A documentación municipal rexistra novos incendios forestais en San Lourenzo, parroquia de Domaio, en 1961, no que se recorre á axuda dunha brigada de nove veciños, aos que se remunera con 50 ptas. a cada un. Pouco tempo máis tarde, en 1963, un oficio do Comandante de Posto da Garda Civil comunica a perda de 1.300 árbores aproximadamente, con motivo do incendio que inutilizou 4 Ha de monte comunal. Tamén en 1966 hai que recorrer á contratación remunerada dunha brigada de obreiros para intervir na extinción dun incendio forestal nos montes de Moaña, e volven rexistrarse incendios nos anos 1972 nos montes de Meira, en 1973 nas parroquias de Moaña e Meira, en 1974 no monte de Moaña nas inmediacións do vertedoiro municipal de lixo e tamén na mesma parroquia no verán de 1975.

8.4 Litoral e mar

O litoral e o mar tamén foron escenarios de controversias en varios temas como a persecución do arroaz -a Confraría de Moaña solicita da Comandancia de Mariña de Vigo en 1951 que ordene a persecución do "dañino peixe"- un hábito que hoxe causaría controversia[357] pero que contaba co apoio

357 As redes de pesca ata máis alá de mediados do século vinte eran, sobre todo, de algodón e requirían un custoso traballo de mantemento por mor da contínua tintaxe e secado que precisaban. Cando os arroaces rachaban os aparellos había que recorrer á reparación por parte das atadeiras ou ao cambio dos panos das redes. FILGUEIRA VALVERDE, X., (1979), p. 152, di que os mariñeiros distinguen ben os "arroaces malos" dos "golfiños maragoteiros" e conta como a cultura marítima e social contra o arroaz por parte dos gremios mariños da ría de Pontevedra (A Moureira, Marín, Combarro, Sanxenxo) incluía acurralar a estes animais no porto de Pontevedra, en determiñadas épocas do ano, fechar o "curro" a altura da Ponte da Barca e dar caza aos arroaces dende "barquiños lixeiros, chalanas, gamelas, dornas ou a nado", con "arpóns golfiñeiros, picas, dagas, chuzos, aguilladas...", estas "corridas de golfiños"

de todos os estamentos mariñeiros ata o punto de levaren a bordo os patróns de pesca moañeses unha escopeta de caza para disparar sobre estes peixes que causaban grandes estragos nas redes durante a captura da pesca: máis dunha vez foi requirida a lancha da Comandancia Militar de Mariña para disparar as ametralladoras sobre as bandadas de arroaces como ben recordan os mariñeiros da primeira metade do século.

As denuncias da Confraría de Pescadores de Moaña alertan sobre un hábito social e económico arraigado como é a extracción ilegal de area das praias por parte dos balandros de transporte que despois comercializaban este material para as obras de construción e tamén por parte das familias durante o proceso de edificación da vivenda propia: en 1955 a institución pesqueira local presenta queixa ante a autoridade militar da mariña para que esta "impida radicalmente a extracción de area na praia da Xunqueira que tanto prexudica para o secadoiro de aparellos de pesca", unha denuncia que repiten dúas veces máis en 1958 ante a Axudantía de Mariña de Cangas polo mesmo problema, na praia de Meira e tamén na praia do Con.

A Confraría que en 1952 se pronunciara pola repoboación da pesca litoral e a eliminación de artes de pesca "destructivas" denunciando aos armadores de bakas e bous de altura que traballan con elas na ría de Vigo, ten que saír a defender corporativamente en 1962 aos mariñeiros afiliados ante un dos máis graves, esvaradizos e silenciados problemas da pesca de baixura naqueles tempos como era a utilización de explosivos na pesca[358]: o Cabido moañés vese obrigado a solicitar do Sindicato Provincial da Pesca a súa intercesión para conseguir a debida autorización para que "os pesqueiros deste peirao 'Cándido nº3', 'Canducha', 'Ola' e 'Azor'", cunha dotación aproximada de 120 mariñeiros que "por suposto delito de uso de explosivos na pesca están decomisados e sen poderen saír á pesca así como detidos os armadores encontrándose os tripulantes inactivos" para concluír con diplomacia que ven "con sumo agrado se intensifiquen os medios que eviten o uso do explosivo na pesca, que tanto dana ao pescador, así como a economía nacional" pero considerando que "o simple tripulante debe ser alleo á responsabilidade das accións que competen aos directores da empresa".

Non foron menores os conflitos polos deslindes das propiedades na zona marítimo-terrestre, sobre todo nas parroquias de Meira e Domaio. En Meira, por mor da realización do proxectado "camiño de enlace entre o embarcadoiro de Meira e a estrada de Cangas-Vilaboa", a autoridade portuaria anuncia que os propietarios Isabel Castilla Costa, Virgilio Nogueira Santomé, José Currás Pereiro, Valentina Piñeiro, Manuel González, Manuel García

celebraríanse en Pontevedra ata 1863.

358 Para unha maior información sobre o uso de explosivos na ría de Vigo, SANTOS CASTROVIEJO, I. (2005), pp. 161, 193-4.

Rúa, Isabel Costa Santomé e Andrés Pérez Carballal[359], deben deixar libre e expedita a vía de comunicación mencionada para que a veciñanza poida acudir ao peirao onde ten establecida una liña de vapores directamente con Vigo.

Despois da exposición ao público na Xefatura de Portos do plano de deslinde e ante a documentación da petición de Emilio González Santomé na zona marítimo terrestre, o concello entende que os terreos foron sempre públicos como unha praciña para uso público, onde converxen actualmente as comunicacións de terra do único porto de Meira, sito na illa de San Bartolomeu, e tamén nese punto existe un proxecto para enlazar as comunicacións entre o porto de Meira e a parroquia[360].

En relación con outro anuncio da Xefatura de Portos (BOP, 18121958) sobre as peticións de concesión de Virgilio Nogueira Santomé para ampliación de cordoería[361], na praia de Meira, a Corporación, despois de recibir queixas veciñais, acorda dirixirse a XP para informar que afectan terreos de utilidade pública, que Virgilio Nogueira invade totalmente a zona de salvamento e deixa sen tránsito á veciñanza para a praia, afectando tamén a un proxecto de obras aprobado polo Ministerio para un camiño de acceso dende a estrada Cangas-Vilaboa ao peirao de Meira. Foi este un longo conflito solucionado en parte pola cesión de terreos por parte dun dos infractores, aportando unha parte do novo viario de acceso entre o peirao de Meira e a estrada Cangas-Vilaboa, pero sen modificar substancialmente o estatus das propiedades dos outros afectados.

Un conflito similar rexístrase na parroquia de Domaio, en relación con outro anuncio da XP (BOP, 23121958) sobre a petición de José Molares Alonso, propietario da empresa Pesaiba, situada en Baliela-Domaio, a máis importante da parroquia, que pretende realizar unha ampliación da actividade fabril coa realización dun recheo litoral. A Corporación Municipal, despois de recibir queixas veciñais, acorda dirixirse a José Molares Alonso, para informar que os pretendidos recheos "afectan terreos de utilidade pública. A praia da Baliela está considerada como zona de Tiro de xábega e marisqueira e é o punto de comunicación coa estrada Cangas-Vilaboa, con único sendeiro que utiliza a veciñanza para realizar faenas de pesca"[362], anunciando que o Concello fará acto de presenza no expediente aberto pola XP.

O peso da oferta de ampliación desta importante empresa de procesado de bacallau fixo valer a súa importancia e acadou a aprobación da Autoridade Portuaria que declinou ante os dereitos históricos para acceso ao mar

359 PM27081958. AMCM.

360 PM27111958. AMCM.

361 A Confraría de Pescadores de Moaña informara favorablemente (03071958) esta ampliación en zona de salvamento marítimo terrestre "sempre que se fagan dúas ramplas amplas e en condicións".

362 PM08011959. AMCM.

cunhas técnicas de pesca –o "tiro" da xábega, pouco utilizado daquela, e o marisqueo tradicional- que representaban moita menos importancia económica en termos de emprego para a parroquia de Domaio, criterio fundamental polo que a ampliación foi realizada.

Os accesos á zona marítimo-terrestre da Tella, Domaio, foron denunciados por veciños que solicitaban o restablecemento dos accesos existentes, en 1977. A Corporación Municipal acorda requirir a Luís Rosales Pérez e Julio González Conde para que en 20 dias deixen expedita a rampla de acceso á zona, prescrita en concesión da JOPRV, e tamén requirir á sociedade Marcelino Acuña SA, de San Adrián de Cobres noutros tantos dias repoña a antiga senda pública de acceso á zona da Tella e levante o tubo colocado no regato do lugar, "baixo dirección técnica e licenza municipal que nin sequera solicitou". Esta dinámica continúa coa solicitude de ampliación e reforma da concesión en zona marítimo-terrestre a Luís Rosales Perez, á que tamén se opón o Concello, así como á construción de muro e recheo na zona de vixiancia litoral, en Verdeal-Domaio, en 1978, por parte de Armando Fernández Regueira, ao que se informa desfavorablemente, mentres non solicite licenza municipal. O Concello sanciona a Julio González Conde e este solicita se deixe sen efecto o acordo alegando que "non se poden restablecer accesos que non existiron nunca". A Corporación rexeita as alegacións e remite a JOPRV pedindo que esta adopte as medidas sobre accesos a Tella e zona marítimo-terrestre..., unha espiral de acción-reacción que dura ata o remate da última corporación franquista.

No ámbito da ordenación e explotación do espazo marítimo non foron ben recibidas, durante 1971, ao abeiro das concesións derivadas do Plan Marisqueiro de Galicia, varias peticións para instalacións de cultivos mariños nos ámbitos das parroquias de Domaio e Meira. Na instancia de IMdR, solicitando da Comandancia Militar de Mariña a concesión dunha parcela de 3.500 m^2, con destino a parque regulador de ostras, na praia de Baliela, Domaio, o preceptivo informe municipal é desfavorable porque "o referido parque regulador de ostras e ameixas pertence a unha zona marisqueira e de pesca, onde os veciños capturan estas especies nas épocas permitidas".

Informe semellante recibiu a petición da Confraría Sindical de Pescadores San Juan, de Redondela –para obtención de concesión administrativa para explotación de todos os bancos naturais de ostra, ameixa, berberecho e navalla existentes na enseada de san Simón e situados dende a liña que une Punta Bestia con Castelo de Rande, ata o interior da enseada, nunha extensión de 4.000.000 m^2- que o Concello de Moaña ve con desagrado porque na zona, "dende tempos superiores a todo recordo, veñen mariscando libremente o grupo de mariscadores de Moaña e demais familias deste termo".

Tampouco acadaron informe favorable a solicitude de AA para conce-

sión de parcela de 5.000 m^2 en Punta Fondón-Domaio para parque de cultivo de moluscos, nin a de concesión doutra parcela de 5.000 m^2 na praia de Meira para parque de ostras e ameixas, de IMdR e AAMdR, rexeitada con informe similar, ao igual que a de PNP -concesión de parcela de 5.000 m^2 na Praia de Meira, entre o río Meira e as canteiras do Cocho- con destino a parque de ostras e ameixas.

Os vertidos de refugallo e augas negras ao mar non foron atendidos en condicións ata ben entrada a democracia local. Durante o franquismo e tardofranquismo este feito era considerado socialmente como normal e a autoridade municipal, nin a estatal, tiñan capacidade real para impedilo, como acredita a comunicación do Enxeñeiro Xefe de Portos ante a instancia de MPP, veciño do centro urbano moañés, lindeiro coa praia da Seara, que solicita a realización de sumidoiro[363], cruzando o ramal da estrada ao peirao e verter no mar, cuestión que a Corporación informa favorablemente, o que significa continuar co hábito histórico de deitar refugallo sobre a praia ou directamente sobre o mar, como se rexistraba en todo o litoral moañés habitado.

Para darnos unha idea sobre a imaxe deste litoral, en 1964 infórmase de dúas comunicacións da Axudantía Militar de Cangas, a institución que tiña encomendada a vixiancia costeira, denunciando a falta de "limpeza e estado hixiénico das praias en relación cos cocedoiros de mexillón e a ocupación de parte do estaleiro situado na concesión[364] que desfruta Pedro Riobó Casqueiro", na zona urbana estendida e no centro da Moaña urbana litoral.

O accidente dun buque petroleiro na ría de Vigo en 1970 produciu a primeira contaminación importante do litoral por mor do fuel oil derramado, dando lugar a unha "marea negra" que se espallou por toda a ría. A autoridade estatal encomenda a súa limpeza aos concellos do litoral que a realizan a través de brigadas de mulleres que "peneiran" a costa moañesa. En 1974 aínda se rexistra unha queixa dun concelleiro que manifesta que na parte posterior da Praza de Abastos segue a botarse lixo e refugallo ao mar, por non ser suficiente o servizo de recollida de lixo.

8.5 O CICLO DA AUGA DOMÉSTICA

A contaminación de augas de mananciais que vertían nas fontes públicas foi un grave problema hixiénico e sanitario, presente canto máis vai avanzando este proceso de modernización e creación de infraestruturas que acompañou ao enorme medre residencial das décadas de 1960 e 1970. Den-

363 CMP16011963. AMCM.

364 Sobre unha solicitude de 1959 para ampliación desta concesión de carpintería de ribeira pronunciárase en contra a Confraría de Pescadores porque "o terreo que desexa ocupar prexudica ás embarcacións pequenas porque é o único sitio existente para varadoiro e refuxio de embarcacións". CP 07011959.

de 1964, a Xefatura Provincial de Sanidade ven indicándolle ao Concello a existencia de contaminación nalgunhas fontes, "entre elas a da Martinga, que subministra auga á maior parte do barrio da Praia". [365] Era a constatación máis evidente, en pleno centro urbano, da extensión do descontrol da actividade de edificación residencial, provocado, sobre todo, pola gran cantidade de pozos negros que producen filtracións, motivo polo que a mesma autoridade sanitaria ordena a clausura da fonte Peimouro, no Con, en 1965, ou esixe –de forma continuada no tempo- a adopción de medidas sanitarias para o consumo das augas das fontes do Con, de novo, e da Martinga, en 1968, en pleno centro urbano de Moaña.

O Concello comeza, a través do servizo sanitario local, a analizar as fontes e a realizar a súa cloración, cuestión que suscita receo social porque algunhas das fontes teñen as súas percepcións sociais, connotacións e atribucións entre saudables, hixiénicas pero tamén máxico-mitolóxicas: parte da poboación rexeita os anuncios públicos que desaconsellan ou prohiben o uso destas augas por razóns de non potabilidade e parte da poboación segue a consumir unha auga que perciben como pura, natural e con propiedades saudables.

Nos anos 70 comezan a aparecer na documentación municipal denuncias de particulares por existencia de perigo de vertido de augas procedentes das cortes de animais domésticos ao camiño e á propiedade do denunciante, en 1973, e tamén solicitudes de conexión ao abastecemento municipal de augas, por parte dun establecemento de panadaría da zona urbana por ter contaminada a auga do pozo propio, en 1974, ou denuncias entre veciños por mor da construción dunhas casetas para cría de gando porcino lindeiras coa propiedade do denunciante porque os residuos verten na súa finca, ou en 1976, cando denuncia CPP aos conveciños AVL e MRG porque os denunciados posúen unha latrina no exterior da casa e a poucos metros da denunciante, non tendo o retrete tapa algunha e na cal depositan residuos fecais e ouriños constituíndo un foco de infección.

Son imaxes todas do lento tránsito social entre dúas épocas da cultura da auga e a hixiene persoal onde se pasa do seu acceso a través de mananciais e fontes públicas para autoconsumo doméstico ás traídas municipais coa auga tratada para consumo humano de masas e a canalización pública das augas sucias e refugallos industriais: foi como pasar dun hábitat onde "vivir preto dun lavadoiro era aforrar" –décadas de 1950 e 1960- a outra sociedade que nacía no núcleo urbano central nos anos 70 onde se instalou a primeira rede municipal de subministro da auga ao mesmo tempo que a rede pública de sumidoiros nas estradas principais creando unha situación que nos fala dos paradoxos da época cando reparamos en que as edificacións que contaban con foxas sépticas ou pozos negros que foron eliminados pasando as construcións

365 PM05081964. AMCM.

domésticas ou industriais a verter directamente ao mar, o gran colector das contaminacións dos anos do "desenvolvementismo".

En 1972 rexístranse catro instancias, todas elas desestimadas polo Concello por non existir rede de sumidoiros suficientes nas zonas non urbanas da parroquia de Moaña -barrios de Abelendo, A Canexa e O Redondo, esta última para conectar o pozo negro dunha industria de transformación de granito para aliviar no río da Fraga- e outra no centro urbano litoral, que aínda non conta tampouco con este servizo, para instalación de tubaxes de desaugadoiros dende as vivendas, edificios ou fábricas.

A resposta municipal insiste na obriga que teñen os particulares de recoller ou conducir as augas para un pozo filtrante ou fosa séptica regulamentaria, no caso da industria, previo decantado. A instalación de empresas de materiais de construción e conserva de peixes e/ou mariscos comezan a pasar peaxes en forma de incomodidades por estar situadas preto de zonas residenciais e tamén pola súa condución dos residuos a través do río máis caudaloso do concello.

En 1974 trátase outra denuncia contra un propietario dunha parcela, Manuel Blanco Varela, concelleiro municipal naquela altura e posteriormente alcalde, porque nun seu soar, no centro urbano litoral de Moaña, "existe unha charca duns 60 m^2 con augas sucias e fétidas que discorren dalgún encanamento ou pozo negro". O Xefe Local de Sanidade informa que "existe un regueiro que discorre ao longo do soar con augas sucias e fedorentas que no só proceden das que nacen alí senón que tamén proceden das casas situadas no nivel máis alto" desvelando que tamén as edificacións situadas no propio centro urbano alto (travesía da estrada Cangas-Vilaboa) ou baixo (beiramar) tiñan os mesmos problemas sanitarios por mor da evacuación das augas sucias. A Corporación acorda requirir ao concelleiro para que no prazo de 15 días sanee o soar construíndo unha fosa séptica para recollida das augas e posteriormente verifique o vertido á rede xeral de sumidoiros. Moi preto, tamén no centro urbano litoral, en 1975, outro veciño solicita abrir foxo na beiravía da estrada Cangas-Vilaboa, para comprobar a procedencia dunha suposta contaminación de augas dun pozo lindeiro á súa propiedade.

As mesmas ou similares denuncias por filtracións de augas sucias ou contaminadas tamén se producen nas zonas non urbanas, por exemplo en 1976, no caso da denuncia de JDD vs CM por ter un pozo negro na extrema mesma da propiedade do primeiro, que vai ocupar en datas próximas e do que sae o lixo á súa propiedade filtrándose a través dun muro de contención, "producindo malos olores en 30 m. e sendo foco de infección", ou a porfía, de novo en zona urbana litoral, entre a Caixa de Aforros Municipal de Vigo e lindeiros cando a institución financeira pretende canalizar augas dunha antiga presa de rego a través de terreos propiedade dos lindeiros, que declaran que se

converteu nun verdadeiro sumidoiro de augas negras, atravesando a avenida de beiramar.

Problemas de filtracións e vertidos volven ter as empresas situadas na contorna do centro urbano moañés -unha de fabricación de terrazos, un cocedoiro e fábrica de conservas e outra de fabricación de fíos de nylon- ás que a institución local se dirixe en 1976 notificándolles que teñen que completar o proxecto presentado no Concello coa instalación dos servizos necesarios para evitar a saída de residuos de fabricación, independentemente da fosa séptica de saneamento.

A cloración de fontes, á parte dos problemas culturais coa veciñanza, foi un conflito aberto durante moito tempo porque as limitacións de medios técnicos e hixiénicos existentes ao dispor da Administración Local aparecen constantemente, por exemplo, en 1974 hai unha declaración da CMP para que se estude a mellor forma de efectuar a cloración, conforme ás normas da Xefatura de Sanidade, solucionando as deficiencias que poidan existir. En 1977 rexístrase un agravamento do problema cando o Concello empraza ao inspector farmacéutico sobre a sanidade da auga de traída e fontes públicas: "dado o risco de contaminación e toxicidade que pode acontecer ante a configuración da contorna urbana, requíreselle para que semanalmente dea pauta sobre potabilidade das augas públicas", ao mesmo tempo que o Goberno Civil ordena ao Concello "a limpeza dos depósitos e emprego de hipoclorito de sosa ou gas de cloro xa que o utilizado non da unha positividade contundente".

A propia oposición política ao franquismo, que se está a expresar en 1978 a través das asociacións de veciños, trata de sensibilizar socialmente para a toma de medidas políticas con clara sensibilidade na defensa da natureza e a loita contra a contaminación que constitúen os primeiros pasos da ecoloxía como bandeira da esquerda política en Galicia e España: na CMP lese escrito e solicitude de Xabier Abalo Costa, da Asociación de Veciños de Moaña, solicitando a adopción de medidas para evitar a contaminación e polución do río da Fraga, tamén denominado dos Ladróns, expoñendo o conseguinte prexuízo "para o banco de berberechos nacidos na súa desembocadura".

"Ante a veracidade dos feitos denunciados", o Goberno Municipal responde remitindo este escrito á Comisión Provincial de Servizos Técnicos, Goberno Civil e Xefatura Provincial de Sanidade, acordando tamén apoiar a campaña de información aos veciños sobre normas de sanidade, para o que subvencionará con 6.000 ptas. á A. VV. de Moaña, á que agradece a actividade, "esperando que non se politice"[366].

366 CMP02011978. AMCM.

8.6 Refugallos sólidos

Outro dos problemas serios en relación co medio ambiente e a hixiene pública e privada, foi o dos vertidos de refugallo sólidos e de considerable volume, materiais procedentes de obras de construción e reformas, cambio de mobiliario, introdución e cambio de electrodomésticos, etc., e o seu depósito desordenado en lugares apartados do tránsito urbano ou dos ámbitos da vida social.

Ángel Azpeitia López e Manuel Lago Bastos, industriais conserveiros de Cangas, solicitan en 1969 que se lles permita utilizar como vertedoiro da cuncha de mexillón unha zona contigua á estrada de Marín ao Con, preto da Cruz da Maceira. Tratado o tema, a Corporación moañesa "fixo manifestacións moi severas en contra por ter convertido en vertedoiro unha zona contigua a unha estrada turística"[367], situación que obriga a editar un Bando Municipal en 1969 recordando á veciñanza " a obriga de absterse de guindar á vía pública lixo e inmundicias de calquera clase".

A situación persiste un ano despois porque se rexistra un escrito de denuncia contra Marcelino Cancelas e José Chapela González por "ter ferros, madeiras e lixo procedentes dun taller de carpintería e outro de mecánica, depositadas na marxe da estrada de beiramar ao Con", requirindo o Concello aos denunciados para que no prazo de cinco días deixen limpos e saneados os terreos, os talleres e a estrada. Tamén por esas datas o Concello denuncia a Industrias Cofrima de Marín, por verter lixo no vertedoiro da Fraga, multándoas con 100 ptas., informándose que no mesmo vertedoiro municipal descarga, ilegalmente, o camión da recollida do lixo do Concello de Marín.

O vertedoiro municipal de Moaña, situado na estrada Marín-O Con, en zona forestal sen vivendas próximas, é obxecto do escrito do Goberno Civil de 13011972 "interesando e recordando a conveniencia de cambiar o emprazamento do vertedoiro de lixo da Fraga". Acórdase comunicarlle a dito organismo que "se está realizando un minucioso estudio para solucionar o problema da recollida de lixo coa construción inmediata dun forno crematorio a situar no lugar que se considere máis idóneo (..) e como solución momentánea estase a buscar un novo lugar para vertedoiro non visible dende a estrada". Intercambio diplomático de documentación entre institucións e desexos de solución que non se realizan, como podemos ver na denuncia en 1977 do garda de Icona contra a empresa Comercial Marisquera Gallega por verter cinco camións de cuncha de mexillón na pista forestal de Regueiriño, Domaio, preto da Ponte de Rande, ou a reclamación do arrendatario do servizo de recollida de lixo do Concello de Moaña en 1978 para a mellora do acceso ao vertedoiro municipal solicitando o seu cerramento con postes e cadeado dada a cantidade de lixo que se deposita ilegalmente por parte de

367 PM20081969. AMCM.

particulares e empresas.

8.7 Cemiterios

A desafección pola regulación municipal e a pouca disposición social a formalizar ou institucionalizar transaccións público-privadas afectou tamén a ámbitos como os cemiterios. A primeira referencia municipal encontrámola en 1958 cando o Concello ten constancia da especulación e tráfico a través da revenda de parcelas, edificios e nichos municipais, un problema seguiu no resto do século vinte e tamén no vinte e un:

> *"vistas as dificultades xurdidas con motivo das solicitudes que formulan algúns señores para adquisición de parcelas nos distintos cemiterios de Moaña, solicitando máis das que poidan necesitar, con prexuízo doutros veciños, e dando lugar a que se efectúen negocios coa revenda de tales parcelas, a Corporación Municipal acordou que se faga público a fin de que non se soliciten parcelas para aqueles que non sexan propietarios definitivos e as súas respectivas familias pois serán desestimadas tales peticións por ser criterio (...) que as propiedades de tales parcelas sexan directamente adxudicadas polo Concello aos que pretendan ser os seus propietarios para evitar a negociación na forma que frecuentemente vén ocorrendo"*[368].

8.8 Administración pública

A anomia como característica dunha cultura sociopolítica está tamén presente no exercicio da función pública. Varias veces ten o Concello, que corre cos gastos de electricidade e mantemento dos grupos escolares de ensino infantil, que dirixirse aos "señores mestres" do novo colexio de EXB Amador Montenegro Saavedra en 1972 ante o importe dun recibo de enerxía eléctrica extraordinariamente alto, comunicando que "se ven observando a existencia dun consumo anormal de electricidade nas dependencias de dito centro, e como segundo informe da compañía subministradora, verificada a comprobación dos contadores e instalacións non se observou deficiencia técnica algunha que poida producir dito consumo…" e demandando explicacións da Dirección do centro. Era unha repetición, moitos anos despois, de situacións similares que xa se tiñan producido co profesorado das vivendas anexas ao Grupo Escolar de Quintela, salvando a distancia temporal e a salarial, posto

368 CMP12031958. AMCM.

que o estatus económico do profesorado de educación primaria era máis cativo canto máis atrás nos vaiamos no tempo.

En 1974 a empresa Fenosa corta o subministro eléctrico ao colexio e ás doce vivendas dos profesores do citado colexio público por canto se estaba efectuando aínda a nome da construtora, Ramón Beamonte del Río S.A., que non pagara os recibos de xaneiro a agosto de 1974, por importe de 130.424 ptas. O Concello acredita de novo que ao rexistrarse consumos anormais, cando indagou para coñecer o importe da factura en cada unha das vivendas dos mestres encontrouse con que non existían contadores nas vivendas, acordando retirar os recibos xirados a nome da construtora e, ao tempo, demandar o reintegro por parte dos profesores do 50% do importe que se estima consumido nas vivendas.

A situación de "consumos anormais de electricidade" leva a que o Concello, designe un técnico para acompañar a Fenosa e proceder a comprobar o gasto das vivendas do citado grupo escolar, en 1975, ao mesmo tempo que se abre expediente de infracción urbanística ao director do Grupo Escolar de Tirán por construción dun garaxe ilegal para uso privado en terreos do propio centro escolar

Cambiando de ámbito administrativo, hai abondosa acreditación na documentación municipal de exceso de gasto farmacéutico dos funcionarios municipais, entre 1972 e 1975 ou queixas reiteradas por absentismo laboral en 1973: "en diversas ocasións algún funcionario chegou tarde ás oficinas facéndose visible polas rúas da vila", en 1974 chegan aos órganos de goberno queixas porque se observa un excesivo uso do servizo de taxis para asuntos municipais por parte dos funcionarios e demais persoal, dándose ordes á Policía Municipal para que antes de utilizar o servizo soliciten o correspondente vale en Alcaldía, no que farán constar percorrido e motivo de uso.

Un informe de Secretaría municipal, departamento encargado da xestión do persoal, informa do funcionamento dos distintos servizos en 1977 o que nos pode dar unha idea sobre a situación laboral e administrativa na Casa do Concello de Moaña entre a morte do ditador en 1975 e as novas eleccións democráticas locais de 1979. Segundo o relatorio do funcionario municipal, os traballos administrativos deben poñerse completamente ao día: confección de padróns da rede de sumidoiros, de usuarios do servizo de recollida de lixo, organizar o servizo de augas, facer un ficheiro do padrón de habitantes do que carece o Concello, levar o libro de Resolucións de Alcaldía, actualizar inventario de bens, organizar o arquivo, etc.

En resposta, o Goberno acorda que por parte da Secretaría se controle a entrada e saída do persoal ás oficinas, que cada funcionario permaneza no seu posto de traballo durante a xornada, que o descanso diario do persoal será de 11,30 h. a 11,45 h., simultaneamente para todo o persoal, e que esta será a

única saída sen permiso fóra da Casa Consistorial; todo o persoal de oficinas deberá acudir ao traballo os luns, de 17,30 h. a 21 h., ao obxecto de actualizar os servizos; o persoal deberá acudir aos seus postos de traballo durante o tempo que duren as sesións do Pleno Municipal, ao que se poderá facilitar, caso de ser necesario, calquera aclaración nos asuntos que se traten.

O diagnóstico da situación do persoal municipal e do pouco nivel de resolución dunha xestión administrativa que se incrementa porque as novas infraestruturas e servizos públicos realizados neste tempo esixen a creación de listaxes de usuarios con obriga de pagamento de contribucións especiais, de impostos de rodaxe, lixo, etc., agrávase cunha situación laboral de absentismo, baixas médicas sen xustificación, etc. Son estes os anos de maior nivel de anomia, cando a unha parte da sociedade aproveita a baixa cultura institucional e administrativa pública e se rexistra un alto nivel de morosos e incobrables nos distintos impostos e taxas, habendo numerosos requirimentos municipais a estas persoas, sobre todo por abusos no consumo de auga ou por enganches clandestinos á rede municipal de augas, entre 1978-1979.

9. CONSUMO, COMERCIO E CENTRO URBANO

A introdución e desenvolvemento do comercio distingue entre os ámbitos centrais das urbes e os periféricos, sendo este aspecto territorial unha clave para entender os asentamentos residenciais en aldeas, parroquias, vilas e cidades.

Converteuse en clásica a interpretación de Otero Pedrayo sobre a chegada, entre séculos, de dous feitos decisivos: un urbanístico (a extensión da rede pública de estradas) e outro socioeconómico (a aparición da tenda comercial nas aldeas) como signos da chegada a todos os recunchos do territorio das comunicacións rodadas polas que se activaría o contacto cada vez máis intenso coas cidades e a introdución do hábito comercial regulado. En suma, dúas vías de penetración do capital e as súas relacións económicas[369].

369 OTERO PEDRAYO, R. (2008) [1928], lamenta a aparición da estrada que non agrada aos cregos porque "só facía falla que viñeran pola estrada os malos costumes, as ideas novas. ¡Que lonxe estamos da sabencia dos nosos avós! Entón todo era ordenado, prudente e relixioso (...) Mai-los traballos seguían implacables e a carreteira desartellaba as antigas relacións dos lugares (p. 297). A continuación "primeiro, por algúns anos, a carreteira foi unha cousa extrana pola que pasaban novidades que non

Para Villares[370], a "Galicia de 1880-90 presentaba moitas semellanzas coa do Antigo Réxime pero a Galicia de 1920-30 é máis próxima a actual": era o cambio dende o mundo "ordenado e tradicional polo que devece Otero Pedrayo ata o mundo no que a estrada e o comerciante "impoñen a súa lei".

En Moaña, as relacións comerciais chegaran, como vimos, por vía marítima (ría de Vigo, fundamentalmente) pero a apertura sucesiva das estradas Cangas-Vilaboa (1913), Ramal ao peirao (1913), Marín – O Con (1923), Moaña-Coiro (1923) foron as principais vías de penetración extralocal, acompañadas polas interiores entre Cruz da Maceira-Meira (1959), Seara-Verducedo (1966-7) que estruturarán as relacións sociais e comerciais.

O comercio foi decisivo para articular ao seu redor as relacións sociais das aldeas e lugares, a partir das sucesivas aperturas de corredoiras e camiños perpendiculares ou tributarios destas importantes vías rodadas. Antes de consolidarse a nova centralidade no litoral, o núcleo relixioso e social ao redor da igrexa de San Martiño tamén se fora desprazando, a través da actividade comercial, preto da estrada Moaña-Coiro, onde residían os lugares de mercado económico (a feira) e sociocomercial (tendas, comercios, baile, médico, etc.) instalados na beira desta estrada, no lugar de Abelendo.

Segundo a lóxica oteriana, o comercio moañés do século vinte acelérase coa chegada das novas estradas que irán delimitando sucesivas concentracións ou emprazamentos comerciais: ata a primeira metade do século vinte comparten estatus comercial os lugares de Abelendo-A Canexa-A Praia-A Seara e a medida que vai entrando a década de 1960, o novo comercio vai deixar zonificado o ámbito territorial moañés en dous distritos comerciais: a cidade litoral central A Praia-A Seara (coa centralización comercial definitiva aos efectos de capitalidade municipal) e o resto do territorio.

Atendemos en apartados anteriores á evolución das principais fontes de desenvolvemento económico, empresarial e laboral de Moaña, enmarcadas nos grandes cambios producidos na economía mundial e tamén na española e galega. Unha das transformacións máis salientables do período estudado foi a introdución no estilo de vida familiar tradicional do chamado consumo de

conviñan. As aldeas púñanselle de costas, desconfiadas. Ata que non veu a tenda non se fixou a carreteira. (p. 299). A fronte da tenda, Otero sitúa a un castellano negociante e prestamista sen escrúpulos que "cobraba sen perder un gran nin unha pinga" (p. 300). Desta forma "o castellano e os seus fillos (...) foron inzándose polo país mais sempre isolados como unha colonia estranxeira e espallando os circos de voitre dos negocios ata abranguer, amais das aldeas, as vilas esperanzadas no seu primeiro pulo de desenvolvemento" (p. 303). Esta desesperanzada visión da estrada e o comercio é antitética, por exemplo, coa descrición de Le Corbusier cando relata as impresións dunha viaxe, nos anos 30, de Barcelona a Xibraltar pola nova autoestrada Primo de Rivera: "os campesiños tomaran posesión da estrada, queríanlle. E máis a altura de Valencia, onde os veciños bordearana de roseiras, arbustos e palmeiras "(...). De súpeto saían dun estado de cousas milenario e encontrábanse en contacto co mundo moderno" LE CORBUSIER (1972), [1941], pp. 41-42.

370 VILLARES PAZ, R., (2000), pp. 67, 81-2.

masas.

Parte do gran cambio social experimentado polas novas familias creadas na época que tratamos, sobre todo a partir de 1959, foi a posibilidade de acceder con moita máis celeridade ca ningunha das cohortes precedentes, entre outros, a dous tipos de bens anteriormente inaccesibles ou de difícil/modesto acceso como a vivenda ou o vehículo privado: a disponibilidade patrimonial de parcelas de propiedade privada en mans das familias e o alto nivel de rendas da poboación activa (sempre en comparación cos seus proxenitores) facilitou que a propiedade privada sobre a nova edificación e o novo parque automobilístico fosen dous dos maiores incentivos personais e familiares para configurar un estilo de vida patrimonialista que deu lugar ao incremento das taxas de consumo, confort e comercio privados, así como tamén ao maior desenvolvemento residencial, urbanístico e viario do territorio.

A entrada nun modelo consumista non só se manifestou dende o punto de vista da posesión material senón que os bens consumidos (vivenda, vehículo particular, electrodomésticos, etc.) pasaron a formar parte do escaparate social dunhas familias que encontraron no consumo outro relato simbólico para amosar o triunfo e a mobilidade social ascendente: dispoñer destes bens de consumo era triunfar, poder homologarse e ser parte dun estilo de vida moderno e "confortable" para os novos fogares, e tamén a percepción social do benestar familiar que compensaba unhas biografías con duras condicións laborais para acadar estes niveis de benestar.

O sector comercial é unha área de interese para analizar o cambio económico e social do termo municipal. En relación coa construción de novas edificacións, reformas maiores ou menores de vivendas, construción civil en xeral, carpinterías, equipamento interior e exterior, e todo tipo de comercio, elaboramos unha serie de cadros para distintas áreas económicas que nos permitirán analizar o desenvolvemento dun sector básico na economía local, a partir das solicitudes de aperturas rexistradas no Concello de Moaña[371].

O comercio moañés de **subministro de materiais para a edificación e construción**[372] de vivenda vai pasando dun tipo de establecemento "catch-at-all" que aínda estaba moi presente na década de 1950, que non discriminaba entre distintas funcións, sectores e vendas, ao estilo dos comercios que

371 As solicitudes de licenzas municipais de apertura de establecementos, como as licenzas urbanísticas, non informan da totalidade do comercio ou empresas realmente abertas no tempo que estudamos. Existen casos de comercios ou empresas que non solicitaron licenza de apertura dos que non se ten noticia nos expedientes de infracción nin temos información sobre a desaparición, remuda, filtrado ou mortandade de comercio xa existente pero cremos que o censo de apertura de establecementos é una mostra representativa, cualitativa e cuantitativamente, da intensidade, do ámbito de implantación ou das tendencias dos sectores económicos con incidencia no emprego e a sociedade local, así como o seu emprazamento.

372 Ver Cadro nº 9: Censo de comercio de subministros para construción civil e complementos, 1950-1987, en Anexo

Otero Pedrayo chamaba "enciclopédicos" pola súa oferta indiscriminada e abondosa[373]: tendas ou establecementos que precisaban unha gran almacenaxe de produtos subministrados primeiramente a través dos balandros e outras embarcacións que traían os materiais e mercadorías de Vigo para despois distribuír polos poucos puntos da poboación moañesa que contaba con acceso a este pequeno mercado comercial local.

Vai sendo desprazado este comercio, a medida que a estrada Cangas-Vilaboa permite o transporte de mercadorías en camións e a situación económica cambia, por comercios máis especializados en produtos máis concretos e singularizados: ferretería, electricidade, louza sanitaria, etc., que pouco a pouco van incrementar a oferta disponible para a edificación, mellora, mantemento e dotación interior das vivendas.

A mellora económica experimentada sobre todo na década de 1960 posibilitou a transformación do imaxinario familiar por antonomasia en canto ao consumo e puidose materializar o desexo dos novos fogares creados a partir das cohortes nacidas entre os anos 1945-1955: dispoñer dunha nova vivenda onde desenvolver o soño familiar da época. As edificacións para vivendas realizadas durante a metade do século vinte eran de dotacións interiores moi elementais, con poucas divisións, con solos moitas veces terreños e condicións de aillamento básicas, difíciles de quentar, etc.

As edificacións unifamiliares creadas canto máis vai avanzando a década de 1960 e sobre todo nos 70 van incorporando outras características en canto a superficies e alturas, divisións interiores máis acaídas para unha sociabilidade familiar, desaparecen paseniñamente as lareiras, despois as cociñas de ferro, vanse incorporando mellores servizos hixiénicos, os cuartos están pensados para a intimidade dos membros do fogar e a posibilidade de estudo dos fillos, nacen e exténdense dotacións anteriormente inexistentes como o salón ou o comedor.

Esta entrada da sociedade local no consumo doméstico a través dun proceso de emulación doutras sociedades occidentais e outras cidades máis desenvolvidas vai facendo que a vivenda se transforme tamén en escaparate de presentación da familia na vida social e cotiá: as vivendas non só son para habitar senón tamén para ver e comparar, sobre todo nos seus principais aspectos exteriores e interiores. A "casa" é, pois, outra tarxeta de identidade familiar que crea uns hábitos de consumo que pouco a pouco se van homologando cos das sociedades tomadas como referencia.

373 OTERO PEDRAYO, R. (2016), [1929], p. 71, describe unha destas tendas "que fan ricos en pouco tempo. Coñécese na présa con que despachan, no ollo napoleónico con que escollen na grea de xente o mellor comprador", e a súa oferta: "unha peza de lenzo padronés, un papel de agullas, culleres de buxo, papel para escribir unha carta, tabaco para os homes, pan para o domingo, semente de toxo para a touza, os cravos que pide un carpinteiro, as zocas para as lamas, os queixos en forma de bicas ou de untos..."

A demanda de consumo "de vivenda" (edificación) pero tamén de consumo "na vivenda" (equipamento interior) dá lugar a que entre as décadas de 1960 e 1970 comece a desenvolverse un comercio local para atender á creación e/ou atención das necesidades pero tamén dos desexos das novas familias moañesas que se forman dentro dun novo estilo de vida tendente a un consumo cada vez máis de masas ao que accede unha sociedade en transformación.

A **evolución da carpintería** tradicional, cun importante número de pequenos talleres repartidos polas distintas parroquias[374] dende 1950, con gran desenvolvemento inicial (1950, 1961, 1962) no centro moañés para estenderse a continuación pola Moaña non urbana (1965, 1966-7 co maior número de aperturas, 1972) e tamén en Meira (1974, 1975), rexistra, co cambio das tipoloxías das edificacións e a introdución de novos materiais industriais como o sky, sintasol, formica, etc., que veñen substituír, en parte, o mercado anterior hexemonizado pola madeira e a pedra como materias primas. Entre finais dos anos 60 e comezos dos 70 a introdución do aluminio, novo material acaído en canto funcionalidade, duración, limpeza e prezo, determina unha diversificación nun sector de traballo moi importante como as carpinterías tradicionais, aparecendo as primeiras solicitudes de licenzas para carpinterías de aluminio no concello a partir de 1974.

CADRO Nº 30: CENSO DE COMERCIO DE ELECTRODOMÉSTICOS, 1950-1987

C: Centro urbano. R: O Real. Ñ: Parroquia de Moaña non urbana. M: Parroquia de Meira.T: Parroquia de Tirán. D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1968						1
1969	1					
1970						
1971		1				
1972			1			
1974	1					
1975	2					
1977	1					
1978		1	1			
1980						
1986	1					
TOTAL	6	2	2			1
%	54,5	18	18			9

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

A extensión de conceptos como o confort ou a calidade de vida vai paralela ao desenvolvemento económico e os cambios experimentados na

374 Ver cadro nº 10: censo de carpinterías, 1950-1987, en Anexo.

chegada dunha cultura do consumo incipiente que prende e cambia o estilo de vida das xeracións anteriores. As novas familias da década dos 60 e tamén as familias anteriores, na medida que poden, estrean ou remocican as vivendas nas que van aparecendo os electrodomésticos[375] que facilitarán labores hixiénicas, sanitarias ou de maior comodidade como a mellor conservación dos alimentos, o lavado da roupa, o servizo de calefacción e a disponibilidade inmediata de auga quente, e tamén a entrada nos fogares da televisión[376], o medio de comunicación e información máis determinante para o ocio, o consumo, a información e a cultura familiar durante as seguintes catro décadas.

Como podemos ver, as aperturas de comercios de electrodomésticos prodúcense a partir de 1968, preferentemente no centro urbano.

CADRO Nº 31: CENSO DE COMERCIOS DE MOBLES, 1950-1987

Moblerías: M; Mobles de cociña: C

C: Centro urbano. R: O Real. Ñ: Parroquia de Moaña non urbana. M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán. D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1964	M					
1968						M
1969	M					
1971		M				
1972	2M		M			
1973				M		
1976	M					
1977	C					
1978	C					
1979	C					
1980			M			
1983	C					
TOTAL	9	1	2	2		1
%	60	6,66	13,33	13,33		6,66

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

375 BRÄNDLE SEÑÁN, G. (2007), p. 77, analiza estilos de vida e consumo de electrodomésticos no proceso de individualización ou personalización.

376 MARTÍN SERRANO, M. (1981), pp. 39-55, caracteriza este electrodoméstico no domicilio como "vértice do cuarto de estar cara onde concorren as olladas", como paso do contacto anterior "cara a cara" ao "ombro con ombro", a transformación da familia como unidade de consumo, a introdución de novas pautas de intimidade familiar, a contemplación e exposición á tv. durante polo menos 4 horas/día por parte de mulleres e nenos sobre todo, a nova representación do mundo, o efecto "compañía" contra o peche no fogar, os estímulos infantís e as novas condicións de desenvolvemento psiquico dos cativos, a introdución e socialización en valores urbanos, a configuración da tv. como axencia de enculturización e socialización ao nivel da igrexa, a familia ou a escola. Para unha panorámica sobre a implantación das canles de tv en España (1956 TVE1, -en Galicia recíbese en 1961-, 1965 TVE2, 1985 TVG...) e o nivel de equipamento familiar de tv, v. VÁZQUEZ DÍAZ, E. e LAMAS ALONSO, C. (1992), REIS Nº 57, pp. 109, 117.

O comercio de mobles de fabricación industrial leva a marca indeleble dos ciclos económicos experimentados no tempo deste estudo e ten un percorrido que se pode explicar en clave local cando comprobamos que na década de 1960 existe, cando menos, un comercio deste tipo en cada parroquia, agás no caso de Tirán.

A peculiaridade da parroquia de Tirán é a de non posuír zona urbana diferenciada senón unha continua conurbación en paralelo á estrada Cangas-Vilaboa e un núcleo tradicional en torno ao Igrexario, porque a zona máis intensamente urbanizada é o barrio do Real e o do Con, que funcionan como un continuo urbano ou ensanche do centro moañés onde están instalados a maioría destes establecementos. A segunda característica de Tirán é a de formar un continuo territorial e de hábitat co concello de Cangas, por ser a parroquia lindeira, cuestión que fai que as relacións comerciais estean moi relacionadas con este concello que conta cuna oferta comercial superior á de Moaña naquela altura.

Podemos observar que o efecto do ciclo económico do "desenvolvementismo" nalgúns casos chega ata 1976 e marca esta difusión do comercio de mobles por todas as parroquias, aínda que de forma moito máis intensa no centro urbano. Cando remata este ciclo económico aínda está cun importante nivel de desenvolvemento o sector da construción residencial, 1977-1979, cando se están a construír en Moaña unha media de 86 edificacións novas cada ano.

Derivado tamén do cambio de tipoloxías destas novas edificacións e o incremento da superficie das vivendas –ata mediados da década dos 60 as medidas tipo da planta dunha vivenda unifamiliar eran dun díxito (7 m. x 8 m., 8 m. x 9 m., etc.) e a partir de aí as dimensións son de dous díxitos (10 m. x 10 m., 10 m. x 12 m., etc.)- así como do seu reparto interior acorde cunha sociedade do confort, os cambios no interior das casas inclúen unha habilitación do cuarto da cociña preparado para ser a "sala de máquinas" da vivenda, incorporando progresivamente os electrodomésticos e pasando a ser o espazo máis utilizado da vivenda, tanto para labores de loxística (cociñar, lavar a roupa, pasar o ferro, etc.) como para a vida relacional (a cociña vai incorporando aparato de radio, televisión) establecida coa reunión, diálogo familiar, celebración de acontecementos familiares ou ritos de paso.

Estes cambios determinan a aparición de comercio exclusivo para a venda de mobles de cociña, un tipo de comercio diferencial respecto dos establecementos que levamos visto: só se pode encontrar no espazo central urbano moañés, que medra a ritmo de un comercio/ano durante 1977-1979, non rexistra novas aperturas ata 1983 e desaparece do sector comercial en 1987.

A explicación da decadencia ten varias partes. Por unha banda son os anos máis fortes da crise derivada da reconversión naval; en segundo lugar,

a transformación experimentada polo sector da carpintería fai que os novos talleres se especialicen tamén neste tipo de equipamentos de "interiorismo" que marcan unha época nova na construción de vivendas de calidade.

Finalmente, este tipo de comercio de mobles esmorece tamén pola mellora das comunicacións que marca un antes e un despois na historia de Moaña: a entrada en funcionamento da autoestrada AP-9 en febreiro de 1981 co uso cada vez máis frecuente da Ponte de Rande como cordón umbilical entre as dúas ribeiras da ría significan un importante retroceso en sectores como o transporte de pasaxeiros e comercial en barco de pasaxe así como un golpe histórico para o pequeno comercio de proximidade sobre todo o especializado en produtos como o que estamos a tratar, dun custe económico importante, que comezarán a ter como referente principal á cidade de Vigo[377].

O sector da roupa tamén estaba a mudar de paradigma. A **evolución no sector do vestido**[378] reflicte permanencias e cambios do período estudado. Así podemos ver un importante nivel de apertura de tendas a partir da década dos 60, cando as familias comezan a dispoñer dun excedente de renda, sendo tamén o período que inicia as altas taxas de natalidade, a entrada da sociedade española e galega na moda da roupa "pret-a-porter", cambios que fan entrar en crise, transición e reconversión ao modelo de autoelaboración e reparación da roupa na propia casa ou no comercio.

A apertura dun novo modelo de industria da costura determina que o labor histórico de oficios femininos como as costureiras ou bordadoras, que aínda continuarán traballando, entren en declive ante a chegada da nova industrialización téxtil que introduce novos materiais con fibras sintéticas derivadas do petróleo e que se van introducindo masivamente dende os países máis desenvolvidos de occidente cara á periferia.

O comercio téxtil marca tamén unha liña de diferencia e/ou distinción entre o mundo urbano e "moderno" que se está a introducir e un mundo tradicional en plena transformación, producindo unha raia perceptible en canto á consolidación da zona urbana como fronteira comercial de distinción: a suma dos comercios deste tipo –case un 60% do total- están situados na zona central que se está a consolidar na década de 1970 nos barrios de A Seara-A Praia aos que se vai incorporar o barrio do Real, que ten rematada a súa implantación de servizos públicos urbanos a comezo da década dos 80 cando aparecen os primeiros comercios deste tipo.

377 En 14051975, a empresa de "grandes almacéns" El Corte Inglés, que inauguraría o seu edificio comercial de Vigo en 11091975, solicita licenza para instalar unha carteleira de publicidade na Avenida do Xeneralísimo, en Moaña. Sería un establecemento comercial de referencia comarcal, así como tamén a instalación do primeiro Hipermercado Alcampo, inaugurado en Vigo en 1985. Ambas empresas significaron a introdución dun novo modelo comercial de escala descoñecida e gran éxito social.

378 Cadro nº 11: Censo de comercio de mercería, pañería, xastrería, roupa infantil, lá, crochet, roupa de saldo, 1950-1987, ver Anexo.

Outras pequenas empresas que se instalan en Moaña a partir de 1950 tamén nos axudan a interpretar o tránsito e contínua remuda de sectores económicos entre a decadencia, a continuidade, a reconversión ou a desaparición, no que aínda podemos ver como esmorecen establecementos locais tradicionais que ocuparon un tempo previo á sociedade de consumo moderno que irá facendo desaparecer fábricas como as de lixivia (A Martinga, centro urbano, 1961) ou as de gasosas instaladas no centro urbano (1962), na parroquia de Moaña non urbana (1963, 1976) ou Domaio (1976).

A partir da entrada en funcionamento da estrada Cangas-Vilaboa a comunicación rodada entre Moaña e os principais concellos da contorna (Pontevedra-Cangas-Vigo) aumenta canto máis nos achegamos á década dos 60, rexistrándose un incremento considerable do parque de vehículos: en 1973 Moaña dispoñía do seguinte censo: 259 motocicletas (16,1/mil habs.); 711 automóbiles (44,2/m. h.); 56 camións (3,5/ m. h.), que sumaban un total de 1.026 vehículos (63,7/ m. h.)[379]

A entrada do automóbil privado como vehículo de comunicación, signo dos tempos, factor decisivo para a mobilidade laboral, comercial, cultural, acelerador dos cambios urbanísticos nas vías de comunicación existentes, levou ao desenvolvemento de **empresas, talleres e comercios da automoción e reparación**[380], que se repartiron territorialmente a partir da hexemonía da implantación no centro urbano, tanto de talleres mecánicos como de reparación de bicicletas e motocicletas, así como comercios de recambios, compravenda de bicicletas, motocicletas ou automóbiles.

Os novos talleres mecánicos creados aínda en 1959 son para atender maioritariamente servizos a bicicletas e motocicletas pero pouco a pouco irán experimentando unha acelerada transformación estrutural para atender, cada vez máis, a reparación e mantemento de automóbiles, chegando a contar alomenos cun comercio destas características en todas as parroquias, agás a de Tirán.

A gran transformación da economía agrícola familiar fundada ao redor da casa principal e as construcións adxectivas (alboios, alpendres, canastro, cortes dos animais, etc.), a transición dunha economía doméstica baseada na extracción dos produtos da agricultura orgánica, ás veces con complemento forestal, así como do recurso da explotación dos animais domésticos en réxime de autoconsumo e/ou venda do excedente, unha economía regulada comercialmente polo ritmo das feiras e das colleitas, vai dando paso a unha economía de modelo creador dun consumo cada vez máis urbano, asalariado, industrializado e tecnificado.

Coa decadencia e desaparición da feira municipal na década dos 70,

379 CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J., (1974), p. 91.

380 Cadro nº 12: Censo de talleres e comercio de automoción e reparación, 1950-1987. Ver Anexo.

os **insumos agropecuarios**[381] hai que procuralos no comercio local que vai abrindo pequenos establecementos de produtos agrícolas que nos aportan información sobre as pequenas novidades e/ou transformacións das técnicas para cultivo da terra, máis alá da proporcionada polas oficinas de Extensión Agraria, as Irmandades de Labradores, etc.

A fronteira temporal para a apertura do comercio ou de pequenas empresas agropecuarias está, polo tanto, na transición que significa a década dos 70. Antes non se rexistra actividade comercial importante a non ser a derivada da feira agropecuaria, a praza de abastos, a venda ambulante de leite, froitas e legumes, etc. A partir da entrada nunha etapa de consumo máis intensa, diversifícase tamén o tecido comercial, económico e empresarial que se estende polas distintas parroquias.

A tecnificación cada vez máis importante que aportan os novos avances industriais das explotacións agropecuarias, o cultivo industrial de animais domésticos en naves e con procesos fordistas tamén se pode ver -na senda marcada por empresas punteiras no seu día, como a ourensá Coren -coa apertura de galiñeiro industrial en Meira, 1975, ou dúas granxas porcinas en Moaña, 1973.

A segunda etapa desta transformación do sector agropecuario pódese ver na proliferación de granxas para produción de produtos agrícolas baixo plástico, unha época de creación de invernadoiros para cultivo intensivo de hortalizas, flores, etc., e tamén unha importante apertura de granxas para medre e comercialización de coellos ou do exótico visón, noutros lugares a apertura de piscifactorías de cultivo de rodaballo, etc., novidades que comezan a partir de mediados da década de 1980 como froito das políticas públicas paliativas da reconversión industrial, cando o Goberno declara a área funcional de Vigo como zona de urxente reindustrialización, zona industrial en declive, etc., subvencionando iniciativas deste tipo cara a diversificar a economía e procurar emprego e autoemprego.

Esta mesma dinámica de cambio de ciclos é a que explica e axuda a interpretar o seguinte cadro que nos informa da reconversión do comercio de **produtos hortícolas a pequena escala: froitas, legumes e hortalizas**[382], unha actividade económica maioritariamente feminina, con implantación maioritaria no centro urbano moañés (38,5% do total de licenzas de apertura), seguidas dos barrios do Real, Meira e Domaio (15% de licenzas cada un deles).

Un sector básico e tradicional dentro do comercio local é o da alimentación, a comida e a bebida:

381 Cadro nº 13: Censo do sector agropecuario: comercio agrícola por miúdo, granxas e naves, 1950-1987. Ver Anexo.

382 Cadro nº 14: Censo de comercio de froitas, legumes, hortalizas, 1950-1987. Ver Anexo.

CADRO Nº 32: CENSO DE ABACERÍA, ULTRAMARIÑOS, CONXELADOS, TENDAS DE ALIMENTACIÓN, TENDAS DE AUTOSERVIZO, 1950-1987

C: Centro urbano. R: O Real. Ñ: Parroquia de Moaña non urbana. M: Parroquia de Meira.T: Parroquia de Tirán. D. Parroquia de Domaio.

	C	R	Ñ	M	T	D
1961	1		2	1	1	
1962			2			
1963			4		2	
1964	3			1	4	
1965	1	1				1
1966	1	1	3	2	3	2
1967	1		2	1		
1968	1		4	1	2	1
1969			2			1
1970	1			2		
1971	1			1		
1972				1	1	
1973	2			2	1	
1974	1	2	2	2	3	2
1975				1		1
1976	2	2	2		1	2
1977	2	1		2		
1978			1			
1979	1		1	4	1	2
1980		1	3			
1981	1			2		
1982				1		2
1983		1	1	2		1
1984	1	1	2	1		
1985	1	1				
1986			3	1		
1987		1	2			
TOTAL	21	12	36	28	19	15
%	16	9,2	27,5	21,3	14,5	11,5

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

O comercio de alimentación máis tradicional, a tenda de "ultramariños"[383], é un establecemento con longa historia e difusión que acada a todas as parroquias e lugares, como acontece tamén para o caso de tabernas ou panadarías, xa dende o comezo do período da nosa investigación, 1950. Pódese ver nas licenzas de apertura como se vai efectuando o reparto parroquial dende a década de 1960 e como os núcleos habitados das parroquias máis cumpridas demográficamente, como Moaña e Meira, teñen un ritmo de implantación deste tipo de establecementos que mesmo chega a superar ao pequeno núcleo urbano central moañés.

383 En 1950, a Confraría de Pescadores pensa en descentralizar o servizo de economato nas seguintes tendas de ultramarinos: José Piñeiro Magdaleno (Abelendo), Manuel Pérez (Tirán), Matilde García Coloret (A Praia), José del Río (A Praia). No barrio da Praia existían tamén tendas de referencia como as de Ventura Pérez, Benigna Collazo, etc. Acta de 5 de xullo de 1950. CP

O subministro alimentario familiar en 1950 era aínda unha combinación de autoconsumo, praza de abastos e tenda de aldea ou barrio (con características de monopolio comercial local a cambio de establecer un sistema flexible de pagamento aprazado ou "a fiado"), establecementos que tamén se van adaptando ás novas formas de consumo e aos novos estilos de vida. Así comprobamos que os establecementos tradicionais, que chegan aos anos 60 en plena vixencia, denomínanse abacerías ata 1961, ou ultramarinos ata 1975, dando paso ou compartindo época -como corresponde a un cambio de paradigma pesqueiro/industrial e da cultura gastronómica- coas tendas denominadas "con frigorífico conxelador de peixe" a partir de 1966, e as tendas con "autoservizo" a partir de 1975.

Esta rede de pequenas tendas, un tipo de comercio feminino coas mesmas características das perruquerías ou a venda de froitas e legumes, irá entrando en crise a partir dos anos 90 cando se van consolidando as "grandes superficies" dos supermercados, primeiro na cidade de Vigo, á que cada vez máis familias se desprazan en automóbil a facer a "gran compra", e despois coa súa instalación no centro urbano de Moaña, tomando o relevo e a instalación dos locais dos vellos cinemas (Cine Prado, A Seara, grupo Moldes; Cine Veiga, O Real, grupo Eroski) que estaban pechados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 33: CENSO DE ESTABLECEMENTOS DE VIÑOS, CAFÉS E LICORES, BODEGÓN, TABERNA, BAR, CAFETERÍA, BOLERA, PUB, 1950-1987

C: Centro urbano. R: O Real. Ñ: Parroquia de Moaña non urbana. M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán. D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1950						1
1961	1		1	4	1	
1962	1			1		2
1963			2	2		
1964	3			2	1	
1965	3		1	2		1
1966	1	1	1	4	2	
1967			4	1		2
1968	1	1		2	1	
1969	1	3	1	2	1	
1970	1		1	1		1
1972						
1973	1	2		1		1
1974			3	1		
1975						
1976	1	1		1	1	
1977	1				1	
1978	2	1			2	1
1979			1	1		
1980					1	
1981	1	1		1		
1982				1		
1983	1	3	3		1	1
1984		2		1		
1985						
1986	1	1	1			
1987	2	2	3	2	1	3
TOTAL	22	18	22	30	13	13
%	18,6	15,25	18,6	25,5	11	11

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

A importancia cuantitativa na apertura de establecementos de bebidas vén de moi antigo, está bastante repartida territorialmente e compite en número coas tendas de alimentación porque a cultura do viño, licor, café[384], a tertulia, a celebración social ou familiar colectiva, os espectáculos deportivos ou musicais -radiados primeiro e despois televisados- ou o canto coral entre amigos ou comparsas, todas elas cerimonias de sociabilidade que se celebran

384 OTERO PEDRAYO, R. (2016), [1929], p. 52, conta que en 1928, o café servido nun "mesón" pódeselle chamar "vigueiro", como o caldo dos pobres por reflexar (se as houbese), as vigas do teito.

nestas "casas de cultura"[385] de cada aldea ou lugar.

En canto ás tipoloxías e as modificacións neste tipo de cultura, comprobamos que ata a década de 1960, o tipo de establecemento máis repetido é o de bodegón, taberna e bar, que van convivindo durante os anos 60, con tendencia a desaparecer os bodegóns.

Vanse incorporando as modernas cafeterías con novos estilos de consumo como o café, zume, mosto ou augas minerais, as distintas combinacións e variedades de alcohol, a popularización de bebidas como o cubalibre, a progresiva subida de cota de consumo da cervexa en detrimento do viño como bebida máis popular, aparecendo tamén en Moaña outro tipo de establecementos como os clubs (Moaña, Tirán) ou, na década dos 70, a chamada "barra americana" (O Real). Canto máis nos achegamos á década dos 80, inaugúranse novas formas de lecer dentro destes establecementos, en forma de disco-bar (Domaio), bolera (O Real) ou pub (O Real).

Outros establecementos comerciais en relación cos anteriores, son os de **hostalaría ou restauración**[386]: as vellas fondas ou casas de comidas van sendo remudadas por establecementos máis acorde cos tempos. Vemos como os hoteis e hostais pertencen aos ámbitos urbanos, en canto os restaurantes, aínda sendo un fenómeno maioritariamente urbano, a súa instalación vaise estendendo a lugares periurbanos ou rurais, tentando aproveitar as características concidicións dos lugares, a paisaxe ou a aparición das vacacións que propician o turismo.

Tamén a sobria e histórica panadaría a partir do forno, vai sendo complementada ou remudada por **"docerías", "confeitarías" ou "pastelarías"** [387]a medida que se vai introducindo como hábito social un postre semanal, cando menos, a base de doce ou as celebracións infantís e/ou familiares con lambetadas.

A cultura da celebración, a emulación e o lecer tamén tivo o seu paso polo concello cun tipo de comercio estendido para os **coidados do cabelo e a estética corporal**[388]:

O sector da estética do cabelo, nas solicitudes de licenza de apertura comercial de novos establecementos, comeza a percibirse na década de 1960, é dicir, ao mesmo tempo do apoxeo dos matrimonios celebrados das décadas dos 60 e 70, época de desenvolvemento económico e rápidas emancipacións, un tempo en que o consumo de moda está a difundirse a través dos medios

385 PEREIRO PÉREZ, X. (2005), p.164-178, dedica un capítulo a "os bares da vila: sociabilidade e límites sociais" destes establecementos.

386 Cadro nº 15: Censo de hostalaría e restauración, 1950-1987. Ver Anexo.

387 Cadro nº 16: Censo de padaría, confeitaría, pastelaría, 1950-1987. Ver Anexo.

388 Cadro nº 17: Censo de perruquería feminina, 1950-1987; Cadro nº 18: Censo de perruquería masculina, 1950-1987. Ver Anexo.

de comunicación e, cada vez máis, da televisión como canle favorita e privilexiada pola sociedade que a través deste medio recibe as novas, a idea "do que se leva" ou o que triunfa no mundo, o sentido da emulación dos herois e heroínas das novelas, a música ou o cinema.

As perruquerías –un sector que se move tradicionalmente cunha importante porcentaxe de economía somerxida- son un indicador do nivel de emprego feminino, sexa este a tempo total ou parcial, e do acondicionamento da biografía feminina ao calendario das necesidades da prole e ás circunstancias do traballo do marido.

Trátase dun comercio cun importante e proporcionado reparto entre os ámbitos central e parroquial, -25,7% no centro urbano, 28,75% Moaña non urbana, 37,14% en Meira- no que destaca a gran implantación de perruquerías femininas na parroquia de Meira entre 1966-1975, que veñen a representar os anos dourados do emprego nas empresas Ascon e Conservas La Guía.

De acordo cos cambios constantes no mundo da moda, a estética, os coidados corporais, etc., estas pequenas empresas unifamiliares a partir de 1981 comezan a utilizar a denominación de Salón de Beleza e nas licenzas a partir de 1987 solicítanse xa aperturas para Salón de Estética.

O sector da perruquería masculina, sen embargo, ten un desenvolvemento de ritmo e cambios máis lentos, constituíndo un sector bastante semellante ao historicamente implantado como "barberías", onde as perruquerías están repartidas por toda a xeografía moañesa sen rexistrar grandes cambios agás o incremento experimentado na apertura de establecementos na Moaña non urbana entre 1984-1987, froito da dinámica experimentada no período democrático cando se promove unha política a prol da legalización de establecementos que se encontraban abertos pero sen licenza municipal

A cultura do lecer e os novos consumos culturais tamén van aparecendo na historia local sexa en forma de **librarías ou papelarías, prensa, revistas, quioscos ou droguerías**[389], pequenos comercios moitas veces unipersonais, con pouca inversión e superficie, utilizando pequenas construcións ou adaptando pequenos espazos nos baixos das novas edificacións, que amosan un mapa de localizacións bastante igualado en canto á súa situación tanto no centro como en ámbitos non urbanos.

Resumindo o mapa da implantación histórica dos distintos establecementos comerciais en Moaña, segundo as solicitudes municipais de aperturas, encontramos que as instalacións máis temperás durante o tempo que analizamos son as carpinterías de madeira e as relacionadas coa venda e distribución de

389 Cadro nº 19: Censo de libraría, papelaría, 1950-1987; Cadro nº 20: Censo de comercio de prensa, revistas, quioscos, 1950-1987; Cadro nº 21: Censo de droguerías, 1950-1987. Ver Anexo.

viños, licores e alimentación (ambos sectores con licenzas dende 1950), que podemos considerar continuadores dunha economía e unha sociedade tradicional.

A partir de 1958 vemos nacer comercios de froitas, legumes e hortalizas. En 1959 colle pulo a automoción e reparación de vehículos. Entre 1961-1962 mercerías, ultramariños e librarías-papelarías. 1963-1964 son tempos de iniciar pequenos negocios de hostalaría, confeitaría e perruquería feminina e masculina. 1964-1965 son anos da aparición do comercio de mobles e subministros para as distintas ramas da construción civil. 1968 significa a apertura da oferta de electrodomésticos, 1970 é a apertura de droguerías e 1970 o inicio da difusión do comercio de coidados e crianza dun novo sector agropecuario de granxas e invernadoiros.

É mester referirnos tamén a Moaña como lugar onde se rexistra, en canto a consumo, o que Castillo denomina "socialización anticipadora" [390] : o feito da internacionalización laboral de boa parte da poboación activa moañesa e a histórica emigración ultramarina propicia que parte do comercio e a sociedade local poidan consumir obxectos moito antes da súa aparición no mercado español e tamén a través do estraperlo e o contrabando que citamos con anterioridade.

A última consideración comercial é a da consolidación do centro urbano a partir do establecemento de distintos tipos de comercio e servizos nos barrios centrais da Praia e A Seara que van adquirindo a importancia determinante do "efecto sede": o centro toma carácter definitivo, de forma progresiva, como capital e referencia nuclear da localidade cando se van instalando, ademais dos que levamos visto, servizos articulantes dunha cidade, como os financeiros[391], que nos describen o gran aporte de capital preciso para as grandes transformacións económicas[392] e, sobre todo, residenciais:

390 CASTILLO CASTILLO, J. (1982), p. 43, refírese á introdución, primeiro a través do cinema e despois na TVE dos "opulentos hábitos do consumo norteamericano" en canto a "símbolos, abstraccións e fantasías" ou no "consumo conspicuo de animais domésticos (gatos e cans, segundo as teorías de T. Veblen) tan ligados á infancia que "non necesita da avoa para que lle conte contos, nin da nai para que lle cante cancións; do pai para que lle 'faga as contas' porque xa dispón do correspondente aparello electrónico". Tamén GÓMEZ BARROS, X. (1975), p. 297, se refire ao "consumo antes da sociedade de consumo de masas" cando afirma que "os indicadores de como a emigración puxo a Galicia en contacto co exterior abondan: o tabaco holandés, os coches alemáns ou suízos que chegan á aldea antes que as carreteras [ver as fotografías de Viéitez, V. (1998), pp. 120-138, sobre Soutelo de Montes], o aumento do consumo na aldea sen aumentar a produción, grazas ás divisas chegadas de fóra.

391 A relación entre centralización urbana e radicación dos servizos financeiros, está tamén en LOIS RODRÍGUEZ et ali (2012), p. 275; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), p. 192-195, para Arzúa, A Fonsagrada ou O Barco de Valdeorras; FERRÁS SEXTO, C. (1993), p. 172, para o caso da centralidade do sector terciario en Fene e a súa dependencia coa cidade de Ferrol.

392 Algunha sucursal financeira moañesa chegou a contar, durante un breve espazo de tempo, dunha axencia en Rotterdam, en 1971, dado o gran movemento laboral moañés neste peirao holandés. José Calo Costa (1934), entrevista, 31052011. Arquivo propio.

CADRO Nº 34: CENSO DE ENTIDADES FINANCEIRAS SITUADAS NO CENTRO URBANO, 1950-1987

ANO	ENTIDADE
<1970	Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra Caixa de Aforros Municipal de Vigo (1975-77, traslado e ampliación) Banco Pastor (1970, traslado e ampliación; 1979, traslado e ampliación) Banco de Galicia (1979, ampliación)
1970	Banco de Vigo
1975	Banesto
1976	Banco de Vizcaya
1978	Banco de Santander Banco Central
1979	Banco Hispano Americano
1987	Banco de Crédito e Inversiones

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais de aperturas e entrevistas.

Tamén se pode acreditar a singularidade do centro urbano cando podemos ver como é o lugar de escolla doutros tantos servizos que se ofrecen de forma exclusiva neste ámbito nuclear e marcan a diferenza real e simbólica entre o ámbito urbano e o que non o é.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 35: CENSO DE PROFESIÓNS LIBERAIS E SERVIZOS SITUADOS NO CENTRO URBANO, 1950-1987 Exemplo: 1977(2): Ano licenza (nº licenzas)

	TOTAL	C	R	Ñ	M	T	D
Asesoría fiscal, xurídica, industrial	6	1977(2) 1981 1985(2) 1986					
Axencia inmobiliaria	3	1975 1982(2)					
Clínica médica	1	1985					
Farmacia	4	1975 1986			1974		1987
Óptica	1	1979					
Servizos funerarios	2	1985 1986					
Tintorería, lavandería	2	1966 1983					
Papel pintado	4	1971(2) 1974 1987					
Cristalería	1	1983					
Escola idiomas	1	1983					
Academia ensino	1	1964					
Bazar	6	1970 1974(2)		1966		1986	
Xogos recreativos	5	1965 1972 1983 1987	1978				
Cine	4	<1960(2)	1968				1961
Videoclub	4	1985 1987	1986 1987				
Administración de Lotaría	2	1986	1982				
Deporte	3	1987	1986		1976		
Fotografía	2	1972 1974					
Ximnasio, artes marciais	2	1983 1987					
Calzado	6	1964 1972 1974 1982	1979		1973		
Parvulario, Gardería	3	1981		1981		1981	
Florería	3	1982		1983			1985
Dietética	1	1987					
Informática	1	1987					
Imprenta	1		1987				
Reloxería, xoiaría	2	1967 1979					
Discoteca, Disco bar	5	1984	1973 1987	1971			1985

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

O cadro nº 35 mostra como o comercio de distinción e os servizos van en paralelo á consolidación do novo centro litoral de Moaña e a súa progresiva urbanización na década de 1970, continuando o mapa da instalación de servizos como cinema, salón de baile ou Centro Rural de Hixiene que viñan da década dos 50 ou o novo templo, as sucursais financeiras ou a academia privada de ensino na década de 1960.

As Normas urbanísticas de 1984 definen[393] a zona central como Moaña-capital, atribuíndolle a este ámbito, entre outras, a capacidade de crear un "comercio de uso ocasional ou excepcional" (papelería, vestido, electrodoméstico, mobles, etc.) e a limitación do seu desenvolvemento polo feito, entre outros, da proximidade de existiren varios "centros de servizos e comerciais de distinto grao de atracción [Cangas, Vigo, Pontevedra]" que coutaron o seu percorrido determiñando "unha menor diversificación e importancia do sector".

A centralización[394], como "máxima encarnación do poder político", visible tamén a través da memoria (M. Halbwachs, P. Nora), "gravándose na pedra, a mármore ou, nos nosos días, no cristal ou no aceiro", xogou un papel nuclear na "construción e transmisión das identidades nacionais", creando en ditadura o novo rueiro do barrio do Real a maior gloria do almirante Casto Méndez Núñez ou a dedicatoria da principal arteria viaria central ao "Generalísimo Franco", quedando preparada tamén, coa gran transformación espacial en democracia, para os grandes actos sociopolíticos e identitarios como o Festival Intercéltico, as mobilizacións políticas, as actividades deportivas, as novas representacións simbólicas como o monumento ao emigrante e mariñeiro, o mercadiño popular ou o palco para actividades escénicas.

10. DESENVOLVEMENTO RESIDENCIAL

Podemos establecer o mapa das edificacións preexistentes no termo municipal de Moaña en canto á súa tipoloxía e superficie a través dos datos recollidos durante a gran transformación do hábitat residencial rexistrada a partir de 1958. Na documentación municipal para solicitudes de reformas maiores e menores nas vivendas e edificios existentes podemos ver que a gran maioría das edificacións son de planta baixa agás na zona central dos barrios da Praia-Seara, e algunha outra vivenda pertencente ao que podemos chamar as familias acomodadas, que non chegan ao 5% do total do casarío en cada ámbito, lugar ou parroquia, nas zonas non urbanas do concello onde vive a maioría da poboación en 1950.

As vivendas moañesas ata entrada a década de 1960 son de medidas en planta de 7 m. x 8 m., 7 m. x 6 m., 7 m. x 5 m., 6 m. x 5,5 m., 6,5 m. x 6,5 m., etc. É dicir, as superficies da maior parte das vivendas existentes ata 1960

393 Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 59.

394 MORÁN, M. L. (2007), pp. 19-22.

estaban comprendidas nun abano dende 24 m^2 a 60 m^2. A partir de 1958 van experimentar unha dinámica de crecemento similar á de construción de novas vivendas, a través de reformas para adición de novas plantas, por unha banda, e tamén para cambios estruturais realizados baixo a licenza de obras menores, cambio de tella, cambio de armazón, etc., que analizaremos neste apartado.

O gran desenvolvemento urbanístico que aconteceu entre 1950 e 1979, tendo o seu máximo ciclo entre 1960-1976, deixou unha pegada ecolóxica considerable sobre o que era, no comezo do proceso, o territorio moañés.

A artificialización dos solos non urbanos e urbanos con novas infraestruturas e servizos foron, ao mesmo tempo, accións promotoras, complementarias e subsidiarias da principal actividade levada a cabo para esta gran transformación urbanística e medioambiental -a edificación residencial- e tamén factor de realimentación do intenso nivel da construción residencial. A edificación nova para vivenda foi o motor principal destes cambios, o gran relato e o escaparate da modernización da sociedade e das familias. Neste apartado analizaremos as principais dimensións do proceso en canto á súa pegada nos ámbitos non urbanos e urbanos.

Para dar unha idea das principais magnitudes do proceso edificatorio en Moaña, a partir das licenzas para a construción de vivendas que o Concello rexistra de forma documental, elaboramos os seguintes cadros, co número total e parcial de construcións e o ámbito de localización, sempre tendo en conta que o ámbito urbano está formado polo propio centro urbano -barrios da Seara e a Praia- e o barrio do Real (R), e o resto dos ámbitos corresponden ás zonas non urbanas das distintas parroquias: a parroquia de Moaña ten unha zona urbana (C), composta polos barrios de A Praia e A Seara, e outra non urbana (Ñ); as parroquias de Meira (M), Tirán[395] (T) e Domaio (D) considéranse non urbanas na súa totalidade.

CADRO Nº 36: CENSO DE LICENZAS DE NOVAS EDIFICACIÓNS, ÁMBITOS E TOTAIS 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
TOTAL	**194**	**151**	**977**	**688**	**452**	**284**	**2.746**
%	**7,06**	**5,50**	**35,57**	**25,05**	**16,46**	**10,34**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

395 Agás o barrio do Real, a partir de 1962

O cadro nº 36 proporciona unha información xeral que analizaremos dividindo o período estudado entre 1950-1979 correspondente á ditadura franquista e 1980-1887 que corresponde ao período democrático.

CADRO Nº 37: CENSO DE LICENZAS DE NOVAS EDIFICACIÓNS: ÁMBITOS, 1950-1979

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ANO	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1950	2		2	5	2		11
1951	1		6	2	1	2	12
1952			1	11	5	2	19
1953	1		6	9			16
1954	5		5	7	3	1	21
1955	5		7	6	4	4	26
1956	4		11	10	6	2	33
1957	6		9	9	6	3	33
1958	10		19	7	18	9	63
1959	3		19	17	12	3	54
1960	11		15	12	15	7	60
1961	6		22	15	10	2	55
1962	5	8	25	28	14	2	82
1963	5	9	38	31	9	14	106
1964	13	12	40	37	16	8	126
1965	4	10	38	33	32	7	124
1966	4	5	35	23	13	10	90
1967	16	11	54	37	23	15	156
1968	11	4	50	25	17	11	118
1969	8	6	45	27	15	13	114
1970	7	2	37	26	15	12	99
1971	4	3	33	27	17	13	97
1972	7	6	40	33	14	10	110
1973	4	2	21	24	7	7	65
1974	5	10	37	35	15	14	116
1975	10	7	36	24	13	16	106
1976	5	16	42	18	11	12	104
1977	2	8	32	24	15	11	92

1978	2	6	44	22	18	5	97
1979	7	2	26	13	17	5	70
TOTAL	**173**	**127**	**795**	**597**	**363**	**220**	**2.275**
%	**7,6**	**5,58**	**34,9**	**26,24**	**15,95**	**9,67**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

En canto ao ritmo de construción, consideramos tres períodos diferenciados: 1950-1957, 1958-1962 e 1963-1979. Entre 1950-57 constrúense legalmente 171 edificacións novas, cunha media de 21 edificacións anuais; para 1958-62 xa se experimenta un importante salto cuantitativo, con 314 edificacións totais, o que nos dá unha media de 63 unidades anuais, e o gran incremento, que vai dende a época do "desenvolvementismo" ata o final do franquismo, 1963-79, incluíndo a fase posterior á crise económica de 1973, cando se constrúen 2.014 unidades novas de edificación, o que establece unha media de máis de 105 novas edificacións anuais.

A explicación en canto ás principais fontes económicas de onde chegaron os capitais para erguer o parque residencial moañés están tratadas no apartado inicial sobre economía, empresa e emprego: o longo proceso de desmariñeirización que permitiu á poboación activa moañesa ir rotando a súa biografía laboral entre a flota transatlántica, mercantes, conxeladora, a construción naval en aceiro, a conserva, o cultivo do mexillón, etc., durante as tres décadas que van entre 1955-1985, é dicir, dende a entrada masiva dos primeiros mariñeiros moañeses na CTE ata a crise do petróleo e a reconversión do sector da construción naval coa negociación para a entrada de España na CEE[396].

A diversidade de emprego fai que aínda que sectores clave como o transatlántico, naval ou conserveiro entren en importantes crises despois de 1973, a efectos do nivel de construción residencial de Moaña non se resinte de forma paralela senón que, se vemos as cifras de licenzas municipais nos anos da crise económica 1974-1979, segue a conservar unha media de edificación de obra nova de 98 unidades por ano.

Se consideramos a parte media e alta dos períodos que estudamos, as dúas décadas que transcorren entre 1958-1979, encontramos unha media de construción de case 92 edificacións por ano, o que nos fala dun lugar cun nivel de construción residencial cuantitativamente importante e sostido nun período de tempo considerable, sen entrar a valorar de momento neste reconto de nova edificación as reformas, engadidos e novas divisións interiores que se realizan nas vivendas no mesmo período de tempo.

396 Para unha visión comparativa do mercado de vivendas, idade dos fogares, sistema de tenza, superficies, etc., en España, ata o ano 2001, MÓDENES, J. A., e LÓPEZ-COLÁS, J. (2010), pp. 655-672.

En canto ao reparto territorial destas novas construcións, vemos que a parte non urbana da parroquia de Moaña é a que rexistra un maior desenvolvemento de novas edificacións, cun 34,9%, a continuación a parroquia de Meira, un 26,24%, despois Tirán cun 15,95%, e finalmente Domaio co 9,67%, é dicir, consolídase o medre residencial nas parroquias ao redor do centro urbano: a zona non urbana da parroquia de Moaña –que xa dispoñía dunha ampla rede de comunicacións entre o vello núcleo histórico de San Martiño- e Meira -que tende a solaparse co centro urbano moañés a través da urbanización intensa preto da zona da Xunqueira, así como a consolidar e espallar núcleos residenciais en todo o seu territorio-, quedando a continuación Tirán, unha parroquia cunha rede viaria -agás a estrada Cangas-Vilaboa- cativa no seu interior, e Domaio polo seu afastamento tanto do núcleo urbano moañés como das outras parroquias do concello.

Os aparentemente cativos incrementos de edificación nos barrios do centro urbano moañés xa existentes –A Seara e A Praia, cun 7,6% da construción total- e no Real –un 5,58% para un barrio nacido residencialmente en 1962- responden a tres dinámicas que non operan nos ámbitos das parroquias non urbanas, como son, para o caso da Seara e A Praia estaren xa parcialmente edificadas bastantes das súas parcelas en 1950 -sobre todo a zona da Praia, dende comezos do século vinte-, teren unha limitación de ámbito de expansión territorial moi marcado –as estradas Marín ao Con e a de Cangas-Vilaboa e o borde urbano litoral-, e unha limitación evidente en canto á superficie e cantidade das parcelas dispoñibles para construír, o que determina por unha banda un proceso edificatorio máis caro que se verá favorecido aínda a partir de 1984 coa aprobación das normas urbanísticas que permiten incrementar a edificación legal permitida (tres andares: baixo e dous pisos) por outra ordenanza que permitirá duplicar esta edificabilidade, a base de edificación colectiva en altura, o que vén significar un maior número de vivendas por cada edificación construída.

A chegada da democracia ao Concello muda algunha das dinámicas edificatorias rexistradas durante a ditadura pero o cambio político non é factor tan determinante para a nova edificación como a crise económica que se vén arrastrando dende mediados da década dos 70 e que nos 80 amosará unha imaxe de crise continuada de sectores económicos básicos, como o da construción naval que dá lugar ao peche do estaleiro Ascon, a maior fonte de emprego de proximidade para o concello de Moaña e, singularmente, para a parroquia de Meira (que tamén padece, ao mesmo tempo, o peche de Conservas La Guía, a partir de 1984), fanse notar tamén no descenso das novas edificacións, como podemos ver no cadro seguinte:

CADRO Nº 38: CENSO DE LICENZAS DE NOVAS EDIFICACIÓNS: ÁMBITOS, 1980-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ANO	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1980	3	8	41	16	15	12	95
1981	3	3	30	10	15	5	66
1982	2	5	17	12	14	11	61
1983	3	1	27	8	6	8	53
1984	1	1	23	19	13	13	70
1985	1	1	12	8	10	3	35
1986	4		19	8	5	7	43
1987	4	5	13	10	11	5	48
TOTAL	**21**	**24**	**182**	**91**	**89**	**64**	**471**
%	**4,45**	**5,09**	**38,64**	**19,32**	**18,9**	**13,6**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

En efecto, se a media de novas edificacións, entre 1962-1979, fora de 7 novas construcións/ano para o centro urbano, ou de 7,5 construcións/ano para a zona do Real, o contraste coa época democrática, 1980-1987, é radical, chegando a 3 construcións/ano no centro urbano e 3,42 construcións/ano para o barrio do Real, o que representa un descenso dun -57% no centro e dun -54,4% para O Real.

Tamén son importantes os descensos, na mesma época, para a Moaña non urbana (de 39,58 construcións/ano, a 26 c/a, un 34,31% de descenso), Meira (de 28,64 c/a a 13 c/a, un 54,6% de descenso), Tirán (de 16,52 c/a, a 12,7 c/a, 23,12% de descenso) ou Domaio (de 10,88 c/a, a 9,14 c/a, un 16% de descenso).

Os ritmos de novas edificacións cada ano van configurando o mapa do desenvolvemento residencial moañés e a súa extensión territorial coutada, no territorio urbano, polos lindes descritos para os barrios do Real, A Praia e A Seara, e no ámbito non urbano polo espallamento sen pauta formal, a partir das estradas e os camiños existentes e os de novas aperturas, polas novas construcións de edificacións unifamiliares que se van erguendo segundo a importancia demográfica de cada parroquia e así vemos, en orde xerárquica, que a maior parte das construcións teñen lugar na Moaña non urbana (1963-1979: 795 unidades edificadas, 34,9% do total construído; 1980-1987: 182 unidades, 38,64% do total construído), Meira (1963-1979: 597 unidades, 26,24% do total construído; 1980-1987: 91 c/a, 19,32% do total construído), Tirán (1963-1979: 363 unidades, 15,95% do total construído; 1980-1987: 89 c/a,

18,9% do total construído) e Domaio (1963-1979: 220 unidades, 9,67% do total construído; 1980-1987: 64 unidades, 13,6% do total construído).

Para tratar de comprender con máis detalle as características do parque residencial moañés, faremos unha aproximación para buscar as diferenzas entre as edificacións colectivas e as edificacións unifamiliares no período que estudamos.

CADRO Nº 39: CENSO DE TIPOLOXÍA DAS NOVAS EDIFICACIÓNS, ÁMBITOS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ÁMBITO	EDIF. COLECTIVA	EDIF. UNIFAMILIAR	TOTAL
C	26	168	194
R	40	111	151
Ñ		977	977
M	9	679	688
T	6	446	452
D	3	281	284
TOTAL	**84**	**2.662**	**2.746**
%	**3,05**	**96,94**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

O cadro nº 39 ilustra a complexidade da edificación residencial das zonas urbanas en Moaña, extensible a boa parte das vilas e cidades medias de Galicia, onde podemos ver como durante un período tan grande de tempo, a edificación unifamiliar (96,94% do total da nova edificación) é a tipoloxía dominante non só nos ámbitos non urbanos, como se podería pensar, senón tamén no centro urbano que vimos como se está a edificar aceleradamente dende 1962-1963 amosando maioritariamente unha tipoloxía de edificación que (aínda que se vai transformando pouco a pouco), conserva o pouso e estilo de vida anterior que convive e caracteriza aos nosos centros urbanos formados por familias procedentes do propio concello.

Esta característica podémola ver máis claramente no caso do barrio do Real onde o balance edificado acaba sendo o dun barrio que mestura un primeiro modelo de edificación unifamiliar pertencente á cidade-xardín, un segundo modelo semiurbano de edificación unifamiliar que é o máis numeroso e ocupa as partes interiores das rúas perpendiculares á rúa Méndez Núñez na súa zona Oeste, e un terceiro modelo urbano de vivenda colectiva lindando coas principais estradas exteriores que circundan o perímetro do ámbito.

Podemos ver máis en detalle o despece territorial de ambas tipoloxías

na época da ditadura e en democracia.

CADRO Nº 40: CENSO DE TIPOLOXÍA DAS NOVAS EDIFICACIÓNS: ÁMBITOS E ÉPOCAS

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ÉPOCA	ÁMBITO	EDIF. COLECTIVA	EDIF. UNIFAMILIAR	TOTAL
1950-1979	C	18	155	173
1980-1987	C	8	13	21
1962-1979	R	26	101	127
1980-1987	R	14	10	24
1950-1979	Ñ		795	795
1980-1987	Ñ		182	182
1950-1979	M	8	589	597
1980-1987	M	1	90	91
1950-1979	T	4	359	363
1980-1987	T	2	87	89
1950-1979	D	3	217	220
1980-1987	D		64	64
TOTAL		**84**	**2.662**	**2.746**
%		**3,05**	**96,94**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

O Real amosa no cadro nº 40 como é o ámbito que mantén un ritmo de implantación de edificación colectiva máis constante a medida que vai pasando o tempo (1962-1979: 26 edificios colectivos, 1980-1987: 14 edificios colectivos) marcando o seu carácter de densidade urbana dende os seus comezos, mentres que no centro urbano moañés dos barrios da Praia-Seara leva un ritmo menor entre 1950-1979 (18 edificios colectivos) pero comeza un cambio de tendencia entre 1980-1987 (13 edificios colectivos) investindo a dinámica a favor das edificacións colectivas que estarán cada vez máis presentes modificando a imaxe urbana litoral que vai pasando a incrementar a altura dos edificios existentes a medida que vai chegando a metade da década dos 80 e será unha tendencia durante o resto do século, mentres que a edificación unifamiliar é marxinal ou pasa a ser reformada e ampliada por mor do incremento de alturas de edificación propiciado pola aprobación das NSP de 1984.

A partir desa data tamén se comezan a producir, paseniñamente, operacións inmobiliarias de compravenda de parcelas, zonas sen edificación ou zonas de edificación unifamiliar antigas, para a construción de edificios colectivos, tendencia que será a característica xeral canto máis nos achegamos á

última década do século e á primeira do novo século vinte e un.

Nos dous ámbitos máis urbanos (centro urbano A Praia-A Seara, barrio do Real) é interesante constatar a desproporción entre edificacións colectivas e unifamiliares, claramente a favor destas últimas. No período de maior medre edificatorio (1950-1979), A Praia-A Seara ergue 155 unifamiliares vs. 18 colectivas e O Real 101 unifamiliares vs 26 colectivas entre 1962-1979. Aínda na época democrática, A Praia-A Seara edifica 13 unifamiliares vs. 8 colectivas pero non así O Real que inviste por primeira vez a tendencia, con 14 edificacións colectivas vs. 10 unifamiliares.

O resto do ámbito da parroquia de Moaña que denominamos non urbana ten un tratamento na ordenación urbanística que só permite a construción do edificio unifamiliar, unha tipoloxía que, como vimos, acada o maior número de edificacións de todo o termo municipal. A parroquia de Meira, de edificación maioritariamente unifamiliar, ergue algunhas unidades de edificación colectivas na zona destinada na ordenación urbanística a ser unha extensión urbana natural do Concello, entre a Xunqueira e a Porta do Sol, límite do desenvolvemento urbano previsto. As edificacións colectivas de Tirán son as lindeiras co barrio do Real na marxe dereita da estrada Marín-O Con e algunha no propio barrio do Con; en canto a parroquia de Domaio están situadas na estrada litoral Cangas-Vilaboa, na parte central da parroquia.

Varias destas edificacións colectivas, algunhas construídas na ditadura, sobre todo no barrio do Real e no centro de Moaña -tamén algunha no resto das parroquias- foron construídas sobrepasando as alturas permitidas no seu día. As do Real e o centro de Moaña anteriores a 1979, como vimos, foron legalizadas de facto, unhas por modificacións da ordenanza municipal sobre alturas e outras pola caducidade dos expedientes de infracción urbanística. As edificacións colectivas que chegaron con expedientes de infracción ao mandato democrático por exceder a altura máxima permitida foron legalizadas a través das NSP de 1984 e o importe das infraccións máis destacadas, sobre todo nos ámbitos do Real e de Tirán, foron aboadas polos seus promotores a través da adxudicación de obra pública encomendada polo Concello a estas empresas, durante o período 1983-1987 o que lle permitiu á Administración Pública uns ingresos importantes e aos promotores a amortización da débeda.

Para ver con precisión gráfica a cantidade de edificación colectiva e o seu número de andares a comezos da democracia local, 1979, dispoñemos do Plano de Avance das Normas Subsidiarias. *[Ver Plano 17: Avance NSP]*

Moaña configúrase, no período estudado, como un concello de cultura e estilo de vida cada vez máis urbano, cunha hexemonía aplastante da edificación residencial unifamiliar, que representa o 97% do total edificado entre 1950-1987.

10.1 Vivenda nova

Seguindo a documentación municipal, a importante cantidade de edificación construída trae como consecuencia un incremento no censo de vivendas novas, que para o caso das novas edificacións, é como segue:

CADRO Nº 41: VIVENDAS EN EDIFICACIÓNS NOVAS, TOTAIS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAI-

AMBITO	COLECTIVA	UNIFAMILIAR	TOTAL
C	138	248	386
R	269	209	478
Ñ		974	974
M	35	672	707
T	44	453	497
D	15	279	294
TOTAL	**501**	**2.835**	**3.336**

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

A medida que imos entrando no interior das edificacións construídas de novo, a división entre o residencial colectivo e o unifamiliar, cos seus ritmos e implantacións distintas no tempo e nos diversos ámbitos[397] pon de relevo a implantación e a convivencia dos modelos urbanos e os tradicionais, mesmo no interior das zonas máis consolidadas urbanísticamente e así vemos que no centro urbano moañés, a correlación entre as vivendas construídas en edificación colectiva e en unifamiliar debuxa a tendencia á compactación e a densificación edificatoria a través dunha primeira etapa, ata 1979, onde a porcentaxe de vivenda construída en edificación colectiva acada o 32,22% do total de nova vivenda, e unha segunda etapa, en democracia, moito máis intensiva en canto á edificación colectiva, con cada vez maior número de vivendas, que representa o 46,57% do total da vivenda construída neste último período.

A evidencia do modelo de edificación colectiva en zona urbana é moito máis clara no barrio do Real, cunha vocación cada vez máis densificada en canto ao parque residencial, que se acadara un 49,14% do total de vivenda construída ata 1979, o rumbo en democracia é inequívoco porque o 75% das vivendas construídas nesta época están no interior dunha edificación colectiva.

397 Para un mellor detalle, ver Cadro nº 22: Censo de vivendas novas, ámbitos, 1950-1987, en Anexo.

O resto do territorio non urbano, agás un puñado de edificacións colectivas erguidas en Tirán, Meira e Domaio durante a última etapa da ditadura, é o imperio do campamento unifamiliar que se vai estendendo a medida que o incremento do nivel de renda familiar é perceptible, acompañado do efecto urbanizador que significa, dende a década dos 60, o ancheamento/apertura de novos camiños e vías, a chegada dos servizos de auga, luz, saneamento, etc.

Unha vez máis o desenvolvemento urbano do centro litoral de Moaña e do Real é clara pero a súa dimensión en canto a vivendas medias por edificio construído da a idea das distintas escalas que se producen na envergadura das novas construcións, tanto para edificación colectiva como para a unifamiliar.

Para o centro urbano da Praia-Seara, as edificacións colectivas de nova construción albergan unha media de 5,7 vivendas/edificación (1950-1979) e de 4,25 viv./ed. (1980-1987); en canto a edificación unifamiliar, 1,3 viv/ed. (1950-1979) e 3 viv./ed. (1980-1987), o que nos dá o ritmo histórico e a capacidade residencial instalada na construción urbana central: partindo dunha situación maioritaria de vivenda unifamiliar dende comezos do século vinte e que terá un importante desenvolvemento edificatorio a partir de mediados da década dos 50 (entre 5/6 edificacións novas/ano), dá un salto decisivo a partir de comezos da década dos 60 (máis de 8 edificacións/ano), e aposta cada vez máis pola edificación colectiva modesta, como vimos, e que será máis abundante a partir de 1984 coa nova normativa urbanística.

A segunda explicación dos cadros anteriores está no barrio do Real, no que encontramos para o período estudado unha media de 6,6 viv./edificación colectiva (1962-1979), non moi lonxe da densidade residencial do centro moañés nun período máis curto de tempo –lembremos que O Real comeza a edificarse en 1962- porque os inicios do Real son a base de novas edificacións de baixa densidade, tendencia que muda canto máis nos achegamos ao tardofranquismo e se consolida en democracia: porque a relación entre o centro de Moaña e o Real cambia ata as 6,9 viv./ed. (1980-1987) cando este barrio xa medra a partir dos edificios máis cumpridos e case duplica a capacidade de vivendas por edificio en relación ao centro urbano litoral moañés. En canto aos datos da tipoloxía unifamiliar, O Real pasa das novas edificacións que teñen unha media de 1,76 viv./ed. (1962-1979) ás de 3,1 viv./ed. (1980-1987) seguindo a tendencia a incrementar o número de andares/vivendas conforme chega a democracia local.

Os poucos edificios colectivos existentes nas parroquias e barrios menos urbanos contan cunha media de 3,87 viv./ed. (Meira, 1950-1979), de 3,25 viv./ed. en Tirán (1950-1979) e de 5 viv./ed. en Domaio. Todas estas edificacións de vivenda colectiva, en Meira, no barrio do Con ou en Domaio, están realizados durante a época de maior tolerancia na disciplina urbanística do tardofranquismo, cunha tipoloxía, na maioría dos casos, de baixo e tres ou ca-

tro andares e que en democracia pasarán a constituír, no caso de Meira e Domaio, os únicos ámbitos urbanos de cadansúa parroquia. O resto dos ámbitos non urbanos do concello teñen unha media de unha viv./edificio unifamiliar de nova construción, agás na parroquia de Tirán, 1980-1987, cunha media de case 1,5 viv./edificación polo efecto das novas edificacións lindeiras do Real e tamén no barrio do Con.

10.1.1 Interiores e exteriores

Sobre o total das 3.336 vivendas construídas en novas edificacións, elaboramos unha mostra das divisións ou dotacións interiores, con toda a amplitude que nos permiten os datos recollidos -non todos os expedientes de obras inclúen a información completa de cada obra- e a mostra que utilizamos recolle as seguintes diferenzas: no centro urbano, analizamos 281 dotacións interiores de vivendas sobre un total de 386 vivendas novas, no barrio do Real 294 dot./478viv., na Moaña non urbana 897 d./974 v., en Meira 640 d./707 v., en Tirán 448 d./497 v., e en Domaio 271 d./294 v.

Debemos ter en conta tamén que a división interior denominada "sala" é confusa[398], aparecendo nunha minoría de vivendas, mesmo en épocas en que se pode acreditar a súa existencia e, polo tanto, cremos que as dotacións de sala e comedor debemos entendelas conxuntamente, posto que na práctica totalidade das vivendas, a casilla correspondente denomínase unicamente "comedor"[399].

CADRO Nº 42: DOTACIÓNS DAS VIVENDAS NOVAS, ÁMBITOS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIOFon-

AMBITO	COCIÑA	ASEO	BAÑO	SALA	COMEDOR	DORMITORIOS
C	284	210	185	24	281	892
R	298	178	253	26	294	1058
Ñ	904	609	450	20	897	2769
M	646	448	290	13	640	1982
T	451	296	241	7	448	1340
D	271	165	162	2	271	803
TOTAL	2.854	1.906	1.581	92	2.831	8.844

te: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

398 Segundo José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico), na concepción da propiedade que inicia unha nova edificación unifamiliar "non existe o salón. Existe a cociña-comedor. O salón é para os domingos". Entrevista05012018. Arquivo propio. Sobre a "sala" e a súa evolución histórica en Galicia, CASTRO, X. (1998), p. 40.

399 Para un maior detalle, pódese consultar o Cadro nº 23: Dotacións das vivendas novas: ámbitos e épocas, 1950-1987, en Anexo.

Analizaremos as características construtivas, interiores e exteriores, e as súas etapas históricas, para tentar comprender mellor a evolución e a adaptación dos fogares moañeses ás distintas circunstancias de renda, demografía, estilo de vida, materiais empregados, etc.

> *H. Se producía unha espiral, sobre todo por parte da muller: a veciña ten unha casa grande, eu un pouco máis grande. Creo que era como unha sinalización exterior de que a cousa vai ben.*
>
> *J. É un símbolo: eu saín da pobreza*[400]

A primeira característica da evolución da vivenda é o seu **incremento de superficie** a medida que avanza o tempo, como veremos no apartado de evolución da superficie das novas edificacións. O mito da "casa grande" conta con gran predicamento social, como podemos ver na contínua evolución dos espazos interiores (aseo, cuarto de baño, dormitorios, salón, comedor, etc.) en escala progresivamente maior.

Se analizamos, por exemplo, a media de dormitorios por vivenda, encontraremos que no período 1950-1987, as zonas urbanas son as que dispoñen das vivendas menos compridas en canto a este tipo de cuartos (A Praia-A Seara: 2,31 dormitorios/vivenda; O Real: 2,21 d./v.) ao contrario que as zonas non urbanas do casarío unifamiliar (Moaña non urbana: 2,84 d./v.; parroquia de Meira: 2,84 d./v.; parroquia de Tirán: 2,73 d./v.; parroquia de Domaio: 2,73 d./v.), sendo a media do concello de 2,65 d./v.

Pouca información directa podemos aportar a partir dos arquivos municipais sobre a **evolución da cociña**, peza que articula a vida sociocultural dos fogares de distintas formas. Canto máis nos achegamos a mediados de século aínda existen moitas vivendas que producen lume a partir dunha elemental lareira tradicional que vai deixando lugar ás máis modernas e funcionais cociñas de ferro fundido (aínda encontramos unha pequena representación de novas residencias, en 1965-1966, nas que se recolle a denominación "cociña de carbón tipo Bilbao"[401] para referirse a esta instalación) pero xa dende 1963 se referencian, sen tratarse tampouco de ningunha mostra representativa, a instalación de cociñas de gas butano (unha vivenda especifica en 1964 "tipo FAR ou similar"), así como un quentador de auga de butano que foi o principal sistema empregado durante o tempo do "desenvolvementismo" e boa parte da época democrática.

400 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

401 CASTRO, X., (1995), p. 35-41, para unha evolución histórica do cambio da lareira á "bilbaína" e os usos do espazo da cociña ata mediados do século vinte.

H.A división típica é salón, cociña, tres dormitorios e dous baños. Había a entrada principal e despois a cociña tiña que ter un acceso ao exterior independente: tiña que ter un acceso directo á finca.

J. Tiñas animais, tiñas unha horta e non querías manchar a escaleira principal.[402]

En canto ao **uso da auga e o seu ciclo funcional**, segundo a documentación municipal, a maior parte das vivendas da década dos 50, e aínda unha boa parte de mediados dos anos 60, non teñen instalacións de auga corrente ou "encañada" no seu interior, fornecéndose de auga potable ben a través das fontes públicas ou, sobre todo, pola construción de pozos de aros, ao obxectivo de "alumear auga" para o consumo doméstico.

A práctica totalidade das edificacións novas realizadas en calquera época e ámbito da localidade contan con servizo de pozo e tamén, na fin do ciclo da auga, de pozo negro, pero hai que sinalar que a carencia de servizo interior de auga potable está acreditado documentalmente coa indicación "sen instalación de auga interior", polo menos, entre 1950 e 1963, evolucionando dende a súa carencia na práctica totalidade das novas edificacións da década de 1950 -agás nalgunha construción do centro urbano ou algunha familia acomodada- ata uns rexistros de inexistencia no 12% do total (1960), 40% (1961), 40% (1962, incluído o barrio do Real), 25% (1963), sen producirse datos municipais sobre a carencia deste servizo a partir de 1964.

Temos que recordar a relativa existencia de fontes públicas e, sobre todo, de pozos de auga potable en practicamente cada nova edificación: o transporte e acondicionamento de forma continua á vivenda foise adaptando ás condicións materiais, tecnolóxicas e da renda dispoñible das familias, a extracción de auga dos pozos foi sendo manual ata a comercialización dos motores eléctricos, quedando finalmente como complementarios ante a chegada das traídas veciñais ou municipais de auga a partir da década dos 70.

A comezos da década de 1960 vanse difundindo formas de quecer a auga doméstica distintas do lume das tradicionais lareiras ou das cociñas de ferro, cando chegan os electrodomésticos con enerxía a través de gas butano, o que vai significar, paseniñamente, un importante avance nos hábitos hixiénicos dos fogares, propiciando cambios importantes nas dotacións interiores das vivendas ao ser unha enerxía fácil de transportar e instalar en calquera estancia.

Parte desta transformación realízase nos espazos destinados á hixiene corporal dos membros dos fogares e así é importante a transformación dos aseos. En 1950 o aseo familiar realizábase entre a cociña, as habitacións

402 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

e, nunha mínima parte das vivendas, nunha dotación destinada a ese uso, o "aseo", onde se trasladaba a auga en recipientes móbiles para realizar a hixiene corporal. Eran estancias moi sobrias, cun moble principal para recibir a auga e facilitar o seu uso, sen inodoro, posto que a maioría das necesidades hixiénicas realizábanse, durante o día, nun espazo da parcela ou da finca onde se mesturaban con restos orgánicos, forestais, etc., para realizar abono con destino aos labores agrícolas.

A medida que van entrando os anos do "desenvolvementismo" se mellora o acceso viario e rodado a través do ancheamento, iluminación, servizo de traída pública de augas e sumidoiros, etc., pouco a pouco, a maior parte das vivendas van rexistrando cambios. As existentes provéense dun cuarto anexo á construción –a "peza" ou "retrete"- onde se instalará un servizo elemental para realizar as necesidades hixiénicas, que aínda compartirá usos coa cultura tradicional de mesturar restos orgánicos para realizar abono. Este servizo hixiénico vai transformándose, primeiro pola chegada da auga corrente proveniente do pozo, a través dun motor eléctrico que permite elevala directamente ao aseo ou indirectamente ata un depósito colocado nun lugar alto, normalmente, o faiado das vivendas, e dende aí, por gravidade, ata o cuarto de aseo, a cociña, etc.

Un 70% das vivendas novas xa dispoñen, polo menos dende 1962, segundo a documentación examinada, deste tipo de aseos que se acomodan á evolución da vivenda, da economía, da paulatina transformación da cultura agrícola e pecuaria, e así van aparecendo nese mesmo ano sobre un 20% de novas residencias que contan cunha estancia chamada "baño", diferenza substancial sobre as dotacións anteriores cando toda a denominación era "aseo". Hai que ter en conta, nestas porcentaxes, que son os anos do comezo da gran transformación urbana e tamén o principio da urbanización do barrio do Real, onde conviven residencias modestas con outras dotadas das novidades da época en canto a confort, dotacións e novos espazos interiores.

Esta dinámica de cambios tamén evoluciona a partir das súas transicións interiores porque, no inicio do barrio urbano do Real, 1962, ao non contar con infraestruturas e servizos públicos agás as vías rodadas ou peonís de terra, tamén as vivendas teñen que recorrer ao pozo artesán para subministro de auga potable, ao pozo negro por toda solución para as augas sucias, fecais, etc.

Polo tanto, a década dos 60 aínda contempla como van da man a adaptación das "pezas" ou "retretes" exteriores ás residencias unifamiliares existentes coa creación de "aseos" e, nunha minoría de fogares, de "baños", unha situación que se combina perfectamente na realidade do centro urbano de Moaña, formado maioritariamente por residencias unifamiliares de un e dous andares e unha minoría de edificacións colectivas onde a situación en canto

a dotacións hixiénico-sanitarias é similar, así como a carencia de instalacións de auga interior para uso doméstico, uso de parte da parcela para a cría de animais, elaboración de abono orgánico, etc., posto que boa parte do parcelario existente está ocupado por leiras, viñas, etc., sen edificacións.

Na década de 1970 xa se vai incorporando o servizo interior de "auga corrente" directa ou adaptada como acreditan os datos non só do número de pozos de cada nova edificación senón as solicitudes para canalizar augas, a través de camiños públicos, dende mananciais afastados das vivendas ata cada residencia familiar, e a chegada da traída municipal de augas, factores ambos que inflúen para que a tendencia dominante en canto a dotacións hixiénico-sanitarias domésticas vaia cambiando: se aínda en 1971 e 1972 se declaran nas novas edificacións, redondeando, un 80% de aseos e un 15% de cuartos de baño, será en en 1973 cando se produza o auténtico cambio e a incorporación de louza sanitaria diversa aos cuartos de baño, que pasan a ser unha estancia que rompe os hábitos hixiénico-sanitarios tradicionais, incorporando un lavabo, unha bañeira –en aquel momento "de asento"-, un sistema de quecemento autónomo de auga e un inodoro.

Esta incorporación representa un cambio transcendental para uns fogares nos que as xeracións infantís e xuvenís do baby boom serán socializadas nuns hábitos hixiénicos radicalmente distintos dos das xeracións dos seus pais e avós: en 1973, o 57% das novas construcións solicitan a instalación dun cuarto de baño e o 29% piden un aseo por toda dotación hixiénico-sanitaria, unhas cifras que darán paso ao cuarto de baño, cada vez máis completo, como un espazo clave de cada nova vivenda.

Así se constata un ano despois, cando en 1974 os novos cuartos de baño xa están presentes no 80% das novas vivendas, porcentaxe que sube ao 90% en 1975 e 1976, paralelamente ao descenso das novas vivendas unicamente dotadas de aseo, nos mesmos anos, que pasan do 14% ao 10%, marcando unha liña clara de transformación interior porque en 1977, insistindo no cambio de paradigma ao respecto da hixiene doméstica, todas as vivendas de nova construción solicitan e declaran ter un cuarto de baño: non hai vivenda sen esta nova dotación que coloniza o espazo hixiénico-sanitario ata tal punto que entre 1977-1980 segue a rexistrarse un cuarto de baño por vivenda e, entre un 25% e un 30% destas mesmas vivendas novas posúen, ademais, un aseo a maiores, o que nos dá outro indicador dos cambios na vida doméstica dos fogares e a preocupación pola hixiene e a comodidade de acceso aos espazos interiores da hixiene de cada membro da familia.

Esta tendencia a compartir na mesma vivenda cuarto de baño e aseo como estancias independentes está sobrerrepresentada nas edificacións de vivendas colectivas que se están a rexistrar nesa época no barrio do Real e no centro urbano, pero pouco a pouco será a liña adoptada tamén na maioría das

vivendas realizadas en novas edificacións unifamiliares en calquera ámbito do termo municipal.

Dende o comezo da década dos 80 consolídase esa tendencia e vaise incrementando en cada vivenda nova esta proliferación de aseos. Así vemos na documentación como, de novo con máis incidencia nas vivendas dos andares das grandes edificacións das zonas urbanas primeiro, aparece como norma a vivenda con cuarto de baño, acompañada de vivendas dotadas de cuarto de baño e aseo, como vimos, incorporándose, a partir de 1980 –sempre tendo como escaparate as novas vivendas urbanas do Real e centro- as vivendas con dous cuartos de baño, sobre un 20% do total de novas vivendas entre 1980-1982 pero en continuo incremento ata chegar ao 33% nos anos 1986-1987. Este incremento de vivendas con dous cuartos de baño completos fai que baixe a porcentaxe de vivendas con cuarto de baño e máis aseo, que, se ben chegaran a estar case no 50% das novas vivendas entre 1981-1984, comezan a minguar, pasando dun 28% en 1985, a un 26% en 1986 e un 17% en 1987.

Polo tanto, entre os anos 50 e os 80 do pasado século aconteceu unha transformación dos hábitos e os usos dos servizos hixiénicos domésticos: dende unha situación variable e exterior ao edificio principal da vivenda, ao seu paso como estancia interior con melloras continuas en canto a dispoñibilidade da auga e diferenciación de servizos dentro das "pezas", "aseos" e "cuartos de baño", pasando a unha maior dispoñibilidade e calidade de servizos e louza sanitaria canto máis minguante é a cantidade de membros que forman os fogares, así como a unha xerarquización, segregación ou uso preferente dos servizos hixiénico-sanitarios: a medida que se vai introducindo a cultura dos dous cuartos de baño, na década dos 80, un deles é privativo ou está situado na estancia da xeración proxenitora, correspondendo o outro cuarto ao uso compartido entre as dúas xeracións que habitan as vivendas-tipo desta época: os proxenitores e a súa prole.

O concepto de progreso e confort residencial nos anos do "desenvolvementismo", explicado polo seu principal actor e xestor político[403]:

> *"Cando eu tomei posesión en 1966, no centro de Moaña, cantos cuartos de baño había?* [cuartos de baño con auga corrente, non retretes nin "outras solucións..."] *Creo que sobran os dedos dunha man. A partir daí conseguiuse que cada vivenda tivera un cuarto de baño. E a seguir, dous: un arriba e outro abaixo. E agora evoluímos de tal maneira pero afortunadamente TODOS melloramos, evolucionamos, tendo un cuarto de baño, practicamente, en cada habitación. Pero xeralmente, non determinado sector ou sectores. Estou modestamente satisfeito de ter participado nesa mellora de carácter xeral. Cando cesei, no 77,*

403 Sebastián Juncal Currás, entrevista, 02022017. Arquivo propio.

xa se podía entrar en calquera casa."

Os **materiais cos que se realizan as novas edificacións** de mediados do século vinte son a madeira, para as estruturas e armazón interiores, o ladrillo para o revestimento exterior ou, excepcionalmente, en pedra da que algunha licenza destes anos especifica detalles destes exteriores como "cantería en tosco con encintado liso en xuntas", "sillería repasada en fachada e tosca en laterais" ou "sillería de 0,21 colocada en tosco". Na década de 1960 a gran cantidade de obra nova realizada repártese, segundo a pequena mostra que puidemos elaborar, en 1963-4, do seguinte xeito: estrutura de formigón armado e muros exteriores de pedra (28,30%-37,30%), estrutura de madeira e muros exteriores de pedra (13%-11%) e estrutura de formigón armado e muros exteriores en ladrillo (13%-1,72%), estrutura de madeira e muros de ladrillo (7%), non se poden considerar as porcentaxes máis ca como indicadoras da convivencia entre varios modelos de estruturas e cerramentos, que seguirán partillando durante a segunda década de 1960, segundo o cadro seguinte, que debe lerse como un indicador de tendencias, porque non contamos cunha mostra representativa:

CADRO Nº 43: MATERIAIS EXTERIORES DAS NOVAS CONSTRUCIÓNS (% APROXIMADO SOBRE TOTAL DECLARADO NOS EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE LICENZA): 1965-1970

MP: estrutura de madeira, muros exteriores de pedra

HP: estrutura de formigón armado, muros exteriores de pedra

HL: estrutura de formigón armado, muros exteriores de ladrillo

LL: estrutura de ladrillo armado, muros exteriores de ladrillo

	MP	HP	HL	LL
1965	13,6	24,8	24,8	
1966	8	34,4	29	7
1967	12	31	17,4	3,3
1968	4	15	43,2	6
1969	1	3	67,5	3
1970			81	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

No cadro podemos ver as transicións e remudas entre as distintas com-

binacións de estrutura interior e cerramentos exteriores nos anos claves para a implantación do modelo de nova edificación a base de estrutura interior a base de placa de formigón armado con cerramentos de ladrillo, tipoloxía que marca, a partir de 1968, a liña que será hexemónica durante o resto do tempo do noso estudo cara ao remate do século vinte.

> *J. Hai unha cousa que é máis de nós, porque temos estudios, ca deles. En comparación coas casas de pedra ata os anos 50, a construción da nosa época é triste e fea e se pode dicir que temos algo de culpa. Pero o paisano non demanda, aborrece a pedra que vincula coa pobreza de onde saíu e quere materiais novos: o granulite, o gresite, despois se pasou coa cerámica* á fachada porque *"xa non hai que pintar"..., unha base cultural pobre tanto en técnicos como na sociedade.*
>
> *Tiñamos unha arquitectura tradicional moi bonita pero ¡fóra con ela!, tamén é certo que nos 60 desaparecen os canteiros, a man de obra se dispara e a pedra non é competitiva, pero sobre todo, que foran materiais novos. Madeira?, "non, non. Pudre todo!" Aluminio, baldosas*
>
> *E cando volve a pedra, non volve a sillería, senón a pedra tosca de Porriño..., todo o moderno é bo porque é moderno e todo o antigo é malo porque é antigo.*
>
> *H. Non volver atrás...*[404]

10.2 Superficie de parcelas construídas: a pegada territorial

A seguinte reflexión sobre o proceso edificatorio e a súa ordenación ten que ver co uso de solo requirido para a construción dun parque residencial como o que estamos a analizar. Cara á fin do século vinte as nosas sociedades reciben unha maior información sobre a pegada da actividade humana sobre o medio ambiente e o territorio, pero canto máis atrás vamos durante os anos incluídos na nosa investigación, esta cuestión non foi visible ata que comeza un proceso de desenvolvemento económico onde non se critica o emprazamento das empresas nin a súa contaminación ambiental porque os conceptos de progreso, modernización ou desenvolvemento e as súas peaxes sobre a natureza, paisaxe, medio ambiente, etc., son consubstanciais ás décadas de 1960 e 1970 e, en xeral, asumidas política, mediática e socialmente.

Os efectos da industrialización foron ben visibles nas rías galegas, nos ríos, en zonas medioambientalmente ricas e singulares que ficaron seriamente

404 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

danadas ou destruídas pola actividade fabril, e a axenda política foi dirixindo, pouco a pouco, o seu interese a tratar de mellorar os controis sobre estas empresas, minorar o efecto da súa actividade sobre a pesca, a calidade de vida nas proximidades, etc., pero non se prestou o mesmo interese á pegada espacial ou territorial causada polo gran proceso residencial e urbanizador que se estaba a producir ao mesmo tempo.

Non houbo sensibilidade na maior parte da academia, a política ou a sociedade galega, sobre os custos -actuais ou diferidos- territoriais, de medio ambiente, económicos ou sociais do gran proceso de artificialización do territorio que se estaba a producir. Se acaso, o discurso político ou mediático concentrouse nas grandes urbanizacións que se estaban a producir nas cidades ou en vilas de tipo medio porque as nosas cidades non rexistraran na súa historia un proceso de construción residencial tan intenso e de tanta envergadura en tan pouco tempo, ata o punto de cambiar o modelo de hábitat en pequenos edificios unifamiliares ou colectivos que van ser transformados en urbanizacións densas e con moita edificabilidade tanto en fondos como en altura, de tal forma que cambia unha imaxe urbana secular, tradicional, por unha estampa que comeza a semellar parcialmente ao tipo de urbanizacións das cidades occidentais.

O avance das novas edificacións sobre uns espazos que non dispoñen de viario nin dos servizos urbanos preceptivos, ou tendo estes servizos unha implantación e/ou calidade mínimas, produciu unha reacción de malestar estético en certas elites socioculturais e de conflito polas condicións de habitabilidade nos novos fogares que pasaron a habitar en vivendas situadas en edificios colectivos. As barriadas novas que se constrúen neses anos para dar acubillo á alta natalidade, ás migracións do campo á cidade, á volta do periplo migratorio, etc. (ensanche de Santiago, barrio de Vite, Travesía de Vigo, barrio de Coia-Vigo, etc.) fan que se perciba o cambio entre unha cultura tradicional de procedencia en hábitat a base de edificación unifamiliar e, por contraste, pasar a residir en comunidades de veciños que aínda non posúen unha cultura urbana da xestión residencial colectiva. Este choque cultural realimenta o vello discurso sobre o malditismo e o alleamento das cidades e as bondades do hábitat tradicional en residencias unifamiliares.

En Moaña podémolo ver no choque cultural que significou o nacemento do barrio do Real, sobre todo na súa última fase de desenvolvemento, cando a maioría da edificación é colectiva, sumado ás malas condicións dun proceso de urbanización que restrinxe o espazo público dos peóns, carece de estacionamento suficiente (tanto nos edificios como nas rúas), como tampouco dispón de zonas verdes nin dotacións públicas.

Sen embargo, esta focalización social e mediática do "malestar urbano" ten unha percepción antagónica sobre o espazo residencial de edificación

unifamiliar como de maior independencia persoal/familiar, calidade de vida, contacto coa natureza ou "volta ao campo" como ao paraíso perdido da infancia, producido por un relato literario, mediático e/ou cinematográfico que romantiza o "verde" e o "natural" como connotacións de pureza e "positividade".

Se o primeiro debuxo estrutural dunha vila son as súas vías de comunicación, a segunda estrutura na trama urbana é o parcelario. No seguinte cadro podemos analizar como, a diferenza do discurso máis popular, mediático e político, a pegada territorial e económica –sostible, diriamos hoxe- da parcela urbana é máis importante e acaída dende o punto de vista medioambiental, da ordenación do territorio e do proceso urbanístico como un factor que aporta maior equilibrio ecolóxico, económico e enerxético entre beneficios e cargas para os axentes da actividade urbanizadora e para a sociedade en xeral.

A estrutura parcelaria utilizada no proceso residencial moañés, estudiarémola baixo dúas fontes de medición. A primeira utilizando os datos encontrados na documentación municipal (coa salvedade de non poder utilizar o padrón completo por non acharse disponible toda a información), con estes resultados:

CADRO Nº 44: SUPERFICIE MEDIA DE PARCELA NOVAS EDIFICACIÓNS CONSTRUÍDAS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ÁMBITO	SUPERFICIE (m^2)
C	336,70
R	358,75
Ñ	1.946,92
M	994,41
T	1.040,23
D	917,45

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

Sen embargo, se elaboramos o mesmo cadro a partir de datos procedentes dunha mostra de 534 novas edificacións construídas entre 1950-1979 e localizadas xeograficamente[405], despois de cruzar a información municipal

405 Sobre o universo do total de novas edificacións 1950-1979, esta mostra representa o 25% , e está elaborada de forma aleatoria, coa seguinte ponderación: Centro urbano: 20%; O Real, 20%; Moaña non urbana, 30%; Meira, 8%; Tirán, 15%; Domaio, 20%. O traballo de localización das novas edificacións sobre a ortofotografía foi realizado por Francisco Javier Casás Mariño (centro urbano, parroquias de Tirán, Moaña e Meira) e María Veiga Moreira (parroquia de Domaio), 2014.

das novas edificacións cos datos catastrais relativos á superficie da parcela de cada unha delas, acadamos o seguinte resultado:

CADRO Nº 45: SUPERFICIE MEDIA DE PARCELA DAS NOVAS EDIFICACIÓNS CONSTRUÍDAS, 1950-1979

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ÁMBITO	SOAR MEDIO ($m^{2)}$
C	292,97
R	442,48
Ñ	676,35
M	763,30
T	660,61
D	900,74

Fonte: elaboración a partir de mostra propia, cruzada coa base de datos do Catastro (2014).

A comparación dos cadros amosa, para os casos da Moaña non urbana e Tirán, no cadro elaborado a partir dos expedientes de licenzas 1950-1987 a dificultade de elaboración de magnitudes comparables posto que as cifras destas dúas parroquias poden estar deformadas pola dificultade de contificar edificacións realizadas nas sucesivas segregacións dos grandes latifundios existentes -en Tirán: finca dos Castroviejo, finca dos Carvajal (O Foxón, de 69 ferrados "tanto como 3 Ha, 25 a e 68 ca"), finca de Roberto González Pastoriza (2,43 Ha. aprox.), finca dos García Arenal, etc.; en Moaña: finca dos Montenegro (O Rosal sur: 7,75 Ha. aprox)- e tamén temos que ter en conta a dificultade por non podermos establecer unha consonancia entre datos catastrais, datos municipais[406], datos notariais, etc.

Os datos son máis acompasados –con variacións explicables- para o Centro urbano, O Real, Domaio e Meira, amosando a estrutura media do parcelario destinado a edificación nos anos indicados. Os cadros debuxan claramente unha das características do hábitat do centro urbano e O Real e a súa relación coa parcela utilizada: un soar de pequena ou modesta superficie sobre o que, a medida que pasa o tempo, a presión demográfica e/ou as expectativas socioeconómicas van incrementando a factibilidade e rendabilidade económica das parcelas que podemos confirmar como representativas das medidas

406 Os datos municipais elaborados por nós a partir do censo de licenzas aprobadas parten de mostras modestas ata o ano 1958 porque o dato da superficie non aparece nos expedientes. Para o caso de Vigo, SOUTO (1990), p. 359, encontra superficies catastrais de parcelas similares, cun tamaño medio de 1.031 m^2 ou algo menor.

territoriais do gran proceso experimentado na edificación residencial:

a) para o caso do centro urbano, con 293/337 m^2 de soar/medio por edificación, que pode responder á construción de novas edificacións unifamiliares na estrada Cangas-Vilaboa sobre pequenas parcelas que se van colmatando dende comezos da década de 1960.

b) para o barrio do Real, cunha estrutura de parcelación algo maior en canto a superficie, 442/359 $m^{2,}$ froito dunha primeira fase de construción unifamiliar, a partir de 1962, sobre un proceso de parcelamento delimitando superficies que imitan ao parcelario existente xa na Moaña urbana. Porén, a medida que nos imos achegando a mediados da década dos 70, a presión edificatoria fai que sexa mester, cada vez máis, recorrer ao reagrupamento de parcelas para a edificación colectiva.

A Moaña urbana medrou residencialmente, pois, ademais da zona consolidada entre A Seara-A Praia, sobre parcelas existentes que van estendendo as novas edificacións, sobre todo unifamiliares, cara ao solapamento co Real a través da rúa Ramón Cabanillas. O barrio do Real, polo contrario, ten que recorrer ao agrupamento de soares para facer viable a construción das grandes edificacións colectivas que caracterizan a última etapa construtiva deste ámbito.

No resto do territorio moañés tan intensamente construído como acabamos de ver, a media de superficie das parcelas edificadas amosa como se solaparon soares (terreos urbanizados con servizos de fronte a vía pública, auga, luz, sumidoiros, etc., aptos para a construción residencial) con outras fincas, parcelas e hortas de tradicional uso agropecuario que, pouco a pouco, van quedando sen o seu uso histórico e se van convertendo -legal, alegal ou ilegalmente- en parcelas aptas para a construción maioritaria de edificios unifamiliares, a base dun proceso continuo de segregacións de parcelas, operación realizada cun procedemento igual de alegal, obtendo como resultado a retirada da posible ou futura ordenación urbanística de grandes superficies de solo que fican completamente privatizadas, en moitos casos sen ningún tipo de cesión pública, un proceso interiorizado na cultura política e popular de Galicia, e así vemos como as parcelas da expansión residencial unifamiliar teñen unha media de 1.040/660 m^2 para a parroquia de Tirán, 994/763 m^2 para Meira e 917/900 m^2, case sen variabilidade, en Domaio, na parroquia máis rústica e afastada do centro urbano.

As superficies do proceso de artificialización do solo en Moaña son tan concluíntes como as da comparativa entre edificacións unifamiliares e colectivas. Se recordamos que nas 2.746 novas edificacións erguidas entre 1950-1987 (v. cadro nº 39) aparecen como de **tipoloxía colectiva un 3,05% e unifamiliar o 96,94%** restante, agora encontramos unha relación inversa en canto á parcela media para cada unha destas tipoloxías:

Operacionalizando a partir da mostra dos expedientes de licenza de obra nova, aparecen:

a) un total de 119.491,05 m^2 de superficie de solo utilizado en zona urbana (O Real, A Praia, A Seara), que representa un **3,64% sobre o total de solo para nova edificación residencial.**

b) Un total de 3.282.634,68 m^2 de superficie de solo utilizado en zona non urbana, que representa un **96,36% do total de solo para nova edificación residencial**.

Realizando o mesmo cálculo coa base ás 534 novas edificacións xeolocalizadas por nós cos datos catastrais, aparecen:

a) Un total de 123.650,06 m^2 de superficie de solo utilizado en zona urbana: un **7,10% sobre o total de solo para nova edificación residencial**.

b) Un total de 1.740.350,23 m^2 de superficie de solo utilizado en zona non urbana: un **92,9 % sobre o total de solo para nova edificación residencial**.

Sen entrar na totalidade dos custos económicos da dispersión do hábitat en Galicia, en Moaña as cifras son concluíntes sobre a dimensión do proceso urbanizador en canto ao solo como materia prima e recurso territorial e á súa intensa utilización por parte do casarío "unifamiliar": gran parte da superficie parcelaria utilizada non conta con ordenación senón que está privatizada e con dificultades de reverter a situación cara unha racionalidade na utilización dos recursos públicos.

Os datos aínda resultan máis demoledores se pensamos que entre un 25% e un 50% dos soares urbanos están ocupados por edificacións unifamiliares, tanto no Real como no centro urbano da Praia-Seara durante o tempo do noso estudo. Dentro da escala do concello que estamos a analizar poderiamos resumir estimando que na zona urbana habita, redondeando, un 25% do total da poboación moañesa en 1991 (algo menos de 5.000 persoas), sobre o 3%-7% do parcelario edificado residencialmente entre 1950-1987.

10.3 Reforma de edificación existente

O parque residencial de novas edificacións, durante o mesmo período,

vese incrementado a través doutras licenzas para adición de novas plantas, na súa maior parte sobre edificacións xa existentes que analizaremos a continuación a partir da análise do número de edificacións que experimentaron esta modificación estrutural:

CADRO Nº 46: CENSO DE EDIFICACIÓNS REFORMADAS POR ADICIÓN DE PLANTAS, ÉPOCAS E TOTAIS

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

EPOCA	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1950-1979	**111**	**11**	**178**	**109**	**81**	**30**	**520**
%	21,35	2,11	34,23	21	15,6	5,8	
1980-1987	**11**	**7**	**18**	**4**	**9**	**5**	**54**
%	20,4	13	33,33	7,4	16,7	9,25	
TOTAL	**122**	**18**	**196**	**113**	**90**	**35**	**574**
%	**21,25**	**3,1**	**34,1**	**19,7**	**15,7**	**6,1**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de adición de plantas.

Establecendo unha comparativa entre o esforzo por edificación de obra nova e o de reforma estrutural por engadido de novos andares, nos distintos ámbitos do concello[407], encontramos que o peso -expresado na representación porcentual do parque residencial reformado, en comparación co de nova edificación- das edificacións con adición de plantas, sobre o total de novas edificación, son desemellantes e axudan a comprender ámbitos como o do centro urbano, cun 21,25% sobre o total de edificacións ás que se lle engade legalmente, cando menos, unha planta nova, cando este mesmo ámbito, no corte histórico que estudamos, conta cun 7,6% sobre o total de edificacións novas.

Vemos, polo tanto, como a acción de renovación do parque residencial existente no centro é importante, sostido e constante, posto que a porcentaxe sobre o total é similar nas case tres décadas estudadas do franquismo (21,35%), como nos oito anos de democracia (21,25%), o que nos vai dando conta do incremento constante de alturas sobre as edificacións existentes, sobre todo coa coa aprobación da nova normativa de ordenación urbanística en 1984 que permite a legalización de andares construídos ilegalmente no tardofranquismo e o incremento de plantas en todo o ámbito central.

A característica máis salientable do centro urbano, neste sentido, é o crecemento en alturas, a partir das pequenas edificacións unifamiliares pre-

407 Para unha visión máis detallada por ámbitos, ver Cadro nº 24: Censo de edificacións reformadas por adición de plantas, ámbitos, 1950-1987, en Anexo.

existentes, incremento que se manifesta na creación de novas vivendas –a obra/tipo é de unha nova vivenda por cada andar engadido- ou na mellora da vivenda existente, engadíndolle novos espazos interiores na nova planta, ben para facerlle fronte ás modificacións precisas para a gran natalidade da época, ben por mellorar a calidade de vida e a confortabilidade do fogar familiar. Outras veces, este tipo de reformas van acompañadas da ampliación da superficie da planta da vivenda existente.

A mesma tendencia ao crecemento en alturas sobre a edificación existente experimenta o barrio do Real, que comeza a construírse en edificacións unifamiliares e, a medida que van chegando os anos 70 non só medra en superficies, densidades e alturas a base de edificación colectiva senón tamén, como vemos, aporta un 13% do parque residencial existente ao que se lle engaden máis andares, con tendencia a utilizar toda a edificabilidade que lle permite a normativa urbanística democrática, que incrementa a posibilidade de engadir novas plantas.

O ámbito da Moaña non urbana amosa un equilibrio entre o residencial de nova creación e o reformado (34,1% de edificacións reformadas/35,57% de edificacións novas), o que dá unha idea da potencia construtiva do período (tamén en canto a reformas maiores), tal e como acredita tamén a parroquia de Meira (19,7% de edificacións reformadas/25,05% de edificacións novas) e iguais ou case iguais para as parroquias de Tirán (15,7% de edificacións reformadas/16,46% de edificacións novas) e Domaio (6,1% de edificacións reformadas/10,34% de edificacións novas).

Tanto en edificación nova como reformada a intensidade construtiva en canto a cantidade corresponde claramente á Moaña non urbana pero se temos en conta que era historicamente a parroquia máis poboada, é destacable, en segundo lugar, o esforzo residencial realizado na parroquia de Meira. Tanto a Moaña non urbana como Meira benefícianse da proximidade xeográfica e comunicacional ao centro urbano, así como ás principais vías de comunicación, a creación da concentración escolar, etc., transformando ambos territorios -por mor da creación continua dos novos servizos públicos básicos de ancheamento de vías, rede de sumidoiros, alumeado, traída de augas, etc.- en extensións, conurbacións, zonas periurbanas, zonas rururbanas, etc. que se van solapar ao complexo urbano litoral formado por O Real-A Praia-A Seara.

A situación de partida de parroquias como Tirán, -con varios núcleos de poboación diseminados, uns preto da Moaña urbana, outros lindeiros con Cangas de Morrazo- ou Domaio, a máis rural, con dificultade para establecer un centro reitor do seu territorio, cunha difícil e cativa rede viaria, agás o paso da C-550 pola súa beiramar, xunto co importante esforzo en implantar os novos servizos urbanos en todas as parroquias, vai deseñando un conglomerado residencial que se por unha banda tende a compactarse a través da edificación

situada nas principais vías de comunicación existentes e camiños-rúas abertos ou reformados, por outro lado conforma un hábitat complexo de definir dende o Oeste cara ao Centro urbano: parroquia de Tirán-O Real- Moaña non urbana-Centro urbano-Meira, e unha descontinuidade espacial cara á parroquia de Domaio, sendo estas extensións a característica de crecemento residencial do franquismo, coas etapas que comentamos.

Polo tanto, a suma do período estudado, en canto a reformas maiores (adición de plantas novas a edificación existente), rexistra un total de 574 unidades residenciais entre 1950 e 1987, que sumadas coas 2.746 licenzas de obra nova para o mesmo período, suman 3.320 edificacións legalizadas no rexistro municipal de licenzas, as chamadas obras maiores, o que nos dá unha media de 89,72 novas edificacións e reformas anuais legais.

Esta acción reformadora do residencial incrementa as alturas existentes, e polo tanto a imaxe anterior, tanto do espazo urbano como do non urbano, co seguinte mapa do incremento de andares por mor de reformas:

CADRO Nº 47: CENSO DE NOVAS PLANTAS EN EDIFICACIÓNS REFORMADAS, TOTAIS

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

EPOCA	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1950-1979	**119**	**11**	**169**	**103**	**75**	**27**	**504**
%	23,6	2,2	33,5	20,4	14,9	5,35	
1980-1987	**10**	**4**	**8**	**1**	**7**	**1**	**31**
%	32,25	13	25,8	3,22	22,6	3,22	
TOTAL	**129**	**15**	**177**	**104**	**82**	**28**	**535**
%	**24,11**	**2,8**	**33,1**	**19,43**	**15,32**	**5,23**	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de adición de plantas.

Como podemos ver, as porcentaxes do cadro nº 47 gardan fidelidade ao número de edificacións reformadas (cadro nº 46) e tamén aos ámbitos. As pequenas diferenzas entre un maior número de unidades de edificación reformadas e o menor número de plantas contabilizado responden a que, nunha minoría de casos, a reforma realizada –solicitada como licenza para engadido de planta- en realidade é un engadido de superficie a unha planta existente pero que computa, aos efectos da contabilidade das licenzas de obra, como nova planta, o que pode dar lugar a confusión.

Este número de edificacións reformadas trae consigo un número importante de vivendas novas no período estudado, que ilustramos a través do seguinte

cadro:

CADRO Nº 48: CENSO DE NOVAS VIVENDAS EN EDIFICACIÓNS REFORMADAS, TOTAIS

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

EPOCA	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1950-1979	**95**	**9**	**139**	**86**	**60**	**20**	**409**
%	23,2	2,2	34	21	14,7	4,9	
1980-1987	**7**	**3**	**7**	**0**	**7**	**1**	**25**
%	28	12	28	0	28	4	
TOTAL	**102**	**12**	**146**	**86**	**67**	**21**	**434**
%	23,5	2,8	33,6	19	15,4	4,8	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de adición de plantas.

Esta cantidade de vivenda nova en edificación reformada, engadida ás 3.336 vivendas creadas en novas edificacións no mesmo período, suman un total de 3.770 vivendas realizadas no concello de Moaña durante os 37 anos que estudamos, o que nos dá unha media de creación de case 102 vivendas anuais novas.

10.4 Reformas "estilo país" da edificación existente

O esforzo edificatorio, a ocupación do solo e o soño ou imaxinario social do residencial propio non foi só o que amosa a documentación municipal oficial porque a carón destas obras maiores de reforma por adición de novas plantas ou ampliacións de planta á edificación existente que acabamos de analizar, proliferaron de forma xenerosa as "obras menores", pequenas reformas que legalmente non contan con licenza para realizar cambios estruturais da edificación existente. Sen embargo esta foi unha vía legal -tolerada e incentivada, social e politicamente- para realizar aumentos en todos os parámetros da vivenda: dimensións exteriores, volumetría, número/altura de plantas, divisións interiores ou cambio de estruturas.

Estableceuse un consenso administrativo e social para permitir que baixo epígrafes iniciais dos anos 50 como "cambio de tella de país por tella plana", "cambio de madeiras de armazón por novas/ladrillo", "cambio de madeiras de armazón en faiado e piso", "altear/levantar pinchos", etc., que pasaron a denominarse, a partir de comezo dos anos 60, "cambio de estruturas de armazón por placa de formigón/de cemento/de cemento armado", se construí-

ra, moitas veces, nova edificación. Esta tolerancia social e política formaba parte do consenso básico sobre a construción residencial como norma social e histórica en Galicia como acredita a cantidade de reformas encubertas nas construcións existentes máis alá das normativas legais de cada época.

Ilustraremos, unha vez máis, a dimensión do crecemento do parque residencial moañés, a través das licenzas solicitadas só para melloras que entendemos estruturais e que veñen significar unha nova construción agochada baixo distintos eufemismos en canto á solicitude de licenza. Prescindindo do número importantísimo de reformas menores que se solicitan anualmente, contaremos e analizaremos as obras solicitadas nos epígrafes relativos a cambios na cuberta ou cambios na armazón da vivenda existente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 49: CENSO DE LICENZAS DE REFORMAS PARA CAMBIOS DE CUBERTA, ARMAZÓN, ESTRUTURAS, ETC., 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ANO	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1951			3		1	1	5
1952			6	2	1	3	12
1954	1		5	6		1	13
1955	3		7	14	4	2	30
1956			9	4	5	1	19
1957			15	9	5		29
1958			13	7	4	4	28
1959	1			25	4	3	33
1960	2		17	6	3	4	32
1961			17	5	7	15	44
1962	3		14	5	4	1	27
1963			19	13	10	3	45
1964			13	9	3	4	29
1965	1		25	8	8	5	47
1966	2		10	7	5	9	33
1967	3		7	10	7	9	36
1968	1		11	5	5	1	23
1969	5		11	9	7	6	38
1970	2	2	10	6	6	2	28
1971			9	6	1	2	18
1972	1		13	5	4	4	27
1973			9	2	3	3	17
1974			11	5	2	6	24
1975	2		14	7	5	2	30
1976	1		9	6	2	3	21
1977	1		10	3	2		16
1978	3		7	3	4		17
1979	1	1	4		1		7
1980	2		8	6	4	1	21
1981	1	1	10	3	3		18
1982		1	10	5	4	5	25
1983		1	9		1	2	13
1984	3		4	1	3	2	13
1985	1		7	1	1	3	13
1986	1		3	9	3	3	19
1987	3		9	4	4	7	27
TOTAL	**44**	**6**	**358**	**216**	**136**	**117**	**877**
%	5	0,68	40,82	24,62	15,50	13,34	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de reformas menores.

Como podemos ver no cadro nº 49, o número de edificacións que estimamos agochan estas obras denominadas "menores" e que consideramos, na súa maior parte, como obra nova encuberta, representan unha porcentaxe a maiores dun 31,93%, sobre o total de edificacións novas construídas entre 1950-1987, así como case un 50% máis da cantidade total de obras de reformas por adición de novas plantas en edificacións existentes.

Estas obras que se poden contrastar na realidade como modificación estrutural de edificación existente débense contabilizar como reformas maiores con engadido, a todos os efectos, dunha nova planta. Contabilizando as licenzas de obra de nova edificación (2.746 edificacións), máis as de reforma por adición/ampliación de plantas (434 edificacións), máis estas de cambio estrutural agochado baixo licenza de obra menor (877 edificacións), aparecen un total de 4.057 edificacións novas ou reformadas estruturalmente durante o período estudado o que nos dá unha media de 109,7 edificacións anuais que podemos acreditar documentalmente como realizadas con licenza municipal no período estudado.

Se facemos unha análise comparativa, o mapa que debuxa este cadro é o das preexistencias residenciais no concello dende a época estudada e que poderíamos traspasar, sen grandes diferenzas en canto aos barrios, os núcleos e o hábitat, ao comezos de século, agás na implantación residencial que se vai producindo, a través de sucesivas edificacións, ao longo das principais estradas da beiramar. Este mapa do hábitat existente no inicio de 1950, segundo o censo de licenzas para reformas, sufre continuas modificacións, como podemos ver, se poñemos en comparación as licenzas para reforma de edificacións por adición de plantas e as licenzas para estas reformas que chamamos menores ou encubertas.

O peso porcentual dos distintos ámbitos sempre está liderado pola Moaña non urbana (34,1% do total das reformas realizadas por engadido de novas plantas, 40,82% do total de reformas encubertas) e tamén é relevante a aportación de Meira (19,7% en novas plantas, 24,62% en obras encubertas), sendo distintas as intensidades ou ritmos das reformas: en Moaña, o principal esforzo reformador de vivendas por engadido de planta, 1962-1975, aporta unha media de 9,5 reformas/ano, en Meira, a época máis continuada é entre 1964-1974, a unha media de 6,4 reformas/ano. Sen embargo, nas reformas encubertas, o ritmo das obras máis numerosas abrangue un período máis longo, para Moaña, entre 1957-1977, e dende 1955-1975 para Meira. En ambos casos, a intensidade ten igual importancia, rexistrándose unha media de 13 reformas/ano.

Tanto as obras de renovación en altura como as obras encubertas falan tamén da importancia do parque residencial modificado, durante un longo período, tendo a súa maior intensidade nos anos citados, que corresponden

tamén co inicio do gran salto na creación da nova edificación residencial e que axuda tamén a explicar parte do cambio laboral nos sectores tradicionalmente creadores de emprego, como a pesca de baixura, cara ao sector da construción residencial que ten un gran desenvolvemento durante as décadas de 1960 e 1970.

Entendemos que a maior parte das obras e reformas verdadeiramente "menores" non se realizaron con licenza municipal. Por ese motivo esta aproximación cuantitativa que presentamos foi elaborada cun criterio restritivo: non tivemos en conta a importante cantidade de obras para as que se solicita licenza (sen especificar superficies, volumes ou alturas) baixo denominacións como "ampliación de casa", "reforma de vivenda", "reconstrución casa", "demolición e reconstrución", "reparación interior" , "ampliación e reforma", "cubrir e retocar", "transformar en piso habitable", "varios arranxos", "reparar", "arranxar/retocar desperfectos no tellado", "reconstruír parte alta", todas elas entre 1950-1959, ou a partir de 1960, cando aparecen outras tantas denominacións xenéricas e eufemísticas como "reconstruír parte alta", "ampliar parte baixa e alta", "reparar teito", "cubrir con ático", "engadir dependencia", "arranxo ático", "ampliar planta alta", "cubrir con paredes e tella a azotea", "reformas no baixo", "altear 1,50 m. a última planta", "retellar", "reforzar cimentación", "retoques e divisións" ou "construír zaguán".

Canto máis entramos na década de 1970 encontramos menos solicitudes de licenzas para este tipo de reformas oficialmente menores, aínda que seguen a producirse, entendemos que por mor da presión demográfica e a cultura histórica da construción residencial, incrementada pola permisividade do tardofranquismo. A chegada da democracia, a partir de 1979, non rexistra á penas solicitudes deste tipo, pese a que a realidade amosa que se seguen a producir, aínda que o novo goberno municipal non considera importante incluílas nas solicitudes de licenzas nin facerlle seguimento ou inspección, a menos que se produza denuncia particular por medio.

10.5 "Casa grande": fogares minguantes en amplas residencias

No seguinte cadro vemos a evolución das superficies en edificación nova construída:

CADRO Nº 50: SUPERFICIE DAS NOVAS EDIFICACIÓNS, TOTAIS E MEDIAS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

MEDIA 1: TERMO MUNICIPAL; MEDIA 2: ÁMBITOS NON URBANOS (Ñ, M, T, D)

	C	R	Ñ	M	T	D	MEDIA1 (m^2)	MEDIA2 (m^2)
1.950	76,00		42,50	49,00	72,00		59,87	54,50
1.951	80,00		42,00	57,00	70,00	100,00	69,8	67,25
1.952			119,00*	47,33	46,67	42,00	63,75	63,75
1.953	135,00*		49,00	45,60			76,53	47,30
1.954	96,00		44,00	45,43	46,67		58,02	45,36
1.955			36,00			42,00	39	39,00
1.956	56,75		44,13	39,60	42,50	63,00	49,16	47,30
1.957	66,67		48,78	41,43	53,20	42,33	50,42	46,43
1.958	49,10		45,19	41,00	46,06	52,44	46,75	46,17
1.959	62,33		45,82	52,93	57,91	46,00	52,99	50,66
1.960	104,43*		47,73	46,80	52,40	41,17	58,50	47,02
1.961	59,40		44,79	48,20	56,20	39,00	49,51	47,04
1.962	70,50	92,86*	54,59	59,92	53,62	46,00	62,91	53,53
1.963	72,00	76,33	60,45	55,70	65,43	47,79	62,95	57,34
1.964	70,33	81,33	61,68	63,28	67,38	54,14	66,36	61,62
1.965		89,20	65,36	67,69	65,25	57,86	69,07	64,04
1.966	90,00	88,00	68,52	73,05	74,36	68,11	77,00	71,01
1.967	73,63	88,38	74,85	72,53	75,12	68,27	75,46	72,69
1.968	80,00	100,00	81,77	83,68	86,00	74,00	84,24	81,36
1.969	86,25		82,28	79,41	84,42	66,17	79,70	78,06
1.970	105,00	138,50*	92,65	85,40	98,55	79,82	99,98*	89,10
1.971	89,00	81,00	97,54	98,70	97,38	80,44	90,67	93,51
1.972	96,33		97,11	98,43	104,45	89,63	97,19	97,40
1.973	90,00	120,00	103,25	93,80	101,00	100,00	101,34	99,51
1.974	85,50	110,00	102,61	107,74	107,75	95,80	101,56	103,47
1.975	110,00	256,00*	105,80	109,05	115,43	108,80	134,18*	109,77
1.976	120,50	202,00*	116,11	111,08	106,00	96,33	125,33*	107,38
1.977	112,00	272,00*	128,93	121,20	120,14	116,88	145,19*	121,78
1.978	80,00	168,00*	112,91	130,23	114,89	110,67	119,45*	117,18
1.979		144,00*	111,36	132,78	102,13	137,67	125,58*	120,98
1.980		280,00*	114,90	110,40	112,71	115,60	146,72*	113,40
1.981			123,94	119,50	94,40	90,00	106,96	106,96
1.982			118,25	104,83	156,50*	124,60	126,04	126,05
1.983			116,80	94,50	100,00	100,00	102,82	102,82
1.984			105,67	94,83	94,50	72,00	91,75	91,75
1.985			164,00*	90,00		108,00	120,66*	120,66
1.986			99,00	93,60		90,00	94,2	94,20
1.987								
TOTAL	2.216,72	2.387,60	3.069,26	2.865,66	2.741,02	2.666,50		
media (m2)	**85,25**	**140,44**	**85,25**	**79,60**	**83,06**	**78,42**		

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de novas edificacións.

Aparecen marcadas con* as superficies que desvirtúan en gran medida a media, por varias razóns: para o caso do centro urbano porque as curtas mostras da década de 1950, están afectadas (1953, 1960) por algunha construción de superficie extraordinaria que lle resta representatividade ao resultado final. Para o caso do barrio do Real porque a mestura de edificación unifamiliar e colectiva produce (1962, 1970) superficies maiores que a media do ano en cuestión (en 1962, 3 vivendas de 188 m^2, 136 m^2 e 107 m^2, incrementan considerablemente a media, que sería de 72 m^2) e dende 1975 en adiante –época de desenvolvemento da maior parte das agregacións de parcelas, permutas e construción de grandes edificios- porque a información municipal sobre superficies/edificación non discrimina a superficie de cada vivenda en zona urbana senón que rexistra a superficie total do edificio construído[408].

Contamos, sen embargo, coa posibilidade de efectuar a operacionalización sobre ámbitos e tipoloxías representativas da práctica totalidade da edificación unifamiliar[409] do período: a que se produce, sobre todo, fóra dos espazos urbanos. Nas columnas correspondentes a cada barrio, parroquia ou ámbito, por épocas, podemos ver a evolución da planta media do residencial unifamiliar, que vai, 1950-1961, dende unha media de 44,54 m^2 na Moaña non urbana, 46,75 m^2 en Meira, 54,36 m^2 en Tirán e 51,99 m^2 en Domaio.

Estas superficies corresponden a unhas dimensións exteriores moi estandarizadas en canto a rango de medidas: a máis repetida para as novas residencias entre 1950-1961, é a de 7 m. x 6 m., a continuación a de 6 m. x 6 m., despois a de 8 m. x 7 m. e finalmente 7 m. x 7 m., como vivendas-tipo. En 1961 comeza a ter un número apreciable de construcións a residencia de 9 m. x 7 m. Entre 1962-1965 a medida máis repetida é de 8 m. x 7 m., e a continuación 9 m. x 8 m. e 7 m. x 6 m., introducíndose tamén unha importante porcentaxe de edificacións de 10 m. x 9 m.

Entre 1966-1969 a máis común é a de 9 m. x 8 m, seguida da de 8 m. x 7 m. e as de 10 m. x 9 m. e 10 m. x 8 m. Entre 1970-1972 a hexemonía corresponde ao tamaño de 10 m. x 9 m, 9 m. x 8 m., 11 m. x 10 m. En 1973-1975 colle o relevo de cabeza a edificación de 11 m. x 10 m., e tamén teñen importancia as de 10 m. x 9 m. e 12 m. x 10 m. En 1976 as dimensións exteriores seguen a subir, metro a metro, e a máis abundante é a de 12 m. x 10 m., seguida das de 11 m. x 10 m. e 10 m. x 10 m., tendencia que continuará en 1977 (13 m. x 9 m., 11 m. x 10 m., 12 m. x 8 m., 13 m. x 10 m.), para ir minorando paseniñamente dende 1978 en diante, cando as medidas principais son de 11 m. x 10 m., 12 m. x 11 m. ou 12 m. x 9 m.

408 Como se pode comprobar no barrio do Real (1975-1980), época de inicio construción dos edificios de maiores superficies e densidade de vivendas, que continuaría ata 1987.

409 Unha vez máis temos a posibilidade de ver o paralelismo Moaña-Vigo: no período 1960-1980, segundo SOUTO, (1990), p. 479, as superficies de vivendas familiares en Beade (Vigo), o 56% teñen entre 101-200 m^2, e un 15%, máis de 201 m^2.

Para comprender a evolución e as etapas polas que pasou a superficie da nova edificación, consideramos importante incluír as preexistencias no momento que comezamos o estudo, é dicir, as edificacións anteriores a 1950. Podemos estimalas segundo a información municipal que proporciona as superficies e as plantas-tipo, mediante a análise das solicitudes de reformas "maiores" (adición/ampliación de plantas) como para reformas "menores" (cuberta, estruturas, armazón, etc.), que nos proporciona unha foto fixa das superficies do residencial moañés que se vai transformando paseniñamente.

CADRO Nº 51: SUPERFICIES MEDIAS DAS EDIFICACIÓNS ANTERIORES A 1950

ANO	REFORMAS MAIORES	REFORMAS MENORES
1950	54,6	
1951	49	61,5
1952	54,08	
1953	41,62	29,44
1954	69,97	42,5
1955	45,51	44,12
1956	47,5	33,33
1957	47,78	37,25
1958	51,8	39,47
1959	44,8	41,6
1960	48,81	40,64
1961	44,4	42,23
1962	45,99	36,26
1963	61,46	42,39
1964	59,41	39,58
1965	64,78	34
1966	64,9	46,08
MEDIA	**52,73**	**40,69**

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes de licenzas de reformas e reformas menores.

Se establecemos unha elemental xerarquización, dentro da modestia ou humildade do parque residencial existente, encontramos, en primeiro lugar, nas obras do apartado "reformas maiores" ás que se lle vai engadir/adicionar, polo menos, unha planta, unha maior superficie media –ata 12 m^2 maior que a superficie media das edificacións con reformas "menores"- porque podemos considerar que nestas obras están incluídas as residencias de maior calidade/superficie –que sendo moi poucas, ao teren máis do dobre de superficie que

a maioría, fan subir a media total- e máis as de calidade/superficie media. Na categoría das "menores" está unha boa parte do casarío medio e tamén as edificacións máis humildes.

Establecemos o corte temporal de análise en 1966 porque, como se pode ver no cadro nº 51 para as reformas maiores, resulta homoxéneo ata 1962, pero entre 1963-1966, as reformas maiores incrementan a súa superficie substancialmente sobre as medias anteriores, feito que cremos corresponde á inclusión e mestura na estatística municipal de edificacións novas –de maior superficie de planta, como vimos- que se están a realizar, tanto no centro urbano como nas parroquias non urbanas ás que se lle engade/amplía, durante a construción, unha nova planta, e tamén ao feito citado de reforma dalgunhas das mellores e máis cumpridas edificacións existentes. Sen embargo, nas reformas "menores", onde non hai practicamente diferenzas substanciais en canto ao tipo de edificación existente, as medias mantéñense practicamente constantes, ao redor dos 40 m^2 de superficie media durante o período.

En canto ás medidas de planta, estas reformas solicítanse sobre edificacións unifamiliares sobre todo, con dimensións exteriores que poden ir nun abano dende os 9 m. x 6 m.; 8 m. x 7 m.; 7 m. x 7 m.; 6 m. x 5 m. ata os 5 m. x 5 m., con pequenas variacións entre estas dimensións-tipo. Facendo unha aproximación máis cualitativa poderiamos encontrar que o estamento máis acomodado ou de maior nivel de renda, as persoas clasificados na lista de contribuíntes municipais como "industriais" ou "propietarios", categorías que abranguen dun modo xenérico dende o comercio, pequenas empresas, cordoerías, establecementos de espectáculos como cine ou baile, profesionais liberais, empresarios, pequenos armadores, etc., ou tamén as persoas cualificadas dentro do sector pesqueiro como "maquinista maior", "patrón de pesca", etc. ata 1950-60, habita maioritariamente en vivendas de 40 m^2, 42 m^2, 67 m^2, 69 m^2, 82 m^2 e 86 m^2, sendo unha excepción, dentro dos segmentos sociais acomodados, as vivendas de 97 m^2, 105 m^2, 110 m^2, 112 m^2 , 118 m^2, 184,75 m^2, que podemos considerar pertencentes á mínima elite en canto ao seu capital residencial ou inmobiliario.

A maior parte deste segmento social acomodado, nunha época de consumo elemental ata a década de 1960, cando a maioría das edificacións aínda non están dotadas dos servicios hixiénicos, sanitarios, urbanísticos, etc., vive cun estilo de vida que podemos considerar como unha prolongación dunha forma de reprodución social tradicional, de melloras mínimas en canto a confortabilidade ou calidade de vida, de ampliación residencial sobre todo por mor de natalidade sucesiva, de sobriedade e non exhibición de signos externos de riqueza e moito menos de opulencia en época de forte arraigo dunha cultura católica, masculina, paternalista, xerárquica e autoritaria onde primaba o aforro.

Consideramos a Moaña, nese sentido, unha comunidade, mesmo no tránsito ata ben entrados os anos 80, bastante interclasista pola composición económica e o seu mapa residencial, como puidemos observar na análise da procedencia dos capitais e as profesións das persoas que mercaron parcelas e/ou construíron, primeiro no centro urbano e despois no barrio do Real, sen rexistrarse discriminación espacial ou uso segregado do territorio como imaxe ou mapa da escala das diferenzas en rendas económicas.

Podemos concluír que a superficie da residencia de nova construción, en Moaña, é herdeira dunhas tipoloxías, tanto en superficies como en dimensións exteriores, que viñan dende comezos de século, dende os 50 m^2 ata os 60 m^2 de superficie media, e dende os 7 m. x 7 m. ata os 8 m. x 7 m., en canto a medidas en planta. Estas preexistencias serán modificadas continuamente, como se puidemos ver no cadro nº 50, nunha evolución constante en canto ao residencial unifamiliar, que vai dende unha media de 60 m^2 de comezos da década dos 60, ata case duplicar esta superficie canto máis nos achegamos a mediados da década dos 80.

10.6 "Casas con capelas": relato do incremento de alturas "unifamiliar"

No seguinte cadro vemos os andares que lle corresponden a cada nova edificación unifamiliar solicitada legalmente:

CADRO Nº 52: ANDARES DAS EDIFICACIÓNS UNIFAMILIARES DE NOVA CONSTRUCIÓN, 1950-1987.

ANDARES	1950-1979	%	1980-1987	%	TOTAL	%
1	819	39,37	113	26,65	932	37,22
2	1.172	56,34	291	68,63	1.463	58,42
3	89	4,27	20	4,71	109	4,35
TOTAL	2.080		424		2.504	

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de novas edificacións.

A diferenza entre o total das novas edificacións unifamiliares do período estudado (2.662 unidades) e a mostra utilizada para a análise das tipoloxías unifamiliares en canto a andares (2.504 unidades) débese a que na listaxe dos expedientes municipais de cada solicitude de nova residencia unifamiliar relaciónanse distintos tipos de vivenda, segundo os andares solicitados. Para poder ser operativos coas categorías do cadro nº 52, agrupámolas do seguinte xeito:

a) Un andar: licenzas para planta baixa (categoría hexemónica), pero tamén para planta semisoto e planta baixa; planta soto e planta baixa, etc.

b) Dous andares: licenzas para planta baixa sen dividir e planta dividida (categoría hexemónica), e tamén planta baixa e planta; planta soto, planta baixa e planta; planta soto, planta baixa sen dividir e planta alta dividida; planta semisoto, planta baixa e planta; casa vivenda sobre piares; planta baixa dividida e planta alta dividida; planta baixa para industria e planta; planta soto, planta baixa e baixo cuberta; planta semi soto, planta baixa dividida e planta alta dividida, etc.

c) Tres andares: planta baixa e dúas plantas (categoría hexemónica), e tamén baixo/baixo comercial e dous pisos para vivenda; planta baixa, almacén 1ª planta e vivenda na 2ª planta; planta baixa, primeira planta sen dividir e segunda planta dividida, etc[410].

Cremos que as tipoloxías dos andares do residencial unifamiliar, xunto coa parcela media que cada unha destas novas edificacións precisa, é unha das referencias fundamentais para entender a gran transformación territorial en canto ao hábitat sobre os ámbitos non urbanos entre 1950 e 1987.

A edificación da vivenda illada é o soño e o escaparate da maior parte das familias a medida que van chegando os tempos da bonanza económica, tamén cando aparece a crise enerxética de mediados da década dos 70 ou a crise da reconversión industrial de mediados dos 80: obsérvese que as cifras porcentuais en canto á creación de cada tipo de edificación unifamiliar practicamente non varía no tempo: ronda o 40% do total construído para a edificación de un andar, case o 60% do total na de dous andares e ao redor do 5% para o caso das vivendas de tres andares.

A estatística debemos entendela –como vimos facendo con todo tipo de edificacións novas, reformadas, ampliadas, con andares engadidos, cambio de cuberta, etc.- como a edificación que se legaliza administrativamente e, polo tanto, cremos que é pertinente facer unha serie de observacións como que este tipo de vivenda pénsase, por parte da familia propietaria, cun criterio de versatilidade, é dicir, moldeable –enténdase ampliable- a medida que a situación biográfica dos membros do fogar vai experimentando cambios no seu estatus.

410 O resto das licenzas que consultamos pero non computamos teñen o dato dos andares sen cubrir ou inclúen categorías sen maior especificación como "vivenda de renda libre", "vivenda de protección oficial", etc., sen maiores concrecións en canto a número de plantas.

J. Recordo que, durante vinte e cinco anos, probablemente como reacción á situación anterior, fixemos moitas casas co baixo lóbrego, o piso, e o faio ilegal. Queda o baixo a paxaros e o faio a paxaros. Moaña está chea de baixos lóbregos.

H. A idea do baixo era esa. O baixo non connota confort.

J. Naquela época se construía moi mal. O baixo é a soleira, é fría, é húmida, nese momento nin sabiamos de isolamentos acústicos, nin a xente demandaba, a calidade era moi frouxa. [411]

É facilmente comprobable coa observación de campo como a vivenda unifamiliar dende os anos 50 foi acollendo na planta baixa actividades como o comercio de proximidade, de barrio, de aldea, os obradoiros caseiros de costura, os pequenos negocios de cafés, bebidas, tabernas, etc., que cumpren unha función primordial a partir dos anos 60, como espazos de servizo alimentar, comercial, empresarial, etc., e unha sociabilidade importante cando estes establecementos eran os lugares onde se recollía a correspondencia, avisos de todo tipo, lugares onde os primeiros aparatos de televisión era un fenómeno social de masas do que aínda se carecía nos fogares.

Andando o tempo, as vivendas unifamiliares construídas neste período serven para a súa adaptación[412] ao fenómeno demográfico máis importante do século: as persoas nacidas durante o constante incremento da natalidade entre 1960-1975, a medida que van atravesando ritos xeracionais de paso como a emancipación ou emparellamento (pero sobre todo cando pasan ao estadío matrimonial, formando novos fogares), non conviven cos seus proxenitores senón que demandan nova vivenda, para o que é mester habilitar, adaptar e

411 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

412 Unha vez máis podemos comprobar este fenómeno como parte dunha cultura, cando menos, metropolitana. Para o caso de Vigo, segundo PEREIRO (1981), p. 218-9, prodúcense este tipo de irregularidades na tramitación da xestión e o planeamento urbanístico na zona non urbana, considerada esta case como unha autarquía: "[a partir da década de 1960] as parroquias rurais tiveron un certo carácter autónomo no seu desenvolvemento; contaban con camiños e accesos que realizaran os seus propios habitantes a través dos anos; a auga era producida por captación de pozos; os sumidoiros solucionábanse mediante fosas sépticas e xeralmente por pozos negros e a enerxía eléctrica estaba asegurada por Fenosa". Tamén refire este autor unha "nova tipoloxía de vivendas 'palafitos' sobre piares [recordemos en Moaña o eufemismo "vivenda sobre piares", nas solicitudes de licenza], con baixo sen dividir en casos, posteriormente se transformaba noutra vivenda". Sobre as tipoloxías, entre 1960-1970 o 36,21% de edificacións unifamiliares son dunha planta e un 63,79% de planta baixa e piso; entre 1971-1978 as dunha planta son o 9,74% e as de planta baixa e piso, o 90,26%. Tamén SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1990), p. 533, corrobora que "se entre 1960 e 1970 as porcentaxes de vivendas con planta baixa e piso mantíñanse entre o 60%-70%, a partir de 1971 provócase un inzamento que chega ao 90% do total de vivendas unifamiliares desta tipoloxía. Unha tipoloxía que (...) a partir de 1971 fica como baixo sen dividir, agardando ser utilizado como uso de vivenda no futuro, o que tamén vai ocorrer no caso do baixo teito a xeito de faiado que tamén será utilizado como vivenda"

acondicionar estas edificacións unifamiliares existentes acorde coas "medras" e/ou transformacións xeracionais ou biográficas das familias.

Dentro das varias transicións que rexistramos no período estudado, a nova residencia unifamiliar vai dando acubillo nese baixo que se legaliza como "sen dividir" a toda unha transformación doméstica que é unha representación a escala da grandes remudas do noso país: os baixos destas vivendas que, recordemos, canto máis nos achegamos á década dos 70 van incrementando considerablemente a superficie, serven, sucesivamente, para dar solución de continuidade á cultura agrícola que vai convivindo coa casa, o terreo anexo, a horta, a elaboración e almacenamento da colleita anual da produción de viño ou a actividade pesqueira, dando espazo aos útiles, insumos, pequenos obradoiros, lugares de almacén para a pequena maquinaria agropecuaria ou novas cortes para o gando. Posteriormente, o baixo terá que facer espazo para garaxe ante a chegada do automóbil ou serve como cumprido trasteiro ou zona social de celebracións gastronómicas no verán.

Como podemos ver no cadro nº 52 a categoría hexemónica no concello de Moaña, con gran diferenza sobre calquera outra, é a dunha edificación "unifamiliar" que solicita licenza para dous andares definidos como "planta baixa sen dividir e planta dividida".

Este tipo de residencial é acaído para as transformacións que estamos a relatar: unha construción pensada para facer a vida doméstica no primeiro andar, onde se sitúan todas as dotacións e/ou equipamentos divididos da vivenda, quedando a planta baixa, da mesma superficie que a planta alta, para todas as funcións externas, ocupacionais, laborais, comerciais, agrícolas, etc.

> *J. Ti facías a casa de baixo e piso e os áticos florecían: unha capilla, dúas capillas, tres capillas..., a xente chamáballe capillas ás mansardas*[413]*,*

Este tipo de edificacións unifamiliares de un a tres andares forman parte do modelo preferido na época estudada e explican tamén as transformacións interiores das vivendas e a súa adaptabilidade no percorrido biográfico ou histórico do propio edificio, unha construción que vai recibindo melloras, reformas ou engadidos modestos como cubrir a escala de entrada, cubrir balconadas, pechar galerías ou adaptar un espazo exterior para tendal de roupa, etc., funcións que nos informan sobre o nivel de cultura da despreocupación estética[414] que ten a sociedade en cada momento histórico.

413 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

414 Segundo Marcial Gondar, M., entrevista en www.culturagalega.org, agosto 2008: "O mundo

Pero esta mesma edificación tamén vai precisar melloras estruturais que van transformando a inicial vivenda unifamiliar, a través de engadidos de plantas –normalmente sen solicitude municipal de licenza- por medio dos que a edificación inicial unifamiliar de planta baixa pasa a ter dous andares, a tipoloxía de dous andares pasa a ter tres a través dun engadido de nova planta ou tamén por modificación para a habitabilidade do "baixo cuberta", e o edificio unifamiliar de tres andares –con moita menos frecuencia- pasa a ter outro novo piso.

Temos que ter en conta nestas "medras" en altura do residencial unifamiliar, que a orografía moañesa permite moitas veces que a edificación dispoña de sotos, semisotos, etc., susceptibles de seren transformados tamén en novas vivendas. Esta operación de engadido de andares pódese acreditar con facilidade a través da simple visualización dos ámbitos rururbanos ou periurbanos do concello a través da comparación dos volumes da obra solicitada a través de licenza no seu día e a obra realmente existente despois de pasadas unha ou dúas décadas.

A información e documentación consultada, contrastada coa realidade empírica observable, amosa que máis da metade da nova construción residencial unifamiliar, sobre todo en ámbitos non urbanos, non responde á tipoloxía unifamiliar coa que foi legalizada porque abonda a edificación de dous, tres ou catro andares, cada un habitado por un fogar distinto, normalmente froito do desdobramento residencial que significa a emancipación dun fillo coa correspondente saída deste do fogar familiar (ata a década dos 80) ou a emancipación e/ou emparellamento e outras modalidades de fogares non conxugais quecomezan a ter carta de natureza a partir da Lei de nulidade, separación e divorcio de 1981.

A situación ilegal ou alegal destas vivendas unifamiliares explica outro aspecto da dificultade de coordinar o interese público e o privado: a pro-

tradicional non ten paisaxe..., o concepto de paisaxe como observación desinteresada do entorno esixe ter ocio e sobre todo distancia entre o suxeito que observa e o obxecto observado. Para o campesiño galego non existe esa separación que vemos entre as cousas e nós". Tampouco as vivendas edificadas en Moaña teñen unha orientación ou preocupación especial pola estética interior ou exterior, as "vistas" ou a "paisaxe", senón unha concepción ecléctica e funcional. Para CALDUCH, J. (2003), pp. 145-153, a sociedade industrial e postindustrial non encontrou a súa representación estética ou paisaxística senón que entende a distinción entre territorio e paisaxe, así como a creación dun canon ou clixé paisaxístico a partir do reflexo que sobre o territorio proxectan os visitantes, os escritores, os artistas ou o relato nacional romantizado: "os campos agrícolas, calquera que sexa o seu valor produtivo, convértense en terreos de reserva urbana aptos para a súa colmatación construtiva (...) [nos anos 60] o territorio transformouse nun baleiro visual e estético que só encontra sentido como expectativa urbana. Só a simplificación ecoloxista propón, como contrapeso imprescindible a esa metropole extensa, as illas protexidas dunha natureza virxe e incontaminada para o puro deleite contemplativo do home metropolitano". Para este autor "o campesiño traza camiños, canles, rotura os campos, crea socalcos, divide con peches os cultivos, ordena xeometricamente as plantacións, constrúe taludes, granxas, cortes, hortas, transforma produtivamente o territorio (...) [e] o artista crea a paisaxe como fruición contemplativa dese mesmo territorio."

liferación deste tipo de vivendas que van sumando andares sen legalizar está considerada socialmente, como todo o proceso de construción residencial, un dereito da familia a dar acubillo a cada un dos seus membros que van precisando iniciar a súa vida adulta e independente, unha situación complexa e tolerada, que dá lugar á infracción urbanística e que pon á Administración Pública ante a dificultade, unha vez máis, de lexislar de novo sobre sucesivos incumprimentos legais.

> *J. Eles tiñan a idea: meu fillo vivirá no piso, miña filla, no faio. Despois,nin o fillo nin a filla viven aí e moitas quedaron... Logo tiñan a picaresca: se eu non termino de rematar, o tema de non pagar ao Estado, a Facenda, o IBI, quedaba sen barandillas, quedaba sen llanear..., non todas, pero había casas que ao mellor en dez anos non foran pintadas.*[415]

Este é un problema que poñen de manifesto os planificadores do territorio ou os técnicos municipais cando se encontran con solicitudes de licenza para realizar un "cambio de cuberta" que en realidade é unha edificación "unifamiliar" modificada coa habilitación de máis andares, onde en cada planta vive un membro da familia: a realidade moañesa amosa a consolidación de centos de edificacións que veñen a ser edificios de tres ou catro plantas, sen división horizontal formal pero habitando en cada andar un fogar distinto, que legalizou a situación catastral dando lugar a paradoxos de competencias e alegalidades entre distintas administracións públicas:.

> *A tipoloxía unifamiliar máis repetida é a de "planta baixa sen dividir e planta dividida". Si. Pero nas sucesivas necesidades das familias, esa planta sen dividir se acaba convertendo en vivenda, e de ter unha vivenda unifamiliar, acaba habendo unha vivenda bifamiliar. Ou trifamiliar porque se acaba habilitando o ático. Despois viña o Catastro e a daba de alta, e xa non era propiedade ao 100% dun titular, senón de dous titulares ou tres titulares..., iso era un dos problemas que aparecían cando había unha rehabilitación:*
>
> *-"Quería facer unha cuberta"*
>
> *-De quen é a cuberta?*
>
> *-"abaixo vive miña irmán e arriba vivo eu"*

415 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

> *Quen paga a cuberta?, quen solicita a licenza?..., non pode ser. Ías detectando o problema conforme ían aparecendo obras. Era unha cousa bastante frecuente.*[416]

10.7 Construcións adxectivas: transicións, remuda e reconversión

Na análise da documentación municipal sobre o residencial urbano ou non urbano existe un tipo de edificación que se ben tende a considerarse social, mediática e politicamente marxinal, nas licenzas menores existe, baixo o epígrafe xenérico de "casetas" ou "construcións varias" unha tipoloxía de construción menor, adxectiva da vivenda principal, situada nas leiras ou circundados agrícolas e tamén na zona litoral, denominadas indistintamente como hórreos, cortes, chabolas, alpendres, galpóns, alboios, etc., que cumpriron unha función moi importante durante as dúas primeiras décadas do período estudado, tendo tamén o seu período de decadencia e/ou reconversión entre a cultura mariñeira-agrícola e a cultura urbana.

Estas construcións sinxelas son básicas para entender como a pequena superficie de planta das vivendas existentes entre comezos de século e a década de 1960 son quen de acoller a familias cumpridas, cun alto índice de natalidade e con varias xeracións familiares no seu interior, familias que obtiñan a súa renda principal e/ou complementaria do mar –casetas e "casetes" para albergar redes, nasas, "encascadoiros", zona para atadeiras, etc- e da actividade agropecuaria –hórreos, alpendres para almacenar insumos agrícolas, estabulación do gando en cortes, etc.- e que a medida que van precisando espazo novo para iniciar unha actividade económica/laboral, sobre todo a partir da década de 1960, como empresario de construción, cantería, carpintería, obradoiros de costura, perruquería, etc., sérvense tamén destas construcións menores e que cumpren unha función moi importante, por exemplo, para almacenar útiles de pesca, ao estaren as vivendas lonxe ou moi lonxe do litoral, e o mesmo caso para gardar os materiais para cultivo, poda, coidados das leiras agrícolas, almacenamento de produtos do campo e forraxe para os animais, cuberto para os carros de tracción animal, etc.

Son estas tamén as primeiras construcións que se transforman ou se remudan ex novo para albergar os novos servizos hixiénicos que se constrúen fóra da edificación principal en forma de "pezas", aseos, pozos de auga potable, lavadoiros familiares, tendais de roupa, na mesma época que serven para albergar, en zona urbana ou non urbana, o parque móbil dando lugar a garaxes, zona de despexo da vivenda, zonas de obradoiros para autoservizo de bricolaxe doméstico, etc., tendo as mesmas características, en canto aos seus materiais construtivos, como as novas edificacións que se están a pro-

416 Arturo Garrido (aparellador municipal de Moaña, 1980-2016). Entrevista, 16122016. Arquivo propio.

ducir paralelamente: entre os 50-60, abonda a madeira e a pedra, cada vez vai introducíndose máis o ladrillo, despois virán os "bloques" de cemento, as estruturas con placa de formigón, cemento, cemento armado e, paralelamente, a introdución de novos materiais de cuberta como os teitos ondulados de plásticos ou fibrocemento –as populares "uralitas"- así como o aluminio, que se poden ver aínda nas primeiras décadas do século vinte e un.

Non son, polo tanto, construcións desprezables como podería indicar a súa cativa dimensión respecto ás superficies construídas, porque non se pode explicar a transformación dos espazos e do territorio, entre unha cultura tradicional mariñeira e agropecuaria que vai pasar en dúas décadas de intensa transformación de abandonar a explotación do mar de proximidade pola aventura da pesca e a mariña mercante en augas internacionais, así como ir pasando da leira á horta, sen un tipo de transición como a que representan estas construcións que forman parte da paisaxe como tamén da especificidade do urbanismo de Galicia.

Moitas destas edificacións modestas foron o xermolo de novas construcións residenciais ou de adaptación de distintas estancias anexas á vivenda principal –lavadoiros domésticos, tendais para secadoiros de roupa, cubrición ou engadido de espazos exteriores como tiros de escala, etc.- que se vai adaptando ás demandas e estratexias familiares durante un tempo de cambios económicos que supuxeron outros tantos cambios demográficos nos fogares e requiriron adaptación das vivendas a unhas familias en constante e acelerada transición dende as décadas dos 60-70.

A evolución destas edificacións con funcionalidade de uso mariñeiro, agropecuario ou residencial, segundo a documentación municipal, entre 1950-87, non especifica abondo usos ou superficies, polo que non podemos elaborar mostras para cuantificar e analizar pormenorizadamente a súa evolución funcional, urbana, non urbana, etc., pero unha aproximación cualitativa indicaría que as solicitudes para este tipo de pequenas edificacións, con superficies declaradas –nunha pequena parte das solicitudes- de 10 m^2, 12 m^2, 24 m^2, 48 m^2 ou, excepcionalmente, 70 m^2.

Foron construídas, principalmente, para usos de apoio á actividade da pesca de baixura (canto máis preto da metade do século vinte existen máis casetas que declaran o seu destino para "útiles de pesca", "redes de pesca" ou "tinte de redes", "encascar redes"), de agricultura ("leña", "apeiros de labranza", "hórreos"), de gandería doméstica ("animais", "cortes", "gando", "galiñas"), ou para usos domésticos baixo o epígrafe de "labores caseiros", ao mesmo tempo que se solicitan tamén estas "casetas" para oficios e labores como ferreiro, carpinteiro, taller de costura, forno, uso das mexilloeiras, usos "industriais", arranxo de zapatos, cordoería, construción de embarcacións ou perruquería.

Estas pequenas arquitecturas, plásticas e adaptables, van rexistrando sucesivamente dinámicas de construción, ampliación, engadido, reforma, etc., como pasa cos remocicados, anexos ou construcións independentes da edificación principal, que se constrúen, polo menos, dende 1953, baixo a rotulación de "retrete", e que terán un desenvolvemento moi importante aínda ata a década de 1970, sobre todo nas vivendas preexistentes, ás que se lle engade este departamento de hixiene doméstica.

Na época da ditadura, o ritmo de construción destas edificacións modestas vai dende unha media de 20-25 casetas anuais (1950-1953), a 30 casetas/ano (1954-1957), para dar un gran salto, a un ritmo importante e sostido cunha media de 63 casetas/ano (1958-1964) e pasar a unha caída importante que dura ata a época democrática do tempo do noso estudo (1971-1987) cando a media é de 50 casetas/ano.

A principal declaración de usos das "casetas" legalizadas entre 1950-1968 é a de servir de cortes para o gando (con superficies que van dos 3 m^2 aos 30 m^2, excepcionalmente podemos encontrar 50 m^2 ou 80 m^2), a segunda edificación deste tipo de solicitudes é para hórreos.

Sen deixar de rexistrarse, en todo o período estudado, unha mestura entre actividade mariñeira, agrícola e doméstica –aínda entre 1979 e 1985 se solicitan algúns permisos para galiñeiros, cortes e hórreo- a actividade derivada das antigas funcións de auxilio aos labores mariños vai esmorecendo dende mediados de 1960, cando a tendencia e a función máis importante que se declara na solicitude de licenza é a construción de garaxes para vehículo privado.

As construcións adxectivas iniciais, complementarias ou transicionais forman parte substancial da explicación do feito urbanístico e da ordenación e utilización do espazo e do territorio en Galicia. A medida que foi chegando unha cultura urbana e a sociedade vai adquirindo cada vez máis capital cultural e educativo, sobre todo a raíz da creación dos grandes servizos públicos do ensino implantados a partir de 1970, entre unha pequena parte das xeracións máis formadas das elites que acceden ao poder político e ao segmento da clase media, que van difundir a idea dunha Galicia urbanística, arquitectónica e esteticamente estigmatizada por estes engadidos ou construcións adxectivas como característicos dunha parte da sociedade galega social e estéticamente "atrasada": certa intelectualidade mediática e algúns líderes de opinión critican estas solucións funcionais que os fogares realizaron na súa adaptación a circunstancias cambiantes rotulándoas como "feísmo"[417], un epifenómeno dentro da cultura sociourbanística de Galicia.

417 Actuacións urbanísticas ou arquitectónicas con explicación histórica e sociocultural elevadas a unha categoría de instrumento estragador dunha paisaxe que ofende aos ollos pretendida e esteticamente cutos e avanzados.

10.8 Román Conde, Montenegro López: dúas décadas de arquitectura moañesa

A evolución do sector empresarial e laboral relacionado coa construción de vivendas, así como o seu peso porcentual na economía moañesa é difícil de estimar, posto que vai dende a década de 1950, cando aínda teñen moito peso gremios como o dos canteiros, dentro da cativa estrutura económica moañesa que evolucionará á par da chegada de novos materiais que irán modificando a forma de construír e, sobre todo, polo cambio socioeconómico que se albisca no número de novas edificacións dende mediados da década de 1950 e o importante salto cuantitativo experimentado a partir da década de 1960 e que vimos de analizar no número de novas edificacións e reformas maiores, menores, obras adxectivas, etc.

O 18 de decembro de 1986 créase formalmente a Asociación Local de Empresarios da Construción (ALEC), baixo a presidencia de José Riobó Brañas, a secretaría de José Luís Álvarez Souto e a tesouraría de Francisco Martínez Gil. Estes tres nomes, e máis os de Manuel González Iglesias, Sebastián Juncal Currás, Manuel Lemos Jalda, Daniel Docio Pastoriza, Jesús Juncal Eiroa, Manuel Currás Gayo, José Cordeiro Nogueira, Manuel Fernández Paz, Manuel Santiago Sampedro, José Ríos García, Josefa Guardado Iglesias, Antonio González Vidal, Javier Cancelas Costa, Manuel Calo Costa, Manuel Juncal Sequeiros, Servando Paz de Saa, Celso López Pidre, Adolfo Martínez Marcos, Víctor Soliño Martínez, Mariano Carballo Chapela, Marcial Fervenza Seoane, Carlos Juncal Paredes, Gabriel Piñeiro Costa e Luís Carballo Carballo, forman a directiva desta asociación clave para entender a historia contemporánea de Moaña porque son persoas que encontramos ligadas tamén á política, o urbanismo, a creación de servizos públicos, as infraccións urbanísticas, a promoción e/ou á edificación da maior parte do parque residencial moañés, tanto de tipoloxía unifamiliar como colectiva.

A ALEC, aínda que constituída de facto na data referida, viña actuando como colectivo patronal en todo o proceso de promoción e construción da maior parte das obras privadas e públicas que se realizan no ámbito de Moaña. Varios dos seus membros apareceron ou irán aparecendo neste traballo porque os máis relevantes tiveron que ver, entre outros, con procesos de adquisición de parcelas no Real, realización de obra pública de transformación dos camiños por ancheamento, colocación de redes de servizos públicos como sumidoiros, auga corrente, pavimentado, recheos públicos realizados na beiramar, expedientes de infraccións urbanísticas ou construción de novos centros socioculturais, participando activamente noutros procesos como o a creación das NSP aprobadas en 1984, realización de importantes plans parciais como os do Fuxón, O Rosal, etc.

Os membros da ALEC non son os únicos promotores, construtores

ou participantes no proceso residencial e urbanístico moañés pero son os que están censados e acreditados no concello de Moaña; unha minoría da patronal da construción que tamén traballou neste concello provén de Cangas, Vigo, etc.

O perfil e a estrutura deste gremio patronal reflicte, en parte, a evolución de familias con tradición na construción civil, a chegada de persoas procedentes tamén da reconversión e abandono dos oficios de mariñeiría de baixura, así como tamén a instalación en Moaña de persoas procedentes de ámbitos rurais de Galicia que asentan e evolucionan laboralmente dende o oficio de albanel ao de contratista ou promotor urbanístico. Dependendo do salto de escala efectuado polos seus propietarios, a maioría destas empresas podémolas considerar como pequenas e unha minoría como medianas.

É este un gremio difícil de coutar e cuantificar posto que esta mobilidade laboral así como a existencia dun importante nivel de economía somerxida impiden precisión. Segundo a información proporcionada polos propios representantes do sector da construción civil, cada pequena empresa podería ter un cadro de persoal formado por unha media de 5/6 traballadores. O número de traballadores ocupados na construción civil nestes anos 1960-1987 podemolo estimar nunhas 300 persoas, rexistrándose biografías laborais cambiantes, segundo as circunstancias económicas que temos analizado, que combinan a saída da pesca de baixura moañesa dende 1960, a compatibilidade e rotación entre traballo na construción en Moaña, embarque na flota pesqueira ou mercante de altura e posible volta á construción, etc.

O procedemento administrativo para a construción dunha nova edificación requiría a elaboración previa dun plano asinado por un arquitecto así como a designación dun director de obra, función que correspondía a un aparellador. A posición social, política e administrativa privilexiada que representou en Moaña Amador Montenegro López[418] transformou a este representante da caste nobiliar dos Saavedra en personaxe clave no procedemento administrativo para a consecución da preceptiva licenza de edificación municipal.

A figura do aparellador municipal, un cargo honorífico que permitía ao Concello a encomenda de pequenos proxectos de aliñacións ou informes técnicos durante os procesos de elaboración de ordenación urbanística tan complexa como o POLRB, os Plans Parciais, o Plano de rasantes e aliñacións

418 En GONZÁLEZ MARTÍN, G. (2017). Nacido en 1904, fillo do escritor Amador Montenegro Saavedra, Amador Montenegro López traballara co arquitecto Antonio Palacios no Plano de Vigo, onde foi secretario do Colexio de Aparelladores. Traballou para o Concello de Vigo dende 1930. Este Concello abriulle dilixencias en 1950 porque se creara na oficina de Vías e Obras "un estado de indisciplina e incomprensión que dende fai varios anos fixo e fai aínda imposible, polo menos ineficaz, o funcionamento de dita sección municipal". En 1964, coa chegada á Alcaldía de Vigo de Rafael J. Portanet Suárez, cuñado de Montenegro, deixou de traballar para o Concello de Vigo.

do Real, os distintos plans xerais que se intentaron acometer durante o franquismo, a delimitación de alturas en ámbitos como os do barrio do Real, etc., fixeron de Montenegro unha figura clave no panorama da Administración Local moañesa.

A súa relación familiar e profesional con Vigo e coas elites viguesas –era membro da 12ª liña de liñaxe histórica da familia Saavedra, propietaria entre outros de importantes feudos como o da Raposeira, en Vigo, e o Pazo do Rosal en Moaña- faino entrar en contacto con Antonio Román Conde[419], arquitecto que participou, cando menos, en proxectos relevantes para Moaña como o deseño do templo de Nª Sª do Carme, a ampliación e reparación do Grupo Escolar de Domaio (1971), a pista polideportiva da Xunqueira (non realizada, 1972), a adición e reforma da Casa Consistorial de Moaña (1973), a delimitación do casco urbano de Moaña (1974) e o proxecto para a capela de Verducedo (1975) pero sobre todo o seu labor destacado está en ser o arquitecto que deseñou máis proxectos de edificacións unifamiliares para Vigo e a súa área de influencia dende 1948.

O cadro que elaboramos a continuación sobre os arquitectos e aparelladores que traballaron no concello de Moaña entre 1950-1987[420] non deixa lugar a dúbidas da importancia da colaboración entre Amador Montenegro López e Antonio Román Conde: Montenegro, que encomendara os poucos proxectos de edificacións unifamiliares, entre 1950-1951, a arquitectos como Emilio Salgado Urtiaga ou Antonio de Cominges Tapias, a partir de 1952 comeza a súa intensa colaboración con Román Conde de tal forma que ata 1974 o arquitecto vigués chega a asinar entre o 60% e o 100% dos proxectos de edificación ou reformas maiores que se realizan en Moaña, sendo similares os números para Amador Montenegro como director destas obras.

419 Segundo GONZÁLEZ MARTÍN, G., (2017), Antonio Román Conde foi arquitecto de Obras Públicas dos territorios españois no golfo de Guinea (1940-1948) e en Vigo, a partir de 1948 deixou obras dunha arquitectura de estilo ecléctico e historicista con solucións recollidas do barroco, da arquitectura dos pazos, de linguaxe rexionalista e vernácula. Segundo www.vigocasisecreto.com entre as súas obras están as primeiras naves de Zona Franca, a ampliación e reforma do hospital Povisa, o estadio de Balaídos, a Igrexa da Inmaculada Concepción (“Os Picos”), as capelas de San Paio de Navia e do Vao, a gasoliñeira da Praza de España ou o Pazo dos Escudos da familia Sensat. En Santiago proxectou a Facultade de Farmacia e Bioloxía, a reforma do Instituto Xelmírez e reconverteu a antiga Casa de Xordomudos. Proxectou asemade moitas edificacións unifamiliares como as de Moaña en todo o termo municipal de Vigo, Nigrán e toda a provincia de Pontevedra. Segundo esta páxina ten unha “intensa e prolífica traxectoria de catro décadas como autor de miles de edificios, nunhas cifras anuais que poden parecer incribles pero que están documentadas”: era, dos oito arquitectos colexiados de Vigo naquela altura, o que máis traballou. Foi presidente do Colexio de Arquitectos de León, Asturias e Galicia e posteriormente do de Galicia.

420 Ver cadro en Anexo cadro nº 25: Principais arquitectos e aparelladores, 1950-1987, (ARC: Antonio Román Conde; AML: Amador Montenegro López) ,cadro nº 26: Censo de arquitectos, 1950-1987, cadro nº 27: Censo de aparelladores, 1950-1987.

> *Os aparelladores municipais non cobraron nunca por calquera informe realizado para o Concello. Cando despois era necesario un arquitecto para calquera proxecto* [privado]*, non se falaba do arquitecto: era o amigo ou o coñecido do aparellador. De aí veu a unión entre Amador Montenegro e don Antonio Román (...) creo que se entenderon perfectamente e non se soubo que tivesen discusión (...) don Antonio Román era unha belísima persoa, atentísimo, nunca xamais cobrou un céntimo ao Concello por calquera cousa que lle encargaramos*[421]

As construcións residenciais privadas moañesas durante o franquismo son produto da captación social realizada por Amador Montenegro, primeiro a través da Administración Local, despois directamente entre o propietario interesado en edificar e a oficina profesional de Montenegro: o resultado final no plano é un deseño case fordista dos modelos construtivos elaborados no estudo de Antonio Román, sempre de acordo a unhas tipoloxías estandarizadas de vivenda familiar de planta e alzado simétricos (6 m x 6 m.; 7 m. x 6 m.; 7 m. x 8 m., etc.) como vimos no apartado de edificación residencial.

> *Viñan* [a veciñanza] *preguntar a Alcaldía para unha obra e o alcalde chamaba a don Amador: este home quere unha casa, tómelle os datos. Tomáballe os datos e, á súa vez, avisaba a don Antonio Román. Nunca souben nin quixen saber que distribución económica en canto aos cobros do arquitecto e aparellador. Que desconfío? Creo, e estou convencido, que ían ao 50% porque aínda que o aparellador cobra menos que o arquitecto no deseño, en realidade, o arquitecto deseñaba pola proposta do aparellador.* [eran casas-tipo] *Si. Preestablecidas (...) don Amador chamaba á oficina del: mira, é a número 7, por iso os planos seguían (...), o que había que dar era a situación, lindeiros, aliñacións, se lindaba con vía pública ou non*[422]

No período entre a morte do ditador e a chegada da democracia local, os traballos privados que requiren o concurso de arquitecto son encomendados, sobre todo ao estudo de Arturo Dapena Barros e como arquitecto técnico aparece Pedro Valverde García, á sazón aparellador municipal, cargo que compartiu durante un pouco tempo con Amador Montenegro producíndose un relevo case perfecto entre épocas políticas e aparelladores municipais.

Coa entrada da democracia local dende 1979, os traballos de deseño

421 Sebastián Juncal Currás, entrevista, 02022017. Arquivo propio.

422 Sebastián Juncal Currás, entrevista, 02022017. Arquivo propio

das novas edificacións privadas repártense entre os arquitectos Arturo Dapena Barros, José Díaz de la Iglesia e Manuel Vázquez Rial, quedando a cargo da maior parte das direccións de obra en mans dos arquitectos técnicos Humberto Guimeráns Gallego e José Buceta Amoedo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

11.A SEMENTE DO CAMBIO: ENTRISMO E ACTIVISMO

Cando tes 14-15 anos, coincides con compañeiros de curso que che empezan a falar do París Match, ...de Brigitte Bardot, dos Beatles, de Fidel Castro... Telo que ler en francés, vas traducindo...

Despois hai xente que che fala de literatura galega. A min, por exemplo, deume clase Ferrín, e empezo a escoitar que é unha figura que está ligada á loita na clandestinidade, daquela creo que xa fora multado ou sancionado por algo, empezas a coñecer mundo, pasas dese ambiente, dese mundo que é tan pequeniño, de Cangas, a entrar en contacto cos problemas, con outro tipo de mentalidades, con algo máis profundo e universal.[423]

Ao abeiro da tímida apertura do réxime franquista en 1966, a partir da Lei de Asociacións, comezaron a xurdir centros e asociacións culturais como teleclubs, ateneos, etc., e a organizarse actividades culturais noutros locais existentes como os centros parroquiais. Na localidade existía dende 1967 o Ateneo de Moaña, un grupo pertencente á rede de ateneos da Rábida, centros fundados pola organización católica do Opus Dei para dinamizar a actividade sociocultural e captar membros a través dun sector que empezaba a interesar á xuventude traballadora dos anos 60, inmersa nuns novos modelos de estilo de vida, agrupando xoves profesionais que aspiraban a formarse e a relacionarse a través do teatro fórum, conferencias sobre temas de actualidade política, científica, literaria ou recitais poéticos e musicais.

As que se escoitaron nas "conferencias" –verba magnética e connotadora da época- do Ateneo eran as primeiras voces que chegaban incluíndo algo de discrepancia política e se puideron escoitar en Moaña por primeira vez, dunha forma tolerada, durante o chamado "tempo de silencio" ou "longa noite de pedra" do franquismo, despois de tres décadas onde cultura era sinómimo de festexos con música, baile tradicional e rexional e pouco máis. O Ateneo de Moaña foi na súa orixe frecuentado "polas clases medias máis cultas do concello que deron en atopar nesta institución unha canle para as

423 Xabier Abalo Costa (1949), entrevista, 30052008, AMOM

súas novas necesidades culturais e sociais"[424] e paseniñamente foi tomando un carácter cada vez máis comprometido cunha nova idea de Galicia como imaxinario político, cultural e idiomático.

A partir da primeira mobilización obreira importante que se rexistra en Galicia contra o franquismo en 1972 convocada polo PCE a través da organización sindical das Comisións Obreiras, ambas organizacións na clandestinidade, hai persoas que se achegaron a estas organizacións con implantación en fábricas moi importantes de Vigo (Citroen, Barreras, etc.), a factoría de Conservas Massó en Cangas e tamén de Moaña a través de Ascon ou Conservas La Guía[425]. Eses xermolos de sindicalismo prenderon, a medida que o postfranquismo ía avanzando, nos lugares de residencia dos obreiros de tal forma que o sindicalismo e a cultura realiméntanse, a través dun eixe común antifranquista de loita a prol do cambio político, económico, cultural e social, nestas plataformas socioculturais nas que se difundía unha cultura para unha nova elite social que sería a que tomaría o relevo das institucións políticas da democracia.

> *Alí* [Juventud Obrera Católica de Cangas] *estaba o PC, a través de organizacións de tipo sindical como CCOO, pero practicamente á par, empezou xa a UPG, estou falando do ano 68-69. Aí xa se empezaron a ver dous grupos que, aínda que convivían, cada un tentaba aproveitar máis recursos humanos para a súa causa. Había verdadeiras guerras, moi xordas. Recordo a Abelardo Collazo* [Araujo]*, que estando no PC levaba un grupo de traballadoras de Massó no que a UPG tiña infiltrada xente, e despois de un ano de traballo alí, con toda a biblioteca de textos marxistas que utilizaban, quedouse a UPG con ela, os recursos humanos que tiñan pasáronse tamén á UPG..., xa era unha guerra para buscar donde había e captar persoas...*[426]

424 BOUZADA, X., (1988), p. 139. A primeira directiva do Ateneo (1967), con Manuel Piñeiro Alonso (presidente), Gonzalo Riobó Costa (secretario), Pedro Riobó Costa (tesoureiro); José Piñeiro García, José Ríos González, José Gayo Rouco, José María Alonso, José Romero e Vicente Rodríguez García como vogais, mostra parte das novas elites políticas do "desenvolvementismo" e a boa relación entre o novo asociacionismo coa política e o poder en Moaña: no Pleno Municipal de 05021967 noméase concelleiros polo grupo "Cabezas de familia" a José Ríos González e Pedro Riobó Costa. Vicente Rodríguez García xa formaba parte desa mesma Corporación de 1967, presidida por Sebastián Juncal Currás como alcalde. VILLAVERDE ROMÁN, X.C. (2012), escribe que o Ateneo foi "o berce dos persoeiros máis relevantes da vida cívica do concello", pp. 220-221.

425 A presenza en Moaña e Cangas no Terra e Tempo, voceiro da UPG, comeza en setembro de 1972 con senllos artigos sobre "chantaxe que levan a prostitución na fábrica de Conservas A Guía S.A." (p.10), e "Mentres o sr. Massó ten os barcos de recreo fondeados, os feridos morren por non ter unha lancha que os leve a Vigo" (p.11). No número de Nadal de 1972 (p.11), artigo sobre "roubo ao pobo en Vilariño (Morrazo) de 25.000 m^2 de praia comunal". En marzal 1973 (p. 11) pode lerse que o día 16 de xaneiro "foi descuberto en Cangas do Morrazo, pola policía, un centro clandestino de propaganda obreira" así como a existencia dun detido [Xabier Abalo Costa] na cadea de Pontevedra.

426 Xabier Abalo Costa (1949), entrevista, 30052008, AMOM

A entrada en política de mozos inquedos e críticos coa situación de falta de liberdades ou a prohibición do idioma galego, a actividade fomentada nas igrexas parroquiais de Cangas, Meira ou Moaña por parte de cregos afíns ao espírito "obreirista" e á actividade de apertura social relixiosa propiciada polo Concilio Vaticano II, fixo que o nacemento do nacionalismo galego organizado[427] correspondera, por orde de aparición, liderado e traxectoria política, a Lois Ríos Paredes e Luís Pérez Rivas, en Moaña, e Xabier Abalo, en Cangas, a partir dos anos 1968-1969.

Este primeiro núcleo, organizado ao redor da UPG, tiña contactos con Xosé Ramón Reboiras Noia e Xosé González Martínez, a través da Asociación Cultural de Vigo, e foron os pioneiros na introdución do activismo nacionalista clandestino na península do Morrazo, a través do "entrismo" ou infiltración nas organizacións católicas parroquiais ou no Ateneo de Moaña, imprimíndolles un novo dinamismo e unha intensa sementeira política a través de actividades culturais, teatrais, conferencias, recitais musicais, etc.

A continuación incorpóranse persoas como Mariano Abalo Costa e Iago Santos Castroviejo, ambos no Instituto de Ensino Medio de Rodeira (Cangas). A terceira etapa da introdución nacionalista correu a cargo de Xulio Ríos Paredes, que estrutura a organización ERGA no citado Instituto de Cangas, a partir do curso 1973-1974.

> [estratexias de captación] *Fundamentalmente utilizabas a vía da cultura: o teatro, a poesía, a charla, o coloquio, para poder manter contacto co mundo obreiro...Recordo que tiñamos un grupo de teatro, que viñamos a Meira, representamos para as traballadoras da Guía, debía haber unhas 20 ou 30 mulleres, na casa do cura, de Duarte, eran "sketchs" que preparabamos nós, recordo o "monólogo do vello traballador", de Celso Emilio... ibas representando e a partir daí iniciabas un coloquio para as traballadoras* [teatro-forum]*, para orientar á xente na necesidade de revolverse contra o capital, de organizarse sindicalmente e de facer loita política para cambiar as cousas.*[428]

Xunto coa actividade sindical-cultural, os partidos e organizacións políticas antifranquistas foron creando ámbitos de participación social nos barrios e parroquias, chamadas xuntas ou comisións de veciños, cun carácter clandestino pero máis ou menos tolerado por un réxime en descomposición

427 Entrevistas con Luís Pérez Rivas, Lois Ríos Paredes, Xulio Ríos Paredes, Xabier Abalo Costa, Mariano Abalo Costa, Iago Santos Castroviejo, xuño-outubro 2017.

428 Xabier Abalo Costa (1949), entrevista, 30052008, AMOM

que aínda amosaba, de cando en vez, a súa faciana represiva ou violenta como unha exhibición máis de medo ao porvir que de fe na continuación dun posible franquismo sen Franco. As organizacións políticas democráticas de esquerdas crean, dinamizan e realimentan as novas asociacións de veciños, que se transformarán en piares fundamentais dos novos partidos, actuando como propulsores de reivindicacións de melloras en camiños públicos, traídas de augas, ensino, cultura, etc.

Os primeiros voceiros clandestinos impresos de carácter regular son "O Cadro" (voceiro das Xuntas de Veciños, Moaña) e "O Fungueiro", das Xuntas de Veciños de Cangas. A partir dunha intensa actividade de difusión e proselitismo, o nacionalismo galego acadou un maior nivel numérico e sectorial de militancia que sobrepasaría ao histórico conglomerado político do Partido Comunista de España.

Un terceiro sector foi fundamental para a creación das novas elites políticas da democracia local: o enorme crecemento demográfico fixo que a chegada da nova LGE de 1970 coa creación das concentracións escolares, significara un novo ámbito de mellora sociocultural e calidade de vida da poboación. A educación regrada e obrigatoria ata os 14 anos do novo ciclo de EXB trouxo consigo a centralidade dun equipamento como o escolar, que xunto cunha nova cultura do coidado infantil, os novos modelos de parella a partir dos anos 60, o control cada vez maior da natalidade, a chegada da televisión como gran medio de socialización cultural e lúdica para os cativos, a creación das asociacións de pais, as novas fornadas de profesorado que se incorporaban masivamente a un sector público de emprego seguro e ben remunerado, conflúen no cambio de paradigma da escola e da infancia, o sector demográfico onde se proxectaron boa parte dos desexos de cambio educativo e social.

A participación activa dos pais na vida escolar, deportiva e tamén nas "actividades extraescolares" dos centros, a mellora das condicións dos equipamentos e infraestruturas escolares, a demanda de máis e mellores construcións escolares, descentralizadas para atender outros barrios e parroquias, foi campo labrado para os primeiros ensaios democráticos do exercicio da reunión, a opinión, a reivindicación gremial do profesorado, o cambio de política educativa ou os novos contidos a impartir na formación extra académica dos cativos, ámbitos sociais todos onde puxo o foco e a axenda a nova política que viñan representar os partidos da clandestinidade antifranquista.

No sector do ensino público non só houbo incorporación masiva na educación primaria senón que polas mesmas datas a creación de institutos de ensino medio ofreceu a oportunidade ás familias de poder ter -a maioría por primeira vez na historia- os fillos estudando ensino secundario e continuaren, nalgúns casos, ata a universidade. En Rodeira (Cangas) creouse un novo cen-

tro de educación secundaria que recibiu o alumnado deste concello e tamén dos limítrofes de Bueu e Moaña.

Ademais do intenso "activismo" das organizacións antifranquistas en cadansúa localidade, na historia da creación da nova militancia houbo un feito que realimentou a loita política antifranquista no estudantado de Moaña de forma sensible: parte do alumnado do Instituto de secundaria de Rodeira[429] que cursaron aulas con Francisco Rodríguez Sánchez, durante os cursos 1974-1975 e 1975-1976, recordan o salto que significou a estadía do líder político do nacionalismo galego e a capacidade de captación e proselitismo que realizou sobre este grupo de mozos e mozas que comezaron a militar en Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA), dependente da UPG.

Os ex alumnos de Francisco Rodríguez, entrevistados para este traballo[430] , subliñan que do curso 1974-1975 chegaron a militar nesta organización estudantil, continuando nela ata a universidade ou integrándose na organización política afín, en Moaña, 7 persoas, e no curso 1975-1976, 8 persoas. Estes militantes que se incorporan ao nacionalismo, vía ensino secundario, algúns universitarios e outros que se incorporan á acción política a partir de 1975, son membros de familias de clase media, comerciantes, funcionarios públicos, traballadores do mar, etc.

O agrupamento de militantes procedentes do campo sociocultural, do veciñal, das organizacións de estudantes e dos obreiros das fábricas, constituíu, no caso de Moaña, o cerne e a explicación dun cambio político radical dentro do panorama de Galicia: a organización que agrupaba, en 1977, a todos estes sectores sociais, culturais, educativos e laborais, chamábase Asemblea Nacional-Popular Galega, AN-PG, e contaba, en Moaña, con máis dun cento de militantes, máis dun terzo deles estudantes, froito do activismo inicial, na clandestinidade, dunha pequena elite de mozos de clase media.

O resultado deste proceso de captación de militancia nacionalista foi unha panca decisiva para o cambio político na primeira Corporación local demo-

429 O ambiente político nas aulas de secundaria en Cangas era a representación, a escala do ensino, da diversidade e complexidade interior da loita política nos ambientes de esquerda en Galicia e os distintos enfoques ideolóxicos. Carlos Casares impartiu aulas no Instituto de Cangas ao mesmo tempo que Francisco Rodríguez Sánchez. Este é o recordo dun seu alumno sobre o ambiente político do curso 74-75: "as forzas represivas non distinguían entre uns e outros e todos viñamos a ser comunistas e separatistas. Nós si faciamos a distinción e Carlos, procedente do "Felipe" (Frente de Liberación Popular), achegado a Ramón Piñeiro e Galaxia, quedaba na outra parte da raia formando parte dos opositores tibios que non loitaban de fronte contra o fascismo e pola ruptura democrática, pola revolución nacional-popular". RÍOS PAREDES, X. (primavera 2003).

430 Xan Cancelas Collazo, Cándido Miranda Miranda, Celso Parada Rodríguez, Carlos Miguel Rodríguez Salgueiro e Concepción Trigo Portela. Cancelas Collazo e Trigo Portela foron dirixentes de asociacións de comerciantes e de veciños, así como membros das corporacións locais democráticas moañesas. Miranda, Parada e Rodríguez foron ensinantes en distintos centros de ensino primario e secundario de Moaña. Entrevista, 2016.

crática: o novo nacionalismo de esquerdas foi quen de crear as condicións sociais, cunha intensa actividade de traballo político e proselitismo en todos os sectores sociais que vimos de citar, dirixindo a maior parte do asociacionismo creado a partir dos anos 70 e 80, e promovendo novos movementos políticos como plataformas anti Autoestrada do Atlántico, anti centrais nucleares, a prol da amnistía aos presos políticos, a favor da lingua e a cultura galega[431], a prol das melloras nos colexios públicos e a creación de novos centros, pola mellora dos camiños e das condicións de vida dos barrios, etc.

A dinámica reivindicativa e política interesou e prendeu socialmente neses momentos, mobilizando grupos sensibles de poboación, creando viveiros de captación de militancia a partir destes movementos dirixidos por unha minoría ideolóxica que desembocaría, co tempo, no Bloque Nacional-Popular Galego, Unidade Galega, etc., partidos todos que foron coincidentes xeracionalmente coa chegada á adolescencia, xuventude e madurez, das cohortes de nacementos máis masivas da historia de España: a socialización no nacionalismo de boa parte da xuventude nacida a partir de 1955 significou o cambio sociopolítico máis salientable, dende o punto de vista demográfico, do tardofranquismo, unha xuventude que chegou a cambiar políticamente o sentido ideolóxico e de voto no interior de moitas familias moañesas.

12. O NACIONALISMO NO PODER LOCAL

As eleccións locais de 1979 teñen en Moaña algúns trazos que as singularizan dentro da historia política de Galicia por resultaren transcendentes para a evolución dos partidos do nacionalismo galego máis importantes en aqueles momentos.

CADRO Nº 53: RESULTADOS DAS ELECCIÓNS LOCAIS, 1979

PARTIDO	VOTOS	ACTAS
Unión de Centro Democrático (UCD)	1.957	5
Unidade Galega (UG)	1.880	5
Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG)	1.779	5
Agrupación Electoral Independente (AEI)	623	1
Partido Socialista Obreiro Español (PSOE)	417	1

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados por Xosé Carlos Villaverde Román.

431 A gravación en directo do traballo musical do cantante Suso Vaamonde "Nin rosmar un laído" (1977), no cine Veiga (Moaña), 28101977, recolle, nas voces do público, o espírito político e reivindicativo do nacionalismo da época.

CADRO Nº 54: CONCELLEIROS ELECTOS, 1979

PARTIDO	NOME	SUBSTITUCIÓNS
UCD	José Alonso Portela	Alfredo de la Campa Requejada, 26/03/82*
UCD	Serxio Regueira Gómez	
UCD	José García Martínez	
UCD	Luís Boubeta Fernández	
UCD	Manuel Juncal Sequeiros	
UG	Manuel Méndez Fraguas	
UG	Luís Gayo Rivas	
UG	Manuel Chapela Piñeiro	Uxío Nogueira Cancelas, 7/03/80
UG	Pedro Riobó Costa	
UG	Lino Castilla Santiago	
BN-PG	Xabier Abalo Costa	
BN-PG	Estanislao Durán Costa	Francisco MartínezGil, 3/07/81 Guillermo Lis Alonso, 26/03/82
BN-PG	Uxío Chapela Figueroa	
BN-PG	Humberto Rosales Pérez	Francisco González Martínez, 26/03/82
BN-PG	Balbino Barcia Corrales	
AEI	Francisco Juncal de Sá	Manuel Gayo Chapela, 11/03/1981
PSOE	Francisco Suárez Núñez	

Fonte: elaboración propia.

*Non chega a tomar posesión por incompatibilidade ao ter aberto un expediente de infracción urbanística.

Como se pode ver no cadro nº 53, o reconto dos votos para escoller aos 17 edís da nova Corporación Municipal outorgáralle a maioría á UCD, a continuación viña a coalición formada por UG e en terceiro lugar o BN-PG. A distancia destes tres grupos políticos aparecen AEI e PSOE.

Cara á formación do goberno municipal, as conversas interpartidarias posteriores ás eleccións, apuntaban a unha coalición dos dous partidos nacionalistas (que acadaran 10 das 17 actas da nova Corporación Municipal) encabezada por unha UG que faría valer a súa primacía de 101 votos de diferenza sobre o BN-PG para acadar a Alcaldía de Moaña. Quedaba unha reviravolta en forma de dilema para a coalición UG, que debería optar entre as alcaldías de Moaña, onde fora votada como a primeira forza nacionalista, e a d'A Coruña –unha situación simétrica pero inversa á de Moaña: UG precisaba para acadar a alcaldía dos votos dun BN-PG que fora a primeira forza nacionalista herculina - onde Domingos Merino, primeiro edil de UG, recibira, a través dun pacto das cúpulas dos respectivos partidos, o ofrecemento da dirección nacional do BN-PG[432] para un troco entre as alcaldías moañesa e

432 MÁRQUEZ CRUZ, G. (1993), p. 75. O chamado Pacto do Hostal foi un acordo asinado por BN-PG, PCG, PSOE e UG para apoiarse entre eles en 33 concellos de Galicia, extensivo a tres AEI de carácter progresista. A estratexia respondía a que o resultado das eleccións locais de 1979 estableceu

coruñesa.

Como a dirección galega de UG aceptara a alcaldía d'A Coruña en coalición co BN-PG, aconteceu que os dous candidatos que acadaran en segundo lugar na loita pola hexemonía do sector nacionalista de esquerdas, tanto n'A Coruña como en Moaña, pasaron a dirixir ás respectivas alcaldías: Xabier Abalo Costa, natural de Porto do Son, administrativo no sector da construción, asumiu o cargo de alcalde de Moaña na nova democracia local e Manuel Méndez Fraguas, mestre de EXB que encabezaba a lista de UG en Moaña foi nomeado primeiro tenente alcalde.

Tanto BN-PG como UG procedían da evolución do nacionalismo galego de esquerdas creado no tardofranquismo, con importante desenvolvemento na súa estrutura orgánica a partir da década dos 70, ata tal punto que formaran parte ata 1977 da AN-PG, a organización política "de masas" con máis militancia dentro do conglomerado político denominado Movemento Nacional-Popular Galego (MN-PG), un cumprido organigrama que baixo a dirección da UPG -definido como partido comunista patriótico de liberación nacional- tentaba mobilizar á sociedade galega en organismos políticos como a propia AN-PG da que foran membros os máis significados concelleiros dos dous partidos coaligados en 1979 para o novo goberno local moañés, que compartiran militancia nas distintas áreas do organigrama nacionalista formado polas organizacións de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA), a Unión da Mocidade Galega (UMG), as Comisións Labregas (CC.LL.), a UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia), o Sindicato Obreiro Galego (SOG, posteriormente ING), o Sindicato Galego de Traballadores do Mar (SGTM), a Unión de Traballadores da Banca de Galicia (UTBG) ou a Unión de Traballadores da Sanidade de Galicia (UTSG), posteriormente fusionados na Intersindical Nacional Galega (ING). Este foi o conglomerado sindical, sectorial e político que actuou conxuntamente, ata 1977, data da escisión dunha serie de cadros e militantes da AN-PG que máis tarde crearía o Partido Obreiro Galego (POG) que constituiría despois a plataforma política chamada UG mentres a UPG seguía a dirixir todo o MN-PG, coas organizacións que citamos, e tamén a través da transformación da AN-PG en BN-PG, grupos e actividades que tiñan a súa difusión social principal no semanario *A Nosa Terra*[433].

un predominio nas alcaldías dos partidos estatais (74,4%) fronte aos nacionalistas (5,8%), así como de partidos de centro e dereita (66,7%) fronte aos de esquerda (13,5%) ou independentes (19,9%).

433 QUINTANA GARRIDO, X.R., (2010), pp. 62-70. Este autor define ao BN-PG como "nacionalismo radical" e a UG, coalición formada para as eleccións locais de 1979 polos partidos PSG, POG e PG, como "nacionalismo posibilista". A coalición formada por ambos é primeira experiencia unitaria do nacionalismo galego durante a Transición Política. Nas eleccións locais de 1979, UG acadou 9 alcaldías (A Coruña, Narón, Oleiros, Redondela e Malpica, entre elas) e outras tantas o BN-PG, destacando, por demografía, Moaña, Fene e Bueu.

A chegada destas alcaldías fora acollida con ilusión e esperanza no nacionalismo de esquerdas que administraba, por primeira vez na historia, importantes parcelas de poder local cunha porcentaxe substancial do voto popular que estes partidos procuraran, como xa explicamos para o caso de Moaña, sobre todo nos últimos anos do franquismo, facéndose presentes en barrios, asociacións, fábricas, colexios e escolas, etc., formando o conglomerado político e social fundacional do nacionalismo en democracia.

Na primeira Corporación Municipal de Moaña estaban, dentro da coalición dos dous partidos nacionalistas, persoas que se significaran pola súa oposición fronte ás últimas corporacións locais do franquismo, comezando polo propio alcalde, destacado dirixente da Asociación de Veciños de Moaña, da que era presidente antes das eleccións locais e tamén militante destacado da UPG e AN-PG, formando parte tamén de sindicatos nacionalistas, unha folla de servizos similar á do primeiro tenente alcalde, membro da Coordinadora do Ensino de Moaña, dos sindicatos de ensino, do Partido Obreiro Galego ou ex-presidente do Ateneo de Moaña. O novo goberno municipal está dirixido, pois, por unha pola do nacionalismo, en interpretación de Quintana Garrido, máis "radical" –O BN-PG, nucleado pola UPG- en coalición con outra parte do nacionalismo, EG, máis "posibilista", en relación con grandes desafíos políticos da época como a Constitución ou o Estatuto de Autonomía.

Os membros máis significados da Corporación Municipal, dentro do grupo de goberno, proviñan da loita política, sindical, veciñal e asociativa[434] que o nacionalismo creara dende 1972 e intensificara a partir de 1975. Neste relevo e cambio de elites no primeiro goberno municipal posterior ao franquismo, os cadros políticos cos papeis máis importantes no grupo de goberno eran, sobre todo, persoas forxadas na actividade política da oposición ao franquismo, cunha importante representación da militancia sindical na industria naval, téxtil e do maxisterio.

As novas elites políticas que entran con esta Corporación Municipal, ilustran, ao mesmo tempo, o proceso de renovación e cambio político que se está a experimentar pero tamén de remuda, persistencia e transición política: hai tamén un concelleiro, Pedro Riobó Costa, con responsabilidade nas áreas de xestión do novo goberno municipal que xa formara parte da Corporación Municipal de 1967 e outros membros sen anterior adscrición ou significación política nin participación directa na actividade antifranquista, procedentes do

434 Situación que se repite en moitas localidades galegas como no caso de Fene (A Coruña), onde "a existencia dunha relación entre asociacionismo e comportamento electoral está presente en todas as narrativas sobre as primeiras eleccións en Fene (…), a actividade de asociación como O Pote, de Maniños, ou a Liga de Amigos de Barallobre, e a súa mobilización continua como un elemento fundamental na consecución da alcaldía de Fene pola lista do BN-PG", en LOIS BARRIO, M. D., (2007), p. 469.

sector comercial local, da Asociación de Cazadores, etc., que forman un elo entre os dous bloques do nacionalismo que acceden ao poder local nos dous partidos que forman o goberno: un núcleo central formado pola militancia de pasado máis antifranquista, do movemento asociativo, sindicalista, etc., xunto con membros con participación na xestión local franquista ou na neutralidade política ademais doutras persoas afíns ao nacionalismo, simpatizantes, escollidos para ofrecer unha representación descentralizada de barrios e parroquias na lista electoral.

Por parte do BN-PG, o núcleo principal do goberno municipal está formado polo alcalde, Francisco Xabier Abalo Costa (Porto do Son, 1949, administrativo) e Uxío Chapela Figueroa[435] (Moaña, 1955), militante da UPG, portavoz do partido, delegado de Urbanismo, presidente da Comisión Municipal de Cultura e posteriormente tamén da de urbanismo. Os principais representantes de UG son Manuel Méndez Fraguas (Cotobade, 1950, profesor de EXB) portavoz do partido, primeiro tenente alcalde e presidente da comisión municipal de Facenda, Patrimonio e Persoal e Luís Gayo Rivas (Moaña, 1941, oficial electricista) presidente da comisión de Transporte, Comunicacións e Servizos. Na coalición de UG hai un edil do Partido Comunista Galego (PCG), Lino Castilla Santiago. Formando parte da oposición, son membros activos da Corporación José Alonso Portela (Moaña, 1942) e Serxio Regueira Gómez (Moaña, 1944) pertencentes á UCD e Francisco Suárez Núñez, (Moaña, 1938) polo PSOE.

Tomados no seu conxunto, os membros da nova Corporación -agás un concelleiro que xa citamos- non teñen relación orgánica co réxime anterior, nin por ter formado parte de gobernos municipais, alcaldías de barrio, postos de confianza, pertencer a algunha das "familias políticas" do réxime (Vella garda, Falanxe, Forza Nova, etc.), nin por ter destacado en actividades, sectores, entidades ou opinións que puidesen encadralos como persoas con apoio ou simpatías activas ao franquismo. Moaña é un concello que renova as elites políticas, nestas primeiras eleccións locais, constituíndo tamén unha tendencia distinta da que se produce case na metade dos concellos de Galicia (48,7%) onde a elección das novas alcaldías recae en persoas que foran xa alcaldes, concelleiros ou candidatos no franquismo[436].

O cambio político cara ao nacionalismo de esquerdas que se produce na Casa do Concello de Moaña foi moi minoritario en Galicia, significando a primeira creación ou comezo dun imaxinario colectivo político nacionalista

435 Entre 1979 e 1981, a segunda Tenencia de Alcaldía corresponde a Estanislao Durán Costa (Moaña, 1915), así como a Presidencia da Comisión de Urbanismo. Ambas pasan a ser desempeñadas por Uxío Chapela Figueroa (BN-PG) dende o 31 de outubro de 1980.

436 MÁRQUEZ CRUZ, G., (1993), p. 75.

asentado nun ámbito de poder político real: comeza a circular no Concello de Moaña -por extensión tamén na península do Morrazo, sobre todo os concellos de Cangas e Bueu- así como Fene, na ría de Ferrol, tamén gobernado dende primeira hora da democracia local polo BN-PG, a rotulación política como "zonas liberadas"[437] que proxectarían unha cosmovisión do cambio aportado pola xestión local do Bloque.

Para o nacionalismo da órbita BN-PG, "O Morrazo" pasará a formar parte dun espazo político supralocal e un relato que creará unha pequena mitoloxía no campo do nacionalismo militante entre 1979 e 1989, cando serán pouco a pouco desprazados e substituídos, dentro do credo nacionalista, polo "modelo Allariz"[438] tamén citado como "espírito de Allariz"[439] que pasará a formar parte e exemplo da capacidade de xestión, a simboloxía política e a ascensión social do nacionalismo galego ata o seu tope de representación política coa chegada ao poder local do BNG nos concellos de Ferrol, Pontevedra e Vigo, en 1999.

A chegada do nacionalismo ao poder local requiría unha escenificación da ruptura co franquismo e unha declaración de principios solemne e oficial, emitida no Pleno[440] polo portavoz municipal do BN-PG, Uxío Chapela Figueroa, que emite o seguinte manifesto:

1. *Tendo en conta que a actual división administrativa responde a criterios puramente imperialistas, para nada de acordo coa realidade histórico-xeográfica de Galicia, consideramos necesaria unha re-*

437 Este mito político realimentará e incrementará os efectivos nacionalistas en Moaña, entre outras áreas, no sector do ensino: un número importante de diplomados e licenciados, militantes ou simpatizantes nacionalistas, con praza acadada en oposición e destino nos seis novos centros de ensino primario creados en Moaña entre 1971 e 1983, aos que se lle engadirán os licenciados dun novo instituto de secundaria en 1988 e o profesorado do novo centro de Formación Profesional a comezos da década de 1980, son parte do "efecto chamada" de Moaña, unha situación tamén rexistrada, á súa escala, en Bueu e Vilaboa (Alcaldías do BN-PG en 1979), como espazo político e social nacionalista, ou Cangas (Alcaldía do PCE con apoio do BN-PG en 1979), configurando estes concellos da península do Morrazo un dos poucos espazos políticos supralocais de Galicia con importante apoio social e electoral nacionalista e/ou de esquerdas.

A realimentación da política local moañesa e a actividade política e sindical nos distintos centros de ensino primario e secundario en Cangas, Moaña e Bueu foi constatable durante a democracia: varios alcaldes dos concellos e numerosos membros do ensino formarán parte das candidaturas e concellarías locais nacionalistas.

438 En 1989, nos concellos de Allariz e Cangas do Morrazo, despois de duros conflitos e enfrontamentos políticos e sociais, os respectivos gobernos civís deciden a creación, en ambos concellos, de dúas xestoras, presididas por Anxo Quintana González, do Bloque Nacionalista Galego (Allariz) e Mariano Abalo Costa, da Fronte Popular Galega -unha escisión do BNG- en Cangas do Morrazo.

439 LOIS BARRIO, M. D., (2007), p. 386.

440 PM03051979.

forma do Réxime Local para a democratización efectiva das Corporacións Municipais encamiñada a dotar de personalidade xurídica á parroquia rural, a liquidar as Deputacións, meros apéndices da Administración colonial, en aras á creación de divisións xeográficas administrativas de ámbito comarcal, concentrando determinadas competencias en organismos de carácter nacional galego, que garantan maior equidade, eficacia e axilidade burocrática

2. *Consideramos urxente a devolución dos montes de veciños aos lexítimos propietarios, a desaparición da inxusta e discriminatoria cota Empresarial da Seguridade Social Agraria, verdadeiro imposto colonial que oprime aos modestos labregos de Galicia.*

3. *A defensa do noso idioma, da nosa cultura e da nosa identidade nacional debe ser abordada tamén dende todas as institucións e organismos do país. Neste senso, pedimos a permanente exhibición da bandeira de Galicia na Casa Consistorial, e esiximos a redacción das actas na lingua galega ao mesmo tempo que seremos intransixentes pola nosa banda na súa utilización nas distintas sesións. Neste senso pedimos tamén a urxente restauración dos topónimos do noso concello ao galego.*

4. *En nome da maior transparencia e información na xestión e control popular dos municipios, pedimos se abra unha investigación para informar cal foi o uso dos fondos públicos municipais nos últimos anos.*

¡Pola Soberanía Nacional! ¡Viva Galicia Ceibe e Popular!

Existe constancia da lectura e transcrición deste documento tamén no concello de Fene[441], non así no concello de Bueu[442] onde non podemos saber se foi lido na súa totalidade porque a acta non recolle a literalidade senón a aprobación de asuntos como a declaración do idioma galego como lingua oficial (aprobado, con advertencia de ilegalidade pola Secretaría), ou a aprobación da exhibición da bandeira galega en compañía da española ou a restauración dos topónimos galegos en prazas, rúas e lugares, aprobado coa indicación "onde sexa posible".

Facendo unha mínima análise de texto vese que o discurso resume a

441 Pleno Municipal, sesión extraordinaria de 08051979, copia da acta proporcionada por Daniel Romero Rodríguez, técnico municipal de cultura do Concello de Fene, 2016.

442 Pleno Municipal, sesión extraordinaria de 23051979, información proporcionada por Belarmino Bar, arquiveiro municipal de Bueu, 2016.

teoría ou o ideario que o nacionalismo nucleado pola UPG viña facendo dende a súa creación: a consideración de Galicia como nación colonizada polo denominado Estado Imperialista Español, a ordenación e administración do territorio coa reivindicación da parroquia rural como núcleo e hábitat tradicional que require un estatuto xurídico, a desaparición das Deputacións Provinciais, a creación de comarcas como ámbitos supralocais para substituílas, a devolución dos montes de man común expropiados e administrados durante o franquismo polas corporacións locais, a desaparición da cota da Seguridade Social agraria, reivindicación principal do sindicato agrícola nacionalista, a normalización do idioma galego e a súa utilización na administración pública local, a restitución dos topónimos orixinais do territorio e a defensa da cultura e a bandeira de Galicia como principais ancoraxes identitarias.

No debate posterior a esta proclama, o portavoz de UG Manuel Méndez afirma que acepta o contido da declaración pero rexeita os termos "criterios puramente imperialistas" e "apéndices da Administración colonial". Era a primeira constancia histórica en acta, durante unha sesión dos órganos de goberno municipais de parte das principais diferenzas ideolóxicas entre os dous partidos que rexerían Moaña en coalición ata 1983.

Este primeiro manifesto do BN-PG contén parte das verbas patrimoniais do nacionalismo galego de posguerra e a pegada da UPG: colonia, imperio, loita, identidade nacional, etc., que se van repetir nas cerimonias oficiais, en datas ou textos significados pero que pasarán a sufrir un reacondicionamento cando se expresan nos escenarios reais do poder: o nacionalismo xa estaba facendo a súa particular transición dende 1975 cando trataba, como parte da oposición antifranquista, de pasar "da loita armada á loita firmada" (J. Pradera)[443], unha metáfora que condensa o paso dunha forma de oposición dura, de xustificación do uso da violencia e a loita armada contra o franquismo[444], a outra de gradual adaptación a unha realidade máis complexa onde a "loita" entenderase a través da recollida de sinaturas, tamén como estratexia de captación sindical, veciñal, estudantil, universitaria, labrega, etc., en forma de reivindicación permanente dos distintos "sectores produtivos" de Galicia (formados pola triloxía histórica de labregos, obreiros e mariñeiros), ou a

443 JULIÁ, S., (2012), p.133.

444 O 12 de agosto de 1975 prodúcese a norte de Xosé Ramón Reboiras Noia, membro da fronte armada da UPG, despois dunha persecución policial con disparos polas rúas de Ferrol. No piso franco que habitaba Reboiras naquela altura entontrábase, entre outros, Lois Ríos Paredes, un dos fundadores do nacionalismo e responsable da UPG en Moaña en 1975, pertencente ao núcleo fundador do Sindicato Obreiro Galego (SOG) e primeiro Secretario Xeral do sindicato Intersindical Nacional de Traballadores Galegos (INTG). Xosé Ramón Reboiras fora o responsable da primeira célula ou xermolo nacionalista en Cangas de Morrazo, segundo Xabier Abalo Costa, entre 1968-1969 (Entrevista, 30052008, AMOM).

través da presenza en todos ou a maior parte dos conflitos sociais, situación que se reconverte cando o BN-PG, caso de Moaña, pasa a dirixir o poder municipal.

O feito político, urbanístico e social máis decisivo para a historia contemporánea do Concello de Moaña, comparable polos seus efectos á construción das dúas estradas perimetrais do novo centro urbano litoral na primeira década do século vinte, prodúcese no comezo do primeiro mandato municipal democrático por unha decisión política con orixe nun azar xeográfico e de oportunidade: a construción da Autoestrada do Atlántico (en diante, AP-9 ou AA) entre as cidades de Vigo e Pontevedra, atravesa o linde Leste do territorio do concello de Moaña, na parroquia de Domaio, onde se encontraba xa rematada dende 1977 a Ponte de Rande para dar paso rodado entre as dúas ribeiras da ría de Vigo, adiada a súa apertura pola paralización da obra da autoestrada no tramo entre Pontevedra e Vigo.

Ante a solicitude verbal da empresa concesionaria da obra da AP-9 para realizar aterramentos en Moaña co material excedente dos desmontes da autoestrada, o goberno municipal de Moaña, recibe con divisións este ofrecemento porque está dirixido polo partido máis que destacara na oposición frontal á construción da AP-9, con lemas ou denominacións como a de "autopista: unha navallada para Galicia", por entender -entre outras razóns- que este viario permitiría a conexión entre as grandes cidades deixando afastado o mundo rural de parroquias e aldeas.

Con estes antecedentes políticos, despois dun debate interno, o goberno municipal de Moaña decide enviar a dous concelleiros do grupo de UG a encetar as negociacións coa concesionaria da AP-9, conversas das que resultou a aceptación por parte do Concello de Moaña da oferta pola que este concello sería receptor de terras e materiais procedentes dos desmontes e sobrantes da citada obra que serán destinadas aos grandes recheos que cambiarían a fisionomía e o borde litoral de Moaña nas principais zonas habitadas con acceso ao mar: o centro urbano e as parroquias de Meira e Domaio, as grandes transformacións urbanísticas públicas da democracia, ás que dedicaremos unha análise no apartado da política urbanística.

Era a entrada do nacionalismo local na xestión política e na *realpolitik*, como a travesía dun rito de paso, unha aposta polo pragmatismo e o aproveitamento da oportunidade histórica que arrombaba no fondo da memoria, no baúl do esquecemento, os radicais pronunciamentos políticos anteriores á entrada do nacionalismo no goberno municipal.

Probablemente a visualización social e electoral máis acaída do cambio que se producira no Concello de Moaña en democracia foron estes recheos que gañaron grandes superficies de terreo ao mar. Rematada a primeira Corporación Municipal, o BNG[445] fixo valer estas credenciais de xestión presentando ao concello de Moaña como un antes e un despois dos recheos, acadando os mellores resultados da súa historia política en Moaña.

CADRO Nº 55: RESULTADOS DAS ELECCIÓNS LOCAIS, 1983

PARTIDO	VOTOS	ACTAS
Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG)	3.840	9
Alianza Popular (AP)	1.810	4
Esquerda Galega (EG)	1.225	2
Converxencia de Independentes de Galicia (CIG)	932	2

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados por Xosé Carlos Villaverde Román.

CADRO Nº 56: CONCELLEIROS ELECTOS, 1983

PARTIDO	NOME	SUBSTITUCIÓNS
BNG	Xabier Abalo Costa	
BNG	Uxío Chapela Figueroa	
BNG	Cándido Fernández Pastoriza	
BNG	María Modesta Riobó Dios	Rosa Pérez Trigo, 05/1986
BNG	Fernando Abal Pena	
BNG	Guillermo Lis Alonso	
BNG	Manuel Pastoriza Pena	Xosé Verdeal Rial, 12/1984
BNG	Mario Santos Rodríguez	María Santomé Gestido, 23/12/1983
BNG	Balbino Barcia Corrales	
AP	Sebastián Juncal Currás	
AP	Jose Gutiérrez Santomé	
AP	Manuel Germade Parcero	
AP	José Iglesias Rivas	
EG	Uxío Nogueira Costa	
EG	Manuel Currás Meira	
CIG	José Romero Costa	Julio Suárez Durán, 03/1984
CIG	Serxio Regueira Gómez	

Fonte: elaboración propia, colaboración de Francisco Javier Casás Mariño.

445 En 1982, o BN-PG pasa a chamarse Bloque Nacionalista Galego. Pola súa banda, UG presentouse ás seguintes eleccións locais de 1983 como Esquerda Galega.

O BNG acada o seu teito histórico de votos e representación no concello de Moaña a conta de sumar no seu grupo toda a diminución de edís que experimenta EG -que pasa de 5 actas en 1979 a 2 en 1983- e, posiblemente, tamén ao feito de recibir o voto socialista por non se ter presentado a estas eleccións o PSOE.

A composición da nova Corporación está marcada pola maioría absoluta do BNG, con nove actas municipais, que continúa coas mesmas persoas á fronte que no goberno anterior –repiten Xabier Abalo Costa, alcalde e Uxío Chapela Figueroa como primeiro tenente alcalde e responsable de Urbanismo e Persoal-, e as outras novidades son a entrada na Corporación como voceiro de AP de Sebastián Juncal Currás, ex alcalde durante parte do período "desenvolvementista" ata o remate do franquismo, a incorporación de dúas novas persoas ao grupo municipal de EG, agora representada por dous concelleiros, ambos sindicalistas do sector naval -estaleiros de Ascon e Hijos de J. Barreras- e membros de asociacións de veciños e APAS, o seu voceiro será Uxío Nogueira Cancelas (Moaña, 1948, delineante naval). A desaparición de UCD dá paso á candidatura independente da Converxencia de Independentes por Galicia que conta co liderado de Serxio Regueira Gómez, que formara parte da primeira Corporación como concelleiro de UCD.

O BNG incorpora, por primeira vez en democracia, a unha muller como concelleira, María Modesta Riobó Dios, (Moaña, 1959, auxiliar de enfermería), que asume a presidencia da Comisión informativa de Sanidade, e a un mozo, Fernando Abal Pena (Moaña, 1963, estudante), que ostenta a Delegación de Cultura. A incorporación da representación da muller e a xuventude como suxeitos políticos eran signos dun tempo político novo que pretendía acadar a atención, integración, visibilidade e igualdade destes colectivos na sociedade democrática, como tamén era novidoso o feito de dispoñer por primeira vez en Moaña de áreas de goberno para a Asistencia Social e Ecoloxía -dirixidas por Modesta Riobó- e Xuventude, xestionada por Fernando Abal. En 1983 entra na Corporación a segunda muller que acada a condición de concelleira neste mandato municipal, María Santomé Gestido, tamén do BNG.

13. A LOITA SIMBÓLICA

O primeiro trazo político subliñable do núcleo reitor do primeiro Goberno Municipal é o feito de fomentar o cambio dunha cultura política, social e cultural herdada do sistema franquista cara promover unha sociedade democrática, participativa e centrada na creación e promoción da identidade cultural, política e idiomática nacionalista ou galeguista.

Con este obxectivo póñense a andar algunhas liñas políticas que pretenden rachar inercias e dependencias do anterior sistema político español comezando polo cuestionamento, cando non a deconstrución simbólica, do réxime anterior: a iconografía relixiosa e a monárquica son as cuestións que ocupan as primeiras discrepancias importantes entre os distintos grupos da Corporación, inaugurando así o debate político democrático nos órganos de goberno, sobre todo no Pleno Municipal, que se converte nun parlamento que dialoga, ás veces aventando moi viva e longamente, sobre os distintos avatares da política municipal local, a provincial, a galega, a española e tamén a mundial, tal era o efecto pendular e a verbosidade que pasaba por fases de bo parlamentarismo e outras de "charlamentarismo" como bautizara Unamuno a esta forma peninsular de debater nas institucións públicas como nas tertulias das cafeterías.

Era a primeira hora da restaurada democracia local que pretendía compensar a represión e carencia de liberdades que encorsetara á sociedade durante o franquismo: os plenos do primeiro mandato local foron o escenario que condensaba a unha vila social e politicamente activa que tiña a posibilidade de debater sobre calquera tema despois de corenta e tres anos sen corporacións municipais democráticas[446].

En efecto, nunha das primeiras sesións plenarias[447], cando o concelleiro de AEI Francisco Juncal de Saa presenta unha moción solicitando información sobre a causa da desaparición do crucifixo e do retrato do Rei de

446 Xerardo Estévez, alcalde de Santiago, recorda como "os edís das primeiras corporacións, e máis concretamente os alcaldes, eran quizais excesivamente discursivos, apaixoados, e aspiraban a ser xestores universais (...) estaban dotados dunha capacidade aparentemente sen límites para resolver os asuntos a calquera hora do día, o que lles outorgaba un certo perfil de paladíns", ESTÉVEZ, X. (2012), p. 89.
447 PM08051979. AMCM.

España que deberían estar expostos presidindo o Salón de Sesións, Alcaldía responde que "o crucifixo non foi retirado do Salón de Sesións senón que ao retirar o retrato do Rei se soltou o enganche polo que foi reposto no mesmo lugar ao día seguinte". En canto ao retrato do Xefe do Estado, fora retirado por decisión de Alcaldía por considerar que "constitúe unha figura política e por respecto ás distintas correntes políticas e ideolóxicas presentes na Corporación foi tomado o criterio de que ningunha imaxe de ningún persoeiro político presidira o Salón de Sesións".

O debate dos símbolos relixioso e político e a súa exhibición no salón municipal deu lugar a intensas discusións entre goberno e oposición e tamén a discrepancias no interior do goberno municipal que tiñan continuidade na prensa escrita e outros medios de comunicación como a radio provocando unha intensa polémica acompañada dunha república verbal, chea de retórica, que parecía non ter fin nin acougo, como se pode comprobar nas hemerotecas da época.

A Transición Democrática, o período que vai entre a morte de Francisco Franco en 1975 e a chegada ao goberno central do PSOE en 1982, contén no seu interior outras transicións, remudas e cambios sociais e culturais. Como en todos os cambios de sistemas políticos antagónicos, sobre todo cando o réxime desaparecido existiu durante unha longa época histórica, non se mudan os comportamentos sociais, nin os hábitos ou as actitudes relixiosas, familiares, culturais, idiomáticas, etc., por efecto do cambo político como único factor senón que existe un peso e un pouso da cultura política, social, cultural e relixiosa anterior, que van mudando, transformándose ou manténdose, ás veces baixo novas formas, no novo réxime: a "desaparición" do crucifixo do salón de sesións de Moaña foi solucionada coa súa reposición con celeridade pero a retirada do retrato do Rei, decidida pola Alcaldía, volveu a tratarse no Pleno e só o portavoz do BN-PG defendeu a súa non reposición.

Cando, a petición de UG, se demanda o pronunciamento do Pleno sobre a recolocación da fotografía real, encontrámonos con que unha maioría de 8 votos, formada por UCD, AEI, PSOE e un concelleiro de UG, votan a favor da reposición e acadan a aprobación, con 5 votos en contra do BN-PG e a abstención dos catro concelleiros restantes do grupo de UG onde, como se ve, comezan a aparecer públicas discrepancias internas en cuestións ideolóxicas porque, aínda que as opinións partidarias semellan ser homoxéneas e compactas, os concelleiros que compoñen cada organización teñen un percorrido biográfico e social que inclúe ancoraxes e transicións entre as crenzas e tradicións interiorizadas nun longo réxime ditatorial, católico, autoritario,

xerárquico, etc., que se reflicten cando as novas corporacións tentan acelerar os cambios normativos, simbólicos, etc.: son outras tantas transicións ideolóxicas persoais dentro dunha Transición Política que se pretende acelerar, ás veces, a máis velocidade da que poden asumir a totalidade dos compoñentes do Goberno Municipal.

Nestes primeiros meses de actividade política, o Goberno Civil rexeita as actas recibidas das sesións plenarias e as da Comisión Municipal Permanente de Moaña por estaren escritas en galego, coa aclaración de que a institución provincial non entrará a xulgar sobre a legalidade do acordado ata que non lle fosen enviadas en castelán. A "normalización lingüística" e a "oficialidade" do idioma galego son das principais premisas políticas que comparte o grupo de goberno moañés que retruca ao Goberno Civil manifestando a vontade de continuar loitando pola oficialidade do idioma galego a todos os niveis.

No debate posterior, o voceiro de UG solicita da Corporación un pronunciamento de desconformidade cos escritos do Goberno Civil e coa Lei de Réxime Local por entender que violan a autonomía municipal, impoñen a prohibición de dar publicidade ás sesións da Comisión Municipal Permanente, impiden a asistencia a elas do resto dos concelleiros da Corporación e tamén dos representantes das asociacións veciñais e a prensa, así como negan a posibilidade de intervención dos veciños nas sesións, pronunciándose tamén UG en contra da devolución das actas das sesións en galego.

Esta proposta é aprobada coa precisión do voceiro de UCD no sentido de que a utilización do galego nas actas vaia acompañada tamén do castelán pola limitación persoal que representa non ter formación en lectura e escrita neste idioma que, por outra banda, "se debe potenciar ao máximo", no entender do edil centrista. A redacción das actas municipais en galego volverá a tratarse en 1983, na segunda Corporación, acordándose que se realicen en galego e, caso de remisión de documentación fóra de Galicia, se fagan en castelán. En 1984, a proposta da Comisión informativa de Cultura, solicítase que os operarios municipais comecen a cambiar topónimos como monte Xaxán por Gagán, El Con por O Con, Domayo por Domaio, etc.

Dentro da escenificación da diferenciación simbólica, a Corporación Municipal, non sen tensións, decide que Alcaldía non debe contar cunha retribución suficiente como para que sexa un cargo político con dedicación exclusiva e presenza diaria ao Concello de Moaña, o que conleva que o alcalde continúe no seu posto de traballo anterior, dedicándolle ao concello un tempo

que se considera, ao comezo do mandato, suficiente para a xestión pública da Administración local.

> *A Abalo puxémoslle un tope económico porque... iamos de salvadores do Concello e salvadores da Patria, despois démonos conta que, en política, eramos uns necios. Era ese sentir da honradez: "eu non veño aquí a gañar un pataco, eh?", tiñamos claro que aquilo era altruísta, non tiñas que cobrar.*[448]

Aos poucos días do comezo do primeiro mandato municipal, UG presenta unha moción solicitando o apoio do Concello de Moaña para que a capitalidade de Galicia sexa en Santiago de Compostela, proposta que acada aprobación por maioría en Pleno[449], coa abstención do BN-PG por entender este grupo que "non se pode falar de capitalidade mentres Galicia non acade a soberanía política" e porque "a autonomía é unha manobra antigalega e antipopular que ofrece o Goberno para perpetuar o dominio colonial".

Por esta mesma consideración ideolóxica sobre a Autonomía de Galicia, e ante a solicitude, no mesmo Pleno, do grupo de UG, solicitando pronunciamento e postura pública da Corporación moañesa, como queira que o BN-PG considera a moción da Autonomía un ataque á democracia, queda sen tratar o punto ao denegar Alcaldía a votación por canto "o BN-PG non pode permitir un acordo maioritario que ataque e atente contra a súa integridade ideolóxica".

A seguinte proba de carga ideolóxica para a nova Corporación Municipal prodúcese cando o BN-PG, en xullo de 1979, nas vésperas da celebración da principal festividade local Moaña, as festas patronais de Nosa Señora do Carme, propón un acordo relativo á representación corporativa en actos oficiais, avogando por eliminar actos protocolarios innecesarios "evitando compromisos da institución municipal que en todo momento debe facer gala de neutralidade" e propoñendo "que a Corporación Municipal se absteña de asistir a actos de específico contido político ou relixiosos que non son expresión de todos os veciños".

Aberto o debate, UCD entende que a Corporación debe asistir aos actos relixiosos e á procesión terrestre e marítima da festa do Carme por ser

448 Luís Gayo Rivas (UG). Entrevista, 12052008, AMOM.
449 PM22061979.

católica a maioría do pobo de Moaña e UG anuncia a abstención, acordándose finalmente que a Comisión Municipal Permanente constituirá a representación corporativa que decidirá acudir á procesión marítima da festividade do Carme. Esta cuestión e o seu tratamento e división política municipal suscita incidentes na procesión do día 16 de xullo de 1979 entre a organización da Comisión de Festas e unha Corporación Municipal na que, unha vez máis, nos dous primeiros meses de mandato, aparecen diverxencias entre os grupos da coalición de goberno e tamén entre estes e a oposición, cando se pretende confrontar e consensuar distintos enfoques ideolóxicos que non son asumidos pola maioría do grupo de goberno. A cuestión relixiosa e a representación simbólica de España a través da Monarquía amosan, entre os membros do goberno municipal, os efectos das distintas remudas, transicións e contradicións que está a experimentar a sociedade española, galega e moañesa naquela altura e as dificultades de cambiar, mediante unha norma administrativa, hábitos relixiosos e políticos que tamén dividen internamente á esquerda nacionalista e aos seus concelleiros.

Máis consenso no grupo de goberno acada a proposta para deixar de realizar o pagamento do consumo de enerxía eléctrica que viñan realizando os anteriores gobernos municipais a conta do orzamento municipal a institucións como o Cuartel da Garda Civil, as instalacións do Xulgado de Paz ou o Servizo de Correos, organismos dos que o Concello se desvincula –nunha "desconexión" do subministro eléctrico con sentido práctico pero que se quere tamén simbólico e metafórico- no remate do ano 1979 en canto a este pagamento que marcaba territorios ideolóxicos diferenciados.

Tamén se acorda dirixirse á Comisión de Toponimia da Xunta, en 1980, para que unha vez rematado o censo xeral da poboación, se eleven as correccións e cambios de denominación das entidades de poboación do ámbito municipal que figuran no nomenclátor en castelán e deberán ser substituídas pola súa correcta denominación en galego.

Prodúcense novas propostas sobre os símbolos cando o grupo municipal do PSOE demanda e acada en decembro de 1979 a aprobación maioritaria da Corporación sobre a exhibición no exterior da Casa Consistorial das bandeiras española e galega en días sinalados, festivos, etc., cos votos en contra do grupo do BN-PG por preferir este que ondee soamente a bandeira galega. Non sabemos se se levou á práctica tal acordo porque en 1983, durante a segunda Corporación, rexístrase un debate importante cando AP solicita que nos actos públicos convocados polo Concello ondeen as dúas bandeiras oficiais, de acordo coa lei, así como no balcón da Casa Consistorial os domin-

gos, días festivos, festas patronais e outros.

Na explicación de posturas e correspondente debate suscitado, Uxío Chapela, voceiro do BNG, manifesta ter "unha nación, unha patria e un idioma, que son os galegos e que non aceptan os símbolos do imperio", mentres que Uxío Nogueira (EG) partindo da afirmación de "ser realista e querer unha sociedade comunista" tamén establece diferenzas co BNG e amósase contrario á moción de AP pola expresión "unidade da patria", mentres que Serxio Regueira (CIG) intervén para opinar que EG foi "comprada" por parte da alcaldía con dúas delegacións, que o BNG é un partido revolucionario que "non acata as leis, [porén] que se aproveita delas, que as hai que cumprir e o resto é ser ditador, revolucionario e cacique". A moción de AP sobre as bandeiras queda rexeitada.

En 1981 apróbase por maioría da Corporación Municipal e sen pronunciamento do BN-PG, o apoio á celebración do día da Constitución Española. O cambio simbólico que serve para distinguir a rotulación do rueiro entre ditadura e democracia tamén se comeza a producir en Moaña na denominación do treito máis urbano da estrada Cangas-Vilaboa, denominado oficialmente dende o tardofranquismo Avenida do Generalísimo Franco e que pasará a ser[450] a Avenida de Ramón Cabanillas[451] .

No camiño dos pronunciamentos simbólicos en relación con áreas ou temas que a esquerda nacionalista considerou importantes para difundir a súa ideoloxía, o Pleno Municipal do Concello de Moaña manifestouse -como fixeron a maioría dos concellos nacionalistas e/ou de esquerdas na democracia- contra a política agraria do Estado Español (1980), contra o ingreso na OTAN (1981), pola integración dos grupos políticos da Corporación na mesa local Anti-OTAN (1986), aprobando unha moción do BNG para pedir o voto non no referéndum sobre a OTAN, coa matización de EG que manifesta o seu non "á OTAN nin ao Pacto de Varsovia" (1986), tamén hai pronunciamento contra as sancións a unha mestra galega en Dices (Rois) por impartir aulas en idioma galego (1981) ou contra a contaminación (1979) producida pola fábrica de Alúmina-aluminio en Xove (Lugo).

A batalla contra a enerxía nuclear e as súas consecuencias sería precisamente a que vai dar lugar ás máis reiteradas protestas e manifestos, a primeira (1979) contra a proposta de erguer unha central nuclear no concello

450 PM07041980.

451 Ramón Cabanillas, (Cambados, 1876-1959), Personaxe importante na historia do galeguismo que o coroa como "poeta da raza", fora secretario do Concello de Moaña en 1942. En REI, L., (2009), pp. 430-431.

de Xove, pero sobre todo contra os perigos do refugallo provocado polas centrais nucleares europeas (en 1981 a iniciativa da Corporación, 1982 a través do BN-PG apoiando a proposta da asociación ecoloxista ADEGA) ou tamén contra os vertidos radioactivos que estas centrais estaban a producir, co refugallo das centrais nucleares, transportado e sulagado por parte de barcos holandeses, a 300 millas de Fisterra, na chamada "foxa atlántica".

Estas maniobras foron denunciadas mundialmente pola asociación ecoloxista Greenpeace[452] a través de imaxinativas protestas e actuacións para impedir o lanzamento dos bidóns de refugallo ao mar, dando lugar a que o portavoz de UG na Corporación moañesa, Manuel Méndez, participara en 1981 na expedición da embarcación "Xurelo" para denunciar e tratar de impedir estes depósitos de material nuclear no Atlántico. O propio alcalde de Moaña, Xavier Abalo, embarcou e participou en 1982 noutra expedición da organización Greenpeace, na embarcación Sirius, coa mesma finalidade, ao mesmo lugar do océano Atlántico, dentro dunha actividade concertada en toda Europa que incluíra actos de protesta e peches nos consulados de Vigo, Madrid, recollida de sinaturas, participación de militantes de Esquerda Galega en actos en Bélxica e Holanda, que foron amplamente aventados e apoiados dende o Concello de Moaña.

O pronunciamento en contra dos vertidos atómicos na "foxa atlántica" continuou producíndose no segundo mandato municipal, en marzo de 1985, desta vez acompañado dunha condena pola presenza no Estado Español do presidente dos EE.UU.

Neste segundo goberno municipal de Moaña, Alcaldía manifesta que a Lei de Réxime Local é antidemocrática, allea ao pobo galego por non contemplar as parroquias e presidencialista, deixando clara a vontade de –pese a ter maioría absoluta- contar con todos os grupos na Comisión de Goberno para facilitar o exercicio da acción opositora, que as comisións seguirán a ser públicas e non destituirán a ningún membro da Comisión de Goberno por crítico que sexa. Esta decisión, informada negativamente pola Secretaría Municipal, é recorrida pola avogacía do Estado pero pese a todo o Pleno moañés

452 A partir das teses do "crecemento cero", difundidas polo Club de Roma, hai un cambio de paradigma medioambiental e aparecen as organizacións ecoloxistas en EE.UU. e Europa: "as vellas entidades conservacionistas multiplicaron por dous o número dos seus activistas á vez que se crearon outros grupos (World Wildlife Fund, 1971; Environmental Defense Fund, 1961; Friends of the Eart, 1969; Greenpeace, 1971), dando lugar a unha transición dende o veterano conservacionismo ao novo ambientalismo ("dos vellos cazadores aos novos verdes"), nun contexto de fortes reivindicacións políticas, sociais e económicas, tanto en rexións industrializadas como en países en vías de desenvolvemento", SANTAMARÍA, B. et ali, (2014), p. 91. A costa de Galicia foi un territorio con influencia política e mediática de Greenpeace.

acorda en 1985 que tanto as sesións da Comisión de Goberno como as das comisións informativas, sexan públicas.

Seguindo a traza comezada no primeiro grupo de goberno en canto a política de declaracións e de símbolos, o BNG aproba declaracións públicas de solidariedade co pobo chileno, en 1983, abrindo unha rúa, no barrio do Real, a nome de Miguel Enríquez[453], eliminando do rueiro existente o nome de Fragata Numancia.

Defende tamén o grupo de goberno a realización dunha campaña de recadación pública para erguer un monumento a Castelao[454], figura política de referencia para o nacionalismo galego e que non contará con estatua pero si con ampla difusión en Moaña: Alcaldía estará presidida por un retrato de Castelao, o principal centro sociocultural creado en democracia e unha rúa principal do barrio do Real –o remate da vella estrada Marín-O Con- levan o seu nome.

Durante este mandato rexístranse e apróbanse, sobre todo no ano 1983, mocións do BNG sobre a expulsión dos parlamentarios do BNG-PSG do Parlamento de Galicia por non xuraren a Constitución, de novo do BNG sobre os vertidos atómicos, outra do BNG sobre a redución da duración do Servizo Militar, unha de EG sobre a Conferencia de Londres para decidir sobre a continuidade ou non dos vertidos nucleares, unha nova proposta conxunta do BNG e EG sobre a desnuclearización do concello de Moaña, outra do BNG sobre a reindustrialización do Concello de Moaña ou unha proposta das Comisións Labregas sobre a cota da Seguridade Social Agraria.

Este mesmo ano, non acadan aprobación unha moción da CIG sobre a morte do capitán Barrios e de repulsa de todo tipo de violencia e terrorismo nin tampouco outra proposta de AP pedindo a repulsa do terrorismo, ambas rexeitadas polo posicionamento en contra do BNG. En 1987 apróbase dúas mocións do BNG, unha sobre a lei do aborto e outra pola defensa do sector lácteo galego.

453 Miguel Enríquez (Chile, 1944-1974): secretario xeral do Movimiento de Izquierda Revolucionaria (MIR), morto nun enfrontamento coa policía política chilena.

454 A asociación cultural Amigos da Cultura, de Pontevedra, promoveu a creación da primeira estatua de grande dimensión de Castelao, realizada polo escultor ourensán Buciños, para a súa colocación en Pontevedra. Como xurdiran problemas para a súa colocación, ata que o Concello de Pontevedra non deu permiso para situala na Praza de Santa María, o Concello de Moaña aceptou que o monumento, de tres metros de altura, permanecese en breve "acollida", colocado nun lugar principal dentro do novo recheo litoral do centro urbano, dende o 23 de xullo de 1983. ASOCIACIÓN AMIGOS DA CULTURA, edición facsimil do discurso Alba de groria (s.d.).

14.PARTICIPACIÓN SOCIAL E ASOCIACIONISMO

Outra liña aberta pola primeira Corporación democrática consistiu en ensaiar a desmontaxe ou deconstrución dalgunha das vellas institucións que funcionaran para as relacións entre o Concello e a sociedade civil como foran as alcaldías de barrio. A figura da Alcaldía de barrio, xa dende o primeiro ideario político nacionalista da primeira década do século vinte, estaba connotada de clientelismo e entroncaba coa longa tradición política española e galega do caciquismo.

Esta institución de interlocución ou mediación foi posta a proba en outubro de 1979 cando o novo goberno local pretende convocar en Moaña eleccións para alcaldes de barrio e a cuestión suscita un amplo debate no Pleno no que se argumenta sobre a idoneidade ou non desta institución, sobre a posible desconfianza dos veciños cara á figura do alcalde de barrio por causa da súa connotación franquista, sobre a funcionalidade ou obsolescencia do seu rol, a súa representatividade política e social, etc., cando xa está estendido, en boa parte da xeografía parroquial do concello, como posible alternativa, un movemento asociativo democrático ao que se lle presupón unha dobre lexitimidade: por unha banda o feito de ter participado na loita antifranquista como organizacións de denuncia, organización, encadramento e mobilización social e tamén porque en democracia seguen a ser, dende primeira hora, un instrumento ao servizo da veciñanza para as melloras en infraestruturas e servizos públicos a executar en cada barrio.

Para poñer fin ao debate, Alcaldía ofrece a designación dunha comisión para velar pola pureza das eleccións dos novas alcaldías de barrio e recibe reparos por utilizar a criticada Lei de Réxime Local e, ao mesmo tempo, promover ao seu abeiro unha campaña electoral do BN-PG, partido que defende a función dos novos alcaldes de barrio como portavoces dos veciños ante Alcaldía, alegando que existe demanda social desta función, argumento que rebaten os representantes de UG retrucando que o programa electoral do BN-PG propugnaba a desaparición desta institución, da que tampouco lles consta que os veciños demanden tal figura e por iso se opoñen á celebración das eleccións ata que non se reestruturen os barrios.

Alcaldía entende que coa elección democrática desaparecerá a figura do "alcalde de barrio dixital" e Luís Gayo (UG), pregunta sobre que función

terán, daquela, as asociacións de veciños en relación co Concello, suxerindo como alternativa a creación de Xuntas Parroquiais con alcaldes de barrio e asociacións de veciños. Continuando o debate, Alcaldía afirma que non se ten manifestado a prol de ser o alcalde de barrio o único portavoz da veciñanza e que ten dúbidas sobre "a representatividade dalgunhas asociacións de veciños e a instrumentalización política das mesmas", frase que condensa e sitúa dous dos principais cabalos de batalla entre as dúas liñas políticas nacionalistas que forman o grupo de goberno e tamén entre o grupo do BN-PG e a oposición municipal, como veremos no apartados da creación de infraestruturas, obras e servizos públicos durante estes mandatos municipais: dar ou non lexitimidade política e interlocución privilexiada como representantes sociais ás distintas asociacións creadas e/ou que están a crearse en Moaña.

A división do nacionalismo de esquerdas de Galicia en 1977 para dar lugar ao nacemento dos dous partidos que gobernaron Moaña en 1979, levou paralelamente á ruptura dos sindicatos nacionalistas e á creación de novas organizacións sindicais afíns a cadanseu partido, pasando o mesmo en Moaña co asociacionismo veciñal: a Asociación de Veciños de Moaña, tronco común do nacionalismo ata 1977, ficou no campo ideolóxico e o control político do BN-PG, nacendo a Asociación de Veciños Breogán para mellor acomodo e actividade de militantes e simpatizantes de UG.

> *Moita xente que participamos nas asociacións de veciños, nas APAS, recordo que moita xente que estaba na directiva deses movementos pasou a presentarse nas primeiras eleccións democráticas nas candidaturas municipais, por exemplo na do BN-PG e na de UG.*[455]

Esta dinámica de creación de novo asociacionismo veciñal a iniciativa dos partidos políticos, levou ás asociacións con tendencias ou simpatías políticas a reproduciren no seu interior a batalla política da Corporación Municipal nos distintos barrios ou parroquias, unha característica da política e da sociedade moañesa durante todo o período democrático, dando lugar a ciclos de vida orgánica activa das asociacións e a outras épocas de hibernación: a activación das asociacións afíns producíase cando o partido irmán formaba parte da oposición local pero se este grupo político pasaba a formar parte do goberno municipal a asociación entraba en letargo participativo e mínima actividade asociativa.

Nas asociacións pasou o mesmo que antes no Ateneo de

455 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

> *Moaña. Cando un partido se quere facer dono da directiva e controlar unha asociación cultural ou de veciños, pois hai outros veciños que non están de acordo, se están noutro partido derívase a outra asociación ou a outra sección distinta ou, simplemente, deixan de colaborar porque a asociación, ou é de todos ou non ten sentido que sexa partidista. Houbo moitos erros, creo que a A.VV. de Moaña foi un deles e outro o do Ateneo, que chegou a desaparecer.*[456]

Así aconteceu na primeira lexislatura democrática cando a Asociación de Veciños de Moaña, próxima ao BN-PG, esmorece e, sen embargo, a Asociación de Veciños Breogán, de orientación pro-UG, actívase na primeira fase desta etapa –aínda que UG estea cogobernando- e participa en varias iniciativas para promover melloras nas infraestruturas dos barrios. Este foi tamén o percorrido de entidades como a Asociación de Veciños de Tirán, da man de UG, ou a Asociación de Veciños Montefaro, liderada por Serxio Regueira Gómez, membro de UCD na primeira Corporación e concelleiro independente na segunda, entidades ambas que se mostran dinámicas dende primeira hora, actuando en moitos casos como a tradicional e debatida figura da Alcaldía de barrio: recollendo iniciativas veciñais –en sentido ascendente, de "abaixo a "arriba"- e trasladándoas ao Concello ou promovendo directamente –sentido descendente ou de "arriba a abaixo"[457]- melloras nos barrios e parroquias, obras que despois serán apoiadas e cofinanciadas polo Goberno Municipal.

As distintas posturas no debate sobre a posta en marcha ou reconversión da institución da Alcaldía de barrio reflicten o cambio que se pretende entre a política tradicional de intermediación institucional coa veciñanza a través desta figura política histórica dos barrios ou parroquias e a nova política que desexan promover e implantar os membros do grupo de goberno a través dun concepto democrático de concellos abertos á participación social e ás asociacións veciñais para xestión ou dinamización de obras públicas como a necesaria mellora dos camiños públicos con novas infraestruturas, continuación e/ou creación de colexios públicos, unidades de preescolar, redes de alumeados, sumidoiros, asfaltados, etc.

456 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

457 VILLARES, R.,(2004), p. 289. Desmitificando tópicos, condensa as dúas interpretacións históricas do caciquismo da Restauración en "descendente" –procede da burocracia central e esténdese a toda a sociedade, pensamento de Vicente Risco- e "ascendente" –o Goberno é o representante dos caciques, en interpretación de Castelao-, ambas cualificacións semellan acaídas para o fenómeno da incentivación "descendente" do asociacionismo dende o poder municipal ou da iniciativa "ascendente" promovida polo asociacionismo fortemente politizado desta primeira hora democrática.

> *Era unha relación moi boa. Recordo que na primeira lexislatura moitas AA.VV. colaboraron co Concello, incluso negociaban co Concello e cos propios veciños, como facer obras (...). O Concello poñía unha parte do diñeiro, porque non tiña moito, os veciños poñían outra parte e se fixeron moitísimas obras de alumeado público e de saneamento en moitísimos lugares de Moaña (...) E grazas a moitas AA.VV. nas que antes estiveramos nós nas directivas participando.*[458]

Tamén se pretende implicar ao novo asociacionismo democrático na transparencia e socialización da xestión e administración política, facilitando o acceso veciñal a plenos e comisións permanentes, aínda abeirando a Lei de Réxime Local que o prohibe neste segundo caso, como así informa o Secretario Municipal, pero o novo goberno intenta promover durante un tempo a participación cidadá tamén en comisións permanentes ou veciñais porque a figura do Secretario Municipal, importante muro de carga da estrutura administrativa anterior, é outra das institucións que está a ser modificada nas súas competencias, sobre todo baleirando a súa xerarquía e antiga responsabilidade sobre o cadro de persoal municipal, cuestión que o Concello de Moaña, como a maioría dos novos concellos da democracia, aproveitará para modificar e incrementar a relación de postos de traballo municipais.

A combinación de creación/dinamización do asociacionismo local máis control e expansión do cadro de persoal municipal e a capacidade de emprego do Concello nunha época de crise económica como foi a das dúas primeiras corporacións, resultou un indicador da potencia, a capacidade e o activismo político da militancia -primeiro do BN-PG e despois do BNG- á hora de facer valer a súa maior experiencia e coñecemento da cultura partidaria, asociativa e sindical, tres áreas dominadas pola iniciativa nacionalista que lle renderon froitos para socializar políticamente a sociedade moañesa configurando un peso electoral importante, cando non decisivo, na maior parte das corporacións democráticas moañesas do século vinte e tamén no vinte e un.

Dos partidos que chegaron á democracia con menos experiencia no campo político e asociativo, uns procuraron facer da política de participación un tema a extinguir, como podemos ver na na moción presentada por Francisco Suárez Núñez, portavoz local do PSOE, que pide en 1981 a suspensión dos acordos da Comisión Municipal Permanente sobre axudas económicas para xuntas veciñais destinadas á reparación de diversos lavadoiros por falta de representatividade deste tipo de asociacións: hai que lembrar que o PSOE non chega ao goberno español ata 1982 e, con posterioridade a esta data, tende a practicar a mesma política de apoio ao asociacionismo que estaba a desenvolver naquela altura en Moaña a UCD –partido na oposición en Moa-

458 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

ña, pero gobernante da Deputación Provincial de Pontevedra- que actúa nos barrios moañeses a través da política de infraestruturas, obras e servizos da Deputación.

Neste caso, o Goberno Municipal acorda en Pleno de 1981 "protestar enérxicamente", co voto negativo da UCD, contra esta política da Deputación Provincial realizar obras sen licenza nos distintos camiños de Moaña por orde dos concelleiros de UCD de Moaña ou persoas achegadas a ese partido. Tanto a UCD como o PSOE chegan ao poder con pouca presenza anterior nos movementos asociativos que comezaran no tardofranquismo, un campo que en Moaña activou e cultivou especialmente o nacionalismo galego.

O Concello volve solicitar da Deputación, no mesmo 1981, que "non tramite ningunha petición de xuntas veciñais para subvencións de obras do Plan Provincial de Acción Comunitaria que non vaian acompañadas de acordo municipal segundo orde de prioridades" e volve, por terceira vez no mesmo ano, a levar e a acordar aprobar en sesión plenaria unha moción de alcaldes e delegados dos concellos de Bueu, Caldas, Cambados, Cangas de Morrazo, O Grove, Marín, Moaña, As Neves, Redondela, Soutomaior, Tomiño, Vigo, Vilaboa e Vilanova de Arousa contra a política e funcionamento da Deputación Provincial, gobernada pola UCD.

Establécese así, dende primeira hora, unha múltiple competencia política na procura de cada partido na creación, tutela, fidelización, captación de militancia ou de voto e favoritismo en canto ás obras públicas parroquiais ou barriais. Unha "xeometría variable" de apoio ou oposición á actividade asociativa veciñal segundo a posición dos partidos respecto aos gobernos locais.

Na primeira Corporación, os dous partidos de goberno moañés compiten no apoio ás súas respectivas asociacións de veciños "filiais" e coinciden ambos na loita pola "non inxerencia" da Deputación Provincial na política de obras e servizos a través de asociacións ou xuntas veciñais, mentres que o PSOE combate en aquel momento contra todo tipo de axudas institucionais para obras públicas a través das asociacións.

A UCD, porén, batalla contra o apoio do grupo de goberno local a determinadas asociacións pero promociona ou defende a axuda da Deputación a este tipo de actividades e asociacións, como se pode acreditar na documentación municipal de 1979 cando o voceiro de UCD (ao tempo presidente da Asociación de veciños Monte Faro, da parroquia de Domaio) afirma que os membros do BN-PG boicotean as iniciativas desta Asociación de Veciños, paralizando os seus escritos ante o Concello e, sen embargo, promoven e dan saída ás iniciativas da APA da mesma parroquia, motivo polo que acusa ao partido no Goberno Local de "caciquismo, favoritismo e revanchismo".[459]

459 PM06121979. AMCM

Na creación dunha nova simboloxía máis acorde co ideario do nacionalismo gobernante, na procura do cambio social a través da participación veciñal e a promoción do asociacionismo e na dinamización da sociedade dende dentro da propia sociedade prodúcese un novo paradoxo e tamén un sinal de como as novas políticas democráticas recollen, transvasan e/ou reconverten actividades tamén difundidas e apoiadas polo réxime anterior, tal é o caso do folclore tradicional de difusión popular ou de masas –banda de música, coral, grupos de gaita e baile galego- e dos deportes de maior participación popular como o fútbol e o remo de traíñas.

A música tradicional[460] vai ser un sector cultural beneficiado polo apoio municipal, tanto en persoal municipal como en subvencións públicas. O novo goberno moañés apoia á música e a canción tradicional de gaita e baile[461] como un sector cultural relacionado coa creación de identidade galega, e tamén a banda de música e a coral, de tal forma que en 1981 crea un novo posto de traballo, o de profesor municipal de música, persoa que concentra, ao mesmo tempo, as funcións de director da Banda de Música de Moaña Airiños do Morrazo (fundada en 1880) e tamén da Masa Coral Moañesa (fundada en 1967, un ano despois do Ateneo de Moaña). A maiores, en 1985 contratará a un profesor municipal de gaita, que tamén exerce o cargo de director da banda de gaitas Semente Nova (fundada en 1983), a máis numerosa entre as do concello de Moaña.

A evolución deste sector cultural foi tamén representativa dunha nova transición ou remuda cultural entre o novo e o vello réxime: a maioría dos monitores ou das persoas que podían facer de formadores de cativos no dominio do instrumento da gaita, así como as monitoras que fixeran o mesmo coa disciplina do baile tradicional galego, procedían da promoción e reconversión que o franquismo fixo dos bailes e músicas tradicionais a través de institucións como a Sección Feminina[462], formalmente desaparecida co réxime franquista pero con parte dos seus mestres ou monitoras reacomodados para a

460 Dentro dun movemento asociativo moi amplo, formado por entidades culturais, teatrais, musicais, cine club, comparsas de Entroido, etc., a progresión do número de asociacións dedicadas ao folclore tradicional (Banda de música, Coral e, sobre todo, grupos de gaita e baile galego) pasaron a ser grupos sociais e culturais de referencia para o novo goberno municipal. Tratábase dos grupos e asociacións culturais máis numerosas en canto a membros, cun número de participantes entre 25-75 persoas que contribuíron a difundir este tipo de actividades folclóricas durante o resto do século vinte.

461 A creación dun imaxinario musical tradicional canónico e de "autenticidade" e o seu desenvolvemento dende o século dezanove e comezos do vinte a partir dunha interpretación de Murguía do "alalá ou a muiñeira" como "célticas, de antigüidade memorial e específica de Galicia", terá continuación en Brañas cando afirma que "os celtas, despois de comer e cando se reunían en días sinalados ao son da gaita, instrumento por eles inventado [e] danzaban homes e mulleres en roda", pasando posteriormente ao galeguismo e ao nacionalismo. V. COSTA VÁZQUEZ, L. (2001), pp. 268-270.

462 En Moaña existía a Sección Femenina de Coros y Danzas Regionales, o grupo "Brisas del Mar", de Manuel Barreiro Núñez (sr. Budiño), señor Lucha, López, Jaime de Soledá, Lolo o Grolo, Suso de Soledá, etc. O grupo de baile de Lola A do Quisque estaba formada por Nieves a Pisca, María Jesús Cruz, Lolita, Carmiña a Pisca, etc, segundo escribe CHAPELA BERMÚDEZ, L. (2012), pp. 518-9.

súa actividade musical, a carón dos novos colexios públicos de EXB.

Promovidos por estes centros de ensino, dentro das "actividades extraescolares" que permitía a LGE, o baile e gaita galega foron actividades apoiadas e complementadas dende o asociacionismo veciñal, cultural e educativo (sobre todo a través das asociacións de pais de alumnos), creando grupos folclóricos novos, apoiados e animados polas forzas que promoveron o cambio político dende o franquismo e as que naceron xa en democracia: unha actividade que comezou sendo paraeducativa foi o xermolo dunha importante socialización na nova identidade e actividade ocupacional, musical e de lecer nas distintas parroquias de Moaña, Meira e Domaio.

O deporte con máis seguimento popular era o fútbol pero como vimos nos últimos anos do postfranquismo, 1975-1979, a construción do Campo de Fútbol Municipal da Xunqueira e a súa cesión de uso ao C.D. Moaña polarizou neste equipo de fútbol unha importante controversia en forma de loita ideolóxica e política: o nacionalismo opúxose, dende a súa realización no postfranquismo, á situación do terreo de xogo de fútbol na zona da praia da Xunqueira e tamén á cesión das súas instalacións ao C.D. Moaña, de tal forma que o novo goberno local tivo coa directiva do C.D. Moaña -apoiada sobre todo polos grupos da oposición municipal- un dos seus primeiros conflitos abertos.

> *Tivemos grandes enfrontamentos con algúns sectores moañeses moi de dereitas, que coincidían tamén coas directivas do C.D. Moaña, que consideraban que iso era seu, de feito chamábase campo municipal do C.D. Moaña. Cando entramos na Corporación houbo un debate cos directivos do C.D. Moaña e lle dixemos que iso non podía ser, que tiña que ser campo municipal da Xunqueira. Elaboramos un regulamento do campo municipal, eles reclamaron uns gastos porque a Corporación –dende o meu punto de vista, erroneamente- pagáballe ata o teléfono e o butano e algunhas cousas que non veñen a conto...*[463]

Outra gran creación do asociacionismo democrático local foi a reconversión deportiva que deu lugar ao renacemento do remo de traíñas como deporte popular e novo sinal de identidade local e parroquial ao mesmo tempo: asociacionismo veciñal, grupos de folclore tradicional e clubs de traíñas catalizaron os sentimentos populares identitarios de recreación e/ou revitalización do imaxinario político parroquial, apoiado e animado por partidos e corporacións locais.

463 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

O remo de traíñas como competición foi a evolución e continuación deportiva das traíñas, embarcacións de remo e vela introducidas en Galicia no remate do século dezanove, procedentes do Cantábrico. As traíñas representaron "unha transformación tecnolóxica, rexeitada polos practicantes da pesca tradicional, pero solicitada polos sectores conserveiros e exportadores da pesca en fresco, que constituían a punta de lanza no establecemento e comercialización capitalistas en Vigo e comarca"[464] e viñeron a significar durante un tempo un gran conflito laboral e social na ría de Vigo, nunha escenificación perfecta da loita de clases marxista segundo Carlos Casares[465], no alborear do século vinte, cando a ría de Vigo foi o escenario de grandes folgas e mobilizacións mariñeiras contra a introdución desta nova embarcación que aportaba moita máis capacidade de pesca que as pequenas embarcacións que traballaban coas artes tradicionais de pesca do "xeito" e outras de porte modesto en aparellos e capturas.

A introdución da traíña, acaída para un maior subministro de peixe por embarcación, sardiña sobre todo, ás fábricas de salga ou conserveiras da ría de Vigo, viña a significar a chegada dun sistema de explotación do mar descoñecido en canto á súa escala posto que a maioría dos mariñeiros de Moaña traballaban en pequenos botes ou chalanas e percibiron a chegada da nova embarcación como unha competencia directa que viña a significar case unha escenificación, esquematizando, dunha explotación latifundista da pesca contra outra popular minifundista.

O conflito foi de tal magnitude que dividiu á sociedade de ambas marxes da ría, así como a política, a prensa e a comunidade científica en dous bandos: para os gremios mariñeiros do xeito -as pequenas embarcacións tradicionais- a traíña viña a ser un aparello invasor e predador, unha arte de pesca intensiva que arrasaba co peixe ao que deixaría mazado e sangrante, ao contrario da pesca tradicional que entendían máis respectuosa, hoxe falaríamos de máis ecolóxica.

A política estaba do bando da patronal da salga e a conserva, defendendo esta arte como froito do inevitable progreso tecnolóxico. A prensa, aínda apoiando á patronal pesqueira e conserveira, estaba dividida entre as dúas posturas como tamén a comunidade científica, daquela chamados "naturalistas", divididos en dous grandes bandos, que debatían sobre o gran dilema pesqueiro: a sardiña era peixe nómade ou sedentario?

464 SANTOS CASTROVIEJO, (2005), pp. 41-153, aporta un completo e ilustrado ensaio sobre a introducción das embarcacións, o conflito pesqueiro, político, científico e mediático, así como a súa influencia en concellos como Moaña, Cangas, Bouzas, Redondela ou Baiona. Tamén FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1998), pp.190-206, ofrece información sobre o conflito das traíñas a comezos do século vinte.

465 "A concepción marxista da loita de clases desenrolouse literariamente nunha das partes máis fermosas da novela: a descrición da guerra da traíña", opina Carlos Casares en La Voz de Galicia, 10/10/1976, sobre a novela *Antón e os iñocentes,* de X.L. Méndez Ferrín, ed. Xistral, 1976.

Despois de prohibicións e posteriores regulacións legais sobre o seu uso en determinados caladoiros da ría de Vigo, as traíñas perviviron dándolle un gran pulo á economía pesqueira local, sendo Moaña un dos peiraos máis importantes e tamén dos máis conflitivos de Galicia. Esta embarcación foi gradualmente substituída polos máis modernos e eficaces barcos de motor, aínda maiores en capacidade de pesca e aparellos, cos que chegou ata a década de 1970 cando son vendidos ou transformados.

As traíñas eran tamén unha competición deportiva querida aos ollos do ditador Francisco Franco, que presenciaba este deporte durante as súas estadías de verán en lugares como A Coruña ou San Sebastián. Quizais por intento de agradar ao Xefe do Estado, este deporte foi apoiado e fomentado politicamente en determiñadas poboacións costeiras durante a ditadura franquista como se pode ver na documentación municipal[466] para o caso de Moaña.

Tratándose dun concello de hexemonía laboral mariñeira durante case tres cuartas partes do século vinte, Moaña foi o berce do renacemento deste deporte en Galicia na época democrática, deporte que viña a reforzar o xogo de identidades e contra identidades locais porque, despois dunha historia deportiva intermitente que rexistrara algunhas regatas senlleiras dende comezos do século vinte e tamén na II República, o réxime franquista institucionaliza este deporte convocando anualmente a regata "Copa do Xeneralísimo"[467] cada verán, dende 1940, o que viña a representar a elevación do nivel de competición do remo de traíñas -practicado unicamente nas costas cántabra e galega- á excelencia como categoría con rango de campionato de España.

Na década dos 60, as tripulacións da parroquia de Meira e da parroquia de Tirán, acadaran o primeiro posto nesta competición: con esta bagaxe

466 Oficio do Delegado Provincial de Falanxe do Mar recomendando a adquisición por conta do Concello dun ou máis bateis para dotar deles aos equipos de tripulantes que se están constituíndo coa finalidade de fomentar os deportes do mar "polos que sinte especial interese o noso invicto Caudillo" (PM05111952); Decisión de subvencionar con 500 ptas á Secretaría Provincial da Obra de Educación e Descanso para contribuír a gastos de desprazamento a Coruña das tripulacións que van formar parte da competición deportiva da Copa do Xeneralísimo, en traiñeiras (CMP08091960); Subvencionar con 500 ptas. á Comisión organizadora do agasallo para a homenaxe aos mariñeiros que gañaron a Copa do Xeneralísimo nas regatas de traiñeiras d'A Coruña (CMP15091960); Felicitar e render agasallo aos tripulantes da traiñeira "Virgen de la Peregrina" de Meira, vencedora na competición d'A Coruña o día 08091963, librando a cantidade necesaria (CMP11091963); Pagamento a "Sport" de Vigo, 315 ptas., por trofeo para unha regata de traiñeiras (CMP6051970); Pagamento de aperitivo para remeiros da traiñeira "Virgen del Carmen", 2.211 ptas. (CMP25081971); Pagamento a Bar Eladio, do Latón, por "gastos de bocadillos e viño subministrados durante os adestramentos da traiñeira "Virgen del Carmen", que representou a Moaña nas regatas en honor á súa Excelencia o Xefe do Estado n'A Coruña (CMP29081973); Pagamento a "Bar Pidre-Rivera", por bocadillos aos remeiros que representarán a Moaña nas regatas na honra da SE o Xefe do Estado, n'A Coruña, agosto 1974, 6.424 ptas., motivado a un adestramento (CMP14081974).

467 VILLAVERDE ROMÁN, X.C., "As diferentes etapas do remo en Moaña", en www.samertolameu.gal

histórica, os novos clubs de remo de banco fixo que nacen en Moaña a comezos da democracia fan a súa aparición como representantes das mesmas parroquias –club Samertolameu na parroquia de Meira, en 1979, e club San Xoán de Tirán, en 1982- que contaban con tradición nas competicións de remo durante o franquismo.

Non foi, pois, froito dun azar o feito de ser o Concello de Moaña quen cree e patrocine dende 1983 unha regata de traíñas e un premio –a Bandeira de Moaña de traíñas-, a imitación da Xunta de Galicia, que creara en 1982 a Bandeira de Galicia de traíñas, campionatos ambos consolidados, con longa tradición, que se veñen desenvolvendo ininterrompidamente dende aquelas datas.

Os irónicos paradoxos da historia fixeron que o remo de traíñas -na súa orixe laboral un canónico exemplo marxista de loita de clases e explotación capitalista sobre os mariñeiros- fose apoiado dende primeira hora do franquismo por ser deporte de "especial interese" do "invicto Caudillo" e potenciado a comezos da democracia local como un estandarte da identidade do deporte popular "de base" e imaxinario colectivo querido polo nacionalismo galego. Era, unha vez máis, a creación ou reconversión das tradicións.

Folclore tradicional, remo de traíñas e fútbol, cun número importantísimo de practicantes e unha destacada cantidade de asociacións organizadoras, fixeron da Moaña democrática un lugar cunha das ratio máis altas de Galicia entre habitantes e asociacións. Ambos factores foron parte do froito cultural-deportivo e da evolución da taxa de nacementos constantes rexistrada entre 1960-1975, as máis cumpridas fornadas demográficas do século vinte -as chamadas "xeracións cheas", por contraposición ás as moito máis minguantes "xeracións baleiras" que lle seguiron, tanto máis canto máis remataba o século- que formaron a materia prima infantil e xuvenil para unha actividade educativa, cultural, veciñal, musical e deportiva como non se coñecera na historia local.

O seguinte cadro ilustra a evolución do novo asociacionismo e a diversidade sociocultural en Moaña dende a etapa democrática local:

CADRO Nº 57: EVOLUCIÓN DO ASOCIACIONISMO EN MOAÑA

ASOCIACIÓNS	1979	1990	2000
VECIÑAIS	2	7	16
CULTURA	2	5	8
FOLCLORE TRADICIONAL	4	13	18
MEDIO AMBIENTE	2	3	2
MAIORES	-	2	3
MULLER	-	2	3
ENTROIDO	9	22	10
DEPORTE	?	10	16
TEATRO	1	3	6

Fonte: 1979-2005, vinte e cinco anos ó servizo de Moaña, A.C. Nós, 2005, p.8

Como se pode ver, a demografía e as distintas cohortes ou xeracións que chegan á democracia teñen o seu retrato no asociacionismo do último cuarto do século vinte, onde destaca sobre todo a achega dos grupos organizados ao redor do folclore tradicional que acadan á máxima representación numérica na fin do século, cando comezarán un declive que será tanto máis acusado canto máis avance o século vinte e un.

A evolución da participación veciñal articulada a través do asociacionismo ten unha dobre característica: por unha banda vai minguando en canto ao número de compoñentes e ao nivel de activismo das asociacións e, pola outra, medra numericamente posto que os distintos partidos, singularmente o PP, tamén imitan serodiamente ao nacionalismo coa creación de asociacionismo a través do seu grupo de militantes ou simpatizantes. O asociacionismo, que nacera en Moaña como iniciativa dos grupos antifranquistas e nacionalistas dende a década dos 60, vai rexistrando, canto máis avance o século, maior número de asociacións veciñais de carácter conservador: a explicación está no feito de ser gobernada Moaña polo nacionalismo entre 1979-87, polo PSOE entre 1987-1995 e por unha coalición PSOE-BNG entre 1995-1999, relegando ás representacións centristas, de AP ou do PP, á oposición ata 1999 en que acadan a maioría absoluta.

A facilidade de crear e dirixir politicamente asociacións, posto que os liderados asociativos[468] corresponden a unha persoa que ostenta a Presidencia

468 Segundo BOUZADA FERNÁNDEZ (1988), pp. 142-143, a partir da explosión do número de asociacións veciñais, folclóricas, etc., desde primeira hora da democracia comézase a reflexionar por parte dos planificadores socioculturais da comunidade moañesa sobre temas como que "as funcións que os grupos ou asociación culturais cumpren na comunidade son diversas e con frecuencia, e nalgúns dos

e un núcleo activo de non máis de tres persoas, vai facendo que os partidos centristas ou conservadores non reparen en utilizar esta vía para competir en barrios e parroquias cos partidos de esquerdas e facer máis doado o seu labor de oposición política convertendo o feito asociativo en instrumental e as asociacións veciñais en grupos de presión.

O deporte tamén é un gran aglutinador de actividade e asociacións que non paran de medrar na mesma tendencia do folclore tradicional e que segue a constituír a actividade social máis importante e sostida en canto a organizacións e participantes. Tamén se pode ver no cadro o resultado da volta e/ou o remate da vida activa laboral, destacando entre outros, do gremio dos mariñeiros[469] no medre do número de asociacións de xubilados e, en parte, das organizacións de folclore tradicional porque se incrementarán, canto máis avance o século vinte e un as corais polifónicas, con presenza substancial de persoas maiores.

Sen relativizar o alto número de comparsas do Entroido, outra actividade estacional de lecer apoiada e fomentada polo Concello de Moaña con carácter identitario e reivindicativo por ter ser sido un fenómeno social prohibido, marxinado ou minimanente tolerado durante a etapa franquista (sempre que non incluíran ningún tipo de crítica política), tamén hai que comentar a importancia do asociacionismo feminino, inexistente no período do réxime anterior nin tampouco no comezo da democracia local senón que comeza a súa andaina na década dos 90 e continúa unha progresión continua en canto a afiliación, semellante ao asociacionismo de maiores.

A interrelación entre asociacionismo e política local foi intensa e constitúe outra das características da política municipal das dúas primeiras corporacións moañesas, tendencia rexistrada tamén en Galicia e en toda España durante estes anos[470]. Nesta primeira etapa democrática local, aínda que

seus efectos, contradictorios cos obxectivos 'declarados' dos seus promotores e animadores", hai un cambio na xestión das asociación: "os promotores ou animadores deste tipo de colectivos é prácticamente un grupiño reducido, ao que 'abandonan' o resto dos socios e no que delegan a toma de decisión e posta en marcha de iniciativas", fenómeno que pasa a configurar unha remuda nas elites sociais, en democracia "a través dun sistemático protagonismo dun sector social que se refllicte nunha forte tendencia á multiafiliación: son máis ou menos os mesmos que están en todas partes". Paradoxicamente, os primeiros pasos da democracia formalmente instituída non producen dinamización, participación ou rotación democrática nas asociación senón xerarquización e acaparamento dos liderados por parte de minorías organizadas e persistentes no tempo.

469 Dentro do sistema da Seguridade Social, o Réxime Especial dos Traballadores do Mar contempla coeficientes redutores nos anos de cotización, por tratarse de traballos duros ou afastados, permitindo a xubilación aos 55 anos.

470 Asociacionismo, participación social, capital social e cidadanía foron conceptos debatidos amplamente para o caso político español. As asociacións de veciños, nacidas ao abeiro da Lei de Asociacións de 1964, foron ao comezo tanto de tipo "popular" (creadas por residentes dos barrios) como "oficiais" (creadas polos gobernos municipais franquistas ou os seus simpatizantes) como apoio e lexitimación da política local. Dende finais da década dos 60 e comezos dos 70 as organizacións culturais, relixiosas e políticas de esquerdas, preocupadas polo tema social, dinamizaron o asociacionismo máis activo e

pareza contraditorio, asociacionismo e participación social[471], que semellan corresponder a iniciativas dunha sociedade independente do poder, fóronse mesturando, en maior ou menor medida, de tal forma que se pode falar de que esta andaina democrática fomentou o crecemento pero non tanto a au-

reivindicativo á hora de procurar solucións a carencias nos servizos municipais e problemas no desenvolvemento urbano (sanitarios, hixiénicos, educativos, iluminación, pavimentado, accesos, etc.). O asociacionismo do tardofranquismo foi unha primeira escola social de cidadanía e un lugar onde exercer a práctica democrática nunha sociedade silenciada e sen liberdades. Nas primeiras corporacións locais democráticas as asociacións veciñais máis dinámicas tiñan unha importante cultura política e organizativa froito da socialización política exercida no seu interior polos seus principais dirixentes, na súa maior parte cadros políticos de militancia partidaria, cristiana de base, sindical, etc. de orientación política progresista e comunista, activistas que na súa maior parte deixaron as asociacións e entregáronse á actuvidade partidaria legal que propiciou a entrada en democracia e sumiu ao asociacionismo nunha primeira crise de liderados. GAIL BIER, A. (1979), pp. 169-183.

AGUIAR, F. e NAVARRO, C. J., (2000), pp. 104-109, coa chegada das corporacións locais democráticas, estes autores analizan as experiencias de participación cidadá nos concellos de Córdoba, (gobernada polo PCE, 1979/1995) e Málaga (gobernada entre 1979-1983 por coalición PCE/PSOE e polo PSOE en solitario 1983-1987). A Alcaldía de Córdoba permitiu unha relación privilexiada entre o PCE e o movemento veciñal e sustentou neste o desenvolvemento de institucións de participación cidadá. En Málaga, antes de 1983, a afinidade entre as AA.VV. e o PCE foi similar ao caso de Córdoba e tamén a relación entre Alcaldía e AA.VV., pero a partir da chegada ao poder local do PSOE en 1983 este partido ten que resolver o dilema de desactivar a participación cidadá creada no primeiro mandato municipal ou buscarse novos aliados fronte ás AA.VV. porque estas "non son afíns á nova maioría e non cabe outorgarlles o apoio que se lle viña concedendo" e o PSOE dálle maior representatividade nos Plenos de Distrito ás APAS, por consideralas máis afíns políticamente. Era a constatación, como noutros casos que estamos a analizar en Galicia, da creación dun novo sistema clientelar, tamén en democracia, entre asociacións e corporacións locais.

A instrumentalización da participación pasou a desempeñar un papel importante nas primeiras corporacións democráticas como tamén acredita MERINO PAREJA, R., (2006), p. 210, cando escribe "parece que a participación é unha necesidade, máis que dos xoves, do sistema".

GANUZA, E. e FRANCÉS, F.J., (2008), p. 110, defenden que coa entrada do novo século e ante a constatación da baixa participación cidadá comezouse a falar tamén da hipótese da desafección política como parte da crise das actividades participativas vinculadas ás asociacións e ao uso das canles insitucionalizadas, dando entrada no debate da participación social a outros escenarios como os presupostos participativos, os xurados cidadáns, as enquisas deliberativas e outras formas de participación social e política non convencionais nin baseadas na "negociación e as subvencións" que caracterizaron a primeira época democrática do asociacionismo e a política local.

Semella que tampouco a "nova participación" que se experimenta no novo século escapa dos métodos de control políticos de comezos da democracia local, cando "a participación deriva en ocasións dunha sorte de fetichización baseada na forza evocadora do concepto de 'cidadanía", que estaría na "base da mitificación da democracia directa como forma diferenciada e un equilibrio inestable coas institucións da democracia representativa", como podemos ver en RUANO DE LA FUENTE, J. M., (2010), p. 107.

Os desafíos da democracia participativa son analizados a través de dúas cidades que puxeron en marcha os presupostos participativos, Córdoba e París, concluíndo que moitos dos representantes das asociacións "non podían sacrificar a idea de que elas eran a representación oficial da cidadanía, algo que pouco a pouco se evaporou da mente de aquela", sobre todo cando constatan a nova complexidade que propicia, entre outras cousas, que "moitos novos participantes non comparten, nin entenden, este rechazo das asociacións a un procedemento deliberativo que abre a política á participación de todos", na investigación de GANUZA, E., e NEZ, E., (2012), pp. 95-96.

471 En 1985, nunha enquisa sobre nivel de pertenza a entidades cívicas e culturais dos cabezas de familia de Moaña, afirman pertencer a algunha asociación o 52% destes. BOUZADA FERNÁNDEZ, (1988), p.155.

tonomía organizativa e asociativa da sociedade civil senón que poder local e asociacionismo[472] foron da man e retroalimentáronse: a política escolleu entre os cargos relevantes do asociacionismo para a renovación de candidaturas aos comicios locais e militancias políticas e o asociacionismo procurou boa relación co poder local para demandar subvencións –política que xa comezara a utilizar o Concello no tardofranquismo- , locais para reunións e ensaios, intermediación para xestións ante institucións provinciais, galegas ou españolas, inclusión de profesionais no cadro de persoal municipal ao servizo das asociacións de folclore tradicional e a xestión administrativa da política cultural local. Non debemos esquecer que a experiencia política dos principais líderes da primeira Corporación democrática, e tamén das dúas seguintes, foi adquirida, sobre todo, no seu labor no campo asociativo, un viveiro onde ensaiaran, compatibilizaran e consolidaran a súa lexitimidade social e o seu liderado político.

> *Ata o 77-78 eu só coñecía unha Asociación, que era a A.VV. de Moaña. Xa empezara a democracia, xa foran as primeiras eleccións. En Domaio non había A.VV. Daquela, intentaran facer un plano para urbanizar todo Domaio, toda a zona agrícola e entón un grupo de veciños convocaron unha asemblea. Foi no 77 e detrás da urbanización estaba Sebastián* [Juncal], *explicóuselle aos veciños o que se pretendía, e foi cando se constituíu a A.VV. de Domaio, que foi a segunda A.VV. de Moaña. En Domaio sempre se deu unha situación un pouco peculiar. Efectivamente, cando se constituíu a A.VV. de Domaio se intentaba que fose a prolongación dun partido político, 77-78. De feito, a partir daí logo viñeron as eleccións municipais e se fixeron unhas eleccións para a xente de Domaio que se podía presentar nas listas que quixera. Daquela, Abalo e máis Chapela viñeron a esa asemblea da A.VV. a dicir que, efectivamente, era necesario facer unha asociación, coa intención que sabemos. Tomouse a decisión de crear a A.VV., díxose que tiña que ser apartidaria, que na directiva podía estar calquera veciño fose da ideoloxía que fose, se escolleu á xente que estaría á fronte e co tempo se mirou que había xente de todos os partidos políticos.*
>
> *Despois foron creándose as AA.VV, paulatinamente, unhas detrás de outras, pedías os estatutos, copiábanse, cambiábanse, cambiábaslle o nome, e os estatutos empezáronse a repartir por*

472 A política se subvencións e de subministro de locais públicos para uso das asociacións foron claves en sectores como o da música tradicional, actividade emerxente nos sectores infantís e xuvenís do baby boom que mobilizan ás respectivas familias nas actuacións, un mercado cobizado electoralmente. Ademais as asociacións dirixidas á formación musical ofrecen unha gran utilidade cara á formación profesional dos xoves porque "na Banda á xente que destaca lévana para as orquestras" (BOUZADA, 1988, p. 144). Este foi o caso tamén dos grupos de gaita e de parte do alumnado da Escola Municipal de Música.

> *todas as asociacións. As asociacións funcionan en función da xente que estea á fronte. E que sexan correas de transmisión dos partidos políticos é mentres os veciños queiran.* [473]

Esta relación forte entre poder local e asociacionismo determinou tamén que ante determinados conflitos, cada partido político se aliñase co seu campo asociativo máis próximo: xa citamos o caso do C. D. Moaña de fútbol pero tamén se rexistran pequenas desafeccións entre o goberno municipal e o club de remo San Xoán de Tirán por desavinzas en canto ao club entender ter recibido pouco apoio para a creación do pavillón de deportes náuticos, na beiramar do barrio do Real, sendo moito máis colaborativo o goberno municipal co club de remo Samertolameu, de Meira, ao que apoiou dende primeira hora na construción do seu pavillón deportivo na illa de San Bartolomeu.

A realidade social moañesa, cada vez máis usuaria e demandante dun centro urbano real e simbólico como o que se está a consolidar definitivamente na década de 1970 coa centralización en Moaña e o uso cada vez máis intensivo de Vigo a partir de 1981 coa apertura da Ponte de Rande, a política de concentracións escolares, as grandes actividades culturais de masas (Entroido, Festival Intercéltico, festas de Nª Sª do Carme, etc.), a nuclearización do comercio e a banca, entre outros factores, fan que a tradicional percepción espacial-territorial vaia debalando dende a aldea/parroquia a unha identidade cada vez máis central:

> *está a resultar tamén hoxe constatable que nas áreas costeiras do concello máis próximas ao centro, e debido a un acelerado proceso de urbanización levado a cabo nos últimos anos, o concepto da parroquia pasou a perder incidencia diante do pulo acadado polos novos núcleos residenciais*[474]

As tradicionais vellas rivalidades parroquiais foron así transformadas en pequenas divisións políticas. O control do asociacionismo é a continuación contemporánea dun sistema tradicional de control social e canalización das iniciativas aldeás, parroquiais ou cidadás de acordo cos intereses do poder local en reforzar e ampliar as súas estruturas partidarias, unha forma de moldear o rol e o contido institucional do aparato administrativo local para adaptalo a formas de clientelización de finais do século vinte que veñen substituír, no novo sistema democrático local, a formas tradicionais de control social e político como o caciquismo e/ou clientelismo do século dezanove por un

473 Serxio Regueira Gómez (concelleiro de UCD en 1979). Entrevista, 19102016. Arquivo propio.
474 BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), p. 57.

relato máis acorde cun novo tempo político que pretende renovar o contido de conceptos como o valor cívico e participativo que se lle presupón a un país que o seu artigo 1 da Constitución define como Estado social e democrático de dereito.

A democracia removera tamén as vellas pantasmas do enfoque da cultura durante o franquismo, unha combinación de "alta cultura" para elites e unha cultura popular baseada nun folclore musical basicamente andaluz, castizo e cheo de tópicos que pasou a ser considerado oficialmente como representativo dunha identidade española "con vontade de destino universal", unha diversidade de modelos de folclore étnico-rexional, unha música pop en español a imitación do modelo que revolucionara as discotecas e os grandes concertos ao aire libre dos anos 60 en Europa e USA e un deporte entendido como extensión popular da cultura física, a hixiene e a saúde.

Para tentar arrombar estes e outros clixés do pasado e crear novos referentes, a palabra cultura en democracia terá tamén unha connotación de fronteira e/ou marca de distinción entre réximes políticos, sobre todo a partir de 1982, coa chegada do PSOE ao goberno de España[475], cando os gobernos das principais cidades e vilas comezan a recibir fondos económicos, transferencias para dotarse de infraestruturas e equipamentos culturais como casas de cultura, centros socioculturais, auditorios, cumpridas salas de exposicións para actividade plástica, apertura de redes de bibliotecas públicas, campañas de apoio ou animación á lectura, organización de grandes concertos de música pop, apoio á creación e difusión literaria, musical, cinematográfica, artes escénicas, etc.

As principais pegadas desta nova liña de apoio e potenciación da cultura, nos primeiros gobernos democráticos do Concello de Moaña que estamos a analizar foron históricas, en canto a creación de infraestruturas, coa transformación de dous antigos centros escolares en desuso, os de Quintela-Moaña, renovado para as novas funcións e rebautizado como Centro Sociocultural Daniel Castelao, e Domaio (centro sociocultural Rosalía de Castro), ambos en 1986, que redundaron na potenciación do asociacionismo nas súas expresións escénicas e a posibilidade de contar por primeira vez na historia cun auditorio municipal en Moaña e, algo máis tarde, a primeira biblioteca pública da historia local.

Entre os principais mitos para a construción de Galicia como suxei-

475 A entrada da democracia produciu xa dende primeira hora fenómenos como o "desencanto" por ter depositado no cambio político e institucional grandes expectativas socioculturais que comezan a defraudar a unha parte da sociedade. En 1985, algúns líderes asociativos de Moaña falaban do descenso de participación –tanto no nivel directivo como na asistencia social ás actividades- e falaban de "fuxir de todo aquilo que soe a manipulación ou a *'comedura de coco'* porque hoxe a xente está de volta de moitas cousas e non se pode andar ofrecendo os mesmos actos que hai anos". BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), p.169.

to político e tamén como "comunidade imaxinada", o celtismo[476] do século XIX como remota comunidade de procedencia dos galegos, gozaba de predicamento cultural, literario e musical na nova democracia. No ronsel que marcaron festivais internacionais de referencia folk como Lorient (Francia, 1971), emulado en Galicia polo Festival do Mundo Celta que se celebraba en Ortigueira dende 1978, a Asociación Cultural e Folclórica Semente Nova organiza en Moaña o Festival Nocturno Celta do Morrazo en 1985, que pasará a denominarse Festival Intercéltico do Morrazo a partir da segunda edición e a ser organizado polo Concello de Moaña dende 1988, despois da chegada do terceiro goberno municipal en 1987, correspondéndolle a Cándido Pena Viéitez (Moaña, 1952, hostaleiro, presidente da A.C. F. Semente Nova) a Alcaldía de Moaña en representación do PSOE, tomando o relevo ao BNG no poder local.

Unha vez máis, o asociacionismo era a institución de procedencia e lexitimidade social da persoa que pilotaría a Casa Consistorial en tempos nos que cultura na España e na Galicia post 1982 pasou a ser sinónimo de florecemento creativo en todos os campos clásicos da cultura, cos engadidos da moda, o "estilismo" de certa perruquería, a refundación das artes plásticas, a gastronomía, a arquitectura, o deseño, o audiovisual e singularmente o cinema, as artes escénicas e outras materias que , no inicio do chamado post industrialismo ou postmodernidade, na fin da década dos 80 e durante toda a dos 90, crearon un movemento -con intensa promoción e financiamento institucional- denominado mediáticamente "a movida" que incluíu unha forte conexión cultural-institucional entre Galicia e España, sobre todo entre as cidades e os representantes culturais de Vigo e Madrid, gobernadas ambas polo PSOE.

En Moaña, a traxectoria seguida polo Festival Intercéltico significou, por unha banda, a evolución dun asociacionismo que comezou sendo a aposta da APA do Colexio Público de Abelendo pola formación "extraescolar" dos fillos dos seus membros nas materias de gaita e baile tradicional para continuar coa creación da maior asociación folclórica da Moaña da época[477], e encetar a aposta do PSOE local pola difusión dun dos mitos do galeguismo histórico -a chamada cultura celta- e unha actividade de dimensión internacional (europea e mundial) nunca antes vista en Moaña, a través dunha mostra musical de escala organizativa e orzamentaria[478] que superaban a calquera evento cultural

476 A orixe e o desenvolvemento da consideración da raza celta como aborixe de Galicia, o panceltismo ou a celtomanía como temas difundidos na academia, a cultura, a política e a sociedade galegas, están recollidos en VILLARES, R. (2017), pp. 141-176. Tamén MÁIZ, R. (1984), pp.137-180.

477 A banda de gaitas da A.C.F. Semente Nova chegou a contar con máis de 60 membros, sendo viveiro de gaiteiros solistas relevantes no panorama da música folk evolucionada na Galicia democrática como Xosé Manuel Budiño, Anxo Lorenzo ou Iván Costa, entre outros.

478 O celtismo pervive en certos ambientes aínda en 2017. O Festival Intercéltico trouxo a actuar a Moaña, en 1991, a unha das referencias mundiais da chamada "música celta", o arpista e compositor bretón Alan Stivell. A súa impresión sobre as súas actuacións en Galicia resume aquela época: "descu-

organizado pola administración pública local ata aquel momento.

A cultura municipal e a cultura asociativa mestúranse a partir de 1979, en actividades de inspiración literaria e contido folclórico musical (coral, banda, grupos de gaita e baile, etc.) que se incorporarían de forma institucional no calendario de actividades culturais oficiais na democracia, como o Entroido, distintos festivais folclóricos en cadansúa parroquia, a conmemoración do Día das Letras Galegas,(que viña celebrándose dende os primeiros anos do postfranquismo por parte do Ateneo de Moaña), actividade herdada despois por varias asociacións culturais e folclóricas, que pasa a ser organizada e coordinada institucionalmente polo Concello dende 1979.

Situacións semellantes, con pequenos cambios e aportacións locais para comunidades distintas en canto a demografía, economía e cambio simbólico -iconografía relixiosa, símbolos do Estado, oficialidade e normalización do idioma galego, exhibición da bandeira galega, declaracións similares en temas de competencias de institucións autonómicas, estatais, etc., manifestos contra políticas agrícolas ou industriais españolas e/ou europeas, etc.- así como as relativas ao proceso de creación da participación social, o asociacionismo, etc. rexistráronse tamén durante os gobernos nacionalistas nos concellos de Fene ou Allariz.

A estratexia do goberno municipal de crear, apoiar e/ou potenciar determinado asociacionismo[479] débese entender –máis alá da súa funcionalidade, cultura socializadora, organizativa, democrática, cos seus fins de mellora da veciñanza, a cultura, a música ou o remo- tamén como a extensión, dende a Casa Consistorial, dun poder brando[480] que intenta fidelizar o asociacionismo, sobre todo o veciñal, o educativo, o cultural, o folclórico e máis tarde as comunidades de montes[481], con vocación clientelar para crear unha nova

brín unha relación coa festa moi particular, á que non estaba acostumado. Tiven que adaptarme, porque cando estaba preto de quedarme durmido, tiña que comezar o concerto (…) foi unha das cousas que me sorprendeu moito: o tarde que se producían as actuacións. E despois, tanta xente en espazos gratuítos. Aquí, na Bretaña, era todo ben distinto. Así que descubrín un xeito diferente de vivir a noite. Despois estaba tamén o entusiasmo da xente, na que notaba algo explosivo e recente. Sempre que fun a Galicia notei esa sensación da xente que ten un entusiasmo incrible, sempre a bailar diante do escenario. Iso dáche optimismo, enerxía". Alan Stivell, "o druida existe", entrevista de Suso Iglesias, revista Luzes nº 50, novembro 2017.

479 Aínda en 1918, o nacionalismo gobernante en Moaña trata de revitalizar o imaxinario participativo e asociacionista: "o concelleiro da área [de Mocidade] explica que debido á falta de asociacións xuvenís na vila –aínda que traballan por facilitar a formación dalgunhas- a elección dos integrantes de dito consello [da Mocidade, que o Concello pretende crear] farase a través dunha Asemblea Aberta", Faro de Vigo, edición O Morrazo, 25012018, p.7.

480 Un poder ou un país, para acadar os seus obxectivos, dispón de formas ou accións normativas ou "duras" como as leis ou o exército pero tamén pode exercer formas de "poder brando" como a capacidade de acadar fins políticos, influencia ou hexemonía a través de vías como a cultura, a música, a moda, o turismo, o "estilo de vida", etc., que outros poderes ou países emularían, segundo a teoría de Nye, J.S., *La paradoja del poder americano*, Taurus, Madrid, 2003, p. 30.

481 Os montes de man común, devoltos aos seus históricos propietarios, no caso de Moaña as pa-

lexitimidade política democrática que permita cambiar a hexemonía social que representara a cultura política e social do franquismo, motivo polo que o asociacionismo ten no seu interior, con frecuencia, as mesmas batallas ideolóxicas e partidarias que a Corporación Municipal e tamén, paralelamente a esta, desprega actividade de apoio ou rexeitamento á actividade municipal dependendo da orientación política do goberno e da asociación.

O tempo e a modernización ían facendo o seu labor dentro do proceso de cambios intensos en antigas estruturas sociais, culturais, políticas ou relixiosas: a política democrática comeza a tratar de ocupar espazos sociais e culturais deixados por poderes e institucións como a igrexa católica que xa comezara o seu descenso en canto a influencia ou participación social nos ritos e cerimonias dende a década dos 60, ao igual que o descenso social no emprego do galego como lingua falada tentou ser compensado pola súa normativización e o estatus de oficialización na vida cultural, literaria, política e educativa tanto nos concellos como na administración autonómica, cada vez máis interconectados a un sistema económico, político, cultural, mediático e de consumo internacional.

A decadencia de tradicionais poderes ou contrapoderes fácticos dos que acreditaramos o seu pulo na Moaña do tempo do franquismo como a Igrexa católica, a Confraría de Pescadores, a parroquia ou o barrio, deron paso a novos poderes fácticos en democracia. A relixión católica continúa como cultura popular en democracia pero perde fieis canto máis novas sexan as xeracións, a Confraría de Pescadores, despois do proceso que denominamos desmariñeirización, ficou como un ente gremial, corporativo e profesional que representa a unha flota minguada en comparación coa existente ata a década dos 70, a parroquia garda unha cada vez máis minguada identidade simbólica[482] de proximidade pero perde a definición e a visibilidade tradicional por mor do proceso demográfico e urbanístico, a gran intensidade da construción residencial e a consolidación dun novo centro urbano en Moaña.

rroquias de Domaio, Meira e Moaña, son xestionados, en democracia, polas directivas parroquiais que teñen algo de simbólico alén do institucional: abandonado o modelo de monte como insumo, factor de produción, pastoreo, etc., as directivas democráticas levaron unha orientación identitario-parroquial e funcións de poder parroquial paralelo á Administración Local: unha "identidade de resistencia", segundo LAGE PICOS, X. A. (2003), p. 68., escenificando os mesmos intereses partidarios, a escala parroquial, como intento de rememorar un parroquialismo sen sociedade parroquial: liortas polos lindeiros parroquiais, continuación do modelo productivista de plantacións e cortas, combinado coa creación de espazos de lecer pero sen dar paso á terciarización do monte ou ao cambio de escala interparroquial. A política identitaria imprimiulle un nesgo localista, simbólico, de "espazo imaxinado" (LAGE PICOS, 2003, p.221). Non houbo avances significativos na cultura selvícola senón un intento de continuación dun neotradicionalismo parroquial apoiado e realimentado no poder local: existiu unha relación importante entre liderados das XX. MM. E partidos políticos nas corporacións de Moaña: o nacionalismo viu con bos ollos a implantación destas institucións que simbólica e territorialmente eran para eles unha representación do pulo non relixioso das vellas parroquias.

482 GARCÍA PAZOS, F., (2009).

15. XESTIÓN DE PERSOAL, FINANZAS E ORZAMENTO

Outra vía transitada polos dous gobernos locais durante o período 1979-1987 en toda España foi o recurso á creación de novas prazas no cadro de postos de traballo municipal, unha política que cumpre a función de ir fornecendo ou mellorando as carencias, remudando persoal xubilado, etc. en determinadas áreas administrativas do Concello (administración xeral, policía municipal, etc.), encetar a nova política de creación das novas prazas destinadas a áreas que por primeira vez na historia vai asumindo a Administración Pública Local dun Estado de Benestar, (Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Xuventude, etc.), dentro dunha filosofía política de primar a xestión pública dos servizos municipais e a creación de postos de traballo fixos en calquera nivel das administracións públicas.

Para o caso de Galicia, por exemplo, a creación da administración autonómica significou a incorporación de persoal e servizos no sistema sanitario, o crecemento do sistema educativo público de educación infantil, primaria, secundaria e profesional, o nacemento da rede descentralizada de universidades públicas ou a apertura dos grandes medios públicos de comunicación da Radio Galega e a Televisión de Galicia.

> *Hai algunhas persoas que entran como persoal de oficios, traballadores, electricistas, peóns, administrativos..., que si, máis ou menos, que eran simpatizantes ou membros dalgúns dos partidos que estabamos gobernando. Dentro da oposición que se facía sempre había persoas competentes e sempre había un Tribunal no que ti tiñas algunha influencia porque as persoas que formaban parte do mesmo podían ser membros da Corporación e outros que tamén se escollían, máis ou menos, a dedo, entre as persoas tituladas do Concello que facían parte do Tribunal.*[483]

En Moaña hai sobre todo dúas áreas da Administración Local que serán incrementados substancialmente coa incorporación de persoal laboral: a

483 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG, Delegado de Facenda e Persoal en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

da limpeza da importante rede de centros de EXB, BUP e FP cos que conta o concello –tamén, en menor cantidade, o fornecemento de cadanseu conserxe as tres dos centros de primaria- e a policía municipal.

A primeira incorporación relevante de persoal municipal prodúcese ao recoñecer o Concello como persoal laboral fixo ás mulleres que viñan realizando dende o franquismo a limpeza dos centros de ensino.

Ata a chegada da nova Corporación democrática, estas traballadoras recibían o seu salario a través dunha transferencia que o Concello facía a cada unha das direccións dos citados centros para que despois lle entregasen á súa vez ás traballadoras. Esta primeira importante incorporación dun grupo sen relación formal que pasan a ser traballadoras en réxime de contratadas laborais fixas, crea o maior gremio laboral municipal[484], un grupo cuantitativamente importante, cobizado cara ás eleccións sindicais municipais e tamén para a súa incorporación ou colaboración no asociacionismo veciñal, de pais de alumnos, etc.

> *O máis importante e transcendente cando entramos na Corporación é que as limpadoras eran o grupo maioritario, eran máis de vinte persoas, e había outros traballadores que non tiñan formalizado o seu contrato laboral (...), había máis de trinta ou corenta persoas nesta situación irregular (...), había que regularizar esa situación (...) e así se fixo, rapidamente (...) esas persoas nos miran, as que sobreviven, como unha Corporación Municipal exemplar, non digo máis porque sería esaxerado, pero as mostras que tiveron de afecto e de recoñecemento eses primeiros anos, foron moi grandes (...) Considero que a xestión de persoal foi un éxito da Corporación Municipal e o propio persoal se viu satisfeito con ese contrato regularizado, aínda que entraran tamén, digamos, todos a dedo.*[485]

No primeiro mes do novo goberno municipal, José Alonso Portela, de UCD, solicita información a Alcaldía sobre xestións e medidas para manter a orde pública pois "a situación actual é grave". Alcaldía responde que o

484 "A negociación dun convenio colectivo", artigo na revista informativa Rúa, voceiro de EG, febreiro 1982, entrevista á delegada das limpadoras do Concello, quen relata como no tardofranquismo non tiñan Seguridade Social nin contrato de traballo, traballando "a destajo" e sen horario, realizando algún paro por falta de pagamento e recibindo a ameaza de despido por parte do goberno local. Chegada a democracia local "esta Corporación fixonos contratos de traballo, incluíunos na Seguridade Social, recoñeceunos a antigüidade (en canto ao salario) e incrementounos os salarios que agora están un pouco máis dacordo cos tempos que estamos" A revista informa que "por primeira vez na historia o persoal contratado do Concello [máis de 30 persoas, das que 20 son traballadoras da limpeza] solicitou que se fixera un convenio colectivo."

485 Manuel Méndez Fraguas. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

concello dispón soamente de seis gardas municipais, que as competencias en orde pública son do Goberno Central e a Garda Civil non presta a debida vixilancia. É a primeira constatación na documentación municipal dun problema social, laboral e de orde pública, común á maior parte dos concellos, máis visible nas grandes cidades pero tamén nas intermedias e nas cabeceiras de bisbarra.

Na década dos 80 e os 90, a orde pública era un tema da axenda política, entre outras razóns pola chegada, a partir de 1975, dunha cultura do lecer que introduciu substancias estimulantes descoñecidas ou moi minoritarias na España da ditadura como a heroína ou a cocaína que afectaron a unha parte importante das xeracións máis novas.

En segundo lugar, a diferenza das xeracións dos seus pais, parte das cohortes que pretenden incorporarse ao mercado laboral encontran dificultade de acceso ao primeiro emprego posto que lles afecta a destrución industrial e a situación de desemprego iniciada nos primeiros anos da década de 1970 coa crise do petróleo, que dará lugar a axustes económicos que se formalizan no Pacto da Moncloa (1977) entre a maioría dos principais partidos e sindicatos españois.

A destrución acelerada de emprego, a conflitividade laboral de sectores intensivos en man de obra como a minería, a siderurxia ou o naval, afecta moi directamente á maior fonte de emprego directo e indirecto de Moaña polo peche da factoría de Ascon en 1984, despois de varias folgas e conflitos dende 1977. A posterior política de reconversión industrial a partir de mediados dos 80 deu lugar a unha conflitividade laboral importante e tamén á situación de inseguridade social e laboral que tivo a súa translación á vida cotiá co incremento de furtos, roubos, etc.

A situación aínda sería máis dramática pola chegada de síndromes ou enfermidades descoñecidas como o VIH, sen tratamento farmacéutico ou médico eficaz en aqueles momentos.

A combinación de crise laboral con desemprego, cultura das drogas e difusión da SIDA prenderon na sociedade, na política e na enorme difusión mediática a través duns medios de comunicación que estaban nos anos do seu maior despregue e recepción social para difundir a situación como unha praga apocalíptica que rebasou os límites da chamada "inseguridade cidadá" á que a política de centro ou de dereita adoitaba dar unha saída a través da aplicación do Código Penal, pedindo maior eficacia e incremento de efectivos para o mantemento da orde pública, na liña manifestada e solicitada polo voceiro da UCD en Moaña.

A cultura da esquerda coa que se aliñaba o BNG e o goberno municipal de Moaña, sen embargo, entendía que a parte da xuventude que, deriva-

do dos efectos do desemprego, participaba na cultura das drogas e acababa na marxinalidade e, ás veces, na pequena delincuencia, debería ser tratada a través do Estado de Benestar con políticas de emprego, reeducación, escolas-obradoiro, fondos e transferencias públicas para reindustrialización, internamento dos toxicómanos en centros ou "granxas" de rehabilitación, axudas para diversificación do tecido empresarial, etc., pero non –ou non só- a través de medidas xurídicas, represivas ou policiais.

As novas subculturas xuvenís que se popularizan en España coa caída do franquismo formaban parte tamén da emulación do mesmo fenómeno que se producira en varias democracias de occidente na década dos 60, un fenómeno xeracional que en cada un dos países tivo rexistros propios pero no fundamental eran tributarios dos EE. UU., o país do arranque e extensión da cultura dos grandes concertos musicais de masas que incluía a protesta contra a guerra do Vietnam, a extensión do pacifismo como reivindicación política, un novo "estilo de vida" xuvenil baseado na "liberación sexual", a ecoloxía da "volta ao campo" –a vida en "comunas", a cultura "hippie", lemas como "o pequeno é fermoso", etc.- e a introdución masiva das drogas –cannabis, heroína, cocaína, LSD, etc- que na España franquista tiveran cativo eco á penas na música pop, o cambio na cultura xuvenil da vestimenta e a cultura do corpo, etc. En democracia, porén, estendéronse ás amplas camadas da revolución da natalidade experimentada a partir de 1960.

A subcultura xuvenil democrática sintonizada en modo de vida "movida", as "pandillas" xuvenís, a asistencia aos concertos musicais masivos como o Festival Intercéltico do Morrazo, a reprodución de estereotipos e perfís sociais como "ionkis", "macarras", "malotes", "okupas", etc., alentou varios relatos: o político sobre a represión das drogas defendía o incremento da Administración Pública nos corpos de seguridade e xustiza e a criminalización dos traficantes de sustancias estupefacientes como recreación da nova imaxe do Mal. O discurso familiar pasou pola blindaxe e dependencia familiar da xuventude, entendida como un novo paradigma encarnado pola mocidade como suxeitos inocentes e incapacitados para resolver os novos retos da subcultura das drogas.

O terceiro relato foi o da cultura, o comercio e o consumo: na produción literaria galega con tradución e proxección en todo o universo lector español acadou suceso como novo tópico a imaxe dunha Galicia que pasara do franquismo á democracia atravesando tamén dende a fronteira mítica tradicional do estraperlo ou o contrabando de tabaco a unha nova serie estereotipada como subxénero xornalístico, literario e cinematográfico de ampla difusión: a "identidade delictiva" representada polo paso do contrabando ao narcotráfico[486] e a súa imaxe máis tráxica na cultura e o comercio ilegal da

486 RIVAS BARRÓS, M., (1989), p. 117-120, e tamén (2010), obra levada ao cine por José Luís Cuerda (Todo es silencio, 2012.)

droga, un importantísimo problema epocal que deu lugar á creación dun novo costumismo xornalístico, literario e audiovisual postmoderno.[487]

Ante o grao de conflitividade social derivado desta situación, moi visible nas grandes cidades, en cabeceiras de comarcas galegas próximas como Cangas pero tamén en Moaña, o "principio de realidade" determinou de novo que o goberno moañés, sen deixar de proclamar o seu apoio ás políticas de prevención da marxinalidade xuvenil, de saída dos xoves do desemprego, de políticas para evitar a drogadicción ou a delincuencia a través da reeducación, comezase a incrementar os efectivos da Policía Local moañesa.

Para o ideario político do nacionalismo gobernante, este corpo pasou de ser valorado e connotado como parte das "forzas represivas" do franquismo a un concepto de policía de proximidade para acompañamento dos cativos na entrada e saída dos colexios públicos, participación en campañas antidrogas, creación dunha imaxe positiva, de institución amiga, cargando as tintas -como se ve na resposta da Alcaldía de Moaña á demanda de UCD de máis vixilancia policial- sobre unha Garda Civil sinalada como allea, coa temida e connotada imaxe do corpo represivo do franquismo, de absentismo laboral cando non boicot ante a realidade da inseguridade cidadá.

O nivel de enfrontamento político entre os partidos gobernantes en Moaña e o Goberno Civil dependente da autoridade estatal –UCD ata 1982, despois PSOE- tamén levan á politización das súas respectivas competencias nos labores de orde pública local, de tal forma que, pouco a pouco, tarefas inéditas como a loita e represión do narcotráfico, van sendo asumidas por un corpo de Policía Local cada vez máis numeroso e lexitimado polo poder local.

O colectivo policial increméntase en Moaña lexitimado tamén porque o asociacionismo progresista, de carácter de esquerdas e nacionalista que lideraba á Asociación Local do Pequeno Comercio e Hostalería de Moaña (APCHM), con motivo do seu nacemento, fai pública a súa preocupación pola reiterada inseguridade cidadá en comunicación oficial ao Concello, so-

487 Este discurso cultural tamén experimentou importante difusión e comercialización da subcultura xuvenil a través de roupa de coiro e metais, motocicletas, etc., e o consumo de produtos audiovisuais que producían e/ou publicitaban esta subcultura: Alberto García-Alix foi quen mellor fotografou esta socioloxía de biografías mozas, tristes, desesperanzadas e "enganchadas" e Joaquín Sabina o cantautor máis versado dos 80 e os 90 entrega cancións como "Princesa", retrato lúcido do consumo feminino de drogas, en 1985, que nos transporta a un relato iniciático dos EE. UU. de 1965 –tamén co baby boom USA rematado e o país cheo de xuventude- cando Bob Dylan escribira e cantara "Like a rolling stone", abrindo camiño sobre o mesmo arquetipo de moza vencida ou "boneca rota" que camiña polo "lado salvaxe" da vida. A cinematografía española dos 80 difundiu o subxénero da mocidade "quinqui" como sinónimo de rebeldía, incomprensión social e política, xoves participantes en roubos para custear o seu consumo de heroína sobre todo: persoas reais como "El Vaquilla", convertidas en heroes mediáticos http://www.cccb.org/es/exposiciones/ficha/quinquis-de-los-80-cine-prensa-y-calle/25705) protagonistas ao mesmo tempo da súa vida real e da súa lenda social, na época de máxima difusión social da información e a comunicación, como traxedia contemporánea: o sacrificio ritual de parte dunha xeración nova entregada como peaxe dunha cultura hedonista e falta de oportunidades laborais.

licitándolle "solucións para rematar cos roubos e estragos polas noites en comercios"[488] e pola orde pública.

Instalado socialmente o discurso da inseguridade cidadá, creada e asumida a demanda por parte de partidos e gremio comercial, o Concello responde incrementando o número de efectivos da Policía Local –contrata tres máis nese mesmo ano 1983- e as súas competencias, incrementando un sector do emprego importante dentro da Administración Pública local, coas mesmas características políticas e sindicais do grupo de traballadoras da limpeza pero con maior status corporativo.

O nacionalismo gobernante comezaba a imprimir a súa pegada en algo máis ca un proxecto político e ideolóxico para rexer o goberno municipal cando orienta tamén a estabilización e a continuidade do seu programa tecendo unha rede partidaria e sindical a través da política de creación de novo persoal para o Concello, realimentada tamén co tecido asociativo para crear unha importante base militante, simpatizante e votante a través da política de emprego municipal.

Esta promoción do emprego público, na época de saída da crise económica e reconversión industrial, non é asunto menor posto que a Casa do Concello aparece como unha axencia de emprego directo, incrementando o cadro de persoal municipal, e tamén indirecto, xa que as políticas públicas destinadas incentivar o emprego e a inserción laboral dispoñen de importantes subvencións públicas para realizar obras e servizos a través de convenios de carácter anual a través do Instituto Nacional de Emprego (INEM), entre outras institucións.

> *Eu fun sindicalista na Deputación* [de Pontevedra]*, pola CIG* [Confederación Intersindical Galega]*, a partir de 1986. En todas as administracións funcionou exactamente igual. Eu participei en tribunais de oposicións na Deputación, participei en tribunais aquí no Concello* [de Moaña]*, e pódoche dicir, e asegurarche, que levei as mesmas decepcións. E chegou un momento que dixen: non volvo. A min non me deas este recado porque non volvo. Para facer o idiota, para facer o paiaso, non volvo.*
>
> *Na Deputación discutía cos compañeiros dos sindicatos. Porque os sindicatos, sen excepción tampouco, sen excepción tampouco, cada un quería influír para que entraran os seus. Igual que os partidos políticos, exactamente igual. Foi un error moi grande dos propios sindicatos. Foi unha pena e se perdeu unha oportunidade de cambio real.*

488 CMP05071983. AMCM. Xan Cancelas Collazo, presidente da ALPCHM en 1983, presentarase nas eleccións municipais de 1987 como cabeza de lista da coalición PSG-EG.

A culpa non é nosa que é de quen nos ensinou a ser así.[489]

A política sindical é outro factor decisivo para dar cohesión a unha estrutura partidaria ou simpatizante coa política nacionalista en Moaña. O medre do cadro de persoal vai paralelo ao incremento na representatividade do sindicalismo nacionalista entre os traballadores do Concello.

> [No interior do Comité de empresa] *Tratabamos todas as reivindicacións dos traballadores e as melloras que queriamos lever adiante. Buscábase que o persoal puidera decidir, pero tiñamos un problema: que cando saiamos da reunión xa a Corporación estaba enterada do que tiñamos falado dentro (...)*
>
> *Eu pertencía á CIG. Teño ido á* [reunións na sede central, en Vigo] *CIG en varias ocasións e prantexarlles problemas que nos daban moita dificultade para levar adiante e a CIG era reticente a apoiar as accións contra a Corporación Municipal: confundir a representatividade que tes dos traballadores coas ideoloxías, é un problema*[490]

A política de negociación dos convenios e melloras para o persoal é doada porque, ao contrario da teoría da representatividade sindical-patronal como dous mundos con intereses distintos, contrarios ou antagónicos, a historia das dúas primeiras corporacións municipais amosa un acordo de fondo nos principais temas de negociación: horarios, retribucións e melloras laborais son, en xeral, favorecidos por un Goberno Municipal partidario dunha maior municipalización e contratación de persoal fixo, a maioría con categoría de persoal laboral e o resto como funcionario.

> *Había xa un persoal contratado que era da corda política anterior, con ideas da Falanxe e moi de dereitas, metidos a dedo (...) Nós, efectivamente, puidemos apoiar a persoas que nos merecían a nosa confianza a nivel político ou a nivel cultural. Pero tamén tivemos problemas co persoal. Lembro algún funcionario que, diante miña que era o responsable de Persoal, soaba o telé-*

489 Serxio Regueira Gómez (concelleiro nas dúas primeiras corporacións democráticas de Moaña). Entrevista,19102016. Arquivo propio.

490 Representante sindical da Confederación Intersindical Galega, mediados dos anos 80. Entrevista, 03012018. Arquivo propio.

fono e non o collía.

-Por que non colles o teléfono?

-Eu non estou aquí para coller o teléfono, que son administrativo

Tiven encontronazos con funcionarios das corporacións anteriores. Por exemplo, cando non se cumplen nin trinta horas de traballo semanal eu preocúpome de que o Concello funcione mellor e que se atenda mellor ao público, intento colocar un reloxo para picar, que aínda non existe hoxe, para que se controle o horario porque era escandaloso: non se cumprían as trinta horas, nin na Policía Local, nin ningún tipo de administrativos nin persoal de oficios. Tampouco tiven apoio de Alcaldía nin dos demais [concelleiros]*, o primeiro reloxo que se instala, se rompe a patadas e o segundo tamén...*[491]

Esta facilidade de incremento do cadro de persoal do Concello fai que, en xeral, parte do cadro de persoal apoie, milite ou se presente nas candidaturas das distintas eleccións sindicais que se van celebrando na Administración Pública Local. Así se rexistra o medre e consolidación do sindicalismo nacionalista como maioritario nos sucesivos comités de empresa da época que estudamos, pasando a formar parte doutra importante póla do conglomerado nacionalista en Moaña posto que varias destas persoas son incorporadas activamente ou como apoio nas respectivas asociacións de veciños, APAS, deportivas, folclóricas, de montes en man común, porque *"a maior parte da xente* [persoal municipal novo durante as dúas primeiras corporacións] *era de esquerdas. É certo."*[492]

Ademais do persoal de limpeza dos centros de ensino, segundo a documentación recollida, nas dúas primeiras corporacións locais da democracia prodúcese a municipalización e contratación de tres persoas para o servizo de recollida de lixo (1979), a incorporación de dous fontaneiros municipais (1979, 1982), sete policías municipais (1980, 1981, 1983, 1984), catro auxiliares administrativos (1980, 1983, 1986), un alguacil porteiro (1980), un profesor de música (1981), dous conserxes para centros de EXB (1981), un cobrador da Praza de abastos (1982), un sepultureiro, (1983), un condutor (1985), un encargado da Praza de Abastos (1985), un profesor de gaita (1985), un coordinador cultural (1987) e unha traballadora social (1986).

As negociacións laborais colectivas entre os delegados de Persoal do Concello e os delegados sindicais, e tamén as individuais entre o Concello e

491 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG, Delegado de Persoal en 1979. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

492 Representante sindical da CIG, mediados dos anos 80. Entrevista, 03012018. Arquivo propio.

cada traballador, son, en xeral, vantaxosas para o cadro de persoal[493], tanto en retribucións como en horarios e outras melloras en canto a tempos de libre disposición, complementos, axudas extrasalariais, etc. Non podía ser doutra forma cando a negociación se produce entre uns representantes sindicais do colectivo de persoal do Concello e cando a Delegación de Persoal negociadora por parte do Concello está representada por un político que é, ou foi, sindicalista da mesma liña ideolóxica que desempeña a representación maioritaria dentro do Comité de Empresa, sendo ambas partes compañeiros no campo nacionalista de esquerda: en 1985, por exemplo, despois da aprobación dun incremento nas retribucións correspondentes ao convenio colectivo do persoal laboral, Secretaría informa e fai constar na acta[494] que o aumento de salarios supera amplamente o 6,5% do incremento establecido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 1985.

> *Moitos membros do Comité non facían unha reivindicación potente, forte, en función do grupo político que estivera* [gobernando]. *Se pertencía ao mesmo grupo político no que pertencía o membro do comité, había máis complacencia. Cousa que non se debía facer, claro.*[495]

Esta situación de existiren posturas negociadoras teoricamente enfrontadas pero na práctica seguindo a mesma estratexia ideolóxica e política fai que exista un acordo básico fundamental entre o goberno local e a representación sindical, agás pequenas discrepancias, e que a política de contratación de novo persoal sexa, baixo convocatoria formal e legal, acordada na maior parte dos candidatos a aspiraren a un novo posto de traballo na Administración Pública.

Os tribunais cualificadores para a maioría das prazas convocadas en forma de persoal laboral fixo, a tipoloxía de contrato que máis se incrementa en democracia, están formados por membros da Corporación Municipal e gardan a proporción e a correlación de forzas políticas saída das eleccións

493 Segundo Guillermo Fontán Feijoo, histórico sindicalista de USO despedido despois da folga de ASCON de 1978, posteriormente traballador do Concello de Redondela e membro do asociacionismo local, o sindicalismo da Administración Pública Local de Redondela en 1986 acadou a redución de xornada, horas extras e complementos para todo o persoal municipal; en Redondela houbo en democracia dúas folgas en solidariedade coas folgas xerais estatais pero ningunha contra o Concello de Redondela, porque "non houbo lugar". Na súa opinión, o asociacionismo veciñal de Chapela (Redondela) creou os servizos de circunvalación, bus urbano, Instituto, Centro de Saúde, Oficina de Correos, Centro Multiusos, Alameda, Traída de augas, todo "reivindicado a pulso polos veciños". Entrevista, 21042008, AMOM.

494 PM31051985.

495 Representante sindical da Confederación Intersindical Galega, mediados dos anos 80. Entrevista, 03012018. Arquivo propio.

municipais: na primeira Corporación a maioría corresponde á coalición BN-PG e UG, na segunda ao BNG.

Foi bastante habitual na maior parte dos concellos de España e Galicia como tamén en Moaña que os procesos selectivos de persoal laboral desta época[496] presenten abundancia de casos en que se rexistra colusión e cooptación. Como resultado, a maioría das persoas que pasan a formar parte do novo cadro de persoal son, con frecuencia, militantes, simpatizantes, membros de asociacións ou persoas "recomendadas" polos partidos gobernantes.

Outras veces prodúcese a filiación sindical ou a participación nas actividades partidarias ou asociativas de forma sobrevida, como forma de agradar ou colaborar cos partidos políticos e sindicatos que favoreceron a convocatoria do novo posto de traballo, pasando parte do novo persoal a formar parte ou colaborar na actividade política e asociativa.

O apartado da contratación de persoal público local foi outra das transicións dentro da Transición Democrática entre dous réximes e dúas culturas políticas que se enuncian como antagónicas –o clientelismo, o favoritismo e as "recomendacións" eran atribuídas á ditadura e a réximes non democráticos dende o século dezanove, a democracia significaba igualdade de oportunidades, capacidades e méritos- pero que seguirían coexistindo, mutatis mutandis, porque ningún cambio radical de réximes antagónicos foi quen de transformar no medio prazo a cultura política e social anterior.

A dinámica de contratación laboral fai que os grupos da oposición de Moaña, sobre todo durante a maioría absoluta do segundo mandato, falen de oposicións amañadas, de non querer participar en certos tribunais por saberse de antemán o resultado final. En 1984, despois da celebración dunha proba para contratación de persoal os grupos de AP e CIG acusan ao representante do BNG de parcialidade ou de "falcatruadas e desvergonzadas actuacións" respecto do seu proceder durante a puntuación final do exame.

A política de aumento de persoal nun concello como Moaña, que arrastra unha importante débeda económica dende o franquismo, vai incrementando paseniñamente a porcentaxe do capítulo de persoal sobre o orzamento público anual, cuestión criticada por exemplo, en 1984, polo voceiro de AP cando opina que "é monstruoso gastar o 45% do orzamento en persoal". Nas mesmas datas, EG afirma que a contratación de persoal no Concello aumen-

496 Sobre a alta politización da función pública en España no período democrático, Carlos Sebastián, La "eficacia" catalana (El País, 22112017, p.13) refírese á dependencia da decisión política na carreira dos funcionarios cataláns, á proliferación de organismos de dubidosa necesidade, de contratación pública con escasa transparencia, etc.: "a non separación das carreiras dos funcionarios e os políticos é o peor modelo para controlar a corrupción e mellorar a eficiencia administrativa. E é o que se dá en España e, non en menor grao, en Cataluña". Outro balance da baixa calidade e eficiencia das administracións públicas en democracia, en RAMIO,C., "Las imposturas de la Administración",El País 12032018,p.11.

tou nun 30%[497] e ese mesmo ano tamén hai un forte debate na Corporación a conta da contratación dos servizos dun Equipo Técnico formado por un delineante, un enxeñeiro técnico agrícola e enxeñeiro de camiños .

Os argumentos da discrepancia céntrase en irregularidades na contratación, incremento de custos para o Concello, burocracia, tecnocracia ou ser este Equipo "un luxo asiático para Moaña". En 1986, ante a aprobación da ampliación dos servizos deste Equipo Técnico por un ano máis, Secretaría informa que descoñece a contía orzamentaria por non levar o preceptivo informe da Intervención Municipal, e o propio voceiro do BNG recoñece que non hai consignación presupostaria para esta contratación.

O peso orzamentario do persoal municipal, xunto coa política de incremento continuo da débeda municipal e o recurso ao crédito para tratar de minorar a carga da débeda e seguir facendo obras públicas foron problemas crónicos dos dous mandatos municipais democráticos, agravados durante o segundo período de xestión. No segundo mandato, os orzamentos foron criticados por AP, EG e CIG de estaren inflados pola "enxeñería" contable: as partidas de ingresos orzamentarios son sistematicamente estimadas á alza e cando se fai o balance real de cada presuposto acredítase que as partidas de recadación previstas no documento orzamentario –contribución urbana, industrial, plusvalías, circulación de vehículos, sumidoiros, multas, etc.- non se corresponden nunca co efectivamente recadado, que é, como regra, unha cantidade substancialmente menor da estimada.

A oposición municipal, facendo balance do último orzamento do segundo mandato[498] entende que a recadación do exercicio anterior foi inferior ás previsións en ingresos, experimentou un forte incremento respecto ao orzamento anterior, contén un alto nivel de gastos en intereses e amortizacións, máis da metade do presupostado xa está gastado, ve como imposible que as previsións de ingresos –unha vez máis- poidan ser tan elevadas e polo tanto cre que existen partidas moi infladas, non se recollen os gastos de endoso derivados dos múltiples impagamentos que o Concello realiza nos últimos anos de mandato, entende que o Concello ten unha débeda de 127.000.000 ptas. que, engadida á débeda contabilizada suma 226.000.000 ptas. e solicita a realización dunha auditoría que nunca se levará a cabo como tampouco se realizara a que o grupo de goberno anunciara nun dos primeiros plenos sobre os orzamentos municipais dos últimos gobernos do franquismo.

Na réplica ás acusacións da oposición sobre a presunta "cociña" realizada polo BNG nas contas municipais de 1987, Uxío Chapela, como voceiro desta formación afirma que a débeda está por debaixo da contabilizada en 1986, que o Ministerio de Facenda vai actualizar os valores catastrais e

497 PM10061984.
498 PM23031987. AMCM

haberá un incremento destes ingresos para 1987, rematando a súa defensa dos orzamentos con argumentos repetidos en todo o segundo mandato e que veñen sendo as trabes do edificio orzamentario e financeiro do BNG entre 1983-1987: a primeira é que a aportación do Estado ás corporacións locais é moi baixa, a segunda que o nacionalismo gobernante en Moaña non está polo labor do incremento de impostos e por iso segue a manter ao Concello por debaixo do nivel impositivo de concellos limítrofes, a terceira que "aumenta o persoal e seguirá aumentando para eliminar as horas extras"[499] e a cuarta a aposta do BNG por "ir ao tope da carga financeira para facer o maior número de obras"[500]

CADRO Nº 58: ORZAMENTOS MUNICIPAIS 1980-1987 (EN PESETAS CORRENTES)

ANO	INGRESOS	GASTOS	GASTOS PERSOAL	% GASTOS DE PERSOAL SOBRE ORZAMENTO
1980	73.096.665	73.096.665	38.410.732	52,54
1981	94.084.988	94.084.988	39.536.248	42,02
1982	124.250.048	124.250.048	43.897.851	35,33
1983	129.271.978	129.271.978	57.000.000	44,09
1984	169.280.177	169.280.177	76.803.881	45,37
1985	233.826.000	233.826.000	102.067.099	43,65
1986	283.701.405	283.701.405	114.219.676	40,26
1987	442.680.000	442.680.000	128.167.738	28,95

Fonte: Elaboración propia, a partir das actas municipais.

No cadro podemos ver a evolución dos orzamentos e a dificultade para saber de forma certeira a porcentaxe que representa o capítulo I, o de gastos de persoal, posto que os ingresos son modificados de maneira artificial e/ou voluntarista para cadrar o balance anual, outro recurso que se repite en boa parte das corporacións dos primeiros mandatos democráticos para os que rexe, na práctica, un control administrativo feble.

Os problemas municipais na contratación e xestión de persoal, no incremento da débeda e no recurso a utilizar a carga financeira "a tope" teñen tamén parte da súa explicación no que vimos chamando o proceso de desinstitucionalización ou abeiramento de certas normativas legais e cambio -cando non carencia- de cultura institucional durante a Transición política: a cultura política de comezos da democracia contén inercias do franquismo, estable-

499 PM01041985. AMCM
500 PM04121985. AMCM

cendo unhas relacións políticas clientelares entre os distintos niveis de poder local, provincial, autonómico e nacional.

A maioría dos partidos gobernantes nos concellos recorren cos seus proxectos, demandas, infraestruturas, servizos, etc., ás instancias superiores (Deputación Provincial, Goberno Central, gobernos autonómicos) e politicamente afíns na procura de axudas e subvencións, etc., que caracterizan esta primeira hora da Administración Local onde cada goberno se esforza en promover grandes obras, dotacións, etc. Un dos factores que decide a consolidación dos grandes partidos estatais en Galicia é o acceso das novas Corporacións Locais aos recursos públicos que administran os principais partidos no goberno central (UCD, PSOE) ou nas deputacións provinciais (UCD, PSOE, AP), axencias políticas que maximizan os seus intereses en favor dos concellos máis próximos ideoloxicamente que son os beneficiados polas grandes inversións estatais, provinciais e autonómicas en infraestrutura viaria, dotacións deportivas, socioculturais, etc.

A Moaña gobernada polo nacionalismo non ten moitas portas de padriñado político ás que acudir en demanda de subvencións para obras, programas ou proxectos de entidade: a Deputación de Pontevedra está xestionada por UCD ata 1982 e despois polo PSOE, na Administración Autonómica goberna AP dende 1981 e no Goberno Central tamén se alternan UCD e PSOE. O nacionalismo gobernante en Moaña critica a desatención, cando non o boicot aberto en canto a apoio institucional e financeiro por parte destas estruturas superiores de poder, singularmente no segundo mandato cando non acada financiamento oficial por parte do Goberno Central para o seu principal proxecto: a urbanización dos recheos do litoral.

Esta percepción do BNG en canto á loita política e institucional é un dos factores que puxan para drenar cada vez máis recursos do minguado erario local e tratar de consolidar ao nacionalismo como unha forza e unha estrutura gobernante que ten que amosar capacidade para "facer cousas", traducido sobre todo, nas primeiras corporacións locais galegas por "facer obras" de infraestruturas e servizos, implicándose en multitude de arranxos, ampliacións, dotacións de redes de sumidoiros, electricidade, traída de augas, depuración, etc., nunha cantidade de camiños e proxectos superior á capacidade de financiamento municipal que remata o segundo mandato exhausta e utilizando de forma importante o recurso do endoso aos provedores, contratistas, empresas, etc.

Esta fuxida cara adiante para iniciar ou completar nas parroquias e lugares obras da rede de servizos e infraestruturas básicas coas que xa contaba boa parte do centro urbano a base de enxeñaría orzamentaria, débeda e cativa recadación fiscal tamén teñen un factor explicativo na preferencia do nacionalismo gobernante, como a da maioría dos gobernos locais da época, de poder

ter "mans libres" en canto ao control do cadro de persoal e a elaboración dos orzamentos.

Por exemplo, para a provisión de prazas en departamentos clave como Intervención, dende 1979, ou Secretaría, dende 1983, Moaña prefire non dotalas con funcionarios de carreira senón con dous auxiliares administrativos habilitados que ocupan estas funcións de forma accidental, en réxime de interinidade, porque ambos postos non se cubrirán en propiedade durante os dous primeiros mandatos municipais, aínda que a Dirección Xeral de Administración Local, en 1985, solicite información e poña reparos ao nomeamento dun secretario interino na Secretaría Municipal"[501].

> *Foi outro erro. Iso trouxo os problemas que trouxo: que non había responsable directo do funcionamento do control dos concellos. O control financeiro e legal dos concellos teno o Secretario e o Interventor. Esas figuras eran as responsables e, cando tiñan que facer un informe, facíano de acordo á lei. Cando o Interventor ou o Secretario facían un informe, os alcaldes medíanse moito antes de facer o contrario. Como evitalo?, pois metendo a persoas que non tiñan a titulación, cobraban unha porcentaxe pero non asumían esa responsabilidade. E aí viñeron os desfases (xa viñan de antes), e os gastos sen control (...)Entón empeza a aparecer a figura do asesor xurídico* [externo]*, para facer os informes gardándose un pouco as costas* [os alcaldes]*. Ti* [Alcaldía] *non podes emitir un informe do Secretario ou Interventor se non tes un informe que poida favorecerche máis. Por iso se facían os informes contrapostos de técnicos externos.*[502]

A situación é recoñecida pola propia Alcaldía cando declara que "non temos secretario nin interventor de carreira, isto condiciona a situación económica precaria por falta de persoal cualificado para levar a xestión económica, pode que fora necesario tamén contratar a un economista", intervención que retruca Sebastián Juncal, de AP manifestando que cando houbo oportunidade de ter un secretario e un interventor de carreira, o BNG dixo que non telos era unha economía para o Concello de Moaña, debate que suscita a intervención do secretario accidental da Corporación informando ao Pleno que o problema da mala situación do Concello –diagnóstico que non comparte este funcionario- non estaría resolta cun secretario e un interventor de carreira porque ningún funcionario ten atribucións para tomar medidas que impliquen gastos e que a responsabilidade é política porque a situación económica está debida-

501 CG09071985. AMCM

502 Serxio Regueira Gómez, concelleiro nas dúas primeiras corporacións democráticas. Entrevista, 19102016.

mente contabilizada, rexistrada, anotada e xustificada nos libros de Contabilidade, que son da responsabilidade dos funcionarios.[503]

Aínda con estas limitacións no organigrama do persoal municipal, nos asuntos importantes da xestión, ambos funcionarios habilitados emitiron os correspondentes informes preceptivos, sobre todo no período 1983-1987, cando a Intervención Municipal elabora varios informes e propostas respecto á situación fiscal, financeira, crediticia, orzamentaria, de recadación, etc., para os órganos de Goberno Municipal, poñendo reparos, propoñendo medidas, etc., ao igual que están recollidos en acta informes da Secretaría Municipal para este segundo mandato en sentido contrario á actuación municipal en asuntos como contratacións de persoal, contratación ou seguimento de obras públicas ou incumprimento dos procedementos en importantes actuacións urbanísticas.

Os problemas da débeda municipal de Moaña, como xa vimos na primeira parte, viñan derivados, na súa maior parte, do custo engadido dos terreos expropiados na zona da Xunqueira para destinar á creación das concentracións escolares dos dous principais centros de EXB da época, os colexios públicos Amador Montenegro Saavedra (Reibón) pero sobre todo ás expropiacións do colexio de Seara e o feito de ter perdido o contencioso administrativo o Concello ante os propietarios das parcelas.

A longa duración deste proceso, o feito de o Tribunal acordar un aumento do triplo do prezo marcado polo Concello, a suma do 4% de incremento acumulable, resultou un importe de case 40.000.000 ptas. a favor dos expropiados, cantidade que hai que sumar a outras débedas do ente local. Nun dos primeiros plenarios da democracia, o voceiro do BN-PG, Uxío Chapela, culpa aos últimos alcaldes do franquismo de "toda a serie de tramas e artimañas para non axilizar os trámites dos expedientes e pagamentos aos expropiados"[504]. Era o lastre financeiro máis importante que recibía unha nova Corporación que non renunciaría á mellora das obras públicas e á creación de postos de traballo municipais e extramunicipais nunha etapa de crise industrial e laboral.

503 PM10011986. AMCM
504 PM25051979. AMCM.

16. CONQUISTA E URBANIZACIÓN DO MAR

A nova Corporación moañesa de 1979 herda do último Goberno Municipal do franquismo unha serie de transformacións morfolóxicas sobre o borde litoral de Moaña con importantes obras en marcha. A primeira estase a realizar nas inmediacións do campo de fútbol da Xunqueira e afecta as instalacións da propia instalación e á súa contorna, tanto cara a Meira como cara a Moaña, efectuándose un recheo entre a estrada Cangas-Vilaboa e a praia da Xunqueira, por parte da empresa Gabriel Piñeiro, a base de refugallos e movemento de terras procedentes de obras de construción.

Un dos primeiros acordos da democracia local é deixar sen efecto o acordo plenario de 07021979 sobre arrendamento de "parcela de terreo municipal para práctica e fomento do deporte", ao C.D. Moaña por entender o novo goberno que "a intención é trasladar nun futuro o máis inmediato posible o campo a outro lugar", declarando así mesmo que os terreos do discutido campo de fútbol son adecuados "para paseo marítimo, casa da xuventude, auditorio, pistas deportivas" e mentres os seus usos deben ser provisionais. Esta obra comezara coa extracción dos postes do tendal de secado de redes en 1974, a preparación do campo de fútbol en 1975 –recheo de 11.000 m^2 con 11.000 m^3 de terras- e en 1978 a explanación, saneamento e canalización das augas do río da Xunqueira a carón do campo de fútbol. A nova Corporación autoriza a continuación destas obras comezadas.

A segunda obra en marcha era un aterramento sobre o mar, tamén a base de refugallos e desmontes de obras, e tamén realizado pola empresa Gabriel Piñeiro, dende a Confraría de pescadores ata a rampla denominada "de Ramona" ou "de Pereira", en paralelo á liña de costa da beiramar. A dinámica de apertura deste recheo leva a que outras empresas e particulares tamén depositen refugallos na zona, cuestión que regula o novo Goberno local cando aproba que "Gabriel Piñeiro Costa deposita terras e utiliza a maquinaria no recheo de beiramar con permiso municipal e gratuitamente e ten manifestado que para facilitarlle este servizo é mester que o Concello autorizara circular cos camións pola Avenida da Beiramar", acordando para tales mesteres a vixilancia da Policía Local ao efecto de controlar e prohibir os vertidos que non corresponden á empresa autorizada posto que o contratista non pode ga-

rantir nin explanar máis terra que a depositada por el mesmo[505]. O Concello apura esta obra de explanación, o vertido de pedra no fondo do aterrado e a adquisición de area para que a explanada resultante deste recheo poida ser utilizada nas festas patronais de Moaña, previstas para xullo de 1979.

O Concello de Moaña decide continuar e ampliar os dous recheos recibidos da mesma forma en que a Corporación non democrática os iniciara, sen mediar solicitude ás institucións estatais que posúen as competencias sobre o dominio marítimo-terrestre, mediante unha política de feitos consumados, aínda que a Xefatura Rexional de Portos e Costas require a paralización[506] da obra de recheo entre a Confraría e a rampla varadoiro, solicitando proxectos e documentación oficial que non existe nin se elabora para cumprimentar a solicitude.

> *Nós pasamos da normativa de Costas, nós consideramos que iso era unha propiedade municipal de Moaña, de todos os veciños, e foi así como se actuou, sen ter que pedir permiso a ninguén de fóra, a ningún organismo que ao mellor agora controla, ou xa daquela pretendía controlar, toda a costa moañesa.*[507]

A última Corporación do franquismo aproveitara o impase político local entre 1975-1979 optando por unha política de abandono gradual da actividade municipal, etapa na que se produce tolerancia e consentimento tanto de obras públicas como privadas decidindo –sen formalizalo en expediente, proxecto, plano ou calquera tipo de documentación formal- iniciar os recheos nas zonas onde se pensaran ou proxectaran en 1965, 1967, 1971, 1973 e 1976, sen levarse a cabo, algunhas das obras máis importantes na zona da praia da Xunqueira (complexo deportivo) pero sobre todo sobre o espazo marítimo paralelo ao centro urbano moañés (cidade lineal).

Os recheos foron aceptados social e politicamente como intervencións de progreso urbano e modernidade tanto na ditadura como en democracia. A nova Corporación cuestionaba a situación do campo de fútbol sobre o aterrado da Xunqueira pero non a existencia e ampliación das obras, que continuou ampliando cara ao NO do campo de fútbol onde concede licenzas para prácticas de carné de conducir, en 1981, a autoescola Gessam e autoescola Dorna, en 1982 autorizando a plantación de árbores e a realización de novos recheos nas inmediacións do campo de fútbol aos contratistas Gabriel Piñeiro e Agustín García Villar, en 1983 aceptando novos vertidos da empresa de constru-

505 PM08051989. AMCM.
506 PM24081978. AMCM.
507 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG. Entrevista, 10012017. Arquivo propio.

ción Romero, en 1984 prodúcese unha advertencia a un empregado municipal por neglixencia ao realizar vertidos na Xunqueira e no debate suscitado, en relación co informe elaborado pola Policía Municipal, Uxío Chapela, concelleiro de urbanismo, di que "a orde de aterrar A Xunqueira non partiu del senón da Comisión de Goberno, por unanimidade, (...), coa intención de sanear a poza da Xunqueira".[508]

Tampouco amosou dúbida, debate ou discrepancia a Corporación moañesa sobre a continuación do recheo da avenida da beiramar, que recibiu os parabéns de grupos corporativos antano potentes e conflitivos ou críticos con este tipo de obras no borde litoral, como a Confraría de Pescadores, o que nos fala, unha vez máis, do devalar do gremio da pesca de baixura en Moaña e o seu cativo peso na política local no último cuarto do século vinte.

A política de recheos, ao inicio da xestión municipal democrática, é a de aproveitar a grande oportunidade que representa a creación de espazo público sobre territorio de borde litoral ou directamente marítimo con vistas a destinalo á creación de servizos e dotacións urbanas das que se carece. Se sempre é difícil xestionar a produción de grandes superficies de espazo público de calidade, máis aínda o é nun concello como o de Moaña, coa febleza orzamentaria e financeira que arrastra despois de liquidar o seu cativo patrimonio municipal de solo na creación da Concentración Escolar da Xunqueira, a comezos dos 70.

16.1 Autoestrada do Atlántico e recheos litorais

A política continuísta do nacionalismo gobernante en canto aos recheos litorais era tamén a aposta por unha política histórica de produción de espazo público a conta da penetración na zona de mar, un factor urbanístico e social diferencial a favor das comunidades, vilas ou cidades de litoral como amosan innumerables casos de cidades galegas como A Coruña que gaña ao mar dende o século dezanove a zona dos xardíns de Méndez Núñez –chamados "xardíns do recheo"- ou os Cantóns, O Parrote, O Orzán ou Riazor facendo desaparecer a paisaxe costeira histórica.

Vigo tamén rexistrara unha evolución similar dende o seu primeiro ensanche sobre a Alameda para despois avanzar ata facer desaparecer zonas de praias como o Areal, o Berbés, Bouzas, etc., o mesmo acontecera en Pontevedra e a súa expansión a conta da Xunqueira do Lérez ou na veciña Cangas con sucesivas ocupacións do litoral en zona urbana. En todos os casos, as zonas gañadas ao mar foron transformadas en infraestruturas como estradas, peiraos, ferrocarrís, concesións para fábricas que transformaron a dinámica litoral en zona industrial, etc., significando grandes avances económicos e,

508 CG13031984. AMCM.

como consecuencia, demográficos e sociais das respectivas cidades.

A creación destas novas áreas urbanas tamén significaron a introdución de paseos, alamedas, etc., que expresaban a transformación dunha época en que a vida social e relacional comezaba a ser pública porque as clases altas e medio altas das cidades imitan os hábitos sociais urbanos das grandes cidades europeas e norteamericanas: os salóns, as cafeterías, os paseos, a creación de casinos, clubs náuticos, mercantís, etc.

O litoral da zona urbana de Moaña cando chega a democracia local, coas infraestruturas e servizos que se describiron ao comezo deste traballo, era unha longa estrada costeira que dividía o espazo urbano do marítimo a través dunha zona de praia onde tiña lugar a actividade pesqueira de baixura e mexilloeira a través de ramplas e peiraos que facilitaban o contacto e as comunicacións entre a terra e o mar. O contacto do mar coa estrada Concepción Arenal estaba interrompido unicamente na zona da Praza de Abastos e a Confraría de pescadores, onde se estaba a construír o novo recheo citado, e a zona do barrio da Seara ocupada polo parque infantil, os estaleiros de ribeira, talleres, e algunha edificación unifamiliar ata o vértice de confluencia coa estrada Cangas-Vilaboa.

Pese a que a area da praia ocupaba unha boa parte dos barrios litorais da Praia e A Seara e que os areais da praia da Xunqueira eran un importante banco marisqueiro histórico que se continuaba a explotar a altura de 1979, non houbo oposición relevante a este tipo de proxectos de aterrados que o nacionalismo gobernante continúa nunha época en que, como vimos, o asociacionismo democrático está especialmente activo e existen en Moaña, no amplo catálogo asociativo, dúas asociacións ecoloxistas e unha Corporación que como vimos nos seus sucesivos pronunciamentos é moi sensible e maniféstase en contra de moitas cuestións referidas á preservación do medio ambiente natural como a construción da Autoestrada do Atlántico, a central nuclear de Xove ou os vertidos de refugallos nucleares no océano Atlántico.

A situación gráfica do litoral moañés está cartografado na planimetría que se está a elaborar xusto no momento anterior á gran transformación da costa e que nos permite ver con detalle a liña litoral moañesa en 1979-1980, cando chega a democracia local. Podemos apreciar a situación dos barrios centrais da Praia e A Seara coa situación precisa do recheo iniciado a carón da Confraría de Pescadores (8) ocupando metade da distancia entre esta edificación cara á rampla de Pereira (plano 4-3); o estado da costa e o da edificación nas zonas de O Con e O Real (plano 4-5); a situación dos areeiros e ríos que conforman nese momento a zona do Pontillón-A Xunqueira, así como o campo de fútbol (4), o Cuartel da Garda Civil (9) ou a Concentración Escolar (plano 4-1); a costa de Meira dende a continuación da Xunqueira ata o vértice da Porta do Sol (plano 4-2) ou o detalle da illa de San Bartolomeu no centro

da costa de Meira (plano 4-4)[509].

Con esta planimetría temos a evolución histórica do borde litoral moañés (a badía do centro urbano e Meira) entre 1950-1979, xusto cando vai dar comezo o proceso de maior modificación da fisionomía litoral de Moaña, aos poucos meses da entrada do novo goberno municipal, unha transformación que significará un cambio estrutural e de escala respecto a calquera dos recheos anteriormente realizados en Moaña.

A proximidade e o retraso acumulado das obras de construción da AP-9 no tramo entre Vigo e Pontevedra –a ponte de Rande estaba rematada e sen uso dende o 01121977, a autoestrada non entraría en funcionamento ata o 07021981- fai que as empresas que están a traballar nesta crucial vía de comunicación teñan moitos problemas para a colocación de materiais procedentes dos desmontes de terras que se están a facer. As empresas de construción que están a colocar estes sobrantes nos concellos próximos á obra e mesmo en propiedades particulares[510], contactan co novo goberno do Concello de Moaña para ofertarlle a posibilidade de realizar a continuación do recheo que Moaña está a facer entre a Confraría e a rampla e tamén a posibilidade de verter terras noutras zonas do litoral moañés.

Case catro décadas despois, os protagonistas analizan aquel momento histórico e a decisión política tomada polo Concello de Moaña:

> *En aquel momento se considerou, equivocada ou acertadamente, que* [o recheo no litoral] *podía ser algo importante para Moaña e hai que recoñecer que non se tivo en conta o que puido afectar á Ría en si (...) Pero, daquela, pelexouse para facer os recheos porque xa se pensaba no que son hoxe na actualidade: espazos de esparcemento para a cidadanía. Incluso coa recuperación, como pasou en Domaio, dunha concesión dun estaleiro de ribeira de Casqueiro (...) Con razón ou sen ela, con máis ou menos acerto, se fixeron.*[511]

> *Foi unha decisión importante (...) A necesidade de dotar a Moaña dun centro amplo e que non fora sempre aquela estrada que había entre Moaña e Cangas, a estrada "de arriba" e a estrada "de abaixo", que non daba para máis. Optouse por ampliar a*

509 Ver planos 4-1, 4-2, 4-3, 4-4 e 4-5, en Anexo.

510 Segundo información de Serxio Regueira Gómez, concelleiro de UCD en 1979 (Entrevista, 19102016. Arquivo propio), antes de tomar contacto coa Corporación democrática, os desmontes da terras da AP-9 xa foran ofrecidos pola empresa aos veciños de Domaio, de Meira ou de Moaña, que xestionaban con AA para que rechearan, sen ningún tipo de proxecto [escrito, croquizado, planeado] en parcelas privadas de zonas de dominio público marítimo-terrestre.

511 Serxio Regueira Gómez, concelleiro de UCD en 1979. Entrevista, 19102016. Arquivo propio.

> *zona "de abaixo" nesa franxa e aproveitar a zona da Xunqueira e de Meira, unha praia que sempre estaba chea de lodo e de material que non era útil para a cría de berberecho nin de marisqueo (...), logo, os de Domaio tamén querían o seu* [recheo], *en fin, había certa competencia por facer en cada sitio.*
>
> *(...) Quizais foi polémico aterrar a praia de Moaña, ao mellor hoxe ecoloxicamente o consideramos unha aberración pero en aquel tempo as prioridades marcaron a axenda.*[512]

O novo goberno local encóntrase ante un dilema político importante porque ao BN-PG galego, o partido que con máis forza se está a opoñer á obra da construción da autoestrada, aparécelle sobre a mesa a contraditoria opción de poder ser un concello gobernado polo BN-PG o máximo beneficiario desta nova infraestrutura a base de desprazamentos de grandes cantidades de terras sobrantes da obra pública máis connotada politicamente na Galicia da época. A UPG e o BN-PG moañés contactar verbalmente con responsables da obra da AP-9 para explorar a posibilidade de realizar recheos en Moaña.

> *Aproveitando o tema da autoestrada, pois* [o goberno municipal aprobou] *unha das maiores aberracións que se fixeron (...), eu faríao doutra maneira, nesta altura, bueno, faríao..., as circunstancias que había daquela facían imposible de poñerte enfronte de todo o movemento e presión da xente para que en realidade se fixeran eses recheos. O problema era anterior, o problema é que nunca houbo unha Corporación que ordenara urbanísticamente o concello, aquí se pode construír baixo e non sei canto, aquí vai ser forestal, dotación escolar..., nunca se fixo iso (...). A única maneira de buscar un desenvolvemento foi facendo o que hoxe son todos estes xardíns, incluíndo a transformación que se está facendo aí na Xunqueira, que é fundamental, para que a xente puidera ter un sitio onde relacionarse porque se non fas iso, a xente tiña unha estrada que viña por abaixo, por diante da Praza* [de abastos] *e marchaba para alá. A xente falaba nas beirarrúas e agora ten unha zona de esparcemento.*[513]

Como en todos os procesos de recheos entre 1975-1979, tampouco no novo tempo democrático que comezaba en Moaña existen acordos formais nin documentación municipal que acredite a toma de decisión a favor da realización dos recheos litorais posto que suporía, unha vez máis, procesos

512 Manuel Méndez Fraguas, concelleiro de UG en 1979. Entrevista,10012017. Arquivo propio.
513 Xabier Abalo Costa, alcalde en 1979, entrevista, 2008, AMOM.

burocráticos, enfrontamentos e expedientes por parte da autoridade estatal con competencias no ámbito marítimo-terrestre e, polo tanto, decídese por acordo verbal que a empresa concesionaria da AP-9 poida verter na beiramar do centro urbano –dándolle continuidade ao iniciado recheo entre rampla de "Ramona"/Confraría- e tamén a realización dun novo aterrado en Domaio, onde a Asociación de Veciños Montefaro acadara, a través dunha moción presentada por UCD, que a CMP facultara a José García Martínez e Manuel Juncal Sequeiros, concelleiros ambos de UCD, para que xestionen o subministro de pedra para os recheos de beiramar, no centro urbano, e en Domaio, "dende a fábrica de Corona ata o río da Igrexa".[514]

A solicitude da A.VV. Montefaro de Domaio ante o Concello de Moaña sobre "licenza para proceder a aterro con crebaondas na zona do Almacén, Verdeal, xunto á Igrexa Parroquial de Domaio e dende o río que pasa xunto á Igrexa ata a fábrica de Corona, coa fin de evitar que se derrube o muro da estrada e poder utilizalo como aparcadoiro"[515], é a primeira referencia documental dun plenario municipal onde se tratan temas relativos aos recheos. Ante estas propostas de recheos en Domaio e Moaña, a Corporación toma o acordo de que a Comisión de Obras e Urbanismo, en colaboración cos veciños da Asociación, procedan a "formular un estudo das obras a realizar".

Con estes antecedentes e debates recollidos na CMP e no PM, a Corporación "toma razón" ante a solicitude de Autopistas de dispoñer en Moaña de "terreo para vertedoiro dos produtos de desmontes, ofrecendo a cambio pedras para recheos en Domaio, beiramar e Meira"[516], comezando un proceso moi acelerado no que todas as partes: Autopistas, Concello e A.VV. Montefaro de Domaio, están a tratar de optimizar os seus intereses vertendo e acumulando a máxima cantidade de terras no menor tempo posible.

Non pasara un mes e un informe da CMU indica os vertedoiros nos que Autopistas poderá depositar os produtos dos desaterramentos: "**recheo de Domaio, recheo de Meira-Samertolameu-Porta do Sol, recheo de Moaña**, así como destinar un vertedoiro preto da ponte de Rande (lugar de Montealegre, Domaio) para recoller o material sobrante destes recheos. A CMP acorda comunicar a AA que vaian vertendo ditos produtos nos lugares permitidos. Así mesmo, que a Comisión de Urbanismo e técnico municipal confeccionen un borrador dos recheos indicados na proposta para posteriormente encargar os oportunos proxectos"[517].

Como podemos comprobar, a proposta inicial de ampliar o recheo existente no centro de Moaña fóronselle engadindo sucesivos compromisos de realizar aterrados tamén en Domaio e Meira, froito das dinámicas centrí-

514 CMP03101979, CMP10101979, CMP17101979. AMCM.
515 PM24101979. AMCM.
516 PM21111979. AMCM.
517 CMP12121979. AMCM.

fugas ou os contrapoderes que representan as parroquias e as súas respectivas asociacións –onde se libran outras tantas batallas políticas segundo o número e ideoloxía dos principais representantes da directiva- para aproveitar a percepción social e política da gran oportunidade de mellora de cada unha das zonas litorais con demografía importante, chegándose pouco a pouco a perfilar o núcleo do acordo entre o Concello, Autopistas do Atlántico e as asociacións veciñais.

A seguinte CMP "toma razón e presta conformidade" á acta levantada na reunión celebrada no Concello entre membros da Comisión de Urbanismo e directivos de AA, relativa a diversas obras de vertidos de materiais e recheos, facultando a Alcaldía para que, de acordo cos membros da Comisión de Urbanismo e Obras realice xestións para a confección dos oportunos estudos para levar a cabo o vertido de materiais procedentes das obras de AA nos recheos de Domaio, Meira e Moaña.

O concelleiro Serxio Regueira considera que como contrapartida ou compensación aos materiais que AA transporte aos vertedoiros citados, debería consentirse tamén a AA o traslado de materiais ao vertedoiro municipal que ten solicitado a Concesionaria, pero o Concello non acepta.

Para dar conta da reserva oficial coa que se pretendeu levar por parte dos seus protagonistas un proceso de consenso político, asociativo e social como foron os recheos, consta en acta[518] que ante a comunicación da Xefatura Provincial de Estradas, dirixida á A.VV. Monte Faro de Domaio, manifestando que *"de acordo coa súa petición e obtidos pola Xefatura os permisos oportunos, pódese iniciar o recheo solicitado de acordo co plano que se xunta, e visto o informe da Comisión de Urbanismo e Obras no sentido de que se dea orde a AA para que poidan iniciar o mencionado recheo de Domaio, ordenando a AA o inicio das mesmas de acordo cos concertos establecidos previamente entre aquela entidade e o Concello"*, abstéñense Manuel Méndez (UG) e Serxio Regueira (UCD) manifestando este último que *"no acordo non debe constar mención algunha aos concertos previamente establecidos con AA posto que basta comunicar a AA que non hai inconveniente en que se execute a obra de acordo coa petición da A.VV"*.

A documentación municipal recolle[519] que "seguindo instrucións do Concello, o día 25 de febreiro comezouse o recheo de Domaio, de acordo cos concertos establecidos entre Concello e Autopistas del Atlántico concesionaria española SA" e a continuación[520] apróbase a petición de Construcciones Sulleva SA e Hispano Alemana de Construcciones para ocupar terreo de 6.000 m^2 en Gagán, Domaio para planta de grava-cemento, en zona que se está acondicionando, co compromiso de deixalo todo en perfecto estado unha

518 CMP20021980. AMCM.
519 CMP5031980. AMCM.
520 PM25041980. AMCM.

vez rematadas as obras da AA. O intenso proceso de movemento de camións pola zona de Domaio leva a que o Concello xestione con AA a realización de mellora e seguridade no acceso aos lugares de San Lourenzo e Carballido, afectados polo uso da súa vía de comunicación principal.

As obras vanse realizando con celeridade, sen quedar claro na documentación municipal nin encontrarse documentación gráfica dos límites dos recheos nas súas principais dimensións, nin tampouco referencia documental sobre que institución, asociación ou empresa elaborou os borradores ou proxectos se os houber, quen dirixiu as obras, etc., aínda que se saiba do pacto e acordo básico entre Concello-AA-asociacións veciñais.

O máis importante dos recheos, o do centro urbano de Moaña, foi debatido na Corporación como "**Proxecto de recheo de terreos gañados ao mar en zona marítimo-terrestre Praia da Seara**"[521] e aporta luz sobre as dimensións xerais que a institución municipal pretende cando se inicia este recheo por parte de AA: "examinado o proxecto para recuperación duns terreos gañados ao mar situados entre o actual peirao de pasaxeiros e o parque infantil do barrio da Seara para que poidan instalarse no mesmo unha serie de servizos comunitarios...", o Pleno Municipal apróbao por unanimidade e solicita do MOP a concesión da parcela figurada no proxecto ao obxecto de realizar o recheo da mesma.

A xestión do **recheo de Meira**, na documentación municipal, recolle unha moción de censura[522] aos concelleiros de UCD Serxio Regueira e José García, presentada pola Comisión de Urbanismo:

> *O día 11 de abril tivemos reunión cos representantes de AA onde nos entregaron os proxectos de recheo de Meira e Moaña e ultimamos os datos e detalles para comezar a escollera de refuxio do peirao de Meira..., a Comisión de Urbanismo non esperaba encontrar problemas porque os veciños en xeral e os mariñeiros en particular dixeran que non tiñan ningún tipo de problemas. O 21 de abril, o Presidente da A.VV. Bronlle de Meira, Enrique Piñeiro Costa, que parece que estivo tamén co director de obras, díxonos que había problemas e que José García avisara a Serxio Regueira para ter unha reunión co Enxeñeiro de AA na Ponte de Rande ao día seguinte. Os señores Serxio Regueira e José García estaban reunidos no mesón Bajamar co encargado da empresa auxiliar Sulleva e os membros da Agrupación de Mariscadores de Meira. O 24 de abril o Director Xeral de Autopistas, González Pastor chámanos para preguntarnos que problemas existen porque a contrata Sulleva dille que*

521 PM28031980. AMCM.
522 PM25041980. AMCM.

non permiten pasar os camións. Personámonos alí e nos indica o encargado de Sulleva que para el os representantes do Concello son García, Piñeiro, Rúa, Paz, etc. (toda a comisión que UCD mandou para incordiar ditas obras). Analizadas as causas de paralización das obras, diante de toda a comitiva que UCD despregou, no se encontrou razón algunha...

Aberto o debate, a intervención de Serxio Regueira (UCD) afirma que a Comisión de Urbanismo sempre dixo que a escollera de Meira non era competencia do Concello senón de Obras del Puerto, no Concello e na asemblea pública de Meira, antes de comezar as obras. Que ao mellor dicíano "coa intención de convencer aos mariñeiros de que non se fixese", que o grupo de UCD foi facultado pola CMP (a través da Comisión de Urbanismo e Servizos) para xestionar os recheos de Moaña e escollera de Meira pero a Comisión de Urbanismo botou abaixo esta decisión da CMP, e pregúntase: ¿a quen tiñan medo?, afirmando que UCD xestionou algunhas obras para o Concello a través do MOP durante a visita do Ministro deste organismo, dando posteriormente coñecemento ao Pleno. Algunhas destas obras están comezadas: Estación de Ría, Ensanche da estrada ata San Adrián, escollera de Meira e ampliación do peirao de Domaio. O debate finaliza coa aprobación da moción cos votos favorables de UG, PSOE e BN-PG.

Era unha nova escenificación da complexidade da xestión política dunha obra que ten que atender á discrepancia entre grupos políticos da Corporación, neste caso entre o grupo municipal de UCD e o resto da Corporación, e tamén entre esta e as asociacións de veciños. Un terceiro factor nesta loita de intereses é a debilidade do nacionalismo gobernante ante as administracións públicas provinciais ou estatais polo feito de estar UCD no goberno do Estado e da Deputación Provincial, motivo polo que os seus representantes municipais tamén son mediadores, ás veces por delegación municipal, para acadar beneficios en obras e servizos financiados directamente polo Estado a través da petición destes concelleiros de UCD que procuran tamén mobilizar e fidelizar ás asociacións de veciños. O caso de Serxio Regueira pode ser ilustrativo da dinámica descrita porque pertence ao grupo municipal da UCD e ostenta a presidencia da A.VV. Montefaro de Domaio.

O vertido de terras segue a producirse mentres o Concello leva a Pleno un posible "Estudio dos proxectos de urbanización dos recheos de Meira e Seara". Presidencia dá conta da reunión co director de AA, señor Pastor, quen lle manifesta que AA cumprirá estritamente o compromiso de recheos e escolleras que tiña co Concello de Moaña e informa que é mester adoptar unha postura para distribuír recheo e escollera entre Meira e Moaña, pois "en principio pensábase facer escollera dende o parque infantil de Seara ata o peirao de Moaña pero Obras do Porto non autoriza o recheo dende a rampla de

Pereira ata o peirao". Como queira que se se fixera toda a escollera prevista quedaría un vertedoiro ao longo de toda A Seara, podería pensarse en destinar [o material non utilizado] dende a rampla de Pereira ao peirao para recheo da Seara e A Praia. Acórdase[523], co voto en contra de José García, por entender que debería realizarse o recheo na súa totalidade:

a) *Ampliar o recheo onde irá o campo de fútbol de Meira en 15 metros de lonxitude e a todo o largo.*

b) *Reducir a escollera dende o recheo onde irá o campo de fútbol de Meira ata o rio da Porta do Sol en 15 metros de lonxitude e a todo o largo.*

c) *Facer a escollera de Moaña dende o Parque Infantil de Seara ata a rampla de Pereira.*

d) *Converter o resto do recheo de Meira en escollera repartindo proporcionalmente as terras entre Meira e Seara, procurando en Seara que a zona de vertedoiro quede detrás da Praza* [de abastos] *e Pósito* [Confraría].

e) *Os produtos non vertidos dende a rampla de Pereira ata o peirao se empreguen no recheo de Moaña.*

f) *Que o aparellador municipal plasme os puntos anteriores para ter unha idea clara de como van quedar definitivamente.*

g) *Coñecendo o estado final das obras, ampliar a presión sobre AA cara rematar totalmente os recheos de Meira e Moaña.*

Con algo máis dun mes de distancia dende a toma deste acordo, Alcaldía volve informar[524] sobre problemas comunicados pola dirección de AA por mor de "dificultades existentes para a total terminación das obras acordadas e outras demandas de material". Dáse lectura na mesma sesión a outros escritos que interesan a conformidade do Concello para realización doutros recheos e para retirar pedra do vertedoiro municipal de Fontenla en Domaio, ao que se opón a A.VV. Montefaro se antes non se chega a un acordo cos veciños.

Lino Castilla (UG) asegura que non existe problema para o remate dos recheos pola dirección de AA, senón que o problema é que os veciños non faciliten o acceso para os vertidos en Meira. Serxio Regueira (UCD)

523 PM01081980. AMCM.
524 PM26091980. AMCM.

afirma que se non hai falta de material tampouco debe haber problema para a terminación dos recheos e que a retirada de materiais do vertedoiro de Domaio se debe negociar cos veciños, que están a sufrir as consecuencias dun intenso tráfico con deterioro das estradas. Lino Castilla insiste en que as obras continúen ata a total terminación dos recheos de Meira e Seara, repartindo o material entre ambos a metade e metade. José Alonso (UCD) pide a inmediata e total terminación do recheo de Seara, Moaña.

Establecido un debate sobre se na obra que se está a realizar debe ser prioritario o recheo ou a escollera, uns concelleiros opinan que debe rechearse todo sen escollera para que o terreo gañado ao mar quedara totalmente recheado, outros que se debe facer primeiro a escollera e despois o recheo porque aínda que non houbese material [procedente da AA], podería facerse despois con materiais procedentes doutras obras. Detido o Pleno para escoitar aos veciños presentes na sala, acórdase por unanimidade:

1) *Esixir de AA a terminación total do recheo da Seara á vista do borrador-informe do aparellador municipal.*

2) *Manter a realización total das obras do recheo en Meira de acordo co proxecto aprobado a excepción da ampliación de instalacións deportivas e situación de talleres.*

3) *Que ambos recheos se efectúen coa seguinte proporción de viaxes: seis camións para Seara e dous para Meira.*

4) *Pospoñer o remate do actual recheo no mercado* [Praza de Abastos] *dende o existente ata a rampla de Pereira ata que non se pronuncien sobre el a Asociación de Bateeiros e a Confraría de Pescadores.*

5) *Que os demais problemas e reivindicacións sexan estudadas pola Comisión de Urbanismo coa participación dos veciños afectados para logo formular ao PM proposta concreta.*

6) *Dirixir escrito a Dirección da JOP e por elevación a Dirección Xeral de Portos para interesar dos citados organismos a protección dos recheos pola súa cara exterior, acondicionamento e terminación das ramplas de acceso e varadoiro, prolongación da rampla de Pereira, aprovisionamento de escaleiras interiores de acceso a rampla "do Quisque", que deberá prolongarse ata a pedra da "Consela".*

O remate da colaboración entre a dirección de AA, o Concello de Moaña e as asociacións veciñais produciuse despois dun tempo de tránsito intenso de camións pola estrada Cangas-Vilaboa, depositando os produtos sobrantes do movemento de terras nos recheos de Domaio, Meira e Moaña: o baleirado e traspaso de terras dende as obras da autoestrada aos distintos puntos do litoral moañés durara dende novembro de 1979 ata finais do ano 1980, deixando substancialmente modificada a liña do borde litoral histórico do concello de Moaña, un lugar onde o Concello vai priorizando os primeiros usos do novo recheo de Praia-Seara aprobando en 1980 unha zona de 4.325 m^2 de superficie para aparcadoiro de vehículos, colocación da rede de sumidoiros, acondicionamento de 1.905 m^2 de superficie para usos alternativos de mercadiño[525] e instalación de dúas pistas polideportivas en 1981.

En xaneiro de 1981 o MOP e a Dirección Xeral de AA convidan ao Concello de Moaña á inauguración da apertura da AP-9 entre Pontevedra e Vigo, cuestión que é tratada no Pleno moañés. Alcaldía manifesta que a Corporación debe pronunciarse sobre a asistencia a este acto de inauguración dada a cancelación existente do transvasamento de terras entre as obras da autoestrada e as obras municipais dos recheos. Manuel Méndez (UG) entende que non se debe asistir porque a concesionaria non cumpriu os seguintes compromisos co Concello: non construíu paso de peóns na Ponte de Rande, non concedeu bonos aos traballadores do Morrazo nin deu satisfacción ás reivindicacións dos veciños de Vilaboa. Serxio Regueira opina que o acceso a San Lourenzo foi aceptado segundo proposta do Alcalde, que a estrada Cangas-Vilaboa non se arranxou, por parte de AA, debido ao paso continuo de vehículos de gran tonelaxe que transportaban materiais para os recheos, motivo polo que non podían repararse ata que concluíran os recheos.

O Pleno acorda a non asistencia do Alcalde á inauguración, por a) Incumprimento dos compromisos, especialmente no acceso a San Lourenzo, b)Non ter realizado o paso de peóns en Rande, c) Non ter concedido bonos para os traballadores do Morrazo, d) Non ter dado cumprida satisfacción aos veciños de Vilaboa e Pontevedra sobre reposición de servizos e abono de indemnizacións, e) As pésimas condicións en que se encontra a estrada Cangas-Vilaboa.

No mesmo acto[526] Alcaldía propón prestar apoio a unha manifestación de protesta para reivindicar: a) un paso de peóns na Ponte de Rande, b) converter o tramo da autoestrada Vigo-Pontevedra en vía pública adecuada e

525 Desaparecida a Feira agropecuaria histórica que se celebraba en San Martiño, no comezo da democracia, coa apertura do recheo da Praia-Seara, aparece no centro urbano de Moaña un novo "mercadiño", en principio de produtos como roupa, calzado, etc., que foi a actividade económica máis regular, celebrada ininterrompidamente, con cada vez máis dimensión en canto a postos e variedade de produtos ofertados. Foi un feito social e comercial que contribuíu de forma decisiva á nova configuración, uso e aceptación da nova imaxe urbana moañesa a partir da creación do recheo litoral.

526 PM30011981.AMCM.

gratuíta, c) retirada das sancións impostas aos veciños por manifestarse sobre a apertura da Ponte de Rande e o estado das estradas, d) o non acondicionamento da estrada Cangas-Vilaboa antes da apertura do tramo da autoestrada, e) falta de seguridade no cruce de acceso do Morrazo á AA e a estrada de San Lourenzo, f) non ter realizado as reposicións en Vilaboa.

O 7 de febreiro de 1981 inaugúrase o tramo da AP-9 entre Vigo e Pontevedra, unha vía de comunicación que non só deixou a súa pegada no concello de Moaña en forma de recheos e modificación do borde litoral senón que incrementou a comunicación e a relación rodada –un traxecto histórico de máis dunha hora en automóbil, bordeando o litoral interior da ría de Vigo pasou a facerse entre 10 e 20 minutos, segundo se partira de Domaio ou de Moaña- senón tamén a relación social entre Moaña e Cangas coa cidade de Vigo.

As relacións e oportunidades laborais co cambio a unha sociedade postindustrial despois da crise do sector naval e o incremento do sector servizos, o aumento do emprego no sector da automoción viguesa, o descenso acusado do número de viaxeiros nos transportes marítimos de ría e o importante medre da circulación rodada en automóbil privado sobre todo, o incremento da oferta da cidade de Vigo en canto a actividade comercial, etc., comezaron a visibilizarse a partir da apertura desta vía na que a Ponte de Rande pasou a ser, máis alá dunha obra de enxeñería civil e unha solución ao déficit de comunicacións rodadas da área social e económica máis importante de Galicia, unha metáfora do vínculo das vilas do norte da ría coa cidade de Vigo, a consolidación dun espazo social de relacións humanas por enriba de vínculos administrativos: Cangas-Moaña-Vigo pasaron a consolidar un xermolo de área metropolitana funcional e social sen ter esta figura ningún recoñecemento legal ou administrativo.

Era un dos pasos máis importantes na historia de Galicia en canto a creación de entidades socioterritoriais de escala, unha materialización do soño do arquitecto Palacios cando plasmara no seu lendario Plan, que deseñara en 1932, a inclusión dun "viaduto de Rande" que xa imaxinaba con cables de arame, así como a consideración de Cangas e Moaña como "vilas satélite" de Vigo[527], unha imaxinación prospectiva en paralelo a dun Xulio Verne que fixera viaxar ao submariño Nautilus por estes lugares da ría de Vigo.

16.2 Ordenación do novo centro litoral, novos recheos

A partir de 1981 a política de xestión dos novos espazos creados no borde litoral ten varias fases e distintos enfoques cando o Goberno Municipal pretende consolidar e mesmo ampliar o recheo central da zona Praia-Seara

527 PALACIOS, A., (2002) [1932], p. 64-65.

cara ao Con, definir os seus usos, urbanizalo, acondicionar o seu axardinamento e tentar a súa legalización.

En febreiro de 1981 ofértaselle ao Ministerio de Cultura "parcela de 1.000 m^2, nos terreos gañados ao mar no perímetro urbano [A Praia-A Seara] para construción de edificio para Casa de Cultura e Biblioteca" e uns meses máis adiante debátese sobre a contratación de materiais para a consolidación dos recheos e a creación de novos recheos litorais na zona urbana central que dean continuidade aos xa realizados.

Sobre a proposta da Comisión de Urbanismo para acadar o subministro de 8.000 m^3 de material para continuar a escollera do recheo de Moaña, segundo proxecto, dende espigón fronte á Praza de Abastos ata a rampla de Pereira e despois, co material sobrante, continuar o recheo ata o peirao de pasaxeiros Moaña-Vigo tamén sobre o proxecto, confeccionase, ademais, borrador para o futuro recheo a realizar dende o peirao da Mosqueira, no barrio do Real, ata a rampla do Con, o que nos dá idea da pretensión do Goberno Local de continuar estirando o recheo realizado por toda a liña urbana litoral, en paralelo aos barrios do Vaticano, O Real e O Con, aínda que xa recibiran a negativa da JOP a realizar unha parte desa ampliación, dende a rampla de Pereira.

O debate desta proposta[528] aporta o ton das distintas voces da Corporación sobre os cambios e demandas que se van producindo por parte de colectivos e asociacións importantes e tamén os usos previstos para os novos espazos públicos gañados ao mar. O voceiro do BN-PG, Uxío Chapela, afirma discrepar porque o material dispoñible debe ser destinado para o recheo Con-Real e o sobrante para promocionar ao Club de Remo de Meira. Luís Gayo (UG), defende que os terreos gañados ao mar co recheo de Moaña son necesarios para equipamentos comunitarios, que se necesita conseguir máis recheos para aparcamentos no peirao de Moaña e que debe procederse á explanación do recheo realizado en Domaio.

Lino Castilla, (UG) di que se debe reforzar o crebaondas do recheo de Moaña para a protección do mesmo e despois continuar o recheo sen que se poidan formar "focos de infección", cuestión que apoia Manuel Méndez (UG), argumentando que hai que evitar que os recheos existentes se convertan en vertedoiros de refugallo, protexer os recheos por fóra mediante crebaondas, solicitando ademais destinar 1.000 m^3 de material para facilitar a promoción do remo en Meira. José Alonso (UCD), pide a realización de dúas ramplas máis de baixada, no recheo de Moaña, para servizos marítimos. Serxio Regueira (UCD), e Uxío Nogueira (UG) avogan polo remate e conservación das obras iniciadas e a realización dun novo proxecto para o aterrado do Con. Alcaldía manifesta que a protección do recheo con escollera debía

528 PM29051981. AMCM.

realizala o MOPU pero que debía quedar para mellor estudo.

A idea de ampliar lonxitudinalmente o recheo pola zona urbana litoral cara ao Real-O Con é aprobada por unanimidade na mesma sesión plenaria, para lle solicitar ao MOPU a "concesión administrativa dos terreos gañados ao mar para zonas verdes, aparcamentos e outras obras de equipamentos comunitarios, legalizando o actual aproveitamento por parte do Concello" dos terreos "na zona marítimo-terrestre, praia da Seara,...para recuperar os terreos situados entre o actual peirao de pasaxeiros e o parque infantil da Seara e destinalos a zonas verdes e outros servizos comunitarios de tal forma que a nova liña de terra quede situada a uns 50 metros da existente".

Mentres se agarda a resposta, A CMU solicita da Corporación verter nos recheos da Seara toda a terra necesaria para tapar fochancas e ocos, nivelando o terreo, contratar unha motoniveladora e rodillo para explanación e compactación adecuada, adquisición de herba para sementar nos terreos gañados ao mar e colocación de bordes dende os xardíns da Praza de Abastos ata o parque infantil de Seara. A respecto do subministro de materiais e explanacións de mesmo recheo, considera que se deben contratar 6.000 m^3 de pedra e 2.000 m^3 de materiais procedentes de Cangas e 2.000 m^3 máis procedente de Moaña á empresa Gabriel Piñeiro SL, para transporte, vertido e nivelación, para reforzar os puntos máis febles do recheo actual, corrixir as diferencias da obra co proxecto e chegar ata a rampla de Pereira, previa asemblea cos afectados e xestións co Enxeñeiro Xefe de OP.

Alcaldía formula proposta complementaria e paralela á do aterrado de A Seara- A Praia, no sentido de ir vertendo en Meira, con destino ao Club de Remo, unha cantidade total de 1.000 m^3, como subvención á promoción do remo no concello, e tamén confeccionar un proxecto completo de aterrado dende a rampla do Con ao peirao da Mosqueira, a desenvolver en tres fases. Esta proposta é aprobada por maioría[529] e, xunto co acordo tomado anteriormente, acredita a vontade do goberno de continuar con novos e cumpridos recheos litorais no centro urbano ao mesmo tempo que solicita a concesión administrativa sobre os realizados e de novo volve, por petición dos importantes clubs de remo fundados na localidade, a practicar unha política de feitos consumados ao aprobar –sen ter competencia, por tratarse do dominio público marítimo/terrestre- un novo recheo nunha das partes máis sensibles e simbólicas do litoral moañés: a illa de San Bartolomeu, que xa fora transformada en península a través do vertido das terras procedentes da AA.

A comezos de 1982, Alcaldía presenta[530] un proxecto de parques públicos en Seara e A Xunqueira, redactados ambos polo enxeñeiro de montes Emilio Esteban Justo. Abertos os sobres coas correspondentes ofertas, adxu-

529 PM3061981. AMCM.
530 PM27011982. AMCM.

dícase ao Centro Forestal de Lourizán por 1.191.383 ptas. o acondicionamento, axardinamento, plantacións de árbores, etc., co que o Concello pretende a primeira transformación urbana dos recheos en paseos e xardíns para a zona urbana central e creación de masa arbórea nos lindes do campo de fútbol e na zona entre a praia da Xunqueira e a estrada Cangas-Vilaboa. Durante ese mesmo ano, ante a necesidade de iluminar a zona axardinada do recheo de Praia-Seara, por seguridade e ao obxecto de que durante a noite se poida establecer mellor vixilancia, mércanse catro proxectores de luz e solicítase á Deputación Provincial unha subvención de 2.927.120 ptas., o 66, 66% do importe total das obras de acondicionamento e reparación das pistas polideportivas en Praia-Moaña, conforme á memoria do aparellador municipal.

A medida que o acondicionamento dos recheos vai avanzando en 1982, distintos membros da Corporación van aportando ideas porque o deseño dos parques e xardíns é un tema no que se implican de forma persoal e tamén simbólica, cada un dándolle un toque á grande obra, como unha tormenta de ideas.

Francisco Suárez (PSOE), por exemplo, presenta unha moción sobre a urbanización dos recheos queixándose porque as obras superan o importe previsto e van con retraso, aportando na súa proposta unha estética persoal pero tamén asumindo un imaxinario social de imitación dos parques soñados ou referenciais cando propón plantar en seis zonas con herba, doce camelias brancas e vermellas, dúas en cada zona e seis palmeiras no centro de cada parterre.

A Comisión de Patrimonio, pola súa banda, estima que podería recollerse unha pedra existente no monte de Meira, polo seu alto valor decorativo e debería situarse provisionalmente no centro dun parterre do xardín da Seara, con idea de facer de fonte no futuro, cando se conte con instalación de auga no xardín. O recheo da Praia-Seara vai tomando política e socialmente distintas denominacións: xardín, alameda ou paseo, todas elas inéditas na historia e na sociabilidade dun concello e dunha comunidade moañesa que está a descubrir por primeira vez o goce de amplos espazos públicos relacionais ou "encontradizos", como os denominara Xerardo Estévez, espazos que antes só gozaba, ocasionalmente, nas escasas visitas ás alamedas de Cangas ou de Vigo.

Ilegal ou alegalmente, as obras de todos os recheos seguen a consolidarse a pesar das cíclicas comunicacións do MOPU ao Concello, recordando que "calquera obra realizada no recheo da zona marítima deberá ser autorizada pola Xefatura de Portos e Costas de Pontevedra... [a cal se lle deberá enviar] notificación dos acordos referentes aos xardíns proxectados neste lugar"[531]. O Concello, pola súa banda, intenta avanzar o máximo posible na

531 PM02021982.AMCM.

realización de novos recheos, como o de Domaio, e en ordenar, consolidar e urbanizar sobre todo o do centro de Moaña, pero o choque coa legalidade institucional volve producirse, como así o ilustra a carta da Delegación Provincial do MOPU -sobre o proxecto de saneamento e sumidoiros para Domaio, onde se pretende tamén instalar estación depuradora de augas, paseo marítimo e parque infantil- contestando que non se pode autorizar o vertido nin a ocupación prevista.

Alcaldía reacciona e despois de solicitar da Secretaria Municipal informe sobre trámites a seguir para solicitar a ocupación de terreos de dominio público[532], acada a aprobación unha moción[533] con motivo de procurar a "regularización das concesións administrativas en zona marítimo-terrestre que poidan afectar á inmediata e futura planificación municipal en materia de xardíns, accesos, paseos marítimos, equipamentos sociais, etc.", propoñendo "clarificar as concesións marítimo-terrestres no seu estado de utilización, previsións urbanísticas municipais, infraccións, etc., en toda a zona costeira do concello, en especial dende A Seara á Porta do Sol debido a obras como asfaltados, urbanización, [futura construción da] Casa do Mar, etc." , así como "clarificar as presuntas propiedades particulares que se poidan exhibir polos ocupantes".

Aproveitando que se está a redactar o novo planeamento urbanístico, o Concello pretende recoller neste novo deslinde do ámbito marítimo-terrestre un estudo de detalle de toda a costa e, en particular, o estado e clasificación das concesións e propiedades na zona litoral, posto que a modificación da liña costeira para os recheos de Meira e Domaio, así como a continuación do de Praia-Seara cara ao Leste, encóntranse con litixios de propietarios particulares e empresas por mor de existiren concesións no dominio marítimo-terrestre. Tamén inflúe a pretensión do Concello de cambiar o uso recreativo da zona do parque infantil situado na cabeceira Leste do recheo de Praia-Seara para crear unha nova dotación sanitaria, facilitando a construción dun novo edificio do ISM para Casa do Mar.

No proceso de ordenación e provisión de servizos para o acondicionamento de recheos, no primeiro trimestre de 1982 apróbase a instalación de sistema de rego no xardín da Seara colocando unha tubaxe central, pertencente á rede xeral de augas, con saída dende a Alameda antiga ou a Praza de abastos, enterrada por un dos paseos laterais do parque, así como tomas de auga cada 25 m., limpar o aterrado vertendo as pedras ao mar, recoller o refugallo e trasladalo ao vertedoiro, rodear e estaquillar con paus de 30 cm. sobre a superficie dos xardíns con arame as catro zonas que van ser sementadas con césped, para evitar que a xente pasee polo medio do xardín e se habitúe a circular polos futuros paseos, así como tamén aportar terra negra vexetal nas

532 CMP21041982. AMCM.
533 CMP26051982. AMCM.

zonas de herba coa máxima présa posible. En maio de 1982 acórdase a adquisición de 56 bancos e 50 papeleiras metálicas para o xardín de Seara e parque da Xunqueira, ao mesmo tempo que se informa á Corporación do acordo de aprobar un gasto de ata 50.000 ptas. para redacción do Proxecto de Protección do aterrado de Seara, dado que o MOPU –afírmase- ten aprobada a cantidade de 16.000.000 ptas. para a protección dos aterrados.

O 5 de xuño de 1982 inaugúrase oficialmente o xardín da Seara, coincidindo co Día Forestal Mundial, despois da plantación de árbores e acondicionamento dos parques públicos de Seara e A Xunqueira por parte do Centro Forestal de Lourizán (Pontevedra). Entre a inauguración e 1985 vanse colocando na zona de Seara máis árbores, un arado romano "que deberá ser pintado de negro", unha nova zona de estacionamento de vehículos detrás da Praza de Abastos, melloramento das pistas polideportivas, etc.

Ante a solicitude de José Abal Portela, presidente do Club de Remo San Juan de Tirán, para autorización de instalación de edificio para club de remo, necesitando con tal motivo a a invasión do dominio público marítimo-terrestre e efectuar un novo recheo na zona da Mosqueira, fronte ao barrio do Real, o Concello responde que, para efectuar o recheo, se dirixa "á autoridade competente" e, unha vez autorizado solicite do concello a correspondente licenza de obra[534].

Esta sobria resposta dá conta das distintas relacións e/ou afinidades que a institución municipal tiña en aquel momento cos clubs de remo da localidade posto que non houbo o mesmo trato institucional nin indicación de iniciar procedemento administrativo legal para o recheo e construción do edificio do Club de Remo Samertolameu de Meira. Quizais por este motivo, un par de meses despois de tomada esta decisión, a CMP "acorda reconsiderar as obxeccións impostas á concesión solicitada polo Club de Remo San Juan de Tirán e ceder, no seu día, segundo planos, 5.000 m^2, dentro dos que se reservará o Concello, para uso público, franxa de 59 m. de fronte á estrada por un ancho de 30 m. de saída cara ao mar, non podendo [o club de remo] en ningún caso valar a superficie dos 5.000 m^2"[535]. Un mes despois acórdase por unanimidade a declaración de utilidade pública e interese social das obras de construción de instalacións deportivas do club de remo e a concesión de licenza municipal de obra, segundo proxecto do enxeñeiro José M. Castelo Castro, licenza condicionada ao informe favorable da CPU, debendo ter en cota as condicións citadas, quedando exenta do 95% do total das taxas municipais. O último condicionante é quedar supeditado o inicio das obras a acordo tácito entre Comandancia de Mariña, Confraría, Concello e Grupo de Portos.

No segundo mandato municipal o concello inicia un cativo recheo en

534 CMP19011982. AMCM.
535 CMP09031983. AMCM.

1984, na zona Leste, no linde litoral do centro urbano, afectando ao ámbito marítimo entre o río do Pontillón, o río da Fraga e a estrada Cangas-Vilaboa. Aproveitando a obra de ancheamento do camiño do Prado, preto do centro urbano, preténdese depositar a pedra extraída no novo proxecto litoral, para o que se solicitan informes á Confraría de pescadores e á Asociación de mariscadores, enviando notificación ao Grupo de Portos e MOPU "achegándolles fotocopias da zona que se está aterrando"[536].

Realízase algo despois a solicitude ante o Enxeñeiro Xefe de Portos e Costas de autorización para aterrado do Pontillón-río da Fraga indicando que posteriormente se achegarán os informes da Confraría de pescadores e Asociación de mariscadores, xa solicitados, que resultan positivos por parte dos gremios mariños "sempre que se faga unha escollera que impida o desprendemento de terras que afecten ao marisco da zona e que o Concello se responsabilice dos danos que se poidan ocasionar con motivo desta obra ao marisco da zona".

A Asociación de Mariscadoras si ten unha voz autorizada na dinámica de creación dos recheos, saneamento do litoral, etc., porque foi un dos gremios emerxentes en democracia do sector económico relacionado co mar, como tamén o foi a asociación profesional de naseiros artesanais, que tiñan o seu porto base a carón da illa do San Bartolomeu, en Meira, illa que en poucos anos se transformará para dar acubillo a infraestruturas como un novo espigón para dique de abrigo da citada flota de naseiros, que pasarán a ter dotacións de casetas para almacén e lonxa. Ambos colectivos tiveron moito que opinar na creación do novo recheo de Meira.

Trasladada a información á Xefatura de Portos e Costas significándolle "que a escollera [no río do Pontillón] estase levando a cabo de acordo e coas condicións solicitadas pola Confraría e Agrupación de Mariscadoras co ánimo de protexer os cultivos de marisco da zona", o escrito de resposta da Xefatura de Portos e Costas, unha vez máis, contén unha resolución de paralización das obras de aterraplenado do rio Pontillón ao rio dos Ladróns, así como denegación para a realización da obra ata que se presente un proxecto que solucione os problemas argumentados pola Axudantía de Mariña e Confraría de Pescadores de Moaña. A CG, como vén sendo habitual, acorda ratificar acordos anteriores, que se remitan á Xefatura de Portos e Costas xunto coa copia das Normas Subsidiarias, con plano da zona do aterrado que se pretende, significándolles a inexistencia de arrastre de materias orgánicas que proveñan desta obra e sen afectar tampouco as concesións de estaleiros e outros talleres existentes porque a obra non afecta a esa zona[537].

536 CG22051984. AMCM.
537 CG26071984. AMCM.

16.2.1 Centro de saúde: Casa do Mar

Á parte dos edificios dos clubs de remo promovidos polas súas respectivas directivas en Meira e Tirán, o primeiro e único edificio dotacional construído sobre un dos novos recheos foi o **centro de saúde e edificio social da Casa do Mar**[538] (en diante, CdM), pertencente ao ISM. Para comprender a complexidade dun proceso de edificación dunhas instalacións que se tramita durante as dúas lexislaturas do nacionalismo en Moaña resumiremos os fitos máis relevantes.

O Concello solicita ao ISM da construción dunha CdM en Moaña[539], posto que a existente na primeira planta do edificio da Confraría de Pescadores encontrábase saturada e resultaba disfuncional. En 1981, a CMU propón que esta dotación sanitaria se sitúe, 1) nos primeiros 1.000 m^2 partindo da cara N do actual parque infantil da Seara, 2) na zona traseira da Confraría de Pescadores, ou 3) fronte ao parque infantil do peirao de pasaxeiros Moaña-Vigo, nun espazo litoral por rechear. En 1982 apróbase a aportación de 2.000m^2, en Seara[540] -no espazo do parque infantil existente- para a futura Casa do Mar e aparece o constante problema na xestión dos recheos cando o ISM e a Xefatura Provincial de Portos e Costas comunican ao concello que a concesión solicitada polo Concello está paralizada "porque os terreos seguen a depender directamente do MOPU".

O PM acorda[541] por maioría -co voto en contra de Pedro Riobó Costa (UG)- continuar os trámites legais para acadar o cambio de destino e situar neses terreos a CdM. Ao mes seguinte rexístrase unha solicitude de entrevista co Concello por parte dun grupo de veciños que se opoñen á situación da Casa do Mar en Seara. Pedro Riobó Costa[542] pide que o tema se leve a Pleno pero o Goberno ratifica e aproba o borrador[543] elaborado polo ISM para a CdM, na fieira de edificacións existentes na zona –estaleiros de ribeira, talleres e vivendas no N litoral da Seara- sen que se produza unha ruptura estética do xardín de Seara.

Cando se recibe o escrito do ISM achegando planos para a construción da CdM e se acorda interesar do MOPU para a súa adxudicación como concesión ao ISM, o concelleiro Pedro Riobó volve pronunciarse en contra da situación "porque non é a zona máis económica para o concello por ter que desmantelar unha obra municipal xa construída [o parque infantil existente]

538 En 1980, o consultorio médico da Casa do Mar estaba situado na primeira planta do edificio da Confraría de Pescadores, contando con oito médicos, existindo tamén en Moaña seis consultas médicas privadas. Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 83.

539 PM25041980. AMCM.

540 PM18031982. AMCM.

541 PM23041982.AMCM.

542 CMP26051982. AMCM.

543 CMP01091982. AMCM.

para despois volver facela". Alcaldía di que o desmantelamento do parque só significa volver facelo en mellores condicións, e que a nova obra sanitaria proposta "podería facerse mellor se o pobo puidera recuperar unha concesión anexa ao parque infantil que non cumpre cos fins para os que foi concedida", referíndose ao estaleiro de Pedro Riobó Casqueiro, pai do concelleiro que se manifesta en contra da obra. UG explica que votará a favor pola necesidade deste servizo e por ser a zona máis adecuada, e apróbase por maioría[544], agás o voto contrario do citado concelleiro e a abstención de Francisco Suárez.

En 1984 continúan os trámites e rexístrase escrito do ISM solicitando certificación que acredite a viabilidade urbanística dos terreos onde se pensa ubicar a CdM. Acórdase: 1º Renunciar á concesión outorgada por Orde Ministerial de 07031972 para ocupar parcela de terreo da zona marítimo-terrestre, en Seara, para parque infantil e aparcamento, para destinala a CdM tal e como se ten comunicado ao ISM, Xefatura de Portos e solicitado ao MOPU, 2º Declarar de interese público e social a construción da CdM, 3º Propoñer ao ISM o desprazamento da situación do edificio da CdM cara ao taller-concesión existente, de xeito que quede a 5 m. da liña de postes que delimita o parque infantil actual pola parte N.

En 1985, ante unha nova comunicación do MOPU sobre terreos para construción da CdM, acórdase: 1º Renunciar a 775 m^2 da concesión outorgada a este concello para parque infantil e aparcamento, onde se situará parte da CdM; 2º Levar a cabo, no seu dia, as obras de demolición e retirada das instalacións do parque infantil nos 775 m^2 de concesión aos que se renuncia; 3º Renunciar a 1.025 m^2 da solicitude de concesión formulada polo Concello para parque infantil, aparcamento, actividades deportivas e xardíns, onde se situará parte da futura CdM; 4º Modificar o proxecto correspondente á solicitude de concesión do Concello para parque infantil etc., co obxecto de integrar no mesmo os terreos sobrantes da concesión, logo da renuncia.

En 1985, dentro do clima de desconfianza entre o Concello e as institucións estatais, a Xefatura de Portos comunica a necesidade de presentar o proxecto completo das obras para a CdM e o Concello responde á DXPC e ao ISM protestando polas trabas e obstáculos e o agravio comparativo en relación a outros proxectos de CdM como Santa Uxía de Ribeira, onde non se esixiu o proxecto completo que agora se esixe a Moaña.

O 12 de agosto de 1986 a Concellaría de Parques e Praias dá conta do próximo inicio das obras de construción da CdM de Moaña.

544 PM26111982. AMCM.

16.2.2 Novo recheo en Domaio: Almacén-Laxe Bagaña

Cambiando de ámbito territorial, a empresa Davila solicita permiso para explotación dos materiais sobrantes da obra de AA almacenados en monte Fontela de Domaio e o Concello deixa a solicitude pendente dunha asemblea en Domaio[545]. Elaborado un borrador de contrato de colaboración entre Concello de Moaña, Xunta Provisional de Montes de Man común de Domaio e Asociación de veciños Montefaro de Domaio para a explotación dos materiais do monte Fontenla pola empresa Davila, na súa redacción explícase que o Concello e a Xunta Veciñal autorizarían á empresa á extracción de ata 1.000.000 m^3 de terra e pedras, nun prazo máximo de 15 anos, coas seguintes contraprestacións por conta da empresa:

Realizar e terminar totalmente, na parroquia de Domaio, en cin co anos:

a) *Pavimentación de 35.000 m^2 de pistas ou camiños.*

b) *Realización de* ***obras de*** **[novo]** ***recheo dende Almacén ata Laxe-Bagaña, de acordo co proxecto aprobado pola Xunta veciñal e Concello.*** *O recheo terá una superficie aproximada de 800 m. de longo por 25 a 30 m. de anchura media, con dúas ramplas de acceso á praia, escollera de protección e preveranse dúas pontes de 6 m. de ancho nos dous ríos existentes. Se a Comunidade veciñal e o Concello decidisen non realizar o recheo, o valor do mesmo, estimado en 12.000.000 ptas., será investido en obras en Domaio.*

c) *As obras serán realizadas baixo a dirección da comunidade veciñal coa colaboración e supervisión da Comisión de Urbanismo e o Técnico municipal por tratarse de obras con carácter de uso público.*

d) *A comunidade veciñal, una vez clasificados os montes e recoñecido o seu carácter de man común, asumirá todas as competencias subrogándose en todas aquelas que viña exercendo o Concello como administrador dos terreos e recoñecerá este convenio coa empresa Davila.*

e) *Calendario: 1º ano: 5.000 m^2 de asfaltado de pistas ou camiños, 2º ano, execución de 7.000 m^2 de pistas ou camiños, 3º ano, execución de 8.000 m^2 de asfaltados , 4º ano, 8. 000 m^2 de asfaltados, 5º ano, 7.000 m^2 de asfaltados.*

f) *O recheo irase executando unha vez aprobado o proxecto correspondente de acordo coas fases que se establezan pola comisión veciñal, Concello, empresa adxudicataria e segun-*

545 PM29071981. AMCM.

do as necesidades.

O contrato é aprobado por unanimidade[546] e tamén as modificacións posteriores[547] solicitadas por parte de Serxio Regueira, en aquel momento concelleiro de UCD, presidente da A.VV. Montefaro de Domaio e tamén da Xunta provisional de Montes de Domaio, con varios puntos, entre eles: as medicións de material extraído faranse mediante planos topográficos da Oficina Técnica e aparellador municipal; o sobrecuste dos camiños que non acaden un mínimo de 4 m. será aboado polos veciños do mesmo ou polo Concello; a empresa Davila comprométese a realizar [o recheo] aínda que non estivesen construídas as pontes sobre os ríos, obra esta que será realizada pola comunidade e/ou Concello ou outro organismo.

A complexidade da xestión do novo recheo de Domaio é maior porque aos tres actores necesarios para o acordo, no caso dos primeiros recheos de AA (1979-80): empresa, Concello e asociación veciñal, súmase agora unha cuarta entidade, a Xunta provisional de Montes de Domaio[548], por mor do proceso de devolución dos montes de man común aos seus lexítimos propietarios históricos, os comuneiros da parroquia. Polo tanto, a parroquia de Domaio negocia e xestiona a través de dous tipos de representación ou participación, a coñecida da A.VV. e tamén a nova da comunidade de montes, dándose a característica de estaren lideradas en aquel momento pola mesma persoa.

A mediados de 1982, mediante un escrito, a A.VV. Monte Faro de Domaio solicita que o Concello encargue o proxecto para facer un recheo dende o Almacén a Laxe Bagaña, obra incluída no contrato firmado co contratista sr. Davila. A CU informa que "vendo a redacción do contrato, non aparece como responsable o Concello…, e "segundo manifestacións verbais dun membro da xunta negociadora parece ser que informalmente o sr. Davila... expresou que el non se comprometía á confección dos proxectos", concluíndo que ao igual que nos aterrados de Meira e Moaña, que sexa confeccionado o proxecto polo propio contratista e, de non ser viable, solicitar da Dirección Xeral de Portos e Costas a confección dos mesmos. A entrada deste novo recheo de Domaio na axenda partidaria e política é ben visible, así como a non participación municipal no acoutamento ou elaboración dos proxectos previos aos recheos xa realizados que debemos entender se trazaron a partir de proxectos ou borradores das propias empresas que realizaban os vertidos.

En 1983 recíbese escrito do MOPU sobre paseo marítimo en Domaio

546 PM07101981. AMCM.

547 PM011121981. AMCM.

548 En CG de 16081983, Serxio Regueira comunica a constitución da Comunidade de Montes de Domaio, da que é presidente.

entre Porto e Almacén, informando que para autorizar esta obra é mester presentar tres proxectos detallados e un avance do plan de ordenación e o Concello acorda solicitar a Serxio Regueira que facilite os criterios para a realización desta obra[549]. Meses despois, xa no segundo mandato municipal, recíbese novo escrito da Xefatura de Portos e Costas solicitando documentación para poder tramitar o proxecto de sumidoiros e saneamento en Domaio, o Concello acorda solicitar a concesión dos terreos de dominio público afectados e tamén solicitar autorización para efectuar un recheo na costa, protexido con escollera para dar protección á mesma e xestionar co enxeñeiro autor do proxecto o cambio de título para pasar a chamarse "paseo marítimo de Domaio"[550].

A aprobación municipal definitiva do polémico proxecto de ordenación costeira de Domaio por parte do Concello prodúcese en maio de 1984 cando a proposta da Comisión de Urbanismo, o Pleno acorda por unanimidade a realización, por parte de Juan Luís Rios González, dun proxecto declarando a obra de interese público e social, así como dirixirse ao MOPU para a tramitación necesaria para aprobar a concesión a Moaña dos terreos de dominio público marítimo-terrestre para os fins sociais que se reflicten no proxecto pedindo a concesión dos terreos que figuran no proxecto.

A autoridade estatal, a través da Xefatura de Portos, esixe a paralización de "presuntas obras abusivas á esquerda do porto de Domaio", "recheo de terreo do dominio público da zona marítimo-terrestre", "realización de recheos non autorizados no porto de Domaio", "desobedecendo as ordes do persoal desta Xefatura", ao que o Goberno Municipal contesta que conta con permiso para realizar este recheo e que ten solicitado do mesmo organismo, dende fai dous anos, a oportuna autorización e concesión para esta obra, acompañada do correspondente proxecto[551].

A comezos de 1985 a Comunidade de Montes de Domaio solicita licenza municipal para a realización da obra de recheo Laxe Bagaña-Porto-Almacén, a regulación do tráfico por parte da Policía Municipal durante a realización das mesmas e a aportación de 32 m. de tubaxe para canalizar o regato de auga de Lamas e a CG[552] accede ao solicitado. Na seguinte sesión, a CG acorda apoiar as mobilizacións dos veciños de Domaio a favor da continuación das obras do recheo en Domaio.

Este conflito a tres bandas pola realización do recheo en Domaio aínda vai rexistrar enfrontamentos máis directos entre dúas das axencias protagonistas: a asociación veciñal e o Concello. Foi despois de Alcaldía informar sobre xestións realizadas ante o MOPU sobre o aterrado de Do-

549 CMP23021983. AMCM.
550 PM25061983. AMCM.
551 CG26061984. AMCM.
552 CG15011985. AMCM.

maio e queixarse de que o MOPU non contestara directamente ao Concello de Moaña e, sen embargo, si teñan información os veciños de Domaio a través do PSOE e da alcaldía de Cangas. No debate que se produce[553], Uxío Nogueira (EG) deduce que Serxio Regueira (CIG) "está na trama ou promocionando a implicación do PSOE neste asunto". Acción e reacción, prodúcese un cruzamento de comunicados oficiais de Serxio Regueira respondendo a Alcaldía e viceversa.

Na réplica do alcalde, alúdese a unha nota de prensa dos días 23 e 24 xaneiro que nos dá unha idea do tipo de conflito que se estaba a producir: "a raíz da paralización dos vertidos para o futuro aterrado, veciños de Domaio cortaron durante dúas horas o tráfico na C-550, derribaron árbores sobre a calzada e reivindican o inicio das obras do aterrado…, os veciños concentráronse no adro da igrexa e se lles informou da paralización dos vertidos e da falla de resposta do MOPU…, a petición do aterrado foi feita en 1980, o MOPU non contestou e os veciños estamos fartos de esperar…, os veciños decidiron iniciar accións de presión para provocar unha decisión rápida dos responsables do MOPU…Foi recibido un telegrama do MOPU solicitando a paralización das obras so pena de accións administrativas e legais que foi considerado pola Asociación Veciñal como medida tendente a pararlles os pes aos veciños nunha reivindicación urxente para o pobo de Domaio…, os veciños con pancartas "esiximos solucións, os veciños queremos o recheo xa"…, e na prensa do 24 "novos cortes en Rande e na C550 en Domaio…, multas de medio millón ao Concello, empresa construtora e asociación de veciños…, a chamada a asemblea fíxose a través dunha emisora de radio e facendo tocar as campás da Igrexa os propios veciños, acordando na mesma unanimemente cortar novamente o tráfico..., o alcalde dixo publicamente que había que aproveitar as mobilizacións dos veciños para presionar á Administración e conseguir a autorización ás obras..."

Prodúcese un amplísimo debate[554] con cruzamento de descualificacións de Uxío Chapela (BNG) a Serxio Regueira (CIG) a quen acusa de ter acudido varias veces á Alcaldía de Cangas[555] a pedir que lle arranxara o problema do aterrado.

Alcaldía dá conta, no mes seguinte, dun informe técnico sobre reinicio dos traballos de recheo en Domaio. Como non hai dirección de obra e observado que por parte da empresa Davila estase recheando da terra para o mar, sen ter en conta o proxecto que indica a necesidade de facer primeiro a "banqueta de escollera" e logo verter no interior. Nunha visita posterior com-

553 CG12021985. AMCM.

554 CG26021985. AMCM.

555 A alcaldía de Cangas estaba presidida por Lois Pena Viéitez, persoa influínte nun PSOE que levaba gobernando en España dende 1982. Sen representación municipal en Moaña entre 1983-87, en 1987 o PSOE acadará a Alcaldía de Moaña a través de Cándido Pena Viéitez, presidente da A.C.F. Semente Nova e irmán do alcalde de Cangas.

probouse que se segue sen ter en conta o proxecto e de seguir así o Concello vai ter graves problemas.

A Secretaría Municipal solicita pronunciamento para aclarar se esta obra é municipal na totalidade e Alcaldía afirma que é totalmente municipal: o proxecto é municipal, a concesión está solicitada polo Concello e a dirección de obra vai levala o Técnico municipal, pero un escrito da A.VV. Monte Faro de Domaio en resposta a este acordo comunica que están "dispostos a colaborar mais non están de acordo en que o recheo sexa totalmente municipal" porque "para iso tería o Concello que aportar o 100% da obra e o convenio subscrito entre Concello, X. MM., A.VV. e Davila di que "as obras serán realizadas pola Empresa baixo a dirección da Comunidade Veciñal, coa colaboración e supervisión da Comisión de Urbanismo e técnico municipal".

O escrito da A.VV. conclúe que unha vez rematen as obras serán municipais pero a súa execución estase levando a cabo pola parroquia grazas á xestión destas dúas asociacións. De novo rexístrase un intenso debate sobre a municipalidade ou non da obra coas posturas que vimos de recoller[556]. O Técnico Municipal, teórico director das obras deste recheo de Domaio, comunica ao goberno municipal que estas séguense a facer sen ter en conta o proxecto e as instrucións do director das obras e que, de seguir así, podería ser necesario proceder á paralización das mesmas. Alcaldía da conta de dúas convocatorias realizadas para aclaración dos termos en que se está levando a cabo a obra de recheo en Domaio e da non asistencia de representación da C. MM. nin da A.VV. A CG acorda que Alcaldía convoque ao contratista Davila para indicarlle que a citada obra deberá levarse a cabo de acordo co Proxecto da mesma e, caso contrario, proceder á paralización.

Este foi o ton das relacións e as xestións sobre o segundo recheo de Domaio, entre Almacén-Laxe Bagaña, por parte da representación municipal e a da parroquia de Domaio en 1985, obras polas que, entre outras, a Xefatura de Portos impón multas ao Concello de Moaña: por realización de obras municipais "en terreos de dominio público da Praia de Moaña, cerca do cuartel da Garda Civil", e "obras de recheo en terreos de dominio público en Domaio (Moaña)", ambas por resolución de 05051986, ou tamén sanción por "construír unhas beirarrúas ocupando terreos de dominio público na Praia de Moaña", resolución de 19031986, ou "construción dun muro de contención en terreos de dominio público da Praia de Moaña". A anomia seguiu a ser característica da creación e a xestión pública dos espazos públicos gañados ao mar ou incluídos en zona marítimo-terrestre de Moaña dende 1975, unha discrepancia entre os gobernos local e estatal que produciría grandes beneficios na modernización e urbanización do concello de Moaña.

556 CMP12031985. AMCM.

O terceiro ámbito dos recheos en democracia, realizado en Meira durante o convenio con AA, despois da tirapuxa política, asociativa e tamén coa participación da representación dos mariñeiros do peirao de Meira, deixou un aterrado que bordeaba totalmente a contorna de Meira dende o remate da praia da Xunqueira ata a Porta do Sol, unindo a illa de San Bartolomeu con terra e con varios problemas por solucionar por existiren varios talleres con concesións públicas na zona litoral. Unha vez colocada a rede de sumidoiros no recheo xa durante 1980, en 1981 o Concello informa desfavorablemente sobre a solicitude de utilización de parcela de dominio público por parte de Enrique Piñeiro Costa para fins industriais porque a Corporación entende que debe pospoñerse a cualificación do terreo ao que se estableza nas Normas Subsidiarias.

A proposta da Comisión de Patrimonio do Concello acórdase encargar un anteproxecto de urbanización do aterrado de Meira que servirá para aprobar definitivamente pola Corporación os criterios de uso público na zona, previo á encomenda do proxecto definitivo, solicitude ao MOPU sobre concesións ou protección do aterrado, etc., tendo en conta os seguintes aspectos[557]:

> *1º) Relacionar a través da Policía Municipal todos os señores ou empresas que teñan materiais no aterrado para retiralos; 2º) Contemplar como un conxunto a illa de San Bartolomeu e arredores, ademais de dito aterrado; 3º) Delimitar a propiedade pública da zona con exactitude; 4º) Ter en conta a obra futura de acceso dende A Xunqueira á Porta do Sol; 5º) Ter en conta que deberá ir consolidándose un gran paseo marítimo dende A Xunqueira á Porta do Sol con árbores, bancos, alumeado público e unha zona peonil na beira do mar; 6º) Deberá contemplarse no proxecto unha plantación importante de árbores no próximo inverno, delimitando zonas de paseos e xardíns; 7º) Situar no propio aterrado dúas zonas deportivas: a) pista polideportiva de 40 m. x 20 m., NE cara á Porta do Sol, b) campo de fútbol aberto, dimensión máxima de 80 m. x 40 m. cara ao SO, cara á illa de San Bartolomeu; 8º Situar en zona central un moderno parque infantil con elementos de madeira fundamentalmente.*

Posteriormente acondicionouse o recheo para dar cabida ao campo de fútbol-7 de praias en Meira e a realización dun emisario submarino para evitar vertidos directos á praia, unha preocupación do Goberno municipal en todos os recheos pero sobre todo en Meira onde existía un importante banco marisqueiro nos seus areais que estaba a ser explotado pola Asociación de Mariscadoras. Dende 1979 o Concello xa estaba a colaborar co Club de

557 CMP12051982. AMCM.

Remo Samertolameu na construción do seu edificio deportivo, financiando transporte de 2.857 m^3 de terras para o correspondente recheo[558] e tamén o seu acondicionamento e axuda para a construción do edificio da escola de remo do C.R. Samertolameu[559].

En 1983 disponse dun proxecto de ordenación do novo recheo de Meira, aprobado polo Colexio de Enxeñeiros e procédese a sinalizar un corredor perpendicular de seis metros de anchura para servir de acceso ao mar aos talleres de Enrique Piñeiro Costa, Manuel Parcero Fernández e Casás, así como tamén se realiza o asfaltado da estrada litoral ao longo de todo o recheo.

Na zona industrial das históricas pedreiras, preto dos terreos que ocupara a fábrica de Conservas La Guía, a Xefatura de Portos solicita en 1983 informe preceptivo ao Concello sobre ocupación de dominio público marítimo-terrestre para construción de dúas das fábricas situadas en aquel momento no recheo de Meira e que se deben trasladar: un taller naval e varadoiro a nome de Enrique Piñeiro Costa e outro taller naval solicitado por Manuel Parcero Fernández. O Concello de Moaña informa a favor destas concesións que serán definitivamente desprazadas do novo recheo, quedando o litoral de Meira, nunha zona que se pretende ordenar como urbana, libre de empresas fabrís de certa entidade que producían disfuncións cos novos usos deportivos e sociais que se adxudican ao novo recheo de Meira.

A medida que vai chegando a metade do segundo mandato municipal, o goberno do BNG segue a combinar a retórica e o conflito/enfrontamento con instancias como a administración estatal de Portos e Costas, dependente do MOPU, co intento de aproximación de posturas que aporten solucións ás varias frontes abertas con motivo dos recheos como a ordenación definitiva da zona de Praia-Seara e construción do paseo marítimo con escollera para protección dos aterrados de Moaña e Domaio, construción de pontes e depuradora para o de Domaio, construción do centro de saúde da Casa do Mar no aterrado de Praia-Seara, desprazamento do campo de fútbol da Xunqueira, etc.

Nos dous anos finais do mandato, o Goberno Municipal apura ante a DXPC-MOPU para solucionar, prioritariamente, a urbanización definitiva do recheo da Praia-Seara. Con esa fin, Alcaldía comunica[560] escrito que lle foi facilitado en Madrid contendo resolución da DXPC sobre aprobación técnica do proxecto de protección dos recheos efectuados na praia da Seara. A XPC de Pontevedra, 20021984 remitiu información e acta de replanteo previo, que son preceptivos, e a DXPC resolve que se inicie a tramitación económica para a contratación das obras do proxecto citado polo seu presuposto de execución por contrata de 44.960.647 ptas., con cargo aos presupostos do Estado, coas

558 CMP19081981. AMCM.
559 CMP05051982. AMCM.
560 CG12061984. AMCM.

anualidades de 15.000.000 ptas. en 1984 e 29.960.647 ptas. en 1985, cun prazo de execución de 18 meses.

A que puido ser a máis importante transferencia pública do Estado durante os dous mandatos municipais democráticos semella esvaerse cando Alcaldía propón a renuncia diante do MOPU á continuidade da tramitación da concesión dos terreos de dominio público da Seara: o alcalde dá conta da situación da obra de protección do aterrado da Seara e das xestións realizadas ante o Subdirector Xeral. Solicitada despois outra entrevista co Director Xeral, negándose este a concedela, pediuse posteriormente entrevista co ministro do MOPU, que non se concedeu.

A concesión deste aterrado foi formulada polo Concello e feita con autorización dos organismos competentes e presenza física do propio ministro do MOPU na obra, segundo o alcalde, que pide se solicite a paralización da tramitación de petición da concesión duns terreos que non están protexidos e se renuncie á tramitación desta concesión. Serxio Regueira (CIG) di que non se debe renunciar á concesión e se debe xestionar a protección do aterrado. EG entende que é unha manobra política contra o BNG, coincidindo no diagnóstico con Uxío Chapela (BNG), quen afirma que "hai puteo cara ao BNG do PSOE, tal e como facía [anteriormente a] UCD. Logo de transcorridos tantos anos aínda non teñen contestado a petición de concesión deses terreos, é unha discriminación a Moaña, en Cangas si lles fan un muro, nunha obra parecida á que aínda está en construción". Serxio Regueira di que non houbo discriminación, que no Plan B do MOPU recollíase esta obra. Acórdase por unanimidade[561]:

> *1º) Non renunciar ao trámite de concesión dos terreos gañados ao mar, na Seara, por contar hoxe xa con instalacións importantes como os propios xardíns; 2º) Protestar pola falta de resposta do ministro do MOPU; 3º) Que na concesión que se outorgue se deixe unha franxa de 5 m. dende o borde do mar, que representa a zona de protección que se está a reivindicar, aprobado pola DXPC e hoxe rexeitado sen dar razón algunha; 4º) Que na concesión se deixe fóra o terreo comprendido na concesión solicitada polo ISM para a construción da Casa do Mar; 5º) Enviar dossier completo ao ministro do MOPU e DXPC.*

A relación do Goberno local co MOPU é intensa durante o segundo mandato, e tanto o PSOE, ausente da Corporación Municipal moañesa pero consciente da importancia política, social e electoral dos proxectos que Moaña demanda, como o BNG, xogan as súas cartas políticas: o PSOE coa

561 PM28121984. AMCM.

baza do retraso na posible adxudicación das importantes obras solicitadas e o BNG a dobre postura, por un lado institucional apurando as posibilidades de realizar as obras, e tamén a política tentando desprestixiar electoralmente ao PSOE insinuando agravio comparativo co concello de Cangas onde o MOPU subvenciona obras similares ás que nega ou retarda en Moaña ou deixando cair que Serxio Regueira, interesado en resolver o novo recheo para Domaio, está a intentar acadalo por mediación do PSOE.

O alcalde viaxa finalmente a Madrid a unha nova entrevista co ministro do MOPU para expoñer a "urxente necesidade de proceder polo MOPU a realización das obras para protección do aterrado de Seara, co adecentamento e mellora da escollera de protección, creando as ramplas e accesos para mariñeiros e mariscadores e unha zona de paseo marítimo para todos os veciños"[562]. Á volta informa e valora as xestións no MOPU sobre os recheos de Seara, Casa do Mar, concesión do aterrado de Seara, Recheo do Pontillón, Paseo Marítimo da Xunqueira, depuradoras de Laton e Domaio, aterrado de Meira e aterrado de Domaio, queixándose Alcaldía que o MOPU non conteste directamente ao Concello de Moaña e distribúa a información aos veciños a través da alcaldía de Cangas[563]: unha vez máis, volven repetirse no debate as coñecidas posturas sobre a implicación política e electoral do PSOE nestes asuntos transcendentais para Moaña.

En 1986 o BNG alberga a esperanza de que o MOPU se faga cargo do que podería ser o máis importante proxecto municipal do segundo mandato -a urbanización do recheo da Praia-Seara- e comeza un ensaio de desxeo das relacións políticas e institucionais cando aproba a tramitación formal, a través do procedemento administrativo, das concesións solicitadas polo Concello á Dirección Xeral de Portos e Costas: lido o documento da DXPC e as actuacións que este organismo propón adoptar, acórdase por unanimidade[564] un documento que se pode entender como a expresión ou resume da axenda de xestións, conflitos e plans de actuación municipal máis urxentes da Corporación moañesa no litoral cara á fin do segundo mandato municipal:

1. *Paseo marítimo da Xunqueira: expresar a vontade unánime da CM de trasladar o campo de fútbol situado nos terreos de dominio público da Xunqueira, no seu día, como quedou recollido nas Normas Subsidiarias e corrixir posteriormente o trazado do Paseo Marítimo da zona de dito campo de fútbol, para evitar o estrangulamento da praia.*

2. *Recheo da praia de Meira: adoptar o compromiso de executar, a cargo do Concello, as obras de defensa deste recheo,*

562 CMP22011985. AMCM.
563 CMP12021985. AMCM.
564 PM30061986. AMCM.

nas condicións e no prazo que se establezan na concesión, e a realizar as actuacións necesarias para a eliminación dos estaleiros de ribeira situados ilegalmente nos bordes marítimos do recheo.

3. *Ordenación costeira Sobreira-Mouro: Solicitar o sobresemento da... obra do sumidoiro de Domaio. Así mesmo, redactar un proxecto complementario do de "ordenación costeira Sobreira-Mouro"... que inclúa os terreos correspondentes á depuradora do sumidoiro de Domaio. Igualmente, solicitar o aumento de superficie necesario para conceder a situación desta depuradora. Estas obras serían realizadas polo Concello de Moaña.*

4. *Recheo da Seara: expresar a satisfacción do Concello de Moaña polo contido da comunicación do Director Xeral de Portos e Costas en relación con esta obra de recheo da Seara da que, unha vez que o Concello teña adoptado e realizado as actuacións subliñadas nos puntos anteriores deste acordo, a DXPC citada autorizará ao Servizo de Costas de Pontevedra á redacción dun novo proxecto, titulado "Paseo Marítimo da Seara (Moaña)" que incluirá as obras do proxecto de "Protección dos recheos efectuados na Praia de Seara", coas modificacións que se estimen necesarias, recollendo o estado final da concesión outorgada ao ISM, para situación da Casa do Mar e ampliando o Paseo ata a desembocadura do río da Fraga, e do que as obras do expresado Proxecto serían realizadas con cargo aos Presupostos do Estado.*

O presente acordo, que recolle a asunción por parte do Pleno Municipal de todas e cada unha das actuacións e compromisos propostos pola DXPC, en relación coas concesións solicitadas por este concello, deberá ser remitido ao Servizo de Costas de Pontevedra, en cumprimento do solicitado e acordado.

Cando chega a fin do segundo mandato municipal o recheo de Moaña, o máis avanzado de todos, está pendente da urbanización definitiva e os de Meira e Domaio con dotacións elementais pero sen a ordenación e urbanización definitiva durante as seguintes décadas. Pasadas case catro décadas, unha reflexión do equipo técnico redactor das NS:

Recordo unha conversa en Moaña [Equipo técnico-Corpo-

ración, preguntándolles sobre] *esa conducta de mariñeiros que aterran o mar (...), esta relación co mar, de absoluto menosprezo (...), calquera iniciativa se pensaba en clave de ocupar o mar..., por que?, que ten o mar que non teña a terra?: propietarios*[565]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

565 Ánxel Viña, responsable da Oficina de Planeamento S.A., entrevista, 21122016. Arquivo propio.


1ª FASE: ALMACÉN
2ª FASE:
ALMACÉN - LAXE BAGAÑA
RECHEO DOMAIO
RECHEO
MEIRA - SAMERTOLAMEU
RECHEO
A PRAIA - A SEARA

Plano 18

17. PLANEAMENTO URBANÍSTICO DEMOCRÁTICO

Dende a primeira hora de chegada do novo Goberno Local estaban sobre a mesa con atención preferente os problemas urbanísticos herdados en cuestións de ordenación e planeamento do termo municipal. Había que dar resposta e alternativa ás zonas do territorio moañés que tiñan suscitado os sucesivos enfrontamentos das corporacións franquistas coa autoridade urbanística provincial para non afectar a zonas urbanas sensibles de suscitar conflitos, como xa vimos no barrio do Con, 1973, tamén na ordenación e delimitación do casco urbano en 1974, a entrada en vía morta das NCSU en 1977 ou o conflitivo tema da resolución dos expedientes de infraccións urbanísticas abertos polos distintos gobernos municipais ata 1979, cuestión da que o nacionalismo antifranquista fixera unha das súas demandas máis importantes.

Outro tema de calado ao que lle facer fronte era o avance ilegal de obras promovidas polos últimos gobernos locais na zona da Xunqueira con motivo da creación e expansión do recheo que servira para a construción do campo de fútbol e a execución do principio de recheo na zona marítima da Praza de abastos e a Confraría.

Os primeiros debates da nova Corporación democrática de 1979 pretenden dar solución a este conxunto de problemas dunha forma entusiasta e voluntarista, conforme ao pulo inicial dos novos equipos políticos que se fan cargo das distintas comisións delegadas para as distintas áreas, entre as que a máis importante é a Comisión Municipal de Urbanismo.

O que podemos denominar proceso previo ao planeamento propiamente dito, comeza cando esta Comisión, segundo informe do aparellador municipal, propón realizar "a inmediata medición do numero de plantas de cada mazá dentro do núcleo do casco urbano ao obxecto de proceder á fixación do número de plantas que poden autorizarse". Lino Castilla (UG) explica que este sería un primeiro paso para despois estudar a "ampliación da delimitación do solo urbano mentres non se confeccionan as Normas Subsidiarias", pero Manuel Méndez (UG) considera problemática a inmediata aplicación destas medidas en aquel momento inicial porque "existen obras ilegais con iniciación de expediente de infracción urbanística e iso podería determinar un tratamento discriminatorio". A postura de José Alonso (UCD) é crítica porque entende que "hai que dar solucións urxentes e a Comisión [Muni-

cipal de Urbanismo] segue estudando", en tanto Manuel Juncal, do mesmo partido, entende que a Corporación "leva varios meses preocupándose de sancionar [infraccións urbanísticas] e non se dan solucións ao problema da construción", posicións estas do grupo de UCD, coincidentes coa demanda da ALEC. Alcaldía propón, e apróbase[566] por unanimidade:

1) *A aplicación inmediata do artigo 99-2 do Regulamento de Planeamento por ser norma de aplicación directa nos concellos sen Plan* [Xeral] *ou Normas* [Subsidiarias] *e dispor que o aparellador municipal proceda á confección dun plano, previas as medicións precisas, para determinar a altura media de cada mazá do casco urbano e sen prexuízo das sancións a impoñer ás obras construídas ilegalmente, aínda que servirá de base para a legalización daquelas que non excedan da altura media.*

2) *Os promotores de edificios en núcleo urbano deberán garantir economicamente a dotación de todos os servizos urbanísticos (auga, sumidoiros, pavimentado, alumeado).*

3) *No rural as aliñacións poderán establecerse en 3 m. do eixe do camiño sempre que os veciños colindeiros estean de acordo co colindeiro.*

4) *Axilizar a redacción das Normas Subsidiarias convocando as reunións precisas.*

5) *Axilizar a tramitación dos expedientes de outorgamento de licenza, facultando á Comisión de Urbanismo para que unha vez examinado o expediente sen reparos poidan conceder permisos provisionais de iniciación de obras ata tanto non remate a tramitación.*

A axenda urbanística do principio do mandato municipal queda establecida na preocupación polos aspectos que se consideran máis importantes en relación coas infraccións urbanísticas –alturas das edificacións, obras menores e aliñacións no rural-, a axilización do procedemento administrativo a seguir en relación coa solicitude de licenzas de construción de obras, a garantía das obras realizadas en zonas urbanas contaren con todos os servizos urbanísticos –consecuencia da non realización destes servizos urbanos no barrio do Real, un gran problema que a Corporación recibe como herdanza- e a vontade de contar con realizar un planeamento urbanístico a través das Normas Subsidiarias.

566 PM29061979. AMCM.

Dous meses despois de tomado o acordo anterior, a Corporación vai encontrando máis problemas dos agardados no campo do urbanismo e reconsidera[567] a aprobada aplicación dos artigos 74.2 da Lei do Solo e 99.2 do Regulamento de Planeamento sobre confección de plano e medicións para determinar a altura media de cada mazá do casco urbano "porque serían moi poucos os beneficiados e produciríase inxusta discriminación porque en determinadas zonas a altura media das edificacións sería o resultante de obras sen licenza que non deben servir en modo algún de base para determinar a altura media".

As distintas intervencións dos edís volven poñer os puntos do debate en aquel momento. Pedro Riobó (UG) asegura que mentres o técnico non presente estudo e plano con alturas medias non hai elementos de xuízo para falar de discriminacións e inxustizas. José Alonso (UCD) entende que o problema estaba precisamente nas obras ilegais e que a aplicación inmediata do citado artigo trataba de dar solucións a moitas obras ilegais, e segundo Serxio Regueira (UCD), urxe buscar vía legal para poder conceder máis alturas e dar solución ao problema da construción polo que debe acometerse un novo planeamento. Proponse, mentres queda sen efecto a aplicación do Regulamento, se realice outro estudo para determinar as alturas medias de cada mazá, informado pola CMU, antes da aprobación polo Pleno. Mentres, queda sen efecto a aplicación inmediata acordada.

O fondo do debate tiña lugar porque o nacionalismo, durante a oposición aos últimos gobernos municipais do franquismo, fixera dos expedientes de infracción urbanística causa principal e exemplo de prácticas corruptas, sobre todo por parte do alcalde Sebastián Juncal e unha pequena parte do gremio dos construtores e promotores urbanísticos aos que se acusaba destas malas prácticas materializadas en varios edificios ilegais de vivendas colectivas que se ergueran ou continuaban a erguerse na zona do Real e centro urbano de Moaña e que construíran máis alturas das legalmente permitidas. Porén, ao chegar ao goberno e revisar detalladamente os expedientes de infracción urbanística acumulados nos últimos anos dos gobernos franquistas, na listaxe das 102 infraccións urbanísticas con expediente aberto en 1978 e nas 36 de 1979 aparecen, a carón das citadas e visibles obras de edificios colectivos e construcións unifamiliares con problemas de sobrepasar a altura máxima permitida -ter construído baixo e catro plantas no lugar de baixo e dúas plantas- tamén numerosas infraccións relativas a muros de contención, áticos, garaxes e galpóns, pozos, cortes, aumento de volumetría con licenza só para cambio de tella, etc.

Na listaxe de infraccións urbanísticas, representativa da transversalidade do fenómeno, aparecen como infractores algún membro da nova Corporación Municipal democrática e tamén militantes, familiares de militantes e/

567 PM31081979. AMCM.

ou simpatizantes do nacionalismo gobernante e do resto da Corporación[568]. A complexidade é notable porque se suma a dificultade política municipal para sancionar actividades realizadas durante o goberno anterior, a presión por parte dos afectados, o moi baixo grao de aceptación de multas ou sancións por parte dos expedientados, o feito de seren a gran maioría dos expedientes correspondentes a vivendas unifamiliares ou obras menores, a presentación de recursos por parte das persoas implicadas, a lentitude administrativa, etc.

O das infraccións urbanísticas era un problema difícil de xestionar[569], que o Concello resolve, unha vez creadas as prazas de persoal inspector de obras e aparellador municipal, baixando a intensidade política inicial, introducíndoo na vía administrativa, sen rigores punitivos, agás para o caso dos grandes infractores.

Como as súas antecesoras, tamén a CMU debate a creación de novas ordenanzas en 1979 para solicitude de licenzas urbanísticas para galpóns asociados a usos agrícolas, tratando de regular o seu uso provisional, a estrutura e armazón das cubertas elementais eliminando vigas e piares, os cerramentos a base de bloque de formigón, a cuberta de pranchas onduladas de fibrocemento ou plásticas, superficie máxima de 30 m^2, etc., ordenanzas destinadas a evitar que "se leven a cabo outras construcións diferentes e imposibles de controlar que perturbarían o futuro ordenamento previsto nas Normas Subsidiarias", e Alcaldía, que propón e acada pospoñer este acordo, admite "que os veciños xa veñen construíndo galpóns pareados cando media consentimento dos lindeiros e como logo resulta imposible controlar o seu futuro uso, os galpóns agrícolas son destinados a garaxes", acreditando no diagnóstico que a proposta da Comisión trata de solucionar.

En 1980 apróbase a modificación de dúas ordenanzas: a ordenanza fiscal reguladora das taxas para licenzas urbanísticas e outra sobre soares sen valado en zonas urbanas, tentando axustar a primeira ao custo real das obras realizadas e a segunda para unha mellor presentación e mantemento das parcelas urbanas. Eran accións políticas puntuais, porque o gran cambio municipal que se preparaba en canto a ordenación, infraccións, etc., era a elaboración da nova planificación urbanística democrática, é dicir, do primeiro

568 O 26031982, o grupo municipal de UCD pretende substituír a José Alonso Portela por Alfredo de la Campa Requejada, promotor urbanístico con varios expedientes de infracción urbanística abertos. Ante a reclamación do Goberno Municipal, o Goberno Civil dictamina a incompatibilidade do citado construtor para desempeñar cargo público, polo que non chega a producirse o nomeamento.

569 As infraccións urbanísticas por incremento de alturas nas edificacións colectivas foron constantemente denunciadas durante os mandatos democráticos locais: na revista informativa nº 1 de Unidade Galega (marzo 1980), e na revista informativa Rúa, de Esquerda Galega (febreiro 1982) aparecen fotografías e artigos criticando ao alcalde e ao presidente da CMU pola pasividade e non paralización destas obras ilegais. Problemas similares recóllense en SOUTO, X.M. (1990) para Vigo, e RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999) en Lalín, O Barco de Valdeorras, Arzúa, A Fonsagrada, Monforte, O Carballiño, Ordes, Santa Comba, Melide, Vilalba, Ribadavia, Viana do Bolo, Sarria, A Estrada, Quiroga, Negreira ou Chantada.

planeamento legal moderno da historia, posto que as tentativas realizadas no tardofranquismo ficaron no caixón dos proxectos non iniciados.

17.1 A "esquerda urbanística"[570]

A altura de 1979 falar de planeamento era citar unha palabra connotada de prestixio e expectativas: agardábase dos novos plans urbanísticos un antes e un despois que marcase as diferenzas entre a ditadura e a democracia. O novo contrato urbanístico democrático percibíase polas xoves corporacións locais da democracia –máis, se cabe, para as corporacións de esquerdas- como o instrumento acaído para un enfoque estratéxico e diferencial da acción urbanística.

Entre maio e outubro de 1979, o Concello de Moaña recibe ofertas de diversas empresas para a realización das Normas Subsidiarias. A empresa Monsa, dirixida por Juan Rico Lenza, á que xa se lle encomendara en marzo de 1976 a redacción das Normas Subsidiarias, escribe[571] e explica que o traballo foi entregado en novembro de 1976 e non recibiu noticia da anterior Corporación, ofrecendo de novo os seus servizos.

A segunda proposta[572] é a de Oficina de Planeamento, ofrecendo a posibilidade dunha ordenación urbanística para "establecer unha normativa específica axeitada ás características particulares de cada Municipio, que veña a substituír á normativa urbanística de ámbito supramunicipal e/ou provincial de carácter xeral" e aportando a disponibilidade dun equipo multidisciplinar composto por Xoan Lois Dalda Escudero, arquitecto, Carlos de la Guardia Pérez-Hernández, arquitecto, Xosé Ramón Fernández Antonio, economista, e Ánxel Viña Carregal, economista.

A última proposta[573] a considerar é a de Consultora Galega S.A. que ofrece "EQUIPOS TÉCNICOS afincados na nosa realidade e non diseñadores apoltronados en Madrí. Era i é preciso contar con xente que non se queda na

570 Segundo LOIS GONZÁLEZ, R.C. et al. (2012), p. 134, a partir da experiencia de rehabilitación do centro histórico denominado "modelo Bolonia" (1969, 1973), na liña da esquerda marxista do grupo La Tendenza, liderado por Aldo Rossi (quen traballaría en Galicia con César Portela na creación do Museo do Mar de Galicia, en Vigo). O "modelo Bolonia" tivo unha "influencia extraordinaria nunha pequena pero excelente xeración de urbanistas e políticos españois da segunda metade dos 70, recoñecidos como 'esquerda urbanísta'. Na revista GRIAL nº 155 (2002), p. 433, pódese ler o documento "crecemento versus desenvolvemento" presentado no XIV Congreso da Unión Internacional de Arquitectos (México, 1978) como ponencia española, asinada por Xosé Bar Boo, Basilio García, Javier Álvarez Souto, Javier Yuste Grijalba, Fernando Nebot, Xosé Hermo, Xosé Lores, colaborando tamén César Portela, Arturo Soria, Salvador Tarragó e Daniel Pino Vicente. O texto é presentado (p. 390) como síntese de "ecoloxismo, socialismo autoxestionario e galeguismo".

571 Carta de 14051979. AMCM.

572 Carta de 09051979. AMCM.

573 Carta de 21081979. AMCM.

comprobación de que tanto as nosas vilas e cidades coma o noso mundo rural sofren paseniña ou violentamente –asegún os casos- un fondo e permanente deterioro, cando non unha ristra de carencias [e] seipan diagnostica-la enfermedade e atopa-los remedios axeitados prá súa erradicación"[574]. Tanto Consultora Galega S.A. como Oficina de Planeamento serán as empresas máis importantes no campo do planeamento urbanístico do período democrático, como así acreditan as súas respectivas follas de servizos[575] e entre os membros dos seus equipos directivos e técnicos figuran profesionais de acreditada referencia nas súas respectivas áreas. Estas dúas empresas representan a parte técnica e profesional dunha nova forma de facer e entender o urbanismo en democracia, un labor que estivo intensamente ligado á política local a través dun movemento antifranquista ligado á arquitectura e ao urbanismo, un grupo que estaba chamado a cambiar o estado de cousas que impediran un urbanismo máis racional en canto ao planeamento durante a ditadura. Ambas marcas eran, resumindo, "algo máis ca empresas" como así demostra a súa pegada no planeamento e a ordenación urbanística de Galicia durante as tres primeiras décadas de democracia.

Se entendemos as eleccións locais de 1979 como o ano de partida das posibilidades reais de cambiar o molde urbanístico herdado da ditadura, poderemos enmarcar mellor o ton das propostas que realizan estas novas empresas a unhas corporacións democráticas que se estreaban nunha época en que todos os cambios parecían posibles porque o diagnóstico do urbanismo legado pola ditadura estaba inzado, na interpretación dos técnicos e políticos antifranquistas de corrupción, especulación, contaminación, crecemento residencial descontrolado, desfeita rural e urbana, infraccións urbanísticas, etc.

574 Nesta comunicación epistolar, asinada por Daniel Pino, Conselleiro-Delegado e sociólogo, figura outro equipo pluridisciplinar formado por arquitectos como Xosé Bar Boo, ex-decano do COAG e ex-vicepresidente do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España, César Portela Fernández-Jardón, ex-secretario do COAG, Santiago Seara Morales, membro da Comisión de Cultura do COAG, os enxeñeiros de camiños Fernando Nebot Beltrán, especializado en transportes, Simón Molinero Llorente, especializado en estudos enerxéticos, como economistas figuran Fernando García Tobío, experto en Urbanismo e facendas locais e Xulio Sequeiros Tizón, profesor da facultade de CC.EE. da USC, área de estudos agrarios, sociólogos -ademais do citado Daniel Pino, ex-secretario xeral técnico do COAG, especializado en planeamento- como Xavier Álvarez, demógrafo, Margarita Pérez Mariño, urbanista, ou avogados como Enrique Aller López -dereito urbanístico, ex asesor urbanístico do COAG-, Ventura Pérez Mariño -especializado en dereito urbanístico, ex-profesor na Universidade Complutense de Madrid-, figurando tamén Andrés Vilas, químico, Basilio García, matemático, Uxío Labarta, biólogo, e Xan Miguel Barros, médico.

575 Oficina de Planeamento, recibiu o Premio Europeo de Urbanismo 97/98 da Comisión Europea e o Consello Europeo de Urbanistas polo Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Santiago de Compostela. Entre os seus numerosos traballos de ordenación e planeamento figuran os de Oleiros, Ferrol, Santiago e Lugo. En canto a Consultora Galega, foi Premio Nacional de Urbanismo 1981 do MOPU polo Plano de Protección do Pazo de Oca e a súa contorna, Premio Galicia de Deseño 1985 do Ateneo de Ourense polo Plan Xeral de Vilagarcía e Premio Europeo de Urbanismo 1994 da Comisión Europea e o Consello Europeo de Urbanistas, pola ordenación de Allariz, entre a súa relación de Planeamento e/ou ordenación urbanística figuran, entre outros moitos, os concellos de Vigo e Pontevedra.

Cando Consultora Galega expón ante o Concello de Moaña a necesidade dun planeamento feito por técnicos "afincados na nosa realidade e non diseñadores apoltronados en Madrí", debemos entender que o centralismo planificador derivado das leis do solo a partir de 1956 está entre os problemas nucleares que terá que solucionar a democracia con equipos humanos que coñezan a realidade sociocultural e urbanística galega. Cando cita as vilas, cidades e o mundo rural como imaxes de "permanente deterioro" e carencias, está a falar da necesidade de poñer en valor parte do ideario da esquerda e o nacionalismo en canto á devolución do protagonismo a un pobo considerado como suxeito pasivo dos deterioros medioambientais e estéticos que transformaron en á penas dúas décadas a imaxe fixa dunha Galicia secular e idealizada.

En 1979 comezaba a democracia local nun ambiente de cambio e modernización acusados onde as propostas políticas e culturais, tamén as urbanísticas, procuraban un ton lírico e romántico para principiar un novo discurso que, entre outras cousas, tentaba fomentar a participación social no planeamento, unha cuestión que o novo goberno moañés reconduce na súa xestión política do planeamento urbanístico porque aos poucos meses da chegada á Casa Consistorial, cando se aproba a contratación do equipo redactor do planeamento, a experiencia das presións sociais e as dificultades no campo urbanístico xa se comezaran a albiscar[576].

A Comisión de Urbanismo rexeita a proposta de Consultora Galega que defendía a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación e acepta a proposición de Oficina de Planeamiento para realizar as NSP. No debate dentro do equipo de goberno Luis Gayo (UG) asegura que "repugna aos seus principios que a Comisión rexeitara a Consultora Galega porque considerou máis conveniente a redacción dun Plan Xeral e porque impón como condición a celebración de asembleas entre veciños e equipo redactor", Pedro Riobó (UG) afirma que a escolla non foi por competencia senón por simpatía e Alcaldía retruca que a oferta de Consultora debe ser rexeitada porque "a esixencia de

576 A ALEC, asociación gremial dos empresarios da construcción, dirixida por Sebastián Juncal Currás, escribe á nova Corporación democrática recordándolle que nas primeiras reunión co Concello (10 de maio de 1979) se acordara non edificar nas obras con infraccións urbanísticas "máis que no legalmente autorizado" ata que o Concello se reunise para dar "contestación definitiva" pero entendendo que non se lle deu resposta e "dada a situación actual e o perigo de anquilosamento a que estamos abocados" suxiren: a ampliación do Casco Urbano con redacción de ordenanzas: que as aliñacións no rural se reduzan a 3 m. de cada lindeiro; propoñer unha norma de regulación en alturas do Casco Urbano; que todo proxecto [de nova edificación] presentado no Concello e informado polo Técnico municipal teña carácter de autorización provisional para evitar perxuizos por demora burocrática; "analizar detidamente as contías das infraccións urbanísticas atemperándoas ao que determina o artigo 215-bis-5 da Lei do Solo"; "Determiñar norma a seguir coas obras que, tendo infracción urbanística e paralizadas, poden ser legalizables e non se lles permite seguir causando grave perxuizo á propiedade" e, por último, propoñer convocatoria de reunión "de todos os que dalgunha maneira estemos implicados nas infraccións". Correspondencia, 20 de xuño de 1979. AMCM.

asembleas de veciños poden conducir a asemblearismo, que o Plan Xeral[577] pode ser un ideal mais que resulta inviable nos pequenos municipios pois en Moaña sería técnica e economicamente imposible acometer plans parciais e reparcelacións" e que as Normas Subsidiarias poden ser facilmente modificadas.

Lino Castilla (UG) opina que as asembleas deben manterse coa Corporación Municipal, non co equipo técnico. Acórdase por maioría[578] a redacción das Normas Subsidiarias de Planeamento, de tipo B, contempladas no Regulamento de Planeamento da Lei do Solo á Oficina de Planeamiento, representada por José Ramon Fernandez Antonio, nunha contía de 1.987.100 ptas., comprometéndose o Concello a facilitar previamente a cartografía necesaria para a súa elaboración.

A primeira hora do ordenamento urbanístico democrático en Moaña comezaba co reacondicionamento do anterior concepto de participación social asemblearia, nunha nova toma a terra do grupo gobernante que xa comezara a ponderar a dificultade e os complexos e dificultosos problemas da xestión do urbanismo real a medida que van entrando polas portas da Casa Consistorial os actores reais do escenario urbano: propietarios de parcelas, contratistas, promotores, veciñanza, infractores urbanísticos, etc., que van obrigando ao novo goberno municipal a ir modulando o diagnóstico previo, aquel elemental e bipolar discurso electoral da oposición antifranquista que situaba como ideal a un suxeito político chamado "pobo", "clases populares" ou "veciños", inmaculado axente do cambio político ou suxeito padecente de "especulación urbanística" ou da "extracción de rendas urbanas" por parte doutros suxeitos políticos que se simplificaban e caricaturizaban na figura de construtores e promotores de edificacións, un proceso político que se estaba a repetir ao mesmo tempo na maior parte dos concellos de Galicia, sobre todo nos da mesma cor política que Moaña.

Os comezos da democracia local e o urbanismo non deixaron de ter o carácter romántico que caracterizou esta primeira época que vai mudando, en termos freudianos, dende o principio do pracer a un principio de realidade cando os distintos axentes participantes no proceso de urbanización e de edificación van mostrando os seus intereses reais máis alá das connotacións simbólicas que na confrontación se lles atribuían.

O proceso de planeamento que comezaba en Moaña cunha empresa connotada e comprometida co campo ideolóxico e político da "esquerda

577 As Normas Subsidiarias son un instrumento integral de ordenación do termo municipal concebido con carácter subsidiario do Plan Xeral e substitutivo en todos os extremos deste. A lexislación marco das NS e do PX son a Lei do Solo e o Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978 de 23 de xullo). Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 97.

578 PM26101979. AMCM.

urbanística"[579], un movemento intelectual formado nos seus inicios –entre o tardofranquismo e a democracia- a partir dun sector teórico e/ou académico sobre todo pertencente ou relacionado co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Escola Técnica Superior de Arquitectura d'A Coruña. A primeira expresión pública conxunta deste movemento está formada, en 1979, por un grupo nucleado ao redor do COAG no que están, entre outros: Celestino García Braña, Pedro de Llano Cabado, Xosé Lois Martínez Suárez, Xaime Garrido Rodríguez, Santiago Seara Morales, César Portela Fernández-Jardón ou Xerardo Estévez[580].

Este movemento terá continuación en democracia por parte das novas xeracións universitarias procedentes da facultade de xeografía da Universidade de Santiago de Compostela que xa se implicaron profesionalmente en investigacións ou participación nunha segunda fase do planeamento urbanístico democrático, como explica Souto, que recoñece influencias de Jordi Borja, Horacio Capel e David Harvey e orienta o seu labor á análise dos factores de desenvolvemento urbanístico da cidade de Vigo, sobre todo, e aos procesos de participación social no planeamento urbanístico:

> *Os alicerces da nosa preocupación polo planeamento territorial están relacionados coa que tiñamos un grupo de estudantes universitarios nos anos finais dos setenta do século XX. A nosa desconfianza pola aprendizaxe que recibiamos dende a Xeografía universitaria (aínda que se chamase Xeografía aplicada) estaba sustentada nun sentimento de "amor á terra", moi propio do contexto político da Transición política española, do rexurdimento da España das Autonomías e do nacionalismo ideolóxico e cultural que viviamos en Compostela.*[581]

As empresas citadas no caso de Moaña exemplifican ben algúns dos matices da esquerda galeguista ou nacionalista (Consultora Galega) ou a de

579 GONZÁLEZ PÉREZ, J. M., (2015), p.39.

580 Pódense consultar os traballos deste grupo como representativos da transición política e urbanística entre franquismo e democracia, en Obradoiro, revista de arquitectura e urbanismo, COAG, nums 4-5, 1979, e tamén en Galicia, A destrución e a integración do patrimonio arquitectónico, III xornadas de arquitectura galega, COAG, 1981, así como en Galicia, patrimonio arquitectónico, cidade e territorio, II e III xornadas de arquitectura galega, COAG, 1984. A produción inicial deste grupo ilustra o ambiente e a axenda intelectual do urbanismo no tempo en que se está a desenvolver o planeamento democrático en Moaña, cando a reflexión académica e política en Galicia priorizaba temas como a arquitectura popular ou tradicional (Pedro de Llano, 1979, César Portela, 1981), o patrimonio arquitectónico (García Braña, 1981), a destrución das praias, o patrimonio arquitectónico e a degradación urbana en Vigo (Garrido Rodríguez, 1979, 1981), a peonalización do centro histórico de Santiago (Xerardo Estévez, 1981) ou a ordenación do territorio (César Portela, Iago Seara, 1979 e 1981).

581 SOUTO, X.M., (2015), p. 567.

perfil e procedencia ideolóxica comunista, socialista ou socialdemócrata (Oficina de Planeamento) porque o urbanismo democrático era un campo de batalla ideolóxica e política intensa como amosa o importante currículo político de varios dos participantes nos equipos de planeamento que se disputan a realización das Normas Subsidiarias de Moaña[582].

Este momento inicial do urbanismo democrático así como o seu espírito fundacional está resumido en declaracións de principios comúns na maior parte das corporacións democráticas de esquerdas en Galicia e España, como esta reflexión do primeiro alcalde democrático de Oleiros, que reúne a tripla característica de ter exercido como político local, especialista en planeamento urbanístico e un dos principais teóricos da primeira xeira do movemento ideolóxico, urbanístico e político que estamos a analizar:

> *"Houbo un momento, un fugaz momento, en que a construción da Galicia urbana foi percibida como posible no inalcanzable lugar da illa da* ***utopía.***
>
> *Unha parte minoritaria, pero significativa das clases medias formadas no ideario democrático e das clases traballadoras forxadas na loita contra a ditadura creron ter acadada a posibilidade certa de poñer en práctica ideais e valores que terían no urbanismo e na cidade unha das súas referencias, ao servizo dun proceso de construción dunha irreversiblemente hexemónica "Galicia urbana". Unha Galicia integradora e socialmente diversa, igualitaria no acceso aos servizos e equipamentos espacialmente ordenada e equilibrada no cualitativo, na que o protagonismo da dimensión pública e colectiva do urbano da man da arquitectura e o urbanismo crease ámbitos pedagóxicos de formación positiva dunha cidadanía responsable, que puxese en valor a cidade, as vilas e os núcleos existentes, fixando límites ao crecemento urbano, reivindicando a cidade compacta fronte á fragmentación e á dispersión indiscriminada, extremadamente coidadosa á hora de seleccionar as áreas de crecemento, propiciando a redución do transporte e a mobilidade; na que os equipamentos públicos servisen de xeradores e/ou revitalizadores de tecidos urbanos; unha cidade en que a relación home-natureza fose explicitada nunha dimensión ecolóxica e na que a interrelación e a participación estivesen na base dos comportamentos."*[583]

582 Ventura Pérez Mariño foi maxistrado na Audiencia Nacional, deputado no Congreso e alcalde de Vigo polo PSOE; Uxío Labarta, deputado do PSOE no Parlamento de Galicia; Daniel Pino, Director Xeral de Vivenda no goberno autonómico PSOE-BNG; Iago Seara exerceu como Director Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia; Xosé Ramón Fernández Antonio foi conselleiro de Economía no goberno autonómico PSOE-BNG.

583 MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. (2016), pp. 179-180.

O cerne ideolóxico que animaba aos planificadores da primeira xeira do urbanismo democrático estaba baseado en palabras ou frases semanticamente fecundas como rural, urbano, patrimonio, utopía, democracia, integración social, igualdade, ordenamento do espazo, pedagoxía, cidadanía, transporte público, tecido urbano, limitación do crecemento, ecoloxía ou participación. Palabras e conceptos que se foron incluíndo nas memorias do novo planeamento como marcas do cambio urbanístico, político e social que se pretendía visibilizar coa entrada da democracia. Precisamente, no tempo de elaboración do planeamento moañés, Oficina de Planeamento, está a desenvolver temén os documentos de Ferrol e Oleiros, concello este último de referencia na aplicación dos primeiros plans urbanísticos democráticos en Galicia.

17.2 Normas Subsidiarias de Planeamento[584]

O Concello asina o contrato para redacción das Normas Subsidiarias de Planeamento[585] o 27 de xuño de 1980 coa empresa Oficina de Planeamento. O procedemento marca unha primeira fase correspondente á elaboración do Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais que a empresa vai realizando ao mesmo tempo que recibe as demandas do goberno moañés que coñecemos (ordenación do barrio do Real, con problemas de infraccións urbanísticas por incremento de alturas ou volumetría, aliñacións, non urbanización das vías públicas, etc., ordenación da zona non urbana de Moaña con problemas de espallamento do residencial unifamiliar, etc.) e unha nova demanda que vai ser básica para o desenvolvemento urbanístico moañés posto que durante a elaboración da fase de Avance do planeamento estanse a realizar os grandes recheos no litoral moañés que terán importancia na redacción do planeamento.

O mapa que informa detalladamente sobre a situación xeográfica, morfolóxica e urbanística do concello de Moaña en 1979 permítenos ver con detalle e facer balance cartográfico de todo o que levamos analizado política, social e urbanísticamente dende 1950: o goberno local recibe unha Moaña cun borde litoral que rexistra as poucas modificacións que temos analizado dende comezos do século vinte[586]. Esta planimetría ofrécenos información

584 Para unha explicación da normativa urbanística desde 1956, o cambio de concepto da propiedade, os regulamentos de Planeamento, Xestión e Disciplina urbanística, as diferenzas entre Plan Xeral e Normas Subsidiarias, a extensión da cultura de "equidistribución de cargas e beneficios" ao solo urbano, a implantación en Galicia de PX e NS, os instrumentos de planeamento (Plan Especial de Reforma Interior, Plan Parcial, etc.), áreas de repartición, aproveitamento tipo, cargas e beneficios nas áreas de reparto e outros aspectos do planeamento, RIVAS, X. (2015), pp. 606-627.

585 CMP30051980. AMCM.

586 Nos planos das NSP pertencentes ao "avance de criterios, obxectivos e solucións xerais referentes a "usos do solo e da edificación" (ver planos 4-1, 4-2, 4-3, 4-4 e 4-5 en Anexo) debúxase a realidade urbanística da zona urbana litoral e os puntos sensibles respecto a lindes xeográficos, puntos comer-

sensible e permite ollar na súa totalidade o borde litoral urbano moañés con todos os usos detallados do solo e as características da edificación en altura, debuxando tamén, un ano antes da súa desaparición, o perfil do litoral dos barrios urbanos d'A Seara e A Praia, Meira (incluída a illa de San Bartolomeu) e Domaio, barrios transformados en 1980 por mor dos recheos.

A información cartográfica permite tamén facer un reconto detallado das principais infraccións urbanísticas por ter construído máis alturas das permitidas, como se pode ver, por exemplo, nos barrios do Real (sobre todo nas estradas perimetrais) ou nos do centro litoral de Moaña (Concepción Arenal, estrada Cangas-Vilaboa), Meira e Domaio (en ambos casos sobre todo na estrada C-550).

Durante o tempo de elaboración do Avance, 1980 e parte de 1981, a Corporación procura ir salvando os problemas máis graves con consultas ao equipo redactor, como é o caso da futura ordenación e as infraccións urbanísticas derivadas da construción de "áticos ou torreóns" no barrio do Real, sobre os que se debate unha moción de UCD, sen chegar a votala, sobre "fomento da construción", na liña que defende a ALEC e o grupo de pequenos empresarios da construción, para permitir a construción de catro alturas no centro urbano, tanto na rúa Ramón Cabanillas como na rúa Concepción Arenal ata o barrio do Con, presionando tamén para a legalización dos áticos do Real a través da presentación dun escrito con tres folios de sinaturas de veciños apoiando tales medidas[587]. O Concello informa que o equipo que elabora as NSP é contrario a tal petición, Uxío Chapela, como voceiro do BN-PG, intervén para afirmar que O Real está "saturado, sen urbanizar e sen espazos verdes e os áticos sería agravar o problema". Uxío Nogueira (UG) tamén defende que "non se permitan máis alturas sen equipamentos sociais" no barrio do Real; Francisco Juncal (AEI) afirma que "máis do 75% dos torreóns xa están construídos e moitos traballadores adquiriron parcelas para a construción das súas vivendas e mentres os que tiñan diñeiro puideron construír, agora se lle impide aos outros", o que viña sendo unha forma gráfica de describir as etapas do desenvolvemento residencial do barrio do Real por parte de compradores de parcelas que edificaron nas primeiras etapas e outros propietarios que non o fixeron nun tempo en que se incrementaron de forma significativa custos e plusvalías de todos os factores presentes no proceso de construción.

A moción de UCD é rexeitada pero sitúa un problema que comunmente se despacha baixo o xenérico rótulo de "especulación" pero que vai emerxendo, a ollos da nova Corporación, como unha cuestión política complexa e difícil de xestionar dada a cantidade de afectados e de situacións distintas que foron xuntando a propietarios de soares, construtores e promotores de edifi-

ciais, talleres, bares, entidades financeiras, industrias, hostalería, almacéns, dotacións administrativas, educativas, etc., entre O Con-O Real-Moaña-Meira e Domaio, en 1979.

587 PM26091980. AMCM.

cacións durante un proceso urbanístico de case dúas décadas de edificación residencial no barrio do Real.

Tal complexidade de xestión vai unida a expedientes de infracción urbanística iniciados no franquismo, moitos a petición ou por presión das forzas políticas clandestinas que en 1979 toman o temón do goberno moañés, por iso cando UG demanda[588] información sobre a situación de todos os expedientes iniciados por infraccións urbanísticas, Secretaría Municipal informa que están tramitados pero gran parte deles paralizados por falta do informe e valoración do aparellador municipal, ao que Serxio Regueira (UCD) engade que seguen a incrementarse, en democracia, as obras de nova edificación sen licenza ás que non se lle abriu expediente, mesmo téndose denuncias da Policía Municipal: un problema histórico que continúa en democracia.

> *Abríanse expedientes, uns tratábanse, outros durmían o soño dos xustos, outros saían a trancas e barrancas. É o problema de: onde paras? Dixen varias veces, estando na oposición: isto hai que cortalo. Se se corta, só vai haber problemas cos dous ou tres primeiros. E se poden ser grandes, xentes de cartos, mellor. Cortas, e a partir de aí, non deixas pasar unha. E con eses dous ou tres primeiros, seguro que vas ter problemas. Porque daquela, aínda que viñamos de onde viñamos, e todos eran favores por todas as esquinas, pero a xente tiña unha perspectiva de cambio real, por iso participaba tanto. Pero en canto viron que aquel, que estaba denunciado, deixábano seguir, chegaban á conclusión de que era o mesmo* [que na xestión municipal anterior].[589]

Este era o clima político e a axenda do debate urbanístico mentres se está a desenvolver o Avance das NSP, o documento fundacional da ordenación urbanística, que recolle, como diagnóstico de introdución[590] á realidade moañesa:

> *O importante crecemento do Termo de Moaña nas últimas décadas, tivo a súa expresión territorial no dobre fenómeno dun notable crecemento urbano do núcleo de Moaña-Vila coas secuelas de infradotación propias dun crecemento sen ordenar e un proceso desordenado de asentamento de vivendas unifami-*

588 PM31101980. AMCM.

589 Serxio Regueira Gómez, concelleiro nas corporacións municipais de 1979 e 1987. Entrevista, 19102016. Arquivo propio.

590 Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Moaña. Avance de criterios, obxectivos e solucións xerais. Oficina de Planeamento, decembro 1980, p. 99.

> *liares que localizadas inicialmente en torno a os núcleos tradicionais vai expandíndose en mancha de aceite con crecente grao de dispersión (en relación á progresiva xeneralización dos medios de locomoción individuais) ocasionando a ruptura do modelo tradicional de asentamentos e provocando unha indiscriminada utilización do territorio.*

Diagnosticada a situación, o documento refírese á necesidade de "introducir criterios racionalizados que corrixan os desequilibrios propios dun crecemento urbano espontáneo" e tamén da importancia da inmediata entrada en funcionamento da Ponte de Rande sobre un documento de ordenación urbanística que debe articular debidamente o crecemento dos próximos anos e tamén "o primeiro impacto da Ponde de Rande e a Autopista".

Dado este marco xeral, definen como obxectivos xerais das NSP[591]:

> -Articular o crecemento que se vaia producir no inmediato futuro.
>
> -Ordenar o territorio municipal introducindo as medidas correctoras do proceso desestruturador, definindo os elementos articuladores do sistema territorial: delimitación dos asentamentos especificando as súas densidades, definición dos centros de servizos e equipamentos, xerarquización do sistema de comunicacións, etc.
>
> -Ordenar a "agrupación urbana capital que denominamos Moaña-Vila, ao obxecto de mellorar a súa estrutura, cubrir os déficits de equipamento, mellorar os servizos urbanísticos e ordenar o crecemento agardado".
>
> -Potenciar a consolidación das entidades de poboación para obter: a) uns límites de densidade-concentración que permitan a implantación de servizos (auga, sumidoiros, recollida do lixo, teléfono, etc.); b) permitir un nivel mínimo de equipamento e ao tempo evitar a mancha de aceite dos núcleos.
>
> -Preservar o resto do territorio da súa utilización indiscriminada no proceso urbanizador pola vía do desordenado e espontáneo proceso de diseminación.

591 Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Moaña. Avance de criterios, obxectivos e solucións xerais. Oficina de Planeamento, decembro 1980, p. 99-100.

-Defensa das áreas obxecto de protección especial: banda litoral, manchas forestais litorais, grandes áreas forestais e montañosas, etc.

-Protexer o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e cultural colectivo.

O documento de Avance define os criterios para ordenación do solo urbano, entendendo por centro urbano máis consolidado o mesmo ámbito que vimos estudando dende a década de 1960: o triángulo definido polas rúas José Costa Alonso, Concepción Arenal, C-550 e estrada Marín-O Con ao seu paso polo Real (sobre todo ata as rúas Almirante Lobo e Fernando García Arenal) apostando para este ámbito polo completamento residencial desta zona, con aproveitamentos en altura que estarán entre 3-4 plantas, cun fondo de edificación que oscilará entre 10 m.-12 m.

Delimita, así mesmo, unha zona urbana difícil como a incluída no perímetro entre Canexa, Concepción Arenal, Méndez Núñez, Fragata El Callao e estrada Cangas-Vilaboa para apertura de novas vías e ordenación dunha zona interior complexa.

Define dous ámbitos específicos en urbano: a) o incluído entre a estrada Cangas-Vilaboa, a estrada A Seara-O Redondo, o camiño do Prado ata a estrada A Seara-Redondo como rótula entre as zonas urbanas de O Con-O Real-A Praia-A Seara e a zona do Rosal-A Xunqueira; b) O Rosal, estrada A Seara-Verducedo, estrada A Seara-O Redondo e estrada Cangas-Vilaboa. Trátase de dous polígonos con elementos netamente urbanos mesturados con outras tipoloxías derivadas do medre residencial desordenado.

Para as zonas non urbanas consolidadas, o documento de Avance, en xeral, prevé unhas ordenanzas de edificación unifamiliar ou colectiva, illada, pareada ou entre medianeiras ou só de vivenda unifamiliar illada. En ambos casos a edificación será de baixo e piso.

En canto ás previsións de crecemento de vivendas, o equipo redactor manexa como máis probable que o medre demográfico de Moaña se sitúe nos mesmos indicadores do período 1970-1980, estimando que o número de vivendas de nova construción necesarias para cubrir as necesidades do período 1980-1985 será de 1.400 vivendas novas e de 2.400 máis para o período 1980-1990.

Estas cifras corresponden ao total municipal. Tendo en conta que o proceso de concentración urbana no ámbito que denominan Moaña-Vila determinou que case o 50% da edificación nova construída entre 1977-1980 se localizase nesa zona, e prevendo que a ordenación urbanística que se pretende

co documento siga consolidando esta dinámica de concentración urbana, sen esquecer a importancia do resto dos ámbitos como base da edificación unifamiliar.[592]

No apartado de Entidades Rurais de Poboación[593], un ámbito especialmente delicado de definir e de ordenar urbanísticamente, recóllese a "potenciación das aldeas e lugares xa existentes, establecendo unha normativa que permita completar o núcleo e acoller posibles novas edificación", marcando criterios para a delimitación das "entidades de poboación rural" que se apoiará "sobre a estrutura de camiños existentes que estruturen os núcleos, definíndose en xeral unha banda de 50 m. de profundidade medidos desde o borde dos camiños". A realidade urbanística mesturada e complexa destas zonas determina que a clasificación de solo urbano estará baseada no criterio da "consolidación da edificación".

Abonda o Equipo Redactor na poliformidade destes núcleos e das chamadas zonas expandidas como "manchas de aceite" que "nos últimos vinte anos deu lugar á xeneralización do asentamento unifamiliar non concentrado, obriga a definir ámbitos polinucleares constituídos por conurbación dos vellos núcleos, resultando unhas amplas manchas de solo urbano de poboación rural nos que se pretende concentrar prioritariamente as actuacións edificatorias unifamiliares individuais, ao obxecto de reconducir o proceso en curso" para o que prevén "garantir as baixas densidades e acadar uns límites mínimos para acometer unha política de dotación mínima de servizos [urbanísticos] de forma realista", sexa esta "por agrupación de núcleos ou núcleo a núcleo".

Establécense unhas aliñacións dende o borde das estradas dependendo do rango destas, que van dos 13 m. de desvío para as vías tipo I e II, ata os 8 m. nas de tipo III e 3 m. nas de tipo IV. As aliñacións mínimas a lindeiros serán de 3 m., agás en edificación adosada ou entre medianeiras, unha parcela mínima de 400 m^2 para novas edificacións ou menor cando se trate de renovación de vivendas existentes en soares que non acaden a parcela mínima. A edificabilidade máxima será de 1,75 m^3/m^2 nas parcelas que dispoñan de rede de sumidoiros e de 1,5 m^3/m^2 para as que non a teñan. A altura máxima de edificación será de 6,5 m., equivalente a baixo e unha planta.

O documento de Avance refírese tamén ao ordenamento do resto do concello definindo criterios para protección do patrimonio arqueolóxico, protección de costas e praias, protección forestal, protección de canles fluviais, o tratamento do solo non urbanizable sen protección específica, etc.

592 Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Moaña. Avance de criterios, obxectivos e solucións xerais. Oficina de Planeamento, decembro 1980, pp. 101-110.

593 Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Moaña. Avance de criterios, obxectivos e solucións xerais. Oficina de Planeamento, decembro 1980, pp. 111-113.

Examinada a proposta do equipo redactor das NSP, o documento de Avance das NSP entra en período de información pública[594], acordándose por unanimidade:

1) Suspender por un ano o outorgamento de licenzas de parcelamento de terreos e de edificación nas áreas sinaladas polo Equipo, a partir da publicación deste acordo no BOP.

2) Ordenar a interrupción do procedemento de outorgamento de licenzas e a notificación do acordo de suspensión a quen tiveran presentadas solicitudes de licenza anteriores a este acordo

3) Áreas afectadas:

1) Cruce rúa Fragata Lealdade con rúa Fragata Branca, rúa Almirante Lobo, ambas marxes de rúa Fernando García Arenal.

2) Extremo da mazá entre rúa Fragata Branca e rúa Fragata Numancia.

3) Porción vacante de mazá entre rúa Fragata Vila de Madrid, rúa Fragata Lealdade e rúa Méndez Núñez.

4) Porción vacante de mazá entre rúa Fragata Almansa, rúa Fragata Branca e rúa Méndez Núñez.

5) Porción vacante de mazá entre rúa Fragata Branca, rúa Fragata Numancia e rúa Méndez Núñez.

6) Porción vacante de mazá entre rúa Fragata Numancia, rúa José Costa Alonso e rúa Méndez Núñez.

7) Zona limitada por rúa Méndez Núñez, rúa Concepción Arenal, Travesía do Xaldeiro e estrada Cangas-Vilaboa, rúa Fragata do Callao e rúa Fragata Navas de Tolosa.

8) Zona limitada por Travesía do Xaldeiro, rúa Concepción Arenal, rúa Canexa e estrada Cangas-Vilaboa.

9) Marxe esquerda da escalinata de subida da estrada Cangas-Vilaboa a Colexio de Quintela.

10) Tramo vacante en marxe N da estrada Cangas-Vilaboa entre xardíns da Igrexa e estrada Seara-Redondo.

11) Zona de mazá definida por estrada Cangas-Vilaboa, estrada Seara-Redondo y estrada dende esta última á Igrexa.

12) Tramo ambas marxes da rúa que une a estrada Cangas-Vilaboa coa estrada Seara-Verducedo, tanxente ao centro de EXB de

594 PM16011981. AMCM. DOG de 09011981

Seara.

13) Tramos de ambas marxes do camiño que, partindo da estrada Cangas-Vilaboa discorre en dirección N colindeiro coas vivendas dos mestres do Grupo Escolar de Reibón..

14) Zona vacante en marxe N da estrada Cangas-Vilaboa en zona A Xunqueira, entre campo de fútbol e beiramar.

15) Tramo da marxe O do camiño que, partindo da estrada Cangas-Vilaboa vai paralelo a estrada de Meira a Reibón e A Fraga.

16) Zona entre a estrada de Meira a Reibón e Fraga e camiño que partindo da estrada Cangas-Vilaboa vai paralelo a ela.

17) Zona entre marxe N da estrada Cangas-Vilaboa e marxe E da estrada de Meira a Reibón e Fraga e cemiterio parroquial de Meira.

18) Zona da beiramar entre estrada Cangas-Vilaboa, desembocadura rio Barranco do Faro e praia de Meira.

19) Zona entre a estrada Cangas-Vilaboa e o mar, entre barrios de Ribeira e Moureira, en Meira.

20) Tramo da marxe E da estrada Marín-O Con á altura de Seara.

21) Banda de 100 m. ancho medio que discorrendo sensiblemente paralela á estrada Cangas-Vilaboa, a unha distancia variable entre 250 e 600 m. se traza dende a estrada Marín-O Con e a estrada de Meira a Reibón e A Fraga.

22) Banda de 100 m. de ancho medio dende a estrada Marín – O Con á estrada Cangas-Vilaboa, pola parte N de Portal do Almacén.

Estas zonas afectadas son o debuxo sobre o territorio moañés dos novos criterios de ordenación, os obxectivos e as principais intervencións propostas do equipo redactor:

1. Ordenación e delimitación do futuro núcleo urbano, ámbito chamado Moaña-Vila, como un agregado entre O Con-O Real-A Praia-A Seara- A Xunqueira-Meira.

2. A delimitación deste ámbito urbano estará formada pola estrada litoral Cangas-Vilaboa, a estrada Marín-O Con e unha nova vía de circunvalación, a crear, entre a Porta do

Sol-Meira e a Porta do Cego-estrada Marín-O Con.

3. Definir a parcela mínima, a edificabilidade, o fondo edificable e alturas en zona urbana.
4. Definir o solo urbanizable, o solo non urbanizable e o solo industrial.
5. Definir as entidades rurais de poboación.
6. Definir as novas dotacións administrativas, socioculturais, sanitarias, educativas, etc., previstas.
7. Definir os criterios de ordenación das zonas remitidas a planeamento secundario: Plan Especial de Reforma Interior, Plan Parcial, etc.
8. Proceder ao ordenamento das zonas litorais recheadas, sobre todo as de Praia-Seara e Meira (problema das industrias existentes)
9. Definir a situación do novo espazo para a o cambio do campo de fútbol da Xunqueira.

A primeira proposta técnica delimita o coñecido triángulo urbano pero ampliando a súa extensión cara a Meira a través das zonas de Reibón e A Xunqueira de amplo crecemento residencial no tardofranquismo, recollendo unha proposta tan estratéxica como novidosa: a realización dunha nova estrada que faría as funcións de "circunvalación" e tamén de "borde" ou límite do espazo urbano que denominan Moaña-Vila, dende o centro litoral da parroquia de Meira (lugar da Porta do Sol) ata a estrada Marín-O Con (lugar da Porta do Cego)[595].

Tamén se encontran xa dende a proposta de Avance outras previsións ou actuacións importantes sobre o territorio como poden ser a previsión de desprazamento do campo de fútbol d'A Xunqueira á zona da Xeira (PEE2, DEP1), a ordenación para a zona do Rosal (residenciais en A3-SI e A3-S2-Zb; dotacionais de BUP: DBUP.1 e FP: DFP.2), OU o novo centro de BUP previsto para Abelendo (DEGB.6)[596]

595 Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Documento Refundido. Clasificación e Zonificación (Planos 4-1, 4-2) e Sistema Viario (Plano 3-1). Abril 1984. http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369pl019.JPG, consulta 05092017.
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369pl018.JPG, consulta 05092017.
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369pl011.JPG, consulta 05092017.

596 Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Documento Refundido. Ordenación do Termo Municipal (Plano 1-5). Abril 1984. http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369pl005.JPG, consulta 05092017.

Os criterios proveñen da aplicación da normativa urbanística (definir parcela mínima para edificación, solo urbanizable, edificabilidade, entidades rurais, etc.) e as intervencións máis apremiantes pretenden dar resposta a problemas urbanísticos herdados (campo de fútbol, crecemento residencial desordenado en zonas urbanas e non urbanas) ou de nova creación (ordenación das zonas litorais modificadas con recheos, con especial atención ao desprazamento das industrias situadas nestes lugares).

Despois da información pública, esta delimitacións das zonas máis afectadas polo Avance das NSP e os fundamentos e criterios que as inspiraron son analizados pola CMU que emite o seu informe no que se manifesta de acordo co documento do Avance, coas seguintes cuestións a puntualizar:

a) Agrupación Moaña-Vila: nova vía de circunvalación. Proponse o estudo inmediato do trazado exacto da vía, que ten necesariamente que observar a existencia dunha serie de camiños que poden ser aproveitados, ao igual que confeccionar un desenvolvemento sobre parcelarios, etc.

b) Ámbito de actuación en urbano: debe ter definido o seu ordenamento, incluídas as vías, antes de acabar o prazo de suspensión de licenzas.

c) Fondo edificable: entendemos que deben sobrepasarse os 10-12 m., chegando ao legalmente permitido.

d) Solo urbanizable: a densidade debe elevarse ao máximo autorizado, 75 vivendas/Ha. Non encontramos consideracións obxectivas no proposto no Avance, 60 viv/Ha.

e) Entidades rurais de poboación: a) no Avance non se recollen moitas das vivendas construídas nos últimos años, o que levou ao equipo de planeamento a non recoller claras prolongacións das entidades rurais de poboación. Propoñemos refacer as manchas que definirán as mesmas, b) non se recolle no traballo o que na realidade se observa: a gran diferenza entre unhas entidades rurais e outras dispersas, compactas con servicios, etc., o que levaría a recoller no avance como consecuencia lóxica unhas diferenciacións nas condicións de edificabilidade entre elas e non unhas condicións xerais como se observa no avance.

f) Solo non urbanizable sen protección específica: debe facerse clara diferenciación entre terreos lindeiros coas vías de tipo I, II y III e o resto, reducindo en aqueles a parcela mínima para a edificación.

g) Resto do termo municipal: obsérvase carencia de solo industrial, clara lagoa no Avance. Proposta: dende a Ponte de Rande a Punta do Mouro-Domaio, dende A Borna a Caeauga - Meira.

Apróbase por unanimidade o Avance das NSP, conforme ao informe da CMU[597]. Se facemos unha análise das puntualizacións da CMU ao equipo redactor, observamos:

a) A preocupación Goberno Municipal por minorar as afeccións previstas pola posta en marcha da nova vía de circunvalación e borde urbano, propoñendo o aproveitamento de camiños preexistentes como alternativa así como un informe sobre o parcelario afectado, intuíndo a complexidade dun futuro proceso de afeccións, expropiacións, etc.

b) A petición de maior concreción do novo ordenamento urbano e maior un fondo edificable nas novas construcións urbanas.

c) A densidade edificatoria en solo urbanizable como un factor principal de inquietude municipal.

d) A petición de maior concreción na delimitación e criterios de ordenamento de núcleos e entidades rurais de poboación cada vez máis difíciles de precisar por mor do medre e espallamento continuo do residencial unifamiliar que vai creando distintas e sucesivas prolongacións de núcleos preexistentes e creación de novos.

e) A proposta de establecer edificabilidades e densidades distintas dependendo das tipificacións das zonas non urbanas.

f) A importancia que a CMU dá á redución da parcela mínima en solo non urbanizable en función da proximidade ás vías de comunicación.

g) A crítica máis concreta ao equipo redactor sobre a carencia de solo industrial.

597 PM07101981. AMCM.

As importantes disonancias entre a oferta do equipo redactor e a demanda do grupo de goberno é outro dos indicadores da complexidade da xestión urbanística que se están a dar na maioría das corporacións democráticas que iniciaban, como Moaña, o seu proceso de ordenamento urbanístico: o choque entre legalidade normativa, proposta técnica do equipo redactor, intereses dos distintos sectores afectados e intereses dos grupos políticos de goberno e oposición debuxan un escenario esvaradizo que require un manexo delicado para non abrir conflitos sociais e/ou políticos.

A memoria inicial do Avance de planeamento recollía amplos criterios sobre a importancia da conservación da paisaxe agrícola, a ordenación urbanística do concello e as potencialidades dos usos turísticos de Moaña pero as indicacións que recibe a Corporación Municipal indican que existe temor a que as limitacións dos parámetros indicados polo equipo redactor como limitación de alturas no urbano e de densidades no non urbano, dea lugar á continuación da cultura urbanística tradicional en forma de infraccións urbanísticas, motivo polo que as propostas técnicas do equipo redactor sempre son matizadas pola CMU en favor de utilizar criterios máis permisivos ("sobrepasarse" nos fondos de edificación, "elevar ao máximo" o solo urbanizable, etc.) para as novas edificacións residenciais.

Para continuar o seu camiño, o Concello pretende que o Avance das NSP pase por unha nova revisión das zonas de suspensión de licenzas para prorrogar durante un ano máis as mesmas zonas xa aprobadas, agás parte das da zona do barrio do Real, e incluír algunha nova zona como a marxe esquerda da rúa da Canexa[598]. A decisión de prórroga de suspensión de licenzas é motivo de recurso de reposición por entender o recorrente, Sebastián Juncal, que a suspensión de licenzas por mor das NSP non é ampliable nin prorrogable, facendo rectificar o acordo do Pleno sobre a ampliación da suspensión temporal das licenzas urbanísticas[599].

Durante o período de exposición pública do documento de Avance recíbense suxestións por parte da Cámara Oficial da Propiedade Urbana de Pontevedra, ALEC, Gran Área de Expansión Industrial de Galicia-Delegación de Vigo, Pesquerías del Atlántico e industrias del Bacalao S.A. e barrio do Latón, referidas a "propostas concretas de clasificación do solo (aumentar o solo urbanizable, localizar solo urbanizable industrial, etc.), maior densificación de solo urbano, maiores aproveitamentos, diminución da parcela mínima, etc."[600]

O complexo proceso de aprobación do planeamento urbano cara á

598 PM02021982. AMCM.

599 PM23041982. AMCM.

600 Normas Subsidiarias de Planeamento, Memoria de Ordenación, Oficina de Planeamento, 1984, p.2.http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369no110.pdf, consulta 15112016.

súa Aprobación Inicial vainos dando pistas dos axentes relevantes no proceso urbanístico moañés, as propostas formais dos grupos afectados e tamén a presión de grupos, persoas e familias que tentan maximizar os seus intereses sobre a Comisión Municipal de Urbanismo e a Corporación de tal forma que hai un debate municipal importante antes da aprobación inicial no que a CMU expón e propón ao equipo redactor as seguintes medidas correctoras cara a Aprobación Inicial:

Agrupación Moaña-Vila, estrada Cangas-Vilaboa: penetración en camiño Vello e camiño de Senra: posibilidade de dar máis alturas.

Alturas en rúas interiores do barrio do Real: baixo, 2 plantas e ático

Cruce avenida Castelao con José Costa Alonso – O Con, ata o cruce de Lestón: debe elevarse o número de plantas.

Zona entre A Canexa e baixada de [rampla de] Pereira: redacción dun PERI ou Estudo de Detalle.

Entrada dos camiños de Xeira e Miranda: entrada de 10 m. partindo da fachada esquerda, subindo, pasando os terreos a ser catalogados como urbano.

Entrada do camiño do Prado, Seara: afectar o cerramento e casa do sacerdote, en liña coa edificación da Igrexa.

Cruce dende o Portal do Almacén ata o de cruce de Lestón: igualar alturas que dende cruce da avenida Castelao ata cruce de Lestón.

Eirado da Igrexa do Carme: realizar un Estudo de Detalle.

Zona verde no camiño de Prado: proponse un fondo edificable igual que o resto da zona: baixo e piso.

Solo urbano: proposta de que a fronte de fachada mínimo para poder construír sexa de 6 m. O fondo edificable será de 20 m.

Nas construcións que dean esquina a dúas rúas farase un chaflán no baixo de 2,5 m., perpendicular á bisectriz que forma o ángulo.

Domaio: non cambiar o actual Casco Urbano, agora chamado Solo Ordenado (plano 1-5)

Novas vías: o trazado das mesmas será estudado ao detalle.

No debate posterior, UCD di que o método a seguir debería ser que os equipos técnicos deben plasmar as interpretacións da Corporación, poñelas a exposición pública e incorporar as suxestión se as houber. Este partido entende que hai lagoas importantes a corrixir antes da fase de Aprobación Inicial, propoñendo:

a) Volume: aproveitar ao máximo o permitido pola Lei…; segundo as distintas cualificacións, entre 55-40 vivendas/Ha.

b) Zonas industriais de Latón, Domaio (Mouro-Rande) na costa: hai que buscar tamén outras zonas interiores para almacéns ou outro tipo de industrias.

c) Parcela mínima en entidades rurais de poboación: 300 m^2. Prolongación das mesmas en zonas preestablecidas e que non afectan a vistas, cultivos ou arqueoloxía, 400 m^2.

d) Alturas: cruce de Lestón-O Con e cruce de Lestón – Portal do Almacén, 5 alturas, casco urbano de Domaio e Meira, 3 alturas, resto do termo segundo ancho de rúas, zonas turísticas, etc.

e) Recheos: non deberá hipotecarse con ningunha edificación no de Seara [o plano do Avance recolle a edificación da Casa do Concello e da Casa da Cultura], agás ao NE, a Casa do Mar.

f) Recoller a construción dun recheo duns 800 m. de longo por uns 35 m. de ancho, dende Almacén a Laxe Bagaña, en Domaio, para xardíns públicos, pistas de atletismo, posible piscina, paseo marítimo, pistas polideportivas.

Aínda que as propostas da Comisión Municipal de Urbanismo e a de UCD son retiradas e sométese a votación a Aprobación Inicial das NSP acadándose a unanimidade da Corporación[601], todo o proceso do planeamento urbanístico moañés vai poñendo cada vez máis claro a dificultade que ten unha proposta inicial do equipo redactor de limitar a maior parte dos parámetros principais da ordenación da edificación: densidades, alturas, edificabilidades, parcela, fondo de parcela, etc., que se van acomodando á presión dos propietarios: as alturas acadadas no barrio do Real e no centro urbano de Moaña, o espallamento do casarío unifamiliar por boa parte do territorio, etc.

Sendo tan básica como estruturante a necesidade da ordenación urbanística despois da expansiva dinámica residencial incontrolada experimentada sobre todo entre os anos do "desenvolvementismo" e a entrada da democracia local, a diagnose realizada pola política, a academia e os técnicos do

601 PM28051982. AMCM.

planeamento urbanístico sobre o cambio tan urxente como necesario na política urbanística encontra, na entrada da democracia local, cunha realidade e unha dialéctica común á maior parte dos concellos de Galicia a aquela altura: a constatación, por parte dos equipos de planeamento e gobernos locais da complexa cultura urbanística de Galicia onde Moaña non era unha excepción en canto á estrutura da propiedade, cultura da edificación residencial ou infraccións.

Como podemos ver no continuo debate entre as propostas do equipo redactor e as suxestións da Corporación Municipal, os primeiros deseñan limitacións en case todos os parámetros do proceso residencial e os representantes políticos da Administración Local tenden a incrementalos ao máximo permitido pola lei.

Establecido un calendario de reunións e asembleas para difundir e explicar as NSP, comeza un proceso participativo que implicaba á sociedade moañesa, equipo de planeamento e Corporación Municipal. Concluído o proceso de exposición pública, recibíronse 81 alegacións. Despois de debatidas pola Corporación, acórdase por unanimidade incorporar ao documento para a Aprobación Provisional as seguintes modificacións:

A) Ordenación do termo municipal:

a) As recollidas en plano I-5[602] que se centran na modificación do PERI[603] 1, ampliación de Z-4[604], Z-6[605], modificacións de zona verde do solo urbanizable do Rosal. Todas en parroquia de Moaña.

b) As recollidas en plano I-7, ampliacións de Z-4, Z-6, en Domaio.

c) As recollidas en plano I-8, ampliacións de Z-4, Z-6, delimitación do termo no seu límite con Cangas, así como solo urbanizable A-4 e unha dotación de preescolar, en Tiran.

d) As recollidas en plano I-9, ampliacións de Z-4, Z-6, así como a creación de solo urbanizable A'-5 de 40 vivendas/Ha, en Costa-Palmás, Domaio.

e) Cualificación como solo urbanizable da parte baixa de finca propiedade de Margarita González Pastoriza, O Con, plano I-8,

602 Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Documento Refundido. Ordenación do Termo Municipal (Plano 1-5). Abril 1984. http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369pl005.JPG, consulta 05092017.

603 "Plan Especial de Reforma Interior"

604 "Solo non urbanizable de tolerancia de edificación contigua a entidades rurais"

605 "Solo urbano de entidades de poboación rural"

cualificado como de baixa densidade de O Con A-4’

B) Sistema viario:

a) As recollidas en plano 3-1, consistente en variación de vías base do solo urbanizable do Rosal e cambio de aliñación en rúa Curros Enríquez.

b) As recollidas en plano 3-4 sobre cambio de aliñación dunha nova apertura de rúa que sae da Avenida Ramón Cabanillas.

c) As recollidas en plano 3-4 sobre aliñación de 10 m. en entrada A Xeira

d) As recollidas en plano 3-5, sobre trazado de rúa de nova apertura en O Con e modificación de aliñación nunha rúa do Real

e) As recollidas en plano 3-6, que fixan as aliñacións de 3 camiños que parten do núcleo urbano.

C) Clasificación e zonificación:

a) En plano 4-1 recóllense cambios na normalización/ampliación de alturas de edificación en Ramón Cabanillas, Concepción Arenal e estrada de Redondo.

b) En plano 4-3 recóllense cambios no PERI 1, amplíase o solo urbano de media intensidade, anúlase a situación do novo Concello, normalízase e amplíase alturas en Ramón Cabanillas e Concepción Arenal.

c) En pl. 4-5 amplíase o Z-8[606], normalízase e amplíase as alturas en rúas Daniel Castelao, José Costa Alonso, Concepción Arenal e Fragata Navas de Tolosa.

d) En plano 4-6 amplíase o solo urbano de Domaio ao límite da antiga delimitación de Casco Urbano e créase, baseado no camiño público, a vía de conexión con Costa-Palmas en estrada Cangas-Vilaboa, pk 11,970, de 10 m. de ancho. No mesmo punto, outra vía de 8 m. de baixada ao recheo-paseo de beiramar, recóllese igualmente a vía existente en estrada Cangas-Vilaboa, pk. 12,100, de 10 m.

Acórdase a Aprobación Provisional das NSP[607], que son enviadas á CPU para acadar o seu visto e prace para a Aprobación Definitiva.

O factor tempo, unha variable fundamental na elaboración do planeamento, fai que aparezan continxencias non previstas inicialmente. Neste

606 “Solo urbano de media densidade”

607 PM15041983. AMCM.

caso, mentres o procedemento de aprobación definitiva non finaliza, é aprobada por unanimidade[608] a elaboración da primeira fase dos plans parciais do Fuxón (Tirán) e do Chan (O Redondo, Moaña), dado que están conformes coa normativa urbanística derivada das NSP, así como tamén o Convenio do Monte do Con[609] polo que Margarita González Sanjurjo[610], propietaria da finca de superficie aproximada de 30.000 m^2, ofrece ao Concello 10.400 m^2 como cesión, sitos na parte superior da finca, con destino a parque público, cesión condicionada ao cambio de cualificación urbanística inicialmente previsto nas NSP e recollido nas rectificacións incorporadas ao documento de Aprobación Inicial. Son tres exemplos de pezas substanciais do territorio moañés que se poderán transformar en zonas ordenadas pola nova normativa urbanística, amosando a importancia de contar cun documento de ordenación pensado para moitos anos de transformacións harmónicas e organizadas do territorio.

A aprobación definitiva do documento de ordenación urbanística sofre un importante revés coa resolución negativa da CPU de 2 de decembro de 1983 suspendendo a Aprobación Provisional das NSP. Despois dun proceso de tres anos de xestación, unha vez máis a autoridade provincial da CPU reabre o histórico enfrontamento das décadas de 1960 e 1970 entre a autoridade local e a provincial a conta de diferenzas nos criterios de ordenación e planeamento. O Concello reacciona con rapidez pedindo informe ao aparellador municipal para solucionar os apartados referidos ás discrepancias coa institución provincial, referidos aos planos de ordenación 1-5, 1-6, 1-7, 1-8, 1-9, aos planos de sistema viario 3-1, 3-3, 3-5, 4-1, 4-3, 4-5, 4-6 e aos planos de clasificación e zonificación. As emendas da CPU son moi concretas e refírense, sobre todo, ao incremento de alturas na zona urbana, a anulación de dotacións previstas nos terreos do recheo da Praia-Seara ou a delimitación so solo urbano de Domaio.

Plano 4-1: ampliación de altura e normalización, consistente en:

a) estrada ao Redondo, marxe esquerda, 4 plantas.

608 PM15041983. AMCM.

609 PM15041983. AMCM.

610 Filla e herdeira Roberto González Pastoriza, dono do predio do Monte do Con, de 2,43 Ha. segundo a memoria do Plan Parcial, mercado na súa maior parte por José Luís Álvarez Souto, o construtor e promotor urbanístico máis destacado durante o tempo que estudamos, e que promoverá e desenvolverá tamén a máis grande promoción inmobiliaria realizada en Moaña en democracia, a creación do novo barrio do Rosal na súa primeira fase, sobre un predio de 77.553 m^2, na súa maior parte propiedade de Amador Montenegro López, e resto de herdeiros de Amador Montenegro Saavedra. Estas dúas operacións urbanísticas, xunto coa do Fuxón, en Tirán, froito da venda e parcelamento da herdanza da familia Carvajal, foron os maiores desenvolvementos urbanísticos ordenados a partir do planeamento secundario posibilitado pola aprobación das NSP. Os terreos pertencentes ao Fuxón e o Monte do Con quedararan afectados polo POLRB, en 1966.

b) rúa Ramón Cabanillas, dirección Cangas, marxe dereita, 4 plantas.

c) rúa Ramón Cabanillas, dirección Cangas, marxe esquerda, 5 plantas.

d) rúa Concepción Arenal, dirección peirao, marxe esquerda, 5 plantas.

e) rúa Concepción Arenal, dirección peirao, marxe dereita, extremo da primeira mazá con rúa Ramón Cabanillas, 5 plantas.

Plano 4-3:

-O cambio de PERI 1, ampliando solo urbano de media densidade concrétase na entrada á Xeira ata a definición da vía de acceso a este barrio con 4 alturas como no resto da mesma marxe da rúa Ramón Cabanillas.

-Anulación do emprazamento da nova Casa do Concello, que estaba situada na zona verde de Beiramar.

-Normalización e ampliación de alturas en rúas Ramón Cabanillas e Concepción Arenal: a) rúa Ramón Cabanillas, dirección Cangas, marxe dereita, 4 plantas no definido como Z-8, b) rúa Ramón Cabanillas, dirección Cangas, marxe esquerda, 5 plantas en todas as mazás formadas con rúa Concepción Arenal que non dispoñen de patio interior de mazá. Nas que teñen patio interior, 4 plantas, c) rúa Concepción Arenal, dirección peirao, marxe dereita, 5 plantas, d) rúa Concepción Arenal, dirección peirao, marxe esquerda ata zona verde, 5 plantas.

Plano 4-5: a normalización e ampliación de Z-8 concrétase, en a) rúa Concepción Arenal, marxe dereita fronte a peirao de Moaña, 5 plantas, b) rúa José Costa Alonso, dirección O Con, marxe dereita, 5 plantas, entre intersección rúa Méndez Nuñez e calificación Z-9, rúa de subida ao Real, c) rúa Navas de Tolosa, dirección Ramón Cabanillas, marxe esquerda, 4 plantas, d) avenida Daniel Castelao, dirección O Con, marxe dereita, entre Portal do Almacén e cruce Castelo do Con, 5 plantas, f) avenida Daniel Castelao, dirección Con, marxe esquerda, supresión dunha praza, recollida en plano 3-5, ampliando Z-8 con 5 plantas, g) Recoller o clasificado como A-4' delimitando o seu ámbito xa recollido no plano 1-8 así como recoller apertura dunha nova vía ao sur xa recollido en plano 3-5.

Plano 4-6:

-Solo urbano de Domaio: territorialmente queda delimitado á antiga delimitación de Casco Urbano (Normas Subsidiarias Provinciais)

-A fixación de tres camiños que parten do núcleo urbano de Domaio refírese ao pk. 11,970, de 10 m. de ancho. No mesmo punto, ao S da estrada Cangas-Vilaboa, outro camiño de 8 m. que conecta co recheo de beiramar, e outro de 10 m. que atravesa a estrada Cangas-Vilaboa en dirección N-S, modificando a anterior cualificación.

Vistos os informes do arquitecto técnico municipal e o da Secretaría Municipal, a Corporación acorda aprobar o documento refundido das NSP[611], coas modificacións introducidas en cumprimento do acordo da CPU de 02121983 e que se refiren, a 1) adecuación estrita do expediente e documentos grafados ao acordado no Pleno Municipal de Aprobación Provisional, incorporando ao documento inicialmente aprobado a totalidade das modificacións introducidas, e 2) a adecuación do sistema xeral de espazos libres, equipamentos comunitarios e centros públicos á poboación prevista nas NSP.

A Aprobación Definitiva das NSP pola CPU prodúcese o 27 de abril de 1984 pero a autoridade provincial aínda require do Concello o trámite da suspensión das zonas verdes de nova creación de Chan de Arquiña e do Porto de Domaio, que non poderán computarse como zonas verdes do sistema xeral. Tamén debe introducirse como modificación a inclusión das zonas portuarias de Moaña (O Con), Meira e Domaio, como zonas dotacionais de servizos portuarios e outrs correccións.

A proposta do concelleiro delegado de urbanismo di que se debe regularizar tamén a situación das obras afectadas pola redacción das NSP e que os promotores do Plan Parcial do Fuxón, onde hai xa construídas sete vivendas edificadas antes da aprobación das NSP, presenten a documentación para a súa tramitación. Acórdase aprobar por unanimidade[612]:

1. Darse por enterados do acordo da CPU sobre Aprobación Definitiva das NSP.
2. Non recorrer o acordo da CPU aprobación definitiva das NS.
3. Encargar á Oficina de Planeamento S. A. a realización dos

611 PM17041984. AMCM.
612 PM22051984. AMCM.

traballos necesarios para a adecuación das NSP ao acordo da CPU.

4. Comunicar a Margarita González Sanjurjo que, de acordo co convenio subscrito con este Concello, o período para a formalización pública da escritura de cesión comezará a contar a partir da data celebración deste Pleno Municipal.

5. Facultar ao alcalde para a formalización en escritura pública do convenio urbanístico con Margarita González Sanjurjo.

6. Comunicar aos promotores dos Plans Parciais do Fuxón e do Chan que deberán presentar a documentación pertinente para o inicio da tramitación legal dos Plans.

O proceso de elaboración das NSP queda oficialmente rematado por parte do Concello de Moaña cando Uxío Chapela, concelleiro de urbanismo e voceiro do BNG informa da tramitación das NS e da nova documentación elaborada pola Oficina de Planeamento SA para adecuala á resolución da aprobación definitiva da CPU, acordándose por unanimidade[613]:

1. Prestar conformidade ao novo documento das NSP, refundido, que cumprimenta o acordo da CPU de 27041984

2. Que pola Secretaría se dilixencien os 22 planos e 2 tomos deste Documento refundido das NSP.

3. Que este novo documento refundido sexa remitido ao Servizo Provincial de Urbanismo da Xunta de Galicia en Pontevedra.

No Pleno Municipal de 31 de xullo de 1984 lese escrito do Servizo Provincial de Urbanismo dando conta da aprobación definitiva das NSP. Era o primeiro documento deste tipo aprobado na provincia de Pontevedra en democracia, unha marca histórica para as dúas primeiras corporación municipais moañesas que nos fala da importancia e a prioridade política que o nacionalismo imprimiu ao proceso de ordenación e planeamento urbanístico.

Os principais puntos de disensión entre a CPU e o Concello de Moaña refírense á definitiva regulación das alturas, un tema que arranca dende o principio do proceso de elaboración do planeamento en Moaña e constitúe o principal tema de desencontro entre o equipo redactor, tendente a súa limi-

613 PM01061984. AMCM.

tación, e a Corporación en sentido contrario. A emenda da CPU neste tema recolle os criterios que dende o principio defenderan a UCD e a ALEC.

A Aprobación Definitiva das NSP e do criterio sobre as alturas nas edificacións rematou o debate sobre as infraccións urbanísticas máis sinaladas, que viñan do tardofranquismo e comezos da democracia local, as pertencentes ao barrio do Real e o centro urbano de Moaña, que cos novos criterios de regulación van ser legalizadas. Debe repararse tamén en que os aspectos máis decisivos e condicionantes para as infraccións urbanísticas están nas zonas non urbanas ou nas denominadas intersticiais, lindeiras coas zonas urbanas, extensións de núcleos rurais, etc., onde se viña producindo dende os anos 60 o espallamento desordenado do residencial unifamiliar que se teorizaría como contraurbanización, cidade difusa, etc.

As NSP prevén unha serie de medidas de ordenación para estes ámbitos, sempre priorizando o dereito privado, individual ou familiar da propiedade parcelaria atendendo á maior densidade e edificabilidade posible, a través de criterios técnicos que debuxan sobre os planos de ordenación superficies e zonificacións que, na maior parte dos casos, non se cumpriron, continuando co desenvolvemento –algo máis minorizado, en canto a ritmo de edificación– do residencial unifamiliar.

A dificultade de ordenación destas amplas zonas do territorio non urbano formado por pequenas parcelas reflicte un dos paradoxos da ordenación urbanística como método racional de optimización dos recursos humanos sobre o territorio: a Administración Local de Moaña ou de Galicia, en xeral, non é quen de xestionar acaídamente as bolsas de terreos pertencentes a núcleos rurais, extensión de antigos núcleos rurais ou ámbitos non urbanos que medran a un ritmo maior aos tempos dunha Administración que, se por unha banda afirma crer no poder disuasorio da Norma para reconducir as disfuncións urbanísticas históricas, por outra as corporacións municipais, tamén as de esquerdas, encóntranse ante un conflito de roles: regular e limitar o urbanismo neses ámbitos é minusvalorar os intereses residenciais dos propios concelleiros da Corporación e os seus actuais ou futuros intereses familiares, patrimoniais e inmobiliarios ou do solo.

> *Había unha loita continua entre a poboación e a Corporación, porque a xente non quería retirar para facer o camiño, quería dar máis alturas á vivenda... A Corporación* [1983-1987] *era bicéfala: a visión do alcalde era unha política máis pragmática e o concelleiro de urbanismo que, alén doutras cousas, estaba máis próximo ao teórico desenvolvemento que representaban as NS (...), era a parte máis dura, dende o punto de vista da NS, era o apoio que tiñamos os técnicos para poder*

negarlle aos veciños.[614]

Este complexo xogo de intereses leva a que a importante presión dos propietarios do solo tenda a que o planeamento acordado acepte maiores densificacións e edificabilidades que contribúen a un menor grao de ordenación e racionalización dos recursos urbanísticos e humanos sobre un espazo público limitado, en moitos ámbitos, a servir de viario para acceder ao residencial privado.

O proceso de reacondicioamento de intereses urbanísticos personais, familiares e ideolóxicos afectou á primeira Corporación moañesa, formando parte da transición social e urbanística experimentada durante o proceso de xestión das NSP que viña a pechar unha fase de forte ideoloxización proveniente de esquemas da loita política antifranquista para entrar nunha etapa de xestión da realidade urbanística de Galicia en que conceptos como pobo, clases populares ou rural son comprendidos e reacomodados tamén en relación aos seus fortes intereses en relación con plusvalías e edificabilidades no parcelario ou no residencial.

> *A presión* [social] *fixo que moitas redes viarias que se podían ter feito, non se fixeron. Porque o domingo aparecía o muro xa feito e ninguén o tirou. Cando un paisano tiña que retirar o muro do camiño porque nas NS o camiño tiña que ter un ancho determinado (...) aí era onde estaba o enfrontamento, tanto interno dentro da Corporación como externo, coa poboación. Eran as infraccións "da fin de semana".*[615]

A maior e mellor comprensión da realidade urbanística e residencial experimentada polo nacionalismo gobernante en Moaña cremos que foi decisiva na súa renuncia a tensionar ou abrir calquera tipo de conflito durante o proceso de xestión do planeamento local: as infraccións urbanísticas pasaron a ser parte do día a día administrativo pero non en termos de conflito ideolóxico, a participación cidadá no urbanismo foi canalizada dende o Concello cara ás exposicións públicas das distintas fases da elaboración das NSP, con reunións sectoriais ou de barrios cando foi preciso, cara a unha aprobación o máis maioritaria posible nun proceso de consenso social e político con renuncias de todas as partes que foi un dos factores clave para a aprobación das NSP.

Coa renuncia ao conflito político como clave de bóveda e a canaliza-

614 Juan Luís Ríos González, enxeñeiro de camiños, membro do Equipo Técnico Municipal, entrevista, 23012018. Arquivo propio.

615 Juan Luís Ríos González, enxeñeiro de camiños, membro do Equipo Técnico Municipal, entrevista, 23012018. Arquivo propio.

ción da participación social por vía institucional como tributarios ou afluentes, a vía principal de circulación do proceso de aprobación da normativa urbanística foi o consenso acadado en cada fase do planeamento: a aprobación por unamimidade de toda a Corporación Municipal foi a constante en todas as votacións do Pleno Municipal, tanto nas distintas fases de Avance, información pública, incorporación dos criterios de ordenación, obxectivos e intervencións principais propostas polo equipo redactor, puntualizacións da CMU, alegacións do proceso de exposición pública, Aprobación Inicial, elaboración do proxecto refundido despois da suspensión das NSP pola CPU e aceptación das emendas da autoridade provincial.

O planeamento desta primeira hora é analizado e matizado tempo despois por algúns dos membros máis significados da chamada esquerda urbanística como Xerardo Estévez, na súa dobre condición de ex-alcalde de Santiago e teórico do urbanismo, quen falando dalgúns dos tópicos máis repetidos na linguaxe social e política referida ao urbanismo, como a especulación, pregúntase *"como poder engadir certa racionalidade ao negocio estritamente inmobiliario –ese festín do que case todos participan a distinta escala- que se manifesta dunha forma un tanto cínica, vituperando a especulación pero beneficiándose dela"*[616].

Daniel Pino entende que o problema do planeamento urbanístico ten un déficit de marco legal por mor dos grandes e cíclicos cambios de normativa en Galicia e en canto á elaboración do propio documento de ordenación, normativas que adoecen *"dunha eiva básica: nos máis dos supostos, tentan a resolución dos déficits dende unha perspectiva esencialmente cuantitativa...* [que] *só se plasma nos documentos do Plano. A súa xestión efectiva case nunca se acada"*[617].

O balance final da Memoria[618] da Oficina de Planeamento para Moaña recoñece que as NSP, despois de tres anos de elaboración, teñen un horizonte de "certa atemporalidade" e pretende "a corrección dos fenómenos máis negativos do proceso en curso (diseminación no rural, crecemento desordenado no urbano), cunha definición de cal deberá ser o sistema de asentamentos e, dentro del, cales as dimensións e características dos distintos núcleos en xeral e da agrupación O Con-Moaña-Meira en particular". Recoñece ademais que como resultado das modificacións introducidas no documento final a capacidade residencial das NSP incrementouse: no solo urbano, en 428 vivendas, fundamentalmente debido ao incremento de alturas, o que supón unha previsión de 1.245 novas vivendas en solo urbano. En canto ao solo urbanizable, a capacidade elévase a 647 vivendas novas -622 vivendas en Domaio,

616 ESTÉVEZ, X., (2012), p.24.

617 PINO, D. (2002), p. 534.

618 Normas Subsidiarias de Planeamento, Memoria de Ordenación, 1984, Oficina de Planeamento, p.15.http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369no110.pdf, consulta 22112016.

25 vivendas no Con- polo que conclúe sumando estes incrementos aos que prevía a Norma anteriormente, acadando un resultado total de 3.273 novas vivendas de previsión, unha capacidade que supera amplamente as previsións de crecemento demográfico: estas vivendas proxectadas poderían albergar a 15.813 novos habitantes, aos que se lles sumamos os existentes darían unha capacidade de poboación final de 32.866 habitantes.

Entre as características máis salientables do desenvolvemento urbano previsto polas NSP de 1984, segundo a citada Memoria, destacan:

1. Acadar un carácter unitario para a agrupación urbana O Con-A Praia-A Seara-Quintela-Redondo-Reibón-Ribeira a través da mellora da súa accesibilidade, a introdución de elementos fundamentais para a agrupación de carácter lineal ao longo da costa e da estrada Cangas-Vilaboa.

2. Tratamento dos "espazos instersticiais e/ou espazos residuais" mediante operacións de complemento: rescatar ese solo para usos públicos de equipamento ou combinar o aproveitamento público e privado.

3. Tratamento de certos ámbitos con estrutura marcadamente rural, que englobados no tecido aparecen como marxinais, preservar a súa coherencia interna a través de PERI que harmonice as relacións entre eses ámbitos e o resto da agrupación urbana.

4. Ordenación da zona da Xunqueira como nexo de unión entre as dúas partes máis importantes da agrupación urbana, O Con-Moaña e Meira.

5. Valorar a peculiaridade do proceso de transición urbano-rural que caracteriza todo o sistema litoral galego.

6. Aliviar a conflitividade que representa a estrada Cangas-Vilaboa ao seu paso pola agrupación urbana mediante a definición de dous circuítos alternativos: un sobre o borde marítimo e outro interior ou vía Norte/circunvalación.

7. Mellorar a permeabilidade entre a estrada Cangas-Vilaboa e o mar a través do paseo marítimo apoiado nos recheos efectuados.

8. Mellorar as dotacións do sistema de espazos libres, equipamentos comunitarios e espazos para aparcadoiros no solo urbano. Parte destes equipamentos, os máis importantes do sistema de espazos libres, localízanse nos recheos de Moaña e Meira, co denominador común de constitución

dun gran paseo marítimo.

9. Previsión dos seguintes equipamentos, de S a N: estación marítima (proposta), pista polideportiva (existente), Casa da Cultura (proposto), Casa do Mar (existente), Mercado (existente) e ampliación (proposta), campo de festas (proposto), gardería-preescolar (proposto) e centro social-asistencial asimilable a Casa do Mar ou centro multiuso (proposto).

10. Previsión de equipamentos en recheo de Meira: xardíns e parques, gardería e preescolar, polideportivo cuberto e multiuso.

11. Previsión de equipamentos no recheo d'A Xunqueira, detrás da praia de carácter metropolitano: piscina cuberta e instalacións complementarias, cambiar o carácter de parque forestal en xardín urbano, equipamentos sanitarios e servizos complementarios de praia.

12. Delimitación do solo urbanizable en zona da agrupación urbana Moaña-Vila: nas zonas de extensión gradúase a densidade edificatoria entre as 60 vivendas/Ha e as 15 viv./Ha.

13. Núcleo urbano de Domaio: altura máxima de 3 plantas.

14. Entidades rurais de poboación: incluír na NSP a definición do concepto de núcleo de poboación en función das características do concello, potenciación das aldeas e lugares existentes, impedir a construción de novos núcleos de poboación. A delimitación das entidades irán apoiadas sobre a estrutura de camiños existentes, afectando a unha banda de 50 m de profundidade medidos dende o borde do camiño. A clasificación de solo urbano, ao non contar na maioría dos casos cos servizos urbanísticos esixidos, basearase no criterio de consolidación da edificación. Contemplar a situación de ámbitos inmediatos ás entidades rurais onde existe un bo número de edificacións illadas que sen chegar á consolidación esixida para ser solo urbano constitúen extensións do núcleo inmediato; este solo, mantendo a clasificación de non urbanizable, desígnase como de "tolerancia de edificación contigua a entidades rurais", entendendo que non existe risco de formación de novo núcleo de poboación. Permitirase como uso tolerado a edificación vinculada á parcelación agraria destinada a vivenda familiar en parcela mínima de 1.000 m^2.

15. O equipamento docente previsto é de 22 novas unidades de ensino preescolar-gardería (5 en Domaio, 7 en Meira,

16 en Moaña, 8 en Tirán), 3 centros de EXB (Quintela, O Cruceiro, O Latón), 1 centro de BUP e 1 centro de Formación Profesional.

16. O equipamento sociocultural previsto, a base de centros multiuso, é de 4 centros en parroquias (o de Domaio no recheo) e unha Casa da Cultura no recheo de Moaña. O equipamento administrativo prevé unha nova Casa do Concello no centro urbano de Moaña. O equipamento deportivo propón un campo de fútbol municipal (Gándara, Moaña), un polideportivo cuberto na parroquia de Meira e unha piscina cuberta na zona da Xunqueira., ademais de pistas polideportivas en Moaña e Tirán, club de remo en Meira e campo de fútbol en Domaio.

17. O sistema de espazos libres e zonas verdes públicas contempla 11,75 Ha. destinadas a este uso, repartidas por parroquias e contando coas maiores superficies nos recheos de Xunqueira, Meira, Moaña e PP do Monte do Con.

Conforme a normativa urbanística estatal e autonómica vai mudando, as NSP de Moaña van requirir unha adaptación que o Concello volve encomendar a Oficina de Planeamento en 1992, producíndose a súa aprobación definitiva en 1996. Con algo máis dunha década de vixencia, en 1996 o balance valorativo das previsións[619] das NSP de 1984 por parte do equipo redactor é o seguinte:

1. A evolución demográfica municipal 1981-1991 foi negativa. Soamente a parroquia de Tirán, incrementa a súa poboación nun 24%, concentrándose maioritariamente no Con (incluído O Real) que multiplicou a súa poboación por 1,5, acadando os 2.800 habitantes e converténdose no lugar máis poboado do concello.

2. Entre 1991-1996 o incremento de vivenda na comarca foi do 13,1%, en Moaña, un 6,7%.

3. O trazado da vía Norte como circuíto opcional á estrada Cangas-Vilaboa non foi executado. As melloras no sistema xeral viario limitáronse a arranxos da rede, mellora das condicións nalgúns tramos, ancheamentos ou pequenas correccións, sen que supuxeran melloras significativas.

4. Foron realizados os institutos de BUP e FP e o centro de

619 Revisión e adaptación das NSP de Moaña. Documento refundido. Memoria de Ordenación. Oficina de Planeamento, 1996, p. 6

EXB de Latón, non se realizou o cambio de situación do campo de fútbol da Xunqueira nin se procedeu ao traslado das dependencias municipais. Consolidáronse os recheos de Moaña e Meira e está en execución [a urbanización] do paseo marítimo de Moaña.

5. Non foi acadado o grao de execución necesario para considerar cubertas as necesidades municipais, deficiencias e desequilibrios en equipamentos menores.

6. O balance de execución das NSP pode considerarse positivo, manténdose nos límites dunha certa contención considerada moderadamente satisfactoria.

7. O solo non urbanizable e de protección mantense practicamente na súa totalidade, as grandes pezas do solo agrícola e de protección forestal foron en xeral alleas á presión edificatoria, agás algún caso preto dos núcleos de poboación. A implantación de dous campos de golf acompañados dunha operación residencial de considerable magnitude nos altos de Domaio violenta o carácter dun solo claro na súa especial protección que a xuízo do equipo redactor das NSP "non debera ter sido obxecto dunha actuación urbanizadora de semellante porte"

8. No solo non urbanizable en réxime normal, as edificacións situáronse xeralmente na contorna das delimitacións dos núcleos e nalgúns casos á marxe da disciplina urbanística no que respecta ao tamaño mínimo de parcelas.

9. Nos núcleos de poboación, en xeral, foron respectadas as delimitacións dos núcleos das NSP vixente, se ben parte das edificacións sitúanse na contorna inmediata ás delimitacións.

10. A capacidade do solo urbano nos núcleos rurais e urbanos non foi agotada.

11. A aplicación das ordenanzas de edificación nos núcleos rurais sitúase nunha marxe aceptable, agás nalgúns casos que superaron os parámetros sinalados.

12. O balance das áreas aptas para urbanización que se desenvolveron mediante plans parciais de Monte do Con, Rosal Sur e Chan-Pozonegro non é aceptable dende a visión do seu desaproveitamento como oportunidade de terse convertido en exemplos da actuación urbanizadora que enriquezan e potencien o entorno.

A valoración da primeira década das NSP recolle algunhas singularidades da evolución do termo municipal de Moaña como a consolidación urbana cada vez máis conformada que se pode ver no aporte demográfico do barrio do Real ao cabo de algo máis de dúas décadas da súa creación, a non execución da "vía Norte" que representaba a vontade do planificador de crear o linde do agregado urbano Moaña-Vila, a non execución de cambios como o do traslado do campo de fútbol ou creación da nova Casa Consistorial, a creación de novas dotacións para o ensino primario e secundario, o espazo dos recheos que se vai consolidando como un ámbito urbano de primeira magnitude ou a modificación das NSP para acoller unha gran urbanización para campo de golf e zona residencial, moi criticada polo equipo redactor.

A carón destas marcas ou carencias sobre o territorio moañés podemos acreditar tamén algunhas das características máis salientables da complexidade do urbanismo e o seu planeamento en Galicia: a persistencia de desordenamento residencial na zona de contorna dos núcleos urbanos, ás veces "á marxe da disciplina urbanística" referente ao tamaño das parcelas, edificacións que superaron os parámetros sinalados ou a dificultade de xestionar figuras de planeamento como a dos plans parciais que se van incorporando de forma moi minoritaria á ordenación.

Son estes feitos sociais e políticos que proveñen de inercias e/ou resistencias, os que nos falan da dificultade de inserir, no medio prazo, unha cultura urbanística tradicional proveniente dun modelo social e produtivo de base agropecuaria e asentamentos nucleares de tipo rural -que se están a transformar dende a década de 1940- por outro tipo de hábitat e sociedade cara a un modelo urbano, a través dunha normativa e metodoloxía complexas como son as ensaiadas no planeamento urbanístico que se está a desenvolver por primeira vez na historia de Moaña.

Aprobadas as NSP, algunhas das principais pezas que se pretenden desenvolver pódennos servir para ver o distinto desenvolvemento previsto, o realmente realizado, a complexidade de solucionar ámbitos distintos con figuras e instrumentos de planeamento que se mostran máis difíciles de xestionar do que se pensaba ao comezo do proceso de aprobación , etc.

17.2.1 Plan Parcial do Rosal

Por orde cronolóxica de xestión, a primeiro Plan Parcial que o Concello atende é o do Rosal, para tratar de crear a segunda expansión ou ensanche urbano dende o nacemento do barrio do Real. O Rosal quería ser, no sentido urbanístico pero tamén no simbólico, o escaparate da diferenza da xestión urbanística do franquismo e a democracia, é dicir, escenificar o contraste entre un modelo de barrio duro, densificado e sen zonas verdes (O Real) contra un

barrio ordenado, con zonas verdes e dotacións públicas como o que se pretende no Rosal.

Na Aprobación Inicial do PP do Rosal, Alcaldía xustifica o inicio do desen volvemento deste PP pola necesidade de solo urbano, denunciando que "no Rosal parcelouse ilegalmente antes da aprobación das NSP". Amador Montenegro López, administrador familiar da maior parte do predio, iniciara e encargara a redacción deste PP a Carlos Pajares Vales e Alcaldía dá a entender que existiu malestar entre os propietarios de parcelas, o que deu lugar a unha modificación do proxecto, pero que semella non existir gran interese de redacción do PP por parte da promoción privada.

Asumindo a necesidade de solo urbano, segundo Alcaldía, o Concello encarga o proxecto de urbanización do Rosal ao Equipo Técnico Municipal, un traballo cuxo importe é de case 5.000.000 ptas. que se pretende asuman os propietarios xuntamente cos demais gastos, facéndose cargo Amador Montenegro do 50% deste importe. O traballo aportado polo Equipo Técnico Municipal cuantifícase no 9,2 % do custo. Lidos o informe de Juan Luís Ríos e do aparellador municipal Arturo Garrido, ambos informan favorablemente aos proxectos presentados.

Durante o proceso administrativo, Secretaría fai constar en acta que non pode dar conta do preceptivo informe posto que tanto o informe técnico como os propios proxectos e o informe da CMU foron presentados coa sesión plenaria iniciada, pero procédese á Aprobación Inicial[620] do PP do Rosal que aínda pasará varios mandatos municipais antes de ser realidade e dar forma á operación de ordenación urbanística máis estratéxica da historia de Moaña.

Despois dunha reforma substancial deste proxecto, a súa aprobación definitiva produciuse en 1998 e podemos ver a transformación experimentada polo camiño, reparando dende os puntos de partida: dende o parcelario de 1984[621] e proxecto de 1984[622], ata o parcelario de 1998[623] e o definitivo proxecto de 1998[624] que foi o que se levou a cabo. Na transformación experimentada polo ámbito do PP do Rosal, de 82.041 m^2, unha superficie semellante, en canto á escala, á transformada no seu día na finca do Real, podemos ver o gran transvase de cambio de propiedade das parcelas, sobre todo pódese comprobar que unha das claves da operación está en que a maior parte da superficie das antigas leiras ou parcelas da familia Montenegro é mercada por

620 PM06091985. AMCM.

621 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25304PL005.JPG. Consulta 26112016

622 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25304PL012.JPG . Consulta 26112016

623 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26820pl004.JPG . Consulta 26112016

624 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26820pl008.JPG. Consulta 26112016

José Luís Álvarez Souto-Promociones Souto, principal promotor da urbanización do Rosal[625].

17.2.2 Plan Parcial do Fuxón

A segunda operación urbanística de importancia, en función da superficie que se pretende ordenar e urbanizar foi unha segregación da histórica finca do Fuxón, en Tirán. O PP para este ámbito xa fora aprobado inicialmente, para a súa primeira fase, xunto co PP Do Chan (Redondo), así como un convenio co ámbito Monte do Con, "visto que están conformes coa normativa urbanística das NSP", acadando o informe favorable por unanimidade[626]. Mentres se desenvolve o proceso de aprobación das NSP, o ámbito do PP do Fuxón foi cuestionado dende a oposición municipal denunciando o feito de ter construídas varias edificacións sen licenza urbanística antes do remate das NSP, acusando ao Goberno municipal de favoritismo por ser o seu principal promotor un ex-concelleiro do BNG. Rematada a tramitación das NSP, en xullo de 1984 o Pleno acorda "requirir urxentemente" aos promotores do Fuxón para que realicen as cesións, xestionando tamén o acceso e englobando o viario á praia da Videira, en Tirán.

O seguinte paso é a presentación do Plan Parcial do Fuxón para a súa Aprobación Inicial: lese o informe técnico de Arturo Garrido e Juan Luís Ríos sobre o proxecto realizado polo arquitecto José Luís Díaz García e presentado pola Xunta de Compensación. Ambos técnicos municipais encontran os seguintes puntos incompletos:

> *Dotación de aparcamentos, baixos comerciais, locais públicos, etc,*
>
> *Definir as vías para os enlaces coa estrada Cangas-Vilaboa.*
>
> *Definir rasantes de rúas e edificacións.*
>
> *Definir toma de auga e saída de sumidoiros*
>
> *Falta plano coas distintas etapas de construción e a súa valoración económica.*
>
> *Encontrando correctas as cesións para xardíns e áreas infantís, 2.064 m², así como para centros culturais e docentes, 1.000 m², e a cesión para centros de uso común, non están definidas as de aparcamentos, cubertos e descubertos, posto que ao non dicir claramente o número de vivendas a construír, non se xustifican as citadas dotacións.*

625 O Plan Parcial do Rosal Sur, de 77.553 m², pertencentes a un único propietario 33.500 m², o resto da superficie está repartida entre 27 propietarios, con parcelas comprendidas entre 600 m² e 1.500 m².

626 PM15041983. AMCM. http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25304me002.pdf. , p. 7. Consulta 26112016.

A CMU, aínda que recoñece anomalías, entende que non son obstáculo para poder outorgar a Aprobación Inicial, establecendo o prazo dun mes para arranxo das anomalías e, de non ser así, rexeitalo na totalidade. Secretaría Municipal informa que os informes do Equipo Técnico e da CMU foron presentados no momento de iniciarse a sesión e non puido emitir informe con antelación, pero emite informe sinalando como moi importante deficiencia o non contar o Plan cos perfís lonxitudinal e transversal, nin dun cadro que contemple usos cualitativos e cuantitativos da superficie edificable, cara poder controlar o número de vivendas á hora de conceder licenzas urbanísticas. O secretario sinala esta deficiencia como moi importante porque "se pode dar a circunstancia de ter autorizado o máximo de construción de vivendas sen estar totalmente desenvolvido o Plan, o que podería dar lugar a unha redución das dotacións.

Secretaría informa ademais que os técnicos municipais non din expresamente se o seu informe é favorable ou desfavorable…, porén "enumera numerosas deficiencias, incluso algunhas moi importantes, do que se deduce claramente que o proxecto de Plan Parcial **non cumpre** varios artigos (75, 45, 46 do Regulamento de Planeamento, 75 da Lei do Solo en relación co 47.1 do Regulamento de Planeamento), nin informa sobre se o plan de etapas é coherente, dedúcese que non está xustificado o plan de etapas e que **os documentos que desenrolan este PP non son correctos."** A conclusión do secretario é que o proxecto do Fuxón "**non cumpre coa lexislación vixente aplicable a esta materia."**

Sebastián Juncal (AP) pregunta se hai licenza urbanística e se hai expedientes de infracción urbanística na zona, se o tratamento dado ao Fuxón foi xeneralizado e igual para outras zonas do Concello, considerando que é unha discriminación porque noutras zonas non se da este tratamento e "as NSP non se aplican igual para todos". Uxío Chapela (BNG) recoñece que "é moi difícil levar adiante un Plan Parcial" e que na primeira Corporación democrática se estableceu o sistema que se está a levar agora para ir acompasando as obras coa urbanización. Serxio Regueira (CIG) afirma que hai que facer as cousas na legalidade, que o comportamento do técnico redactor do Plan Parcial do Fuxón foi evasivo na reunión coa CMU, concluíndo con que "vou ter que cambiar de actitude á vista do informe de Secretaría" e que "igual hai que volver atrás e paralizar todas as obras, igual faltan cousas no proxecto, para logo non cumprir, que se deixe pendente de aprobación inicial e se arranxen as deficiencias do proxecto". Uxío Nogueira (EG) fala da utilidade pública de calquera PP e a importancia da incorporación desta zona ordenada urbanisticamente ao resto da parroquia de Tiran, que no PP débese contemplar o acceso á praia da Videira como público, e como Serxio Regueira comentase que o acceso está fóra do perímetro do PP, Uxío Chapela contesta que existe a vontade dos promotores de crealo. Votan a favor da Aprobación Inicial[627] 8

627 PM09031985. AMCM.

concelleiros do BNG e 1 de EG e en contra 2 de CIG e 1de AP.

O debate continúa cando volve a Pleno para unha nova aprobación o PP do Fuxón e os técnicos municipais afirman que non puideron emitir informe preceptivo, AP insiste en que a Corporación de 1979 iniciou numerosos expedientes de infracción urbanística, houbo un intento de derribo dunha obra que despois se esqueceu e resolveu, solicitouse autorización da Xunta para impor multas que foron pagada a prazos, algunhas, pero que no Fuxón hai "un 80% dos edificios construídos e sen un só expediente de infracción". Regueira di que antes do proxecto hai que presentar os expedientes das infraccións cometidas no Fuxón e que o BNG perseguiu aos infractores urbanísticos, pero non no Fuxón. EG di que denunciou aos infractores na Corporación anterior e tamén agora no Fuxón e que o acceso á praia preténdeno cambiar polo 10% do aproveitamento urbanístico, e que hai un 20% de infraccións no Fuxón, non o 80%, como tamén as hai no PP do Rosal.

A explicación do BNG defende que [os promotores do PP do Fuxón] construíron e demorouse a presentación do proxecto de PP pero as cesións están asinadas pola maioría dos propietarios e non hai ningunha edificación que contraveña o borrador inicial do PP, que houbo conversas cun propietario para facer o acceso á praia a cambio de modificar as NSP para construír un hotel ha zona, pero non houbo acordo". Serxio Regueira segue dicindo que a Aprobación Inicial é tamén "a legalización das infraccións sen que se abrise ningún expediente de infracción urbanística: é sabido o afán persecutorio que o BNG ven pondo en práctica con algúns dos infractores, non con todos. Dicían antes, para quedar ben, que non eran o mesmo as infraccións con fins lucrativos que por necesidade, e nisto podiamos estar de acordo pero a realidade é que nas infraccións con fins lucrativos tamén hai discriminación, tamén hai favoritismo, tamén hai amiguismo e tamén se produce indefensión para uns e camiño libre para outros"

Na Aprobación Provisional[628] do PP do Fuxón, Uxío Chapela dá conta de dous informes técnicos en relación co PP e coa alegación presentada á Aprobación Inicial. Acórdase:

1. Aceptar o cambio de sistema do PP do Fuxón, pasando do sistema de compensación ao de cooperación[629].

2. Desestimar, en parte, a alegación presentada por Uxío Nogueira e outros pola imposibilidade de incluír a vía

628 PM16061986. AMCM.

629 RIVAS, X., (2015), p. 615-616, explica que a execución xurídica e material do planeamento utiliza distintos procedementos ou modalidades de xestión ("sistemas de actuación"). No sistema de compensación a iniciativa correspóndelles aos propietarios do solo, constituídos en "xuntas de compensación" para achegar os terreos de cesión e executar a urbanización. No sistema de cooperación, "os propietarios achegan os terreos de cesión, previo reparcelamento, e a Administración executa as obras de urbanización con cargo aos propietarios, que deberán aboalas en proporción aos dereitos de cada un deles".

de acceso [á praia] como elemento do sistema viario, por estar fóra do ámbito do urbanizable. O Concello negociará esta solución facendo uso das posibilidades legais existentes e tendo en conta as cesións a contemplar.

3. Dado que o cambio de sistema de xestión aceptado é considerado como un cambio substancial, deberá abrirse un novo período de información pública, antes de proceder novamente este proxecto a aprobación provisional.

As grandes dificultades que atravesa o PP do Fuxón para a súa regularización legal, como vemos, preténdese dende primeira hora que sexan xestionadas pasando do sistema de compensación ao de cooperación. É a primeira constatación en documento oficial da dificultade de encaixar un PP que naceu coa eiva de estaren varias edificacións construídas antes de calquera aprobación e tamén pola propia dificultade en xestionar o documento de aprobación. O modelo de xestión do planeamento secundario, a súa remisión a un PP para acadar un proceso máis racional, equidistributivo, con reparto de beneficios e cargas, con ordenación urbanística, espazo para dotacións ou zonas verdes, etc., estaba a ser probado pero o seu encaixe non resultaba fácil.

O sistema do PP do Fuxón fixo preciso iniciar un novo proceso de aprobación en que Alcaldía dá conta do informe técnico que contesta á única alegación, presentada por Sebastián Juncal, no sentido de considerar que as aportacións de solo dotacional obrigado están reflectidas no PP, que dado que no sistema de cooperación non é necesario explicitar convenio algún, que o plan de etapas comeza co último acto administrativo aprobatorio do PP e polo tanto todas as edificacións existentes (sete vivendas construídas, un galpón aparentemente habitado, tres vivendas en construción, así como a pavimentación parcial e diversos muros) non impide a tramitación parcial do Plan senón que son actos edificatorios á marxe da legalidade, que os parámetros de aliñacións e rasantes quedarán precisados con absoluta claridade no replanteo..., que as medidas que se poidan tomar á marxe da tramitación non impiden a aprobación provisoria do Plan e que a alegación formulada é rexeitada polo arquitecto redactor do Plan dada a non entrada en vigor do mesmo.

Alcaldía le tamén o informe da Secretaría Municipal dando conta da lexislación aplicable e da adecuación do acordo proxectado á mesma, estando, neste sentido, ao informado polos técnicos municipais e significando que a CM debería afondar na alegación formulada e na existencia das edificacións construídas no territorio do Plan, que se debería comprobar, mediante a intervención dos técnicos, se as obras realizadas foron executadas respectando as previsións do Plan, aprobado xa inicialmente e, sobre todo, en canto ao

cumprimento do Plan de etapas, aliñacións e rasantes, cuio incumprimento denuncia Juncal, tendo en conta, segundo a citada alegación, "que houbo coñecemento e consentimento do Concello, na realización das mesmas, segundo manifestacións de membros da Corporación en sesións plenarias pasadas e de que, se se constataron infraccións graves, o fin primordial do Plan, cal é ordenar urbanisticamente a zona, non se cumpriría, dado que xa se teñen producido actuacións de diverso grao en máis do 60% das parcelas da superficie do perímetro do Plan". Amplía o informe o secretario municipal no sentido de que "dunha mera observación do territorio do Plan dedúcense incumprimentos das previsións do Plan aprobado inicialmente, en algúns casos".

Uxío Chapela di que a alegación lle parece un erro de Sebastián Juncal, que as obras construídas serán obxecto da actuación disciplinaria do Concello e son alleas á tramitación do Plan, que a única maneira de levar adiante un PP é "sendo flexibles á hora da edificación e ir acompasando os edificios coas cesións, coa urbanización, etc. Se se pretende aplicar drasticamente a Lei do Solo nunca se poderá levar adiante ningún Plan" e que o propio Uxío Chapela "estivo ao tanto das obras que se realizaron e que non se cometeu ningunha infracción grave, que xa hai un documento de cesións e que isto é o importante".

Aprobado provisoriamente o PP do Fuxón[630], desestímase a alegación de Sebastián Juncal e remítese o expediente á CPU para a súa Aprobación Definitiva. A última referencia documentada ao PP do Rosal durante o período que estudamos, en novembro de 1986, informa que Francisco Martínez Gil, promotor do PP Fuxón, pon a disposición do Concello as cesións previstas que afectan ás súas propiedades, con destino a espazos libres de dominio e uso público, zona de equipamento e viario, acordándose que se cumprimenten as correspondentes escrituras públicas. Pero o PP do Fuxón, que necesitaba do visto e prace da CPU, non acadou a aprobación definitiva durante o tempo do segundo mandato municipal.

17.2.3 Plan Parcial Monte do Con

O terceiro PP que se aproba durante o segundo mandato democrático é o do Monte do Con, que comeza a súa tramitación a través dunha instancia do seu principal promotor, José Luis Álvarez Souto, que adquire os terreos propiedade de Margarita González, cunha superficie de 24.300 m^2, e elabora un proxecto que é debatido pola Corporación, a partir dos informes do aparellador municipal e de Juan Luís Rios, do Equipo Técnico Municipal:

1º. O PP refírese aos terreos, obxecto dun convenio urbanístico

630 PM25091986. AMCM.

na redacción das NSP con cualificación de chan urbanizable, definíndose como área apta de urbanización A-4 do Monte do Con.

2ª. O PP contén as determinacións do artigo 45 do Regulamento de Planeamento.

É necesario facer as seguintes observacións:

O enlace coa rede xeral de comunicacións establécese a través dunha vía rodada situado na parte S, que debe desembocar na vía da rede xeral que arranca da estrada Marín-O Con, o cal non se fai representación gráfica do mesmo. Faise un enlace peonil á estrada Marín-O Con, de 5 m. de ancho, pola parte N, atravesando propiedades privadas que xa se incluíron no ámbito do planeamento. Non se fai mención expresa aos aparcamentos anexos á rede viaria.

Cesión do 10% de aproveitamento medio: non se contempla en que forma se farán, se en terreo ou en compensación económica.

A densidade da edificación á que fai referencia é de 20 vivendas/Ha., se ben non cuantifica o número de vivendas e usos, dicindo só que serán adosadas dúas a dúas e illadas, e serán vivendas *unifamiliares, segundo determinan as NSP.*

Recórdase a necesidade de facer o documento de cesión do parque público, que constitúe a terceira parte da superficie da finca.

Deberían incluírse as parcelas 1, parte da 2 e unha 3ª que non figura e que linda coa estrada Marín-O Con.

Acórdase aprobar inicialmente o proxecto de PP do Monte do Con[631]*. Faise constar pola Secretaría Municipal a imposibilidade física de emitir o preceptivo informe debido a que a documentación foi levada en man á presente sesión polo alcalde, pero tendo en conta o informe dos técnicos municipais, considera que se debería proceder a reformalo, subsanar as deficiencias anotadas e posteriormente aprobalo inicialmente e sometelo a información pública, entendendo que coa presente Aprobación Inicial producirase un proxecto substancialmente distinto, no momento da aprobación provisional, polo que terá que someterse a información pública novamente, co retraso conseguinte.*

17.2.4 Plan Parcial do Chan

Un PP distinto dos anteriores, por pertencer as parcelas a distintos propietarios, foi o Do Chan (O Redondo), 33.855 m^2 pertencentes a 13 propietarios, dos cales un grupo familiar conta co 71,61% do total. Este PP dispón de Aprobación Inicial do Concello dende 1983 e conta coa Aprobación

631 PM30061986. AMCM.

Definitiva da CPU en 1987. Este PP era tamén unha experiencia piloto para tentar "acadar a ordenación de solo urbanizado (...) e evitar o desenvolvemento incontrolado de edificacións sen dotacións racionais de infraestruturas nun ámbito importante de conexión e complemento de tecidos urbanos xa existentes"[632], polo tanto tentaba dar, dende o planeamento racional, resposta ao problema estrutural do crecemento residencial unifamiliar e desordenado.

Aínda que neste caso se trataba, podemos dicir, de propietarios con similares niveis de renda, para chegar a un acordo sobre o reparto dos beneficios e as cargas do proceso urbanizador, este Plan non se chegou a desenvolver, como a maioría dos PP pensados nos ámbitos de solo urbano coas características da multipropiedade, ante as dificultades para acadar acordo satisfactorio para todos os propietarios de parcelas. Pódese ver a idea do planeamento para este tipo de ámbitos, tanto no punto de partida da situación do parcelario do ámbito[633] na súa plasmación final da ordenación[634].

O non desenvolvemento do PP do Chan era a constatación da dificultade de aplicación de figuras de planeamento como os plans parciais ou, a outra escala maior, os plans especiais de reforma interior como o que prevían as NS para a zona de Quintela-A Bouza: ambos modelos, pensados para desenvolver mediante xestión mancomunada dos distintos propietarios do parcelario minifundista existente na maior parte das zonas rururbanas ou periurbanas, esmoreceron pola falta dunha cultura social urbanística moderna e/ou tamén pola falta de viabilidade económica.

A pretensión e o desexo técnico e político -por parte do equipo redactor e do Goberno municipal- da posibilidade dun acordo equidistributivo entre sectores "populares" como antídoto da "especulación" urbanística dos grandes propietarios ou grandes promotores nas operacións de desenvolvemento urbanístico, foi unha vía de auga na navegación do primeiro planeamento democrático na maior parte dunha Galicia coas mesmas características parcelarias e de propiedade que en Moaña.

Era a constatación da dificultade da aplicación da normativa urbanística como instrumento que se pretendía de efectos radicalmente distintos á situación histórica anterior en canto á xestión racional e complementarización entre o uso o ordenamento da propiedade pública e privada do solo: entre os plans levados a cabo na ditadura (O Real) ou en democracia (Monte do Con, O Rosal, O Fuxón) a característica común foi a de seren terreos provenientes dun único propietario ou contar cun propietario moi maioritario na maior par-

632 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25305no001.pdf, p. 3., consulta 26112016.

633 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25305pl002.JPG. Consulta 26112016.

634 http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/25305pl003.JPG. Consulta 26112016.

te da superficie a urbanizar.

O balance da dinámica de desenvolvemento e aplicación dos dous primeiros anos do principal documento de planeamento, por parte da Corporación Municipal, podémolo deducir do debate que se produce no remate de 1986 con motivo da proposta de desenvolvemento das NSP e a posible creación dunha Mancomunidade urbanística co Concello de Bueu, cando o concelleiro de urbanismo Uxío Chapela afirma que a situación urbanística de Moaña "é dramática, que hai insuficiencia de chan urbanizado, que isto provoca as infraccións, que Moaña ten NSP e esta é unha ocasión para mellorar neste terreo, que tivo contactos cos propietarios de chan dos PP, que existen boas condicións de partida (PP do Fuxón, O Rosal, O Chan, etc.), que hai que evitar as infraccións posibilitando as construcións legais, que xa hai cesións [urbanísticas] feitas, por 100.000 m^2, que desconfía da CPU con membros como Sebastián Juncal Currás e o alcalde de Sanxenxo que pretenden que todo siga igual, que eles mesmos son infractores e están descalificados por formar parte desa CPU e de supervisar e aprobar proxectos de urbanismo no noso Concello..., que hai que "ir á xestión pública do chan, que hai que facilitar chan para construír, para vivendas, que o concello recibiu cesións anticipadas e agora os propietarios dos Plans [parciais] están temerosos de que a CPU non os queira aprobar", mentres Serxio Regueira asegura que "se houbera seguimento das NSP non habería tantas infraccións" e Sebastián Juncal conclúe que "o desenvolvemento das NSP a través de PP demostra o descoñecemento de Moaña por parte dos inspiradores da mesma" e que a CPU trata de que se aplique a Lei.

A xestión política das NS fixo aparecer unha importante fenda no grupo de goberno entre Alcaldía e Concellaría de Urbanismo, sobre todo despois da xestión do PP do Fuxón que significou un distanciamento entre os dous estilos internos de liderado máis caracterizados cos que contou o Bloque durante as dúas primeiras corporacións municipais.

En canto á batalla entre a realidade asentada social, cultural, política e masivamente no histórico imaxinario urbanístico familista e a pretensión de reconducir esta realidade a parámetros racionais, cuantitativos, cartográficos e normativos, non se pode certificar que o resultado fose a victoria de ningunha das dúas partes: *As NS tiñan un espírito que non se cumpriu ao 100%, nin sequera ao mellor ao 60% pero si que creou unha sensación de non impunidade. Ti podías facer a ilegalidade pero sabías que había un muro, que era a normativa, que cha podían aplicar*[635].

O proceso de aprobación das primeiras NS da provincia de Pontevedra non foi un xogo de suma cero senón un principio transaccional onde a parte social queda máis coutada no descontrol e desordenamento residencial

635 Juan Luís Ríos González, enxeñeiro de camiños, membro do Equipo Técnico Municipal, entrevista, 23012018. Arquivo propio.

e, pola outra banda, a axenda política e urbanística da esquerda nacionalista arromba coa bandeira da demolatría residencial como pretendida identidade galega, amoldándose ao principio de realidade que representou a transición urbanística 1979-1984: a aprobación da primeira normativa para unha sociedade que tiña que comezar a actuar en clave urbanística racional e urbana, aínda que para o nacionalismo gobernante, o peso da ideoloxía fíxoo actuar, en moitas ocasións, en clave non antiurbana pero si aurbana, preferindo seguir mantendo o imaxinario tradicional parroquial ou neorruralista do galeguismo histórico.

18. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

Durante o primeiro mandato o Goberno municipal ten que facer fronte con carácter de urxencia á situación dun barrio do Real que se consolidara como o maior e máis denso núcleo urbano, coa maior parte das parcelas construídas pero sen os servizos urbanos correspondentes. A maior parte do barrio está en 1979 sen rede de sumidoiros, traída pública de augas, alumeado, asfaltado, etc.

A outra gran demanda social da época é a continuación da extensión da maior parte dos servizos públicos e infraestruturas (apertura, ancheamento, acondicionamento e/ou pavimentación) de vías, traída de augas, rede de sumidoiros, alumeado público, etc.- á poboación que habita en vivendas unifamiliares na maior parte das zonas non urbanas.

No período democrático que estudamos, o Goberno local tamén creará ou poñerá en marcha xestións básicas para o funcionamento local como a adquisición e posta a disposición da autoridade educativa dos terreos urbanizados para a creación dun novo centro de Formación Profesional e outro novo centro de BUP (ambos no Rosal, Moaña, resultado das cesións previstas no PP) realizará a mesma xestión para a creación dun novo centro de EXB en Quintela e outro novo centro de EXB en Abelendo, procederá á extensión do ensino preescolar[636] a través do alugueiro de baixos privados en distintos lugares das parroquias, conseguirá a adquisición e posta a disposición dos terreos á Compañía Telefónica para a construción dunha Central Telefónica na

636 En 1980 estaban escolarizados en ensino preescolar o 25,8% dos cativos da parroquia de Moaña, o 81% dos da parroquia de Domaio, o 85,5% dos da parroquia de Meira e o 82% dos da parroquia de Tirán.
Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 67.

parroquia de Domaio, levará a cabo a reforma dos vellos grupos escolares de Domaio e Quintela para crear sendos centros socioculturais, aprobará un anteproxecto para ampliación do Cemiterio Municipal e outro para ampliación do edificio do Mercado Municipal, ampliará o ámbito do Servizo Público de recollida do lixo á zonas da Moaña non urbana, etc.

A obra pública promovida ou realizada polo Concello describe unha época en que podemos ver o resultado e as demandas educativas froito do peso demográfico dunha poboación infantil ou xuvenil que vai ocupando cada vez máis chanzos na pirámide de poboación moañesa e que se ilustra na política de creación de nova infraestrutura educativa, por unha banda, pero tamén da demanda das súas familias que precisan novas vivendas, como ilustra, en zona urbana, o crecemento do barrio do Real.

Mentres tanto, nas zonas non urbanas, continúase demandando a mellor accesibilidade aos barrios, lugares, aldeas, etc., así como a creación duns servizos públicos que estendan a calidade de vida, melloras nas comunicacións e o confort residencial que se veñen producindo sobre todo dende a década de 1960, como nos indica a creación e extensión do servizo telefónico a unha parroquia importante como Domaio. As pegadas da nova política democrática de esquerdas están presentes no cambio histórico que representa a creación dos dous primeiros centros socioculturais ou a apertura do primeiro auditorio municipal.

18.1 O Real: vestir de servizos urbanos a urbanización

A creación e evolución residencial do barrio do Real podémola ver no seguinte cadro:

CADRO Nº 58: TIPOLOXÍA DA EDIFICACIÓN, NÚMERO DE EDIFICACIÓNS E NÚMERO DE VIVENDAS DO BARRIO DO REAL (TOTAIS)

	1962-1979	1980-1987	TOTAL
EDIFICACIÓN COLECTIVA	26	14	40
EDIFACIÓN UNIFAMILIAR	101	10	111
TOTAL EDIFICACIÓNS	**127**	**24**	**151**
VIVENDAS EN EDIFICACIÓN COLECTIVA	172	97	269
VIVIENDAS EN EDIFICACIÓN UNIFAMILIAR	178	31	209
TOTAL VIVENDAS	**350**	**128**	**478**

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas

Segundo os datos censais do INE, 1981, o barrio do Real conta con 945 ha-

bitantes, é dicir, é o barrio urbano con máis poboación, posto que o barrio da Praia, con 1.095 residentes, ou o de Seara, con 1.392 veciños, teñen parte do seu territorio en zonas urbanas de transición, unhas retroterras aínda sen urbanizar e tamén núcleos que non podemos considerar urbanos cando chega a democracia local.

A documentación da revisión das NSP indica que na evolución demográfica negativa do concello de Moaña 1981-1991, a única zona que experimenta crecemento foi O Con – O Real, con 2.800 habitantes, sendo o lugar máis poboado do concello.

A partir da documentación existente para realizar a urbanización das rúas do Real, redactados no seu día por José García Sáenz-Díez, e aínda sen visar polo colexio profesional, despois de vistos pola nova Corporación, acórdase que a memoria do proxecto debe ser modificada porque non se vai tramitar como un Plan Parcial senón que se trata, segundo Alcaldía[637], de confeccionar proxectos para a realización de obras que solucionen "problemas angustiosos na zona e ademais incluír teléfono, rede de augas, pavimentación, etc."

Con este diagnóstico refórmanse os proxectos e en 1981 acórdase a Aprobación Inicial da urbanización das rúas Fragata Batalla do Callao, Fragata Vila de Madrid, Fragata Navas de Tolosa, Fragata Lealdade, Fragata Numancia, Fragata A Branca e Fragata Almansa, redactados por José García Sáenz-Díez.

Realizados os proxectos, o Concello acorda a urbanización das distintas rúas do Real[638], xunto coa realización da obra de construción de beiravías e saneamento da zona entre O Pontillón e a Porta do Sol, coas seguintes especificacións:

1) Considerar as obras previstas nos proxectos de urbanización das rúas do Real e de beiravías e saneamento de Pontillón á Porta do Sol como de primeiro establecemento e, en consecuencia, fixar o % de participación dos propietarios beneficiados no 90% do custo das mesmas.

2) Fixar como base de reparto para determinación de cotas o metro lineal de fachada e a altura edificada ou edificable. A cota virá determinada polos metros lineais de fachada cunha altura media edificada ou edificable de tres plantas, incluído o baixo, aplicando tamén unha cota adicional equivalente a 1/3 da cota inicial a cada planta que exceda das tres que se toman como base de imposición.

3) Os edificios ou soares que dean fronte a dúas rúas e cuxo fondo non exceda de 20 m., a porcentaxe de imposición será do 55% do custe para cada unha das

637 PM31101980. AMCM.
638 PM20031981. AMCM.

frontes.

4) Se os edificios ou soares deran fronte a tres rúas, a porcentaxe de imposición será do 40% do custo por cada fronte.

5) Reducir a participación dos propietarios beneficiados polas obras de forma que sexan a cargo do Concello as cotas que correspondan aos terreos públicos pola liña de colindancia coas beiravías (Beiramar) e as bonificacacións das fincas que deran fronte a varias rúas.

6) Encargar ao aparellador e ao inspector de obras a confección da relación de propietarios.

7) Solicitar do BCL un préstamo a longo prazo para financiar o aporte municipal a estas obras.

8) Solicitar do MOP autorización para realizar as obras de beiravías e saneamento desde Pontillón a Porta do Sol.

A lentitude da xestión administrativa é o motivo dunha moción do PSOE sobre as obras de urbanización do Real, preguntándose "como pode ser que se encargaran proxectos, fixeran asembleas, os veciños estean dispostos a pagar as contribucións especiais e que as obras estean paradas?"[639], cuestión á que Alcaldía responde que houbo que reformar os proxectos porque cando se fixo o estudo detallado da aplicación das contribucións especiais repararon en que non estaban ben confeccionados, xa que ao realizar as obras traerían consigo grandes alzas e por iso se encargaron uns novos proxectos que se redactan, volven enviarse ao Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, aprobando o Concello[640] e declarando de abono ao enxeñeiro redactor dos seguintes proxectos de urbanización:

CADRO Nº 59: IMPORTES DOS PROXECTOS DE CREACIÓN DOS SERVIZOS URBANOS DO BARRIO DO REAL (PTAS. CORRENTES)

RÚA	IMPORTE
Fragata Numancia	244.112
Fragata Vila de Madrid	150.776
Fragata Lealdade	252.111
Fragata Batalla do Callao	96.865
Fragata A Branca	116.636
Fragata Almansa	245.523
Fragata Navarra	80.078
Fragata Navas de Tolosa	202.691
TOTAL	**1.388.792**

Fonte: elaboración propia.

639 PM011121981. AMCM.

640 CMP17031982. AMCM.

Despois dun lento e complexo proceso de reunións entre concello e veciños do barrio do Real dende a primeira hora do mandato, entre xuño e decembro de 1982 son aprobadas as contribucións especiais para a urbanización das estradas do Real, o nomeamento do director de obras, a poxa e os proxectos definitivos de urbanización, así como tamén as contribucións especiais das obras de beiravías entre o Pontillón-Porta do Sol –por toda a estrada Cangas-Vilaboa a altura da Xunqueira e Meira, extensión natural do núcleo urbano- e tamén as beiravías entre a rampla de Pereira-Lestón para deixar máis completos os servizos no centro urbano e a súa extensión cara a Meira.

En outubro de 1982 adxudícase a José Riobó Brañas ampliación da traída municipal de augas dende a primeira travesía do Real, partindo da rúa Concepción Arenal, en 139.568 ptas., cobrándose a cada vivenda o importe de 8.500 ptas. por acometida. Podemos ver a envergadura das obras de instalación dos principais servizos urbanos do Real reparando en que ocupou a maior parte da actividade da primeira Corporación, ata o punto de que case no remate deste primeiro mandato, comezos de 1983, o Goberno local urxe enviar as liquidacións das contribucións especiais, aproba por unanimidade o estado inicial das obras de urbanización do Real, require aos propietarios para que procedan á construción dos muros dos seus terreos que se encontran en forma de costa vertical, invadindo en casos as rúas, ten que xestionar problemas por rotura de tubaxe de augas, solicitar a Fenosa o soterramento dos cables da enerxía eléctrica, aprobar a instalación de dous transformadores ou aprobar tamén un informe do fontaneiro municipal, agosto 1984, para cortar a traída ao barrio do Real debido á seca e a limitación de mananciais dos que dispón a traída municipal.

A empresa concesionaria das obras de infraestrutura e servizos, Covsa, dada a "enorme demora da obra de urbanización do Real e Pontillón-Porta do Sol, solicita e consigue que lle sexa aprobada unha revisión dos prezos e vai recibindo, segundo a documentación municipal, as aprobacións de libramentos a conta da obra de urbanización do Real:

CADRO Nº 60: IMPORTES APROBADOS PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN NO REAL (PTAS. CORRENTES)

Nº DE CERTIFICACIÓN	IMPORTE	DATA
1	538.968	02031983
2	1.409.357	09031983
3	3.178.433	30031983
4	6.185.020	18051983
5	3.780.314	07051983
6	3.014.852	19071983
7	6.584.177	09081983
8	1.509.726	09081983
9	1.234.709	07021984
10	3.563.294	05021985
11	1.089.566	05061984
12	2.859.112	18091984
13	6.072.775	18091984
REMATE DA URBANIZACIÓN	5.959.242	07041987
TOTAL	**46.979.545**	

Fonte: elaboración propia.

A suma dos importes dos proxectos e os libramentos municipais para as obras de creación dos servizos públicos e infraestruturas do barrio do Real que constan na documentación municipal, acadou os 47.223.657 ptas. A previsión que o Concello fixera para esta obra[641] no Plano de Inversións de 1981 fora de 37.022.600 ptas. -das que 33.320.340 ptas. se recadarían por contribucións especiais e 3.702.260 ptas. se acadarían a través de préstamos bancarios- pero no Programa de Investimentos do Concello para 1986 figura o recoñecemento dun aumento de custo para o polígono do Real de 10.821.263 ptas.

As contribucións especiais que correspondería aplicar por lei a un proceso como o do Real son rebaixadas polo Goberno Municipal ata case o 50% posto que a carencia de servizos básicos nun barrio tan habitado fixo medrar unha dinámica reivindicativa veciñal que ameazaba conflito, sendo unha das razóns polas que o segundo mandato municipal –a pesar da rebaixa substancial das contribucións especiais- rexistra tensións en canto a aparición de importantes cantidades de propietarios de vivendas do barrio do Real que solicitan e acadan o fraccionamento dos pagamentos das contribucións especiais.

Os casos de morosidade no pagamento ou as reclamacións xurídicas xúntanse con que a liquidación dos pagamentos do Concello á empresa urbanizadora está condicionada moitas veces a "aprobación unha vez que os veciños fagan efectivas as contribucións especiais ou se formalice o correspondente préstamo", o que fai que as tensións financeiras do Concello, entre

641 CMP13051981. AMCM.

os problemas de recadación e os de crédito, tamén a causa do intenso ritmo de obra pública nas zonas non urbanas, aparezan de forma reiterada durante 1983-1987, tendo que recorrer a aceptar varios endosos da empresa Covsa en 1983 e 1984, así como á aprobación da última certificación -"remate da urbanización"- sen especificación nin despece de partida algunha, informando Secretaría Municipal da non existencia de consignación orzamentaria[642], porque a Tesouraría Municipal chegara enxoita ao final do segundo mandato.

O barrio do Real, connotado como unha urbanización "dura" e densificada da época franquista, sen zonas verdes, era un reto para o goberno democrático local que intentou, ao tempo que se realizaba o proceso de urbanización, establecer coa familia Méndez Núñez -propietaria aínda dun importante predio lindeiro co litoral, onde se localizaba a residencia principal e a capela- a posibilidade de chegar a un acordo para tratar de conseguir unha zona verde que adosar á gran urbanización.

Con ese fin, despois de aprobadas as NSP, o Concello pretende a sinatura dun convenio urbanístico que recolla que a propiedade cede ao Concello a zona verde que as NSP recollen dentro da finca O Real, comprometéndose o Concello a introducir unha reforma nas NSP consistente en crear unha zona urbana na Travesía dende Concepción Arenal á rúa Fragata Navas de Tolosa, de 50 m. de largo por 14 m. de fondo para que a propiedade ceda, para zona verde, a parcela anexa á zona verde prevista nas NSP, situada entre esta e a Casa do Marquesado.

Para chegar a ese resultado final, o Concello aceptaría, previa valoración, os terreos previstos nas NSP para dotación de preescolar no Real como pagamento das contribucións especiais que a propiedade ten por satisfacer da urbanización do Real[643], tendo a propiedade que ingresar a diferenza, de producirse esta, no momento de valorar tales terreos a prezo xusto e de mercado na zona. Esta proposta de Convenio foi votada por unanimidade en 1986, pasando a formar parte doutros tantos borradores e propostas que non chegaron a ser realizados.

A outra obra pública de importancia que se estaba a realizar en zona urbana ao mesmo tempo que a urbanización do Real era a colocación do colector de sumidoiros e as beiravías entre O Puntillón-Porta do Sol. No Programa de inversións aprobado para 1981 esta obra aparece cun importe total de 43.156.524 ptas., que se pensan financiar ao 50% con contribucións especiais e a outra metade acudindo a un préstamo do BCL. En 1985, coa obra moi avanzada, cando se detectan problemas similares aos do barrio do Real en

642 CG07041987. AMCM.

643 Rosalía Méndez Núñez, propietaria do predio máis importante do barrio do Real, interpuxera en 1983 un recurso de reposición ante o Concello sobre as contribucións especiais das obras de urbanización do Real. O Concello accedeu a fraccionar o importe total en dez prazos mensuais, co correspondente aval bancario.

canto ao malestar social que produce a ralentización ou reclamacións nos pagamentos das contribucións especiais, o Concello acorda, por unanimidade, rebaixar a aportación veciñal inicial, de 12.271.802 ptas., a 10.500.000 ptas., cantidade necesaria para o remate, aportando o Concello o 55% e os veciños o 45%. Esta obra tamén foi realizada pola empresa Covsa e a documentación rexistra a seguinte secuencia de fases de obra e acordos de pagamentos:

CADRO Nº 61: IMPORTES APROBADOS PARA SUMIDOIROS E BEIRAVÍAS, PONTILLÓN-PORTA DO SOL

Nº DE CERTIFICACIÓN	IMPORTE (PTAS.)	DATA
1	2.397.752	07051983
1 adicional	329.396	13031984
2	2.168.131	05071983
3	2.212.718	09081983
4	2.194.016	25101983
5	778.468	08111983
6	449.056	07021984
7	199.066	07021984
8	1.587.922	07021984
9	4.322.761	13031984
10	2.152.344	02051984
11	778.147	05061984
TOTAL	**19.569.777**	

Fonte: elaboración propia.

18.2 Novas dotacións: ensino e cultura

Como vimos no apartado da ditadura, a política de ensino público derivada da Lei Xeral de Educación deu lugar á Concentración Escolar, na zona da Xunqueira, dos centros de EXB Amador Montenegro Saavedra e Seara, así como un centro de Formación Profesional. Cambiando radicalmente a filosofía da LGE de 1970, a política de ensino en democracia[644] primou a desconcentración dos edificios escolares e a creación de centros de ensino con criterios de descentralización e proximidade, nunha época de gran preocupación social pola escolarización de calidade, demanda derivada do incremento da pirámide demográfica na súa base infanto-xuvenil, resultado das taxas de natalidade do período 1960-1975.

A situación do centro de Formación Profesional situado en aulas prefabricadas dentro do recinto da Xunqueira, ademais da gran demanda destas

644 En 1980 había 3.139 alumnos escolarizados en EXB: no colexio de Tirán (8 uds.), 282 cativos; no colexio de Quintela (11 uds., 3 delas en baixos particulares), 401 cativos; no colexio Seara (20 uds), 603 cativos; no colexio Reibón (40 uds.), 1373 cativos; no colexio de Domaio (16 uds.), 420 cativos. Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 72.

especialidades, fai que o Concello, recollendo unha xestión avanzada polo goberno anterior, consiga de Amador Montenegro López a doazón de 8.456 m^2 e proceder a unha agrupación de fincas, na zona do Rosal, xunto coa parcela mercada a Benito Garcia Santaclara, 1.454 m^2, para acadar unha superficie preceptiva de 10.000 m^2, valorada en 2.000.000 ptas., que se procede a inscribir no rexistro, previa cesión gratuíta ao Estado, poñéndoa a disposición do MEC[645] para a construción do novo centro de FP.

Xestionase a adecuación da parcela aos novos usos mediante a provisión de transformador aéreo de electricidade e liña de media tensión por un importe de 675.000 ptas., a explanación e acondicionamento dos terreos, outórgase licenza á Xunta de Construcións e Instalacións do MEC para a construción dun centro de FP, en Redondo, adxudicada á empresa Raúl Gómez Vilariño en 1981. O Concello remata o acondicionamento coa certificación da obra de pavimentado do acceso rodado ao centro, traballo adxudicado á empresa Covsa, por un importe de 2.497.000 ptas, en 1982.

O vello grupo escolar de Quintela, inaugurado en 1912, obsoleto en canto a limitación de espazo para aulas, saturado de escolares, é obxecto de estudo por parte da nova Corporación que pretende, en 1981, transformar e adecuar o colexio de Quintela noutro centro de preescolar e solicitar do MEC a construción de dous novos centros de EXB, comprometéndose a adquirir terreos para situar un novo centro en San Martiño e outro en Quintela, precisando unha superficie de entre 5.000 e 6.000 m^2 cada un. Durante ese ano a Corporación debate se é mellor desdobrar o vello centro en dous de oito unidades cada un –opción preferida por BN-PG e UG- ou un intermedio de dezaseis unidades como pretende o grupo de UCD, decantándose pola primeira alternativa.

Entre 1981-1982 o Concello xestiona a adquisición dun terreo de 7.340 m^2 para a construción do futuro colexio de EXB de 8 unidades, en San Martiño, a 7.000 ptas./vara (949,15 ptas./m^2), por un importe total de 5.180.700 ptas., e tamén a adquisición doutro terreo en Quintela para novo colexio de EXB, mercando 6.000 m^2 da finca Entrevalos, Quintela, a Isabel Parada Rodríguez, a 1.500 ptas./m^2, por un importe total de 8.505.000 ptas., acordando segregar do predio principal esta parcela para a dotación escolar e acceder a cualificar como zona urbana o resto da parcela[646].

A xestión do terreo de Quintela, dunha única propietaria, significa a recalificación do resto da parcela e a pavimentación por parte do Concello de 305 m^2 da entrada particular ao resto da finca da propiedade. A xestión e o pagamento das parcelas de San Martiño, de varios propietarios, significou tamén a compra dos terreos anexos do antigo campo da Feira para zona públi-

645 CMP29051979. AMCM.
646 PM27011982. AMCM.

ca. En 1982 o Concello autoriza ao MEC a construción dun centro de EXB de oito unidades en Quintela.

A seguinte xestión para situar novas dotacións escolares prodúcese cando xa está moi avanzada a aprobación das NSP que determinan a futura xestión dun Plan Parcial na zona do Rosal, o máis cumprido predio de todo o termo municipal, propiedade da familia Montenegro. O Goberno local suxire a Amador Montenegro López, a mediados de 1984, a inclusión no Plan Parcial do Rosal dun terreo superior a 10.000 m^2 para situación dun centro de BUP, na zona do Carrachal, dende a pista do Pedroso ao rio da Gándara. A xestión destas cesións dan idea do método de consecución de acordo entre partes mediante a aplicación de figuras de xestión urbanística derivadas do novo planeamento.

O Concello pretende non agardar a que os sectores do PP do Rosal estean totalmente urbanizados, o cal suporía adiar unha cantidade imprevisible de anos –a capacidade de cada un dos sectores é de 700 vivendas e o número de edificacións novas no concello é de aproximadamente 90 vivendas/ano- e para dispoñer de solo público no Rosal propón a Amador Montenegro López a cesión inmediata de 56.539 m^2 da finca para usos, de: Instituto de BUP: 10.500 m^2, Colexio de EXB: 5.000 m^2, Gardería: 2.094 m^2, Deportivo: 4.497 m^2, Xardíns e parques: 27.182 m^2, Áreas de xogos de nenos: 5.039 m^2, Equipamentos sociais: 2. 233 m^2 e 3.556 m^2.

As condicións esixidas polo promotor para tales cesións, ante notario, son aprobadas[647] e fan referencia a eliminación do aval bancario por cada un dos polígonos de execución do Plan Parcial, medida que o Concello acepta, coa "firme condición de non conceder ningunha edificación en tanto non se realice a correspondente urbanización, previa presentación dos correspondentes proxectos a revisar e, se procedese, acordar pola Corporación, previa aprobación do Plan Parcial". Referente ao terreo cedido para Instituto de BUP, dado que parte do mesmo corresponde a Herdeiros de Enrique Montenegro López, o volume edificatorio que lle correspondería a tal zona trasládase á zona A3-S1, e o volume dos outros cedentes da zona que legalmente proceda.

O acceso rodado ao Instituto correrá a cargo do Concello de Moaña. A declaración de Uxío Chapela (BNG) neste Pleno quere deixar claro que "en contraposición coa política urbanística levada a cabo por corporacións anteriores (por exemplo, no Real), con estas negociacións preténdese evitar a especulación do chan e promover o seu uso de xeito racionalizado". En 1987 acórdase facultar ao alcalde para realizar o ofrecemento á Consellería de Educación de terreos no Rosal para a construción dun Instituto de BUP que sería inaugurado en 1988.

A preocupación dende primeira hora pola política cultural e as súas

647 PM07111984. PMCM.

dotacións levou ao Concello a alugar en 1981 o baixo dun local na rúa Ramón Cabanillas por 25.000 ptas. mensuais, para realizar actividades socioculturais. Un pouco máis alá, na Martinga, seguía funcionando outro baixo, alugado no tardofranquismo, como Casa da Mocidade e varios anos despois, en 1985, o Concello arrenda no barrio do Real outro baixo para destinalo a aula de cultura e local de ensaios da Banda de Música Airiños do Morrazo e a Masa Coral Moañesa. A cantidade e a presión dos grupos de folclore tradicional galego e outras actividades culturais escénicas ao aire libre fai que o Concello decida crear e dispor dun escenario metálico móbil e desmontable para un tipo de espectáculos que van pasar a ser maioritarios en canto a participación popular, destinando para esta compra 560.000 ptas., en 1985.

Esta situación de provisionalidade e nomadismo en canto á disposición de locais para usos socioculturais remataría despois da entrada en funcionamento do novo centro escolar de EXB de Quintela, cando o Goberno local decide afrontar a **reforma dos antigos e abandonados grupos escolares de Quintela e Domaio para destinalos a centros socioculturais**, obras que se foron desenvolvendo por parte das empresas de Francisco Martínez Gil (Quintela) e de José Luís álvarez Souto (Domaio) de acordo aos seguintes fases, prazos e pagamentos, durante os anos 1985 a 1987, cando foron inauguradas.

CADRO Nº 62: IMPORTES DAS OBRAS DE REFORMA NO GRUPO ESCOLAR PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN EN CENTRO SOCIOCULTURAL DANIEL CASTELAO, QUINTELA (PTAS. CORRENTES)

Nº DE CERTIFICACIÓN	IMPORTE	DATA
PRIMEIRA FASE		
1	787.198	05111985
2	941.383	17121985
3	111.331	25021986
4	875.073	25031986
5	1.061.075	24061986
6	503.209	04111986
SEGUNDA FASE		
1	1.756.553	04111986
2	1.681.949	09011987
3	1.116.125	24021987
4	1.499.793	07041987

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 63: IMPORTES DAS OBRAS DE REFORMA NO GRUPO ESCOLAR PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN EN CENTRO SOCIOCULTURAL ROSALÍA DE CASTRO, DOMAIO (PTAS. CORRENTES)

Nº DE CERTIFICACIÓN	IMPORTE	DATA
PRIMEIRA FASE		
1	113.444	28011986
2	1.466.406	06051986
3	636.059	04121986
4	1.436.836	23121986

Fonte: elaboración propia

18.3 Recursos hídricos: a dificultade do cambio social.

Coas limitacións e problemas que estamos a observar, en 1979 estase estendendo a traída de augas municipal nas zonas urbana dos barrios da Praia, A Seara, para despois continuar no Real e nalgunhas partes da zona periurbana de proximidade a estes núcleos urbanos. O primeiro que vai facer o consistorio é proceder á aprobación da primeira ordenanza fiscal para regular o subministro de auga da rede pública, establecendo para usos domésticos, 10 ptas./m^3, marcando un mínimo trimestral de 300 ptas. cando a auga consumida non supere os 30 m^3/trimestre.

Para usos industriais quedan establecidas as tarifas en 15 ptas./m^3 e 900 ptas./trimestre, cando non exceda de 60 m^3/trimestre consumidos. Para obras de construción: 25ptas./m^3, un mínimo por trimestre de 1000 ptas./m^3 (edificios de unha ou dúas vivendas), 1.500 ptas./m^3 (edificios de tres e catro vivendas), 2.000 ptas. para edificios con máis de catro vivendas. As taxas por dereitos de conexión a rede (acometida) establécense en 7.000 ptas., tanto para vivenda como para negocio[648].

A expansión do residencial moañés durante dúas décadas e a creación paulatina de servizos públicos e infraestruturas dende a década dos 70, continúa nos 80 como xa diagnosticaba a memoria das NSP en canto ao crecemento desordenado das vivendas nunha extensión indefinida dos antigos núcleos rurais e tamén o crecemento das conurbacións seguindo as principais estradas do litoral e do interior do territorio.

Esta dinámica acrecéntase, segundo Nárdiz[649], a partir dos anos 80 cando "á intevención dos municipios, ampliación e pavimentación de vías municipais para dar acceso aos núcleos rurais, vanse unir as Deputacións Provinciais, modificando a súa rede de estradas (antes camiños veciñais)". A dinámica de apertura de "pistas", ancheamento e pavimentación de camiños, etc., que vimos documentando dende a década dos 60. A chegada da democra-

649 NÁRDIZ ORTÍZ, C., (2015), p. 253.

cia local vai multiplicar a dinámica de expansión de todos os servizos urbanos básicos e infraestruturas a un número cada vez maior de veciños dende que o subministro público á poboación comezara a cambiar o modelo de pozos privados e fontes públicas como principais recursos por unha traída municipal de auga e un número cada vez maior de traídas privadas, como xa vimos na parte do franquismo.

A Corporación democrática coñece as limitacións de subministro a través da traída municipal de augas pero segue a incorporar novas vivendas á rede pública. O outro problema, a situación dos recursos hídricos e a súa utilización por parte das vivendas situadas en zonas non urbanas aparece no debate de fondo que se detecta, por exemplo, ante a petición de veciños de Meira-Latón solicitando autorización para canalizar un manancial en monte municipal en Montefaro, Domaio para abastecemento das súas vivendas.

En 1979, cando se rexistra esta demanda, as transformacións socioeconómicas e a modernización das infraestruturas e servizos producida durante dúas décadas son evidentes pero a economía e a cultura agrícola, cos seus consuetudinarios códigos históricos, non desapareceran e vai xurdir o problema de garantir a auga dos regantes agrícolas, seguido do debate sobre a propiedade, a lexitimidade e os dereitos de uso dos recursos hídricos.

No tratamento deste tema por parte da Corporación moañesa, Serxio Regueira (UCD) afirma que xa houbo problema entre veciños por mor da citada pretensión de abastecemento de augas, Balbino Barcia (BN-PG) asegura que o motivo era porque se pretendía levar a auga do río da Fraga (ou dos Ladróns) para veciños de Cangas. Alcaldía entende que o regadío quedaría garantido e propón autorizar a precario pero que as obras pasen a propiedade municipal concedéndolle aos veciños de Meira a administración das traídas nun prazo suficiente para que amorticen o capital investido.

A Secretaría Municipal informa que non queda clara a titularidade das augas porque parte delas van ao río e delas sérvense veciños para rego das fincas polo que sobre as mesmas existe concesión administrativa, ao menos tácita, e que os regantes poderían opoñerse á utilización da auga para usos domésticos. Apróbase a autorización de aproveitamento do manancial, con "uso a precario", podendo o Concello revocar por interese público a concesión, sen prexuízo dos dereitos que poidan ter os regantes e das posibles competencias da Confederación Hidrográfica[650].

O importante número de traídas de auga particulares existente fai que o Concello, a petición da Delegación Provincial do Ministerio de Sanidade, decida elaborar unha relación detallada de todas as traídas de auga particulares existentes ao obxecto de informar da situación existente en 1980, ano en que a Corporación estuda as posibles ampliacións previstas na traída muni-

650 PM28091979. AMCM.

cipal, en principio a barrios comprendidos na zona –de difícil catalogación; periurbana, rururbana, etc.- entre a estrada Marín-O Con e os barrios urbanos da Praia e a Seara ou as súas proximidades, obras que se irán realizando, sucesivamente, nos barrios da Miranda (1980-1981), Quintela (1981), A Bouza (1981), O Con (1981), Abelendo (1981), O Real, (1982), A Xeira (1982), A Lameira (1983-1984), e tamén se rexistra a ampliación deste servizo a zonas urbanas como O Real (1982) e ao ámbito entre o parque infantil da Seara-cruce Lestón (1984) e o barrio da Xunqueira (1984), debuxando, como prevén as NSP, a Moaña urbana e a súa extensión cara a Meira.

Outra prioridade do Concello é a de captar máis mananciais, como o que se adquire no río do Inferno, Broullón, en 1981, por 82.574 ptas., e tamén o control do consumo por parte do Servizo Municipal de Augas. Seguen a producirse, mentres, dende zonas non urbanas, solicitudes para instalación de tubaxes, como a de seis veciños da Ameixoada para a instalación de 400 m. para condución de auga potable dende unha finca da súa propiedade, a varias vivendas a través do camiño a Monte Pequeno, en 1983.

18.3.1 Cubrición do río do Inferno

Entre 1981-1982 prodúcese un debate corporativo en relación coa política urbanística que afecta ao paso do río do Inferno, o segundo en importancia dos que atravesan a zona urbana de Moaña. Como o percorrido do río é aberto pero atravesa a importante rúa do Redondo (perpendicular á estrada Cangas-Vilaboa no vértice urbano onde tamén se encontra a rúa Concepción Arenal, no Pontillón), a Corporación debate sobre o proxecto de canalización do río a partir dun informe do aparellador municipal e as consecuencias de ampliar a actual canle do río no tramo urbano de 2 m. a 5 m., o que pode representar en época de seca un caudal moi pequeno, segundo o informe, polo que sería frecuente un embalsamento de auga se non se coloca unha base de formigón coa pendente adecuada, obra que está fóra de presuposto.

A proposta do técnico municipal pasa por realizar un estudo do caudal do rio para, a continuación, configurar o ancho do mesmo considerando a altura da canalización. Caso de que o estudo proporcione datos conforme a canalización do rio sexa posible nuns 2,5 m. de ancho, cambiar a canle a 1 m. da aliñación das edificacións da marxe dereita, aproximadamente á mesma liña que conserve con respecto a o edificio da CTNE e cubrir tal canalización con beiravías, supoñendo que así se acadaría un total saneamento. Considera tamén a proposta técnica que a nivel urbanístico “o río é o elemento separador no tramo dunha zona onde está previsto un Plan Parcial [O Rosal] e dadas as necesidades de acceso das parcelas que dan ao rio e ao vial, esta obra podería ser emprendida polos particulares como parte dos sistemas xerais de urbanización de vías, que deben executarse antes de edificar, entendendo que unha

canle de 5 m. é imposible para unha urbanización paralela se non é cuns medios económicos moi fortes ou executando unha vía paralela, e que calquera obra dentro do Plan Parcial non se debería executar sen unha perspectiva total do mesmo.

Este tema delicado que xunta funcionalidade urbanística con coidado ou respecto medio ambiental é aprazado durante tres meses porque divide profundamente ao Goberno municipal e a toda a Corporación, que finalmente decide[651] sobre o acondicionamento de saneamento do río Pontillón e lavadoiro existente, acordando por unanimidade reducir ancho do río a unha media de 2,5 m. A proposta de cubrición, canalización e soterramento do río rexistra o seguinte resultado: 5 votos en contra da cubrición (Xabier Abalo [BN-PG], Uxío Chapela [BN-PG], Francisco Suárez [PSOE], Pedro Riobó [UG], Serxio Regueira [UCD]) e 7 a prol do soterramento (Luís Boubeta [UCD], Manuel Juncal [UCD], Luís Gayo [UG], Manuel Méndez [UG], Lino Castilla [UG], Uxío Nogueira [UG], Manuel Gayo Chapela [AEI]), polo tanto apróbase modificar o proxecto da obra de cubrición, canalización e soterramento do río e tamén o do proxecto para acondicionamento e saneamento do rio do Inferno e o lavadoiro ao seu paso pola zona urbana do Pontillón.

18.3.2 Subministro de auga á poboación

As NSP aprobadas en 1984 recollen que en Moaña existe unha rede de abastecemento e distribución municipal en 1980 que dan servizo a "1.200 usuarios, e seis pequenas redes non municipais (...), en total supoñen uns 1.600 abonados que equivalería a unha poboación de 5.600-6.400 habitantes. Isto implica que só o 32-37% da poboación municipal está abastecida reducíndose a porcentaxe ao 25-28% se se ten en conta só aos abastecidos pola rede municipal"[652].

Os datos do subministro de auga á poboación moañesa[653] na entrada da democracia local, relacionan a rede municipal no núcleo de Moaña (Praia, Seara, Redondo/Xunqueira, Con, Peirao/Portal do Almacén, Quintela/Ladrados) e varias redes veciñais que abastecen Meira (Meira de arriba: 200 usuarios aproximadamente; Meira de abaixo: 625 usuarios aproximadamente; Latón: 150 usuarios aproximadamente) e Domaio (núcleos de Calvar, Costa, Verdeal e Palmás, cada unha delas con 200-250 usuarios aproximadamente), constatando que o resto do termo municipal abastécese "de forma individual mediante pozos ou pequenas traídas de carácter veciñal moi reducido"

651 PM02021982. AMCM.

652 Normas Subsidiarias de Planeamento. Memoria de Ordenación. Oficina de Planeamento, 1984, p.43.http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/MOANA/documents/26369no110.pdf, consulta 25112016.

653 Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 64.

A previsión do equipo de planeamento establece que satisfacer a demanda teórica do concello de Moaña suporía ter que pasar dun caudal de 50 litros/segundo fronte aos 10 litros/segundo e fan unha estimación, para o mesmo nivel de poboación, a 25 anos vista, de 70 litros/segundo, medida que lles semella "remota" co nivel de captacións de auga de 1984 polo que defenden como alternativa unha "solución mancomunada" ou combinación de solucións: mantendo as captacións existentes e regulando o caudal do ou dos ríos máis caudalosos, o río do Inferno e o río da Fraga, "regulación cuxa posibilidade se vén barallando dende antigo".

Os redactores do planeamento moañés entenden que o razoable é "manter as captacións existentes, amplialas con novos pozos e mananciais" para cubrir as necesidades máis inmediatas ao tempo que "se emprenda o estudo de viabilidade da regulación dos caudais dos ríos antes mentados, que terán que asegurar ao menos un caudal suficiente para abastecer as necesidades do crecemento previsto" e propoñen que as captacións veciñais poderían manterse, sendo aconsellable -por mantemento e nivel sanitario- a súa municipalización que asegure a continuidade e mellora do servizo. Como podemos comprobar nos barrios que se van incorporando á traída de augas, a política municipal de distribución de augas fala na mesma linguaxe que o planeamento e vai estendendo a súa rede ao núcleo urbano e as súas proximidades.

No segundo mandato municipal a dinámica do abastecemento de auga potable, tendo as mesmas características en canto á súa extensión en todo o termo municipal, vai experimentar un cambio de escala territorial coa entrada do Concello de Cangas no escenario da política de augas. A chegada do PSOE ao Goberno central en 1982 e a de Lois Pena Viéitez á Alcaldía de Cangas en 1983 van ter ecos na política moañesa porque Cangas é un concello que padece historicamente secas nos seus mananciais facendo que nos veráns se repita a estampa da veciñanza facendo cola nas fontes do centro urbano por falta de subministro regular. Dende a primeira hora de entrada das novas corporacións é patente a preocupación por darlle unha solución de escala a este problema hídrico tan importante.

A primeira anotación dos posibles cambios recollémola na documentación municipal cando Alcaldía dá conta da acta dunha reunión no Goberno Civil sobre o abastecemento de auga a Cangas e Moaña a través dunha obra hidráulica de canalización dende o río Oitabén, é dicir, transportar a auga dende a ribeira Sur da ría de Vigo ata a ribeira Norte[654], un proxecto supramunicipal de envergadura e que planeará sobre toda a xestión da auga en Moaña dende ese momento.

Nese mesmo ano 1983 o Concello interésase por facer un seguimento do citado proxecto e recibe información da Dirección Provincial do MOPU

654 CMP15111983. AMCM

comunicando[655] que a Confederación Hidrográfica non dispón de proxecto en que se solicite abastecemento de auga do rio Oitabén, nin coñece que exista, pero que "está en estudo a posible redacción dun proxecto de abastecemento de auga a Cangas e Moaña dende o canal de abastecemento ao concello de Vigo". Finalmente, o Goberno Civil e a Confederación Hidrográfica dan conta ao Concello[656] da autorización para a redacción de estudo para a viabilidade de abastecemento de auga aos concellos de Cangas e Moaña.

O Concello de Moaña, na liña expresada polo equipo redactor das NSP, comeza a interesarse por explorar a posibilidade de servirse da auga do río da Fraga –tamén chamado río dos Ladróns- como solución estratéxica para o abastecemento e ampliación da rede municipal de augas. Se a Norma da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas para redacción de proxectos de abastecemento de auga e saneamento de poboacións entende como óptima a dotación de 250 litros/segundo en función da poboación existente, cando se coñece[657] a comunicación da Comisaría de Augas do Norte de España de Oviedo informando da "caducidade e arquivo das actuacións do expediente relativo ao aproveitamento de 55l litros/segundo de auga do río dos Ladróns para abastecemento de auga á poboación, por causas imputables ao Concello de Moaña" sábese da discreción coa que está a ser tratado este importante tema porque a posible solución do aproveitamento do río da Fraga como solución aos problemas de abastecemento de Moaña e Cangas é un tema moi delicado de xestionar politicamente en Moaña.

O Concello acorda contestar á Comisaría que "o expediente nunca foi paralizado por causas imputables a este Concello, e que "ao contrario, deséxase que se lle conceda o expresado aproveitamento, sendo improcedente o arquivo das actuacións en tanto a Comisaría non determine sobre a concesión solicitada". A medida que o tempo vai avanzando, desbótase o posible proxecto de usar o río da Fraga como posible abastecemento a Cangas e Moaña, incluso só a Moaña, porque aparecen vellos conflitos na xestión da auga en ámbitos importantes do concello de Moaña que fan arrombar este proxecto estratéxico como parte das infraestruturas proxectadas e non realizadas.

18.3.3 Aproveitamento veciñal da auga do río da Fraga

O río da Fraga ou río dos Ladróns é o máis importante do concello de Moaña tendo ademais a característica de ser a fronteira natural entre as parroquias de Meira e Moaña. En 1984 lévase ao Pleno unha petición dos veciños de Meira solicitando o aproveitamento de augas do río da Fraga. No citado escrito, a Comunidade de Regantes Santa Eulalia de Meira expón que

655 CMP20121983. AMCM.
656 CMP13031984. AMCM.
657 CMP16041985. AMCM.

está elaborando un traballo para que toda a parroquia de Meira poida ter un subministro de auga para uso doméstico "polo que nos diriximos á Confederación Hidrográfica para que nos axude a facer un embalse no río da Fraga co que se subministrará auga a toda a parroquia así como garantir as 70 Ha. de regadío que hai nesta zona", explicando que nunha reunión na Confederación Hidrográfica déronlles facilidades pero para empezar a tramitación necesitan o acordo do PM.

No diálogo posterior á presentación desta proposta, Sebastián Juncal (AP) afirma que é necesario canalizar esas augas ás que teñen dereito todos os veciños de Moaña, que é mester facer un estudo das necesidades de auga para Moaña, xunto cos regantes de Meira, e non "pronunciarse alegremente". Alcaldía asegura que fai uns poucos meses, a Confederación Hidrográfica, o Concello de Cangas, o PSOE e o MOPU, intentaron "resolver o problema de auga de Cangas, levando a auga do rio da Fraga de forma artera. Este Concello e os regantes de Meira dixeron non", mostrándose de acordo en traer a auga do rio Oitabén a Moaña e Cangas porque "facer un embalse na Fraga para Moaña sería perigoso. Hai unha petición concreta dos veciños de Meira. Se queren meter Cangas neste proxecto poderíamos opoñernos. Os veciños queren resolver os problemas da auga de todo Meira".

Balbino Barcia (BNG) opina que hai veciños nas dúas marxes do río que teñen dereito á auga. Uxío Chapela (BNG) entende que os veciños de Meira son propietarios da auga, consideran que a auga non é suficiente e cando a obra estea feita, se hai auga, poderase negociar con eles e traela tamén para Moaña, considera correcto apoiar esta petición porque como sobrará auga, tamén haberá, no futuro, para Moaña.

O alcalde Xabier Abalo volve intervir para asegurar que hai un programa do MOPU, de 700.000.000 de pesetas, para dar auga á marxe dereita da ría de Vigo. A auga do rio da Fraga soluciona, de momento, o problema de Meira e móstrase partidario de solicitar da Confederación Hidrográfica apoio para a iniciativa dos veciños de Meira. Balbino Barcia retruca e asegura que o embalse de Eiras [no concello de Vigo, dende o que partiría a auga dese proxecto para a zona N da ría] vai abastecer tamén outros lugares e que "nunca se verá esa auga en Moaña. Hai que esquecer o proxecto de traer auga para Moaña dende o río Oitabén", manifestándose partidario de realizar un embalse, no río da Fraga, para todo Moaña.

Cando se pasa á votación da proposta de apoio á proposta dos veciños regantes de Meira, votan a favor o BNG (menos Balbino Barcia, que se abstén), CIG e EG, acadando dez votos favorables, coa abstención dos catro concelleiros de AP e a de Balbino Barcia. O acordo acadado[658] permite o apoio da Corporación á petición dos veciños regantes de dirixirse á Confederación

658 PM13071984. AMCM.

Hidrográfica sobre esta obra para a parroquia de Meira, facendo constar que os terreos necesarios serán aportados polos veciños de Meira, así como a aportación necesaria para levar a cabo a construción dun embalse no río da Fraga para subministrar auga para a parroquia, tanto para vivendas como para regadío.

Ábrese un conflito que podemos denominar de tránsito entre un concepto tradicional de uso da auga en función de criterios parroquiais, históricos e identitarios -representados pola petición dos regantes de Meira, sobre uso parroquial da auga para regadío agrícola e vivendas- e un concepto de uso público da auga a maior escala: supralocal, incluíndo o subministro ao Concello de Cangas[659] ou de ámbito supraparroquial abranguendo a maioría do territorio moañés.

A reacción a este acordo municipal produce máis movementos asociativos e políticos e o conflito pasa a unha fase máis intensa porque cada grupo político da Corporación move intereses distintos que se van reflectir en accións e reaccións do movemento asociativo, rexistrándose tamén unha solicitude de veciños dos barrios de O Cruceiro, O Casal e Abelendo, todos na parroquia de Moaña non urbana, para facer xestións diante da Confederación Hidrográfica e a Dirección Provincial do MOPU para a construción dun embalse e a rede de abastecemento de auga ás vivendas e barrios citados, que é aprobada por unanimidade.

Días máis tarde, rexístrase outro escrito de José Carlos Currás Pena, veciños de Verducedo e propietarios de terreos lindeiros co río dos Ladróns, relativo á construción dun embalse no rio da Fraga e ao acordo do Pleno sobre o uso da auga para os veciños de Meira. As reclamacións de veciños do Concello de Moaña e regantes do barrio de Verducedo entran en directa confrontación co acordo tomado polo Pleno, motivo polo que Alcaldía informa -durante o seguinte Pleno- que as reunións e negociacións entre os representantes dos regantes de Santa Eulalia de Meira e os de Verducedo resultaron totalmente negativas por parte da Comisión de Regantes Santa Eulalia de Meira, lendo a continuación un escrito dirixido ao Gobernador Civil, dirección da Confederación Hidrográfica do Noroeste e Alcaldía:

659 DASAIRAS, X., "O conflito da auga en Coiro hai 40 anos" (I) e (II). Faro de Vigo, edición O Morrazo, 14072017, p. 6, e 15072017, p.7. O autor relata como en 1976 o Concello de Cangas aprobara o proxecto de ampliación e abastecemento de auga tentando facer fronte á escaseza de auga despois dun importante proceso de crecemento residencial. En 1977, despois dun acordo do Consello de Ministros que declara de urxencia esta obra, o Concello pretende iniciar o proceso de expropiación dos terreos afectados. Os vecinos da parroquia de Coiro propietarios das leiras reaccionaron opoñéndose e argumentando o seu dereito inmemorial ao aproveitamento das augas do río Bouzós para o regadío, muíños, lavadoiros, etc. Era un conflito sustentado nas mesmas ou similares argumentacións que os veciños de Meira ou Verducedo en 1979 ou 1984.

"os abaixo asinantes, veciños dos barrios de Moaña deficitarios de traídas de auga pública, expoñen:

Que ante a intención da Comisión de Regantes de Meira de construír un embalse do rio dos Ladróns, a fin de desviar as augas para o barrio de Meira única e exclusivamente, o cal consideramos prexudicial..., debido a que dito río mantén caudal de auga suficiente para facer que dito embalse abarque o subministro de auga a todo o Axuntamento e ademais os regadíos dos terreos circundantes ás ribeiras de ambas marxes do rio. Como por outra parte o Axuntamento no Pleno Municipal de 13/07 deu o visto bo á solicitude da Comisión de Regantes de Meira é polo q mediante este escrito MANIFESTAMOS a nosa plena oposición á realización de dito proxecto sempre e cando non se contemple nel as necesidades da inmensa maioría dos barrios de Moaña e os lexítimos dereitos dos propietarios dos terreos de regadío de ambas marxes. SUPLICAMOS que se se levase a cabo dito embalse este tivese carácter plenamente municipal"

Balbino Barcia (BNG) explica a súa abstención no Pleno anterior mentres non se lle aclarase a cuestión das dúas marxes do río, engadindo que a Comisión de Verducedo, da que forma parte, está por eliminar o enfrontamento entre Meira e Verducedo e por facer unha fronte común de todo Moaña ao redor do problema da auga. Sebastián Juncal manifesta que o acordo anterior foi propiciado polos votos do BNG, que hai regantes nas dúas marxes e non hai que dar prioridades. Uxío Nogueira (EG) entende que hai que reiniciar o proceso e volver negociar con todos os representantes veciñais.

Serxio Regueira pensa que é xusto que haxa negociación e acordo porque as augas non son propiedade de ninguén e deben ser para todos. Alcaldía retruca na politización do conflito entre o Concello e o MOPU dicindo que houbo un proxecto de levar auga do rio da Fraga para Moaña, houbo oposición dos regantes e o proxecto quedou paralizado, que con esta Corporación tratouse de mirar ese proxecto pero volveu aparecer o dereito dos regantes e quedou de novo paralizado e ante o novo proxecto do MOPU, tamén apareceu oposición dos regantes. Le un escrito-proposta:

"Diante da petición feita pola Comunidade de Regantes Santa Eulalia de Meira para que a Corporación Municipal lles prestara o seu apoio á pretensión de facer un embalse que garantira o regadío e subministrara auga a domicilios da citada parroquia, (...) e diante das reclamacións presentadas posteriormente por propietarios-regantes do barrio de Verducedo e por veciños de Moaña, solicitamos do Pleno Municipal o seguinte acordo:

1) Dirixirse á Confederación Hidrográfica notificando acordo de revocación por medio da presente; Delegación Provincial do MOPU e Goberno Civil para transmitirlles todas as reclamacións presentadas por propietarios-regantes do barrio de Verducedo que utilizan as augas que se pretenden embalsar do rio da Fraga e das reclamacións presentadas por outros veciños do Concello de Moaña negándose a que se utilicen unilateral e unicamente as augas do río da Fraga para subministro domiciliario á parroquia de Meira por consideralo abusivo, discriminatorio e atentar contra o dereito de moitos veciños a poder desfrutar da traída de augas aos seus domicilios.

2)A Corporación Municipal, mentres non se produzan as negociacións e para evitar enfrontamentos entre veciños oporase a calquera medida, obra ou proxecto que conleve a discriminación e abuso para a maioría dos veciños…

3)Recoñecendo os dereitos de todos os regantes do río da Fraga, negociará con eles o seu consentimento cara a solicitar da Confederación Hidrográfica e MOPU a elaboración dun proxecto que, garantindo auga a todos os terreos de regadío e aos seus regantes, poida resolver o grave problema que todo o concello de Moaña padece pola carencia de tan necesaria auga para consumo domiciliario.

4)Amosar a nosa extrañeza e protesta pola pretensión de José Paz Riobó, en nome da Comisión de Regantes Santa Eulalia de xustificar a adquisición por prescrición de tres aproveitamentos de dominio público que se toman do río da Fraga, sen contar previamente co Concello de Moaña".

Nas intervencións posteriores, Balbino Barcia (BNG) asegura que estando Sebastián Juncal na Alcaldía "aproveitáronse mananciais particulares como Fonte Castaños, Rioseco e o do Xastre, por parte dos especuladores, co consentimento dos alcaldes da época", ao que o aludido responde que se aclare cando o Concello de Moaña ten vendido auga e Barcia di que xa sabe que a auga non se pode vender, pero si se autorizou polos alcaldes da época para que "os especuladores traficaran con ela".

Na fixación de posturas por parte de cada grupo, Sebastián Juncal (AP) propón revogar o acordo anterior e que queden as cousas como estaban antes, Manuel Currás Meira (EG) opina que non se debe cambiar a postura da Corporación en tan pouco tempo e asegura que "non haberá auga en ningún sitio se non hai entendemento coa parroquia de Meira", propoñendo que o Concello convoque ás partes para negociar e anunciando o seu voto en contra. Alcaldía recoñece que "cando alguén se equivoca ten dereito a rectificar.

Antes non había negociación e agora si", e Serxio Regueira (CIG) aposta por "revogar o acordo anterior e negociar o que faga falta" para aproveitar as augas do río da Fraga.

A proposta de Alcaldía é aprobada[660] con 8 votos de BNG e 2 de CIG a favor, tendo en contra 3 votos de AP e 2 votos de EG, facultándose posteriormente ao alcalde para que presente recurso contra a solicitude de inscrición de aproveitamento de augas do río da Fraga formulada pola Comunidade de Regantes Santa Eulalia de Meira.

Este foi o debate do conflito social máis importante polo uso dos recursos hídricos rexistrado no segundo mandato, unha escenificación que recrea o choque entre dúas formas de entender a xestión do territorio e os seus recursos. O debate social e político sobre os usos da auga do río da Fraga minguou, Alcaldía informou en 1985 sobre a realización de xestións previas á confección do Proxecto de abastecemento de auga a Cangas e outros núcleos da Península do Morrazo, por parte da Confederación Hidrográfica para "estudalo e valoralo" e en 1986 o Pleno moañés, por unanimidade, acorda solicitar do Parlamento Galego que adopte o acordo de consignar nos orzamentos de 1987 a financiación das obras necesarias para o abastecemento de augas aos concellos de Moaña e Cangas, sometendo as solucións técnicas á consideración e criterio dos plenos e das respectivas corporacións.

Pasado o tempo das dúas primeiras corporacións democráticas non se realizou ningún proxecto de captación ou embalse de augas no río da Fraga posto que a prioridade política do goberno autonómico foi resolver, mediante un transvase de auga, a través dun emisario submarino, dende a zona Sur ata a zona Norte da ría de Vigo que aportaría unha solución duradeira para ambos concellos da península do Morrazo.

18.4 Zonas non urbanas: campamentos minifundistas do automóbil-viario-residencial

A implantación continua e sucesiva de servizos e infraestruturas nos ámbitos non urbanos foi unha demanda permanente durante o período democrático, dando continuidade a unha dinámica comezada de forma importante a mediados da década de 1970, a través da cooperación veciñal para a chegada dos servizos a uns barrios que estaban experimentando un gran desenvolvemento residencial que requiría a modificación e transformación dos camiños en camiños-estradas, dando lugar a unha dinámica de crecemento desordenado destes ámbitos, cuestión que é subliñada na información das NSP e que tivemos ocasión de acreditar no apartado correspondente.

A Corporación democrática asume con entusiasmo a continuación da

660 PM11081984. AMCM.

política de expansión dos servizos públicos a estes ámbitos a través da colaboración directa con subvencións ás obras, ou indirecta, incluíndo os proxectos de creación de infraestruturas e servizos no Plan Provincial de Obras e Servizos que cada ano elabora a Deputación Provincial. Así aconteceu coa extensión da rede de alumeado público a unha gran parte dos camiños próximos ás zonas máis urbanas ou, cando menos, ás zonas próximas ás principais estradas, cuestión que require dunha importante inversión pública, contando coa aportación veciñal.

En 1979 o Concello selecciona unha serie de obras de "alumeado público no rural" para a súa inclusión no PPOS da Deputación, por un importe total de 7.913.633 ptas., e que vai significar a chegada do alumeado público practicamente á rede de camiños que contaban con núcleos residenciais importantes, o que vai constituír a maior extensión da rede de alumeado público á maior parte dos núcleos habitados e as súas extensións, como podemos comprobar no cadro nº 64, coa listaxe de obras realizadas:

CADRO Nº 64: EXTENSIÓN DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO, ZONAS NON URBANAS, 1979

PARROQUIA	BARRIO, LUGAR, ALDEA	TIPO DE OBRA
MOAÑA	SABACEDA	Transformador
MOAÑA	A AMEIXOADA	Transformador, Alumeado
MOAÑA	ABELENDO, O CASAL, A PANDIÑA	Alumeado
TIRÁN	VILELA, A PEDREIRA, O LAZARETO, A CARRASQUEIRA, OS REMEDIOS	Alumeado
MOAÑA	A MIRANDA, A SEARA, RIAZÓN, A ROTEA, A XEIRA, A GÁNDARA, A PORTA DO CEGO, A IGREXA, CAMIÑO DO PRADO, O CARRACHAL	Alumeado
MOAÑA	VERDUCEDO	Alumeado
TIRÁN	O CON	Alumeado
MEIRA	MEIRA DE ARRIBA, CAEAUGA, QUINTÁNS, O CAEIRO	Alumeado
DOMAIO	SAN LOURENZO, O CALVAR, VERDEAL, PALMÁS, COSTA	Alumeado
MOAÑA	O REDONDO	Centralización (colocación cadro eléctrico)
TIRÁN	IGREXA	Centralización (colocación cadro eléctrico)
MOAÑA	O CRUCEIRO, O CASAL	Reparación
MOAÑA	PORTAL DO ALMACÉN, PORTA DO CEGO	Centralización (colocación cadro eléctrico)
MEIRA	A SECA	Centralización (colocación cadro eléctrico)

Fonte: elaboración propia.

En 1980 o Concello debate sobre os criterios a establecer a respecto

das solicitudes de instalación de alumeados públicos por parte dos veciños e a axuda económica municipal a este tipo de obras. Acórdase establecer un criterio variable, segundo as zonas, pero que a aportación do Concello en ningún caso estea por debaixo do 35% do total do presuposto das obras, aínda que esta variabilidade non foi do gusto de toda a Corporación xa que algúns edís entendían que existía discriminación posto que as subvencións xa outorgadas a obras de alumeados xa instalados establecían unha certa aleatoriedade nos criterios de subvención.

Hai que ter en conta que este período está marcado pola intervención sobre este tipo de obras de varias axencias promotoras ou xestoras: a iniciativa veciñal creando unha comisión para a acción comunitaria, a iniciativa das asociacións veciñais, a iniciativa de cada unha das dúas partes que conformaban o Goberno Municipal –ben a través dos propios partidos ou das asociacións afíns- e tamén a iniciativa do principal partido da oposición, UCD, que dirixía e contaba co apoio das brigadas da Comisión de Obras e Servizos da Deputación Provincial.

Esta dinámica institucional, veciñal, asociativa e partidaria fixo que a partir de 1979 se inaugurase un período de competencia por apoiar o maior número posible de obras, con ou sen control administrativo municipal, a través dun sistema de pagamento a través de "vales", que interfería no control fiscal institucional e deixaba problemas de Tesouraría Municipal –cando non se recadaba a aportación económica da parte veciñal- e de incumprimento orzamentario por mor de resultaren as obras sempre con incrementos sobre o presuposto inicial.

A selección de obras de alumeado público nas que o Concello colabora, son:

CADRO Nº 65: COLABORACIÓN DO CONCELLO EN OBRAS DE ALUMEADO PÚBLICO, 1980 (PTAS. CORRENTES)

PARROQUIA	BARRIO, LUGAR, ALDEA	ORZAMENTO	APORTACIÓN MPAL.
MOAÑA	A CASANOVA, ABELENDO	330.000	50%
TIRÁN		305.240	50%
MOAÑA	CENTRO URBANO	499.600	45%
TIRÁN	O CON	501.910	40%
DOMAIO		100.000	45%
MOAÑA	VERDUCEDO	687.800	45%
MOAÑA	AS ROTEAS, RIAZON, MIRANDA, SEARA	113.175	45%
TIRÁN	VILELA, A PEDREIRA, O LAZARETO	212.000	50%
MOAÑA	XEIRA	119.577	
MOAÑA	A IGREXA-XEIRA	16.278	
TIRÁN	A CARRASQUEIRA	9.315	
MOAÑA	A IGREXA-O CARRACHAL	15.740	
MOAÑA	O CRUCEIRO	43.793	
MOAÑA	PORTAL DO ALMACÉN, PORTA DO CEGO	42.402	
MEIRA	A SECA	39.093	
MOAÑA	O REDONDO, AS BARXAS	40.993	
MOAÑA	A AMEIXOADA	500.752	50%
TIRÁN	PEIRAO DO PORTO, PRAIA A VIDEIRA	136.038	

Fonte: elaboración propia.

A vista dos cadros de obras de alumeado público acredita a información do equipo redactor das NSP considerando que "o servizo de alumeado público está estendido por todos os núcleos do termo municipal, agás A Xalde, Broullón e O Piñeiro", aínda que a calidade do servizo é "variable": consideran apropiado o nivel luminotécnico do núcleo de Moaña (con lámpadas de 125W e 80W e correcto mantemento) pero deficiente nalgúns núcleos rurais (niveis escasos, defectos de mantemento, envellecemento do material, etc.), concluíndo que "todo o termo [municipal] posúe este servizo nun grao aceptable, agás deficiencias facilmente subsanables"[661]

661 Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 65.

CADRO Nº 66: COLABORACIÓN DO CONCELLO EN OBRAS DE ALUMEADO PÚBLICO, 1981-1983

PARROQUIA	BARRIO, LUGAR, ALDEA	ORZAMENTO (PTAS.)	CONTINXENCIAS	APORTACIÓN MPAL.
MEIRA	MEIRA DE ARRIBA	1.235.000	Demora, aumento do orzamento en 1982	35%
MOAÑA	CENTRO URBANO	376.000	Contrib. Espec.	
MOAÑA	A MARRÚA	50.000		Subministro de materiais
MOAÑA	O REDONDO		Aumento do orzamento en 40.175 ptas	Incremento da aportación de 1980
MOAÑA	O REDONDO, ACCESO A FP	891.800		
MOAÑA	CENTRO URBANO	2.708.932 (1983)	1º aumento do orzamento inicial	Incremento da aportación de 1980
MOAÑA	CENTRO URBANO	3.724.743 (1983)	2º aumento do orzamento inicial	Incremento da aportación de 1983

Fonte: elaboración propia.

A Comisión Municipal de Servizos informa en 1982 que se debe pagar seguinte a relación de facturas, dado que parte delas son de 1979. A xustificación das diferenzas e incrementos sobre o orzamento inicial "viñeron orixinadas polo afán de poñer alumeado público nas zonas rurais desbordando un pouco a previsión da Comisión: nuns casos non se recadaron os totais previstos polos veciños e noutros por ter que colocar algún punto de luz máis" e decláranse de abono as seguintes facturas ás empresas Passco, alumeado A Moca-Pozonegro, 106.772 ptas.; Montajes Jalda, alumeado Tirán, 134.580 ptas.; José Ogando Pazos, alumeado diversos lugares, 876.086 ptas.; Montajes Jalda, 3ª e última certificación do alumeado público de Meira, 261.000 ptas.

A percepción do alcalde da época resume a estratexia do "estado de obras" e do "facer cousas" que animou a tantos novos gobernos municipais na entrada da democracia:

> *Eu acórdome que dende Vigo se empezaban a ver as luces* [dos novos tendidos eléctricos públicos de Moaña, e escoitábase socialmente]*, "como avanza Moaña". Nada que fixeras, xa brillaba: os saneamentos, empezáronse a levar as traídas de augas, os colexios...*[662]

662 Xabier Abalo Costa, entrevista, 30052008. AMOM.

A maior parte da infraestrutura da extensión de alumeado público das zonas urbana e periurbana ou rururbana, queda realizada en 1983, a partir desa data vanse producindo pequenas obras nas zonas máis afastadas e que carecían do servizo ou contaban con el de forma moi rudimentaria. A partir de 1985, derivado das políticas para contratar persoas que están no desemprego, o INEM asina convenios co Concello para o desenvolvemento de obras e servizos, aportando o organismo estatal a parte das retribucións ao persoal e a institución local os materiais. Desta forma, en 1985 lévase a cabo o alumeado público de lugares afastados do centro urbano como A Fraga, Broullón ou A Paradela.

É difícil realizar un seguimento da obra pública municipal en canto a creación das redes públicas de alumeado, auga, sumidoiros, ensanchado, asfaltado, etc., posto que de orixe o expediente comeza coa denominación dun camiño, dun traxecto entre dous lugares, etc., pero durante o desenvolvemento da obra e por mor de continxencias como as que temos visto –problemas de recadación das cotas veciñais, de cesións privadas, etc.- a obra paralízase ou ralentízase.

Outras veces, tratándose de obras de maior percorrido ou envergadura, son fraccionadas en varias fases das que resultan outras tantas certificacións de obra que non sempre se recollen na documentación municipal, e unha última casuística recolle o caso das ampliacións deste tipo de obras a rúas ou camiños adxacentes, co que se perde o fío do expediente inicial e mesmo a denominación do proxecto na orixe. Tampouco axuda a clarificar a folla de ruta da realización das obras de infraestruturas e/ou servizos na maior parte das zonas non urbanas o feito de ampliar a realización dos servizos previstos e/ou aprobados polo Concello, a ampliación de camiños, etc., por medio dun simple acordo verbal de persoas do grupo de goberno ou próximas, o que dá lugar á continuación de obras que se van desenvolvendo mediante un sistema de pagamento baseado na entrega de "vales" –sen ou con pouco control administrativo- como documento de creto e cambio monetario.

A explosión dos cambios realizados na rede de camiños públicos existentes, así como a apertura de novo viario nas zonas indicadas, é intensa durante o período 1979-1987, de tal forma que a gran maioría dos viais son obxecto de melloras a través da creación dos novos servizos e infraestruturas que teñen un ritmo de implantación e unhas características de xestión similares ás que vimos na implantación da rede de augas ou no alumeado público.

Na importancia ou papel xogado polas asociacións de veciños de influencia partidaria destaca o papel da A.VV. Monte Faro de Domaio, promovendo distintas obras e servizos e asumindo de facto o papel dunha delegación da Administración Local para o desenvolvemento destas obras, incrementado se cabe a partir de 1981 coa sinatura do convenio entre a empresa Davila, o

Concello de Moaña e a propia A.VV. Monte Faro, convenio ao que xa nos referimos e que deu lugar a modernización, reparación ou construción de numerosos camiños nesta parroquia de Domaio, onde no segundo mandato municipal se une outro importante axente xestor da parroquia: a Comunidade de Montes, promotora de moitas iniciativas de infraestruturas e servizos.

Na parroquia de Tirán, sobre todo na primeira corporación democrática, funcionou a iniciativa da A.VV. de Tirán como promotora e xestora de obras e en Meira, sobre todo a partir de 1983, algunhas obras e servizos públicos de importancia foron promovidas e coordinadas pola A.VV Bronlle.

Sen afán exhaustivo, porque contamos co condicionante de poder aparecer repetidos ou solapados algúns treitos, cruzamentos ou denominacións dos distintos camiños, segundo a documentación recollida, elaboramos os seguintes cadros como resume das intensas transformacións experimentadas durante o período democrático en infraestruturas e servizos urbanísticos básicos en cada parroquia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 67: ZONA NON URBANA DA PARROQUIA DE MOAÑA, TRANSFORMACIÓNS, 1979-1987

OBRAS: E: Ancheamento/acondicionamento, pavimentación; S: sumidoiro; A: Auga; L: Alumeado; B: Beiravía

APROBACIÓN	CAMIÑO/ÁMBITO	OBRA
1980	A LAMEIRA	E, S, A, L
	A MOCA	S, L
	BAIXADA PAGONAS	E
	A PEROXA-VERDUCEDO	E
	VERDUCEDO-A FRAGA	E
	A XEIRA-A GÁNDARA	E
1981	O PIÑEIRO-CUNCHAL	E
	O PEDROSO-O CARRACHAL-O REDONDO	E
	A MIRANDA	S, A
	O CRUCEIRO-A TORNEIRA-FIGUEIRIDO	E, S
	A XEIRA	E, S
	DO PRADO	E, S, B
	ABELENDO-A PANDIÑA	E, S, A
	A FEIRA-O EIRADO	E
	ABELENDO-O IGREXARIO	E
	A BOUZA	E
	A XALDE-CAMPOS	E
	ENTREVALOS	E
	O CRUCEIRO-QUINTELA	E
	CHINÉ-CRISTO	E
	SISALDE-A MOCA	S
	BROULLÓN	E
	FONTEBIEITA-QUINTELA	S, B
	BARREIRO-CAGABARES	S
	AS RAIÑAS	S
1982	O CASAL-FONTES-LAGO ABELENDO	E, S
	AS BARXAS	E
	A PENA-A PARADELA	E
1983	A XALDE-TRIGÁS	E
	FONTEBIEITA-A FEIRA	E
	ACCESOS A COLEXIOS DE QUINTELA E ABELENDO	E
	VERDUCEDO-MOAÑA	S
1984	CAPELA DE VERDUCEDO-ESTRADA	E
	CEMITERIO-PORTA DO CEGO	S
1985	A PARADELA-A CRUZ-BROULLÓN	E
	ACCESOS A CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL	E
	VEIDADARCA	E, S
1986	PISTA POLIDEPORTIVA O CASAL	E
	VIAL BROULLÓN-VERDUCEDO	E
	AMEIXOADA-COLEXIO CANIXADA	E
1987	ACCESO A SABACEDA	E

Fonte: elaboración propia.

CADRO Nº 68: PARROQUIA DE MEIRA, TRANSFORMACIÓNS, 1979-1987

OBRAS: E: Ancheamento/acondicionamento, pavimentación; S: sumidoiro; A: Auga; L: Alumeado; B: Beiravía

APROBACIÓN	CAMIÑO/ÁMBITO	OBRA
1979	A SECA	E
1980	MEIRA DE ARRIBA-CANCELAS	E
	O BARQUEIRO	E
	REIBÓN-MEIRA	E
	BAIXADA AO SAN BARTOLOMEU	S
	MEIRA DE ARRIBA	S
	RAMPLA BAIXADA AO LATÓN	E
	CASÁS-PEIRAO MEIRA	S
	DO PICO	A, E
	PARQUE INFANTIL A PEREGRINA	E
	ACCESO Á CARBALLEIRA DE BRONLLE	E
1981	ADQUISICIÓN CAPELA A PEREGRINA E ADRO	E
	A FANEQUEIRA	E
	O LATÓN	S
	O AMIEIRO	E
	A PRAIA-A RIBEIRA	S
1982	AS RAIÑAS	S
	OS CARBALLOS	E
	QUINTÁNS-REFOXOS	E
	COUSO	E
	O TOUZAL-A SECA	S, E
	A XUNQUEIRA-PORTA DO SOL (BEIRAMAR)	E
	CAEAUGA	E
	O POMBAL	E, S
	VIÑAS-O FORTIÑO-OLEIRA-EURELLANA	E
1983	A RIBEIRA, IGREXARIO	S
1984	EMISARIO SUBMARIÑO	E, S, A, L
	CAMPODEIRA-MEIRA DE ARRIBA	S
1985	BAIXADA AO SAN BARTOLOMEU	E
	O CAEIRO	E
	PORTA DO SOL-A TELLA-A LAXE	E
1986	A TORRE-MEIRA	S

Fonte: elaboración propia

CADRO Nº 69: PARROQUIA DE TIRÁN, TRANSFORMACIÓNS, 1979-1987

OBRAS: E: Ancheamento/acondicionamento, pavimentación; S: sumidoiro; A: Auga; L: Alumeado; B: Beiravía

APROBACIÓN	CAMIÑO/ÁMBITO	OBRA
1979	A MINGALLEIRA	E, S
1980	CAMIÑO VELLO O CON	E
1981	COLEXIO VELLO DE TIRÁN	E
	O LAZARETO	E, S
	SUBIDA AOS REMEDIOS	S, E
	A IGREXA-TIRÁN	S
1982	VILELA	S
	A SENRA	E, S
	ALBARIÑOS	E
1983	MADREBOA- A AMEIXOADA	E
	XIMNASIO DO COLEXIO PÚBLICO DE TIRÁN	E, S, A, L
1984	EMISARIO SUBMARIÑO	E
	RODEIRA-VILELA	E
	BREDA-O CON	E
	O CASTILLO-RIBEIRA	E
1986	VILELA-FOXÓN-TIRÁN	S
	PISTA POLIDEPORTIVA DE TIRÁN	E

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CADRO Nº 70: PARROQUIA DE DOMAIO, TRANSFORMACIÓNS, 1979-1987

OBRAS: E: Ancheamento/acondicionamento, pavimentación; S: sumidoiro; A: Auga; L: Alumeado; B: Beiravía

APROBACIÓN	CAMIÑO/ÁMBITO	OBRA
1979	SAN BIEITO-LIÑARES	E
1980	SAN LOURENZO-CARBALLIDO	E
	A CERRADIÑA-DEVESA-PALMÁS-COSTA	E
	CHIRLO DE LOUREIRO-REGUEIRO	E
	GRADAS COLEXIO DE DOMAIO	E
	XOGO DA BOLA	E
	OS CURRAS	E
	PENASCO	E
	DO RIAL	E
1981	A CERRADIÑA-COLEXIO VELLO	E
	REGA-BURELA	E
	PUMARIÑO-AS LAXES	E
	DEVESA-PALMAS	E
	PISTA DA COSTA	E
	DEVESA PALMÁS-FONDÓN-CACHARELA-PRADO-REGUEIRO DE MENAL	E
1982	PUMARIÑO-DEVESIÑA	E
	BORNA-ESCOLA VELLA-SÚABOUZA	E
	DOMAIO	S, B
1983	SERTAL-O CALVAR	E
1984	PALMÁS-COLEXIO VELLO	E
	PASAXE-CARBALLIDO	E
	PARADELA	E
	ACCESO A COLEXIO DE DOMAIO	E
1985	O PICOTO	E
1986	CALVAR-VERDEAL POR C-550	S
	PALMÁS	S
1987	PISTA POLIDEPORTIVA	E
	SAN LOURENZO-CHAN DA ARQUIÑA	E

Fonte: elaboración propia

A maior parte das obras incluídas nos cadros nº 67, 68, 69 e 70 foron realizadas polas empresas de Manuel Táboas Santomé, Fernando Sousa Costa, Gabriel Piñeiro Costa, Manuel Caramés Rozados, Manuel Mejía Gestido, Marcial Graña Caamiña, Alfredo de la Campa Requejada, José Luís Álvarez Souto e Francisco Martínez Gil. As obras de maior envergadura técnica, con requirimento de maquinaria pesada, foron executadas pola empresa Covsa.

A obra que máis se repite, a que ten prioridade dentro da mellora dos camiños para a súa transformación en camiño-estrada e adaptación ao aumento do parque de automóbiles privados, como podemos observar en calquera dos cadros das parroquias, é o ancheamento e acondicionamento do viario intraparroquial ou interparroquial. Eran as obras subsidiarias do gran cambio experimentado na comunicación rodada. No seguinte cadro podemos ver a evolución do parque de automóbiles de Moaña entre 1971-1979 para facernos

unha idea sobre a presión social que houbo detrás da mellora e reforma das distintas vías, camiños e estradas do termo municipal.

CADRO Nº 71: PARQUE DE AUTOMÓBILES, MOAÑA, 1971-1979

	1971	1972	1973	1974	1975	1976	1977	1978	1979
MOTOS	250	267	252	249	244	206	183	154	187
CICLOMOTORES						37	33	34	33
CAMIÓNS	37	50	49	47	51	46	39	51	62
AUTOBUSES	9	9	9	4	10	2	2	2	3
TURISMOS	428	562	716	1717	1314	1510	1784	2092	2269
Total	724	880	1026	2017	1619	1801	2041	2333	2554

Fonte: Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, p. 61. Elaboración a partir do Padrón Municipal do imposto de circulación.

A partir das melloras na capacidade das vías vanse creando o resto dos servizos públicos porque os camiños e o resto do viario maior ou menor son factores fundamentais para o desenvolvemento do hábitat e dos futuros servizos.

Mentres tanto, na Moaña urbana ou no resto do termo municipal –agás a implantación dos servizos urbanos no Real e as beiravías O Pontillón/Porta do Sol, e a extensión da traída de augas, xa analizadas- apróbanse as seguintes obras: en 1981 a creación da rede de sumidoiros e beiravías entre Quintela-Portal do Almacén-Figueirido; a discutida canalización do río do Inferno no seu último tramo (O Pontillón); a autorización á CTNE para a ampliación de mil liñas de rede (Pozonegro, Reibón, Meira, A Guía, Abelendo, Porta do Cego, A Miranda, Os Ladrados, O Con, A Carrasqueira, Tirán, Vilela, O Lazareto, o Redondo, A Marrúa, O Piñeiro, Santa Eulalia e A Ameixoada); a creación de oito parques infantís descentralizados (Tirán: colexio vello; O Casal: fronte á canteira; Verducedo en Meixoeiro; Meira: Isamil; Domaio: un no Souto, outro na Cerradiña-Fonte Fontán; A Fraga: preto da casa de Lino; A Ameixoada: terreos do centro de preescolar).

Para 1982 está en marcha o pavimentado entre a rampla de Pereira e o cruce de Lestón; en 1983 a reforma e ordenación da alameda próxima á Praza de abastos; en 1984, a través de convenio de colaboración co INEM, realízase a primeira fase da balaustrada e paseo marítimo da Xunqueira, o recheo da zona do Pontillón e a canalización da saída ao mar do río do Inferno, no Pontillón. Entre 1985-1987 desenvólvense obras do "pavillón deportivo municipal" no Rosal, a creación dos centros socioculturais en Domaio e Moaña e tamén a pista polideportiva no recheo de Meira.

A ampla e intensiva acción de artificialización do solo, sobre todo na

gran e xtensión de zona non urbana, é o efecto inmediato da demanda de melloras para poñer a disposición veciñal os primeiros servizos urbanísticos municipais, para o que era moi difícil poñer limitacións administrativas e/ou políticas en canto á súa ordenación e implantación con criterios do planeamento urbanístico que se está a desenvolver en Moaña, de forma regrada, tamén por primeira vez.

Resulta paradoxal que entre 1981 e 1984 se estean a experimentar -ao mesmo tempo- un novo salto cuantitativo na utilización privada e familiar do espazo, estendendo as redes viarias e o residencial unifamiliar sobre elas mentres na Corporación Municipal se están a debater e aprobar unhas NSP que teñen, entre as súas prioridades e obxectivos, coutar o desenvolvemento residencial intenso e desordenado que deu lugar á primeira gran transformación dos núcleos tradicionais entre as décadas dos 60 e dos 70, un planeamento urbanístico que marca a zona periurbana ou rururbana do termo municipal como o espazo crítico de crecemento descontrolado do residencial unifamiliar: o ritmo social e o ritmo político do desenvolvemento residencial e urbanístico van sendo disonantes tamén na democracia local.

As obras públicas no ámbito periurbano ou rururbano de Moaña teñen unha serie de características que poden axudar a explicar este fenómeno en Galicia a través da observación en detalle do proceso de xestión e creación destes servizos urbanos para as zonas que aínda non dispoñían deles.

O apartado de imprevistos non adoita ser unha excepción na duración das obras senón unha continxencia relativamente asumida, como tamén os desvíos e ampliacións imprevistas sobre o trazado inicial. Estes adiamentos e incrementos de obra reflíctense en correlativos aumentos de orzamento nos que, en xeral, as diferenzas son aceptadas a maiores pola Administración Pública. As aportacións veciñais ao orzamento son fixas entre 1981-1983, 20.000 ptas./vivenda para instalación da rede de sumidoiros e 15.000 ptas./vivenda para a rede de augas. Así pasa na maior parte dos camiños (Torneira-Lago, A Bouza, A Miranda, A Senra, A Xeira, O Pombal, A Rotea, Riazón, A Seara, Vilela, Pedreira, O Lazareto, etc.) pero as distintas condicións nas que se desenvolve a obra fan que a porcentaxe que sufraga o Concello varíe (A Bouza: 44%, Subida aos Remedios: 54,60%, A Miranda: 51,36%, A Senra: 68,06%, A Xeira: 58,4%, O Pombal: 45%, etc).

Estes criterios cambian durante o segundo mandato municipal, incrementándose as tarifas da aportación veciñal: 30.000 ptas./vivenda para rede de sumidoiros, 25.000 ptas./vivenda para a rede de augas, axustándose tamén moito máis os orzamentos e a aportación municipal, derivado da dinámica anterior, a continua política de endebedamento e a carencia de financiación municipal: as aportacións veciñais 1984-1985 das ampliacións da traída de augas a novos barrios amosan o cambio en sentido inverso á etapa anterior, e

así a obra do barrio da Pandiña é cuberta ao 87% polos veciños; a obra de Detrás do Con, un 85%; a de Fonte da Vila, un 58% ou a da Lameira un 61,42%.

Cando a oposición fai a crítica ao Goberno Local do cambio experimentado, o concelleiro de urbanismo, Uxío Chapela, retruca en 1987: *"coas aportacións voluntarias había quen non pagaba, e os veciños están de acordo con este sistema"*.

Parte da variabilidade de criterios é explicada a través dun debate municipal de 1980 a propósito do acondicionamento do camiño de Penasco, facendo constar o alcalde que "no sucesivo os concelleiros se absteñan de ordenar pola súa conta a execución de obras sen proposta da Comisión de Servizos e autorización da CMP" e Serxio Regueira (UCD) responde que "foi executada polos veciños, limitándose el [SR] a asesoralos na súa execución": a iniciativa da realización das obras públicas deste tipo, dentro da lóxica política da época, pasa por entender a extraordinaria competencia política, sobre todo no primeiro mandato municipal, entre o Concello, a Deputación Provincial e as asociacións de veciños politicamente aliñadas, polo que se comezan algunhas das obras e servizos á marxe de acordo formal na Casa do Concello e todas elas se acaban realizando porque o apoio municipal a todas ou a maior parte das solicitudes era constante, fose esta aportación municipal en "vales" para materiais, subvencións directas ou asunción da débeda por imprevistos.

Esta dinámica de ser o periurbano de Moaña unha "obra aberta" dentro do proceso dun "concello en obras" durante a maior parte do tempo do mandato, determina tamén problemas de control financeiro e orzamentario: da aportación veciñal para a maioría das obras de infraestruturas ou servizos se responsabiliza unha persoa ou un pequeno grupo de persoas, tanto a través de asociacións como de xuntas veciñais que ás veces non teñen a suficiente capacidade moral ou coercitiva como para facer recadar o previsto e tampouco queren nin poden entrar nun conflito coa parte da veciñanza incumpridora. Outras veces, como no final do segundo mandato[663], é o mesmo Goberno Municipal quen se deixa levar pola proximidade das eleccións aprobando, por exemplo, a solicitude dos veciños de Verducedo, beneficiarios dunha futura obra de instalación de sumidoiros, a "quita das 30.000 ptas. pola taxa do dereito de conexión por vivenda, considerando que se produce unha aportación ás obras superior ás 30.000 ptas/vivenda e tamén un"enorme interese social", empregando o mesmo argumento ante a solicitude dos veciños de Domaio para quita do pagamento dos dereitos de conexión á rede de sumidoiros, "polo interese social e comunitario das obras".

" O elemento máis importante para entender unha cidade a través da súa historia é o trazado viario, que en cada etapa tempo-

663 PM18051987. AMCM.

ral deu resposta a unha estrutura urbana e arquitectónica determinada. O trazado viario representa en si mesmo o significado da cidade. Os elementos claves son rúas e prazas"[664]

Un dos principais problemas deste desenvolvemento urbanístico parroquial, ao noso entender, é o dano causado sobre o trazado viario existente e o condicionamento das aliñacións dos camiños e rúas no longo prazo. A estrutura da propiedade parcelaria galega, tanto sobre as preexistencias residenciais como sobre o planeamento futuro, vai determinar os aleatorios trazados lonxitudinais de moitas das novas vías creadas, así como a súa anchura, tanto no viario existente como o de nova creación.

"O crecemento urbano irregular, seguindo a dirección das vías de comunicación, supera o efectivamente regulado e é o sistema de crecemento máis común nas urbes galegas"[665]

Como apunta este autor, a medida que avanza o século vinte, o plano das vilas e cidades transfórmase pola combinación dun crecemento regulado e outro irregular. Tanto mediática como politicamente ponse máis o til no crecemento irregular en zonas urbanas pero se observamos o caso de Moaña, o centro urbano litoral está condicionado por factores espaciais e comunicacionais porque tanto a estrada litoral da beiramar –as rúas Concepción Arenal e José Costa Alonso- como a estrada C-550 Cangas-Vilaboa –a rúa Ramón Cabanillas- e a orografía ao seu paso urbano, son dúas fronteiras tan limitadoras/coutadoras que fan un efecto muralla, unha cuncha de bivalvo que contén no seu interior a cidade intramuros, unha urbe con marcos e limitacións en superficies, alturas e viarios.

O aumento urbano post 1960, como o dos ensanches do século dezanove, deron lugar ao crecemento dos arrabaldes e foi tamén consecuencia da suma dunha tradicional cultura histórica de vivenda unifamiliar con espazo anexo que perdurou no imaxinario e na realidade da poboación para ser plasmado nos ámbitos intersticiais, rururbanos, periurbanos, semiforestais, etc. que ocupan unha superficie de espazo colonizado por vivenda unifamiliar, unha parte do territorio ao que se lle prestou menos importancia da que se lle esixe ás zonas urbanas.

As NSP ordenan[666] as vías do termo municipal en gradación propor-

664 GONZÁLEZ CEBRIÁN-TELLO, J., (2015), p.120.

665 GONZÁLEZ PÉREZ, J.M., (2015), p.22.

666 A clasificación xerárquica das vías do concello, é: Autoestrada: AP-9; Vías tipo I: estrada C-550 [Cangas-Vilaboa] e estrada local PO-3130 [Marín-O Con]; Vías tipo II: camiño veciñal PO-V-3201

cional á súa importancia estratéxica, articuladas sobre o principal viario existente (estrada C-550, estrada Marín-O Con, etc.) e sobre o previsto no planeamento (novas estradas previstas: circunvalación entre a Porta do Sol (Meira) e a Porta do Cego (Moaña), estradas dos novos recheos litorais, estradas interiores do PP do Rosal, estradas das "áreas aptas para a urbanización", etc.) pero non pode baixar ao detalle da ordenación dunha gran parte do territorio englobada en clasificacións zonais como "intersticiais", de "extensión dos núcleos ou entre núcleos", "ensanches" nin moito menos en ámbitos dos núcleos rurais, das súas inmediacións ou das prolongacións destes espazos moi difíciles de definir canto máis de ordenar.

As limitacións que ten a aplicación do planeamento de primeira hora da democracia e a capacidade e rango de ordenamento básico que posúen as NSP, pódense ver nas propostas de ordenación para estas amplas zonas do territorio moañés sobre as que paira un neboeiro de inconcreción, ambigüidade e voluntarismo como podemos ver no apartado referente ás aliñacións ou distancias mínimas da edificación a eixes de vías que se ben son acordes para as vías tipo I e II (13 m. de retiro), non acontece igual para o caso das vías de tipo III (8 m. de retiro) ou as de tipo IV (5 m. de retiro), estas dúas últimas son as que rexistran maior dificultade de ordenación e maiores infraccións urbanísticas.

O resultado sobre o terreo podémolo observar nos problemas resultantes da non definición ou da imposibilidade de establecer aliñacións ao longo das distintas vías, sobre todo camiños, afectadas pola enxurrada de obras públicas que vimos de estudar sobre o mapa moañés.

Os casos que imos analizar prodúcense, durante o tempo estudado, tanto no ámbito definido como Moaña-Vila, é dicir, a futura cidade urbana que se pretende planificar e dotar de ordenación a medio e longo prazo entre O Con-Moaña-Meira, como en ámbitos menos urbanos, de núcleos rurais ou próximos a núcleos rurais, e tamén de espazos "intersticiais" entre estas dúas realidades.

En orde cronolóxica, cando en 1981 se autoriza á comisión de veciños para proceder ao ensanche do camiño dende Pedroso (Sabaceda) a Redondo por Carrachal, cunha anchura de 5 m., na extensión ou "intersticio" do centro urbano moañés, no acordo recóllese a precaución "non podendo afectar as fincas lindeiras sen consentimento dos propietarios". Tamén se indican os 5 m. de anchura preceptivos para a probar e colaborar na obra de ancheamento

[Cruz da Maceira-Meira], camiño veciñal PO-V-3201 [Moaña-Coiro], camiño veciñal Seara-Redondo, camiño veciñal Seara-Verducedo, camiño veciñal Marrúa-Paradela-Piñeiro, acceso a Ascon; vías tipo III: accesos a núcleos dende vías de rango superior, conexión entre núcleos ou penetracións nos núcleos: vías tipo IV: resto das que compoñen a rede pública interior.
Normas Subsidiarias de Planeamento. Avance de Criterios, Obxectivos e Solucións Xerais. Oficina de Planeamento, 1984, pp. 119-120.

do camiño de acceso á Fanequeira, na zona non urbana de Meira, para a instalación de tubaxe para sumidoiros.

En Domaio autorízase á A.VV. Monte Faro de Domaio para realizar obras de mellora e acondicionamento de camiños, "sen prexuízo dos dereitos de terceiros e sempre que queden cunha anchura mínima de 4 m.: desde Reja a Burela Costa e sae en pista que baixa de Barbuíña a Pumariño, Baixada de Pumariño ás Laxes e sae en Devesiña, o que sae de Devesa de Palmás, pasa por cruce de Burela e sae en Devesiña", pero non se autoriza "o acondicionamento e reparación do camiño de Devesa de Palmás a Grupo Escolar vello porque debe confeccionarse un proxecto técnico para regularizar as aliñacións"[667], un proxecto de envergadura para crear unha importante vía de comunicación interior entre algúns dos principais núcleos habitados de Domaio.

Ao principio confiabase en realizar este importante vieiro de forma consensuada entre A.VV., Concello e veciños, por iso, a partir dun proxecto de aliñacións, o Concello inclúe a obra no Plan Provincial e adxudica en 1982 a realización do ensanche e asfaltado a José Cordeiro Nogueira, obra paralizada ata 1984 cando se aproba un novo proxecto cun orzamento 3.436.640 ptas., para ensanche do camiño, para un total de 60 afectados e condicionado a que "cada un deles, ceda o terreo necesario para deixar o camiño cun ancho que se estaquillará no seu día".

Cando o proxecto pasa á fase de exposición pública coas modificacións e o parcelario, acórdase establecer datas para proceder á medición e estaquillado do terreo, "reflectir a cesión dos veciños como única aportación á obra, incluídos muros e peches, e un ancho de caixa de 10 m.", así como "iniciar a tramitación necesaria para expropiar aos veciños que fose necesario", así como a confección dun expediente de contribucións especiais.

O Concello acorda encargar a un técnico a modificación do trazado, a modificación do entronque coa estrada de San Benito, baixar a liña de afección dos actuais 8 m. do eixo a 5 m. do eixo, así como realizar un plano parcelario de todo o trazado, en novembro de 1984.

As dificultades son patentes na demora e tamén no malestar amosado por algún dos líderes veciñais e políticos, como cando Serxio Regueira (CIG) pide que o aparellador e o notificador municipais recollan sinaturas dos compromisos xa elaborados dos propietarios afectados, mentres se negocian modificacións no plano parcelario e na obra, ata mediados de 1984 cando se aproba definitivamente o parcelario previo ao comezo dunha obra que continúa con problemas para iniciarse, motivo polo que o Concello chega a solicitar á Xunta de Galicia a "declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras, aos efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación

667 CMP08041981. AMCM.

Forzosa"[668] e continúa o debate intenso que nos informa sobre os puntos máis críticos da obra cando, "tras ampla deliberación", disponse[669] "establecer un ancho de vía de 7 m. para o camiño (...), establecendo as liñas de cerramento a 3,5 m. do eixo do camiño, e a liña para as edificacións das NSP". Regueira pide a realización dun pleno extraordinario para definir as aliñacións deste camiño e concretar as cesións dos veciños afectados.

A documentación municipal recolle a recepción desta obra en 1986 pero podemos saber das outras condicións do seu desenvolvemento cando se aproba en 1987, ao final do segundo mandato, un informe do enxeñeiro Juan Luís Ríos González, técnico municipal director da obra, relativo á financiación prevista, partidas incluídas en presuposto, cantidades pendentes de certificar. O informe acredita que "como consecuencia das dificultades e alto custo da obra feita, os cartos contemplados nesa obra gastáranse na construción de muros de contención das propiedades que lindan co camiño, necesarias para que no futuro se poidan colocar os tubos de pluviais e as beiravías", e o Goberno autoriza ao técnico a certificar a totalidade da obra para poder facerlle efectivo o pagamento ao contratista adxudicatario. Esta importante e demorada obra de Domaio recolle algunhas das características e dificultades de xestión urbanística nas zonas non urbanas de Galicia:

1. A negativa de partida de realizar as cesións de parcelas privadas para uso ou creación de infraestruturas ou servizos públicos.

2. Caso de aceptar as cesións, a propiedade privada, individual ou familiar, busca a minoración na perda dos seus intereses, presiona e acada que a anchura da vía proxectada se vaia comprimindo. Neste caso, dende os orixinarios 10 m. do proxecto ata os 7 m. definitivos.

3. As parcelas e cerramentos dos propietarios que se negan a facer a cesión fican na mesma situación anterior, dando lugar a camiños-estradas con significativos estreitamentos nestas partes da vía.

4. As partes máis estreitas ou "colos de botella" prodúcense, normalmente, ao atravesar a vía, camiño, rúa, etc., por zonas con vivendas xa construídas. Un repaso polos históricos camiños que conectaban a parte alta e a baixa da parroquia de Moaña acredita nesta realidade e na dificultade da súa xestión e posible cambio en varias décadas despois da súa realización.

5. Á nova vía resultante da mellora dos servizos urbanísticos, xeralmente, non se lle aplica regulación ou limitación de aparcadoiros, e o efecto máis inmediato deste sistema é a ocupación do viario polos vehículos privados, dando lugar ao estreitamento "de facto" ou desaparición do uso de parte do

668 PM13021985. AMCM.
669 CG05111985. AMCM.

viario polos peóns, posto que a maioría destas obras non dispoñen de servizo de beiravías.

Continuando cos exemplos de dificultades na xestión de novas vías ou de reforma ou apertura dos camiños públicos, tamén podemos observar aínda hoxe simplemente a través de fotografías aéreas como a autorización en 1982 ás comisións de veciños de Meira para modificación e obras nos camiños Quintáns-Refoxos ou "do camiño que vai dos Viñas cara á barriada de Couso" ou do camiño de Caeauga, para o ensanchado mínimo de 4 m., ou do camiño da Senra (Tirán), con permiso para manter os cerramentos "nas mesmas condicións actuais".

Tamén no camiño de Entrevalos (Moaña), lindeiro con zonas urbanas, se establece que "os muros e cerramentos que sexan demolidos deberán retranquearse á liña de construción vixente: 3 m. do eixe do camiño. As propiedades que non acepten o requisito con intención de ceder menos do establecido e realizar un cerramento novo, quedarán como están, realizándose o asfaltado sobre o ancho actual do camiño".

Na documentación municipal recoñécese que non é posible proceder a efectuar o aprobado ensanche do camiño da Xeira, que comeza no centro urbano moañés, así como que "os veciños queren que se asfalte sobre o ancho actual", como finalmente así aconteceu.

O proxecto de ensanche do camiño do Prado, importante vía urbana, case paralela á rúa Ramón Cabanillas, que comunicará a Igrexa do Carme coa barriada do Rosal, pensado e acordado xa para o Plan Provincial de Obras e Servizos de 1981 ("Asfaltado e ensanche con sumidoiros camiño do Prado", 3.114.000 ptas.), rexístra unha dinámica semellante na súa xestión ao camiño entre a Devesa de Palmás e o Grupo Vello, en Domaio, unha suma de avances e retrocesos sobre todo por mor dalgúns veciños que non formalizan a súa cesión pese a que o Concello realiza, no caso do resto dos propietarios, os muros ou os desaterramentos, establece tamén coa Igrexa un convenio para o ensanche a cambio da realización do cerramento da igrexa, etc, e a obra conclúe en 1986, coas características coñecidas en canto ás aliñacións.

A variabilidade das condicións dalgunhas das principais estradas que articulan o interior de Moaña, como as que vimos en Domaio ou no Prado, determina a súa dificultade de xestión tamén cando o Concello pretende pasar a xestión dalgunha destas importantes vías á Deputación Provincial para o seu mantemento: a Deputación acorda facerse cargo en 1984 do mantemento da estrada Seara-Verducedo, importante vía construída pola propia Deputación nos anos 60, pero non así do tramo próximo a esta rúa, o que vai entre As Barxas-A Paradela-A Marrúa-O Redondo, xa que "non reúne as condicións necesarias" por mor do seu proceso de construción coas características que estamos a ver en tantos camiños, camiños-estradas ou seudoestradas.

Resulta pois acreditado que a boa ou non tan boa fortuna no trazado viario, as corredoiras, os camiños, as rúas e as estradas son a estrutura primeira, elemental e básica onde despois se irá trazando a creación dos novos residenciais que acabarán sendo o debuxo e a imaxe subxacente e determinante debaixo da forma urbana, rural, periurbana, rururbana, etc., que pasará despois, coa historia, a ser a imaxe do territorio, unha postal ou cartografía que se pode explicar tamén, quitando capa por capa do construído enriba, dende a iniciación e desenvolvemento da súa estrutura viaria orixinal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARTE III:
SOCIOLOXÍA DOS PROTAGONISTAS

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

19. RELATO DE FOGAR

Cremos que a análise en canto á economía, política, urbanismo e edificación residencial que levamos visto ata agora na nosa investigación, poderá ter unha mellor comprensión se lle sumamos a percepción das persoas protagonistas destes cambios, transicións, remudas e modernizacións en institucións e grandes estruturas pero tamén en oportunidades e modelos de vida persoais e familiares.

Partindo do censo das 2.746 persoas que solicitaron licenza para nova edificación entre 1950-1987, así como a mostra da evolución das súas profesións durante o período que temos visto no primeiro capítulo (tomando como eixe principal a evolución da profesión "mariñeiro" a través das solicitudes de licenzas de obras e do censo municipal de 1960, *ver cadro nº 14, pax.93*) analizaremos algunhas das súas características xeracionais e/ou grupais pero tamén a súa peripecia biográfica e autoperceptiva en relación ao seu relato familiar, doméstico, residencial, así como o rol de xénero destas persoas, nacidas entre os anos 1891 e 1960[670], para tratar de dar sentido e abordar preguntas e respostas que nos informen sobre o como e o por que emprenderon e a axudaron a transformar unha sociedade de hábitat parroquial e aldeas tradicionais nunha cidade litoral de cultura urbana ou como viviron a remuda dende unha economía con base no sector primario local mariñeiro e agrícola nun mercado laboral cada vez máis aberto, internacional, urbano e de servizos.

19.1 Esforzo edificatorio: xeracións cada vez máis novas

Atendendo ao apartado que chamaremos esforzo edificatorio ou residencial xeracional, encontramos unha serie de características que comentare-

670 Con este obxectivo daremos entrada a 55 voces, procedentes de entrevistas a 45 homes e 10 mulleres existentes no AMOM, nacidos en 1900 (1 entrevista), 1907 (1), 1908 (1), 1911 (1), 1913 (1), 1920 (2), 1929 (3), 1930 (1), 1931 (1), 1932 (2), 1933 (4), 1934 (1), 1935 (3), 1937 (4), 1938 (1), 1939 (1), 1940 (4), 1941 (2), 1942 (2), 1943 (2), 1945 (2), 1946 (2), 1949 (6), 1951 (2), 1952 (2), 1958 (1), 1960 (1) e 1963 (1). Engadímoslle, do noso arquivo privado, 4 homes (1929, 1933, 1934 e 1940) e 2 mulleres (1946), procurando unha representación das xeracións máis dinámicas nos procesos de cambios que levamos analizado, poñendo o til nas estratexias familiares de edificación da nova vivenda, a formación, os distintos papeis xogados dentro do fogar por esposas e maridos, o relato sobre o modelo familiar e a crianza ou tamén o papel da muller na nova vivenda.

mos a partir de dous cadros[671] onde podemos ver as variables dos anos de nacemento das persoas e o ano de solicitude de licenzas para nova edificación.

Tomando como dato a media de novas edificacións promovidas por cada grupo de idades, encontramos:

CADRO Nº 72: ESFORZO EDIFICATORIO XERACIONAL, 1950-1987

COHORTES	EDIFICACIÓNS /ANO (media)
1891-1905	< 5
1906-1912	14,85
1913-1918	20,66
1919-1926	31,37
1927-1945	51,05
1946-1955	30,5
1956-1960	12

Fonte: elaboración propia, a partir do censo total de licenzas de nova edificación e o Padrón Municipal de 1960.

O desenvolvemento da nova edificación residencial en Moaña, segundo podemos comprobar no cadro, ten un movemento demográfico cativo por parte das cohortes da última década do século dezanove e as da primeira metade da década do século vinte. A primeira media de nova edificación residencial aparece con números cativos nas cohortes de 1891-1899 e vai aumentando para as de 1900-1905, que dan unha media de 8,33 ed./ano[672].

As cohortes de 1906-1912 incrementan a media rexistrada no lustro de anterior deixándoa en 14,85 ed./ano, o que vén a significar un ritmo de crecemento do 56%, sendo os nacidos en 1906 os maiores promotores de nova edificación, sobre todo na década de 1950-1960 e tamén algo na de 1970. Para os nacidos entre 1913-1918 continúa un ascenso sostido e importante que deixa a media nun 72% máis que a da cohorte anterior, un abano de edificacións durante 15 anos distintos (sobre un total dos 37 anos do período estudado: 1950-1987), concentradas estas novas construcións, sobre todo, no período 1956-1965.

Os nacidos entre 1919-1926 continúan incrementando a media de edificacións/ano (31,37 ed./ano) e tamén o abano de edificación durante 18 anos distintos, resultando unha maior concentración edificatoria entre 1954-1974.

671 Ver cadro nº 27: ano de nacemento, ano de solicitude de licenza de edificación, número de licenzas, 1950-1987, e tamén cadro nº 28: idade das persoas solicitantes de licenzas, 1950-1987, ambos en Anexo.

672 Este dato debémolo enmarcar na demografía da época: as persoas nacidas en 1891, por exemplo, teñen entre 59 anos (en 1950) e 79 anos (en 1970), idades que non pertencen ao ciclo de máis pulo,iniciativa laboral-biográfica e emprendemento da nova edificación familiar destas xeracións.

O gran incremento está protagonizado polos grupos de idades comprendidos entre 1927 e 1945, unhas xeracións que entran cada vez máis novas ao inicio da edificación (dende os 26 anos/1927 aos 23 anos/1945), que constrúen durante case 19 anos distintos, participando maioritariamente do gran incremento (51 ed./ano de media) das novas edificacións concentradas entre 1958-1978, especialmente na década de 1960. Estamos, polo tanto, ante o cerne das xeracións principais, dinámicas e decisivas no gran cambio económico e residencial da época que estudamos: as que comprimen o abano de inicio da edificación da vivenda a unhas idades non rexistradas con anterioridade porque o percorrido canónico destas xeracións permitiulles a iniciación da construción residencial entre os 25/27 anos e os 45/50 anos (cohortes entre 1927-1936), datos historicamente descoñecidos ata aquela.

Nas seguintes cohortes con características comúns, 1946-1955 e 1956-1960, experiméntase unha baixada do esforzo edificatorio (30,5 ed./ano; 12 ed./ano) no período que estudamos, en relación aos nacidos entre 1927-1945. Os datos destas últimas xeracións estudadas hai que entendelos e contextualizalos na limitación temporal que supón o corte do período que investigamos porque en 1987, os nacidos entre 1946-1960 que inician a nova obra residencial, aínda teñen entre 41 anos e 27 anos.

O abano das idades dos promotores de obra nova nesas xeracións vai aproximadamente entre os 22 anos e os 50 anos. Entendemos que, entre outros, pode ser debido a factores como a crise económica (reconversión industrial de mediados dos anos 80), o gran parque residencial de nova edificación construído nas décadas de 1960 e 1970 (que permite, sobre todo a boa parte das cohortes de 1956 en diante iniciar a emancipación e/ou o emparellamento dispoñendo no momento do cambio residencial dunha vivenda transferida do patrimonio familiar residencial xa construído polos seus proxenitores) e/ou tamén porque unha parte destas cohortes pertencen ao baby boom (formación educativa obrigatoria, posibilidade de estudar unha formación secundaria e/ou universitaria inédita ou marxinal para os seus proxenitores), o que representa a entrada máis serodia no mercado laboral: en comparación co que viña sendo a norma histórica de iniciación laboral dos proxenitores, (aos 13-15 anos, non sendo infrecuente a entrada no mercado de traballo mariñeiro sobre os 9-10 anos), estas cohortes ingresan cunha década de diferenza no mercado laboral.

GRÁFICA Nº 4: IDADE MEDIA DE COMEZO DA NOVA EDIFICACIÓN, 1950-1987



Coeficiente de correlación de Pearson (ano de inicio da edificación/idade das persoas solicitantes de nova licenza): -0.0972

A correlación negativa entre idade e ano de solicitude da licenza (a idade media diminúe sistemáticamente co tempo), e estatísticamente significativa (valor P do contraste de nulidade: <.0001)

Coeficiente de regresión -0.12925: cada ano que pasa redúcese a idade media dos solicitantes de licenza 0,129 anos.

Fonte: censo total de licenzas de nova edificación e Padrón Municipal de 1960.

Elaboración e comentarios: Antonio Vaamonde Liste

Atendendo a outra das características que presenta esta mostra xeracional podemos acreditar como as medias de idade de inicio da nova edificación residencial van descendendo de forma sostida durante todo o período estudado, o que indica unha clara relacionabilidade entre os distintos grupos de idade e os grandes cambios experimentados na economía e na sociedade

("desenvolvementismo", salarización, emigracións, industrialización, etc.) e tamén no ámbito sociocultural (emancipación temperá, control da natalidade, formación educativa obrigatoria ou incorporación máis serodia ao mercado de traballo).

Coas salvedades expostas en canto á limitación da mostra censal de licenzas na década de 1950, podemos ver como para os nacidos entre 1891-1906, comezar a edificar cunha idade de 60 anos significa estar na parte alta do ciclo vital en canto á iniciación da nova obra (o extremo do abano serían os 70-75 anos) e canto máis avanza o século vinte no período estudado, as idades medias de iniciación de nova residencia van descendendo, como podemos comprobar enfocando en detale a gráfica nº 4: se a idade media de inicio de obra residencial nova en 1950 é de case 40 anos, en 1987 pasa a ser de 33 anos, establecendo un importante diferenza de 7 anos de descenso sostido: case 1,5 anos de idade de caída en cada período de cinco anos de licenzas.

DETALLE DE GRÁFICA Nº 4: IDADE MEDIA DE COMEZO DA NOVA EDIFICACIÓN DAS PERSOAS CON IDADES ENTRE 30-40 ANOS, 1950-1987



Fonte: censo total de licenzas de nova edificación e Padrón Municipal de 1960.

Elaboración: Antonio Vaamonde Liste

19.2 Estilo de vida: currículo e mobilidade laboral

A formación regrada, pero tamén a privada, informal, profesional, etc., foi decisiva para que as persoas que protagonizaron os cambios que analizamos puidesen progresar nos seus respectivos labores, unha formación educativa que foi mínima –"ler, escribir e as catro regras"- ou nula para o caso das mulleres ata a chegada do ensino obrigatorio en 1970.

> *En idade escolar, os pescadores ingresan nas Escolas de Orientación Marítima da Confraría, onde reciben non só as ensinanzas xerais, senón tamén as profesionais; ensinanzas facilitadas por mestres especializados para iso.*
>
> *Xa mozos, os pescadores completan a súa instrución nas Escolas Elementais e Medias de Pesca. Destes centros, onde aprenden a amar a Deus e a España, libres de odios e rancores, saen os tripulantes da nosa flota de guerra, para renovar as gloriosas xestas españolas; da nosa flota de comercio que leva o intercambio comercial a todas partes e a nosa gloriosa e nobre nación, como tamén o nome de España, e da nosa flota pesqueira por ser unha gran fonte de riqueza...*[673]

Os homes que puideron estudar de forma máis ou menos oficial as materias relacionadas coa navegación, en épocas onde a formación ou "instrución" era vista como importante pero non accesible para a maior parte da poboación traballadora, fixérono en institucións infantís como a "Escola do Pósito"[674], unha institución ao servizo dos mariñeiros, como despois de 1936 a Confraría de Pescadores, que procuraron bolsas para algúns fillos dos profesionais do mar, sobre todo no caso dos orfos de sinistros mariños.

673 Nun discurso pronunciado en 1947 ante María Eva Duarte de Perón (esposa do presidente arxentino Juan Domingo Perón), Costa Alonso, o representante da Confraría de Pescadores de Moaña, resume o ideario formativo para os pescadores a aquela altura. COSTA ALONSO, J., (2000), p. 210.

674 Os mestres dos "pósitos" eran aqueles que "previamente realizaran cursiños sobre coñecementos marítimos que despois deberían ensinar neses centros" e debían impartir adicionalmente aulas de "lectura de cartas, recibos, solicitudes e outros documentos; Historia da Mariña Española; Xeografía Astronómica como base ao estudo da navegación e traballos manuais; lecturas sobre temas mariños; visitas a embarcacións; creación de museos mariños locais; interambios de materiais e informacións con outras escolas". Gran Enciclopedia Gallega, voz "pósitos", pp. 183-184. As Escolas de Orientación Marítima ou "Escolas do Pósito" de Moaña, así como as de Cangas, Bueu, etc. sostidas pola Caixa Central de Crédito Marítimo, foron nacionalizadas en 1928, segundo COSTA ALONSO (2000), p. 115), e SANTOS CASTROVIEJO, I., (2005), p. 369-71, dá conta (p. 370) da apertura en 1933 dunha Escola Profesional de Pesca, en Cangas, para formar capitán/piloto e maquinista. Segundo MUÑOZ ABELEDO, L. (2010), en 1972 había en Bueu unha Escola de Formación Profesional de Pesca, parte promovida pola familia Massó, que custeaba os edificios.

Existiron tamén institucións como a Escola Media de Pesca[675] ou os Flechas Navais de Bouzas[676] que tamén impartiron docencia en relación aos oficios e cadros especializados para traballar na Mariña de Guerra, compatible coa Mariña Mercante ou a de Pesca. A maior parte do ensino profesional disperso relacionado coa navegación, pesca, etc., foi agrupado na Escola Náutico Pesqueira[677] (Vigo), unha institución de referencia para toda España, por onde pasaron a maior parte dos patróns, capitáns, primeiros motoristas, etc., de Moaña.

Estas xeracións tamén recibiron formación profesional para o ingreso nas distintas empresas de Vigo e área metropolitana na Escola de Artes e Oficios de Vigo[678], o primeiro proxecto e antecedente de estudos laborais, unha escola que fornacía de coñecementos teóricos, matemáticos, gráficos, etc., básicos para os procesos produtivos e que servían de ponte á inserción ou ascenso laboral das persoas. Funcionou tamén a Escola de Comercio de Vigo e o seguinte chanzo nos "estudos industriais" foi a creación da Escola Industrial de Vigo[679].

Outras importantes axencias en canto á formación profesional aplica-

675 Francisco Malvido Soage (1932) Aos 15 anos foi ao mar: saían ás 16h., bogando ata Cíes, pescaban toda a noite ao boliche, se pescaban ían vender a Vigo, volvían a Tirán, tendían as redes e sobre as 11 da mañá ían á casa. Ás 16h., ían recoller os aparellos, metelos no barco e recomezar unha nova xornada laboral. Acadou a formación de patrón de Altura e Gran Altura na Escola Media de Pesca, rúa Pi i Margall (Vigo), en 1950. Como patrón de pesca e patrón de costa traballou na pesca do bonito con Pérez Pan, ao choco e o polbo en Canarias con Vieira e finalmente, en Pescanova. Entrevista, 19022008, AMOM.

676 Javier Abal Jalda (1949) "estudaba no inverno e ía á pesca de sardiña no verán" e "con 12-13 anos, xa eramos homes de mar". Antes de ter a Libreta de Inscrición Marítima (1964, con 15 anos), xa andaba á pesca: "faciamonos homes antes de tempo porque tiña que ser así". Estudou Patrón de litoral de 2ª nos Flechas Navais de Bouzas (Vigo) e completou a súa formación na Escola Náutico Pesqueira Almirante Nieto Antúnez (Vigo), entre 1966-7 acada a titulación de "Litoral de 1ª", casa en 1974, acada as credenciais de "Altura" e o curso de capitán. Entrevista, 13032008, AMOM.

677 Antonio Cruz Germade (1943) inicióuse na pesca de litoral en Moaña aos 12 anos. Traballou de axudante de calderería en Ascon cando a gran transformación de comezos de 1960, despois foi engraxador en Casa Mar. Estudou en 1966 na Escola Náutico Pesqueira 1º de máquinas. Andou á pesca no Grand Sole, á parella, na Casa Mar e posteriormente en Pescanova nos caladoiros de Sudáfrica, Canarias, Boston, Camerún, Mozambique, etc. Entrevista, 11032008, AMOM.

678 Institución nacida a comezo do século vinte, destinado a formación das clases menos favorecidas. A formación para homes incluía aritmética, debuxo liñal e artístico, xeometría e oficios fabrís propios de cada época, as mulleres dispuñan de caligrafía, aritmética, teneduría, corte e confección. Wikipedia, consulta outubro 2017. Luís Gayo Rivas (1941) estudou carpintería. Entrevista, 12052008, AMOM.

679 A Escola Industrial de Vigo nace en 1943/44 como institución formativa de mestres industriais, enxeñeiros técnicos, etc. Francisco Medina López (1945) comeza a traballar en Refrey (Grupo Freire) como aprendiz de mecánico, estuda ao mesmo tempo para tornero na Escola. Traballará en Vulcano e despois como delineante e proxectista en Tecnaco e Ascon. Entrevista, 29012008, AMOM. Gonzalo Riobó Costa (1937, enxeñeiro técnico mercantil) traballou no Departamento comercial en Pescanova. Entrevista, 13022008, AMOM. Pedro Riobó Costa (1937, enxeñeiro técnico industrial) traballará na oficina de Métodos e Tempos (sistema Bedaux) de Ascon. Entrevista, 08012008, AMOM.

da foron as empresas[680], camiño básico para unha maioría de traballadores,ben fose pola emulación, a realización dunha carreira profesional[681] ascendendo as distintas categorías de cada gremio ou por entraren na vida laboral como de aprendices que debían recibir unha formación dobre: formación regrada obrigatoria e formación laboral.

Unha estratexia social interesante para a formación técnica foi o aproveitamento das oportunidades ofrecidas pola estadía, cando mozos, no Servizo Militar[682], unha institución de paso obrigatorio.

Dentro dunha austeridade xeral como modelo de vida e consumo, a pequena elite local[683] que comezou a dispor dunha formación regrada sen coller a vía migratoria por terra ou por mar, fixoo a través do ensino medio ofertado en Vigo a través de institucións privadas -colexios de congregacións relixiosas como xesuítas, academia Arellano, etc- ou a través do Instituto Santa Irene: só unha minoría, por debaixo da ducia, recibiu aulas de secundaria, a maioría sen completar o ciclo. Rematar coas credenciais completas de diplomatura académica universitaria como puideron ser as enxeñerías técnicas denominadas popularmente "peritos" ou algunha licenciatura, como puido ser o caso de medicina, foi unha aventura educativa na que se poden incluír ao redor de cinco varóns dos grupos de idade da década de 1930, por exemplo.

680 "A verdadeira formación profesional era Massó, Barreras, Casa Mar…, entrabas a gañar pouco pero aprender moito": José Veiga Iglesias (1933, mecánico) comezou a traballar en Massó, "limpando tornos", á saída ía á "escola de noite" (v. MUÑOZ ABELEDO (2010), p. 242, a "escola nocturna obreira gratuíta" de Buen); embarca de engraxador, ao Grand Sole, co seu pai; despois enrólase como mecánico nos buques da Casa Mar e Pescanova, nesta última traballa embarcado e como inspector en Seaharvest (Namibia), rematando a súa vida laboral nunha plataforma petrolífera en Indonesia. Entrevista, 03032008, AMOM.

681 A importancia, unha vez máis, das redes familiares de emprego: "tanto os postos técnicos como os de administración da empresa [Conservas Massó, factoría de Bueu] eran ocupados por familires dos conserveiros ou fillos dos seus empresarios, tivesen ou non a cualificación necesaria [anos 40], (...) os postos de durectir técnico, xefe de fabricación (...) transferíanse de pais a fillos (...), a cualificación formal dos traballadores non era elevada no momento da contratación, senón que se adquiría por medio de formación interna (in-house-training]. En MUÑOZ ABELEDO, L. (2010), p. 175.

682 Manuel Currás Piñeiro (1926, mecánico) comeza a traballar na pesca de baixura con 10 anos; pasa aos varadoiros da canteira do Latón –tamén traballara no varadoiro do Regueiriño, Domaio- en plena transformación cara á construción de buques; posteriormente foi encargado en Conservas La Guía. O seu coñecemento da mecánica atribúeo, sobre todo, á súa estadía no Servizo Militar: "non saín da cámara de máquinas" Entrevista, 21122007. AMOM. Tamén Luís Gayo Rivas (1941, electricista) aproveitou a paréntese laboral do "servizo" na Escola de Transmisións Eléctricas da Armada (ETEA, Vigo), como oportunidade formadora: a continuación foi 1º electricista no transatlántico Montserrat e tras o paso por unha empresa auxiliar naval, encargado de electricidade en Ascon. Entrevista, 12052008, AMOM.

683 Pedro Riobó Costa (1935) e Gonzalo Riobó Costa (1937), fillos dun pequeno empresario de carpintería de ribeira, xunto con Sebastián Juncal Currás (1937), fillo de pequeno empresario da construción, ou Benito Paz Trelles (1936) seminarista, sacerdote, licenciado en teoloxía e filoloxía, orfo de accidente do mar de baixura, foron, entre outros, das primeiras fornadas de xoves estudantes non provenientes de sectores acomodados, profesionais liberais ou con capital educativo universitario familiar que "puideron estudar".

Outras vías de ascenso social e formativo para os estamentos máis humildes foron as do ensino primario e/ou secundario a través dos seminarios relixiosos menores, como foi o caso do de Santiago para a xuventude moañesa ou o coñecemento de idiomas[684], materia importante para a vida laboral internacional.

Máis de medio século despois, a autopercepción da formación recibida bascula entre a distinción -o efecto ascensor social e laboral que lles produciu o capital educativo acadado- e a homologación como sentido da pertenza ou identidade "popular" ás clases máis humildes: [cando decidiu mandalo a estudar] *Meu pai non pretendía facer uns señoritos académicos senón uns traballadores coma el –que foi toda a vida un traballador- con máis coñecementos académicos (...). Os armadores de Moaña, ninguén tivo a ousadía de mandar aos fillos a estudar, e criticaron aos meus pais.*[685]

Os armadores e os patróns-armadores de Moaña de primeira hora (nacidos entre finais do século dezanove e as dúas primeiras décadas do século vinte) tiveron, en xeral, dúas estratexias con respecto á inserción laboral da súa prole e a formación: transmitir a continuidade da empresa familiar[686] –que

684 Gonzalo Riobó Costa (1937), alumno do Instituto Santa Irene (Vigo), sérvese do idioma inglés aprendido nesta institución, que perfecciona a través de cartas a coleccionistas de estampas de correos en varios países do mundo, idioma que practica cos viaxeiros dos transatlánticos que atracan no peirao de Vigo e que lle servirá para exercer como profesor nunha academia creada por el en Moaña. Entrevista, 13022008, AMOM. O dominio do inglés, sobre todo, foi unha necesidade e unha posibilidade de promoción para parte do persoal da Compañía Transatlántica, sobre todo aquela parte que estaba en contacto coa pasaxe internacional: José Calo Costa (1934) ou Manuel Rúa Veiga (1933), recibiron cursos de inglés por correspondencia, a través da Academia CCC. Entrevista, 19052011, arquivo privado.

685 Gonzalo Riobó Costa (1937). Entrevista, 13022008, AMOM.

686 A continuidade, crise, remuda ou desaparición de empresas pequenas e medianas, así como de grandes marcas industriais ligadas a importantes sagas fabrís -Massó, Curbera, Alfageme, Casa Mar, Barreras, etc.- que se produciron no tempo que estudamos, no sector económico dependente do mar, denota a dificultade da transmisión familiar. Algúns dos herdeiros destas sagas daban queixa que o estilo de dirección de empresas, ata ben pasado o ecuador do século vinte -como tamén no exército, na política ou na familia- era o do paternalismo autoritario: "os nosos país non nos levaron á empresa, entramos na empresa cando el morrera ou xa era moi tarde e non soubemos como coller a remuda", recorda Alfonso Paz Andrade (1940), sobre algúns destacados membros vigueses das segundas xeracións de sagas industriais. Entrevista, 04042008, AMOM. Entendemos que o caso de Moaña, na súa escala, tivo características semellantes: José Davila y Cía, concesionaria da canteira onde nacen as empresas Construcciones SL e posteriormente Ascon, morre sen descendencia, heredando a propiedade o seu sobriño Román Fernández Davila, protagonista do gran salto tecnolóxico e económico da factoría (1961-1973) e cofundador de Pescanova. A súa morte en 1975 e a venda da súa participación en Ascon por parte da súa viúva considérase o inicio da profunda crise que levou ao peche definitivo do estaleiro en 1984. Por outra banda, Enrique Lorenzo Docampo, emigrante en Arxentina, self made man, "capitán de empresa" con inversión en distintos sectores industriais, "novo rico" que non proviña das sagas industriais que vivían en López Mora ou nas Travesas [Entrevista con Francisco Medina López (1945), 29012008. AMOM], propietario do estaleiro Factorías Vulcano (Teis, Vigo) e tamén de Conservas La Guía (Meira, Moaña), funda e dirixe a factoría moañesa entre 1958-1981, morre en 1982 case ao mesmo tempo en que desaparece a factoría. As traxectorias empresariais de Ascon (1961-1984) e Conservas La Guía (1958-1981), as dúas factorías con maior nivel de emprego de Moaña, son exemplos similares na duración temporal e na dificultade de continuidade ou transmisión da propiedade familiar ou empresarial.

entra en decadencia na década de 1950 e en venda ou desaparición cara a finais de 1960- ou procurar formalos en oficios de máis cualificación –patróns de costa e pesca, capitáns, motoristas, etc.- relacionados co mar pero para traballar en embarcacións dos caladoiros de Altura e Gran Altura a partir das décadas de 1950-1960.

19.3 Libro de familia e femocracia: matrimonio, ausencias e residencias

No estado civil dos emprendedores de nova edificación en Moaña ten un peso abrumador o matrimonio (93,21% dos solicitantes) e son marxinais calquera dos outros dous estados -solteiro ou viúva- con algo máis do 3% cada un. O matrimonio é pois unha variable fundamental para acadar unha dobre construción: a do relato de familia e a edificación dunha vivenda como novo marco de convivencia e biografía do grupo familiar.

Dentro da estrutura conxugal da época, o papel xogado pola esposa na evolución dunha comunidade que vai cambiando a partir de mediados do século vinte a súa economía mariñeira local pola internacionalización do traballo protagonizada polo seu marido enrolado na mariña mercante, na flota conxeladora, etc., é un factor explicativo de primeira orde sobre algúns dos cambios que levamos analizado como o avance e evolución do residencial desde 1959.

A nosa análise doméstica e familiar da sociedade moañesa terá como base os fogares das economías mariñeiras[687], o sector social que evolucionou dende o inicio profesional nos "oficios baixos", o abandono da pesca de litoral moañesa, a importante rotación laboral e profesional e, sobre todo, a súa estadía extradomiciliaria nos mares e peiraos de todo o mundo durante a maior parte ou unha parte importante dos anos máis novos e decisivos: a época de acumulación salarial máis intensiva, correspondente ao tempo da crianza da súa descendencia e a edificación da vivenda.

A ausencia dos traballadores do mar da vida local moañesa conforma un tipo de emigración e de grupo doméstico que representan unha característica definitoria para a maior parte dos matrimonios do período estudado, un modelo formalizado a través dunha norma social e legal ao mesmo tempo: o contrato para a pervivencia da nova parella de cónxuxes, o matrimonio como unidade de convivencia, xestión de afectos, economía, crianza e coidados das distintas xeracións presentes no interior do novo fogar.

Este pacto significa, entre outras funcións, a interiorización da norma legal da indisolubilidade matrimonial e a asunción feminina de determinadas

687 Para unha profundización no cambio social nas xeracións masculinas nacidas entre 1945-1955: infancia, mocidade, escola, matrimonio, relacións sexuais, traballo, urbanismo e política, PÉREZ RÚA, M. (2010).

funcións como a xestión para a edificación da nova vivenda unifamiliar[688], que -no caso dos matrimonios que teñen o seu principal recurso salarial ou de renda en traballos ou servizos "en terra"- como norma social son desenvolvidos polo marido.

A renuncia a calquera tipo de separación ou divorcialidade non foi só unha premisa legal nun país que durante o tempo estudado lexislou a obrigatoriedade da unión conxugal como norma básica e a separación matrimonial como excepción (acompañada de grandes dificultades administrativas, sociais, culturais e relixiosas): a indisolubilidade do vínculo conxugal tamén foi condición clave para o desenvolvemento das novas unións de convivencia social e económica e a súa supervivencia no tempo, como empresas familiares.

A cultura familiar tradicional ou histórica levaba consigo outro pacto de reciprocidade na atención interxeracional, un do ut des que significaba un cargo máis para a función feminina nos fogares: a crianza dos fillos implicaba un vínculo emocional e ético sobre a base de proporcionar todo tipo de coidados de crianza por parte dos proxenitores aos descendentes para -chegada a época da vellez- recibir coidados de dependencia por parte da xeración dos fillos.

A supeditación do desenvolvemento económico familiar ao salario do marido como aporte fundamental foi o habitual, dado que a muller non comeza a normalizar socialmente a súa formación académica regrada e polo tanto o seu capital educativo, de forma substancial, ata 970, sendo a norma habitual no interior das familias, entre 1950-1970, non "darlle estudos" ou enviar durante un tempo mínimo ás fillas á escola a recibiren "instrucción" por considerar que o seu papel debería ser social e matrimonialmente secundario, supeditado, vicario ou subsidiario á figura do varón.

A esposa do mariñeiro emigrante ten, por unha banda, un rol semellante ao das súas conxéneres con maridos "en terra" –labores e servizos domésticos, coidados da prole- co engadido, en segundo lugar, de ter que adoptar o dobre papel masculino e feminino en canto á socialización dos fillos (levar toda ou a maior parte da autoridade paterna durante o tempo de crianza) ou renunciar ao lecer en público porque "non está ben visto" socialmente a aparición da esposa con marido "embarcado", en ámbitos como cafeterías, cines, praias, espectáculos, etc., mesmo en acontecementos familiarmente importantes como celebración de bautizos, vodas, etc.

O correcto, como norma para un modelo óptimo de "perfecta casada", é coidar as apariencias e "gardar a ausencia". É socialmente tolerable ou asumible a asistencia da muller como nai no seguimento educativo dos seus fillos no ámbito escolar ou a asistencia con eles a novos ámbitos de lecer que

688 GARCÍA ORELLÁN, R. (2016), pp. 354-389.

se abren na década de 1960, como pode ser o acompañamento dos cativos na praia durante o verán.

O novo fogar formado polos matrimonios ten unha composición distinta segundo falemos das xeracións ou cohortes anteriores ou posteriores a 1930: os novos matrimonios de compoñentes nacidos con anterioridade a 1930 son, como tendencia, unidades familiares interxeracionais, é dicir, familias extensas que comparten os seus primeiros anos en común coa xeración dos seus proxenitores (pais, avós) e mesmo algúns familiares ou parentes próximos (tía, padriño, etc.), formando parte do tipo de vivenda que vimos dende comezos de século en Moaña, pequena en superficie, sen espazos máis que para a funcionalidade e as necesidades dunha unidade familiar: abrigo, comida, descanso, limpeza e hixiene corporal elemental no interior, construcións adxectivas no exterior para pesca, agricultura, cortes para os animais, elaboración de abono orgánico a partir de resíduos humanos e animais, etc.

Os grupos de idade nacidos entre 1930-1945, residentes no mesmo tipo de vivenda anterior en canto a superficie, sen deixar se seren familias extensas, van transicionando e marcando outra tendencia[689] porque a súa emancipación social real formalizada no matrimonio vaise producindo cada vez con menor idade, as súas posibilidades de desenvolvemento económico maior encontrámolas durante a época dos grandes cambios a partir de 1955.

Estes matrimonios teñen cada vez máis un modelo de convivencia que tende a reducir as xeracións existentes no seu fogar, unha vivenda en transición desde o modelo anterior, no que aínda conviven, cada vez menos a medida que o novo matrimonio conta con nova vivenda, varias xeracións anteriores.

A partir dos grupos de idade nacidos en 1945, as xeracións ou cohortes teñen como horizonte un mercado laboral máis moderno, internacionalizado, que lles permite unha rápida emancipación en forma de matrimonio a idades máis temperás, inserción laboral ben retribuída, descenso na idade coa que se constrúe a nova vivenda con criterios de funcionalidade pero tamén de confort e lecer con todos os servizos no seu interior, con amplitude espacial nunca antes vista, para uns fogares cada vez máis minguantes formados por dúas xeracións cun modelo familiar tipo representado polos pais e unha parella de fillos *babyboomers*.

689 Antonio Cruz Germade (1943) ten cinco irmáns, naceu nunha casa de 49 m^2, o seu pai andou á pesca no Grand Sole, a súa nai é orfa de pai e nai. Entrevista, 11032008, AMOM. María Santomé Gestido (1933) ten 11 irmáns, recorda a familia vivindo nunha casa pequena, o seu pai era patrón-armador primeiro e despois foi propietario de bateas de mexillón. Entrevista, 05032008, AMOM. Vida Gayo Veiga (1935) ten un irmán, naceron nunha casa pequena que compartían cunha irmá da súa nai. Ela tivo tres fillos de casada e compartían fogar coa súa nai e a súa tía. Entrevista, 09012008, AMOM. José Veiga Iglesias (1933) ten tres irmáns, con 8 anos a súa familia vai vivir en Tenerife, onde traballaba o seu pai na pesca. Entrevista, 03032008, AMOM.

Os nacidos de 1956 en adiante acollen novos cambios como a entrada cada vez maior da formación regrada, a chegada da democracia coa aparición legal da separación e/ou posterior divorcio entre os cónxuxes co inicio dun modelo de emparellamento a partir de sucesivas rupturas e recomposicións de parella, diversos ciclos de crises económicas, acceso á contracepción, inicio do descenso acusado da natalidade, etc.

CADRO Nº 73: NÚMERO DE DORMITORIOS E NÚMERO DE PLANTAS EN NOVAS EDIFICACIÓNS UNIFAMILIARES, 1950-1987

		NÚMERO DE DORMITORIOS							
		1	%	2	%	3	%	4	%
NÚMERO DE PLANTAS	1	15	0,8	486	26,22	960	51,8	392	21,15
	2	16	0,35	460	10,13	2592	57,09	1472	32,42
	3	3	0,057	38	7,27	273	52,29	208	39,84

Fonte: elaboración propia

Podemos comprobar no cadro nº 73 como o modelo de fogar que máis se repite, tomando como indicador o número de dormitorios, en calquera das tipoloxías de edificación, é o de tres dormitorios (51,8% das edificacións de 1 planta; 57,09% das edificacións de 2 plantas; 52,29% das edificacións de 3 plantas), e, a continuación, o de catro dormitorios (32,42% das edificacións de 2 plantas; 39,84% das edificacións de 3 plantas. É a explicación do modelo familiar e residencial hexemónico e os cambios analizados no interior das novas vivendas (a convivencia de dúas xeracións: os proxenitores e dous fillos).

Unha das características de todas as xeracións de esposas moañesas e galegas con marido ausente, desde o punto de vista sociolóxico, é a difícil xestión emocional que ten que facer a nai da presenza-ausencia do seu marido nos anos máis importantes da crianza dos seus fillos. A medida que o último cuarto do século vinte vai avanzando e se incorporan á vida académica, médica, universitaria, etc., novas profesións, a figura do experto ten máis presenza na vida familiar: ante os retos educativos, sanitarios, psicolóxicos, etc., a nai debe acodir ao mestre de primaria, ao pediatra, ao psicólogo, ao pedagogo, etc., na procura de respostas a situacións cambiantes en canto á evolución dos membros do seu fogar, prioritariamente os coidados dos cativos.

> *A ausencia de pai na casa aparece tamén como unha causa distorsionante para o equilibrio sicoafectivo do neno segundo os mestres de preescolar. En Moaña a ausencia por longos períodos do pai é moi frecuente xa que a profesión mariñeira e a recente tendencia a emigrar ás plataformas do Mar do Norte obrigan a traslados de varios meses fóra do propio fogar. Ao problema sicoafectivo da ausencia do pai por longos períodos*

> *hai que engadir o traumatismo que produce a alternancia da súa presenza-ausencia*[690]

A xestión das ausencias é unha marca indeleble nas esposas dos mariñeiros embarcados durante longas estadías:

> *Eu casei o 18 de abril de 1970. E no mes de outubro o meu marido marchou para o bacallau e non volveu ata xullo do 1971. En setembro volveu marchar outra vez. Eu quedei embarazada e , cando volveu, tiña o meniño catro meses e medio. Esa era a vida do mariñeiro, dos que pasaban sete, oito, nove, dez meses. Solas na casa, tiñamos que aprender a dicirlles "papá é o máis guapo, o máis intelixente, o mellor do mundo". Ensinarlle aos fillos a quererlle aos pais sen os pais estar presentes.* [énfase] *É moi duro, é unha vida moi dura, non llo recomendo a ninguén...*
>
> *Claro, despois levan unha desilusión porque papá ronca, papá deixa as zapatillas, papá deixa a chaqueta, como deixan eles…, papá é un ser humano e as mamás poñemos a papá como un deus, como o perfecto, e non o é.*[691]

A percepción das esposas, cando nais, é unha reflexión teimuda sobre o seu papel bifronte de nai-pai "dándolle mimos por un lado e autoridade pola outra", xestionando médicos e docentes, " a medida que ían cumprindo anos, hai que facer a primeira comuñón, pero papá non está..., pois veña, hai que facela, como os outros rapaces..., pero papá non estaba. Van ao Instituto, ti soa, vaino matricular...", "chéganche coas notas: mamá, teño un suspenso, queren saír de festa: mamá, déixasme ir de campamento?, ¡mamá, mamá, mamá...! Nunca papá...". Tomar todas as decisións, que despois lle fan chegar ao seu marido coas dificultades de comunicación verbal e escrita entre terra e mar que xa analizamos. E mentres, a responsabilidade é delas.

690 BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988). Pp. 96, 106. A reflexión de Bouzada responde á información dunha profesora de preescolar de Moaña que se refire a unha nai que durme co seu cativo mentres o seu pai está embarcado. Cando o pai volve, o neno non entende ben a perda do seu espazo na habitación da nai e o seu traslado a outra estancia. Na testemuña da profesora, o neno "atópase moi contento nos primeiros días da volta do pai, [case como un efecto de Rei Mago que chega con agasallos] pero inmediatamente despois, o neno atópase incómodo na clase, distraído, e non aproveita prácticamente nada da clase. Por que? Pois porque o pai venlle sacar á nai (…) e además nota que a nai se volca hacia o pai porque ten pouco tempo…".

691 Eugenia Calviño Blanco (1946), esposa dun mecánico engraxador embarcado en Terranova. Curso de verán "Historia da pesca do bacallau no século XX: auxe e declive dunha pesquería", Universidade de Santiago de Compostela-Vicerreitoría de Cultura e Concello de Moaña. Mesa redonda "As mulleres do bacallau", Moaña, xullo 2009. Arquivo propio.

Esta convivencia distinta da maior parte dos fogares de parellas con traballo "en terra" ten consecuencias tamén para o esposo mariñeiro ausente porque a lexitimidade, o afecto e o vínculo principal é o materno-filial. As curtas estancias do pai na casa -"durante dous ou tres meses, é o Papá Noel"- non chegan para cubrir o baleiro de tantos anos de non presenza:

> *Cando os nenos xa son un pouco maduros..., dos vinte anos para arriba "valoran o duro do traballo do pai"* [pero] *entre os trece e os vinte é moi complicado para a nai e canto máis para o pai. Viviron en mundos distintos e hai un choque. O home no mar ten unha idea do mundo, en realidade estamos en distintos mundos, á súa maneira. E chega á casa e, ao mellor, os rapaces dinlle "es un anticuado, non estás ao día", "ti que sabes, que estiveches fóra?". Aí a nai pásao un pouco mal porque entende as dúas situacións. A do marido que estivo ausente e non percibe moi ben a realidade, como se nós estivesemos illados seis ou sete meses, non? Aos rapaces fáltalles madurez e o pai quérese impoñer. Cando van madurando máis xa valoran o sacrificio do seu pai, o tempo que estivo fóra para telos a eles ben. Pero dos trece aos vinte o que se ve é un señor que non lles deixa facer o seu capricho.*[692]

Pasados os anos dos traballos e a xestión económica máis importantes, construción da vivenda, crianza dos fillos, etc., cando chega a hora do retiro laboral, as esposas tamén perciben o cambio no interior do seu fogar, mesmo cando este é un "niño baleiro":

> *Despois veñen para a casa,* [xubilados] *con 56, 60 anos, e temos que empezar a coñecernos. Teñen, na maioría dos casos, que saber onde está unha servilleta, un vaso…, chegas á casa, despois de 9 meses nun barco: onde está unha servilleta?, onde está unha toalla?, un tenedor?, non saben. Na súa propia casa, son estraños. E nós estamos habituadas a estar soas. Cortas por aquí e fas por alá porque non tes quen che diga que está mal. E despois, estando el, chega un momento que tes que compartir as cousas. É moi difícil, moi, moi difícil…, e as que chegamos e temos aos maridos porque moitas xa o perderon polo camiño.*[693]

692 Mari Paz Villanueva Carballo (1946), esposa dun mecánico naval embarcado en Terranova. Curso de verán "Historia da pesca do bacallau no século XX: auxe e declive dunha pesquería", Universidade de Santiago de Compostela-Vicerreitoría de Cultura e Concello de Moaña. Mesa redonda "As mulleres do bacallau", Moaña, xullo 2009. Arquivo propio.

693 Eugenia Calviño Blanco (1946), op. cit.

19.3.1 Esposa de mariñeiro, directora de obra

O proceso de edificación da vivenda unifamiliar, ata mediados da década de 1970, era mixto, unha parte estrutural da nova edificación era erguida en réxime familiar (aproveitando as fins de semana, xuntábase parte da familia ou achegados para "botar a placa" coa colaboración voluntaria de todos, correndo a comida familiar por conta "da casa") e o resto das partes da obra (albanelería, cantería, fontanería, etc.) a cargo de profesionais de empresas locais de construción.

Aínda que o feito da edificación da nova residencia é un labor feminino na zona estudada, no caso das esposas de mariñeiros, unha das súas funcións principais é a de levaren elas o peso e a iniciativa da nova edificación, incluída a axuda aos albaneis: *"todo matrimonio aspira a ter a súa propia vivenda. Hai que mercar o terreo se non o tes, a edificación, os albaneis, como facer isto, como facer aquilo..."* [694] - en canto á xestión, administración, deseño e dirección da obra de edificación da vivenda nova, así como a escolla de materiais, cores, moblaxe, complementos, etc., dado que o proceso de edificación da nova vivenda promóvese, a poder ser, durante os primeiros anos de convivencia da parella, o tempo que require maior esforzo laboral e retributivo dos maridos, ausentes.

> *H. A maior parte das casas que se encargan, traballamos coas señoras.*
>
> *J. El estaba embarcado e viña ela. Aínda hoxe, quen seguen mandando na casa, é a muller. Ten máis argumentos, é máis teimuda e, salvo que o home estea moi obsesionado, ao home dálle igual.*

694 Mari Paz Villanueva Carballo (1946), "fixo unha casa", levando ela todo o proceso, "era xove e tiña enerxía. Era moi preocupante..., porque xa sabemos o que son os albaneis, os fontaneiros, os electricistas..., e loitar con toda esa xente, non?, que te enganan. Nós fomos pouco a pouco, non nos hipotecamos..., metémonos na casa coa cociña, e mesa e as cadeiras para comer, as camas dos nenos e a cama nosa. Tiñamos portas, pero non cortinas, nin sofás, e iamos pouco a pouco". Op. cit. Moaña, xullo 2009. Arquivo propio. Eugenia Calviño Blanco (1946), entre as decisións que tivo que tomar recorda as de "mercar un terreo" e "facer unha casa". op. cit. Moaña, xullo, 2009. Arquivo propio. Eugenia Santomé Nogueira (1920), mentres o seu marido está primeiro en Uruguai e despois embarcado na mariña mercante, compra un terreo " que era moi costaneiro, no monte" en 1954 para edificar a casa, mentres "había que carretar os materiais porque non os levaban á casa", recorda andar "con dous fillos, un no colo, outro no lombo, a todos lados", "gastamos un capital en muros, faciamos un chalé". Entrevista, 14012008, AMOM. María del Carmen Ríos Prado (1941), traballou na conserva, co seu marido embarcado na CTE. Recorda o proceso de entrada na nova vivenda "en construción, sen portas das habitacións, sen persianas, bodega lóbrega, sen alacenas, a porta do cuarto de baño era un trapo colgando...". Entrevista, 25012008, AMOM. José Jalda Díaz (1942) recoñece que por mor das longas tempadas fóra de casa "a muller é quen leva o temón. É ela quen ten que decidir como se facía a casa". Entrevista, 22012008, AMOM.

> *Quen manda é a muller: de materiais non entende moito pero ela quere tres dormitorios, catro dormitorios, unha cociña, un porche..., ela é a que ten, sexa por ilusión, sexa porque o viu nunha revista ou porque llo viu a unha veciña. Elas, incluso hoxe en día, son quen desfrutan máis da casa, as cores...*
>
> *H. Se, ao final, quen vai estar na casa é ela. Ela é a que ten a idea na cabeza.*[695]

A lexitimidade que habilita á muller esposa para ser a persoa decisiva nun ámbito considerado cultural e socialmente como masculino é un factor importante para comprender alomenos tres das características de boa parte das novas vivendas unifamiliares construídas en Moaña durante o período analizado:

a) A consagración da cociña como espazo nuclear feminino ("sala de máquinas" no sentido de motor dun fogar xestionado polo traballo da esposa, lugar de sociabilidade familiar e espazo de lecer da muller): o dobre rol xogado por estas mulleres durante unha ou dúas décadas de ausencia do esposo, fai que tenda a concentrar nun espazo "grande", de forma operativa e cómoda, o seu lugar de traballo doméstico interior (cociñar, lavar a roupa, pasar o ferro, etc.); o lugar do diálogo dos membros do fogar durante comidas e celebracións ao redor da mesa; o espazo cun acceso "limpo" (entrada exterior principal) e outro "sucio" ou "de trote" con conexión directa á finca ou horta; o espazo de lecer co acompañamento primeiro do aparato de radio, compatible segundo horarios e programas coa chegada do televisor. Recordemos que o punto de partida son vivendas pequenas, con varias xeracións no seu interior, difíciles de limpar, sen ou con mínimo espazo para os labores domésticos nin cuartos para un lecer mínimo e unha cultura do ocio ou a intimidade practicamente inexistente, no interior da vivenda, ata a década de 1960.

b) O contínuo incremento de superficie[696] por planta das novas vivendas: o confort interior para os membros do fogar, a imaxe exterior como signo de estatus ou confirmación da divisa social de "non ser menos": a nova vivenda é un espazo acondicionado –sobre todo os grupos de

695 José Díaz de la Iglesia (arquitecto) e Humberto Guimeráns Gallego (arquitecto técnico). Entrevista, 05012018. Arquivo propio.

696 Lois Pena Viéitez (1949) recorda as dificultades infantís para ler ou estudar nas pequeñas vivendas dos anos 50 "con tanto barullo e tanta xente" habitadas por, cando menos, tres xeracións, e o cambio expansivo do casarío unifamiliar que levamos visto a partir de 1973 como un signo dos novos tempos, que incluía: "deixar arruinar ou morrer as casas antigas e facer casas novas era signo de progreso: unha competición a ver quen facía a casa máis bonita e máis grande e, sobre todo, quen tiña o mellor comedor para non usar. O comedor estaba para ensinar". Entrevista, 2008, AMOM.

idade nacidos a partir de 1945/1955- para a comodidade das dúas xeracións residentes no interior da vivenda e as habitacións tanto do matrimonio como dos fillos tenden a ser compridas (estas últimas para albergar unha pequena mesa e estanterías para o estudo, escoitar música, recibir amizades, etc.), que permiten cambiar o deseño sobrio dos cuartos das xeracións anteriores provistos con cama e armario. As vivendas van recibindo a demanda, por emulación social, de espazos novos como o comedor, a sala de estar, varios cuartos de baño ou aseos descoñecidos para as xeracións precedentes. Tamén o vínculo paterno filial, e máis concretamente materno filial creado a partir do cambio de modelo de infancia e xuventude experimentado a partir de 1960 incremento da natalidade e 1970 coa LGE fai que este grupo de idade sexa unha época cada vez máis longa e difusa (comezan a difundirse definicións como as de "tardoxuventude"[697], por primeira vez na historia) a emancipación social é unha decisión cada vez máis serodia, incrementándose a estancia dos fillos na vivenda paterna entre cinco e dez anos máis do que o fixeran as xeracións dos seus proxenitores.

c) A división horizontal real das vivendas solicitadas e legalizadas con licenza para "planta baixa sen dividir e planta dividida", convertidas na realidade en edificios familiares de dous, tres e catro andares son o froito do pacto de indisolubilidade conxugal que incluíu o esforzo por poñer a disposición e/ou transmitir canto antes unha vivenda para cada fillo[698]. Este hipervínculo paternofilial proxectou o relato e a estratexia familiar[699] da convivencia en proximidade a través dun cambio neolocal de vivenda (cando os fillos se emancipan ou emparellan), a poder ser, no mesmo edificio "unifamiliar" adaptado e modificado. A nai tende a apoiar á nova parella a través de axudas en traballo doméstico (lavar, pasar o ferro, etc.)- e/ou coidado dos netos se/cando os houber. É importante recalcar este factor como histórico:

697 ELZO, J. (2000), p. 143. Segundo a autopercepción da xuventude de finais do século vinte, este grupo identificase coas seguintes etapas: preadolescencia: 12-14 anos; adolescencia: 15-17 anos; xuventude: 18-24 anos; xuventude prolongada: 25-29 anos e tardoxuventude: 30-35 anos.

698 O "silencio sociolóxico" sobre a vivenda na socioloxía española comparada con Europa ou EE.UU que se interesan pola crecente individualización e desestandarización das transicións á idade adulta, a prolongación dos estudos, a inestabilidade no emprego, a desconexión entre matrimonio e formación dun fogar autónomo; a formación familiar e a emancipación comparada en España e Francia; a posverdade xuvenil (hai máis xoves que expresan a favor da convivencia de feito que os que a practican) ou o apoio familiar a fillos e fillas en forma de cesión de vivenda familiar, en JURADO GUERRERO, T. (2003), pp. 113-157.

699 CARDESÍN, J.M., (1992), p. 78, escribe: "todo grupo doméstico ao longo do seu ciclo de desenvolvemento encara o seu patrimonio como base de recursos ao servizo de dúas función: criar, educar e colocar a todos os fillos, por un lado, asegurar a asistencia dos país na súa vellez por outro"

un importante número de xeracións novas, en cantidades e idades incomparables con calquera outro grupo de idade xove anterior, inicianse na vida adulta como usufructuarios e/ou propietarios dunha vivenda, en moitos casos co apoio do traballo doméstico das súas nais, o que lles aporta un capital residencial e un considerable aforro económico na súa nova traxectoria biográfica.

Cremos que, derivado da lexitimidade feminina, no matrimonio mariñeiro sobre todo, podemos falar dunha situación de xestión doméstica materno-filial femocrática, que inclúe ou se pode resumir nos factores analizados (cociña como "habitación propia" da esposa, "casa grande" con vivenda habitada en distintos andares para cada fillo) como parte do relato e a estratexia matrimonial que tamén incluiu (xeracións de 1930-1945) un programa oculto ou non verbalizado ante os fillos: a edificación familiar erguida por estas xeracións (que perciben os seus traballos como "escravitú" e a súa xestión da crianza da prole como "sacrificio") entregada a cada fillo, debería incluír tamén o peche do ciclo familiar.

O soño dos proxenitores, sobre todo os que ergueron edificacións para vivenda "unifamiliar", é pasar "na casa" os seus anos de dependencia e/ou ancianidade, ao coidado dos fillos, así como tamén "morrer na casa" como as xeracións que lles precederon. O relato dos edificadores da casa, o pacto conxugal de unidade e renuncias a prol dos fillos descendentes, inclúe un do ut des como anceio de reciprocidade interxeracional, en poucos casos verbalizado ante a prole.

Os novos fogares fundados, sobre todo, a partir da década de 1960, tanto na Galicia interior como na litoral, son, no proxecto familiar inicial, unidades económicas de xestión e consumo, ámbitos onde se crea as mellores condicións afectivas, duradeiras e materiais de reprodución das novas xeracións (eximidas de labores manuais, materiais ou domésticos, os fillos xa non son a man de obra para a explotación agrícola ou a embarcación familiar) e, en reciprocidade, agárdase que esta descendencia "mellorada" cumpra nos coidados que permitan aos seus pais pasar da mellor maneira, nos seus últimos tempos, o tránsito ancestral dende a parroquia dos vivos á dos mortos.

19.3.2 Urbanismo feminino

Nos casos citados, existiu unha orientación familiar consensuada que foi determinante na influencia e dirección feminina na maior parte dos ámbitos domésticos e funcións relativas ou referentes ao interior e ao exterior da nova vivenda familiar, así como tamén existiu un urbanismo que podemos

denominar de xestión ou uso prioritariamente feminino, que implicou directamente á muller ou á esposa, como foi a cultura da auga e os seus distintos usos no ámbito doméstico.

Nas décadas de 1950 e 1960, "vivir preto dun lavadoiro era aforrar", como vimos na importancia para o urbanismo e a explosión residencial unifamiliar da existencia de fontes, lavadoiros, traídas municipais ou comunitarias, construción de pozos para extracción de auga potable ou a entrada da auga corrente "encañada" en cada unha das vivendas. Todos foron avances e pasos de "alivio", sobre todo, das funcións femininas porque o camiño histórico entre a fonte pública e a lavadora privada[700] foi parte fundamental da evolución da muller e a sociedade nos anos que estudamos.

19.3.3 A empresa familiar: economía e salarios[701]

Na etapa anterior a 1955, as condicións de traballo son duras e perigosas e o risco de accidente é un factor non compensado por seguros sociais tanto para pescadores como para tripulantes dos "barcos da pedra" ou da area, os traballadores e pedreiros das canteiras de granito, os embarcados nos mares de altura, etc. O traballo "en terra" tampouco está ben remunerado[702] para

700 María Bermúdez Ocampo (1908) relata as primeiras décadas do século vinte en relación á abundancia de auga e as carencias domésticas: "había auga, había, pero por non ter tempo a ir a ela ou non ter o balde para ir buscala, non lavabas a cara". Entrevista, 19122007, AMOM. Vida Gayo Veiga (1935) recorda a súa familia, con sete membros, e a dificultade de xestionar o lavado da roupa entre ela e a súa nai, traballadoras da conserva, a finais da década de 1960, cando a xornada laboral incluía os sábados: "non había auga [canalizada, corrente] na casa, había que ir lavar ao pilón do pozo. Miña nai, no domingo, lavaba o día enteiro, porque era moita xente, pola semana lavabas algo, pero o domingo non me chegaba a nada para limpar a casa..., miña nai dicía 'calquera día habédesme topar morta no pilón'. Marchaba á mañá para o pilón, chamábaa para comer, e á tarde, outra vez, marchaba para o pilón. Así que eu, en canto puxemos a traída [particular, do monte de Meira] e tivemos auga directa [finais da década dos 70], eu non comprei televisión: comprei unha lavadora. Eu estivera en Chile a alá tíñaa, aquí botábaa de menos..., cando chegaba o luns á fábrica todo o mundo comentaba sobre si vira tal película na televisión. 'Non, non teño televisión'. 'Tes casa nova, e non tes televisión?' Pois non. Teño unha lavadora. A televisión lévame o tempo, e non o teño. A lavadora afórramo, e sobre todo á miña nai". Entrevista, 09012008, AMOM. María del Carmen Ríos Prado (1941), traballadora da conserva, recorda a falta de auga no lugar onde vivía, o feito de ir pedir auga ao pozo dos únicos dous veciños que a tiñan e dedicar parte do domingo ao lavado xeral da roupa e da casa. Entrevista, 25012008, AMOM. Rosario Rúa Rúa (1943) confirma que mercaron a lavadora cando a súa filla comezou a traballar con 15 anos, ata aquela, "botabas os medios días do sábado no río a lavar. Non tiñamos pozo, tiñamos a sorte de ter o río cerca. Despois, coa traída, lavabas no pilón da casa. Cando veu a lavadora foi un alivio". Entrevista, 06022008, AMOM. Para Antonio Cruz Germade (1943) a lavadora, unha vez máis, aparece como factor protagonista da "liberación de tempo" á esposa durante as estadías do seu home mariñeiro en terra, entre campaña e campaña. "a lavadora tróuxena eu para que a muller puidera sair eses dous días que eu estaba na casa". Entrevista, 11032008, AMOM.

701 As cantidades e importes salariais citados refírense a pesetas correntes.

702 Manuel Sampedro Santomé (1920) gañaba en 1951, na canteira do Cocho (Meira, Moaña), 16 ptas./día que "non chegaban para papas dos fillos", emigra a Uruguai e en 1952, nunha fundición de Montevideo, gaña 7 pesos uruguaios/día, cando cada peso correspondía a 25 ptas. Entrevista, 14012008,

os empregados por conta allea: canteiros, carpinteiros, albaneis, conserva, metal, etc.

Pasado 1955, a segunda etapa, iniciada na CTE e "Holanda", é descrita como a máis positiva por parte da man de obra moañesa que vai experimentando pouco a pouco uns incrementos salariais[703] e unhas condicións laborais im-

AMOM. Segundo Antonio Queimaño Barreiro (1935), "tanto albanelería como cantería estaban moi mal pagos: gañabas para comer". Cando entra en 1962 en Conservas la Guía pasa a ingresar 4.000 ptas. á semana, o dobre do que percibía no sector da construción. Durante os anos 60-70, como encargado, tiñan unha paga de beneficios que podían ser 60.000-70.000 ptas./anuais, 100.000 ptas. algún ano. Cando pecha a factoría, 1984, ingresaba 68.000 ptas./mes. Entrevista, 07012008, AMOM. Manuel González del Río (1926) comezou con 16 anos na carpintería de ribeira en Domaio (Moaña) gañando 1 pta./día, despois 4 ptas./día na carpintería de ribeira de Ferradás (Domaio) e 8 ptas./día na fábrica de conservas Corona (Domaio). En 1962, cando embarcou en Holanda, o seu salario en Domaio eran 2.000 ptas./mes. Entrevista, 23012008, AMOM.

703 Alfonso García Paz (1940) cambia a pesca de baixura e a construción civil pola CTE: "empecei de marmitón, era o [oficio] máis baixo: oitocentas e pico ptas. de 1957, cada mes. Despois tiñas un 'sobordo' [complemento extrasalarial] e despois había un "sobordillo" cada 3 meses ou cada 3 viaxes, e despois as pagas extras". Entrevista, 13062011, arquivo propio. Manuel Rúa Veiga (1933) fala da súa saída da pesca de baixura e o ingreso nunha CTE que "levou moita xente de aquí, sacóunos de andar á sardiña, á ardora. Pero non vaias pensar que gañabas maravillas. Gañabas [mediados para finais da década de 1950] 2.000/3.000 ptas. na viaxe. Cando eu empecei a navegar na casa Davila, o meu sueldo base eran 530 ptas./mes, no ano 56. Despois tiñas uns pluses pequenos, por carga, ao mellor podías gañar 1.200/1.300 ptas./mes, cando ías a Terranova ao bacallau saíache ao redor das 2.000 ptas./mes…, aquí, iso, non o sacabas en ningún lado. O cambio substancial foi o salto de aquí a Holanda. O cambio do florín favorecíache. Entonces xa gañabas 10.000, 12.000, 14.000 ptas./mes, se andabas nun barco que fixeras moitas horas extras eran 14 ou 15.000 ptas. Daquela, nos anos 1960-1964, eses cartos rendíanche. [sinala a súa vivenda, onde realizamos a entrevista] Veu de Holanda, en floríns, non é mentira ninguna". Entrevista,19052011, arquivo particular. Antonio Cruz Germade (1943), como 1º oficial de máquinas, pasou de gañar 10.000 ptas./mes no Grand Sole con Casa Mar a 60.000 ptas./mes en Pescanova, mediados da década de 1960. Sinala que a diferenza de incentivos na pesca para as distintas categorías oscilaba entre o 8% sobre a facturación para o patrón de pesca e o 1% para o mariñeiro. Entrevista, 11032008, AMOM. Luís Gayo Rivas (1941) describe o cambio salarial en 1959, de 1º electricista na CTE, como a percepción dun gran salto, unha marca indeleble, mesmo antes de ir ao Servizo Militar: "xa era outro tipo de vida, comezabas a disfrutar un pouquiño máis, ter outro nivel de vida". Entrevista, 12052008, AMOM. Manuel Chapela Pena (1933), entra en Conservas La Guía en 1959 como administrativo, e considera que o seu primeiro salario, 2.000 ptas./mes, era "unha fortuna", comparado cos anteriores traballos como administrativo na Caja de Ahorros Municipal de Pontevedra e como vixiante de obras. Entrevista, 06032008, AMOM. Miguel Costa Fernández (1937) afirma que a finais da década dos 60, os oficiais de 1ª e de 2ª mecánicos, cobraban algo menos de 500 ptas./semana, mentres as mesmas categorías en Ascon, en 1964 cobraban 1.000 ptas./semana: el abandona Massó gañando 3.500 ptas./mes e ingresa en Ascon cobrando 9.000 ptas./mes. Entrevista, 25022008, AMOM. José Díaz Calvar (1940), cando deixa Ascon para realizar o Servizo Militar (finais da década de 1950) como oficial de 3ª, cobraba algo máis de 30 ptas./día e cando volve, a comezos dos 60, algo máis de 100 ptas./día. Entrevista, 30012008, AMOM. Francisco Medina López (1945) relata como eran os ingresos familiares: como aprendiz na fábrica Refrey (Vigo) [finais da década de 1950] cobraba 76,10 ptas. á semana que debía entregar íntegras na súa casa, quedándose el coa "prima" [plus ou complemento salarial] mensual. Entrevista, 29012008, AMOM. Cando Julio Alonso Cebada (1949) se integra en Ascon, 1971, pasa a multiplicar o seu salario anterior, de administrativo en Vigo, "por tres ou por catro". Entrevista, 27032008, AMOM. Benito Santos González (1939), sacerdote proveniente do movemento dos "curas obreiros" das directrices do Concilio Vaticano II "ao comezo, 1971, na contrata [empresa auxiliar] de Ascon, gañaba 1.500 ptas./semana. En Ascon [o cadro de persoal da empresa] gañaban o

pensables uns anos antes.

Para contextualizar os ingresos salariais e as estratexias familiares, dispoñemos dunha táboa co custo da vida en Pontevedra entre 1939-1960 en apartados como alimentación, vestido, vivenda, gastos de casa e gastos diversos. Sobre gastos e ingresos das familias da costa pontevedresa durante o franquismo, tomando como referencia o concello de Bueu, que nos pode servir como orientación para os modelos de familia mariñeira de Moaña: o total de gasto en consumo por fogar en 1964 serían 4.030 ptas./mes (48.363 ptas./ano), e en 1974 esta relación sería de 18.501 ptas./mes (222.012 ptas./ano)[704].

As estratexias conxugais para a xestión económica da familia[705] pasaban por procurar que a aportación económica da esposa, fillos ou fillas non emancipados, etc., cubrisen o "día a día" da manutención e aforrar o salario do esposo para investilo, sobre todo, na edificación da nova vivenda durante, aproximadamente, tres décadas da súa biografía laboral. Sobre a percepción feminina para o caso dos salarios, as mulleres dos mariñeiros embarcados durante longas estadías nos mares afastados enfatizan non só o valor monetario ou nominal dos emolumentos dos seus maridos senón tamén a penosidade da situación laboral, sobre todo das categorías menos favorecidas ou especializadas e as diferenzas salariais entre o cadro de persoal dos buques[706].

dobre". As diferenzas foron aumentando rápidamente en moi pouco tempo. En 1976, en tres meses, recibe oferta para traballar no estaleiro Barreras (Vigo) gañando 3.500 ptas./semana. Fala co seu contratista e iguálallas. En pouco tempo as empresas auxiliares intégranse en Ascon e pasa a gañar 8.000 ptas./semana, 32.000 ptas./mes, recalcando: "un crego gañaba 5.000 ptas./mes, e o Bispo de Tui-Vigo, 14.000 ptas./mes". Entrevista, 25042008, AMOM.

704 Datos de MUÑOZ ABELEDO, L. (2010), P. 274, 286, 287.

705 María Santomé Gestido (1933) recorda que durante o tempo en que traballaron Ascon e Conservas La Guía, na parroquia de Meira "as parellas vivían co que gañaba a muller, aforraban o salario do home e facían a casa co aforrado". Entrevista, 05032008, AMOM. Vida Gayo Veiga (1935) acredita que no seu fogar o seu salario e o da súa nai na conserveira era "para vivir", e o do seu marido en "Holanda", xunto cun préstamo, para "facer a casa. Entrevista, 09012008, AMOM. Rosario Rúa Rúa (1943): o seu salario [en Conservas La Guía] era para o "día a día", o do seu marido, en "Holanda" ou na baixura, era "para facer a casa", nun tempo no que non había "saídas, vacacións nin estrés". Entrevista, 06022008, AMOM. Benito Santos González (1939), na súa experiencia como soldador no sector naval e sindicalista, distingue que en 1971, no estaleiro Ascon de Vigo, había dous tipos de modelos de obreiros: un máis urbano, xove ou contemporáneo que gustaba de "ir cambiando de fábrica e 'vivir a vida', e un segundo máis tradicional, rural ou simbiótico, partidario do modelo de "aforrar para facer a casa". Entrevista, 25042008. AMOM. Manuel González del Río (1926) ergueu, en réxime de autoconstrucción, unha primeira vivenda en 1962, e unha segunda, contratada, "produto de Holanda". Entrevista, 23012008, AMOM. Antonio Queimaño Barreiro (1935) recorda algunhas marcas biográficas decisivas como a súa entrada en Conservas La Guía en 1958 e o seu traslado á nova vivenda en 1978. Entrevista, 07012008, AMOM.

706 Eugenia Calviño Blanco (1946) "Pasaban 7. 8, 9, 10 meses (…). Mandábame [1970-71, o seu marido era mecánico engraxador] 8.000 ptas./mes. E cando veu, á volta de 9 meses, cobrei 12.000 ptas. Dicían que os do bacallau facíanse ricos pero eu, como non tivera a becerra, e o porco e a galiña…, non tiñas estabilidade, non sabías o que ía gañar nunha marea: vas gañar se o barco pesca". María de la Paz Villanueva Carballo (1946), casada cun mecánico naval embarcado na pesca do bacallau en Terranova recoñece que "o meu home tiña un cargo que [salarialmente] defendíase mellor. A xente da cuberta

O estatus de esposa foi factor esencial dun tipo de muller que polas circunstancias que concorren nos novos fogares con maridos embarcados durante longas estadíasas biografías tivo que balancear e compatibilizar os seus afectos e os seus anceios, por unha banda aos seus maridos e pola outra aos seus fillos no principal relato familiar da época que lles tocou vivir.

Máis de medio século despois do comezo dos cambios que levamos visto nos fogares, a edificación residencial, o urbanismo, etc., cremos que é pertinente preguntar: como foi posible un esforzo laboral que hoxe entra en contradición cunha cultura do traballo que non contempla, ou aparece dunha forma marxinal, o enrolamento da man de obra moañesa ou galega subalterna ou sen cualificación nos sectores onde traballaron os seus pais ou avós?

Un primeiro enfoque de resposta fálanos da evolución e cambios no factor humano, na evolución dunha man de obra asalariada que pasou de abandonar unha cultura mariñeira de baixura para entrar nunha época de gran incremento de salarios na pesca de altura e gran altura, a base de biografías de esforzo e sacrificio, e que vai abandonando nunha segunda época por preferir traballos de proximidade, "en terra", sen ter que renunciar a unha cultura familiar presencial.

> *O factor humano foi quen salvou á empresa pesqueira: en 2008 é difícil atopar mariñeiría española porque hoxe hai oportunidades en terra: polos mesmos cartos é máis agradable estar nun traballo en terra ca no mar, a seis mil millas da casa. Os patróns de pesca, os oficiais da ponte, os xefes de máquinas, os primeiros oficiais de máquinas, seguen a ser españois.*[707]

A segunda explicación aportada polos protagonistas baséase na comparación histórica desde o punto de vista existencial: as persoas participantes nos cambios recordan o seu punto de partida familiar e laboral, a evolución da economía, a aparición de oportunidades impensables para a xeración precedente e así, para as xeracións nacidas a partir de finais da década de 1920 e comezos de 1930 provenientes dunha economía e un modelo doméstico e residencial humilde, sobrio e con carencias, que recordan unha Moaña en que *"o que hoxe son coches aparcados na estrada, nos anos 50 eran carretas coas redes: todos os días, que quizais era o traballo máis grande que tivera o mariñeiro daquela época, era sacar a rede e volvela meter a bordo do barco.*

sempre foi pior pagada (…) no mesmo barco uns fanse millonarios en dous días e outros pásanse a vida loitando e non son quen de chegar a nada. Op. cit. Balbino Costas (1929) estivo emigrado en Venezuela entre 1956-1966: a maior parte da xente que foi a Venezuela quería facer unha casiña, e empeñábaste. Eu tiven unha hipoteca coa Caja de Ahorros, a 25 anos, e daquela pagabas 150 ptas. ao mes, que era o que che costaba unha vivenda de alugueiro. Pero mirabas o que che costaba traballo chegar a fin de mes (…), houbo que decidirse e marchar por aí adiante. Houbo outros que fixeron casas grandes, pasóulles igual ca min, e para desempeñarse marcharon, e despois, cando estaban claros, desempeñados, viñeron para acá. Entrevista 21052011. Arquivo propio.

707 Alfonso Paz Andrade (1940). Entrevista, 04042008, AMOM.

Había que levala á Xunqueira, daquela había xuncos [non había tendais] *e estendela. Era un traballo moi grande: eran tiradas polos homes e tamén polos carros de bois."*[708], e poden contemplar como no prazo de dúas décadas o mesmo rueiro se transforma nunha pequena cidade urbanizada, cambian a súa percepción e, moitos anos máis tarde, opinan que *"para nós, a realidade foi moito máis avanzada cós soños"*[709], toda unha divisa ou un lema que condensa o progreso constante na percepción de ascensión social dunhas xeracións que viron cambiar de forma acelerada aspectos da mellora na cultura material, a calidade de vida ou a comodidade nos desprazamentos rodados pero nunca perderon a toma a terra que significaba a orixe social, residencial e laboral como economías e ancoraxe xeracional para aceptar unhas condicións laborais difíciles e de longa duración temporal.

Cando buscamos razóns de por que as campañas de dez meses ou máis no mar era un sistema bo ou aceptable para centos de mariñeiros, responden volvendo comparar épocas laborais: porque o feito de chegar do mar e ter un mes de vacacións era insólito, comparado coa baixura ou co Grand Sole anterior, de tal forma que *"dispoñer dese mes era vivir. Casa Mar explotaba moito á xente. Chegaban do Grand Sole, dous días en terra, e volta: a maior parte do persoal cualificado marchou a Pescanova"*.[710]

O terceiro andar na explicación á pregunta fálanos da evolución do traballo: pasóuse de traballar en condicións elementais de seguridade, dereitos laborais, horarios, etc.-que os mariñeiros participantes denominan como "escravitú"- a ir acomodando as demandas laborais a unha sociedade internacional, española e galega que ofrecía o escaparate do consumo e do lecer como conquistas sociais e por tal motivo, aínda nunha cultura mariñeira carente de formación e/ou organizacións sindicais libres ata a chegada da democracia, a propia autoorganización vai facendo conquistas nos horarios laborais, descansos, etc. *"había patróns* [en Pescanova] *que gañaban 1.000.000 ptas en 80 días de campaña..., mirabas cartos, tiñas a túa casiña, o teu coche..., non podías disfrutar das vacacións, cotizaban pouco por nós...: se tes moitas cousas e non as disfrutas, de que te serve?"*[711]

19.3.4 A descendencia

Levamos analizado algúns dos papeis xogados por axencias como o matrimonio, a esposa ou o esposo no reparto de papeis domésticos, laborais

708 Javier Abal Jalda (1949). Entrevista, 13032008, AMOM.

709 Francisco Malvido Soage (1932), case catro décadas despois, aínda amosa a súa sorpresa na evolución do parque móbil: "empezan a aparecer as motos a finais dos 50, comezos dos 60", el examinouse de moto no 56 e de coche no 66: "non soñaba con ter coche" e tivo o primeiro coche no ano 1971, un Seat 850. Entrevista, 19022008, AMOM.

710 Francisco Malvido Soage (1932). Entrevista, 19022008, AMOM.

711 Antonio Cruz Germade (1943). Entrevista, 11032008, AMOM.

ou de funcións na edificación da vivenda e as estratexias familiares. Pero se a vivenda é un dos grandes relatos matrimoniais, o principal motor durante os anos decisivos da parella é a descendencia: ter, coidar, educar e procurar "o mellor" para os fillos éo cerne dos matrimonios da época que analizamos.

A valoración da infancia experimenta grandes cambios entre 1950-1987. Un neno, ata a década de 1960, era un aprendiz de adulto dende os sete ou oito anos, exercitaba a corresponsabilidade familiar desde primeira hora (os irmáns maiores facíanse cargo dos pequenos durante os labores dos pais, sobre todo das nais), participaba en pequenos labores domésticos (traer auga da fonte, apañar piñas do monte ou dar de comer aos animais) e laborais (axuda no marisqueo, aprendizaxe da pesca ou ensaio da práctica do remo) e comezaba a súa integración laboral inicial precoz, con dez anos, ou normal con 14-15 anos[712], ensaiando tamén a comparación, a competencia, mesmo a agresión como aprendizaxe de defensa verbal e física nun tempo de darwinismo económico pero tamén social nas nosas comunidades mariñeiras.

A inserción laboral dos cativos e cativas[713], en réxime de aprendizaxe, era o último chanzo da estratificación produtiva: un neno, nos barcos de pesca de baixura era por definición "o rapaz de a bordo" e polo tanto, suxeito de novatadas e mofas en maior ou menor grao, igual que pasaba coas cativas que traballaban ou acompañaban ás súas nais nas cordoerías, onde o maltrato -de acción ou verbal- por parte dos maiores non era infrecuente, aínda que tamén existía a condescendencia e a axuda na aprendizaxe por parte dos maiores. En todo caso, os cativos estaban obrigados a gardar respecto aos maiores, nun tempo en que a familia conxugal nuclear estaba formada por un número de fillos sempre maior de dous, como norma.

Esta situación vai mudando coas cohortes nacidas a partir de tempos que abren para os fogares grandes cambios laborais que comezan a partir de mediados da década de 1950 e toman velocidade e incrementos constantes entre 1960 e mediados da década de 1970. Os cativos descendentes destas xeracións[714], na súa maior parte incluídos na época de maior medre demográ-

712 Testemuños de Manuel Chapela Pena (1933), Manuel Sampedro Santomé (1920), María del Carmen Ríos Prado (1941), Antonio Cruz Germade (1943), Manuel Currás Meira (1952), Lois Pena Viéitez (1949) e Lázaro Fernández López (1958). Entrevistas, 2008, AMOM.

713 As cativas de Bueu, no primeiro terzo do século vinte "empregábanse en industrias marítimas como no século dezanove, ou ben se iniciaban como coidadoras de nenos e criadas en Bueu ou en cidades cercanas –Pontevedra ou Vigo- para, nun par de anos, regresar a Bueu buscando un posto de traballo nas conserveiras locais. Ambos, nenos e nenas, axudaban en tarefas de mantemento do fogar e a horta, a recoller leña, etc." (...), **os nenos foron un factor clave na competitividade do sector conserveiro durante as primeiras décadas do século vinte, á vez que unha fonte de ingresos para as familias**"[o subliñado é noso] (...), "co seu xornal os cativos contribuían ao presuposto familiar (...), os fillos ían cos seus pais ao mar e gañaban a cuarta parte ca eles". MUÑOZ ABELEDO, L. (2010), p.240-1, 266. En Moaña existiu unha situación similar no sector pesqueiro para os cativos e conserveiro, atadeiras ou cordoeiras, para as rapazas.

714 Para unha reflexión sobre o neno como arquetipo universal dende o punto de vista da mitoloxía ou

fico moañés, galego e español, pasan a ser, como metáfora e como realidade, suxeitos do desexo, a atención e planificación pública e privada como nunca antes.

Se tomamos como ilustración os contrastes máis acusados entre as xeracións femininas de 1950 e a súa descendencia, vemos que están *"na formación regrada, a cultura do corpo e o sexo –a cada vez máis temperá iniciación sexual- , a cultura das drogas, os novos modelos biobráficos de autopercepción da xuventude (...), a non socialización relixiosa, a serodia emancipación, as novas formas de emparellamento, o menor índice de natalidade e o maior de divorcialidade, a non conflitividade paternofilial, a non socialización no traballo doméstico ou o maior coñecemento escrito do idioma galego e o seu cada vez menor uso oral"*[715]

Tamén é esta unha infancia e xuventude exposta a pautas médicas, hixiénicas e de saúde mental modernas: creación de hospitais de referencia, creación da ambulatorios con especialidades de medicina de infancia, pediatría, etc., creación de gabinetes psicoeducativos que introducen novos paradigmas sobre a atención e coidados infantís, un grupo de idade que recibe socialización educativa obrigatoria da poboación infantil, introdución progresiva da educación preescolar.

A infancia pasa a ser factor determinante no planeamento[716] urbanístico: a demografía e a ordenación e creación de dotacións educativas –colexios, unidades de preescolar, etc.- ou recreativas –parques infantís, pistas deportivas, etc.- forman parte indispensable nas normas urbanísticas, plans xerais, etc.

antropoloxía(a eterna xuventude e o "peterpanismo" na época do consumo; SÁNCHEZ CAPDEQUÍ, C. (2008), pp. 55-66; A nova xuventude dende o punto de vista da teoría da transición, en CASAL, J. (1996), "Modos emergentes de transición a la vida adulta en el umbral del siglo XXI: aproximación sucesiva, precariedad y desestructuración", REIS, Nº 75, pp. 295-16.; Tamén CASAL, J. et ali (2011), "Pasado y futuro sobre la transición de los jóvenes", Papers nº 96, pp. 1139-1162; Para unha comparativa da xuventude galega e catalana dende o punto de vista da entrada ao traballo, matrimonio e vivenda propia, VIEIRA, J.M. e MIRET GAMUNDI, P. (2010), pp. 75-107.

715 PÉREZ RÚA, M. (2013), p. 240. Tamén en DE MIGUEL, J. M., (1994), p. 159 e ss., fala de características da "xeración do 68" como antimilitarismo, ecoloxía, amabilidade no comportamento, sen memoria histórica, cunha relación idílica cos avós ou con"abandono simbólico" dos pais: vergoña a ir con eles por consideralos "demasiado maiores".

716 Na Moaña da democracia local dase a coincidencia de dispoñer, con poucos anos de diferenza, de planeamento urbanístico (as primeiras Normas Subsidiarias da provincia de Pontevedra, 1984) e de planeamento sociocultural e educativo (o primeiro estudio realizado nunha vila de Galicia sobre hábitos, carencias e alternativas nos ámbitos social, cultural, educativo e comunitario: BOUZADA [1988]). O diagnóstico dos dous planeamentos ilustra sobre os distintos enfoques corporativos: os profesionais do urbanismo consideran o equipamento escolar existente (grupos escolares e concentracións escolares) en función de ratios poboación/escolarización e o equipo sociolóxico considera criticable a aplicación estatística simple sen ter en conta a ratio profesor/alumno, o feito de iren transportados ou a pé, a inculturación da escola ou o papel do xogo e do parque infantil.

A descendencia pasa a desenvolver o seu percorrido vital en paralelo á introdución do gran medio de comunicación da época –a televisión- e dos grandes cambios producidos pola introdución moderna do consumo, tanto en forma de bens e servizos, como no desenvolvemento intensivo de sectores de comunicación comercial como a publicidade, a industria do lecer, a introdución de novas e descoñecidas drogas, etc.

Con este marco, a infancia e a xuventude moañesa filla das xeracións estudadas pasa a ser obxecto de atención preferente –privada e pública- dunha sociedade que pretende reflectir o seu nival de confort e progreso tamén na progresión e cambio do paradigma infanto-xuvenil anterior.

As concentracións escolares que vimos estrear en Moaña a partir de 1971 (C. P. Amador Montenegro Saavedra, C.P. Seara) comezan a introducir debates sociopolíticos, mediáticos e familiares descoñecidos sobre a introdución temperá dos xoves na vida laboral, a formación profesional, o abandono escolar, o fracaso escolar e outros conceptos que corresponden á época estudada, un tempo no que conviven e transicionan os enfoques tradicionais ou históricos coa introdución das novidades socioculturais.

A chegada da democracia a España, en relación coa pirámide de poboación xove existente, fai que este gran cambio político sexa percibido tamén como unha fronteira binaria entre un pasado político sen liberdades e un presente no que o relato romántico aparecía como un horizonte de posibilidades sociais: todo estaba por estrear e por facer na nova democracia, entre outras cousas, abrir á infancia e xuventude a un novo sistema político e sociocultural[717], aínda que a chegada do cambio político é tamén unha época de crise económica con niveis alarmantes de empresas pechadas, desemprego e sucesivas reconversións laborais.

O concello de Moaña (poboación de feito 1981: 17.053 hab.; poboación de feito 1991: 16.781 habitantes, datos INE) tiña, segundo o Padrón Municipal de 1985, un total de 6.476 persoas no tramo entre dos 4 anos aos 20 anos (742 de 4-5 anos; 3.685 de 6-14 anos; 2.052 de 15-20 anos), é dicir, sobre un 38% da súa pirámide de poboación, o que nos proporciona unha imaxe sobre a

717 Na transición política multiplícanse en Moaña as actividades socioculturais que teñen como suxeitos á infancia e xuventude: os festivais de fin de curso escolar, as actividades deportivas, actividades da APA como teatro ou baile galego, etc. "alí onde van os nenos en días alegres alí van os país. Un dos grupos de actividades socioculturais que se distingue por acadar unha maior participación de veciños é o dos organizados no pobo polos grupos de mozos e nenos da escola ao redor dalgún acontecemento social polas APAS, colexios, Concello ou mesmo grupos de produción cultural locais". Tamén se incrementan as actividades culturais nas que se vai socializando a poboación xuvenil como actuacións dos grupos musicais Fuxan os Ventos, Milladoiro, Amancio Prada, Jei Noguerol, grupos teatrais como Artello, etc. ". BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), p. 162-164.

importancia histórica da infancia e xuventude nacida a partir das décadas dos grandes cambios.

Esta poboación infantil, xuvenil, adolescente e adulta, filla tamén de fenómenos como as concentracións escolares, a masificación nas aulas, o transporte escolar, os pais ausentes, a percepción do confort doméstico, é a primeira infancia na historia con gran parte dos desexos satisfeitos polo consumo vinculado a un estatus económico dos seus pais que os cativos perciben como acomodado e sempre pendente das súas demandas, produce unha parte deste grupo de idades en contacto tamén, nos seus anos de escolaridade, pola:

> *"peculiar configuración económica do municipio, onde unha batea de mexillón produce* [finais da década dos 80] *uns ingresos de arredor de 2.000.000 ptas./ano..., un volume de traballo que pode ser atendido por unha soa familia..., cando os ingresos dos soldadores nas perforadoras do Mar do Norte rondan as 250.000 ptas./mes e cando ao mesmo tempo a casa soe dar alimentos par ir vivindo, o problema que se plantexa non é estrictamente de ingresos monetarios, senón de distancia cultural entre o sistema e os valores populares alleos, simbólica, estratéxica e relacionalmente..., con frecuencia o neno de orixe popular que intúe que na escola hai algo que non vai con el, en particular manifesta o seu rexeitamento e o seu malestar no desinterese e o abandono, cando non a rebeldía..."*[718]

A chegada da crise económica fixo que este segmento social xuvenil, fillo dunhas xeracións de pais de rápida inserción laboral e outra de preferencia pola continuación dunha carreira educativa, se encontre con dilemas como "para que vou estudar, para ser parado?" Para a infancia e a mocidade da nova democracia que se presentaba como a porta aberta a un futuro de oportunidades, a vivenda foi o espazo de refuxio que non tiveran as xeracións precedentes, tanto para os que continuaron a súa formación educativa regrada, como para os que comezaron a traballar adiando a súa emancipación, ou para os que non encontraron traballo ou non foron quen de saír dun grave problema epocal como foi o do consumo[719] de drogas "duras".

718 BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), p. 98.

719 Sorprende a lucidez destes mozos moañeses "enganchados" á heroína, creando unha dobre dependencia –a materna e a dos estupefacientes- cando describen a súa situación: "a ninguén obrigan…, a ninguén o colleron, o amordazaron e lle meteron unha xeringa na vea (…), os que entraron de hai dous anos para acá van directos…, é a moda de 'meterse o pico' e todos se meten o pico (…), os xoves viva-

A loita social e política contra a difusión das drogas e dos seus efectos nas xeracións mozas, como vimos, fixo aparecer mediática e políticamente a figura da muller-nai como un símbolo -"nais coraxe" que loitaban contra os traficantes de droga- de aqueles tempos de transicións, remudas e cambios culturais no interior dos fogares das décadas de 1980 e 1990: foi a nai, por enriba de calquera membro da familia ou da sociedade, quen –a partir da súa lexitimidade como directora da domesticidade e debedora do hipervínculo maternofilial- leva a primeira iniciativa social para paliar ou cambiar a situación que afectaba aos seus fillos.

Non foi a autoorganización dos propios mozos afectados, nin dos partidos políticos, nin da sociedade civil recén chegada á democracia quen emprende o conflito social aberto contra os efectos da cultura do ocio e das novas substancias de consumo de narcóticos senón que son algunhas nais quen lideran e organizan as primeiras organizacións como o colectivo vigués Erguete de "nais contra a droga", liderado por Carmen Avendaño[720], muller que, como nai afectada, pasa a ser a imaxe (a través das imaxes difundidas como un grupo de "nais coraxe" que loitaban contra os narcotraficantes, a maioría situados na ría de Arousa), da lexitimidade acadada pola muller nos fogares con cativos "desexados" e posteriormente "descarriados", os usuarios preferentes das novas vivendas unifamiliares creadas durante dúas décadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ces son os máis propensos a entrar no mundo da droga". BOUZADA FERNÁNDEZ, X.,(1988), p. 192.

720 Militante e concelleira do PSOE nas corporacións de Cangas de Morrazo (1991) e Vigo (1995).

CONCLUSIÓNS

Marco e proceso socioeconómico

As xeracións activas durante o tempo de estudo da nosa investigación, formaron parte dun proceso de desmariñeirización similar ao proceso de desagrarización do interior de Galicia: a decadencia da que fora a maior fonte de emprego laboral local. Os profesionais da pesca de baixura foron transformados en asalariados con nómina regular nas flotas internacionais da CTE, a mariña mercante europea (unha porta aberta, entre outros, para o traballo en plataformas petrolíferas no Mar do Norte) ou a nova flota pesqueira conxeladora con base na ría de Vigo e traballo en caladoiros de Gran Altura de Sudáfrica ou as illas Malvinas.

A segunda transformación laboral foi a creación de importantes estaleiros e fábricas de conserva na propia localidade (Ascon, Conservas La Guía), aos que se engadiría o traballo nos viveiros flotantes de cultivo de mexillón que viñeron completar a transformación e remuda do sector primario pesqueiro local.

Desprazamento do centro municipal: da parroquia rural á cidade urbana

A comezos do século vinte, o centro do concello de Moaña estaba no lugar de San Martiño, sobre dúas áreas distintas: a simbólica, relixiosa e lúdica, situada na igrexa románica, o adro e o cemiterio, e a económica, ao redor do campo da Feira.

A partir de 1913, a entrada en funcionamento das dúas estradas litorais marcará o tempo de desprazamento espacial dos elementos principais do centro rural de San Martiño aos barrios de A Praia e A Seara, iniciándose un proceso de nova centralización que se encontraba avanzado durante a década dos anos 1930 coa situación do novo peirao de pasaxeiros, Casa do Concello, Casa do Pescador ou o local sindical.

Este proceso de nova centralización acelérase nos anos 40-60 coa creación de importantes dotacións como Cuartel da Garda Civil, a Praza de Abastos ou o Centro de Hixiene Rural e Casa do Médico, aos que se sumarán establecementos comerciais de masas como cine ou baile, así como a creación do novo templo parroquial de Nosa Señora do Carme ou os principais servizos de crédito.

O paso definitivo para a creación e consideración do novo centro lito-

ral con carácter urbano prodúcese entre 1962 (inicio do novo barrio do Real), 1965 (novo proxecto de alumeado do centro) pero sobre todo, 1970-1975 coa entrada en funcionamento da primeira concentración escolar, o remate das obras de creación de beiravías, sumidoiros, traída municipal de augas e recollida do lixo en boa parte dos barrios centrais da Seara e A Praia, aos que se engaden un xardín municipal e un parque infantil.

A última fase, a consolidación e transformación morfolóxica do centro urbano litoral, comeza na década democrática local de 1980, marcada polas obras da Autoestrada do Atlántico que deixará en Moaña dúas pegadas indelebles: a primeira, os importantes recheos litorais sobre os que se urbanizarán grandes zonas verdes e de servizos públicos; a segunda é a aceleración do proceso de metropolitanización da área da ría de Vigo en canto a aspectos como as vías de comunicación (declive do transporte marítimo), o comercio, a sanidade, o mercado laboral ou o lecer, entre outros.

Os camiños-estradas, a desnuclearización rural

A partir de 1940 xa se rexistra documentalmente a dinámica de desnuclearización rural. Esta intensa transformación territorial, residencial ou paisaxística, estrutúrase a partir da creación de tres novas vías de comunicación rodada: a estrada Cruz da Maceira-Meira (década de 1950), a estrada Seara-Verducedo (década de 1960) e a estrada San Benito-Liñares (década de 1970).

Este novo viario soporta a creación sucesiva de novo residencial unifamiliar, así como a apertura constante de camiños-estrada ou rueiros conectados directa ou indirectamente a estas vías durante todo o tempo do noso estudio.

A política urbanística nos ámbitos non urbanos foi, no seu resultado práctico sobre o territorio, foi semellante en ditadura e en democracia: o apoio municipal, primeiro para establecer servizos de fontes e lavadoiros (anos 50), despois para o ancheamento e acondicionamento (pavimentación, sumidoiros, alumeado) de camiños para a súa adaptación á chegada do automóbil, unha actividade social e municipal constante ata 1987.

Planeamento urbanístico

A recepción entusiasta por parte da elite política local moañesa da Lei do Solo de 1956 ou do Plan de Ordenación do Litoral das Rías Baixas é un indicador da candidez con que as respectivas alcaldías acollían propostas urbanísticas normativas ou técnicas destinadas a tratar de ordenar os complexos

problemas residenciais e urbanísticos derivados dos descosidos do proceso de transvase rural-urbano ou da expansión indiscriminada do residencial unifamiliar sobre zonas sensibles do territorio.

O goberno municipal, na ditadura, libra sucesivas batallas contra a autoridade provincial-estatal a prol dos intereses mobiliarios e inmobiliarios das familias moañesas (Plan Parcial do Con, Plan Parcial da Xunqueira) e tamén por intereses empresariais e/ou familiares das sucesivas alcaldías, entrando (na transición política local, 1975-1979) no absentismo político, a corrupción económica, as infraccións urbanísticas, impedindo proxectos de desenvolvemento urbanístico no centro urbano ou fomentando recheos ilegais no borde litoral.

Na chegada da democracia local, o diagnóstico do nacionalismo gobernante sobre a situación urbanística, baseábase en dous puntos: o primeiro era que as infraccións urbanísticas eran un problema político fomentado pola tolerancia e a corrupción da Alcaldía franquista; o segundo era que a posta en marcha da normativa urbanística democrática sería o crebaondas para evitar tanto as infraccións como a especulación urbanística.

A realidade foi máis complexa: o nacionalismo da "esquerda urbanística" aprobou en 1984 as primeiras Normas Subsidiarias de Planeamento da provincia de Pontevedra, un fito histórico que propiciou a entrada no mercado de importantes bolsas de solo apto para urbanizar (Plan Parcial do Rosal, Plan Parcial do Fuxón, Plan Parcial do Monte do Con) e marcou unha maior contención das infraccións pero non a erradicación dunha cultura urbanística asocial e familista.

Desenvolvemento residencial

A consulta documental de cada un dos expedientes municipais de solicitude de licenza de obras resultou unha fonte de datos que nos abriu a posibilidade de coñecer, de forma máis real, as medidas do proceso de transformación residencial moañés: a elaboración de censos completos con datos sobre arquitectos, aparelladores, profesión do solicitante, número de novas edificacións, número de novas vivendas, número e tipoloxía de comercios, situación espacial, superficie de parcela utilizada, superficie da edificación ou altura da edificación, entre outros datos, permiten realizar cadros medidos e xeolocalizados sobre a gran transformación residencial de Moaña fiscalizada e legalizada pola Administración Local.

O acceso a estes datos e microdatos, o seu contraste coa realidade da nosa observación participante, a comparación cos datos da Facenda Pública a través do Catastro, a observación das fotografías aéreas a partir de 1945 ou

das entrevistas realizadas, permiten establecer liñas de interpretación sobre o incremento residencial, de alturas ou de vivendas realizadas con permisividade, ilegalidade ou infracción urbanística, pero existentes.

Para un total de 2.746 novas edificacións no período estudado, a media de novas edificacións residenciais distingue catro etapas: 1950-1957: 21 novas edificacións/ano; 1958-1962: 63 novas ed./ano: 1973-1979: 105 novas ed./ano; 1980-1987: 59 novas ed./ano.

A tipoloxía destas novas edificacións, entre 1950-1987, amosa unha enorme desproporción entre edificación colectiva, un 3,05%, e edificación unifamiliar, un 96,94%.

Se atendemos ao mapa territorial deste desenvolvemento residencial, presenta dúas tendencias: a edificación colectiva está situada nos barrios urbanos do Real, A Praia e A Seara, e a edificación unifamiliar nos barrios non urbanos, prioritariamente os máis próximos -ámbito periurbano ou non urbano das parroquias de Moaña, Meira e Tirán- ao centro urbano.

O número de vivendas que acollen estas novas edificacións é de 3.336 unidades, o 96,94% en edificacións unifamiliares e o 3,05% en edificios colectivos. A superficie e as dotacións interiores das vivendas van medrando a medida que pasa o tempo, de forma inversa aos fogares que as habitan: as vivendas das décadas de 1950-1960 están formadas por tres xeracións familiares, cando menos, tendencia que cambia no último terzo do século vinte en que os novos fogares van estando formados por dúas xeracións.

O esforzo edificatorio rexistra tamén un descenso constante da idade á que as persoas comezan a construír a nova residencia: se a idade media para este inicio era de case 40 anos en 1950, en 1987 pasa a ser de 33 anos.

Resulta significativa tamén a marca ou pegada ecolóxica desta gran transformación residencial estudada e a desproporción entre a superficie media de parcela destinada/precisa para a edificación colectiva (utiliza entre un 3,64% e un 7,10% do total do solo medio empregado) e a utilizada para vivenda unifamiliar (entre un 96,36% e un 92,9%).

O gran peso da cultura social e política da connivencia e a anomia permite que un importante número de novas edificacións ilegais sexan legalizadas, de facto, por dúas vías principais: as reformas "estilo país" de edificacións existentes (baixo eufemismos como "cambio de tella do país por tella plana") e tamén baixo a fórmula de legalizar edificacións de tipoloxía de "planta baixa sen dividir e planta dividida" que, pasando o tempo e na medida en que os cambios na biografía familiar o requiren, vanse transformando en edificacións de dous, tres e catro andares.

A terceira vía de legalización de novas edificacións é a de darlle esta-

tuto legal ás transformacións de edificacións adxectivas ("casetas", "construcións varias") ao edificio principal, transformadas para novos usos residenciais.

O gran desenvolvemento residencial unifamiliar está directamente relacionado cos fogares creados durante o tempo do noso estudio, baseados nun modelo de conxugalidade e un relato familiar apoiado no papel da muller-esposa (sobre todo nos fogares con marido/mariñeiro ausente) como clave de bóveda dos coidados interxeracionais, a crianza, a lexitimidade feminina prevalente e o seu papel primordial e decisivo na edificación da nova vivenda, a súa morfoloxía e sucesivas transformacións exteriores, así como o seu deseño das divisións interiores.

Política

O franquismo local da década de 1950 é tributario e semellante (ideoloxicamente e tamén nas condicións materiais de existencia da sociedade) ao saído da Guerra Civil. Perpendiculares á principal vía de comunicación rodada Cangas-Vilaboa, a apertura das estradas interiores entre Cruz da Maceira-Meira, seguido da de Seara-Verducedo e finalizando coa de San Benito-Liñares, contribúen á urbanización de grandes zonas rurais mal comunicadas co centro urbano, realizando un efecto imán sobre as novas edificacións residenciais que nacerán ao seu carón.

A década de 1960 marca o paso dos cambios que se irán consolidando nun proceso de modernización acelerado ata a crise de 1973: se as grandes obras públicas da década de 1950 son fontes, lavadoiros e arranxo de camiños, o "desenvolvementismo" dos 60 vai permitir a implantación dos principais servizos urbanos (beiravías, sumidoiros, traída de augas) que dan lugar á creación do centro urbano litoral propiamente dito.

A aprobación en 1962 do Plan de Rasantes e Aliñacións do Real e apertura en 1971 do colexio público Amador Montenegro Saavedra, na primeira fase da Concentración Escolar, son dúas grandes operacións urbanísticas que transforman e extenden os ámbitos funcionais do centro urbano polo Leste e Oeste.

A última parte do postfranquismo local, 1975-1979, é un tempo crise ideolóxica no interior da Corporación Municipal, de corrupción, absentismo municipal, incremento das infraccións urbanísticas e comezo da transformación ilegal do borde litoral a través de recheos.

A política de oposición clandestina permitiu ao nacionalismo ter presenza e liderados procedentes dos principais movementos asociativos do franquismo (Ateneo) así como a creación e dirección de novo asociacionismo

democrático, principalmente a través de asociacións de veciños, de pais de alumnos, folclóricas, culturais e deportivas.

A maioría absoluta do nacionalismo durante os dous primeiros mandatos municipais permitiulle realizar unha política de socialización ideolóxica –cultural, idiomática e electoral- galeguista e nacionalista a través da institución municipal e do asociacionismo. Ao mesmo tempo tiña lugar o maior e máis rápido cambio urbanístico e morfolóxico na historia do borde litoral moañés: o aterramento, por parte de Autopistas del Atlántico, de grandes superficies litorais no centro urbano e nas parroquias de Meira e Domaio.

O nacionalismo introduce o planeamento urbanístico e o sociocultural, crea os primeiros centros socioculturais da historia local e estrea as novidosas representacións políticas da muller e a mocidade, dentro dunha política de deconstrución simbólica do réxime anterior. No segundo mandato aproba as Normas Subsidiarias de Planeamento, rexistra unha forte crise política entre os dous principais líderes e unha fuxida cara adiante na xestión orzamentaria, na axuda para apertura e urbanización de camiños no periurbano e no rural moañés.

A intensa actividade urbanística litoral que contribúe a modernizar e consolidar o centro urbano moañés crea gran contradición ideolóxica no grupo de goberno: a chegada ao poder local dálle ao BNG de primeira hora a capacidade de transformar Moaña nunha cultura e un urbanismo de cidade (aprobación das Normas Subsidiarias de Planeamento, gran modificación do borde urbano litoral a través de recheos sobre o mar) pero o BNG que executa os recheos *malgré lui* é un partido fendido entre o pragmatismo da entrada na política real e o ancoramento ideolóxico ecoloxista/medioambientalista, un grupo aurbano que garda no subconsciente a alma neorrural do neno labrego-mariñeiro e parroquial como pano de fondo dun país romantizado dende comezos do século vinte.

Familias e propiedade: a dobre capitalización do patrimonio

A loita histórica dos agricultores de Galicia pola propietarización[721] (foros, contratos agrarios, arrendamentos, desamortizacións, movementos agraristas e antiforistas, etc.) acadou, pasado o primeiro cuarto do século vinte, o dereito á propietarización plena da terra por parte dos seus principais usuarios, os segmentos humildes dunha sociedade galega maioritariamente rural e agrícola.

As clases populares acadaran a propiedade "perfecta", individual e privada da terra que pertencera á nobreza, á igrexa, á fidalguía e outro tipo de

721 VILLARES, R. (1982), aporta unha ampla visión histórica do proceso de propietarización.

rendistas. A terra, a parcela minifundista na maior parte dos casos, continuou sendo un factor de produción, un "valor de uso" ligado a unha economía agrícola onde os novos propietarios podían capitalizar todos os dereitos inherentes ao seu patrimonio parcelario.

O proceso de grandes transformacións económicas, laborais, urbanísticas e residenciais que analizamos tomando Moaña como estudo de caso acredita como esta propiedade parcelaria vai tendo tamén, cada vez con máis frecuencia, un carácter e un valor residencial, a medida que se van abrindo novas estradas nacionais, comarcais, intermunicipais, supramunicipais, camiños ou corredoiras, ao tempo que mellora a situación económica.

A partir da década de 1950 vemos como se acelera esta dinámica de creación residencial que xa na década de 1960 converte en estrutural a mobilización e posta en valor das parcelas de cultivo ou pastoreo (legal, alegal ou ilegalmente no caso dos ámbitos rurais, rururbanos ou periurbanos) para a súa conversión en soares urbanos. Na interpretación dos planificadores do urbanismo:

> *Dende os anos 60 estase a producir unha lenta agonía do vello mundo que, no fondo, é o depositario do territorio. Esa lenta agonía amosa unha capacidade de resistencia enorme que creo que ten que ver co minifundio e o acceso tardío á propiedade. A contradición está no ancoramento ao mundo vello, que era todo un mundo social, económico e cultural, moi relacionado coa paisaxe que coidabas, cultivabas e construías. Era unha cosmovisión moi potente, todo na beira da parroquia.*
>
> *Ese proceso de decadencia, destrución e perda tivo un momento crítico e decisivo: era o do final do franquismo e o acceso á democracia,* [cando] *este tema saíu da axenda, creo que porque significaba un reto moi notable que era andar no proceso doloroso terminal, que todo o mundo intuía que se ía, que afectaba a todo o mundo, porque tododiós ten unha perna alá, e o que non a ten social a ten cultural ou sentimental: a democracia foi quitando da axenda un tema complicado, difícil, no que todo o mundo se encontraba incómodo.*[722]

O choque entre distintas normativas de ordenación territorial e urbanística que vimos no intento de realizar planeamento urbanístico no franquismo e no proceso de aprobación do planeamento en democracia, teñen un denominador común: os intereses patrimoniais (parcelarios e edificatorios)

722 Ánxel Viña Carregal, xerente de Oficina de Planeamento S.A., entrevista, 21122016. Arquivo propio.

das familias[723] que queren acceder a capitalizar a súa propiedade de forma óptima.

As familias, no mercado capitalista de mediados do século vinte, pretenden a clasificación ou recualificación das súas parcelas para acadar unha dobre capitalización: como soar e como edificación. Era a evolución histórica dunha sociedade de economía primaria mixta (mariñeira e agrícola) que accedera ao dereito de propietarización dun recurso (a terra para producir) que agora pode xerar ata un triple valor de mercado: a) recurso produtivo; b) parcela inmobiliaria; c) dereito de edificabilidade.

O conflito entre unha normativa urbanística racional e pensada para unha sociedade e unha cultura cada vez máis urbanas[724], aplicada a sociedades de pequenos propietarios como a galega (ou a moañesa, neste caso), creou malestar, contradicións e división nas corporacións locais a medida que o proceso de aprobación do planeamento urbanístico se xestionaba.

O nacionalismo foi quen de aprobar unha norma que limitaba os excesos anteriores, pagando un importante custo político e social, como acontecera (en circunstancias políticas e corporativas moi distintas) no intento de realizar planeamento no franquismo.

Os principais relatos dos actores políticos locais do franquismo (o paternalismo dos "sagrados intereses" parcelarios e residenciais familiares) e os da democracia (a demolatría da loita de clases: os "especuladores" vs. "o pobo") foron semellantes no fondo: a defensa dunha sociedade de familias propietarias dispostas a capitalizar o seu patrimonio parcelario: a importante mobilización dos intereses da propiedade privada parcelaria na procura de nova clasificación, recualificación, edificabilidade e/ou urbanización, cremos que é un dos grandes factores que propiciaron a gran transformación territorial e residencial experimentada en Moaña.

Recordando que este concello pasa de 11.106 habitantes en 1950 a 17.053 en 1981, o esforzo público-privado urbanizador (apertura de novas

723 SOUTO, X.M. (1990), p. 361, analiza a transformación da propiedade parcelaria en inmobiliaria na área de Vigo e describe como o réxime de tenza da vivenda en propiedade en Moaña, en 1960-1970, era xa do 79,8% do total das vivendas, mentres en Vigo era do 43,8%.

724 Unha sociedade como a galega ou a moañesa, co relato da propiedade ocupando un papel tan nuclear no patrimonio e no imaxinario familiar, non podía asumir sen conflito a transformación legal que experimenta o dereito de propiedade no urbanismo, despois da Lei do Solo de 1956: o cambio do concepto da propiedade liberal clásica a un concepto da propiedade como "función social", que aparece esvaído na Lei do Solo do 56 pero claramente definido na Constitución Española de 1978, cambia o concepto decimonónico de propiedade por "un conxunto de deberes e obrigas establecidos, de acordo con esas leis, en atención a valores ou intereses da colectividade", en RIVAS, X. (2015), p. 607. Tamén SÁNCHEZ GOYANES, E. (2000), p. 29-30; CORTÉS BRETÓN, I. (2000), p. 157; PORTO REY, E., (2000), p. 163, ou LOIS (2012), p. 312, analizan o novo marco xurídico do urbanismo e a función social, o contido da propiedade privada e a utilización do solo de acordo co interese xeral tratando de impedir a especulación e participando a comunidade das plusvalías xeradas pola acción urbanística.

estradas, camiños, rueiros, ensanchamentos de viais, pavimentación, traída de augas, sumidoiros, iluminación pública, etc.) vai paralelo á transformación legal e documentada de, cando menos, 2.500 parcelas ou vellas leiras de labor edificadas (2.401 delas en ámbitos non urbanos) ás que debemos engadir as edificacións residenciais ilegais, as "reformas" ilegais e outros recursos inmobiliarios que entran no mercado.

Se o proceso elemental de especulación inmobiliaria ten en conta, sobre todo, tres factores: a) parcela, b) edificación, c) proceso de compravenda de a) e/ou b), as estratexias da propiedade parcelaria en Moaña, sobre todo en ámbitos non urbanos, foron destinadas maioritariamente á edificación unifamiliar dos novos fogares creados durante 1950-1987 pola poboación moañesa.

Esta gran transformación territorial e habitacional tamén abre paseniñamente o mercado inmobiliario local inseríndoo cada vez máis nun ámbito metropolitano, sobre todo despois da apertura da ponte de Rande en 1981, o que vai permitir o acceso dun segmento social con perfil neorruralista urbano[725] a este novo mercado parcelario e residencial cada vez máis accesible, dotado de servizos e cobizado tamén polas súas características estéticas en canto a vistas panorámicas e paisaxísticas: determinadas zonas do territorio moañés, connotadas como paisaxística ou residencialmente singulares, parcelas susceptibles de edificación, outras con vivenda unifamiliar tradicional abandonada, foron postas en mercado nun proceso de compravenda sometido ao xogo da especulación inmobiliaria. convertéronse en ámbitos desexados pola ideoloxía neorruralista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

725 Un dos factores máis importantes para a configuración mundial de cidades desconcentradas (periurbanización, rururbanización, suburbanización, etc.) é a romantización do campo como ideoloxía neorruralista, espazo de goce dos praceres da natureza, a vida contemplativa, o lecer, o verde "natural" vs. o "gris" urbano: novos espazos habitados por un tipo de "familismo suburbano" e un modelo de vida de "suburbanismo": OTERO ENRÍQUEZ, R. (2017), pp. 58-64,87, 171, 272; para o caso galego PEREIRO ALONSO, J.L. (1981); RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999); SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1999); PEREIRO PÉREZ, X. (2005), ou GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2007).

BIBLIOGRAFÍA

AGUIAR, F. e NAVARRO, C. J., (2000) "Democracia y participación ciudadana en los municipios: ¿un mercado de trastos?", REIS nº 91.

ARTIAGA REGO, A. e BALBOA LÓPEZ, X.L. (1992), "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", Agricultura y Sociedad nº 65.

ASOCIACIÓN AMIGOS DA CULTURA, edición facsimil do discurso Alba de gloria (s.d.). Pontevedra.

BABIANO MORA, J (1995), *Emigrantes, cronómetros y huelgas. Un estudio sobre el trabajo y los trabajadores en el franquismo*, Siglo XXI, Madrid.

BALBOA LÓPEZ, X.L. (2002), "Al margen de la ley: la defensa de los montes vecinales de Galicia (1848-1968)", en DE DIOS DE DIOS, S. (coord.), *Historia de la propiedad en España: bienes comunales, pasado y presente*. Centro de Estudios Registrales. Salamanca.

BARRAL ANDRADE, R., (1975) *O aforro e a inversión en Galicia*, ed. Sept.

BARREIRO RIVAS, X.L. e PÉREZ RÚA, M., (2003) *A percepción social do urbanismo na cidade de Vigo*, Consorcio da Zona Franca, Vigo.

BARREIRO RIVAS, X.L. (2011), "La politica es para todos", en *Filosofía de las cosas humanas*, Fundación NovaCaixaGalicia, A Coruña.

BARREIRO, S., (s. d.) *Moaña en 1943*.

BOUZADA FERNÁNDEZ, X., (1988), *Escola, cultura e vida comunitaria nun concello galego: Moaña*, Departamento de Cultura, Concello de Moaña.

BRÄNDLE SEÑÁN, G. (2007), "Consumo y cambio social en España: evolución en el equipamiento doméstico (1983-2005), REIS nº 16.

BROULLÓN ACUÑA, E., (2008), *A inmigración galega a Andalucía no século XX*, Xunta de Galicia.

CADAVAL SAMPEDRO, M. e CARAMÉS, L., (2007), *Os municipios galegos: entre o minifundismo e a ineficiencia*, Xunta de Galicia.

CALDUCH, J. (2003), "Panorama de un paisaje en ruinas: la costa valenciana desde los inicios del turismo", DC Papers, nº 9-10.

CAMINHA, S.: "Sen novas de Holanda", Revista "O Canastro", A. VV. de Verducedo e Piñeiro, Setembro 2016.

CAMPO TÁBOAS, T. *et ali* (2017), *As canteiras de Moaña e outras xeiras*, Ensenada de Ézaro ediciones.

CARDESÍN DÍAZ, J.M., (1992), *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (s. XVIII-XX)*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

CARDESÍN DÍAZ, J.M. e MIRÁS ARAÚJO, J. (2014); *La historia urbana de España (siglos XVIII-XXI),* en LAMELA VIEIRA *et ali*, Dinámicas territoriales en España, Biblioteca Nueva, Madrid.

CARDÍN TORAÑO, A. e RAFOLS ESTEVE, J. (1974); *El mercado de la vivienda en la comarca de Vigo*, Caja de Ahorros Municipal de Vigo.

CARMONA BADÍA, X., (2006) "De Lugo a Capetón: a traxectoria empresarial do grupo Fernández", en *Empresarios de Galicia,* CARMONA BADÍA, X. (coord..), Fundación Caixa Galicia.

CARRERAS, A. (1977), "La industrialización: una perspectiva a largo plazo", en Papeles de economía española, nº 73.

CASAL, J. (1996), "Modos emergentes de transición a la vida adulta en el umbral del siglo XXI: aproximación sucesiva, precariedad y desestructuración", REIS, Nº 75.

CASAL, J. *et ali* (2011), "Pasado y futuro sobre la transición de los jóvenes", Papers nº 96.

CASTELLS, M, (1991), [1972], *La cuestión urbana*, Siglo XXI, México.

CASTILLO CASTILLO, J. (1982), "Los hijos de la sociedad de consumo española", en REIS nº 17.

CASTRO, X. (1998), *A lume manso. Estudios sobre historia social da alimentación en Galicia*, ed. Galaxia, Vigo.

CHAPELA BERMÚDEZ, L. (2012), "Persoeiros do común", en GARCÍA BARREIRO, M.U., *A freguesía de Moaña*. Deputación de Pontevedra.

CORIAT, B. (1991), *El taller y el cronómetro. Ensayo sobre el taylorismo, el fordismo y la producción en masa*, Siglo XXI, Madrid.

CORTÉS BRETÓN. I., (2000); "O réxime xurídico das valoracións de solo", en VV.AA., *Estudios de dereito urbanístico de Galicia*, Concello de Vigo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

COSTA ALONSO, J., (2000), *Memorias da miña vida societaria*, Xunta de Galicia.

COSTA VÁZQUEZ, L. (2001), "Música e galeguismo: estratexias de construción dunha cultura nacional galega a través do feito musical", en GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., *Etnicidade e nacionalismo*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

DALDA ESCUDERO, J. L. (2001), *Vigo, cidade difusa*. *A expansión do sistema urbano galego*, Proxecto Terra, COAG, (http://www.coag.es/proxectoterra/presentacion.htm).

DALDA ESCUDERO, J. L. (2002), "Integrando a cidade difusa. A cuestión da vertebración territorial de Galicia no contexto da eurorrexión", en Revista Grial nº 155, ed Galaxia, Vigo

DALDA ESCUDERO, J. L. (2004); "As novas áreas de expansión urbana na Galicia contemporánea", Revista Galega de Ciencias Sociais nº2.

DE JUAN GARCÍA-AGUADO, J.M., (2011) *A carpintería de ribeira en Galicia (1940-2000)*, Edicións Morgante.

DE MIGUEL, J. M., (1994), *La sociedad transversal*, Fundación La Caixa.

DOCAMPO BOUBETA, B., (2010), *Moaña: transformación da súa morfoloxía*, traballo inédito de Mestrado integrado en arquitectura e urbanismo, Escola Superior Gallaecia.

ELZO, J. (2000), *El silencio de los adolescentes*, Ed Temas de Hoy.

ESTÉVEZ, X. e FERNÁNDEZ CERVIÑO, M.X. (eds.) (2007), *Territorio, paisaxe e identidade*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

ESTÉVEZ, X. (2012), *Paisajes y palabras*. Universidade de Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C., (coord..), (1998), *Historia da Pesca en Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ PRIETO, L. (coord.) (2000); *Terra e progreso*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

FERRÁS SEXTO, C., (1992), *Desenvolvemento económico e urbanístico en Fene, séculos XIX e XX*, Universidade de Santiago de Compostela e Concello de Fene.

FERRÁS SEXTO, C. (1995), "Contraurbanización y planificación territorial en la Europa Atlántica: los casos de Irlanda y Galicia, en Ciudad y Territorio: estudios territoriales, nº3, Madrid.

FILGUEIRA VALVERDE, X., (1979), *Adral*, Ediciós do Castro.

FREIRE CEDEIRA, A.(2011), *En defensa de lo suyo. Propiedad forestal y conflictividad social durante el franquismo: los montes vecinales de Cerdeda* (A Coruña), USC.

GAIL BIER, A. (1979), "Vox Populi': el desarrollo de las asociaciones de vecinos en España", Papers: revista de sociología nº 11.

GANUZA, E. e FRANCÉS, F.J., (2008) "¿A que llamamos participar en democracia?", RIS, Vol. LXVI, nº 49.

GANUZA, E., e NEZ, E., (2012)"Las paradojas de la participación: conflictos entre saberes en los nuevos dispositivos participativos", Praxis Sociológica, nº 16.

GARCÍA BARREIRO, M. U., (2006), *Moaña, no camiño do mar* (1750-2006), Con-

cello de Moaña.

GARCÍA BARREIRO, M. U. (2012), *A freguesía de Moaña: apuntamentos históricos e etnográficos,* VV.AA., Deputación de Pontevedra.

GARCÍA BARREIRO, M.U (2013), *Couto e pazo do Rosal*, Moaña.

GARCÍA BARREIRO, M.U., (2016), *Parroquia de Santa Baia de Meira*, Deputación de Pontevedra.

GARCÍA ORELLÁN, R. (2016), "La pesca industrial y la emigración gallega en Trintxerpe. 1920-1970", en Revista Internacional de Estudios Vascos", vol. 61, nº2.

GARRIDO MEDINA, L. e GIL CALVO, E. (eds.), (1993), *Estrategias familiares*, Alianza editorial, Madrid.

GIL CALVO, E. (2006), "El eclipse del capital social", Claves de Razón Práctica nº 164.

GIRÁLDEZ RIVERO, J., (2005) "El bulto y la sombra: la financiación del sector pesquero y la hipoteca naval (1900-1959), Universidade de Santiago de Compostela. http://www.usc.es/estaticos/congresos/histec05/b6_giraldez.pdf

GÓMEZ BARROS, X. (1975), "O crego na Galicia rural", VV.AA, *A Galicia rural na encrucillada*, ed. Galaxia, Vigo.

GONZÁLEZ CEBRIÁN-TELLO, J., (2015) "Vilas e ciudades, claves da súa configuración actual", en LOIS, R.C. e PINO, D., *A Galicia Urbana*, Ed. Xerais, Vigo.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., *O litoral de Moaña: os homes e o mar, no tempo e no espazo*, mecanoscrito inédito. (s.d.)

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X.M., e VILLAVERDE ROMÁN, X.C., (1999), *Moaña nos anos vermellos*, Ediciós do Castro, A Coruña.

GONZÁLEZ MARTÍN, (1991)*, Vigo no espello dos nosos avós,* Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

GONZÁLEZ MARTÍN, G. (2017), *Diccionario de vigueses* (1875-1945), Deputación Provincial de Pontevedra.

GONZÁLEZ, J.M. e LÓPEZ, A. (2003), "La dinámica demográfica y el planteamiento urbano en Vigo desde 1960. Impacto del proceso de industrialización desarrollista", Anales de Geografía de la Universidad Complutense nº 23.

GONZÁLEZ PÉREZ, J. M., (2015) "O proceso recente de urbanización (séculos XIX-XXI)", en LOIS, R.C. e PINO, D., *A Galicia Urbana*, Edicións Xerais, Vigo.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2007), "O peso da historia territorial e urbana", diálogo con Xerardo Estévez, en ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, X., e FERNÁNDEZ CERVIÑO, M.X., *Territorio, paisaxe e identidade*, Museo do Pobo Galego.

HARVEY, D. (1992), [1973], *Urbanismo y desigualdad social,* Siglo XXI, Madrid.

JULIÁ, S., (2012), *Camarada Javier Pradera*, Galaxia Gutemberg.

JURADO GUERRERO, T. (2003), "La vivienda como determinante de la formación familiar en España desde una perspectiva comparada", REIS nº 103.

LAGE PICOS, X. A. (2003), *Bosques, sociedad y cultura forestal en Galicia*, Universidade de Vigo.

LAMAS, S. (2004), *Galicia Borrosa*, Seminario de Estudos Galegos.

LAMELA VIEIRA, C. *et ali* (2014), *Dinámicas territoriales en España*, Biblioteca Nueva, Madrid.

LAMELA, VIEIRA, C. (2015), "O cidadán galego: construción e mantemento das redes sociais e do capital social", en LOIS, R.C. e PINO, D., *A Galicia urbana*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

LE CORBUSIER (1972), [1941], *Por las cuatro rutas*, ed. Gustavo Gili. Barcelona

LEVI, M. (2001), "Capital social y asocial", Zona Abierta nº 94-95.

LIZANCOS MORA, P., (2000), A*s migracións na conformación da casa labrega contemporánea* (tese), Repositorio Universidade da Coruña, (http://hdl.handle.net/2183/1044).

LIZANCOS MORA, P. (2005), *A casa contemporánea en Galicia*, ed. Promocións culturais galegas S.A. e COAG.

LOIS BARRIO, M. D., (2007), *Lugar y política: el apoyo electoral al Bloque Nacionalista Galego (1977-2002): los casos de Allariz y Fene*, Tese de doutoramento, Universidade Complutense de Madrid.

LOIS GONZÁLEZ, R.C. *et ali* (2012), *Los espacios urbanos. El estudio geográfico de la ciudad y la urbanización*, Biblioteca Nueva, Madrid.

LOIS, RUBÉN C., PINO, D. (coords.) (2015), *A Galicia urbana*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2008), *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio.* Ed. Galaxia. Vigo.

LÓPEZ SUEVOS, R. (1975), "O papel do excedente agrícola na economía galega", en VV.AA., *A Galicia rural na encrucillada*, ed. Galaxia, Vigo.

LORENZO, M. (2007), "Galicia en liquidación", Revista Grial nº 176, ed. Galaxia, Vigo.

MÁIZ, R. (1984), "Raza y mito céltico en los orígenes del nacionalismo gallego: Manuel M. Murguía", REIS nº 25.

MÁRQUEZ CRUZ, G. (1993), "La Transición Local en Galicia: continuidad de las élites políticas del franquismo y renovación en los gobiernos locales", Revista de Estudios Políticos.

MARTÍN SERRANO, M. (1981), "La influencia social de la televisión: niveles de influencia (I), en REIS nº 16

MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. (2016), "A construcción da Galicia urbana", en LOIS, R.C. e PINO, D., *A Galicia urbana*, Edicións Xerais de Galicia.

MARTÍNEZ, M., (2007), "La especulación urbana: persistencias estructurales y resistencias sociales", Intersticios, vol 1 (1).

MEIRA, J.A. e CURRÁS DEL RÍO, R, (2016), "Datos complementarios sobre as cordoerías de Meira", en GARCÍA BARREIRO, M.U., (2016), P*arroquia de Santa Baia de Meira*, Deputación de Pontevedra.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L., (1976), *Antón e os iñocentes*, Ed. Xistral.

MÉNDEZ FRAGUAS, M. A., RODRÍGUEZ PARADA, X; CANCELAS FRANCO, X., (2012), *A escola pública en Moaña, 1786-1970,* Agrupación Cultural Nós, Moaña.

MERINO PAREJA, R., (2006) "Participación y asociacionismo de los jóvenes en Europa", RIS, Vol. LXIV, nº43.

MIRALBES, R., MARTÍNEZ-CONDE, R. y VILLARIÑO, M. (1984), "Los procesos demográficos en la dinámica intraurbana de la ciudad de La Coruña", en Geographicalia nº enero-diciembre.

MÓDENES, J. A., e LÓPEZ-COLÁS, J. (2010), "Población y vivienda en España: el sistema residencial a la luz del censo de 2001", Papers nº 95.

MORÁN, M. L.. (2007), "Espacios y ciudadanos: los lugares de la narración clásica de la ciudadanía", en REIS, Nº 119.

MUÑOZ ABELEDO, L. (2010), *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera en Galicia, 1870-1970*, Icaria y Universidad de Barcelona.

NADAL, J. e outros, (1994), *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*. Ariel.

NÁRDIZ ORTIZ, C. (2009), "Estrutura territorial e vilas "estrada" en Galicia", en GARCÍA PAZOS, F. , *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*, Xunta de Galicia.

NÁRDIZ ORTÍZ, C., (2015) "Da rúa á estrada. As novas vías e o desenvolvemento urbano das vilas en Galicia", en LOIS, R.C e PINO, D., *A Galicia urbana*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

NAREDO, J.M.(2010), "Presión inmobiliaria y destrucción de sistemas agrarios y suelos de calidad. El ejemplo de la Comunidad de Madrid", en GARRABOU, R., *Sombras del progreso: las huellas de la historia agraria*, ed. Crítica.

NEIRA VILAS, X. (1961), *Memorias dun neno labrego*, Ed. Follas Novas, Buenos Aires.

OTERO ENRÍQUEZ, R.S., GÓMEZ RODRÍGUEZ, S. (2007), "La desconcentración urbana en el sistema territorial de Galicia: un enfoque conceptual y empírico", Boletín A.G.E. Nº 44.

OTERO ENRÍQUEZ, R. (2013), *Procesos internacionales de desconcentración urbana. Hacia un modelo de transición territorial*. (Tese de doutoramento), Universidade da Coruña.

OTERO RODRÍGUEZ, R. (2017), *Sociología e historia de la ciudad desconcentrada,* Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

OTERO PEDRAYO, R. (2008) [1928], *Os camiños da vida*, ed. Galaxia, Vigo.

OTERO PEDRAYO, R. (2016), [1929], *Pelegrinaxes*, Ed. Galaxia, Vigo.

PALACIOS RAMILO, A., (2002) [1932] P*lan de extensión e reforma interior da cidade de Vigo,* Concello de Vigo.

PEREIRA, D. (1992), "Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira (1870-1936)", en PEREIRA, D. (coord..), *Os conquistadores modernos. O movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, ed. A Nosa Terra, Vigo.

PEREIRA, D. (2013), "Capitalismo pesquero y sindicalismo en la España de anteguerra: la Federación Nacional de Industria Pesquera, Revista Andaluza de Antropología, nº 4.

PEREIRO ALONSO, J.L, (1981) *Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo*, COAG.

PEREIRO PÉREZ, X. (2005), *Galegos de vila. Antropoloxía dun espazo rurbano*. Sotelo Branco ed., Santiago de Compostela.

PÉREZ ÁLVAREZ, L., (2015), *Memorias*, Corsarias Editora.

PÉREZ RÚA, M. (2010), *Domingos de calcetíns brancos. Retrato do cambio social na xeración de 1950*., Ed. Galaxia, Vigo.

PÉREZ RÚA, M. (2011), "O monte comunal periurbano de Vigo e a teoría do capital social", traballo de investigación para o Máster de Historia Contemporánea, 2011, inédito.

PÉREZ RÚA, M. (2012), *Moaña 1950-1975: de parroquia vaticana a cidade litoral,* Universidade de Santiago de Compostela (Traballo de Fin de Mestrado).

PINO, D. (2002), "Apuntamentos acerca da evolución recente da estrutura territorial galega e o seu tratamento", en Grial nº155, ed. Galaxia, Vigo.

PORTO REY, E., (2000), en VV.AA., "Función e determinacións do planeamento xeral e o seu desenvolvemento", en VV.AA., *Estudios de dereito urbanístico de Galicia, Concello de Vigo*, Xerencia Municipal de Urbanismo.

PRADA, A., (2006) "A reordenación territorial. Máis aló dos concellos". Revista

Tempos Novos nº 14.

PRADA BLANCO, A. e ÁLVAREZ CORBACHO, X. (2006), *Chaves da economía pública galega*, ed. Galaxia, Vigo.

PRADA, A., (2007) "Causas e custos da dispersión. Revista Grial nº 176 e 177. Ed. Galaxia, Vigo.

PRECEDO LEDO, A.J. (1987), *Estructura del territorio y organización comarcal.* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

PRECEDO LEDO, A. (Dir.), (1989) *Vigo área metropolitana*, Fundación Caixa Galicia.

PRECEDO LEDO, A. (2002), "Da rede urbana á cidade difusa", en Revista Grial nº 155, p. 475-493, ed. Galaxia, Vigo.

PUTNAM, R. D. (2001), "La comunidad próspera.El capital social y la vida pública", Zona Abierta nº 94-95.

QUINTANA GARRIDO, X.R., (2010), *Un longo e tortuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG 1971-2009*, Ed. Galaxia, Vigo.

RAMIÓ,C., (2018), ¨Las imposturas de la Administración¨, El País

REI, L., (2009) *Ramón Cabanillas*. *Crónica de desterros e saudades*, Ed. Galaxia, Vigo.

RICO BOQUETE, E. (2000), "Política forestal y conflictividad social en el Noroeste de España durante el Primer Franquismo, 1939-1959", en Historia Social nº 38. Universidad Nacional de Educación a Distancia.

RICO BOQUETE, E. (2000), "Montes, industria de serra e tráfico de madeira en Galicia. A provincia de Pontevedra no período 1875-1936", en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (ed.), *Terra e progreso*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

RICO BOQUETE, E. (2005), "Usurpación, resistencia e restitución. Os montes veciñais durante o Franquismo (1939-1975), A Nosa Terra nº 1178.

RÍOS PAREDES, X. (primavera 2003), "Alumno de Carlos", Revista de Estudios Miñoranos.

RIVAS, X. (2015), "A execución do planeamento", en LOIS, R.C e PINO, D., *A Galicia urbana*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

RIVAS BARRÓS, M., (1989), *Galicia, el bonsai atlántico*, El País/Aguilar.

RIVAS BARRÓS, M. (2010), *Todo é silencio*, (2010), Ed. Xerais de Galicia. Levada ao cine por José Luís Cuerda (2012).

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999), *De aldeas a cidades*, Ed. Ir Indo, Vigo.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (dir.), (2004) O*s concellos galegos para o século*

XXI. USC-IDEGA.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (dir.) (2010), *Territorio, ordenar para competir*, Netbiblo.

ROMERO RODRÍGUEZ, D., PÉREZ RÚA, M., (1995), *Galicia S.L.,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

RUANO DE LA FUENTE, J. M., (2010) "Contra la participación: discurso y realidad de las experiencias de participación ciudadana", Política y Sociedad, Vol 47, nº 3.

SÁNCHEZ CAPDEQUÍ, C. (2008), "Estratos de un tiempo joven: el perfil adolescente de la sociedad", Revista Intersticios, vol 2 (1).

SÁNCHEZ GOYANES, E. (2000), "Concorrencia das competencias para a súa integración. Clasificación e categorización do solo na Lexislación Galega., en *Estudios de dereito urbanístico de Galicia*, Concello de Vigo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

SANTAMARÍA, B. et ali, (2014), "La patrimonialización de la naturaleza. Génesis, transformaciones y estado actual", en Arxius, Nº 30.

SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005), *Historia de Cangas, 1900-1936. Unha ribeira de pescadores*, ed A Nosa Terra, Vigo.

SEBASTIÁN, C.,(2017), ¨La `eficacia catalana´¨, El País

SOMOZA MEDINA, J. (2002), *Ourense: la ciudad en el tiempo y el espacio*, Universidad de León.

SOUTO GONZÁLEZ, X.M., (1994), *Vigo: Proxecto e realidade do medio periurbano*, Concellería de Planeamento Urbanístico, Concello de Vigo.

SOUTO GONZÁLEZ, X.M., (1994), *Vigo: cen anos de historia urbana (1880-1980)*, Ed Xerais de Galicia, Vigo.

SOUTO, X.M., (2015), "É posible construír un urbanismo democrático desde o planeamento?", en LOIS, R. C. e PINO, D., *A Galicia urbana*, Edicións Xerais de Galicia.

SZTOMPKA, P., (2004) *Sociología del cambio social*, Alianza ed.

VAAMONDE, S (1977), Gravación musical "Nin rosmar un laído", Ed. Xeira-Movieplay.

VÁZQUEZ DÍAZ, E. e LAMAS ALONSO, C. (1992), "El público privado en la televisión", REIS nº 57.

VENCE, X. (dir.), (2007), A*s necesidades empresariais de solo produtivo en Galicia 2006-2015*, Xunta de Galicia/IGVS, Consellería de Vivenda e solo.

VERGE, T., (2007) "Las estrategias de los partidos políticos españoles hacia las

organizaciones sociales", REIS nº 48.

VIEIRA, J.M. e MIRET GAMUNDI, P. (2010), "Transición a la vida adulta en España: una comparación en el tiempo y en el territorio utilizando el análisis de entropía"; REIS n 131.

VILLARES, R. (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Siglo XXI ed., Madrid.

VILLARES, R. (ed.) (1988), *Donos de seu,* Ed. Sotelo Branco, Santiago de Compostela.

VILLARES PAZ, R., (2000), "A agricultura galega, 1870-1930. Unha época de grandes transformacións", en FERNÁNDEZ PRIETO, L. , *Terra e progreso*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo.

VILLARES, R.(2004) *Historia de Galicia*, ed. Galaxia, Vigo.

VILLARES, R. (2017), *Identidade e afectos patrios*, Ed. Galaxia, Vigo.

VIÉITEZ, V. (1998), *Álbum*, Centro de estudos fotográficos, Vigo.

VILLAVERDE ROMÁN, X.C., (2012), "Idade Contemporánea: a política no século XX", en *A freguesía de Moaña: apuntamentos históricos e etnográficos*, VV.AA., Deputación de Pontevedra.

VV.AA. (2006), *Feísmo?, destruír un país,* Difusora de letras, artes e ideas, Ourense.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO

TERRITORIO E HÁBITAT

Evolución demográfica

CADRO Nº 1: POBOACIÓN E POBOACIÓN ESTIMADA(*), MOAÑA, 1930-1991, NACEMENTOS, TAXA DE NATALIDADE E TAXA DE CRECEMENTO MEDIO ANUAL ACUMULATIVO

ANO	POBOACIÓN	POBOACIÓN ESTIMADA	NACEMENTOS	TAXA NATALIDADE (0/00)	TAXA CRECEMENTO MEDIO ANUAL ACUMULATIVO (%) (*)
1930	9634	9634	354	36,74	1,61
1931		9789	377	38,51	1,61
1932		9947	191	19,2	1,61
1933		10108	293	28,99	1,61
1934		10271	320	31,16	1,61
1935		10436	358	34,3	1,61
1936		10604	324	30,55	1,61
1937		10775	278	25,8	1,61
1938		10949	304	27,76	1,61
1939		11126	256	23,01	1,61
1940	11305	11305	368	32,55	-0,18
1941		11285	311	27,56	-0,18
1942		11265	242	21,48	-0,18
1943		11245	342	30,41	-0,18
1944		11225	356	31,71	-0,18
1945		11205	361	32,22	-0,18
1946		11185	342	30,58	-0,18
1947		11165	247	22,12	-0,18
1948		11146	320	28,71	-0,18
1949		11126	219	19,68	-0,18
1950	11106	11106	283	25,48	1,38
1951		11259	251	22,29	1,38
1952		11414	305	26,72	1,38
1953		11572	289	24,97	1,38
1954		11731	314	26,77	1,38
1955		11893	302	25,39	1,38
1956		12057	322	26,71	1,38
1957		12223	315	25,77	1,38
1958		12392	319	25,74	1,38
1959		12563	353	28,1	1,38
1960	12736	12736	333	26,15	1,69
1961		12951	316	24,4	1,69
1962		13170	302	22,93	1,69
1963		13393	307	22,92	1,69
1964		13619	350	25,7	1,69
1965		13849	348	25,13	1,69

1966		14083	343	24,35	1,69
1967		14321	374	26,11	1,69
1968		14564	374	25,68	1,69
1969		14810	335	22,62	1,69
1970	15060	15060	343	22,78	1,14
1971		15231	352	23,11	1,14
1972		15404	346	22,46	1,14
1973		15579	361	23,17	1,14
1974		15756	394	25,01	1,14
1975		15935	397	24,91	1,14
1976		16116	389	24,14	1,14
1977		16299	401	24,6	1,14
1978		16485	386	23,42	1,14
1979		16672	348	20,87	1,14
1980		16861	327	19,39	1,14
1981	17053	17053	299	17,53	-0,18
1982		17023	285	16,74	-0,18
1983		16992	259	15,24	-0,18
1984		16962	258	15,21	-0,18
1985		16932	229	13,53	-0,18
1986		16901	205	12,13	-0,18
1987		16871	209	12,39	-0,18
1988		16841	201	11,94	-0,18
1989		16811	200	11,9	-0,18
1990	16781	16781			

(*) Entre cada par de anos nos que se censou a poboación.

Os datos foron obtidos da seguinte maneira:
1.- Os datos da poboación corresponden aos recollidos do censo do INE, que se toman unha vez cada dez anos.
2.- A *poboación estimada* nos anos nos que nos se dispón de datos censuais (1931 a 1939, 1941 a 1949, etc.) obtivéronse calculando a taxa de crecemento medio anual acumulativo entre os dous períodos censuais, polo tanto se estimaron conforme á medranza media anual entre ambos anos
3.- A taxa de crecemento medio anual acumulativo da poboación calculouse: entre 1930 e 1940 = 1-[raíz 10 (11305/9634)], etc.
4.-O número de nacementos obtívose directamente das estatísticas do Xulgado de Paz de Moaña.
5.-A Taxa de Natalidade obtívose dividindo o número de nacementos entre poboación estimada e multiplicando por mil

Elaboración: Iago Santos Castroviejo

GRÁFICA Nº 1: TAXA DE CRECEMENTO MEDIO ANUAL ACUMULATIVO, MOAÑA



Elaboración: Iago Santos Castroviejo

Núcleos de poboación

CADRO Nº 2: NÚCLEOS, POBOACIÓN, VIVENDAS E HABITANTES EN NÚCLEO E DISEMINADO, ANO 1960

C: Centro urbano;

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana;

M: Parroquia de Meira;

T: Parroquia de Tirán;

D. Parroquia de Domaio.

VIV NUCL: Vivendas en núcleos

VIV DIS: Vivendas en hábitat diseminado

HAB DIS: Número de habitantes en hábitat diseminado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NÚCLEO	AMBITO	POBOACION	VIV NÚCL	VIV DIS	HAB DIS
Ribeira	M	887	212		
Seara	C	839	206		
Con	T	819	192		
PRAIA	C	803	159		
Moureira	M	793	169		
Quintela	Ñ	705	164		
Abelendo	Ñ	676	160		
Igrexario	T	604	136		
Vilela	T	587	140		
Verdeal	D	462	121		
Palmas	D	445	105		
Costa	D	426	98		
Casal	Ñ	402	93		
Piñeiro	Ñ	396	93		
Cruceiro	Ñ	392	93		
Ameixoada	Ñ	370	84		
Paradela	Ñ	335		77	335
Couso	M	332	77		
Verducedo	Ñ	310	71		
Redondo	Ñ	256		54	256
Calvar	D	246	67		
Marrua	Ñ	197		39	197
Xalde	Ñ	195	43		
Broullon	Ñ	193	50		
Sabaceda	Ñ	191		50	191
Pombal	M	173	46		
TOTAL		12736	2275	248	1084
			90%	10%	8,50%

Fonte: elaboración propia a partir de datos dos censos históricos, INE, 1960.

Fotografía 1 (1956)

Fotografía 2a (Meira-Domaio, 1966)

Fotografía 2b (Tirán-Moaña, 1966)



CADRO Nº 3: POBOACIÓN, VIVENDAS E HABITANTES EN NÚCLEO E DISEMINADO, ANO 1981

C: Centro urbano; R: O Real;

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana;

M: Parroquia de Meira;

T: Parroquia de Tirán;

D: Parroquia de Domaio

VIV NUCL: Vivendas en núcleos

VIV DISP: Vivendas en hábitat disperso

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1981	ÁMBITO	POBOACIÓN	VIV NUCL	VIV DISP
Ribeira	M	1485	425	
Seara	C	1347	412	
Praia	C	1084	362	
Con	T	1054	347	
Quintela	Ñ	954	291	
Moureira	M	938	79	200
ER	C	890	402	
Reibon	M	840	184	71
Igrexario	T	733	244	
Abelendo	Ñ	724	242	
Palmas	D	719		218
Redondo	Ñ	675	212	
Vilela	T	604	215	
Verdeal	D	482	144	
Couso	M	411	51	60
Verducedo	Ñ	397		115
Calvar	D	345	113	
Casal	Ñ	343	105	
Paradela	Ñ	330		90
Ameixoada	Ñ	307		86
Cruceiro	Ñ	289	92	
...				
Isamil	M	114		40
TOTAL		17053	4249	1188
%			78,14%	21,85%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do censo de poboación e vivendas, INE, 1981.

CADRO Nº 4: RESIDENTES POR LUGARES, MOAÑA NON URBANA, 1900-1991

CENSO	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991
Abelendo	326	519	454	570	663	705	676	805	724	697
Quintela	350	497	426	570	694	572	705	760	954	803
Piñeiros	72	99	112	96	98	109	103	67	67	68
Casal	232	282	412	310	390	371	402	338	343	302
Ameixoada	187	213	270	274	311	347	370	402	307	289
Verducedo	169	252	242	278	311	310	310	272	397	403
Fraga	116	113	97	89	116	127	117	141	78	69
Paradela	114	265	312	267	293	345	335	371	330	348
Regadas	101									
Piñeiro	236	276	284	354	435	402	396	392	468	440
Cruceiro	88	307	299	327	432	358	392	349	289	264
Xalde	163	171	196	224	217	196	195	167	116	106
Broullon	131	169	180	178	217	214	193	201	195	222
Redondo	58	133	149	176	185	218	256	439	675	708
Marrua	76	128	175	153	171	186	197	196	240	236
Sabaceda	122	115	126	152	192	190	191	266	271	209

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991.

CADRO Nº 5: RESIDENTES POR LUGARES, PARROQUIA DE MEIRA, 1900-1991

CENSO	Ribeira	Moureia	Reibon	Pombal	Couso	Isamil	A Guia
1900	210		72	52			
1910	329	328	222	156	262		
1920	309	293	232	214	355		
1930	539	582	228	176	288		
1940	621	679	274	192	317		
1950	638	584	236	115	220		
1960	887	793	303	173	332		
1970	1179	940	603	186	296		
1981	1485	938	840	193	411	114	
1991	715	566	811	195	374	302	287

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991

CADRO Nº 6: RESIDENTES POR LUGARES, PARROQUIA DE TIRÁN, 1900-1991

CENSO	Vilela	Igrexario	Con
1900			158
1910	309	365	298
1920	224	309	389
1930	429	468	393
1940	514	509	547
1950	534	452	537
1960	587	604	819
1970	621	596	1185
1981	604	733	1054
1991	496	404	2853

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991

CADRO Nº 7: RESIDENTES POR LUGARES, PARROQUIA DE DOMAIO, 1900-1991

CENSO	Calvar	Carballido	Costa	Palmas	San Lourenzo	Verdeal
1900	56	66	88	200	78	119
1910	177	95	218	323	80	267
1920	210	103	174	342	92	252
1930	212	96	220	415	103	351
1940	176	100	246	399	95	393
1950	316	94	212	325	94	276
1960	246	94	426	445	85	462
1970	325	76	513	477	92	428
1981	345	69	263	719	90	482
1991	365	47	207	689	71	436

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE, 1900-1991.

2.3 A Xunqueira ou areeiro

Línea de deslinde marítimo terestre



CADRO Nº 8: EVOLUCIÓN DA PROFESIÓN "MARIÑEIRO", 1950-1987

	1950	1951	1952	1953	1954	1955	1956	1957	1958	1959	1960	1961
% mariñeiros	60	70	50	50	50	57,14	67,74	48,48	64,41	65,38	56,14	66,04
universo	11	12	19	16	21	26	33	33	63	54	60	55
% mostra	90	77	68,4	60	75	58,33	78,12	93,54	92	83,01	90	87,2
	1962	1963	1964	1965	1966	1967	1968	1969	1970	1971	1972	1973
% mariñeiros	59,74	64,58	71,43	62,37	61,43	61,82	63,1	51,72	53,45	62,71	52,94	65,79
universo	82	106	126	124	90	156	118	114	99	97	110	65
% mostra	93,67	88,5	80,32	77,5	100	73,33	71,7	76,31	58,6	61,45	62,85	62,29
	1974	1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981	1982	1983	1984	1985
% mariñeiros	53,33	38,3	45,45	22,58	47,62	37,5	52,94	59,26	23,53	38,89	43,75	42,11
universo	116	106	104	92	97	70	95	66	61	53	70	35
% mostra	57,12	44,76	30,55	32,63	40	60,75	36,55	40,9	56,66	72	46,37	54,28
	1986	1987										
% mariñeiros	31,25	27,78										
universo	43	48										
% mostra	38,09	37,05										

Fonte: elaboración propia, a partir do censo total de licenzas de nova edificación e o Padrón Municipal de 1960.

9.CONSUMO, COMERCIO E CENTRO URBANO

CADRO Nº 9: CENSO DE COMERCIO DE SUBMINISTROS PARA CONSTRUCIÓN E COMPLEMENTOS, 1950-1987

Material de construción: C; Material eléctrico: E; Louza sanitaria: L; Ferretería: F

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1965				F		
1967	F					
1968				E		
1969	2F					
1972	C					
1973				F		
1975				E		
1977			F			
1978		E				
1979				C		
1980				E	E	
1981			L	F		
1983				F		F
1984	F					
1985			C			

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 10: CENSO DE CARPINTERÍAS, 1950-1987

Madeira: M; Aluminio: A

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1950	M					
1961	M					
1962	M					
1965			M			
1966			2M			
1967			3M			
1969			M			
1972			M			
1974				2M, A		
1975				2M		
1979	A					
1983					MA	
TOTAL	4		8	5	1	
%	22,2		44,4	27,7	5,5	

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 11: CENSO DE COMERCIO DE MERCERÍA, PAÑERÍA, XASTRERÍA, ROUPA INFANTIL, LÁ, CROCHET, ROUPA DE SALDO, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1961	1					
1962	2					
1964	2					
1965	3		2			
1969	1	1	1			
1970	2					
1971	1				1	
1972	1					
1973			1	3		
1974	1		1	1		
1975			1			1
1976	1				1	
1978	3		1			
1979	3			1		
1980	1			1		
1981	1	2	1			
1983	1					1
1985	2				1	
1986	1	1				1
1987		1	1			1
TOTAL	27	5	9	6	3	4
%	50	9,26	16,66	11,11	5,55	7,4

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 12: CENSO DE TALLERES E COMERCIO DE AUTOMOCIÓN E REPARACIÓN, 1950-1987

Taller mecánico automóbiles: T; Taller mecánico bicicletas e motocicletas: B; Autoescola: A; Recambios: R; Compra e venda automóbiles: C; Venda bicicletas e motocicletas: M

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1973			P, P			
1975				G		
1976						
1977						
1978						
1979	A					
1984	A	A				
1985						A, R
1986						C, V
1987	A		C	C	A	C

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 13: CENSO DO SECTOR AGROPECUARIO: COMERCIO AGRÍCOLA POR MIÚDO, GRANXAS, NAVES, 1950-1987

Comercio agrícola por miúdo: A; Nave agropecuaria: R; Granxa cría de galiñas: G; Granxa cría de coellos: C; Granxa cría porcina: P; Granxa cría de visóns: V

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1973			P, P			
1975				G		
1976						
1977						
1978						
1979	A					
1984	A	A				
1985						A, R
1986						C, V
1987	A		C	C	A	C

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 14: CENSO DE COMERCIO DE FROITAS, LEGUMES, HORTALIZAS, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1958		1				
1962	3					
1963						1
1966			1			
1967				1		
1969				1		
1973	2					
1976						1
1982		1				
1986					1	
TOTAL	5	2	1	2	1	2
%	38,5	15,3	7,7	15,3	7,7	15,3

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 15: CENSO DE HOSTALARÍA, RESTAURACIÓN, 1950-1987

Hotel, Hostal: H; Restaurante (churrería, churrasquería, hamburguesería...): R

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1963	R					R
1969	R					
1971	H					
1975	H					
1978		H			H	
1980			R			
1982			R			R
1983	2H					
1984		R				
1985	R					R
1986						R
1987		R		2R		

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 16: CENSO DE PADARÍA, CONFEITARÍA, PASTELERÍA, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1963				1		
1964				1		
1967		1				
1968	1					
1970	1	2				
1973	1					
1981				1		
1982						1
1986				1		
1987				1		
TOTAL	3	3		5		1
%	25	25		41,6		8,3

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 17: CENSO DE PERRUQUERÍA FEMININA, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1963	1		1			
1965			1			
1966				1		
1967			1			
1968				1		
1969	1			1		
1970				1		
1971			2	2		
1973			1			
1974				1		
1975				1		
1976			1			
1977	1					
1978				1		
1979	1					
1980	1					
1981	1	1		1		
1984			1			
1985	1		1	1		
1986	1		1	1		
1987	1	1		1		1
TOTAL	9	2	10	13		1
%	25,7	5,7	28,57	37,14		2,9

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 18: CENSO DE PERRUQUERÍA MASCULINA, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1964					1	
1967						1
1970		1				
1971	1					
1978		1				
1984			1			
1986			1			
1987			1			
TOTAL	1	2	3		1	1
%	12,5	12,5	37,5		12,5	12,5

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 19: CENSO DE LIBRERÍA, PAPELERÍA, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ		M	T	D
1962	1						
1969	2						
1972					1		
1976					1		
1980					1		
1982	2		1		1		1
1987		1			1		1
TOTAL	5	1	1		5		2
%	35,7	7,14	7,14		37,5		14,2

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 20: CENSO DE COMERCIO DE PRENSA, REVISTAS, QUIOSCOS, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1970				1		
1973						1
1978						1
1979						1
1980		1				
1981						
1983			2			
1985	1					
1987	1				1	
TOTAL	2	1	2	1	1	3
%	20	10	20	10	10	30

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

CADRO Nº 21: CENSO DE DROGUERÍAS, 1950-1987

C: Centro urbano.

R: O Real.

Ñ: Parroquia de Moaña non urbana.

M: Parroquia de Meira.

T: Parroquia de Tirán.

D. Parroquia de Domaio

	C	R	Ñ	M	T	D
1970	1					
1971				1		
1972			1	1		
1973				1		
1979						1
1980					1	
1985	1					
1986	1					
1987		1				
TOTAL	3	1	1	3	1	1
%	30	10	10	30	10	10

Fonte: elaboración propia, a partir das licenzas municipais.

10.1 Vivenda nova

CADRO Nº 22: CENSO DE VIVENDAS NOVAS, ÁMBITOS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO-

EPOCA	AMBITO	COLECTIVA	UNIFAMILIAR	TOTAL
1950-1979	C	104	209	313
%		32,22	66,77	
1980-1987	C	34	39	73
%		46,57	53,43	
1962-1979	R	172	178	350
%		49,14	50,86	
1980-1987	R	97	31	128
%		75,78	24,22	
1950-1979	Ñ		793	793
%			100	
1980-1987	Ñ		181	181
%			100	
1950-1979	M	31	581	612
%		5	95	
1980-1987	M	4	91	95
%		4,2	95,8	
1950-1979	T	13	360	373
%		3,48	96,52	
1980-1987	T	31	93	124
%		25	75	
1950-1979	D	15	215	230
%		6,52	93,48	
1980-1987	D		64	64
%			**100**	
TOTAL		**501**	**2.835**	**3.336**

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

CADRO Nº 23: DOTACIÓNS DAS VIVENDAS NOVAS: ÁMBITOS E ÉPOCAS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAI

EPOCA	AMBITO	COCIÑA	ASEO	BAÑO	SALA	COMEDOR	DORMITORIOS
1950-1979	C	232	193	101	24	231	722
1980-1987	C	52	17	84		50	170
1962-1979	R	229	162	157	26	225	833
1980-1987	R	69	16	96		69	225
1950-1979	Ñ	737	549	248	20	731	2232
1980-1987	Ñ	167	60	202		166	537
1950-1979	M	557	402	190	13	553	1706
1980-1987	M	89	46	100		87	276
1950-1979	T	339	260	113	7	336	1010
1980-1987	T	112	36	128		112	330
1950-1979	D	215	148	93	2	215	628
1980-1987	D	56	17	69		56	175
TOTAL		2.854	1.906	1.581	92	2.831	8.844

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de obra nova.

10.3 Reforma de edificación existente

CADRO Nº 24: CENSO DE EDIFICACIÓNS REFORMADAS POR ADICIÓN DE PLANTAS, ÁMBITOS, 1950-1987

C: CENTRO URBANO, R: O REAL, Ñ: MOAÑA NON URBANA, M: MEIRA, T: TIRÁN, D: DOMAIO

ANO	C	R	Ñ	M	T	D	TOTAL
1950			2		1		3
1951			1	1			2
1952	3		3	4	2	2	14
1953	1		1	2			4
1954	6		3	2	2		13
1955	1		1				2
1956	2		3	1			6
1957	2		3	1	4		10
1958	4		5	2	2		13
1959	2		9	6			17
1960	3		6	1	2		12
1961	6			4	1		11
1962	4		7		4		15
1963	5		7	5	5		22
1964	5	1	12	8	2		28
1965	6		10	6	2	2	26
1966	10		7	6	2	1	26
1967	7	1	10	6	7	3	34
1968	5	1	11	5	5	1	28
1969	2	2	6	7	9	2	28
1970	6	1	21	12	4	6	50
1971	10		6	3	5	2	26

Fonte: elaboración propia, a partir dos expedientes de licenzas urbanísticas de adición de plantas.

16.1 Autoestrada do Atlántico e recheos litorais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.8 Román Conde, Montenegro López: dúas décadas de arquitectura moañesa

CADRO Nº25: PRINCIPAIS ARQUITECTOS E APARELLADORES, 1950-1987

(% de obra realizada sobre o total de licenzas municipais anuais)

ANO	FMS	ESU	AC	AFF	ARC	FTF	RMP	AGSL	RAA	ADB	CPC	LSO	MDR	JDI	COC	ART	AML	JLM	JMC	JMA	PVG	HGG	JMPT	JBA
1950	36,3	54,5	9,1														63,6	36,4						
1951	10	80															77,7							
1952	5,2	15,7	10,5		57,9												72,2							
1953			13,3	13,3	60												69,2							
1954			5,2	5,2	78,9												83,3							
1955	4,3	13			65,2												72,7							
1956			3,2	3,2	87,1												86,6		6,6					
1957					93,5												96,6							
1958	1,6				82,2												92,8							
1959	7,8				76,4												80,4		15,68					
1960	1,8				90,7												94,2							
1961					94,4												96,3							
1962					100												100							
1963					96												97							
1964					87,9	4,3											90,3		3,22	4,83				
1965	2,6				76,5	10,4											79,6		5,3	7,96				
1966	8,53				68,3	9,7											72,1		13,92	8,86				
1967	11,3				61,4	11,7											70,9		10,63	12,05				
1968	40,9				23,6	13,6	6,3										73,7		8,08	15,05				
1969	50				6,3	19,1	5,4										70,7		5,66	18,86				
1970	60,2				1	3	8,1										79,9		15,62	2,08				
1971	9,6				60,2	2,1		5,3									80,7		11.36	3,4				
1972	12,9				65,3	2,9		10,9									78,5		11,22	3,06				
1973	13,8				65,5	3,1		10,3									74,1		8,62	3,44	8,62			
1974	10				60,9			10,9	9,0								70,2		1,92		15,38			
1975	13,9				35,6			18,6	42,5								42,1		4,21	1,05	44,21			
1976					31,7			52	8,6								34		3		59			
1977					27,2			50	5,4	8,7							25,5		2,22		66,66			
1978					3,1			8,3		58,3	20,8						24,2				67,36	2,1		
1979								1,4	2,8	58,6	18,6	8,6					18,6		2,8		58,57	14,28		
1980					2,4			3,6		45,1	14,6	20,7	1,2				18		1,28		48,71	23,07		
1981					1,5			3,		28,1	7,8	15,6		15,6	17,2		12,3		1,75		28,07	38,59	14,03	
1982										18,6	3,4		1,7	40,6	10,2		2		4		24	50	12	
1983								1,96	1,9	25,5			13,7	45	3,9				2,12		29,78	46,8	6,38	6,38
1984										22		1,4	11,7	52,9	1,5						25,42	61,01	3,38	10
1985										24,2			6	39,4		12,1					23,33	46,66	6,66	10
1986										12,2		2,4	29,2	39	2,4	4,9					16,66	47,22		36,11
1987								2,38		9,5		2,3	9,5	47,6		2,3			2,7		10,81	56,75		29,72

ARC: Antonio Román Conde

AML: Amador Montenegro Lòpez

CADRO Nº 26: CENSO DE ARQUITECTOS, 1950-1987
ARC: Antonio Roman Conde
ESU: Emilio Salgado Urtiaga
FMS: Fernando Molíns Soto
EG: Emilio García
EQL: Emilio Quiroga Losada
AC: Antonio de Cominges Tapias
MGR: Manuel Gómez Román
RFC: Robustiano Fernández Cochón
FCR/PAP: Francisco Castro Represas/Pedro Alonso Pérez
AFF: Arturo Fraga Framil
AZA: Arturo Zas Aznar
CM: Claudio Martínez
JMMG: José Manuel Mera González
RMP: Rafael Melida Poch
EASM: Enrique Álvarez-Sala y Moris
EBO:Emilio Bugallo Orozco
JGS: Javier González-Garra Santoro
ABB: Alfonso Barreiro Buján
FTF: Francisco Taracido Fraga
FYU/TPL: Francisco Yáñez Ulloa / Tomás Pérez Llorente
FAR: Fernando Araújo Rodríguez
DPM: Desiderio Pernas Martínez
FCG: Fernando Chueca Goitia
MGS: Manuel González Sande
AO: Antonio Olaso
JJA: Jesús de Juan y Álvarez
CPFJ/PCM: César Portela Fernández-Jardón/Pascuala Campos de Michelena
TPLQ/FLU: Tomás Pérez Llorente Q. / Francisco Lláñez Ulloa
MNC: Manuel Nieto Caballero
JA: Juan Argenti
LLC: Luis López de Castro
FMC: Francisco Montoya Castañón
EBA: Enrique Barreiro Álvarez
AGSL: Antonio González Suárez-Llanos
SMD: Sabastián Méndez Díaz
JCMV: Jesús Carrasco Muñoz de Vera
APB: Agustín Pérez Bellas
MAB: Manuel Antolín Baigorri
FGF: Fernando Gallego Fernández
RAA: Ricardo Aguilar Argenti
ABT: Alberto Baltar Tojo
LED: Luis Echevarría D
ACM: Alberto de Cominges Molíns
JLPA: José Luís Pereiro Alonso

AJC: Alberto Jaraiz Casalderey
SNF: Soledad Nieto Fernández
ADB: Arturo Dapena Barros
CPC: Carlos Pajares Campos
ASM: Antonio Sanjurjo Martín
JGR: Jaime Garrido Rodríguez
ACL: Juan Alberto Cameselle Lago
MNM: Manuel Novas Medin
LSO: Luis Sarasquete Otero
RFV: Ricardo Fanjul Viñuela
MDR: Manuel Diaz Rial
MJFM: Manuel Jesus Freijeiro Martinez
AR:Andres Reboredo
COC:Candido Ortells Carbonell
JDI:Jose Diaz de la Iglesia
JML: Jose Miguez Leon
EAF: Enrique Acuña Fernandez
JAMC: Jose Antonio Martin Curty
RLD: Roberto Lamas Diaz
CEM: Carmen Echegoyen Martin
JLDG:Jose Luis Diaz Garcia
JMPS:Juan Manuel Padin Sanchez
MIPT: Maria Ilde Portos Taboada
MVR: Manuel Vieitez Rodriguez
EBA:Enrique Barreiro Alvarez
CJL: Cesar Jimenez Lopez
MLM: Mariano de Labra Moran
FPLM: Fernando Perez Lozao Martinez
EFF:Eduardo Fraga Fernandez
ART: Alfredo Rojas Temprado
AMD: Angel Monteoliva Diaz
JACG: Jose Antonio Comesaña Garcia
FJPF: Francisco Javier Pena Fernandez
AMR: Antonio Mañas Rueda
JBB: Jose Bar Boo
XXMC: Xose X Martinez Costa
CSS: Clemente Sequeiros Sestelo
BIR: Bernardo Ibañez Rodriguez
JLOP: Jose Luis Otero Pombar
APF:Alfonso Penela Fernandez
JAF:Jorge Alonso de la Fuente
SFR: Salvador Fraga Rivas
MPS: Manuel Portoles Sanjuan
GVG: Gumersindo Vazquez Gomez

CADRO Nº 27: CENSO DE APARELLADORES, 1950-1987
AML: Amador Montenegro López
APP: Agustín Portela Paz
JLM: José Lumbreras Montesinos
IGL: Ignacio Grobas Lago
TGI: Teodoro Goicoechea Iglesias
JT: J. Tizón
PPA: Pedro de la Puente Álvarez
JMN: José Martínez Novas
ED: Eduardo Davila
JMC: José Martínez Castilla
JMA: José Martínez Almeida
JGPC: José González Pérez Cereijo
MMC: Miguel Maneiro Cobas
FCA: Francisco Contreras Alfaya
MAG: Manuel Ardid Gimeno
FCM: Félix Cabello Monterola
JLGB: José Luís González Bolívar
AVR: Antonio Velloso Romero
FRR: Fernando Rivas Rodríguez
MTC: Manuel Troitiño Camiña
MP: Mariano de Pedro
GSY: Gabriel de Salazar Yáñez
EPV: Emilio Presa Vázquez
JLPP: José Luis Pazos Peinador
EAS: Enrique Alonso Silveira
MVP: Miguel Vila Pumarega
MPM: Manuel Pernas Martínez
ACM: Antonio de Cominges Molíns
JMMG: José María Melero González
PVG: Pedro Manuel Valverde García
PPP: Paulino Pampillón Pérez
FSR: Fernando Sevilla Ricote
AGP: Álvaro Germade Portela
PRC: Pedro Román Conde
JMFT: José Manuel Fernández Tato
HDG: Herminio M. Diz García
BCT: Benito Cameselle Tomé
HGG: Humberto Guimeráns Gallego
CCC: César Cortés Corral
ATA: Ángel Toucedo Álvarez
RFV: Rafael Fondevila Vázquez
DBL: Daniel Boquete Lavadores
RFM: Ramón Fernández Muñiz
DJGG: Domingo J García González
CCV:Cesar Carrera Vazquez
JMTP: Jose Manuel Tanoira Picallo
MRN: Modesto Rivas Navarro
GPF: Guillermo Patiño Fernandez
JSB: Jose Sampedro Barreiro
JBA: Jose Buceta Amoedo
JPY: Jose Ponce Yañez

19.1 Esforzo edificatorio

CADRO Nº28: ANO DE NACEMENTO -ANO DE SOLICITUDE DE LICENZA-NUMERO DE LICENZAS DE MOSTRA ANALIZADO, 1950-1987

ANO DE NACEMENTO DAS PERSOAS/ ANO DE SOLICITUDE DE LICENZA / NUMERO DE LICENZAS DA MOSTRA																																					
	1950	1951	1952	1953	1954	1955	1956	1957	1958	1959	1960	1961	1962	1963	1964	1965	1966	1967	1968	1969	1970	1971	1972	1973	1974	1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	total
1891													1																										1
1893																1																							1
1894									1																														1
1896	1							1					1																										3
1897								1			1												1			1													4
1898			1								1																												2
1899											1									1																			2
1900							1				2	1	2	1							2						1												10
1901		1	2				1			1												1			1														7
1902				1	2							2							1							1	1												8
1903			1			1				1								1																					4
1904	1							1	1	1	3				1			1		1	1						1												12
1905						1		1					1				1						2	1	1						1								9
1906	1	1	1	2	3			1	1	1		1			1	1			4	1		1					1												21
1907					1		3	3			2		1		1	1	1	1												1									15
1908						1				1	1	3		1	4	1	2			1						1													16
1909					1		1	2	1	1			1		3			1		1			1	1	1															15
1910						1	1	1		1		2	5	1	2		1	1	1	1		1			1	1													21
1911					1		1	3			1		1				1				2		1																11
1912						1					1		1		1							1																	5
1913	1		1			1		1		1			2			1	1	1		3			2	1				2			1			1				20
1914			1	1		1	1		1			1		2	2	1		1	1	1		1																	15
1915	1		2	1			2		2	1	1					1	2		1	2		1					1									1			19
1916			1		2				1	3	1	1	2		1	2	2	1	1			1	1	1	1		1												23
1917		1		1		1			3	1		1		3	2	2		2			2			1	1	2													23
1918			1		1		2		3	1	1		5	2	1	2							1	1			1	1		1									24
1919						1		2	1	1	1		1	1	3	3	1	2	3	1	1	1	2	2	1														28
1920	2	1	1	1	1		3	2	2	1	2		2	2		3	1	3	2				1	2	1		1		3									37
1921						1	3	2		2			1	1	3	3	5	4	2	1			1	1	1	1							1						33
1922	1	1		1		2			1	2			2	2		2			1	1	1	1			1	1				1				1					22
1923						1	2		2	2		2	2	2	6	1		3	3	2	1	1	3		1	1				1									36
1924				2	1		2			2	1		5	4	2	2	1	2			1	1						2	1		3								32
1925			1	1		2			3	3	1	3		4	4	1	1	4	2			1	1				1							1	1				35
1926				1		1			2		1	2		4	2	3	2	3	1	1	1	1		1	2														28

1927				1	1				3	4	4		1	4	2	3	2	5	6		3	1	1	1	2	1		2		1		1				1				50
1928						2	2	2	3	1	3	2	6	5	5	3	4	4	2	4	1	1			3					1									54
1929						1	2	1	2	1	1	5	6	3	5	4	3	5	1	1	2	1			1	1	1				1								48
1930					1			1	3	2	5	7	3	4	3	2	2	2	4	2	4	1	3	1	1	1	2	1				3	1							59
1931								1			4	3	6	4	5	4	3	5	3	2	3	1	3		1	1		1	3		1	2					1			57
1932							2	3	2	6	1	1	3	4	2	8	2	8	4	4	2	2	6	2	1			2		1		1	1							68
1933									1	2	3	1	1	3	4	6	3	3	3	1	1	1	6	3	3		1		1				2					1	50
1934									1	1	1	1	4	3	8	7	2	3	4	4	3	3		1	1	2	4	1	1	1		2					1			59
1935									2	2	3	1	3	5	3	2	4	3	2	6		2	5	1	2	1	1	2	1		1			1	2					55
1936									1			1		2	5	6	4	6	2	2	1	2	4	1	1	4			1			1	1	1					47
1937													1	3		4	4	8	1	4	1	2	2	2	6	1		2	1		1	3	2	1		1	1		51
1938											1	2	1	2	6	6	2	5	3	4	3	3		4	1	2	3	1		1	1			1					52
1939														3	3	2	2	6	4	3	1	3		1	1	1		1		2				2					35
1940														3	3	8	5	5	6	9	3	3	4	1	2	1	1	1	4	2	2								63
1941														1	1	2	3	5	6	3	3	3	2	4	3	1	1	1	1	1	3	2							46
1942															2	1	1	3	5	4	1	2	2	2	3	2	2	2	6			1							39
1943															1		1	4	4	5	5	3	3	1	5	5	1	2	1	2	2	2					1		48
1944																1				8	4	5	6	2	5	5	2	1	1	3	2		1	1	1	1			49
1945															1				1	4	6	6	2	1	4	3	3	2	2	2		2	1						40
1946																				2	1	2	4		2	4	5	3	3		1	1			1	1		32
1947																							4	3	2	2	3	2	4		3			1	1	1			26
1948																			1			2	4	3	5	5	4	4	3	4	1	2		2				1	41
1949																					1		2	2	5	5	7	3	2	3	2				2	1			35
1950																			2	1					2	4	3	2	1	1	3	3	2	3	2			1	30
1951																									1	2	1	3	10	3			1	2	2		1	1	27
1952																										2	5	3	4	4	5	3	1		2		1	1	31
1953																							1				5	2	6	2	1	2		1	3	2	1		26
1954																										1	1	1	5	4	3	2	2	4	4	2	2		31
1955																											1	1		4	7	2		1	3	2	1	4	26
1956																												1	2	1	1		5	1	2		1		14
1957																															1		2	3	3		1	1	11
1958																															1	1	3	2	4	1	1	1	14
1959																													1				2	1	2	1	6	1	14
1960																															1		1	1	3		1		7
Total mostra	8	5	13	12	14	21	29	29	43	46	48	43	71	79	98	100	69	111	87	91	61	62	81	48	77	66	65	52	68	47	49	36	29	33	40	13	19	15	
Total universo licenzas obra nova	11	12	19	16	21	26	33	33	63	54	60	55	82	106	126	124	90	156	118	114	99	97	110	65	116	106	104	92	97	70	95	66	61	53	70	35	43	48	
Porcentaxe de representatividade mostra	72,72	41,66	68,42	75	66,66	80,76	87,87	87,87	68,25	85,18	80	78,18	86,85	74,52	77,77	80,64	76,66	71,15	73,72	79,82	61,61	63,91	73,63	73,84	66,37	62,26	62,5	56,52	70,1	67,14	51,57	54,54	47,54	62,26	57,14	37,14	44,18	31,25	

Total mostra: número de persoas solicitantes de licenza de nova edificación con data de nacemento confirmada.

Total universo: solicitudes totais de licenza de nova edificación, en cada un dos anos estudados.

Porcentaxe de representatividade da mostra:% de solicitudes de licenza de nova edificación con data de nacemento do solicitante confirmada, sobre o total do universo de solicitudes de nova edificación, en cada un dos anos estudados.

CADRO Nº29: IDADE DAS PERSOAS SOLICITANTES DE LICENZAS, 1950-1987

ANO DE NACEMENTO DAS PERSOAS/ ANO DE SOLICITUDE DE LICENZA / IDADE NO MOMENTO DA LICENZA (entre paréntese, cantidade de licenzas na mostra analizada)																																							
	1950	1951	1952	1953	1954	1955	1956	1957	1958	1959	1960	1961	1962	1963	1964	1965	1966	1967	1968	1969	1970	1971	1972	1973	1974	1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987
1891													71																											
1893																72																							
1894									64																														
1896	54							61					66																										
1897								60			63												75			78													
1898			54								62																												
1899											61									70																			
1900							56				6 (2)	61	62(2)	63							70(2)						76												
1901		50	51(2)				55			58												70			73														
1902					52	53(2)						59(2)							66							73	74													
1903			49			52				56								64																					
1904	46							53	54	55	56(3)				60			63		65	66					71													
1905						50		52					57				61						67(2)	68	69						75									
1906	44	45	46	47(2)	48(3)			51	52	53		55			58	59			62(4)	63		65					70													
1907					47		49(3)	50(3)			53(2)		55		57	58	59	60												72									
1908						47				51	52	53(3)		55	56(4)	57	58(2)			61					66														
1909					45		47	48(2)	49	50			53		55(3)			58		60			63	64	65														
1910						45	46	47		49		51(2)	52(5)	53	54(2)		56	57	58	59		61			64	65													
1911					43		45	46(3)			49		51				55				59(2)		61																
1912						43					48		50		52							59																	
1913	37		39			42		44		46			49(2)			52	53	54		56(3)			59(2)	60				64(2)			67			70					
1914			38	39		41	42		44			47		49(2)	50(2)	51		53	54	55		57																
1915	35		37(2)	38			41(2)		43(2)	44	45					50	51(2)		53	54(2)		56					61									70			
1916			36		38(2)				42	43(3)	44	45	46(2)		48	49(2)	50(2)	51	52			55	56	57	58		60												
1917		34		36		38			41(3)	42		44		46(3)	47(2)	48(2)		50(2)			53(2)			56	57	58(2)													
1918			34		36		38(2)		40(3)	41	42		44(5)	45(2)	46	47(2)							54	55			58	59		61									
1919						36		38(2)	39	40	41		43	44	45(3)	46(3)	47	48(2)	49(3)	50	51	52	53(2)	54(2)	55														
1920	30(2)	31	32	33	34		36(3)	37(2)	38(2)	39	40(2)		42(2)	43(2)		45(3)	46	47(3)	48(2)				52	53(2)	54		56		58(3)										
1921						34	35(3)	36(2)		38(2)			41	42	43(3)	44(3)	45(5)	46(4)	47(2)	48			51	52	53	54							61						
1922	28	29		31		33(2)			36	37(2)			40(2)	41(2)		43(2)			46	47	48	49			52	53				57				61					
1923						32	33(2)		35(2)	36(2)		38(2)	39(2)	40(2)	41(6)	42		44(3)	45(3)	46(2)	47	48	49(3)		51	52				56									
1924				29(2)	30		32(2)			35(2)	36		38(5)	39(4)	40(2)	41(2)	42	43(2)			46	47						53(2)	54		56(3)							
1925			27	28		30(2)			33(3)	34(3)	35	36(3)		38(4)	39(4)	40	41	42(4)	43(2)			46	47				51								58	59			
1926				27		29			32(2)		34	35(2)		37(4)	38(2)	39(3)	40(2)	41(3)	42	43	44	45		47	48(2)													

| | | |